A renovación da poesía galega virá da man dos escritores nados arredor de 1900, que constituirán a que se soe chamar xeración novecentista, xeración do 25 ou xeración vangardista. Xa a precedente, a xeración "Nós", aínda que dedicada principalmente ao cultivo da prosa, puxo as bases, cando menos teóricas, para a renovación poética¹¹ e dela recibiron consello e orientación, así como o ideal nacionalista, que eles compartirán. Esta xeración do 25 incorpora as novidades vangardistas sen renunciar ao sentimento e sen tempo suficiente para a ruptura definitiva coa tradición. Os seus compoñentes constitúen unhas vangardas orixinais, afastadas da deshumanización presente na maior

¹¹ Lembremos que o mesmo Risco compuxo algúns poemas vangardistas e que pasou información aos poetas novos sobre as últimas tendencias poéticas de vangarda en Europa (vid. Manuel Antonio, *Correspondencia*. Edición limiar e notas de Domingo García-Sabell, Vigo, Galaxia, 1979.

parte dos ismos e influídas polo coñecemento da nosa lírica medieval. Podemos falar de dúas correntes a medio camiño entre a tradición e a renovación (dúas vangardas dubidosas), que son o neotrobadorismo e o hilozoísmo (imaxinismo ou animismo), e dúas liñas poéticas plenamente renovadoras ou rupturistas (claramente vangardistas), representadas por Manuel Antonio (creacionismo e ultraísmo) e Álvaro Cunqueiro (superrealismo e cubismo).

Fóra do movemento vangardista, temos outra corrente poética que ten as súas raíces na preguerra, aínda que será na posguerra cando se desenvolva plenamente, o paisaxismo humanístico ou neovirxilianismo, tinxido de ruralismo¹².

As primeiras manifestacións poéticas da posguerra, despois do período de silencio, serán continuadoras das correntes anteriores, nomeadamente o neotrobadorismo, o hilozoísmo e o neovirxilianismo, sen nos esquecermos da poesía social que se cultivou no exilio.

¹² Esta corrente poética ten en Noriega Varela o seu precedente; maniféstase antes da guerra en *Codeseira*, de Xosé Crecente Vega, e na posguerra alcanza o seu cumio na obra de Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro.

I.2. Vida e personalidade de Antonio Noriega Varela

I.2.1. Aproximación biográfica

I.2.1.1. A vida en Mondoñedo

Antonio Noriega Varela naceu na cidade de Mondoñedo, sendo bautizado o 18 de outubro de 1869¹ cos nomes de Antonio Manuel Jesús María, Expósito, por ser fillo de nai solteira (vid. III.1.3); fora depositado ese mesmo día na casa-inclusa de Mondoñedo. Anos despois foi recoñecido pola súa nai, que resultou ser María de los Dolores Fernández Noriega y Varela, "soltera, oriunda y vecina de esta ciudad" (vid. III.1.1).

Segundo consta na acta de rectificación da partida de bautismo de 15 de Setembro de 1883, os avós maternos do poeta foron D. Juan Fernández Noriega e D^a Antonia Varela, xa falecidos nesa data (vid. III.1.4).

A nai de Noriega naceu tamén en Mondoñedo o 30 de Setembro de 1836. Na partida de bautismo figuran como avós paternos da recién nacida Domingo Fernández, defunto, e Isabel Arango², "que el fue y ella es de la Villa de Ferrol", e como avós maternos Antonio Varela e Benita da Torre "que lo son de esta indicada Ciudad". Ao denominar a Ferrol como "Villa" e a Mondoñedo como "Ciudad", e repetirse esta denominación nas actas dos outros irmáns, entendemos que os avós paternos da nai do poeta son de Ferrol e os maternos de Mondoñedo. Á bautizada puxéronlle de nome María Dolores Tomasa Filomena.

¹ Esta é a data que figura na acta de bautismo do poeta, *Libro 30 de bautizados*, folio 388, da parroquia de Santiago de Mondoñedo, aínda que non aclara se naceu ese mesmo día, senón que afirma que ese día foi exposto na casa-inclusa de Mondoñedo. O máis probábel é que nacesse ese mesmo día ou o día anterior, segundo coinciden en afirmar aqueles que o trataron máis directamente. Así, Leal Insua (vid. "Notas para una interpretación del poeta Noriega Varela", in A. Noriega Varela, *D'o Ermo*, cuarta edición (a luguesa), aumentada, Lugo, Tip. La Voz de la Verdad, 1946, pp. 231-241), que escribiu estas páxinas con Noriega e algún dos seus fillos ao lado, segundo nos confesou en conversa privada, dá como data de nacemento o 17 de outubro. Mais Eduardo Lence-Santar, que foi cronista oficial de Mondoñedo e tamén, ao igual que Leal, íntimo amigo do poeta, di que este naceu o 18 de outubro (vid. "La poesía en Mondoñedo. D. Antonio Noriega Varela", *Vida Gallega*, Vigo, nº nº 194, 5.4.1922). Ricardo Carballo Calero (*Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª ed., Vigo, Ed. Galaxia, 1981, p. 522) dá a data equivocada do 19 de outubro de 1969, igual que outros estudiosos.

² Así figura no *Libro 20 de bautizados*, folio 353; mais na acta de bautismo dun irmán da nai de Noriega, figura Isabel Arán (vid. III.1.2).

Descoñecida aínda hoxe a identidade do pai do poeta³, podemos afirmar que a súa familia por vía materna ten raíces en Ferrol e Mondoñedo. Nalgunhas publicacións tense especulado sobre a orixe asturiana de Noriega⁴, mais xa o seu bisavó nacera en Ferrol. De se dar esta ascendencia asturiana sería remota e non temos constancia dela, aínda que ese apelido *Noriega* así o faga pensar.

Por unha nota de prensa do ano 1909 sabemos que o seu avó materno era militar:

"Le ha sido concedida la pensión anual de 675 pesetas a la Sra. D^a Ramona Noriega Varela, hija del segundo comandante del Cuerpo de Estado Mayor de Plaza, don Juan Noriega Fernández, y tía de nuestro querido amigo y laureado poeta D. Antonio Noriega"⁵.

Ramona Noriega Varela figura inscrita no *Libro de bautizados* da parroquia de Santiago de Mondoñedo como Ramona Antonia Ignés Filomena Noriega, nacida no ano 1839, e filla de Juan José Fernández Noriega e Antonia Varela de la Torre (noutras partidas figura o apelido como "da Torre").

Vemos, así, como se ven constantemente alterados os apelidos desta familia, figurando unhas veces de primeiro Fernández, outras Noriega ou Fernández Noriega, e nalgún caso Noriega Fernández. Convén, pois, aclarar "o verdadeiro nome do cantor da montaña":

"Durante la charla sostenida con los hijos de Noriega he solicitado de ellos la oportuna autorización para desvelar el verdadero nombre del autor de "Do Ermo". Una vez conseguida puedo decir hoy por medio de CHAN, lo cual causará general sorpresa entre los admiradores de Antonio Noriega Varela, que el verdadero nombre del cantor de la montaña es el de Antonio Fernández Noriega, aunque en el Parnaso de la lírica regional se le conozca por el que habitualmente usaba en sus obras. Ahora corresponde a los eruditos investigar el porqué de ese cambio en el nombre patronímico del más franciscano de los poetas gallegos" ⁶.

³ Segundo o testemuño de Francisco Leal Insua o propio Noriega mantivo un hermetismo total sobre este asunto; ningunha das persoas consultadas, en xeral maiores e que coñeceron a Noriega, soubo ou quixo aportar nada a este respecto.

⁴ "O futuro poeta era de procedencia asturiana; a súa nai rexentaba unha fonda". Cfr. Francisco Fernández del Riego, "Introdución", in A. Noriega Varela, *Poesía*, Edición de..., Vigo, Edicións Xerais, 1991, p. 11.

⁵ Cfr. *Mondoñedo*, nº 185, 24.6.1909.

⁶ Cfr. J. Travieso Quelle, "El verdadero nombre del cantor de la montaña", *Chan*, Madrid, nº 9, II quincena, junio 1969.

Non resulta difícil poder aclarar estas disparidades nos apelidos, cousa, por outro lado, bastante frecuente en tempos pasados⁷.

En primeiro lugar hai que dicir que o poeta, por ser fillo de pai descoñecido, toma os apelidos da nai. A ascendencia próxima desta sería resumidamente a seguinte: D. Domingo Fernández Noriega casa con D^a Isabel Arán (ou Arango noutras partidas); deste matrimonio nace D. Juan José Fernández Noriega (así figura nas partidas de bautismo dos seus fillos), que utiliza os dous apelidos do pai, cando en realidade debería ser Juan José Fernández Arán (ou Arango) ou, en tal caso, Juan José Fernández-Noriega Arán.

D. Juan José Fernández Noriega (así vai figurar no sucesivo), de Ferrol, casa con D^a Antonia Varela da Torre, e deste matrimonio nacen en Mondoñedo tres fillos⁸: Dolores no ano 1836, Ramona no ano 1839 e Manuel José no ano 1845, que xa figuran nos índices dos libros de bautizados co único apelido de Noriega e que no sucesivo unhas veces aparecen como Fernández Noriega, outras como Noriega Varela ou como Fernández Noriega Varela.

O verdadeiro nome, pois, do poeta é o de Antonio Manuel Jesús María Fernández-Noriega Varela, conservando os dous apelidos do seu bisavó. Como en tantos outros casos, e temos moitos entre os nosos escritores, o primeiro elemento do apelido paterno (neste caso materno) desapareceu na denominación común do escritor, aínda que reapareza, e non sempre, nos documentos oficiais.

Na súa faceta de poeta el asinará constantemente como Antonio Noriega Varela, mais tamén súa nai asina un escrito en 1895 como Dolores Noriega Varela (vid. III.1.6). Os fillos habidos no primeiro matrimonio do escritor con Ramona Bello Mariña figuran inscritos no Rexistro Civil de Foz e de Calvos de Randín cos apelidos Fernández Bello. Non obstante, os nados en Trasalba do segundo matrimonio con Dorinda Almansa Vázquez e inscritos no Rexistro Civil de Amoeiro, figuran cos apelidos Noriega Almansa, como fillos de Antonio Noriega e Dorinda Almansa, aínda que estas actas foron rectificadas en 1950, como podemos ver na de María de las Nieves Noriega, que leva unha nota á marxe⁹ que di:

⁷ Citemos, por exemplo, o caso de Eduardo González Pondal y Abente (vid. Manuel Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura (biografía e correspondencia)*, Santiago de Compostela, Edicións Laidvento, 1991).

⁸ Destes tres achamos as actas de bautismo na parroquia do Apóstolo Santiago de Mondoñedo; non podemos afirmar que non existan máis sen inscribir nesta parroquia, por entón a única de Mondoñedo, ou nados e inscritos noutros lugares.

⁹ A mesma nota de rectificación dos apelidos figura en todas as actas de nacemento dos demais fillos do Rexistro Civil de Amoeiro (Ourense).

"Por auto dictado en 7 de Enero de 1950 en expediente instruído al efecto se acordó rectificar los errores que existen en esta acta y por lo tanto en lo sucesivo se tendrá a la inscrita como María de las Nieves Fernández-Noriega Almansa y el padre de esta D. Antonio Fernández-Noriega Varela y la madre de este D^a Dolores Fernández-Noriega Varela. Cuyo expediente se archivará en el legajo correspondiente a este año.

Amoeiro, 7 de Enero de 1950

El Juez¹⁰

Non resultan, pois, acertadas outras interpretacións que se deron a esta alteración dos apelidos, tal como fai un dos seus amigos:

"Nasceu Antón Noriega Varela o dazasete de Outono do ano 1869 na cibdade de Mondoñedo, na provincia de Lugo. A nai vivía c-un tío d-ela na sobredita cibdade, un señor de "muito respeito" que tiña a súa ascendencia n-as Asturias. Como o bon señor tiña prestixio na vila, e como a nai e o fillo eran conocidos po-los "de Noriega", o sobriño, ó morrer o tío, quizabes pol-a vanidade de tér un apelido que non fose un vulgar Sánchez, Pérez, ou López, ou Gómez com-ó que él tiña, deu en firmar Antón Noriega, e como tal foi coñecido. Con esto logrou tamén dar honra ó apelido do home que o protexeu mentras viviu" ¹¹

Creemos que este tío protector do poeta non era tío da nai, senón irmán, D. Manuel José Fernández-Noriega Varela. Naceu en Mondoñedo o 9 de marzo de 1845¹², sendo o máis novo dos tres irmáns dos que temos noticia. Dolores, a maior, ficou solteira, Ramona casou¹³ e Manuel ordenouse sacerdote. A súa ascendencia non pode ser distinta da de Dolores, pois son fillos dos mesmos pais (vid. III.1.2).

O que resulta máis que posíbel é que este tío vivise coa súa irmá solteira e protexese a este sobriño, posto que na súa acta de defunción, de 29 de marzo de 1891, consta "que Don Manuel Fernández Noriega y Varela, de 46 años de edad, presbítero, natural y domiciliado en esta citada ciudad, Campo de los Remedios, número 9, falleció a las 4 de la tarde de ayer en su referido domicilio..." ¹⁴, sendo este tamén o domicilio de Dolores e do seu fillo Antonio, tal como nos di Eduardo Lence-Santar:

¹⁰ Inscrita no *Libro de rexistro de nacementos* de Amoeiro o 13 de agosto de 1916 co número 414.

¹¹ Cfr. J. Trapero Pardo, *Antón Noriega Varela e os clásicos latinos. Verbas e temas car-ó mundo*, Mes de Navidá do ano 1955, inédito, p. 4.

¹² Mondoñedo, parroquia do Apóstolo Santiago, *Libro 22 de bautizados*, folio 483.

¹³ En *Acción Social*, Mondoñedo, nº 33, 1.4.1920, dentro da sección "Noticias breves", hai unha que di: "Falleció en esta población la Sra. D^a. Ramona Noriega, viuda de Cornejo. Al pedir a los lectores una oración por su eterno descanso, damos el más sentido pésame a su sobrino, nuestro colaborador y laureado poeta gallego D Antonio Noriega Varela".

¹⁴ Rexistro Civil de Mondoñedo, *Libro 17 de defuncions*, folio 382 (vid. III.1.5).

"Antonio Noriega Varela, nuestro muy querido amigo, nació en el Campo de los Remedios de esta ciudad el 18 de octubre de 1869"¹⁵.

O propio poeta lembra o domicilio materno nunha composición dedicada á Virxen dos Remedios:

*Santiña milagrosiña,
¿lembraste? A nosa casiña
ond'a túa;
o Campo frorido e ledó,
tu reinando en Mondoñedo,
eu... galanteando á lúa (cfr. E 23).*

Segundo testemuño de D. Ramón Otero Pedrayo, que o tratou moito, Noriega Varela sempre falou de súa nai con grande reverencia e dicía que pasaba os días metida na casa, "una casa no cualquiera, señor, pues le tiene acera de mármol"; do tío dicía que era un eclesiástico moi distinguido, con título de capelán pontificio ou algo similar, que era a envexa dos coengos¹⁶.

Tamén parece ser que Antonio Noriega Varela tivo un irmán, do que nunca se deu noticia, que se saiba. A única referencia que achamos foi a que figura na acta de defunción de sua nai:

"[...] Que la finada al tiempo de su fallecimiento se hallaba soltera dejando por hijos naturales reconocidos a D. Antonio y D. Felix, en estado de casados" (cfr. III.1.9).

Este puido ser outro dos segredos ben gardados por Noriega e o seu contorno, de non haber un erro na acta, pois realmente non demos coa partida de bautismo dese tal Félix na parroquia do Apóstolo Santiago de Mondoñedo, lugar onde debería estar inscrito, xa que non se conservan no Rexistro Civil desta cidade os libros de nacementos e defuncións correspondentes ao século pasado.

Con estes datos, anteriormente aportados, temos que nos imaxinar a un Noriega marcado na sua infancia e adolescencia pola "negra sombra" de Rosalía de Castro, coa que ten tantas concomitancias no seu nacemento:

"La casa de Noriega tenía una particularidad. Estaba habitada de sombras. Unas eran del otro mundo, las más visibles, de un cura muy virtuoso o de un coronel carlista. Las vivientes o de este mundo eran dos o tres mujeres silenciosas y rezadoras.

¹⁵ Cfr. *op. cit.*

¹⁶ Vid. R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 544 (extractando unhas follas manuscritas de Otero Pedrayo sobre Noriega).

Toda la vitalidad que era mucha -Teixeira de Pascoaes le llamaba el "lobo angélico"- no bastaba para acallar el contrapunto de graves que estas sombras iban poniendo a la melodía bulliciosa que le saltaba en el alma¹⁷.

Estas sombras que envuelven os primeiros anos de vida do poeta, das que só fala Aquilino, aínda que non as aclara, serían esas circunstancias que conforman un ambiente familiar traumático na sociedade hipócrita e convencional de fins do século XIX, máis aínda nunha cidade fundamentalmente tradicional e relixiosa, sé da curia episcopal: a inclusa, unha nai solteira, talvez un irmán, un tío crego moi virtuoso, un avó militar, se cadra o coronel carlista¹⁸ de que fala Aquilino.

Este clima familiar pode ser a base na que se foi formando un Noriega moi relixioso, amigo dos cregos e das tradicións, desconfiado e cerimonioso, moi conservador no plano político, mais sempre en loita cun corpo rebelde e forte, cheo de vitalidade e seducido pola vida. Esta confrontación vaino acompañar durante toda a súa existencia.

Sendo Noriega natural de Mondoñedo, criado ao lado da Catedral e do Seminario, cun tío crego na sua propia casa, resulta case que obvio dicir que cursou estudos en dito Seminario, no que ingresou no curso 1883-84 para facer primeiro de Latín e Humanidades.

Curiosamente tamén a rectificación da partida de bautismo ten lugar ese mesmo ano, o 15 de setembro de 1883 (vid. III.1.4); nela figuran os seus avós Juan Fernández Noriega e Antonia Varela como defuntos, polo que seguramente a dependencia do seu tío Manuel sexa maior. Cabe pensar que, por influencia do sacerdote, Antonio entra no Seminario, a punto de cumprir os 14 anos, e para iso resultaría necesario rectificar a acta de bautismo, co recoñecimento oficial da nai e a adopción dos seus apelidos.

Por ser de grande interese para aclarar este período da súa vida, reproducimos aquí o seu historial académico completo no Seminario¹⁹:

17 Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, "Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña", *Faro de Vigo*. Número especial conmemorativo del Centenario (1853-1953), 1953, p. 163.

18 Juan Fernández Noriega, avó do poeta, foi segundo comandante do Corpo de Estado Maior de Praza, como xa se viu.

19 O expediente académico figura nos arquivos do Seminario Santa Calalina de Mondoñedo e está reproducido na revista do Centro que os propios alumnos elaboran (vid. Equipo da redacción, "Outra vez... Antón Noriega Varela", *Amencer*, Seminario Santa Calalina, Mondoñedo, nº 22, , Novembro 1984; este mesmo artigo tamén foi publicado en *El Progreso*, Lugo, 23.12.1984).

No curso 1883-84 realiza primeiro de Latín e Humanidades como alumno interno, inscrito como Antonio Fernández Noriega y Varela²⁰, e leva a nota de "Meritus"²¹.

No curso 1884-85 fai como alumno externo segundo de Latín e Humanidades, obtendo tamén a calificación de "Meritus".

No curso 1885-1886 realiza terceiro de Latín e Humanidades, tamén como alumno externo, sendo calificando con "Benemeritus"²².

No curso 1886-87 aproba cuarto de "Latinidad y Humanidades" coa nota de "Meritissimus"²³; é tamén alumno externo.

En 1887-88 cursa primeiro de Filosofía e non se presenta aos exames de xuño²⁴. Nos exames extraordinarios celebrados o 27 de novembro dese mesmo ano aproba coa calificación de "Meritus".

En 1888-89 cursa segundo de Filosofía, obtendo as seguintes calificacións: en Retórica "Meritus" e en 'Canto llano' consegue "Meritissimus"; a calificación global é de "Benemeritus". Neste curso aparece ao final da lista como Antonio Noriega Varela, desaparecendo, por tanto o apelido Fernández.

No curso 1889-90 aproba terceiro de Filosofía coa nota de "Meritus", figurando tamén esta mesma calificación en Retórica.

Durante os cursos 1890-91, 1891-92 e 1892-1893 abandona o Seminario. A causa deste abandono debemos situala en relación coa morte do seu tío e protector, o crego D. Manuel Fernández-Noriega Varela, que faleceu o 28 de marzo de 1891 (vid. III.1.5).

Retomados os estudos no ano 1893, Noriega fixo os dous cursos de Teoloxía pola "carreira breve"²⁵; en 1893-94, en primeiro de Teoloxía, leva a calificación de "Benemeritus" en Teoloxía Dogmática e "Meritus" en Teoloxía Moral; no curso 1894-95, no segundo de Teoloxía e último curso da carreira, obtén "Meritus" en Teoloxía Dogmática e en Teoloxía Moral, podendo afirmar que terminou os estudos eclesiásticos no ano 1895, o mesmo en que aparece publicada a súa primeira obra, *De ruada*²⁶.

Mais non foi intención de Noriega deixar a carreira de crego para emprender un camiño de dificultades económicas, atraído polas

20 Con estes apelidos figurará até segundo curso de Filosofía, onde desaparece o apelido Fernández, para ficar como Antonio Noriega Varela.

21 Equivale a un seis.

22 Equivale a un sete.

23 Correspóndese coa máxima calificación (nove-dez).

24 Na calificación figura "Non comparuit".

25 Aqueles alumnos que facían a chamada "Carreira breve" só facían dous anos de Teoloxía, fronte aos da carreira normal, que cursaban cinco ou seis anos desta materia.

26 En realidade é un folleto de 15 páxinas, editado en Luarca, Imprenta de Rollán y Compañía, contendo un extenso poema descritivo, de sabor decimonónico. Mais xa con anterioridade apareceran poemas seus na prensa, algúns en español.

"tentacións mundanas" e incapaz de renunciar a elas. A expresión de Francisco Leal Insua, "las humanidades le habían humanizado más de lo conveniente y acabó por dejar los estudios eclesiásticos"²⁷, foise repetindo pola crítica sistematicamente cunha ou outra formulación²⁸. Só Trapero Pardo insinúa a posibilidade doutras causas:

"E ora fose porque non tiña vocación de crego, ora fose porque non quixeron que fixese máis falcatruas pol-as ruadas e xogos de bolos da bisbarra de Mondañedo, un día o rapaz deixou o Ensaminario"²⁹.

Realmente Noriega quería ordenarse sacerdote e, por ser fillo de nai solteira, necesitaba dispensa de Roma "ex defectu natalium". Recén terminada a carreira e próximo a cumprir os 26 anos, dirixe un escrito ao Reitor do Seminario con data de 30 de agosto de 1895, no que informa que está esperando de un momento a outro a dispensa do Papa e suplica ser admitido en clase de exercitando (vid. III.1.6). Aínda que figura a nai como autora da instancia e ela mesma a asina, non obstante, a letra é a do propio Noriega.

Esta dispensa que solicitou foille denegada, segundo se pode ler á marxe do escrito e, por tanto, Noriega non puido ordenarse crego, como era a súa vontade.

O que ignoramos é se influíron nesa denegación outros factores derivados do seu comportamento no Seminario ou da súa conduta fóra del, e se a prematura morte do seu tío crego tivo algo que ver nisto. Vexamos algúns testemuños, máis ou menos literaturizados, dos seus anos de seminarista e da maneira como se conducía nela:

"Mais o rapaz, que adeprendía ben o latín, era inquedo, argalleiro e brincador e muy pouco dado a estuios e rezos. O demo, o mundo e a carne - según había de confesar despois- tentárono muitas veces [...] E xa no Ensaminario comenzou a facer versos satíricos, porque a sátira foi pra Noriega como unha Musa ispiradora. Xentes de Mondañedo, maestros do Colexio -así se chamaba o Ensaminario- e compañeiros, caeron debaixo do satírico versificar de Noriega"³⁰.

²⁷ Cfr. *op. cit.*, p. 232.

²⁸ Vid. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 163; R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 522; Leopoldo Pedreira, "Prólogo", in A. Noriega Varela, *Montañesas. Poetas gallegas*, Luarca, Imp. de Ramiro P. del Río, 1904; Hugo Rocha, *Sete Vozes Perenes da Galiza lírica*, Porto, Livraria Athena, 1965, pp. 86-87. F. Fanego Losada dá o nome completo do autor e especifica que terminou a carreira eclesiástica, mais engade que abandona a carreira de crego "ante el temor de no tener fuerza suficiente para el cumplimiento de los deberes del ministerio sacerdotal". Cfr. "Notas biográficas de Noriega Varela", *El Ideal Gallego*, Coruña, 17.5.1969.

²⁹ Cfr. *op. cit.*, p. 4.

³⁰ *Ibid.*

"Algunos de sus condiscípulos aún le recuerdan como el travieso animador de las clases. Y si llegaba a oídos de un profesor cualquier estrofa cáustica, ya se sabía quien sería reprendido"³¹.

Aquilino Iglesia Alvariño esténdese un pouco máis ao contar a vida de Noriega no Seminario:

"Aun perteneciendo todos los estudiantes a la diócesis mindoniense, se agrupaban por comarcas. Formaban una grey numerosa los de la tierra conventual de Meira y Riotorto, espíritus agudos y silenciosos, de sutil diplomacia, y especialmente dotados para enredar complicados silogismos. Contra ellos se cebaba particularmente la musa retranqueira de Noriega [...]

El grupo de los atrasnados lo constituían los del otro lado del Eo, asturianos de la Veiga, Taramundi, San Tirso, Castropol y Figueras. Con ellos formaba su pandilla y las hazañas, verdaderas o noveladas del grupo, le fueron con el tiempo atribuídas a él sólo.

No pasaban de los primeros ensayos de la picaresca estudiantil, pero no por eso dejan de figurar en los anales mindonienses más escandalosos. Sobre todo aquella ocurrencia de sustituir en el confesionario a un viejo capellán de manga ancha, se comentaba todavía en mis tiempos. El propio Noriega la juzgaba tan grave que, sin negar el hecho -"¡Señor, señor, que sacrilegio!"- rechazaba con toda la energía de su alma la calumniosa atribución.

Este era el Noriega de los veinte años, cuando el siglo contaba ochenta y nueve. Demasiado fuerte, rubio y colorado, con demasiada afición a romerías, parrafeos con mozas aldeanas y versos de humor para que podamos componer la estampa al uso del poeta atormentado por un tenebroso mensaje"³².

É no Seminario onde Noriega se vai iniciando na poesía, como el mesmo afirma, ao ser preguntado "¿Como nasceu a sua musa, Noriega?":

"Vai ver, respóndenos o vate. Foi no Seminario de Mondoñedo, onde M. I. Reitor Don Sergio de la Vega parece que notou em mim alguma condição artística, e, um dia qualquer, encarregoume de fazer umas composições poéticas para que as criancinhas das escolas as recitasen com motivo duma festividade íntima do Nascimento do Menino Jesus no templo de San Pedro de Alcántara. Assim, dévese o nascimento da minha pobre musa ao Presépio do Menino de Belém..." (cfr. III.5.3)³³.

A súa vea poética vaino facer moi famoso entre os seus compañeiros e superiores, pois a temática non se reducirá aos asuntos relixiosos:

³¹ Cfr. F. Leal Insua, *op. cit.*, p. 232.

³² Cfr. *Op. cit.*, p. 163.

³³ Seguramente esta composición feita por encargo do Rector para nenos casteláns sexa a que figura na nosa edición como PE 2, un diálogo sobre temática do Nadal, que xustamente leva por título "El Nacimiento", e que, por tanto, podería ser a primeira composición do autor saída ao público.

"Desde la edad juvenil se distinguió por su afición a la poesía. Como prueba de este aserto podemos aducir unas semblanzas que compuso en honor de varios compañeros. Muy pocas personas, o quizá ninguna, tendrán copia de las semblanzas mencionadas. Nosotros las conservamos como oro en paño"³⁴.

Unha mostra desas semblanzas é esta de D. Plácido Puente García:

*El que se vea en apuros
sea de Plácido amigo,
pues siempre lleva consigo,
cuando menos cinco duros.
¡Asombrosa cantidad
para un escolar hoy día!
¡con qué placer yo daría
mis versos por la mitad!*³⁵.

Noriega, pois, tivo que deixar a carreira eclesiástica con case 26 anos³⁶ e reorientar a súa vida. Nese momento xa era famoso na zona, mais non puido ver cumpridos os desexos de ser un crego-poeta, como os que serían seus amigos: Cabarcos Suárez, Pernas Nieto e outros³⁷.

De todos os xeitos, o paso polo Seminario non resultou estéril e os seus versos iniciais non pasaron desapercibidos, deixando tras de si grande sona de poeta, admirado e mesmo imitado por seminaristas máis novos:

"Pero la verdad es que en aquella hora mindoniense de primavera, con mirlos y cerezas hacia el Pelourin y perezosas campanas por toda la ciudad, los versos que de veras gustábamos, tanto el maestro como los alumnos, eran los del ex seminarista Antonio Noriega Varela"³⁸.

"Muchos recuerdos guardo en las arcas de mi corazón del poeta Noriega Varela. La primera vez que le vi fue en Mondoñedo -donde había nacido el 17 de octubre de 1969- y le vi desde la fila uniformada de mis compañeros seminaristas. Su paso por nuestro Seminario había prendido llama en los hombres y en las aulas: Noriega se recordaba como una «scurra consularis», por su gracioso decir y agudeza de ingenio bien paralela con su talento natural, jamás desmentido"³⁹.

³⁴ Cfr. F. Fanego Losada, *op. cit.*

³⁵ *Ibid.*

³⁶ Non os 24 que figuran en III.1.6.

³⁷ Estes cregos escribían e publicaban versos na prensa da zona, chegando a tirar do prelo algún libro, como *Cóxegas*, de Celestino Cabarcos, ou *Fala das musas*, de Pernas Nieto, auténtica curiosidade bibliográfica por ver a luz no Nadal de 1936, en plena guerra civil. O primeiro dedicoulle un poema a Noriega (vid. III.8.19).

³⁸ Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 163.

³⁹ Cfr. Enrique Chao Espina, "Antonio Noriega Varela"; *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. XXV, Coruña, nº 289-293, Enero 1946-Diciembre 1950, p. 137.

Non saíu do Seminario coas mans baleiras. Levou consigo unha formación adquirida ao longo dos anos e, sobre todo, o coñecimento dos poetas clásicos e do latín, que tanto utilizará nos seus versos posteriores, fundamentalmente nos títulos dos poemas (vid., por exemplo, E 60, 98; PNR 19, 20, 33...), nas páxinas introdutorias dos seus libros⁴⁰ e mesmo nas dedicatorias aos amigos⁴¹. Outra boa mostra desta inclinación polo idioma do Lacio está no seu libro *Como falan os brañegos* ⁴², cheo de expresións latinas. Tamén foi no Seminario onde o poeta entrou en contacto coa literatura portuguesa, que tan decisiva vai ser na súa propia evolución estética, como el mesmo declara:

"Quero a Portugal desde a minha mocidade, quando, enliçado na réde implacável dos estudos escolásticos, cafram em minhas mãos os primeiros livros de autores portugueses" (cfr. III.4).

Abandonada definitivamente a possibilidade de se ordenar crego, ten de afrontar unha nova vida con non moi boas perspectivas desde o punto de vista familiar e económico.

Naquel momento a súa familia debía estar formada por unha nai solteira, quizais un irmán máis novo⁴³ e unha tía casada. A ausencia do tío crego debeuse sentir con forza nesa casa. En tales circunstancias, ¿que pode facer o ex-seminarista poeta? Sabemos que nese mesmo mes de outubro recibiu un premio polo poema *De ruada* ⁴⁴ e que desde o ano anterior, 1894, xa aparecían na prensa poemas seus, en español e en galego. Obtén o título de mestre e comeza a súa actividade profesional no ano 1901. Mais temos ese período que vai de 1895 a 1901; en que Noriega é simplemente un poeta desempregado:

"As festas das parróquias da bisbarra de Mondoñedo conócérono bulidor, falangueiro, con un aquel de vitalidade que era casamente expresiva. E ô deixar as aulas do Ensaminario de Mondoñedo, escomenzou unha carreira

⁴⁰ A edición de 1929 de *Do Ermo*, por exemplo, leva toda a páxina de presentación da obra en latín, ademais da cita "Mihi oppidum carcer, et solitudo paradisus est" (*Ex Epistola Divi Hieronymi ad Rusticum*), que xa figuraba na ed. de 1920.

⁴¹ O exemplar da edición de 1946 de *Do Ermo* dedicado polo autor a Trapero Pardo leva a dedicatoria en latín (A.T.P.).

⁴² Publicado na Coruña por "Nós". Publicacións galegas e imprenta, no ano 1928.

⁴³ Na acta de defunción da nai, mencionada anteriormente, figura primeiro Antonio e despois Félix.

⁴⁴ En *Revista Gallega*, Coruña, nº 31, 13.10.1895, áchase información sobre a concesión deste premio, que non foi o único concedido nese certame literario celebrado en Mondoñedo con motivo das festas das San Lucas; conseguiu o premio no apartado destinado ás composicións de carácter costumista (vid. "Comentarios e variantes" a M 3).

poética, como si ela fora unha reación psicolóxica de liberdade, despois dos tempos de limitación que o Ensaminario lle impoñía"⁴⁵.

Hai coincidencia na crítica en que durante este tempo é cando consolida a súa vocación poética. Son, por tanto, uns anos importantes para o Noriega Varela poeta:

"Renunciada xa a carreira eclesiástica, afirmouse a súa sona como poeta. Cultivou o trato de Leiras Pulpeiro e de García Dóriga"⁴⁶.

"Con veintitantos anos, se dedicó a esa deliciosa vida, ya casi desconocida, que es la vagancia y sin la que no hay poeta posible. Nada hay comparable a estos años de su vida en el Mondoñedo del tiempo colonial, oloroso de cacao y concurrido de feriales. Su optimismo radical se afianzó para siempre en ese tiempo, gozaba de fama muy diversas Leiras Pulpeiro [...]. Noriega formó parte de su grupo [...]"⁴⁷.

Durante estes anos Noriega terá, por conseguinte, a oportunidade de departir con Leiras Pulpeiro e aprender del moitas palabras e expresións da fala da zona, que o médico tan ben coñecía. Aínda que de ideas políticas contrapostas e cunha diferenza de idade considerábel entre os dous⁴⁸, a súa relación foi amistosa, como o demostra o feito de que Noriega lle dedicase en 1899 a composición *Leite fresco*⁴⁹. Xa en 1903, cando o noso poeta está fóra de Mondoñedo, aínda Leiras lle corrixiu a lingua dos poemas que van constituír a primeira edición (1904) de *Montañesas*⁵⁰. E tamén como dous amigos repartíranse as parcelas poéticas (a Mariña para Leiras e a Montaña para Noriega), como nos di este nunha composición:

⁴⁵ Cfr. J. Trapero Pardo, *op. cit.*, p. 10.

⁴⁶ Cfr. R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 522.

⁴⁷ Cfr. A. Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 163.

⁴⁸ Leiras Pulpeiro naceu en 1954, tamén en Mondoñedo, sendo, por conseguinte, 15 anos máis vello que Noriega. As súas ideas progresistas e republicanas, xunto cun declarado anticlericalismo, eran a antítese do tradicionalismo católico que profesaba Noriega.

⁴⁹ A. Noriega Varela, *Leite fresco*, Luarca, Imp. movida a vapor de Ramiro P. del Río, 1899; é un folleto de 12 páxinas, que contén un extenso poema costumista, non exento dalgún elemento erótico, o que motivará a súa posterior expurgación.

⁵⁰ Así nolo declara Eduardo Lence-Santar, ao redactar unha biografía de Leiras (traducido): "Amigo e mestre de Noriega Varela, el corrixiu-lle o 7 de Xuño de 1903 as poesías da primeira edición de poesías *Montañesas*, e antes de enviá-las o autor a Leopoldo Pedreira Taibo para que as prologase, como o fixo este entusiasta e ilustre galego, brillantísimo literato -entón catedrático do Instituto de Cuenca-, de quen nós conservamos formosísimos pensamentos históricos e políticos, referentes a Portugal e Galiza, que el nos dedicara. En presenza de Noriega e de nós, durante unha mañá e unha tarde fixo Leiras na súa casa a corrección" (cfr. Ramón Reimundo Noreña. *Manuel Leiras Pulpeiro. Poesía galega completa*. Edición de..., Barcelona, Sotelo Blanco Ediciones, 1984, p. 30).

[...] *A gaia ciencia dos vates
que en Mondoñedo privaron,
por disposición do Olimpo,
Leiras e mais eu a herdamos.*

*Particiós feitas, distintos
rumbos seguimos entrambos.
El gustaba da Mariña:
o seu numen soberano
vía "as cabezas erguidas
dos nove pinos do Castro,
i encaraba, destemido,
os vagallós do mar bravo [...] (cfr. PNR 24).*

A relación de Noriega con Leiras tamén é destacada por J. A. Durán, que califica ao primeiro como 'cura arrepenido' e considera ao segundo como iniciador da vea poética 'antiseñorial' que Cabanillas e Noriega seguirán⁵¹. Mais a 'intima relación' entre os dous poetas, da que fala tamén Durán, non implica sintonía ideolóxica, que non existe. Os poemas anticaciquís de Noriega son bastantes posteriores ao seu trato directo con Leiras e, como veremos, non responden a unha liña ideolóxica consecuente, senón que son produto das circunstancias.

Durante estes anos de "dolce far niente" Noriega foi poeta goliardesco na procura de mozas carpazonas polas montañas dos arredores de Mondoñedo, tal como nolo describen os que foron seus amigos:

"Demasiado fuerte, rubio y colorado, con demasiada afición a romerías, parrafeos con mozas aldeanas y versos de humor para que podamos componer la estampa al uso del poeta atormentado por un tenebroso mensaje"⁵².

"Dícese que en su juventud fué aficionado a las faldas, muy aficionado... Hombre alto, fuerte, vigoroso, de rccia contextura, es natural que las 'troulas'

51 Vid. "El primer Cabanillas", in *Crónicas -3. Entre la Mano Negra y el nacionalismo galleguista*, Madrid, Akal Editor, 1981, p. 226, onde se pode ler: "Y es casualidad significativa que el otro notable poeta de esta generación -Antonio Noriega Varela- se parezca a Cabanillas y a los antecitados en el hecho de haber sido, antes o después, 'cura arrepenido' (por decirlo en el chusco lenguaje de mis amigos andaluces). Noriega tuvo en tal trance amistades sumamente irreverentes (¡lástima que no sepamos algo parecido de Cabanillas, algo que igualara esa relación -parece que íntima- del 'poeta de la montaña', con el descreído aquel de rostro tolstoyano, de vida legendaria y federal, poeta y quizá masón, oculto en su propia modestia que incluso veló su indudable importancia literaria: Manuel Leiras Pulpeiro!). Sabemos que Leiras es el primero de nuestros poetas importantes en hacer, decidido, poesía de corte rabiosamente *antiseñorial*, la veta agraria que Noriega y, sobre todo, Cabanillas ha de exhibir con mayor hondura y reiteración".

52 Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 163.

y las 'fiadas' y demás reuniones análogas tuviesen para él irresistible atractivo..."⁵³.

O mesmo poeta, xa maduro, recoñece esta afección ás mozas, ás fiadas e ás romarías:

*[...] Á miña musa prestoulle
unha fadiña o refaixo,
i anduvo polos carreiros
dos montes coloreando...*

*Mentras foi pícara nova
pra ela non houbo descanso:
as airas das Coruxeiras,
de Cesuras os ribazos,
i o Santo Cristo do adro,
e de Romariz os felgos
poideran serme testigos
de canto a tentou o diaño* [...] (cfr. PNR 24).

Noutras composicións tamén nos deixou constancia desta vida goliardesca polas fiadas de Cesuras (M 3) ou polas festas das aldeas (M 23: "Do San Juan de Romariz"). Aínda escribe, xa casado e con fillos, a pouco da morte de súa nai:

*¿Que dirán, que dirán as lindas mozas
de Romariz mañá?
Porque lles din palabra de que iría
á festa do San Juan;
mentras no cerre a noite, dirán elas:
«Si non morreu, virá»* [...] (cfr. E 94).

Aínda nos sonetos, graves e ascéticos, acharemos saudades desta vida goliardesca da súa mocidade:

*[...] Lembranzas son de lindas pegureiras,
de fascinantes meigas criaturas,
que en noites de lunar das Coruxeiras
baixan ó fiandeiro de Cesuras* [...] (cfr. E 88).

*Fastuoso carballo, á sombra túa
bailaron as brañegas todo o día,
mais o día expirou..., asoma a lúa...
Queira o lunar facernos compañía* [...] (cfr. E 90).

⁵³ Cfr. José Nistal López, "Don Antonio Noriega Varela (El bardo de la montaña), in *Semblanzas e agarimos*, 1953, inédito.

I.2.1.2. A etapa de Foz

Antonio Noriega pasa xa dos 30 anos de idade e aínda non ten traballo. A súa situación económica non lle permite seguir así. Ten de buscar unha solución e, como resulta lóxico tendo os estudos do Seminario, opta polo Maxisterio.

"[...] tiene que procurarse unos textos prestados para obtener rapidamente el título de maestro elemental en la normal de Lugo.

Con este aval, y tal vez con algunos amigos, sale nombrado maestro de la escuela de Patronato de Fondós, en Foz, en el año 1901. Era esta escuela una especie de conongía de gracia, muy apetecida, por lo tanto"⁵⁴.

Conseguido o título en tres meses⁵⁵, pasa a ser mestre de dereitos limitados e obtén esa desexada praza de Foz; parece lóxico pensar que para iso contase coa axuda dalgún amigo, como insinuara Aquilino Iglesia Alvariño⁵⁶.

A escola de Fondós, co pazo e o horto á súa disposición, convertía a Noriega nun mestre privilexiado e, cos seus 32 anos cumpridos, decidido a casar. E así sucede, posto que ao ano seguinte, o primeiro de xullo de 1902, casa con Ramona Bello Mariña, natural e viciña de Foz, labradora (vid. III.1.7), 10 anos máis nova que Noriega, pois nacera o 14 de outubro de 1879⁵⁷. Dela escribe Trapero Pardo:

"En Foz casouse c-unha muller, Ramona Bello Mariña, que, inda sendo muy boa e muy caseira, non puido facelo feliz, porque non tiña o espírito seleuto que tiña o poeta. As anécdotas do tempo do seu casamento con Ramona dicen ás craras que Noriega non atopou n-aquela muller as condicións que desexara atopar e que ela debiera têr, pra acomodarse ó poeta, pois a muller inxenua e sin malicia non podía têr o senso do humor preciso pra descubrir a ironía que Noriega poñía ás veces nas frases. Muitas veces o poeta non se gardou de facer salir, diante amigos e conocidos, as probas da inxenuidade d-aquela 'bonfísima muller"⁵⁸.

⁵⁴ Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 163.

⁵⁵ Vid. R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 524; F. Leal Insua, *op. cit.*, p. 232.

⁵⁶ "Con este aval, y tal vez con algunos amigos, sale nombrado maestro de la escuela del Patronato de Fondós, en Foz, en el año 1901".Cfr. *op. cit.*, p. 163. Nin na Escola de Formación do Profesorado de EXB de Lugo (antiga Escola Normal), nin na Delegación da Consellería de Educación desta provincia, á que Noriega pertenceu como mestre durante uns 24 anos, achamos documentación algunha sobre o poeta. Tampouco na Delegación de Ourense, provincia á que tamén pertenceu durante uns 16 anos.

⁵⁷ Rexistro Civil de Foz, *Libro 7 de nacementos*, folio 403.

⁵⁸ Cfr. *op. cit.*, pp. 52-53.

Na primeira edición de *Montañesas*⁵⁹ hai un poema que parece facer referencia á súa muller, e que está en liña coas afirmacións de Trapero, pois seica cantaba moi mal:

*Ramona: ¡fas ben cantar!
Eu tamén che vou beber,
Que non os han de faltar
Un día para morrer
I outro pra nos enterrar (cfr. PEX 4).*

Este mesmo poema indícanos, en certo modo, a filosofía da vida que tiña Noriega, o seu conformismo e o optimismo con que a encaraba. Mais esta vaise ir facendo cada vez máis dura co poeta a partir do casamento. Porque van comezar a chegar os fillos, que porán en graves apuros, máis adiante, o pequeno soldo do mestre de dereitos limitados. E, ademais, iranlle enchendo a vida de amarguras coa morte de varios deles.

O primeiro naceu o 27 de marzo de 1903 e foi inscrito co nome de Antonio Fernández Bello⁶⁰. A acta de nacemento deste neno (vid. III.1.8) ofrécenos un dato novidoso, "que es nieto por línea paterna de D^a Dolores Fernández Noriega, soltera, oriunda de la expuesta de Mondoñedo y vecina de esta Villa"⁶¹. Debemos pensar, en consecuencia, que a nai acompañou ao poeta a Foz e residiu con el até a súa morte, en 1908.

Este primoxénito faleceu o 26 de outubro de 1903⁶², cando só tiña 7 meses. A súa morte inspiroulle este sentidísimo poema, o segundo soneto que compuxo, polas informacións que posuímos⁶³, de claras resonancias camonianas:

*Fillo do corazón, que nas meniñas
dos teus ollos levache os meus amores,
descansa eternamente sobre frores,
que eu non te hei de olvidar entre as espiñas.
Si as bágoas de túa mai i as bágoas miñas
non te rezusitaron... ¡xa n'acores!
este mundo é o liñeiro das delores,
i o ceio ¡fíxoo Dios prás estreliñas!...
A Virxe te acobexe co seu manto,
e xa que é tan cativa a miña sorte
que no me valeu nada achousar tanto,
¡pide que a triste vida se me acorte!:*

⁵⁹ A. Noriega Varela, *Montañesas. Poetas gallegas*, Lueca, Imp. de Ramiro P. del Río, 1904.

⁶⁰ Rexistro Civil de Foz, *Libro 22 de nacementos*, folio 5.

⁶¹ A cursiva é nosa.

⁶² Rexistro Civil de Foz, *Libro 20 de defuncións*, folio 29.

⁶³ O primeiro sería "A unha señorita do Lugar das Casas, datado o 13.8.1903 (vid. PEX 3).

*mellor quero ir parar ó campo santo,
que vivir recordando a túa morte (cfr. E 42).*

O segundo fillo naceu o 3 de novembro de 1905 e morreu o 11 de decembro de 1906⁶⁴; estaba inscrito co nome de José Fernández Bello.

O 27 de outubro de 1908 naceu María Dolores Fernández Bello, último dos fillos do poeta que figura rexistrado en Foz⁶⁵, e xusto un mes despois falece a súa nai, tamén en Foz, aos 72 anos de idade (vid. III.1.9). A dor que lle causou a perda deste ser querido fica reflectida literariamente no seguinte poema:

*¡Ría o pecado, que se solaza
vendo chorar!,
¡oh, que infortunio de ruín traza!,
¡peor non fora si cunha maza
me desen golpes pra me matar!
¿I ora hai remedio pra tal quebranto?
¡quizábe-lo hai
si ós teus peñños me fas un canto
na cama nova do campo santo,
prenda querida, nai, ¡miña nai!... (cfr. E 92).*

Tamén en E 23, 93 e 94 fai referencia á morte da nai, á que sempre estivo moi unido e pola que sentía un grande cariño⁶⁶. O mesmo poeta consola a Teixeira de Pascoaes pola morte de seu pai con estas palabras: " Ah, Sr. Teixeira!, no hay derecho para abatirse mientras le vive a uno su madre!" (cfr. III.6.1.9).

A que se supuña, pois, vida pracenteira do poeta na vila mariñeira de Foz viuse axiña perturbada por desgracias familiares. Mais non foron estes os únicos desgustos que tivo que soportar. Noriega foi obxecto dun expediente que acabou co seu traslado-desterro ao extremo oposto do país, a Calvos de Randín, na raia fronteiriza con Portugal.

É este un dos asuntos máis complexos e confusos da súa vida e que, posibelmente, teña peor tratamento na crítica. Con algúns datos novos, esperamos poder contribuír a dar algunha luz sobre este asunto.

Cremos que o propio Noriega nunca o aclarou de todo, nin sequera aos seus amigos, ou polo menos, estes non nolo transmitiron con claridade. Así, por exemplo, Leal Insua, que fai en 1946 unha síntese biográfica do

⁶⁴ Rexistro Civil de Foz, *Libro 24 de nacementos*, folio 126, e *Libro 22 de defuncións*, folio 32.

⁶⁵ *Ibid.* *Libro de nacementos*, folio 118. Antes desta, o poeta tivo outra filla, Cándida, nacida na súa época de Foz, mais que non se acha rexistrada aquí. Estas dúas dúas fillas, Cándida e Dolores, serán as dúas únicas que sobrevivirán deste primeiro matrimonio do poeta.

⁶⁶ Así nolo afirmou Leal Insua nunha conversa particular, ademais do testemuño de Otero Pedrayo (vid. *supra*).

poeta con el ao lado, segundo a sua propia confesión, para a edición definitiva da súa obra, non chega nin a mencionar o tema⁶⁷.

A verdade é que cesa na escola de Foz a principios de 1911, co encargo de se incorporar á de Calvos de Randín. Unha das primeiras explicacións que se deron foi a de Basilio Álvarez:

"Recuerdo que un día el bardo glorioso amaneció con la sorpresa de un traslado. El maestro de la villa de Foz, allá cerca de aquel incomparable Mondoñedo donde rodó su cuna, miraba de continuo hacia el regalo de una mar bella, y su laud áureo gemía al aprisionar aquellos campos ideales, al reflejar las blondas de aquel oleaje, bien ajeno al farrago de las humanas preocupaciones. Pero un día los mozos de ACCIÓN GALLEGA acertaron a pasar por la tierra del vate en son redencionista, y el poeta magnánimo y sencillo, generoso y bueno, participó de sus fervores, conmovióse ante las penas de sus hermanos, rugió con sus apóstrofes.

No precisó otra cosa para ser «nuestro primer mártir», la primera víctima que el caciquismo inmoló para vengarse. Y del bandazo apareció en Calvos de Randín, en los confines de esta nuestra provincia de Orense, donde dejó dos hijos, dos pedazos de su alma, -sepultados en el cementerio campesino. Hoy continúa en Trasalva a cuestas con su odisea"⁶⁸.

No estudio de Aquilino Iglesia Alvariño sobre Noriega, que aquí vimos citando con frecuencia, e no que el mesmo comeza por declarar que "no dispongo de otra documentación, por ahora, que mis recuerdos y algunas cartas"⁶⁹, pode acharse a base dalgunhas falsas interpretacións. Deste traballo bebe, como expresamente así fai constar, D. Ricardo Carballo Calero⁷⁰. E é ben coñecida a influencia que exerceu a súa obra como fonte inesgotábel de citas e consultas. Aquilino menciona literalmente este mesmo fragmento do prólogo de Basilio Álvarez e del parte para explicar o traslado de Noriega pola súa postura anticaciquil naquel momento; e fai outra serie de consideracións, nalgúns casos claramente erróneas e noutros discutíbeis; parécenos esta unha parte do traballo de Aquilino claramente desafortunada e que por mímese se transmitiu até hoxe⁷¹.

⁶⁷ Vid. *op. cit.*

⁶⁸ Cfr. "Prólogo", in *A Virxen i a paisánaxe (100 cantigas populares)*, Colector A. Noriega Varela, Ourense, Imprenta La Editorial, 1914 (Este prólogo leva a seguinte datación: «Beiro, Octubre, 1913»). Este mesmo fragmento, xunto con outros, foi reproducido en *Céltiga*, Buenos Aires, nº 36, 25.6.1926.

⁶⁹ *Op. cit.*, p. 163.

⁷⁰ Vid., por exemplo, *op. cit.*, pp. 527-528.

⁷¹ Vid. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 164. En conxunto, este estudio de Aquilino, sendo dos máis interesantes sobre Noriega, é tamén o máis confuso e o que máis induciu a erros, pois, como o autor declara, non está feito co rigor nos datos que un traballo de investigación requiriría, pois tampouco era este o seu obxectivo.

Afirma o tamén destacado poeta que os apóstrofos máis duros de Noriega, e que, por tanto, serían causa do castigo, se achan nos tercetos do soneto intitulado "Prós mozos" (vid. PEX 7). Mais este poema non se publica até 1920, na primeira edición de *Do Ermo*, que nós saibamos, e Noriega foi trasladado en febreiro de 1911. Explica as dificultades da viaxe a Calvos de Randín, despois dunha semana en tren e carromato, e a desolación que sentiu ao chegar, e engade: "El golpe fue duro, como se ve por estos versos: «Ría o pecado que se solaza vendo chorar!...»" (cfr. E 92); cita a primeira parte deste poema, que foi escrito en 1908 con motivo da morte da súa nai; xustamente nas primeiras edicións leva o título de "A morte de miña nai" ⁷² e, polo tanto, non ten nada que ver co seu desterro. Fala tamén Aquilino do periódico *¡Guau... Guau!* e do secretario municipal, asuntos que iremos tratando de vagar.

Por sintetizaren algunhas das opinións de Aquilino e introduciren outras novas, que logo foron reproducidas máis ou menos literalmente en publicacións posteriores, citamos as seguintes palabras:

"Un periódico anticaciquil, rotulado *¡Guau, Guau!* apareceu entón na vila. Vilar Ponte, Noriega Varela e Camilo Cela, vista de Aduanas, pai do autor de *La familia de Pascual Duarte*, eran considerados como os responsables da súa redacción. O segredario municipal foi ouxeto dos ataques da publicación. Desenrolábase a actividade das sociedades agrarias, que tiña como guieiro a Basilio Álvarez, o famoso abade, grande tribuno popular. "Acción Gallega" estendía a Foz a súa axitación. Noriega sintiuse poeta cívico, e escribiu poesías como as tituladas "Acción gallega", "Pr'a os mozos" e "En boa hora". Todo isto conduciulle á perda da escola de Fondós, que era porto moi cobizado. O segredario, segundo se di, non esquencia os versos. Foi trasladado o mestre do extremo norte ao extremo Sul [...]"⁷³.

Comezando polo periódico *¡Guau...Guau!* (así exactamente é o título), diremos, en primeiro lugar, que se publica só ao longo do ano 1906; ¿aínda terían eco os seus ladridos en 1911, cando foi trasladado Noriega? Deste periódico non figura o nome do director e os artigos e noticias non van asinados; só figura o nome do autor nas colaboracións literarias⁷⁴ e, entre os colaboradores, aparece unicamente nunha ocasión Noriega Varela, asinando o poema que comeza "Non xurdirá o veterano" (vid. E 85), que figura sen título, no "Ladrado de Julio de 1906"⁷⁵ é un

⁷² En *Mondoñedo*, nº 157, 11.12.1908; *El Eco de Villalba*, nº 23, 1.2.1909; *Montañesas* 1910, 2ª ed.

⁷³ Cfr. R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 524.

⁷⁴ Noutros casos aparecen pseudónimos e iniciais como X., R., Córcholis, Huesos, Ceda...

⁷⁵ Este é un poema que, con variantes, foi reproducido en varias publicacións con diferentes títulos: "Almas d'a montaña", "Da aldea", "O veterano" e "Campeón ferido", título da última edición en vida do autor.

poema descritivo da vida dos labregos, que transmite tradición e conformismo, lonxe de calquera veleidade revolucionaria ou anticaciquil. Desta publicación consultamos os números correspondentes aos meses de maio, xuño, xullo, outubro, novembro e o último, que na portada di: "¡Guau...Guau! falleció en gracia el día 13 de noviembre de 1906". Son, pois, 6 números e suponse a falta de 2 correspondentes a agosto e setembro, dos que non se acha información⁷⁶. Nestes exemplares non vemos por ningures unha clara crítica anticaciquil, como en todas as partes se di, nin ataques ao secretario do Concello, nin ás autoridades municipais. Trátase, máis ben, dunha publicación humorística moi interesante, obra de persoas con ampla cultura, con frecuentes citas en latín; desprende un ar de innovación, modernidade e dandismo, que vén sendo como un divertimento de intelectuais; fundamentalmente toman como obxecto das súas bromas, burlas ou ataques á prensa das localidades próximas e aos seus colaboradores; máis que á sátira política, practica a sátira trobadoresca, por dicilo con referentes medievais⁷⁷.

No número de maio insérese, na sección de "Ladridos" (p.3), a seguinte noticia:

"Se formó en esta villa un grupo esperantista cuya Junta directiva la componen un *pedagogo y renombrado poeta gallego*, un joven periodista de los más castizos y fecundos que tiene la región, un ilustrado comerciante y un rayano que no es pedagogo, ni poeta, ni periodista, ni comerciante; pero si progresivo y mundial"⁷⁸.

Noriega pertenceu, por conseguinte, ao grupo esperantista de Foz, como xa ten indicado Xesús Alonso Montero⁷⁹. Mais no número seguinte, de xuño, figura outro ladrido (p.4), que di:

"[...] y sepa que el periódico no lo dirige el «Grupo esperantista» de esta, aun cuando nosotros pertenecemos a él, pues de dicho grupo forman parte queridos amigos nuestros que para nada intervienen en la redacción de ¡Guau...Guau!".

Noutro ladrido do mesmo informan de que "ha marchado a Vivero D. Ponciano Villar, padre de nuestro colaborador el conocido literato D. Antonio Villar Ponte".

⁷⁶ Mesmo algunha persoa de Foz interesada no tema nos ten comentado a posibilidade de que non existisen ou que neses dous meses saíse con outro título.

⁷⁷ Algunhas das publicacións satirizadas son *El Vivariense*, *El Eco de Vivero*, *La Voz de Mondoñedo*, *Las Riberas del Eo*, de Ribadeo, *Minerva*, de Mondoñedo, etc...

⁷⁸ O subliñado é noso; fai clara referencia a Noriega Varela.

⁷⁹ Vid. a voz "Esperanto" en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. X, Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974, pp. 214-218, onde podemos ler: "En el de Foz es presidente Camilo Cela; el secretario, Antón Vilar Ponte, y los vocales, Antonio Noriega Varela y Constantino Vázquez".

Disto podemos deducir que Noriega, Vilar Ponte e Camilo Cela estaban na directiva do grupo esperantista, ao que tamén pertencían os redactores de *¡Guau...Guau!*, no que colaboraban algunha vez, aínda que algúns cresen que o dirixían.

É posíbel, inclusive, que a colaboración fose importante, pola súa preparación e sentido do humor, polo gusto pola polémica e por ese uso de expresións en latín, tan queridas de Noriega. E é posíbel, tamén, que polas crueis burlas a xornais de Viveiro, Ribadeo ou Mondoñedo acabasen tendo algun problema con algunha personalidade importante, con influencia neses medios. Mais non parece que tivesen problemas nin coa corporación municipal de Foz, nin co seu secretario en particular, José Candia Villares, que o foi durante moitos anos. Ademais, de existir un enfrontamento co poder local, este estaría representado por D. José Reimunde, alcalde e home poderoso de Foz. Non obstante, J. A. Durán tamén afirma, falando de Antón Vilar Ponte:

"Su rebotica se abre para una tertulia anticaciquil que pronto saldrá a la calle en actitud beligerante. Antonio Noriega Varela y Camilo Cela animan también la combativa reunión. Allí se deciden y se discuten las prosas y los versos satíricos de *¡Guau, guau!*, un can que ladraba semanalmente, todavía en 1906, terror de los mandarines locales y del secretario del Ayuntamiento en especial"⁸⁰.

Si parece moi probábel que nese ambiente de tertulias e de grupos defrontados nas vilas, nas polémicas entre unhas publicacións e outras, de vilas distintas, Noriega, amigo de Vilar Ponte e Camilo Cela, e membro da súas tertulia na rebotica do primeiro, dotado dunha fina e retranqueira vea humorística, acabase por se ver envolvido nesas polémicas, que lle puideron crear certos inimigos. Vexamos o que di Trapero Pardo:

"Os casos que demostran o seu sentido irónico da vida e das xentes son moitos. Baixo aquela capa ruda de lobo montañés estaba o espírito humanista e satírico, temprado pol-as desventuras da vida pero aguilloado pol-a decantación, ao fin da vida, de as paixós vivas.

En Foz fíxose amigo d-un bando político. Escribiu contra o outro bando, e o resultado foi que o bandearon a él para Calvos de Randín. O xeito de ataque satírico que Noriega tiña d-aquela está reflexado n-este caso: dirixía *El Vivariense*, un Semanario de Viveiro, certo señor, do que se decía que non tiña... muy crara a virilidade. E o Noriega un día fixo publicar esta cuarteta, n-outro Semanario de Mondoñedo:

Si vas a la redacción
de *El Vivariense*, tendrás
la exquisita precaución
de... mirar siempre hacia atrás.

⁸⁰ Cfr. "El primer Villar Ponte", in *Crónicas -3..., op. cit., p. 254.*

Por este xeito eran os versos que dirixía ós políticos. Humano antes de ser humanista, gastaba o seu inxenio n'estas toleadas, que soamente lle valeron pra perder amigos e facer enemigos"⁸¹.

Por aquí si lle puideron vir os problemas a Noriega, máis que por unha suposta vea poética anticaciquil, que non se deu nesta época. Mesmo chegou a inimigarse con Vilar Ponte, como nos conta Otero Pedrayo⁸²:

"Seus tempos ditosos, o de estudante sonado nas aldeas e nas mesas dos abades, e o de Foz, onde vivía ben, con bo peixe e a amizade de Antón Vilar Ponte. A xente chegou a ter medo da tertulia da botica de Antón. Houbo unha rifa non sei por qué. Pro no seu impeitizo quixéronse sempre [...]. Fumos á Cruña [...]. Estaba Vilar Ponte e abrazáronse como verdadeiros amigos"⁸³.

Esta versión é bastante coincidente coa que nos dá Trapero Pardo:

"Con Noriega viviu en Foz Antón Villar Ponte, que tiña, com-ô poeta de Mondoñedo, anceos de librarse da mezquindade da política localista. Entrambos deron en comentar as cousas e as personas da vila mariñeira en que vivían, e chegaron ás veces hastra a decir un do outro cousas que quizabes por amizade que os ligaba non deberan decir. Un día, sin que Villar Ponte o soupese, fixéronlle escuitar a Noriega o que d-él decía o amigo; e outro fixéronlle escribir a Villar Ponte o que Noriega decía d-él. O resultado foi que os dous amigos rifaron, e pasaron muitos anos antes de que volvesen a falarse, pois si Noriega tiña a virtude de esquencer o que decía dos demais e o que os demais decían d-él, Villar Ponte tiña muito máis amor própeo, e non quería perdoarlle a Noriega o que había dito. Somentes anos máis tarde, con ocasión d-un recital que o poeta deu na Cruña no Círculo de Artesanos, barréronse aquelas difrencias e os dous déronse unha aperta, mixturada con bágoas, pois entrambos eran homes de corazón"⁸⁴.

Vemos que Noriega tivo problemas en Foz mesmo cos seus amigos, por esa vea satírica que o caracterizaba. Lóxico é pensar que tamén se criase outros inimigos. Otero Pedrayo, nesas follas manuscritas para Carballo Calero, infórmao de que os seus inimigos políticos en Viveiro eran os representantes do deputado pola circunscrición, don Avelino Montero Villegas, fillo de Eugenio Montero Rios⁸⁵.

O propio Noriega trata deste asunto en carta dirixida ao director de *Justicia*, de Mondoñedo, en ocasión case única, no ano 1925:

⁸¹ Cfr. *op. cit.*, p. 5.

⁸² Nas follas manuscritas enviadas a Carballo Calero (cfr. *Historia da literatura...*, *op. cit.*, p. 547).

⁸³ Esta reconciliación produciuse con motivo dun recital de Noriega na Reunión de Artesanos da Coruña, o día 23 de maio de 1925, como parece desta noticia aparecida en *La Voz de Galicia*, de 24.5.1925: "Presentó al poeta el culto periodista, bibliotecario de la 'Reunión de Artesanos' Sr. Villar Ponte".

⁸⁴ Cfr. *op. cit.*, pp. 5-6.

⁸⁵ Vid. R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 544.

"Clavada en medio del corazón tenía otra *espiña pezoñenta*, tan ruin como la que antes *magóara* al infeliz Curros Enríquez...

Voy a sacármela del corazón, ahora mismol, y en la presencia de Udes.

Diez años fuí el maestro de primeras letras en la villa de Foz. En paz descanse un hijo de Montero Ríos qe. de Foz *me desterró*. Y del bandazo, aparecimos en Calvos de Randín, a las puertas de Portugal.

Allá dimos con nosotros, *sin la más piadosa protesta de los míos...* Nada!, ni, por lo menos, *un suavísimo reprobche* de las servilísimas hojas periódicas qe. en aquel entonces ahí... *se arrastraban*.

Creo qe. estoy en familia, verdad? y Vdes. se dignarán perdonarme este pueril desahogo, máxime si se considera qe. *hasta el día de hoy* no exterioricé mis resentimientos delante de nadie, apesar de qe. casi, casi van transcurridas dos decenas de anos" (cfr. III.6.1.20)⁸⁶.

D. Avelino Montero Villegas⁸⁷ e esas "servilísimas hojas periódicas" son para Noriega a causa do seu desterro. En ¡*Guau...Guau!* só achamos una difusa referencia á familia de Montero Ríos:

"Pues bien, ayer cogió «El Eco de Vivero» en sus manos y tropezaron sus ojos con un editorial largo como los días de este mes, pero sin otras flores que las del cardo borriquero y borraja, en el cual se despotrica a diestra y siniestra contra los gobernantes españoles porque tienen olvidada a Galicia, culpándolos a ellos solamente de cuantos males afligen a la hermosa región *Besada* por la cuna de Montero Ríos y demás *troupe yernocráctica*"⁸⁸.

Dunha polémica do periódico *Mondoñedo* con *El Progreso*, de 1909, parece desprenderse que o señor Montero Villegas, de quen se fala antes como deputado por Mondoñedo nesta altura, non favorecía os intereses da mesma:

"Y en esto como en todo, demuestra el colega su cariño e interés por Mondoñedo.

A trueque de manifestar su incondicional sumisión a D. Avelino, que parta un rayo á nuestra ciudad!"⁸⁹.

No ano 1925 a Sociedade "Mondoñedo y Distritos", coa adhesión doutras institucións e personalidades, eleva ao Goberno español unha petición para que se lle conceda ao poeta un ascenso. Tamén se une a

⁸⁶ Os subliñados son do autor.

⁸⁷ Naceu en Madrid en 1875 e morreu en París en 1923. Fillo de Montero Ríos, iniciou Dereito na Universidade de Madrid e licenciouse na de Santiago. Ingresou moi novo na vida política do brazo de seu pai, representando ao distrito de Mondoñedo, mais a súa actividade principal está relacionada coa Xustiza, chegando a ser fiscal do Tribunal Supremo en 1916 e subsecretario de Gracia e Xustiza. Estudiu e escribiu sobre a temática da delincuencia infantil e xuvenil.

⁸⁸ ¡*Guau...Guau!*, Foz, Ladrado de Mayo de 1906, p. 2 ("Cháchara canina").

⁸⁹ Cfr. "El Progreso y Mondoñedo", *Mondoñedo*, nº 185, 24.6.1909.

esta demanda a revista *Céltiga*, de Buenos Aires, que dedica unha páxina en apoio da idea:

"Por una de esas «cacicadas» de remota naturaleza feudal, y que fue perpetrada por un hijo del más eminente político gallego, el poeta fue trasladado de la escuela de Foz a la escondida aldea de Trasalba [...]".

Nesa mesma páxina reproducéase a carta que o Presidente da Sociedade mencionada dirixe ao Presidente do Directorio español, na que, entre outras cousas, di:

"Hace más o menos 16 años que Noriega Varela fue arrancado del puesto que ocupaba en otra escuela de la Villa de Foz, partido judicial de Mondoñedo, por obra de un político influyente, que ha querido así ahogar la santa rebeldía del poeta singular [...] "90.

Citemos, outra vez, a Noriega: "Voy cansado de luchar con caciques. Y dejé la piel en sus garras" 91.

Parece claro que ese político era Avelino Montero Villegas e que algo tiveron que ver aquelas follas periódicas de que fala Noriega. Mais, ¿sería ¡*Guau...Guau!* a causa do desterro? Lembremos que este aconteceu en 1911 e o periódico é de 1906.

Admitindo que nel puidese estar a raíz do problema, debemos descartar que a causa fose a publicación nel de poemas anticaciquís, como afirma a crítica en xeral, posto que non existen. Eses poemas combativos serán posteriores.

Só temos noticia dun poema destas características anterior a 1911 e que non se cita entre os da vea anticaciquil do autor. É un poema de circunstancias, feito con motivo da morte do poeta Curros Enríquez, en 1908, e que, por iso, talvez pasou desapercibido como poema combativo, aínda que non ao propio Noriega, que en 1946 quere expurgalo de *Do Ermo*:

"[...] pero a Leal no le viene en gana *seleccionar* como se lo demanda mi conciencia: en esas pruebas *mutiladas no amputó dos*, ya con a *gangrena*: «*No enterro de Curros*», abiertamente impía, y la intitulada «*Abrulas*» descaradamente libidinosa" (cfr. III.6.1.47).

Leal Insua acabaría por suprimir o poema "Abrulas", mais mantivo o primeiro na edición definitiva.

90 Cfr. "En favor del poeta Noriega Varela. Una petición acertada", *Céltiga*, Buenos Aires, nº 23, 10.12.1925 (cfr. tamén III.6.3.1).

91 Cfr. Eduardo Blanco Amor, "Una carta de Noriega Varela", *Acción Gallega*, Buenos Aires, nº 4, 30.9.1920 (cfr. tamén III.6.1.3).

Agora ben, este poema anticaciquil non foi publicado en *¡Guau...Guau!*, pola sinxela razón de que xa non existía. O poema é o seguinte:

*¡Mala morte mate á Morte!
veu por Curros, ¡viña tola!
e Galicia queda sola,
i o Estro Viril sin norte;
mais ... ¡leria!, que aínda foi sorte
prós que o Vate apouvigara:
raposos, ¡a loita para!
caciques, ¡ollar vos toca
como cai terra na boca
de quen vos cuspeu na cara!* (cfr. M 12)⁹².

Hai tamén preocupación social polos máis necesitados noutros poemas de Noriega, como "Inverno" (vid. E 64), "Nus farrapos..." (vid. E 32), etc..., mais sen o espírito de rebeldía que caracteriza os poemas anticaciquís. Os propiamente citados como tales, e aducidos algúns deles como causa do desterro, son os 7 seguintes, con indicación do ano en que temos constancia que foron publicados por primeira vez:

- "¡Mais coraxe!" (vid. PNR 12), 1913.
- "En boa hora ..." (vid. PEX 5), 1914.
- "Do tempo dos caciques" (vid. PNR 13), 1914.
- "Requisitos" (vid. PNR 14), 1914.
- "Acción Gallega" (vid. PEX 6), 1920.
- "Prós mozos" (vid. PEX 7), 1920.
- "Pra excusar ben traballos" (vid. PEX 8), 1920.

Todos eles son posteriores, que saibamos, a 1911 e, por tanto, non puideron influír no seu traslado. Polas datas que posuímos, deberon ser escritos cando Noriega estaba en Trasalba na veciñanza de Otero e próximo a Beiro, onde Basilio Álvarez era párroco desde 1912. Xa vimos que en decembro de 1913 este escribiu o prólogo de *A Virxen i a paisanaxe* con Noriega en Trasalba. O coñecemento e amizade entre estes dous personaxes débese producir neste ano e non antes, como se ten afirmado. J. A. Durán así o afirma tamén:

"En 1913, con motivo de un viaxe a Cuba, descubre al poeta Cabanillas y prologó su primer libro de poemas; este mismo año, con ocasión de los mítines, conoce y radicaliza al poeta Noriega Varela, que escribe con tal motivo los poemas civiles y radicales de Do ermo, prologando su colección de cantares a la Virgen"⁹³.

⁹² A primeira vez que o achamos publicado foi en *Galicia solidaria*, Coruña, nº 36, 30.3.1908 (número especial dedicado a Curros).

⁹³ Cfr. "Álvarez, Basilio", *Gran Enciclopedia Gallega*, t. II, Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974, pp. 10-11.

Mais debemos ter en conta que en 1913 Noriega está xa en Trasalba e non en Foz, que abandona no ano 1911, pois o propio Durán escribe noutra ocasión:

"En otra cabalgada basilista, por las montañas norte-luguesas esta vez, cambia el registro poético y hasta la vida plácida de Antonio Noriega Varela"⁹⁴.

Esta idea pode estar inducida polo propio prólogo de Basilio Álvarez (vid. *supra*), mais alí non fala que fose el persoalmente quen estableceu contacto con Noriega en Foz, senón que "un día los mozos de «Acción Gallega» acertaron a pasar por la tierra del vate". Non obstante, a idea de que foi o líder agrario quen convenceu para a causa a Noriega en Foz está xeralmente estendida⁹⁵.

Vários deses poemas anticaciquís foron publicados en *El Ratón*, de Vilalba, en 1914⁹⁶. Este si que era un periódico anticaciquil que atacaba con dureza a política municipal, como xa se indica na cabeceira: *El Ratón. Periódico Quincenal. Órgano oficial de la clase de ratas municipales*. A continuación leva como dous lemas: "Al cacique y al ladrón roerá siempre *El Ratón*" e "A los ratos del concejo los dejará sin pellejo".

Perante isto, cabe perguntármonos se alguén non terá confundido o *¡Guau...Guau!* de Foz con *El Ratón* de Vilalba, porque os tópicos atribuídos ao primeiro encaixan perfectamente no segundo.

Existen outros datos e informacións que nos mostran un enfoque distinto e/ou complementario deste traslado ou desterro do poeta.

No Concello de Foz hai un libro de "Actas de la Junta de Instrucción pública de Foz", que comprende todo o período en que estivo Noriega alí destinado como mestre. Esta Xunta de Instrucción estaba presidida polo alcalde da vila, que era D. José Reimunde Acevedo, e constituída polo cura párroco, o médico titular, o farmacéutico e algún concelleiro,

⁹⁴ Cfr. J. A. Durán, "La poética rebelde de los agrarios (Sobre la novedad «revolucionaria» de los poetas de Acción Gallega)", in *Crónicas -1. Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*, Madrid, Akal Editor, 1974, pp. 252-253.

⁹⁵ Vexamos, por exemplo, o que escribe Pilar Vázquez Cuesta ("Literatura Gallega", in *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Madrid, Ed. Taurus, 1980, p. 816): "Del poder de atracción que poseía «Acción Gallega», y en especial su líder Basilio Álvarez, da idea el hecho de que, en una incursión por las tierras de Lugo, el popular tribuno consiguiera ganar -aunque fuese efímeramente- para la causa a un poeta por naturaleza y educación profundamente respetuoso con el orden establecido como era Noriega Varela, del que hace sin querer un pequeño mártir del agrarismo".

⁹⁶ Son estes "En boa hora...", "¡Máis coraxe", "Pró cacique" (logo titulado "Do tempo dos caciques") e "Requisitos".

regularmente, e tiña por obxecto velar pola boa marcha dos centros educativos. Nalgunhas das sesións faise referencia á escola de Fondós e a Noriega Varela.

O día 20 de outubro de 1904 reúnese esta Xunta coa asistencia do Sr. Inspector provincial de Instrución pública, que curiosamente é o tamén poeta galego D. Xerardo Álvarez Limeses. O obxectivo da reunión é que este informe da visita xirada ás escolas públicas do término municipal, para o que toma a palabra e vai pasando revista, unha por unha, até chegar á de Noriega:

"[...] en la de niños de esta capital deficiencias en la marcha de la enseñanza, que explican en parte lo escaso de la concurrencia, dando lugar a resultados poco halagüenos, aún cuando el Maestro se imponga mucho trabajo personal".

Non volvemos dar con información sobre a escola de Noriega até a sesión do 7 de xuño de 1910, da que consta unha "Acta de examen de la escuela de niños de Foz", que a continuación transcribimos (con algunha dificultade pola pouca claridade da letra):

"En el local de la casa-escuela de niños de esta villa, a las cuatro de la tarde del siete de junio de mil novecientos diez. Con asistencia del Sr. Alcalde don José Reimunde, del Sr. Cura párroco Don José María Agrelo Barrera, Médico titular Don Eladio Candia Río, Concejal Don Anselmo Vázquez y mi secretario, se dio comienzo a los exámenes, estando al frente el Maestro Don Antonio Noriega Varela previamente puestos de acuerdo antes de este día sobre la hora y día señalados.

Hállanse presentes cuarenta y dos niños y del examen resultó que los más adelantados escriben sobre papel pautado, clase quinta, con epígrafe litografiado, que esos mismos niños más adelantados leyeron por libros de letras manuscritas, ediciones Calleja; que leyeron regularmente y verificaron operaciones de las cuatro reglas de aritmética; que fuera de los seis que leyeron regularmente, los demás lo hacen por el libro impreso de frases y cuentos edición Calleja; que no existen carpetas o bades para escribir; que se nota la falta de muchos tinteros atribuyéndola el Maestro a que desaparecieron cuando se celebraron las clases nocturnas, y que el Maestro manifiesta que todos los niños tienen el ----- suficiente para los niños que concurren a la escuela.

Con lo cual se dio por terminada la presente que firman todos los señores concurrentes de que certifica".

(Seguen as asinaturas).

Na sesión de 12 de outubro de 1910 xa se informa dos trámites do expediente aberto contra Noriega, sen que antes haxa ningunha noticia ao respecto:

Á marxe da acta figuran como asistentes Sres. Don:

José Reimunde Acevedo, Presidente

José M^a Agrelo Barrera, Cura párroco

Eladio Candia Río, Médico titular

Ramón López Lestón, Farmacéutico

Anselmo Vázquez, Concejal

Ramón Díaz, id

José María López Rodríguez, Vecino

Como nas demais actas, non figura o nome do secretario, mais ao final, despois da asinatura de todos os mencionados, aparece, como sempre, a de José Candia Villares, que tamén figura nas actas das sesións da Corporación municipal en último lugar, polo que supomos que el era o secretario do Concello de Foz. Transcribimos íntegra esta acta, polo seu interese:

"En la Consistorial de Foz a doce de octubre de mil novecientos diez. Bajo la presidencia del Sr. Alcalde, D. José Reimunde Acevedo, reuniéronse los señores que al margen se expresan y constituyen la mayoría de la Junta local de primera enseñanza; y leída el acta de la sesión anterior, fue aprobada.

Seguidamente dióse cuenta del expediente seguido al maestro D. Antonio Fernández Noriega, del cual resulta: que con fecha dieciseis de julio último, ordenó el Sr. Gobernador-presidente de la Junta provincial de instrucción pública, que se instruyese el oportuno expediente a dicho Maestro, según lo mandado por la Subsecretaría del Ministerio de Instrucción pública y Bellas Artes por consecuencia de visita extraordinaria girada por el Sr. Inspector de primera enseñanza; que recibidas varias declaraciones a padres de familia de reconocida independencia y probidad, afirmaron de perfecta conformidad que el referido Maestro no cumple sus deberes, dando lugar a que no salga de la escuela ningún muchacho medianamente instruído y suministrando numerosos detalles que con sus respectivas deposiciones se consignan; que tales aseveraciones las confirmó el alcalde de barrio en su informe de dieciseis de agosto, por su doble carácter de Autoridad y padre de familia; que del acta de juntas de 20 de octubre de 1904 y de exámenes de 7 de julio de 1908 y 7 de junio de 1910, aparece comprobada la negligencia del Maestro; que la Superioridad, en oficio de veintinueve de septiembre, recuerda el cumplimiento de lo que ordenara en dieciseis de julio, y que se vigile si el Sr. Fernández Noriega cumple actualmente con los deberes de su cargo; que dispuesto que el alcalde de barrio ejerciese tal vigilancia, confirma en todas sus partes el informe anterior, y que el Sr. Presidente tuvo asimismo ocasión de corroborarlos.

En su vista, el Sr. Alcalde sometió al conocimiento de la Junta el expediente que queda extractado, a fin de que emita el informe que se reclama por la Superioridad, y unánimemente se acordó:

1º Declarar que es cierto todo cuanto resulta del expediente instruído.

2º Y que por esto, y por hallarse el Maestro absolutamente distanciado de las Autoridades locales y de los padres de familia, entiende la Junta, y así lo propone, que debe ser trasladado de este distrito dicho Sr. Fernández Noriega.

Y siendo este el único objeto de la convocatoria, el Sr. Presidente levantó la sesión. Firmaron esta acta los señores presentes, de que certifico"

(Seguen as asinaturas).

A continuación desta acta vén a da sesión do 11 de febreiro de 1911, que resolve definitivamente este asunto. Figuran á marxe os Sres. Don

José Reimunde, Presidente, Ramón Díaz e Anselmo Vázquez. Ao final, como sempre, a asinatura de José Candia Villares. A acta di o seguinte:

"En la Consistorial de Foz a once de Febrero de mil novecientos once. Bajo la presidencia del Sr. Alcalde se reunieron los Señores que al margen se expresan y constituyen la mayoría de la Junta local de primera enseñanza; y leída el acta de la anterior, fue aprobada.

Seguidamente se dio cuenta de un oficio del Sr. Gobernador-presidente de la Junta provincial de instrucción pública, fecha treinta y uno de enero último, transcribiendo otro de Sr. Rector de la Universidad de Santiago en que se participa que conforme a la Real Orden de cinco de diciembre anterior había nombrado fuera de concurso para la escuela completa de niños de Calvos de Randín (Orense), dotada con seiscientas veinticinco pesetas y emolumentos, a Don Antonio Fernández Noriega Varela, debiendo cesar en la de igual clase de Foz, que actualmente desempeña. Y habiendo exhibido dicho Maestro la nueva Credencial, la Junta, por unanimidad, acordó que cese aquél en el desempeño de la escuela de niños de esta Villa, lo que se consigne en su título administrativo y ponga en conocimiento de la Superioridad; y que por un oficial de la Secretaría se recojan los inventarios de los efectos existentes en la escuela.

Con lo cual se dio por terminada la presente que firman todos los señores asistentes, de que certifico".

(Seguen as asinaturas).

Esta é a outra versión deste asunto, a oficial, a que está nos papeis. O que non consta neles é o xogo político-ideolóxico que puidese haber detrás, se realmente o houbo.

Para rematarmos con este capítulo da vida de Noriega imos facer unhas últimas consideracións. Temos, en primeiro lugar, o testemuño dun alumno do poeta en Foz:

"Desde los cinco a los nueve años asistió a la escuela de Fondós de la que era profesor Noriega Varela, de quien guarda un grato recuerdo, aunque en alguna ocasión era demasiado severo como cuando, con motivo de un castigo, lo mandaba a la huerta a sacarle los caracoles a las verduras o arrancarle las lechugas. «Me acuerdo que un buen día que llegamos tarde a clase, José Antonio Marful y yo -nos comentaba José Ramón con airc picaresco- el profesor Noriega nos llevó a la plataforma y haciéndonos poner las manos juntas y los dedos hacia arriba, nos dio con una estaca hasta que ya no aguantamos más, como premio a nuestra desobediencia»⁹⁷.

E logo este vello mariñeiro aínda se lembra dalgunhas adiviñanzas que lles ensinaba o mestre e declama unha das moitas poesías que lles facía aprender ("Oigo patria tu aflicción...").

Noriega tivo que abandonar Foz en febreiro de 1911 e en maio aínda non estaba ocupada a súa praza:

⁹⁷ Cfr. Juan Carlos Fernández Pulpeiro, "José Ramón «o Chouteiro». Toda una vida dedicada al Mar", *Revista de las fiestas de Foz*, Impresión Love Gijón, 1980.

"Desde Foz se quejan varios padres de familia de que por no haber aún tomado posesión el maestro nombrado para sustituir al Sr. Noriega, andan muchos niños vagabundeando, con grave perjuicio para su educación"⁹⁸.

Mais Noriega non é home rancoroso e sabe perdoar. Ao longo da súa vida volveu moitas veces a Foz e ten feito algunhas referencias a esta etapa pasada aquí:

*[...] Si xa todo non son chanzas
o sarcasmo... fora atroz!
¿Sabes Ramón que eu de Foz
gardo tristes lembranzas?
Por mor do daño (non pense
alguén que de inxuriar trato)
facento FU como o gato
salín de Fondós pra Ourense.
I ora quero que repares
que xa empecei no camiño
a afogar en vello viño
o tropel dos meus pesares [...]* (vid. PNR 25).

Noriega, nos veráns, foi asiduo veraneante nas praias de Foz:

"A media mañá chegaba â praya. Sempre c'o seu chambergo, o seu traxe de pano marrón, carabel roxo n'a solapa e o seo imprescindíbel cayado de abelao. De cote o lugar escolleito era a Pena d' a Rapadoira. Remangado hastra media perna, metía os pés n' unha pucheiriña de auga [...]. Os seus admiradores pousábamonos ô seu carón e escoitábamos d' il unha chea de historias muy ledas que o poeta contaba con aquela gracia e socarroneiría tan súa"⁹⁹.

"[...] Y arrullado por el incesante rumor de las olas que baten la "Rapadoira", va contando los incidentes del "bandazo" que le llevó desde Foz a Calvos de Randín, terminando por afirmar que ha perdonado a los que lograron separarle de las playas para acercarle a tierras portuguesas"¹⁰⁰.

Como se informa tamén no último artigo citado, Noriega escribiu o "xuício do ano" 1931 na praia da Rapadoira de Foz:

*A República (a feroz
besta brava, ou hidra atroz,
que as lebres moito intimidada),
tempos fai que estabrecida
está nas plaias de Foz...*

Alí eu, morto de risa,

⁹⁸ Cfr. *La Voz de Mondoñedo*, Mondoñedo, nº 426, 15.5.1911.

⁹⁹ Cfr. Lalo, "Lembranzas", *A Rapadoira*, Foz, nº 5, xullo 1962.

¹⁰⁰ Cfr. Neura, "Pantoscopio", *Vallibria*, Mondoñedo, nº 26, 24.8.1930.

*ennovelei, mui de prisa
este xuicio irrisorio
que aparece, con camisa
de estopa, no repertorio (vid. PNR 27).*

Moitas anécdotas se contan do poeta en todos os sitios en que estivo. Facendo unha excepción, pois non é este o noso obxectivo, imos reproducir unha recollida en Foz por Suso Fernández da boca dun alumno de Noriega, por considerala ilustrativa do período que estivemos a tratar:

"Aquí na miña tenda, que servía de cartería, xuntábanse tódolos días Noriega Varela, Vilar Ponte e Camilo Cela. Noriega non recibía prensa algunha, i entón botaba unha ollada aos distintos xornais que se recibían en Foz, antes de entregalos aos seus destinatarios. Moitas veces viña, tamén, un conveciño noso, Manuel Fraga Penabad, a quen lle gostaba escoitar a amena conversa dos tres homes de letras, os cales, sin decirlle ren, decidiron suscribir a Penabad a un periódico que por aquel entón se editaba en A Cruña, chamado "El Eco de Galicia".

O home extrañábase de recibir aquel xornal, aínda que podía sospeitar que llo mandara alguén interesado en que lera prensa católica. Nembargantes preocupaba ao bon home o pago do periódico e así llo fixo saber a Noriega.

- Don Antonio, ¿como hei de facer cando me veña o recibo? Non teño un carto!

- Esto é moi sencillo -lle dixo o poeta. Non tes nada que pagar. Cando che veña o recibo, devólveo i escribe por detrás:

El recibo retirad,
que el pagar pasó a la historia.
Manuel Fraga Penabad
no está aquí, está en la gloria"¹⁰¹.

E damos por finalizado este período da vida de Noriega con dúas novas citas que, redundando en ideas xa expostas, fornecen algún novo matiz dentro dese ambiente de burla e enxeño recollido na anécdota citada:

"Apareció el Guau, Guau, publicación tan irónica como efímera. A Noriega le sirvió para ser trasladado a la escuela de Trasalba en Orense. Dícese que el motivo de ello fue el haberle cargado la paternidad de ciertos ferretes que iban dirigidos contra determinado político que aspiraba a ser diputado por Mondoñedo"¹⁰².

¹⁰¹ Cfr. Suso Fernández, "Noriega Varela e Foz", *Amencer*, Foz, nº 8, Xaneiro-Febrero 1978 (Este artigo segue moi de cerca o traballo de Aquilino Iglesia Alvariño publicado no nº especial do *Faro de Vigo*, do ano 1953, e reproduce algún dos erros alí detectados).

¹⁰² Cfr. Alfonso Toimil Salgado, "Los próximos juegos florales en la costa lucense", *El Progreso*, Lugo, 27.6.1966.

O último testemuño é de especial importancia por ser dun dos tres protagonistas desa famosa tertulia, Camilo Cela:

"En nuestras charlas de la botica o en los ratos dedicados al "Gotiño" cuando podíamos "romperlle a cara a un peso" -¿verdad, Noriega?- acordamos editar un periódico, "El Guau, Guau", donde Villar Ponte y Noriega Varela -yo no pasé de reportero- dieron muestra de sus galanos ingenios"¹⁰³.

I.2.1.3. O periplo por terras ourensás

Abandona Noriega a Mariña lucense para se instalar nas terras interiores da provincia de Ourense, seguindo o seu constante peregrinar do mar á montaña e viceversa, aínda que poeticamente ficase nesta¹⁰⁴.

A etapa ourensá transcorre fundamentalmente en Trasalba, mais ten un prólogo en Calvos de Randín, o seu primeiro destino nesta provincia, terra agreste e dura, verdadeiro lugar de desterro do poeta, como o Ponto tamén o fora, "in finibus extremæ Ausoniae", para Ovidio:

"Mais tamén si aquel confinamento de Ovidio sirvú pra que a Humanidade tivera unhas obras maestras do xénero elexíaco, tamén o confinamento de Noriega foi unha sementeira fecunda de inspiración e foi un modo de que puidese chegar a conocer a lírica puxante dos poetas da veciña nazón"¹⁰⁵.

O propio autor séntese desterrado e desolado nesa terra, onde pasa horas de amargura, afastado dos amigos e sometido el e a súa familia a un clima dificilmente soportábel para quen vén da beira-mar:

"Todo en esta región parece donminado por el recuerdo del invierno y las largas nevadas. Sólo las robledas y algunas formaciones de abedules en los cauces señalan la presencia del bosque. En la gándara y en los relieves inmediatos reina el monte bajo de robles degenerados, tojal, ericáceas y junqueras"¹⁰⁶.

As súas impresións sobre Calvos de Randín fican expostas no poema que leva por título "Calvos de Randín" (vid. M 22), á fronte do cal puxo este significativo cantar popular:

¹⁰³ Opinión recollida por José María Beltrán Veiga, "Noriega Varela, Camilo Cela, Villar Ponte... y Salgado Toimil (II)", *El Progreso*, Lugo, 17.5.1969.

¹⁰⁴ Dos 40 anos de mestre, o poeta pasou practicamente a metade á beira do mar (Foz e Chavín-Viveiro) e a outra metade en terras montañosas (Calvos de Randín, Trasalba e a Graña de Vilarente-Abadín).

¹⁰⁵ Cfr. J. Traperó Pardo, *op. cit.*, p. 15.

¹⁰⁶ Cfr. Santiago Amaral, "La tierra de Calvos de Randín", *La Noche*, Santiago de Compostela, 12.4.1947.

"Dicen que Calvos é vila
i el é un triste lugar:
¡coitadiña da meniña
que a Calvos se vai casar!".

Aínda que o poeta mostra nesta composición simpatía pola terra que o acolleu, non pode deixar de reflectir un panorama bastante desolador da mesma:

*Calvos de Randín, paisanos,
non é Capital de España;
pro desde logo aseguro
que é aldeña... de importancia!
Ó menos eu non coñezo
outra que teña máis cabras,
nin tantos fatos de ovellas,
nin máis garridas rapazas [...]*¹⁰⁷

Consideramos esta etapa como unha paréntese de sofrimento, silencio e reflexión do poeta. A penas demos con poemas que figuren datados en Calvos, como sucedía antes con Foz moi frecuentemente e sucederá tamén despois con Trasalba, A Graña de Vilarente ou Santa María de Chavín e máis Viveiro. Este mesmo poema aparece publicado por primeira vez a fins de 1913, cando xa estaba en Trasalba. Imaxinámonos, máis ben, a un poeta incomunicado e escasamente produtivo neste período, pois achamos escasas colaboracións súas en xornais e revistas, tan frecuentes antes e despois.

Poucos datos fiábeis posuímos; sabemos que foi cesado en Foz o 11 de febreiro de 1911 co encargo de se incorporar á escola de Calvos, para a que xa tiña o nomeamento. No Rexistro Civil desta vila consta que o 6 de xaneiro de 1912 lle naceron dous fillos xémeos, Gaspar Fernández Bello e outro, ao que non se lle puxo nome, pois morreu ás poucas horas¹⁰⁸. Gaspar morrería tamén tres días despois, o 9 de xaneiro de 1912¹⁰⁹.

Sabemos tamén que no mes de outubro de 1913 Noriega xa estaba destinado en Trasalba¹¹⁰, polo que o período de permanencia en Calvos

¹⁰⁷ Antes da aparición na edición definitiva da obra do autor en 1946 (é significativa a súa inclusión en *Montañas* e non en *Do Ermo*), só temos noticia da súa publicación en *Vida Gallega*, Vigo, nº 47, de finais de 1913, con algunhas variantes.

¹⁰⁸ Rexistro Civil de Calvos de Randín, *Libro 16 de nacementos*, folios 204 e 205, respectivamente, e *Libro 14 de defuncións*, folio 330.

¹⁰⁹ *Ibid.*, *Libro 14 de defuncións*, folio 331. Nalgunha composición (vid. Francisco Leal Insua, *op. cit.*, p. 232) figura co nome de Baltasar.

¹¹⁰ Vid. Basilio Álvarez, *op. cit.*, p. 5, quen no prólogo datado en outubro de 1913 di: "Hoy continúa en Trasalva a cuestas con su odisea".

pode ser algo inferior aos tres anos dos que xeralmente se fala, aínda que en exceso longos para o poeta e a súa familia¹¹¹.

Non podía, pois, Noriega estar contento en Calvos:

"[...] e cando lle preguntaba si se ía afacendo por Calvos, contestaba que non, i engadía con moito énfasis:

- Aquello es un lugar aspérrimo, señor"¹¹².

Trasalba supuxo para Noriega o reencontro consigo mesmo e co mundo. Volveu á vida das relacións e das amizades e deu novos pulos á súa carreira poética, quizais dormida en Calvos de Randín. No ambiente de paz e tranquilidade que necesitaba, a súa vea poética vai ascender por camiños de depuración na procura dos máis altos cumios.

Aquí achou a amizade e a protección de D. Ramón Otero Pedrayo, dono da Casa Grande de Cima de Vila, preto da escola do lugar de Outeiro, onde Noriega exercía de mestre e tiña a súa modesta vivenda. Será Otero quen o poña en contacto cos intelectuais de Ourense, iniciando así unha fecunda etapa de relación con figuras destacadas en diversas facetas da vida cultural e política do país.

Entre estas estaba, tamén, Basilio Álvarez, que era cura de Beiro, parroquia próxima a Trasalba, e, ademais, víanse en Ourense:

"Cando baixaba o poeta á cidade, agardábo o seu vello amigo Basilio Alvarez, visitaba a tertulia de Don Marcelo Macías, e asistía á de Vicente Risco, formada por poetas mozos e intelectuais"¹¹³.

No prólogo a *A Virxen i a paisanaxe*, xa citado (vid. I.2.1.2), Basilio Álvarez presenta a Noriega como mártir do caciquismo, mais non fala de que fose autor de poemas anticaciquís. Estes van comezar a aparecer

111 A este respecto manifesta Otero Pedrayo, que viu o estado en que esta familia chegaba a Trasalba: "E algún cacique de gulpilleiras artes, aproveitando o non ser o poeta mestre numerario e soio dos chamados de «dereitos limitados», chimpóuno do posto e no curazón da xiada invernia, ca dona enferma, unha neniña nova, foi cair na serra de Calvos; mal aloxamento, falencia de cartos, lonxanía. Pra o poeta do ermo non foron xenerosas as gándaras frías espalladas pé do cume da Aguióncha, acasoadas ca terra portuguesa xa polo poeta benamado. Non aturaba o peito da dona a friaxe da serra e fuxíu o matrimonio pra a primeira escola valeira como pra unha terra de promisión, sin coñecela. Era Trasalba. Delores pro tamén venturanzas. Dela, a forza criadora da sua mellor poesía" Cfr. "Noriega Varela no seu tempo ourensán (I)", *Chan*, Madrid, nº 6, I quincena de mayo 1969.

112 Cfr. Ben-Cho-Shey, "Lembranza de Noriega Varela. O seu calvario polas terras de Limia", *Chan*, Madrid, nº 8, I quincena de junio. 1969 Neste artigo pódese ler a curiosa anécdota da súa despedida da escola de Foz, segundo a cal o poeta realizou as súas necesidades fisiolóxicas en riba da súa mesa de traballo.

113 Cfr. Francisco Fernández del Riego, *op. cit.*, p. 15.

a partir de agora. Debe ser neste momento cando se produce a influencia do líder agrario, e non antes.

A momentánea "adopción" da causa agrarista nos seus versos posibelmente a debamos situar nesta etapa de Trasalba, como unha concesión ao seu amigo Basilio Álvarez, sen descartar certas motivacións de carácter persoal e familiar¹¹⁴; tamén na posterior publicación de *Do Ermo* en 1920 fará algunha concesión aos galeguistas que llo editaron, incluíndo algúns destes poemas, segundo insinúa Vicente Risco:

"Pois tamén o Noriega sinteu unha vez o desacougo revolucionario, aló nos tempos d'Acción Gallega. D'aquelo fican tres poesías incruídas na recolleita *Do Ermo*, cecais por contentar ós editores nacionalistas..."¹¹⁵

En Trasalba sufriu a perda da súa primeira esposa, falecida o 13 de marzo de 1915 (vid. III.1.10), non en 1913 como recollen algunhas publicacións¹¹⁶. Na acta de defunción¹¹⁷, figura co nome de Manuela en vez de Ramona, mais consta "que estaba casada en el acto de fallecimiento con Don Antonio Fernández Noriega de cuyo matrimonio dejan dos hijas llamadas Cándida y Dolores". Tamén constan ben os apelidos, Bello Mariña, así como a súa procedencia de Foz.

Dos 6 fillos deste matrimonio, morreron moi novos os 4 varóns e sobreviviron as dúas fillas, que serían un grande apoio na vida do poeta. Cándida, por exemplo, figura en moitas fotografías acompañando a seu

¹¹⁴ As circunstancias polas que acababa de pasar o poeta e a súa familia, co desterro e permanencia en Calvos, onde lle morreron os dous fillos xémeos e a muller enfermou, facían seguramente máis propicio ás doutrinas redencionistas do dirixente agrario, home de grandes dotes de persuasión. É probábel que Noriega sentise despertar no seu interior certa momentánea rebeldía pola difícil situación en que acababa de vivir e que reflicte nos seguintes versos, que significativamente levan a palabra "Íntima" no título:

*Pra excusar ben traballos
dobregarme debín máis que os vincallos,
diante dos que aborrecen, ¡vil ralea!,
a quen libre a súa sangre ver desea;*

*pero ¡non!, meus destinos
parexos corren coa altivez dos pinos,
i o que ben cobicei, ben o deseio,
i a semente xa é flor que amima o ceio... (vid. PEX 8).*

¹¹⁵ Cfr. "Da renacencia galega. III Cuatro Poetas", *Céltiga*, Buenos Aires, nº 36, 25.6.1926. O editores nacionalistas de *Do Ermo* 1920 son o propio Risco, Antonio Losada Diéguez e Arturo Noguero. E as tres poesías de que fala Risco serían máis ben catro: "Acción Gallega" (p. 47), "Prós mozos" (p. 49), "En boa hora..." (p. 51) e "Pra excusar ben traballos..." (p. 53).

¹¹⁶ Vid. F. Leal Insua, *op. cit.*, p. 232; R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 524, por exemplo.

¹¹⁷ Rexistro Civil de Amoeiro, *Libro de defuncións*, inscrita co número 584.

pai nas suas viaxes a Portugal, onde recitaba poemas vestida co traxe típico (vid. III.4). Otero Pedrayo coñeceunas ben:

"A filla maior, de aquila de arredor dos quince anos, feble, branca e fina, destiñada a relixiosa no «hortus clausus» de Mondoñedo, por unha tía aboa, chamóuse Cándida. Vivía na cidade nadal do Masma. Pasóu tempadas en Trasalba. Boíña, dada, piadosa, tivo enerxía case heroica pra aturar, abondo de anos despóis, un marido priguizoso e ruin e sacar adiante os filliños. Morréu cansada de pesadumes e pobreza, sempre aceso o corazón, pouco despois do pai. A filla pequena, Doloriñas, foi namentras nena e mociña, á morte da nai, recollida nunha casa de Trasalba. Noriega, viudo, vivíu algúns meses de pupilo no lugar de Cima de Vila, casa de unha boa muller alcuñada como seus antergos pola banda do pai a «Requeixa»".¹¹⁸

A Doloriñas de que fala Otero foi recollida precisamente na casa de D. Ramón e tratada como a filla que este matrimonio non tivo¹¹⁹.

Fica Noriega viúvo en marzo de 1915, aos 46 anos, e con dúas fillas, unha en Mondoñedo e outra no pazo de D. Ramón, segundo este nos di. E non tardou en casar¹²⁰ posto que o 13 de agosto do ano seguinte, 1916, foi inscrida no Rexistro Civil de Amoeiro a primeira filla deste segundo matrimonio, María de las Nieves, filla lexítima de Antonio Noriega e Dorinda Almansa Vázquez, de 33 anos e veciña de Outeiro de Trasalba (vid. III.1.11). O 16 de setembro de 1918 nace María del Carmen e o 12 de xaneiro de 1921, Antonio.

Desta segunda muller fálanos Trapero Pardo:

118 Cfr. "Noriega Varela no seu tempo ourensán (I)", *op. cit.*, p. 7.

119 Parece ser que o matrimonio formado por D. Ramón Otero Pedrayo e a súa dona Fita quixo adoptar a Dolores como filla, mais Noriega sempre se opuxo. Da relación entre eles temos varias mostras na correspondencia entre os dous escritores:

"Dolorcitas está en Mondoñedo exercitándose en la costura. Contando, desde luego, con la proverbial gentileza de los Señores, habrá que dejarla ir unos 8 días, sin extralimitaciones" (cfr. III.6.1.30).

"Vengo, una vez más a dar a Ud. gracias por las innumerables mercedes que constantemente nos dispensa: Dios se lo pague! Dolorcitas, que se nos presentó, tras muchos días de ausencia, pomposamente ataviada y con presentes, dignos de muchísima estimación, no se cansa de nombrar y de bendecir a la Señora D^a. Eladia, a la Señora Doña Fita, y al insigne Señor Director del Instituto Nacional de Orense" (cfr. III.6.1.31).

"Ayer viernes 25, recibí una carta que Doloriñas me dirigió el 16 del corriente. Está muy contenta, y yo anonadado por lo mucho que abusa de la paciencia y de la extrema bondad de los señores" (cfr. III.6.1.32)

"A Doloriñas y a mi bon galo nos canta (así dicen en la Graña), con el gran cariño que los señores nos profesan" (cfr. III.6.1.33).

¹²⁰ Non conseguimos dar coa acta do segundo matrimonio no Rexistro Civil de Amoeiro, onde debería figurar. Carballo Calero (*op. cit.*, p. 545) di que estivo viúvo menos de catro meses.

"Casou despois novamente no mesmo Trasalba con Dorinda Almansa Vázquez, unha muller que lle levou orden á casa e que soupo entender ó poeta, convertíndose en compañeira de muitas horas de triunfo e tamén de muitas horas de defecultades, tendo a sabencia de quedarse á veira do camiño literario de Noriega, pra deixalo ceibo na súa laboura poética"¹²¹.

O mesmo poeta refírese a ela como compañeira "de más vicisitudes que recreaciones en amenos lugares brañegos" (cfr.III.6.1.42). Comprensión e paciencia debeu necesitar abondo para ir criando os fillos e coidar dun marido con escaso soldo, que raramente traía íntegro á casa:

"Pra cobrar súa curta nómina, Noriega baixaba a Ourense cada 7, día da bruante feira. Baixaba pola costa de Canedo cos veciños de moitos lugares, todos en burriños ou muliñas. Noriega a pé, pousón, parolando con tódolos grupos que o ían deixando atrás. O mesmo á volta, de noite con pousas na sonada taberna da Belisaria, á saída do Barrio da Ponte e na cima da costa. Naquelas farras queimábase moito do cativo soldo do escolante"¹²².

Se cando foi trasladado a Calvos de Randin levaba asignado un soldo anual de "625 pts. y emolumentos"¹²³, en 1920, no *Libro de nóminas* de Facenda de Ourense, figura Antonio Fernández, mestre de Trasalba, co número 7.394 do escalafón xeral, cun soldo íntegro ao mes de 166'66 pts, que, cos descontos pertinentes, ficaba en 148'66 pts. de haber mensual líquido a perceber, e un soldo anual íntegro de 2.000 pts.

Hai que ter en conta que Noriega era mestre de "dereitos limitados", situación que manterá até o ano 1925, en que concorre a unhas oposicións restrinxidas para mestres e mestras de dereitos limitados correspondentes ao segundo escalafón. O tribunal publica unha "relación nominal, por orden de mérito, de los señores opositores propuestos para el ascenso al sueldo anual de tres mil pesetas, en el número necesario para consumir la consignación de doce mil pesetas, correspondientes a la provincia de Orense", na que Antonio Fernández Noriega figura no nº 12. Publica, tamén, unha lista das calificacións obtidas polos señores opositores no terceiro exercicio, onde aparece en quinto lugar, con 40 puntos¹²⁴. Na relación de aprobados figura un soldo anterior de 2.500

¹²¹ Cfr. *Op. cit.*, p. 53.

¹²² Cfr. R. Otero Pedrayo, "Noriega Varela no seu tempo ourensán (y II). Baixo o signo de Portugal. Fortecido e consagrado na terra de Trasalba", *Chan*, Madrid, nº 7, II quincena de mayo 1969, p. 13.

¹²³ Vid. Acta da Xunta de Instrución Pública de Foz, de 11 de febreiro de 1911, anteriormente reproducida en I.2.1.2.

¹²⁴ Vid. *La Región*, Orense, 13.1.1925, e *La Zarpa*, Orense, 11.1.1925. Na primeira publicación figura con 189 puntos na proposta para o soldo de 3.000 pts. e na segunda con 190., mais nas dúas coincide no posto 12, penúltimo dos que logran o ascenso. É en *La Zarpa* onde especifican as diferentes cantidades.

pts. e un aumento, agora, de 500 pts., o que completa a cantidade de 3.000 pts.

De todas as formas, o soldo dun mestre non era grande naquela época, aínda que fose de plenos dereitos. Mesmo desde a revista *Céltiga*, de Buenos Aires, se solicita un aumento para os mestres, e faise mención a Noriega:

"El venerable maestro (maestro dos veces) Noriega Varela recluído en la aldea de Trasalba y la gran poetisa Francisca Herrera Garrido en su escuelita de Oleiros, son dos ejemplos de honda resignación. No queremos ni saber la exigua cantidad decimal que percibirán por su noble y patriótica labor"¹²⁵.

Permaneceu en Trasalba até o 28 de agosto de 1926 (vid. III.6.1.27). Foron 13 anos os que alí pasou, aínda que non deixaba de acudir nos veráns a Foz, a "mollar os pés" na praia da Rapadoira e participar das festas do San Lourenzo no mes de agosto, convidado por amigos como Ramón Salgado Toimil, tamén mestre, o seu sucesor na escola de Fondós.

De regreso cara a Trasalba acudía, ás veces, ás festas do San Ramón de Vilalba, que se celebran o 31 de agosto, nalgúñas ocasións convidado polo poeta vilalbés, e grande amigo seu, Antonio García Hermida, como no ano 1915, en que Noriega lle dedica a composición que comeza:

*Veño, agora mesmo, de Foz
i, anque improvisar é atroz,
contesto, Hermida, a túa carta...* (cfr. PNR 16).

Pouco tempo antes, Noriega fora homenaxeado tamén en Vilalba, no verán de 1913, por un grupo de amigos, entre os que estaba Antón Peña Novo, fundador e director do xa mencionado periódico anticaciquil *El Ratón*, que pouco despois publicará os primeiros poemas combativos e agraristas de Noriega¹²⁶. Tamén acudiu a esa homenaxe Antonio García Hermida, que leu un poema dedicado a Noriega (vid. III.8.3), onde o exalta dentro dun ton xeral anticaciquil¹²⁷.

Durante a súa etapa ourensá o poeta non perdeu, pois, o contacto coa súa terra luguesa e cos amigos que nela tiña.

Os anos que estivo en Trasalba tamén foron moi fecundos nas relacións do poeta, por un lado, con D. Ramón Otero Pedrayo e o grupo de intelectuais e galeguistas de Ourense, e por outro, cos escritores

¹²⁵ Cfr. *Céltiga*, Buenos Aires, nº 19, 10.10.1925.

¹²⁶ Vid. *El Ratón*, Vilalba, nº 40, 4.1.1914, onde en nota a un poema dedicado a Noriega se informa desa homenaxe ("... leída en el banquete con que varios amigos obsequiaron, este verano, al ilustre vate gallego Noriega Varela").

¹²⁷ Vid. José Luís García Mato, "Cando Noriega viña á Vila Branca", *El Progreso*, Lugo, 31.8.1971.

portugueses. Isto vaise ver reflectido na sua poesía, que cada vez irá atinxindo maiores cotas de perfección.

En Ourense foi introducido nos círculos literarios e intelectuais por Otero, que o presentou no Ateneo, e participou nas tertulias de D. Marcelo Macias e de Vicente Risco, entre outros. Adquiriu popularidade e sona, relacionándose cos galeguistas de "Nós", tres dos cales lle editaron *Do Ermo* ¹²⁸.

Mais, sen dúbida, o feito máis importante, ou que máis influencia tivo na traxectoria poética de Noriega nesta etapa trasalbesa, foi o contacto cos escritores portugueses, que o levará por unha vía poética de maior pureza, afastándose cada vez máis da liña costumista e descritiva decimonónica, representada por *Montañesas*, e penetrando no puro lirismo, na soidade do ermo, á procura dun esteticismo que o aproxima aos poetas parnasianos e simbolistas do país veciño. Esta vía conducirao ao máis logrado da súa produción, os sonetos, aparecidos case todos na 3ª edición de *Do Ermo* ¹²⁹.

Nos escritores do norte de Portugal vai achar Noriega unha acollida extraordinaria¹³⁰, correspondida por unha crecente admiración do poeta polo país, as súas xentes e, sobre todo, polos seus poetas, entre os que levará a palma Teixeira de Pascoaes, quen entrará en contacto con Noriega en 1921 a través de Vicente Risco:

"El día 7 de este mes de mayo, fué de gran fiesta para mi corazón, ya qe. un caballero me entregó, de parte de Don Vicente Risco, "Sombras", valiosísimo librito de poesías, con que, por mediación de dicho Sr. Risco, Vd. se digna favorecerme" (vid. III.6.1.4).

Foi, pois, Teixeira de Pascoaes quen iniciou o contacto con Noriega enviándolle este libro a través de Risco, que previamente lle remitira un

¹²⁸ A. Noriega Varela, *D'o Ermo*, Ourense, Losada, Risco e Noguero! Editores, Imprenta de Antonio Otero, 1920.

¹²⁹ Editado en Mondoñedo no ano 1929, cando xa estaba de mestre en Abadín, polo Centro de Acción Social Católica.

¹³⁰ Así nola conta Otero Pedrayo: "Ó tempo ourensán corresponde o ditoso inserírese da poesía de Noriega na roseira e no valente e saudoso carballo da poesía portuguesa. Agardaba e dispuña seus viaxes a Portugal. Ía case sempre cunha filla. Il soio manexábase malamente en trens e fondas. O fato entusiasta de escritores e arqueólogos de Viana do Castelo -Xulio de Lemos, o coronel Sarmento, o portuense Carlos de Passos- admiraban ó poeta, o agasallaban no Instituto Histórico do Minho [...]. Pro seu crecedeiro engado aparecía rexido pola lírica de Camões, os sonetos de Anthero, pola cósmica e saudosa arelanza e práctica de apaixonada lembranza de Teixeira de Pascoes.

Foi o vate silencioso de Amarante quen iniciou a amizade. Os lonxes, na Galiza cuio acento soaba pra il nas correntes do Támeiga, sentíu a fonda temática de algús poemas de Noriega. Estabrecéñse entre os dous unha correspondencia que deixa transparentar unha simbólica profunda" (cfr. "Noriega Varela no seu tempo ourensán (y II)...", *op. cit.*, p. 15).

exemplar de *Do Ermo*¹³¹. A partir deste contacto, vaise establecer unha fluída correspondencia entre os dous poetas, na que fica clara a inmensa e mesmo esaxerada admiración de Noriega polo grande lírico portugués, a quen se dirixe como "Altísimo Poeta", "Eminente Poeta", "Poeta Máximo da Raza"..., mesmo nos sobres das cartas que lle envía, achándose no seu interior parágrafos como estes:

"Lo que sucede es que en poesía, como en todo, aun hay clases... Y si no se atropellasen muchísimas razones que nos decidieron a proclamaros en nuestros corazones el poeta máximo de la Raza, una obvia consideración bastaría: Eugenio de Castro produce de espaldas a la raza y a las tradiciones, vos teneis la misión altísima de anunciar a Boa Nova, sois el paladín, forte e valeroso, da Saudade, a Virgem Mãe da gram raça portuguesa. No hay, no hay poetas ni poesía, donde quiera!, que alcancen tales alturas. ¡Firmemente creo que sois un singular predestinado! (cfr. III.6.1.9).

Dios sabe que sois -sin el menor asomo de lisonja- el Poeta por excelencia, qe. más qe. otro ninguno me arroba o me cautiva (cfr. III.6.1.14).

A relación con Teixeira será intensa e cordial, sendo convidado ao seu pazo de Amarante, a onde acudía acompañado dunha filla, e de onde voltaba cheo de admiración e gratitude pola magnanimidade con que eran tratados:

"Desde el infausto día en qe. hubimos de regresar de ese auténtico Paraíso, insólita tristeza se enseñoreó de nosotros: a mi un enemigo malo me ata las manos; Candidinha parece un ángel caído... Hostil se nos presentó el paisaje, y su hostilidad, aversión depierta en nuestros corazones" (cfr. III.6.1.15).

Noriega correspondía ás atencións recibidas coa grande devoción que sentia pola súa poesía¹³² e pola súa persoa, de xeito que non deistiu nas súas demandas até conseguir ter unha fotografía do poeta saudosista:

"Quiero tener el alto honor de ver de ver todos dos días su Vera effigies a la cabecera de mi cama, o debajo del Cristo, en sitio preferentísimo del local-escuela" (cfr. III.6.1.10).

131 Efectivamente, en ATPA figura un exemplar da edición de 1920 que leva unha anotación a man indicando que foi enviado por Vicente Risco; este exemplar non leva dedicatoria do autor, ao contrario da edición de 1929, que si leva unha moi extensa.

132 Así nolo conta Otero Pedrayo: "Noriega leía con amor, repetía con gusto y emoción las cartas llegadas de Amarante, algunas veces, pocas, de Lisboa o de Coimbra [...]. En la alta noche orensana, los siete de cada mes, día de cobro de los maestros, Noriega regresaba del café y de los vagos y encantadores callejeros con don Gumersindo Parada y otros amigos, a su pobre posada y recordaba como nacidos con el alba versos de "Sempre", de "O regreso ao Paraíso", de "Maranos"... Cfr. "Del Orense antiguo. Con Noriega Varela", *La Región*, Orense, 17.9.1961.

"Insisto en mis ruegos: Quiero tener em sitio muy preferente de mi chocita el retrato de Teixeira de Pascoaes. Algún día lo conseguiré, sí?" (cfr. III.6.1.11).

"Ya que no me quiere Vd. enviar su retrato para tenerlo en un cuadrito en sitio muy escogido de mi habitación..." (cfr. III.6.1.12).

Mais Noriega non descubriu a poesía portuguesa en Trasalba. Xa en 1903 escribira un soneto á morte do primeiro fillo (vid. E 42) , imitación daqueloutro de Camões, "Alma minha gentil, que te partiste"¹³³. Vilar Ponte tenlle facilitado lecturas de autores portugueses, que logo en Trasalba ampliará, ademais dos textos lidos sendo seminarista en Mondoñedo (vid. I.2.1.1). E acabará por se entregar totalmente aos poetas do país irmán: "Eu leio preferentemente poetas portugueses". (Cfr. III.5.4).

No ano 1925 aconséllalle a Trapero Pardo:

"Yo qe. soy un poco experimentado ¿osaré decirle qe. haga poco caso de nuestro parnasillo (si se exceptúa Rosalía, Pondal y Curros), y qe. no se harte de rumiar a los famosos poetas de Portugal? Herculano, Antero de Quental, Guerra Junqueiro, Teixeira de Pascoais y cien otros; ¡cuanto enseñan!" (cfr. III.6.1.20).

Ao igual que Teixeira, tamén Portugal correspondeu a este amor de Noriega polo país e pola súa poesía, como el mesmo recoñece:

"De la última edición de D'o Ermo hay, seguramente, más ejemplares en Portugal qe. en Galicia, porque allí fueron muy estimados [...]" (cfr. III.6.1.42)¹³⁴.

A relación de Noriega con Portugal faise intensa a partir da publicación da 1ª edición de *Do Ermo*, en 1920:

"La aparición de Do Ermo fue un acontecimiento como no se recordaba desde finales de siglo. Se le nombró miembro del "Instituto Histórico do Minho" y de la "Academia das Ciencias", de Lisboa. Le hicieron recepciones y celebró recitales en varias ciudades de Galicia y Portugal. Los profesores extranjeros de Coimbra tradujeron sus versos. Le prendó sobremanera la hospitalidad portuguesa. Su estancia en casa de Teixeira de Pascoães, en compañía del poeta Luis Bernárdez, la recordaba deslumbrado"¹³⁵.

¹³³ O mesmo Noriega declara ter lido este soneto de Camões: "Hay en Portugal Maestros del soneto qe. se pueden codear con los mejorcitos del mundo; leí entusiasmado «Alma minha», y conozco algunos de Bocage, y uno de Antero" (cfr. III.6.1.10).

¹³⁴ A carta é do ano 1943 e nesa altura a última edición de *Do Ermo* era a de 1929, de Mondoñedo, edición moi importante, pois incluía todos os sonetos elaborados pacientemente en toda a década dos anos vinte.

¹³⁵ Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 164.

Efectivamente, *Do Ermo* acabou-se de imprimir o 15 de xullo de 1920 e o 28 de febreiro de 1921 é proclamado o autor socio-correspondente do Instituto Histórico do Minho, en sesión extraordinaria celebrada nesa data:

"Aprovada a acta, foi lido um offício do Sócio Sr. José Cervaens y Rodriguez, ofrecendo un exemplar do libro "D'o Ermo", por D. António Noriega Varela, o excelso vate que herdou o scetro que Rosalia, a rola de Galiza, e Curros, o divino, empuharam na Poesia da nossa irmã de além - Minho. O Sr. prof. Cervaens y Rodríguez apresenta o lírico orensano em termos da máis férvida admiração, filia-o na corrente saudosista e espera que o Instituto há de celebrar o aparecimento deste luminar com um júbilo fraternal [...] (cfr. III.3)

Recóllense na acta outras intervencións de socios, como a de Silva Campos, que mostra "as suas preferências pelo espanhol" , e a do Coronel Sarmiento, que denotan a liña ideolóxica dun sector desta Institución:

"O Sr. Coronel Eduardo Sarmiento, para mostrar o apreço en que os portugueses teem o idioma dos seus irmãos da península, falou em espanhol, acentuando que o libro de Noriega Varela, um dos mais interessantes da literatura Galaica, denuncia um exaltado amor à terra natal e aos humildes [...]" (*ibid.*).

Finalmente, é proclamado socio:

"Consultou o sr. Presidente a assembleia sobre esta proposta, deliberando-se, por unanimidade, admitir D. António Noriega Varela com dispensa de formalidades. Ficou, pois, proclamado sócio-correspondente do Instituto aquele insigne poeta orensano" (*ibid.*).

Nestá mesma sesión, a proposta do poeta Avelino Rodríguez-Elías, sería tamén proclamado socio correspondente do Instituto D. Jaime Solá y Mestre, director da importante revista *Vida Gallega*¹³⁶, editada en Vigo, na que Noriega colaborou asiduamente desde a súa chegada a Trasalba, dando a coñecer alí varios poemas que logo conformarían *Do Ermo*, ademais doutras colaboracións como coleccionista de adiviñanzas. Tamén foi obxecto de especial atención a sua traxectoria humana e literaria, coa recensión da súa obra, artigos, entrevistas e reportaxes. *Vida Gallega* foi, na etapa trasalbesa de Noriega, o seu vehículo de expresión, xunto con *Acción Social*, de Mondoñedo, así como o fora *Mondoñedo* ou *El Eco de Villalba* na etapa de Foz, e o será *Vallibria*

¹³⁶ Tanto a revista como o seu director mantiveron unha posición moi crítica e mesmo hostil contra o movemento galeguista, representado polo grupo "Nós", e, en xeral, contra todo o nacionalismo galego. Noriega Varela foi usado por Solá como escudo e símbolo dun galeguismo "ben entendido".

posteriormente, sen esquecermos a magnífica revista *Céltiga*, de Buenos Aires, que lle dedicou grande atención, entre outras publicacións, pois Noriega sempre tivo grande audiéncia na prensa galega, do interior e da emigración en América.

O discurso de ingreso no Instituto Histórico do Minho, que pronunciaría pouco despois, sería escrito realmente por Otero Pedrayo, segundo manifesta Carballo Calero ao dar conta dunhas, xa citadas, follas manuscritas que aquel lle enviou sobre Noriega para a súa Historia da literatura¹³⁷.

Despois disto viñeron outras viaxes a Portugal, a participación en homenaxes e recitais poéticos e, mesmo, o nomeamento como membro correspondente da Academia de Ciências de Lisboa, título do que fará ostentación¹³⁸, pois a partir de agora as fórmulas "d'a Academia de Ciências de Lisboa" e "d'o Instituto Histórico d'o Minho" figurarán frecuentemente a continuación do seu nome nas portadas dos libros, ou asinando poemas nas súas colaboracións en prensa.

A excursión triunfal por Portugal de que fala a prensa, é a celebrada con motivo da homenaxe que o Instituto Histórico do Minho lle fai a Rosalia de Castro o 15 de xullo de 1923, adiantada xa, en *A Aurora do Lima*, ao día 13, cunha salutación a Galiza do Secretario-Perpetuo do Instituto, D. Júlio de Lemos, e a publicación, xa na portada, de composicións de poetas galegos e portugueses¹³⁹. O poeta vai participar activamente neste acto:

"Y quieren Silva Campos, el Coronel Sarmiento, y ese corazón de oro que se llama Júlio de Lemos, que tomemos parte principalísima en esa fiesta de amizade luso-espanhola mi primogénita hija Cándida (vistiendo el traje típico de esta Tebaida) y un servidor de Vd. Debalde intentaría retraerme, ni puedo, ni debo, dada la buena voluntad y el afecto que me demuestran. Solemnemente, pues, les di mi palabra de que iré" (cfr. III.6.1.13).

¹³⁷ Vid. R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 547.

¹³⁸ En *Justicia*, Mondoñedo, nº 109, 18.8.1923 podemos ler (recollendo a noticia de *Diario de Orense*, 4.8.1923): "Después de su triunfal excursión por tierras de Portugal, regresó a Trasalva, y ayer estuvo en Orense, el eximio poeta de la montaña Antonio Noriega Varela.

Todos los rotativos portugueses han dedicado extraordinarios elogios a la actuación meritísima del autor inmortal «D'o Ermo».

Por su parte, la Academia de Ciencias de Lisboa le nombró miembro correspondiente de tan destacada institución y el grandioso poeta Teixeira de Pascoaes le hizo huésped suyo en su suntuoso retiro de Amarante.

Noriega Varela -que regresa encantadísimo de tan feliz excursión- se hace todo homenajes para la hospitalaria nación vecina. Con él compartió también los lauros del triunfo su bella hija Cándida".

¹³⁹ Vid. *A Aurora do Lima*, Vianna do Castelo, nº 52, 13. 7. 1923. Os poemas son de Salgado y López-Quiroga, Noriega Varela, Manuel Núñez González, Teixeira de Pascoaes, Maria da Glória Teixeira de Vasconcellos, Ramón Fernández Mato e Rosalía de Castro.

Neste acto de homenaxe a Rosalía, celebrado en Viana do Castelo, Noriega pronunciou un discurso (vid. III.4) que termina así:

"En nombre de Galicia, ¡¡gracias!! La sombra augusta de la gran escritora presidirá, conmovidísima, esta inolvidable reunión de los próceres del espíritu de Portugal. ¡¡Gracias!!

Mi humildísima labor literaria, jamás ambicionó mejor recompensa que la de ser recibido entre vosotros, ¡ilustres hermanos!, y con vosotros rendirme ante los nombres de Galicia y Portugal"¹⁴⁰.

Logo viría o recital da filla do poeta, ao final do cal sería efusivamente felicitado, entre outros, por Teixeira de Pascoaes¹⁴¹, que finalmente asistiría a este acto, despois da carta que lle escribira Noriega (vid. III.6.1.13).

A proxección de Noriega en Portugal vaise intensificando e aparecen composicións súas en moitos xornais e revistas, fundamentalmente nas do norte¹⁴². Ao mesmo tempo mantén correspondencia con moitos escritores portugueses, entre eles Raul Brandão, Teixeira de Pascoães, Júlio de Lemos, João Verde, Vaz Passos, etc. (vid. III.6.1)¹⁴³. A súa presenza alí fica clara:

"Noriega, que foi, despois de Rosalia de Castro, talvez o poeta galego mais estimado em Portugal, é también porventura aquele, entre todos, que maior

¹⁴⁰ O discurso foi seguramente pronunciado en español, lingua usada por Noriega nas súas relacións epistolares cos escritores portugueses, e nesta lingua foi reproducido en *Vida Gallega*, Vigo, nº 238, 20.11.1923 e nº 239, 5.12.1923. Mais en Portugal foi editado como separata de *A Aurora do Lima* no ano 1924 na lingua do noso país irmán; desta edición é de onde o reproducimos en III.4.

¹⁴¹ En *A Tribuna* recóllese o seguinte relato, logo traducido e reproducido en *Justicia*, Mondoñedo, nº 109, 18.8.1923: "Candidita Noriega lee versos de Rosalía. ¡Un encanto! Es tal la emoción del momento, que hay lágrimas en muchos semblantes.

Es indescriptible el entusiasmo que la bellísima diseuse despierta. Cuando termina, la sala se pone en pie para aclamarla, y las señoritas que la rodean la besan y abrazan con gran ternura. Su padre, el extraordinario lírico, el divino cantor de la montaña, está emocionadísimo. Camaradas suyos lo felicitan efusivamente, siendo conmovedor el abrazo que Teixeira de Pascoaes le da con los ojos humedecidos".

¹⁴² Algunhas destas son: *A Aurora do Lima*, de Viana do Castelo, *Almanaque de Ponte-de-Lima*, *A Terra Minhota*, de Monção, *A Aurora do Minho*, de Viana do Castelo, *Tríptico*, de Coimbra, *A Águia*, do Porto, *Jornal de Notícias*, do Porto, *A Cidade*, tamén do Porto,...

¹⁴³ Infelizmente, parece ser que Noriega non foi nada coídadoso coas súas cousas e, segundo manifesta a familia e algúns amigos, non se conservan cartas que el recibise. As que coñecemos son as que el escribiu, mais tan só unhas poucas das moitas que supomos que existen.

influencia acusa no seu lirismo, em especial como sonetista, de poetas nossos"¹⁴⁴.

O desterro da Mariña lucense e o periplo polas terras ourensás non lle resultou estéril. É esta a súa etapa definitiva como poeta, pois aquí chegou con *Montañasas* e marchou con *Do Ermo*, que é o mesmo que dicir que a súa poesía se foi desprendendo dos rasgos decimonónicos para lograr unha nova dimensión estética. Nisto tivo moito que ver a súa relación con Portugal, que a permanencia en Trasalba favoreceu. E tamén o contacto e a convivencia cos intelectuais de Ourense, verdadeira capital galega da cultura nesta altura, cos que Noriega compartiu longas horas de tertulia e intercambio enriquecedor de pareceres:

"De los Coloquios de Erasmo pensaba Don Marcelo qe. eran demasiado mordaces y burlones para ser puestos en manos de los niños...; y ponía sobre las estrellas los Diálogos de Vives, quien, en opinión de Don Marcelo, de tal modo hizo revivir la castiza frase terenciana, qe. corrieron, reimpresos y traducidos, por todas las naciones de Europa..." (cfr. III.6.1.38)¹⁴⁵.

Todos esas persoas de grande cultura, sen dúbida, deixaron unha forte pegada no seu espírito, como a deixou Noriega neles e en Ourense en xeral:

"Fue aquí y es verdaderamente popular. Aun es raro el día en que alguien no me pregunte por él. Corre muy deprisa la vida. Pero Noriega se ha incorporado por su simpatía y lealtad de sentimiento a las tierras de Orense. Cualquier noticia que llega de Noriega en los periódicos es ampliamente comentada en el campo y se espera como un día grande para todos la fecha del homenaje esperado ya con impaciencia"¹⁴⁶.

"Aquí hierva el agua y hierven los espíritus. Y siendo el santuario de Galicia, mucho más que la artificial Compostela, o que la cosmopolita Coruña, o la brillante Vigo; Orense "enxebre" y galleguísima como quien vió nacer el "Heraldo Gallego" y "O Tío Marcos da Portela", y es el refugio natural y sagrado de la dulcísima "fala" regional; e inyectó inspiraciones nuevas al brioso cantar de la Montaña, Noriega Varela [...].

¹⁴⁴ Cfr. Pedro da Silveira, "Raul Brandão e 'As ilhas desconhecidas'. Duas cartas de Noriega Varela a João Verde e os cadernos de notas da viagem pelos Açores", *Atlântida*, Angra do Heroísmo, V.XXXII, 2º semestre de 1986, p. 29.

¹⁴⁵ Refírese a D. Marcelo Macías, a quen llo presentara Sebastián Martínez Risco, segundo di na mesma carta. Tamén frecuentou o trato de Euxenio Montes, Atico Noguerol, Losada Diéguez, Vicente Risco, Antonio Rey Soto, Eduardo Blanco Amor, Xavier Bóveda, Francisco Luís Bernárdez, etc.

¹⁴⁶ Cfr. Santiago Amaral, "Noriega en Orense", *La Noche*, Santiago de Compostela, 25. 2. 1946.

Noriega Varela, orensano de grado y por fuerza, vió sus poesías gallegas traducidas al portugués, al francés, al inglés, al dinamarqués. Esto revela que Orense se identifica con el mundo entero [...]147.

I.2.1.4. O regreso e a morte

Abandona Trasalba o 28 de agosto de 1926, segundo el mesmo precisa (vid. III.6.1.27), próximo xa a cumprir os 57 anos, e emprende o camiño de volta á casa, como se unha forza interior o empurrase ao reencontro coa montaña que amou na xuventude, impelido tamén polo humano degoro de recuperar o paraíso perdido da infancia. O desexo de voltar fica patente na correspondencia:

"Díceme Vd. cuando pienso ir a Lugo, y yo le digo: estoy ya nombrado (provisionalmente) para la escuela de la Graña en Abadín. El día qe. en la dirección me nombren de veras, ahí me tiene Vd. [...] ¡Qué odisea, amigo de mi alma! Desde el 2 de febrero qe. solicité el traslado aun en 5 de junio se hicieron en Madrid los nombramientos provisionales, y Dios sabe cuando (aunque presumo qe. ya no pueden tardar mucho), Dios sabe cuando vendrá el nombramiento efectivo [...] El día qe. me vea en mi ideal retiro de la Graña, con casa puesta y rodeado los míos, voy a creer qe. se me acerca el cielo" (cfr. III.6.1.24)

"A regaña dientes cojo la pluma e invoco a las musas pa. complacerles, pues mientras no sé si se confirma mi nombramiento porvisional pa. una escuela de esa provª., deveras no tengo buen humor pa. nada" (cfr. III.6.1.25).

Non volve a Mondoñedo, mais si á montaña que percorreu cando mozo. O seu novo destino vai ser Santa Maria Madalena da Graña de Vilarente, no concello de Abadín.

Para vir aquí ten de deixar Trasalba, onde tantas cousas tiña xa conseguido: muller, familia, amigos, Portugal ao lado... Non sabemos se foi só o desexo de voltar á casa o que o impulsou a marchar ou se houbo algunha outra causa. Aquilino Iglesia insinúa que a razón foi a ansia de se refuxiar na terra onde naceu (talvez procurar o colo materno), ao se ver esquecido ou desprazado pola aparición de poetas novos, promocionados desde a editorial Nós¹⁴⁸.

147 Cfr. Felipe Pedreira, "Yo soy Orense", *Vida Gallega*, Vigo, nº 167, 25.3.1921.

148 "Por abandono, por retraimiento, por timidez de escarmentado, quedó fuera, como marginado en el barullo de cada día. No descendió, por eso, en la estimación de las gentes que cuentan; pero él se sintió olvidado, quizás preterido. La reacción, al menos, lo indica así:

Interpuso entre el mundillo literario de viejos amigos y el suyo precisamente lo que un día les había unido: el galleguismo oficial. En este desvío se salvó la figura señera de Otero Pedrayo y muy pocas más [...].

Con todo esto y algo que no sé, creo explicar su salida de Trasalba. Sólo razones tan fuertes como las que apenas pueden formularse pudieron arrancarle de una

Hai, certamente, misterio nas palabras de Aquilino. Mais non cremos que se produza esa ruptura co galeguismo oficial "en que outrora militarara"¹⁴⁹, porque en realidade Noriega nunca tivo militancia galeguista. Tivo, si, amigos galeguistas ou nacionalistas, aos que fixo algunha concesión por agradecimento quizais¹⁵⁰. Mais el nunca se manifestou como tal. Analisaremos esta cuestión noutro apartado (vid. I.2.3).

O poeta, recoñecido e admirado a pesar de todo, é recibido cos brazos abertos polos seus, como o fillo que volve á casa despois dunha viaxe triunfal. A prensa louva a súa figura e os antigos compañeiros do Seminario, hoxe cregos da bisbarra, convídanos á súa mesa; o mesmo fan outras xentes importantes. O poeta volve, pois, ás raíces, coas xentes de antano e coa paisaxe dos seus anos mozos. E ten de botar man daqueles versos de *Montañesas*, case esquecidos na súa etapa ourensá, lembrados e solicitados agora nas sobremesas dos convites aos que acode. Son os intitulado por el "Versos d'os meus vinte anos", que volven aparecer na prensa do momento. Mais non abandona a liña poética emprendida en Trasalba e continuará a lenta elaboración dos seus sonetos, o máis logrado da súa produción, que desembocará na publicación dunha nova edición de *Do Ermo* en 1929.

De todos os xeitos, o regreso non é só para recibir a homenaxe e o recoñecemento dos seus, senón que veu destinado como mestre, agora xa de plenos dereitos, a unha aldea da Montaña lucense, á que terá que se incorporar despois de pasar dous meses na cidade natal:

"Mientras no me proporcionaron casa-habitación en la Graña, hube de permanecer con toda la fa., en Mondoñedo los meses de septiembre y octubre.

Allí enfermé: una fiebre gástrica que me abatió durante 40 días. Aun convaleciente, vine pa. esta aldehuela, con los míos, en los primeros días del mes de las ánimas. A Moncelos bajaron a recibirnos varios montañeses, con carros del país, pa. transportárnos a vida: Venía, guiando el suyo, o noso señor Abade..." (cfr. III.6.1.27).

Na Graña de Vilarente vaise sentir a gusto gozando da hospitalidade dos labregos e dos cregos dos arredores. E, próximo aos 60 anos, vai seguir aumentando a súa xa numerosa familia, apesar de que a primeira criatura na Graña lle nacesse morta:

tierra y de un ambiente con el que se había casado entrañablemente y del que guardó vivas saudades hasta el final de su vida. Sólo ese afán de regreso, ese tirón fortísimo e imperceptible de los años pasados pueden explicar la vuelta a Mondoñedo" Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 165.

¹⁴⁹ Cfr. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 525.

¹⁵⁰ A publicación de *Do Ermo* polos nacionalistas de Ourense, o trato paternal que lle dispensou Otero, mesmo criándolle unha filla, máis tarde a publicación de *Como falan os brañegos...*

"Aquí me restablecí enseguida, y ya todo corrió como una seda hasta que dió a luz Dorinda. Nació muerta la criatura, y ella recayó: una pulmonía con costado de la qe. todavía anda curándose.

Por lo demás, ¡bendito sea Dios, y en buena hora lo diga!, quisiera hacerme lenguas pa. ensalzar la liberalidad de mis excelentes y bravos convecinos.

No exagero si le participo qe. nos llenaron la casa de todo cuanto a ellos les es posible ofrendar: carros de leña, carros de patatas, y miel, y leche, y quesos, y manteca, y longaniza, y panes de sabrosísimo centeno... ¡Una América, en fin, como en Trasalba se dice!...

Fueron condiscípulos míos en el Real Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo, varios párrocos de aldeas circunvecinas: el párroco de Santiago de Moncelos, el de San Juan de Villarente, el presbítero Seoane, y el cura de Quintela, y el de Castro, y el de Baroncelle...

Se dignan visitarnos con frecuencia, y, a pesar de qe. me retraigo, repetidas veces nos sentaron ya a sus mesas, como los abades de Orense ya sentaran al Gaitero de Penalta, que Curros hizo famoso [...]" (*Ibid.*)¹⁵¹.

Esta nova etapa da súa vida, que dura uns seis anos, está marcada fundamentalmente polo contacto coa natureza, nos seus frecuentes paseos polo monte Argán¹⁵² e polo trato cos labregos, cos que falará longo e pausado, tomando boa nota da maneira de se expresaren¹⁵³. Así como na primeira época, en Mondoñedo, Noriega frecuentou a compañía de personalidades destacadas, como Leiras Pulpeiro, das que recibiu ensinanzas e consellos, despois en Foz gozou da conversa con homes de letras como Vilar Ponte, que lle facilitou libros de lectura; máis tarde en Trasalba tivo ao seu lado a un futuro patriarca das letras e participou en tertulias de intelectuais en Ourense, e en Portugal tratou con destacadísimos poetas. Pois agora, como sempre fixo, mais quizais con máis intensidade, vai tomar leccións do pobo, que substituirá aos intelectuais doutrora. Deste maxisterio vai nacer *Como falan os brañegos*¹⁵⁴, obra da que o autor se sente especialmente orgulloso:

"Estoy contento: salvé de eterno olvido algunos cientos de palabras qe. no circulaban. De palabras salvajes como los salvajes qe. las pronuncian. Y, con todo, las hay tiernísimas - y, desde luego, muy pintorescas [...]. Mi opinión no

¹⁵¹ Nesta mesma carta a Otero Pedrayo fai unha precisa e literaria descrición da aldea e das súas xentes, con referencia ao léxico característico da zona (vid. III.6.1.27).

¹⁵² A Graña de Vilarente forma unha chaira, na que se ergue este monte, tal como escribe o autor: "Toda la Graña es llanísima y del color de las esmeraldas, si se exceptúa el monte Argán. Parece vestido de sayal".

¹⁵³ Segundo varias testemuñas, Noriega levaba consigo unha libretiña, na que anotaba todas aquelas palabras ou expresións que lle parecían interesantes ou menos coñecidas. O mesmo facía cos alumnos, dos que ía aprendendo as súas peculiaridades lingüísticas, xa desde a etapa de Foz.

¹⁵⁴ Antón Noriega Varela, *Como falan os brañegos*. Serie I. Locucións, frases, modos adverbiás, unha lería pr'os rapaciños, refráns, cantares i-adiviñanzas. Mais de mil exemplos, A Cruña, "Nós" Publicacións galegas e imprenta, 1928.

vale un diablo; mas sigo creyendo qe. lo primero es lo primero: que clama al cielo perder un tiempo preciosísimo en dimes y diretes. Lo más urgente es recoger, y después que vengan pulimentos!

Instigado por el señor Dn. Ramón, hice una labor qe. creo trascendental, aunque, claro está, no es más qe. una gota de agua robada al Océano.

Lo ideal sería que después de dar yo a luz Como falan os brañegos, apareciesen inmediatamente otros dos tomitos intitulados, uno Como falan os valécos, y otro Como falan os mariñaos. Y esto solamente en la prova. de Lugo" (cfr. III.6.1.30).

Se no anterior destino en Trasalba facía frecuentes viaxes a Ourense, a Portugal e a outros sitios do país, como Vigo, onde departiu de novo con Camilo Cela¹⁵⁵, A Coruña¹⁵⁶, onde deu un recital de poesías o 23 de maio de 1925 e se reencontrou con Antón Vilar Ponte (vid. III.6.1.20), ou Mondoñedo, onde tamén deu un recital o 4 de abril de 1926 (vid. III.6.1.22), agora practicamente non se move do seu contorno, sendo Lugo, Vilalba e Mondoñedo case os únicos centros urbanos visitados.

Nas terras de Abadín vai frecüentar o trato dun poeta novo, natural da zona e estudante no Seminario de Mondoñedo, como el mesmo fora, Aquilino Iglesia Alvariño, con quen falará de poesía, e a quen irá introducindo nos ambientes literarios¹⁵⁷. Por iso, talvez sexa Aquilino a persoa máis autorizada para nos falar deste período:

"El único placer de estas horas lo constituía la visita periódica e infalible de una carta exultante de Otero Pedrayo, que leía y daba a leer a sus amigos lleno de saudades [...]"

La llegada de nuestro poeta a Villalba, Mondoñedo o Lugo era siempre un acontecimiento que se celebraba hasta altas horas de la noche, siguiéndose en esto una tradición que, al parecer, venía de muy lejos. Los grupos de admiradores, a veces, eran varios en cada ciudad, jóvenes y viejos, juglares y cleros, abstemios y báquicos. De ahí que el poeta se viese muy solicitado y a veces seriamente comprometido"¹⁵⁸.

Se xa era socio do Instituto Histórico do Minho desde 1921 e da Academia de Ciências de Lisboa desde 1923, agora vaille chegar o turno ao seu ingreso nas institucións galegas. Antes de marchar de Trasalba ingresara xa no Seminario de Estudos Galegos. Nos *Arquivos* de dito

155 "Tamén en Vigo foi familiar Noriega. Paseaba moito con don Camilo Cela...". Cfr. R. Otero Pedrayo, "Noriega Varela no seu tempo ourensán (y II)", *op. cit.*:

156 Vid. *La Voz de Galicia*, Coruña, 21.5.1925, 22.5.1925 e 23.5.1925 e *El Orzán*, Coruña, dos mesmos días 23 e 24.

157 Sabemos, por exemplo, que Júlio de Lemos escribiu o prólogo a *Señardá* en 1930 a instancias de Noriega: nel confesa que as primeiras noticias que tivo de Aquilino foron a través de Noriega, quen llo louvaba como inspirado vate Vid. A. Iglesia Alvariño, *Señardá. Sonetos*, Lugo, Ed. Palacios, 1930.

158 Cfr. A. Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 165.

Seminario figura incorporado o 14 de marzo de 1926, na mesma data que os tamén poetas Gonzalo López Abente, Ramón Cabanillas e Victoriano Taibo¹⁵⁹. Aínda que figura adscrito á Sección de Artes e Letras do Seminario¹⁶⁰, dirixida por Castelao, e na que tamén participaron Cotarelo, Risco, Losada Diéguez, Álvaro das Casas, López Abente, Bouza, Rof Carballo, Dieste, Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Cabanillas e outros, non debeu tomar parte para nada dos traballos, posto que non temos constancia diso nin lle deu importancia a este nomeamento, pois, tan cerimonioso como era, nunca fixo constar a pertenza ao Seminario.

O ingreso na Academia Galega vaise producir un pouco máis tarde, estando xa o poeta na Graña de Vilarente. Na Xunta Ordinaria de 18 de xaneiro de 1927 os señores Federico Maciñeira, Indalecio Varela Lenzano e Pablo Pérez Costanti, propuxérono para numerario da Academia¹⁶¹. Na Xunta Ordinaria, de 29 de agosto de 1927, foi lido e aprobado o informe da proposta a favor de Noriega Varela, académico eleito¹⁶². E na de 11 de febreiro de 1928 consta que:

"Se procede, por último, a la votación definitiva para Académico de Número de D. Antonio Noriega y Varela, que es elegido por unanimidad"¹⁶³.

Sobre esta elección de Noriega para ocupar un posto na Academia escribe Aquilino Iglesia Alvariño coa súa imprecisión de datos habitual neste traballo:

¹⁵⁹ Cfr. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, t.1, Editorial Lar, A Cruña, 1927, p. 270. En *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 223, 1.4.1926 pódese ler: "Ás seis do serán celebrouse no salón de actos da Sociedade Económica o ingreso no Seminario de Estudos Galegos dos poetas Ramón Cabanillas, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo e Antonio Noriega Varela.

Despois d'unhas verbas do presidente señor Cabeza de León, e por non ter podido asistir Cabanillas, ausente en Barcelona, deu lêtura á unhas poesías do poeta da raza o seminarista Sr. Luguís González.

Despois López Abente e Taibo recitaron algunhas das suas fermosísimas composicións que foron moi apraudidas. Por romate Xavier Pardo lecu uns versos de Noriega Varela que tampouco puido asistir á velada".

En carta a Trapero Pardo, de 21 de marzo de 1926, dille:

"Ya sabrá Vd. qc. soy otra vez seminarista... Del Seminario de Estudios Gallegos. Ahi le contaré minuciosamente" (cfr. III.6.1.22).

¹⁶⁰ Vid. Xosé Ramón Barreiro Fernández, *Historia contemporánea de Galicia (Siglos XIX-XX)*. *Historia de la cultura gallega*, t. III, La Coruña, Ediciones Gamma, 1984, p. 404.

¹⁶¹ Vid. tamén *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, t. XVI, nº 191, 1.2.1927.

¹⁶² Vid. *Ibid.*, t. XVII, nº 197, 1.10.1927.

¹⁶³ Cfr. *Ibid.*, t. XVII, nº 202, 1.3.1928.

"La Academia Gallega lo había votado para ocupar la vacante de Barcia Carballero en 1929, a propuesta de don Amor Meilán. Le agradeció a este profundamente la gentileza, pero al nombramiento en si no le dio importancia [...]. Noriega Varela no pensó en renunciar al puesto, como lo había hecho Leiras Pulpeiro, pero tampoco pensaba en tomar posesión, siguiendo en ella la norma de otros muchos. Le tenía todo sin cuidado. Es por elio que le irritó sobremanera una carta del secretario. Se le urgía en ella que presentase el discurso de ingreso, amenazándole con aplicarle, en caso contrario, el artículo tantos y cuantos del reglamento. Fué el mayor insulto. Rumió con los amigos la prosa oficial y, al cabo de unos días, contestó con una carta llena de burlas crueles para los inmortales y la docta Corporacion"¹⁶⁴.

Sexa isto certo ou non, o caso é que Noriega nunca simpatizou coa Academia; el mesmo di que "siempre estuvimos enfrente de la Academia Gallega, y en frente de las Hirmandades d'a Fala (que llamamos de la Tala)" (cfr. III.6.1.20). Carballo Calero pensa que a causa desta postura de Noriega está na emulación con Cabanillas, poeta máis novo, que adquiría cada día máis sona, a quen a Academia designara como membro xa en 1920, e que se estaba convertendo no "poeta da raza"¹⁶⁵, denominación que Noriega disputara nalgún momento. Na mesma revista *Céltiga*, tan norieguista e da que el dixo que "están Vdes., ciertamente, haciendo milagros, y lograron borrar para siempre el pésimo concepto que aquí teníamos de nuestras publicaciones de ultramar"¹⁶⁶, podemos ler no ano 1926:

"Ayer Noriega Varela, el exquisito cantor de la montaña; después Castelao, el formidable Castelao; luego Risco, el ilustre y cultísimo profesor, y hoy Cabanillas, el poeta de la raza [...]"¹⁶⁷.

Noriega puido ter, e parece que así foi, ciumes de Cabanillas e, de feito, non hai relación entre os dous poetas, que non se dedicaron ningún poema mutuamente. Mesmo cando Teixeira de Pascoaes lles dedica conxuntamente unha composición "A os grandes poetas da Galiza Cabanillas e Varela" (vid. III.8.13), talvez coa intención de procurar unha aproximación entre eles, provoca unha carta inusualmente dura de Noriega, onde se pon de manifesto, máis unha vez, o seu defrontamento co nacionalismo galego e tamén, por conseguinte, con Cabanillas:

¹⁶⁴ Cfr. A. Iglesia Alvaríño, *op. cit.*, p. 166. Obsérvese que case todos os datos que Aquilino dá neste interesante traballo son aproximados, e por tanto inexactos; non foi o ano 1929 nin foi Amor Meilán quen o propuxo. Desa carta á Academia non se ten máis noticia.

¹⁶⁵ Vid. R. Carballo Calero, *op. cit.*, p. 525.

¹⁶⁶ Cfr. *Céltiga*, Buenos Aires, nº 39, 10.8.1926.

¹⁶⁷ Cfr. *Ibid.*, nº 26, 25.1.1926.

"Y respetuosamente me permito preguntarle: ¿es a mi humildísima persona a quien corresponde en este caso el apellido Varela? Con ruda franqueza le participo que así lo creo, y no por mis merecimientos, sino por su generosidad ilimitada, siempre que de favorecerme se trata [...] Aquí en Galicia, y en muchas localidades de Portugal, y en el resto de España, y en el Extranjero, nadie me conoce simplemente por Varela: a mi se me conoce cuando firmo o se dice: Noriega Varela. De suerte que sin siquiera sospecharlo el Poeta Máximo de la Raza, el Gran Teixeira de Pascoaes, les dió por el gusto, a medida de su mal deseo, a los redactores de "Nós", que no pueden verme, ni pintado!, y menos transigir con que una tan Alta Personalidad literaria me tenga presente, y se digne exaltarme. ¡Oh, los ridículísimos e indocumentados nazonalistas gallegos! [...] Para engrosar sus filas (Dios nos tenga de su mano!) es condición indispensable no saber ni una palabra de gallego (ellos inventaron una jerga abominable), y antes se suicidarían (y poco se perdía) que reconocer que los cielos me hicieron poeta, porque no lo llevo todo a sangre y fuego, porque no me avengo a escribir:

«que corra a sangre a regos
desde a montaña ó-val!» (cfr. III.6.1.11).

Esta carta, do ano 1922, pon ben ás claras a relación de Noriega co nacionalismo galego e co seu poeta máis significado nese momento. Abordaremos a cuestión ao estudarmos a ideoloxía do autor (vid. I.2.3).

É tamén posíbel que o nomeamento de académico chegase tarde, sobre todo tendo en conta a data de ingreso de Cabanillas, máis novo ca el, e que xa Portugal o fixera membro de institucións, como resalta a prensa da emigración¹⁶⁸.

En carta a Otero Pedrayo, perante o que mantiña un maior respecto ás institucións galegas, mostra a súa disposición a pronunciar o discurso de ingreso, aínda que non oculta certo resentimento por esa tardanza no nomeamento:

"Dispondré un discurso en la forma que pueda a ver si me cuelan en la Real Gallega. Para el verano, pues las vacaciones de Navidad ya terminan. Y no es tarde, a fé mia. Para el lustre que pudiera prestárle y para lo que yo voy a hacer por su engrandecimiento!... Los que hasta el presente tuvieron la sartén por el mango con justicia prescindían de mi insignificancia, y si no

¹⁶⁸ En *Céltiga*, Buenos Aires, nº 76, 25.2.1928, achamos o seguinte texto: "En su última reunión plenaria, la Docta Corporación hizo miembro de número a nuestro eximio colaborador, el exquisito poeta de la montaña gallega Antonio Noriega Varela.

No necesitaba el insigne autor de "Do Hermo" y de "Montañesas" de esta consagración oficial, en verdad algo tardía, para ocupar, junto con Cabanillas, el centro de nuestra poesía vernácula.

De cualquier manera este nombramiento viene a corregir una injusticia, más evidente si se tiene en cuenta que hace ya mucho, instituciones artísticas y literarias de Portugal, lo han designado miembro honorario y que sus primorosas poesías han recibido el honor de la traducción a diversos idiomas europeos".

siempre hilaron tan delgado como conmigo, bien sin cuidados me tiene" (cfr. III.6.1.33).

Nunca chegou a ler o discurso e considerouse ingresado despois da guerra, xunto con outras persoas, sen ningún tipo de formalidades, tal como consta no informe de xestión de Alejandro Barreiro Noya¹⁶⁹. A data de ingreso definitivo é a de 22 de bril de 1939. Asignaríasele o sillón nº 5, antes pertencente a Juan Barcia Caballero, académico fundador, e posteriormente, á morte de Noriega, ese sillón será ocupado, o 16 de Setembro de 1951, por Joaquin Lorenzo Fernández¹⁷⁰.

Tamén foi elixido terceiro vicepresidente da Asociación de Escritores Galegos durante a súa etapa de mestre na Graña de Vilarente, nunha xuntanza celebrada en Ourense, á que seguramente non asistiría, probabelmente por iniciativa de Otero Pedrayo, que foi o presidente, con Antón Vilar Ponte e Castelao como vicepresidentes primeiro e segundo, respectivamente¹⁷¹.

Nos últimos anos pasados na Graña de Vilarente tampouco a súa cidade natal se esqueceu del e honrouno primeiro cunha nova edición da súa obra, financiada polo Concello a beneficio do autor, e despois cunha homenaxe popular¹⁷².

A nova edición de *Do Ermo* é de 1929¹⁷³ e á sua frente figura o soneto que comeza pola seguinte estrofa:

169 "Otra preocupación preferente de la Junta fué reforzar las filas académicas, harto mermadas; y al efecto, apenas iniciados los trabajos, solicitó del Sr. Ministro de Educación Nacional el ingreso, evitando trámites dilatorios, de cinco señores académicos numerarios electos hacía larga fecha, que aun esperaban la entrada.

Se accedió a ello con presteza y comprensión muy estimadas, y al participarlo el entonces Subsecretario Sr. García Valdecasas quedaron de hecho incorporados como académicos de número los señores D. Juan Domínguez Fontenla, arcipreste de la Catedral de Tuy y arqueólogo; D. Narciso Correal y Freyre de Andrade, escritor y abogado; D. Lisardo R. Barreiro, poeta y escritor, D. Jaime Solá Mestre, novelista y publicista; D. Ramón de Artaza, cronista de Muros e historiador y D. Antonio Noriega Varela, poeta y pedagogo" Cfr. "Al entrar en un nuevo período. Resumen de una gestión", *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, nº 264, Enero 1942.

170 Vid. Ramón Villar Ponte, *Días, hechos y hombres de la Real Academia Gallega*, La Coruña, Litografía e Imprenta Roel, 1953.

171 Vid. David Otero, *Castelao corenta anos despois (1950-1990)*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1991, p. 180. Figura, ademais, na directiva o seu amigo Álvaro de las Casas, como secretario, e Vicente Risco de tesoureiro, entre outros destacados escritores galegos.

172 A pesar destas mostras de afecto cara ao poeta e os agradecementos públicos deste, sabemos da existencia dunha composición poética en español de Noriega, que tivemos ocasión de ler, mais que non se nos permitiu reproducir, na que este dirixe un duro ataque contra a cidade natal.

173 Antonio Noriega Varela, *D'o Ermo*, Novísima edición, aumentada, Mondoñedo, Centro de Acción Social Católica, 1929.

*¿Unha fouce? Mais... ¡non! Túa divisa
 ¡unha cruz sinxeliña!, prenda cara
 que a Tradición ó Ermo lle legara
 coas lágrimas da aurora i a sonrisa (cfr. E 69).*

En contra do suxerido por parte da crítica, non é un poema que, despois da súa saída de Trasalba e a chegada á Graña de Vilarente, marque a ruptura de Noriega co movemento galeguista, desaprobando os camiños emprendidos por este¹⁷⁴. Figura á cabeza de *Do Ermo* 1929, mais xa fora publicado no ano 1922¹⁷⁵, coa seguinte datación: "Día de Galicia, 1922 (21, julio)"¹⁷⁶.

Esta edición de 1929 é moi importante, pois inclúe a maior parte dos sonetos compostos entre Trasalba e a Graña. Non obstante, a súa acollida é inferior á que tivo a edición de 1920¹⁷⁷ e a súa difusión é escasa:

"Para el próximo martes irá Dorinda a recoger los ejemplares de D'o Ermo (unos 500 ejemplares) que me regala el Ayunto. 35 los repartió a las autoridades y personas más visibies de mi ciudad. No sé que voy a hacer con ellos!: pajaritas, acaso. No hay coche diario a Lugo, y no lo habrá hasta pasado abril, desde que cayó el puente más acá del Santo (Doloriñas bien sabe). No lo hay ni a Lugo ni a Mondoñedo. Mal me veré, pues, pa. mandarlos certificados, a la prensa y a los amigos, y a alguna librería. Ni me doy maña pa. envolverlos" (cfr. III.6.1.33).

¹⁷⁴ Vid. R. Carballo Calero, *op. cit.*, pp. 525 e 526.

¹⁷⁵ Vid. *Acción Social*, Mondoñedo, nº 90, 15.8.1922.

¹⁷⁶ O rexeitamento explícito do movemento redencionista e, por extensión, galeguista, que este soneto implica, así como a carta a Teixeira de Pascoaes parcialmente reproducida anteriormente (vid. *supra*) pon en evidencia que é entre 1921 e 1922 cando Noriega se posiciona definitivamente en contra do galeguismo político, cunha belixerancia similar á dos seus amigos Jaime Solá ou Couceiro Freijomil, por exemplo, mais el nunca pertencera ao movemento galeguista, aínda que mantivera relacións amistosas con algúns dos seus representantes. Se agora extrema os seus ataques é porque o movemento se fai máis forte e sente a necesidade de defenderse del, así como na Segunda República ataca con dureza as ideas progresistas porque as sente como unha ameaza ou unha realidade na sociedade.

¹⁷⁷ Non debe ser alleo a isto o feito de que a edición de 1920 fose realizada e promocionada polos homes do grupo Nós, que lle deron a cobertura precisa para a súa difusión. Así, conseguiron unha portada de Castelao para a edición: "Temos ó Noriega antusiasmo co-a nosa idea de lle publicar o libro. Quedou en nos mandar os orixinais aixiña... Tes que lle decir ó Castelao ... que precisamos aixiña a portada pr'o libro do Noriega" (cfr. Vicente Risco, "Cartas a Antón Lousada Diéguez", *Grial*, Vigo, nº 86, outubro-novembro-décembro, 1984, pp. 469-479. Unha vez editado o libro, Risco envíalle un exemplar a Teixeira de Pascoaes: "Co'esta remétolle o libro de poesías de Antonio Noriega Varela: *D'o Ermo*, que ven de sair á venda e foi editado por min, en unión dos meus insoparables compañeiros Losada e Noguerol" (cfr. Pilar Vázquez Cuesta, "A correspondencia de Vicente Risco con Teixeira de Pascoaes", *Grial*, Vigo, nº 86, outubro-novembro-décembro, 1984, pp. 459-468).

O poeta acode aos amigos para intentar vender algún exemplar da obra, mesmo co propósito de obter algúns cartos para asistir ás festas:

"Como por ahí nadie, absolutamente nadie, me conoce, ruégote qe. me descubras, a ver si logro colocar algún día por esas tierras inexploradas una docena de ejemplares" (cfr. III.6.1.34)

"[...] te envié certificado un paquete qe. contiene 10 ejemplares de "D'o Ermo"... Y qe. mi gratitud no reconocerá límites si un día o dos días antes de San Juan me envías lo qe. produzcan... Quiero ir de fiesta un día sin pedirle cuartos a la administradora de casa" (cfr. III.6.1.35).

Ademais de recitais, homenaxes e outros actos que, con diversos motivos, se foron celebrando en Mondoñedo, anteriormente, coa participación de Noriega Varela, o de máis sona foi a homenaxe que se lles tributou conxuntamente polas San Lucas¹⁷⁸ de 1930 a tres mindonienses ilustres, Leiras Pulpeiro, Pascual Veiga e Noriega.

"Foi unha homenaxe conxunta, mais n-ela xuntouse todo o pobo. Viñeron oradores de fora, chegaron agrupacións artísticas e déuselle ó auto toda a solemnidade debida"¹⁷⁹.

Neste mesmo ano comezou a publicación de *Vallibria*, revista de Mondoñedo na que tanto colaborará Noriega, e nela infórmase detalladamente destes actos, que contaron coa colaboración económica dos emigrantes en América¹⁸⁰; Noriega, como único dos homenaxeados

¹⁷⁸ As San Lucas son as festas máis importantes de Mondoñedo e celébranse o 18 de outubro de cada ano.

¹⁷⁹ Cfr. J. Trapero Pardo, *op. cit.*, p. 22.

¹⁸⁰ O número 30 de *Vallibria*, de 21.9.1930, informa: "Nuestros hermanos de América, siempre atentos a todo cuanto sea robustecer nuestros valores espirituales, aportaron su rebotante entusiasmo y su dinero, enrolado en la lozanía de sus ideales, para el homenaje que ha de tributarse, el 20 de esos otoñales, a Leiras Pulpeiro, Pascual Veiga y Noriega Varela".

O número 34, de 20 de outubro de 1930, nun suplemento especial, dedica dúas grandes columnas ao autor, unha cunha glosa literaria de José María de la Fuente, titulada "Triada. Fragmento. Noriega Varela. A montaña" e outra en que reproduce dous poemas de Noriega traducidos para o italiano por Guido Batelli (en italiano levan por título 'La carità' e 'La bruma', versión dos sonetos 'Temura' e 'Brétema'). No número seguinte, 35, do 26 do mesmo mes, informa por extenso destes actos; del tiramos algúns parágrafos:

"Por las calles de Obispo Sarmiento, Marqués de Rodil, Libertad, Padilla y Plaza de Alfonso XIII, se dirigió la comitiva al antiguo Pasadizo del Cantón desde hoy Calle de Noriega Varela, donde está situada la casa propiedad del poeta y en la cual fué colocada la placa que lleva su nombre [...]"

vivo, tivo unha activa participación, que terminaría coa lectura dun poema¹⁸¹ composto para a ocasión, en que pasa revista á súa traxectoria poética (vid. PNR 24).

Aínda mestre na Graña, recibiu o encargo de Xerardo Castro Lamas¹⁸² de facer o "xuício do ano" 1931 para *O Gaiteiro de Lugo*¹⁸³, que comezou así:

*Non tiña leira, nin leiro,
nin chavola, nin palleiro;
mais ¡que bon teto ora zugo!
¡Cheguei a tamborileiro
do Gaiteiriño de Lugo!...*

*Castro Lamas, un señor
noviño, e de moito humor,
visto que o ano novo chega,
dixome: «amigo Noriega,
hai que apandar co tambor.» (cfr. PNR 27).*

Con este texto inicia unha longa colaboración nesta popularísima publicación, que chegaba a miles de fogares de todo o país, fundamentalmente labregos. Noriega non só fará os "xuicios do ano",

El Sr. Pesqueira, representante de "La Nación", de Buenos Aires, hizo el descubrimiento de la lápida entre los aplausos del público, que el poeta escuchaba emocionado [...]

Suenan grandes aplausos al levantarse a hablar don Ramón Salgado Toimil, maestro de Foz y laureado escritor, que ensalza al "Poeta de la Montaña", que es, por tanto, poeta de Galicia, puesto que Galicia es la Montaña. Un maestro -dice- en nombre de todos los compañeros del Magisterio y en nombre de todos los niños de las escuelas, quiere abrazar públicamente al maestro y poeta, Noriega Varela (El orador abraza entre grandes aplausos a Noriega, que recibe esta muestra de afecto visiblemente emocionado). Seguidamente el Sr. Salgado hace entrega al poeta del título de Presidente honorario del coro gallego de Lugo "Frores e Silveiras", que con tal objeto llegó de Lugo.

Al levantarse el Sr. Noriega Varela se le tributa una cariñosísima ovación, que se reproduce al terminar de leer la hermosísima poesía [...]

¹⁸¹A composición, que leu "dendes d-un tabrado que se erguera na Praza de Mondoñedo" (cfr. Trapero Pardo, *op. cit.*, p. 22), foi a intitulada "Pr'os d' a Paula" e tamén figura neste mesmo número 34 de *Vallibria*. Os da Paula son os de Mondoñedo, pois a Paula é o nome que recibe a campá maior da súa Catedral: vid., por exemplo, Eduardo Lence-Santar, "La Paula", *Mondoñedo*, 15. 4. 1945 ou Antonio Díaz-Cañabate, "La Paula", *Mondoñedo*, 18. 10. 1981.

¹⁸²Xerardo Castro era propietario das Artes Gráficas e Imprenta do mesmo nome, na rúa San Pedro, 29, de Lugo; tamén editor e propietario de *O Gaiteiro de Lugo*.

¹⁸³Subtitulado *Calendario Gallego*, título anterior da publicación (por exemplo, vid. ano 1926). Leva na portada os calificativos de "Relixioso, profético, astronómeco, recreativo, popular e barato". Foi bilingüe durante moitos anos e fíxose monolingüe en galego xusto a partir de 1936.

senón que dará a coñecer novas composicións (vid. PNR 30), repetirá outras xa coñecidas, publicará series de adiviñanzas, refráns, "circunlocucións"¹⁸⁴, cantares populares... Nesta primeira entrega de 1931 podemos ver claramente o seu ideario político, posicionado contra a República e as forzas progresistas, e tamén contra o galeguismo e as súas institucións, posicionamento ideolóxico que xa vén de atrás e que se repetirá nos seguintes "xuicios do ano".

Pouco antes de deixar o seu destino en Abadín, cos 61 anos xa cumpridos, ve aumentada a súa prole coa chegada dun novo fillo, Manuel, nacido o 13 de novembro de 1930¹⁸⁵, co que vai formando unha numerosa descendencia, constituída até este momento por dúas fillas do primeiro matrimonio, Cándida e Dolores, e seis do segundo, Nieves, Carmen, Antonio, Felipe, Daniel e Manuel, sen contar os catro do primeiro que faleceron: Antonio, José, Gaspar e un xémeo deste. Esta familia verase completada cun novo membro, Ana María, nacida xa cando o poeta estaba destinado en Chavín, e próximo á xubilación.

Nas terras de Abadín ficará a lembranza do singular mestre e poeta:

"La montaña de Abadín recuerda sin amor ni rencor su figura jocunda y extraña. Lo recuerda riendo en los atrios de las humildes iglesias, rezando las avemarías del Angelus de la tarde por los senderos solitarios de Argán, esculcando decires y requebrando mozas. Siempre con su cayado enorme y su ancho sombrero, fornido, lento y torpe como un oso.

No lo comprendió nunca, pero amaba su alegría de niño y sus inocentes extravagancias. Muchos dichos y refranes de hoy se cree que son de Noriega y se los atribuyen: "Como decía o Noriega..."¹⁸⁶.

Os durísimos invernos da Graña de Vilarente foron minando o corpo e o espírito do poeta, chegando mesmo a perder o seu optimismo natural. Á súa idade, cos 62 anos á porta, o corpo xa non responde como antes, e o amor pola montaña non suaviza o rigor do seu clima. Así que Noriega foxe dos cumios nevados e dos xeos das lagoas para se refuxiar na deostada mariña, en busca dun clima máis temperado, e tamén da calor humana que lle darán as novas amizades. A fermosura da ría de Viveiro cativará o ánimo do poeta:

*Si a casa onde eu vivía
está nunha lomba fría,
i alta, breñosa, deserta,
frente a frente da túa ría*

184 Co mesmo título apareceu tamén en *Vallibria*, coa intención de conformar a 2ª serie de *Como falan os brañegos*, que non chegou a renuir nunha publicación (vid. BR).

185 Rexistro Civil de Abadín, *Libro 36 de nacementos*, p. 28.

186 Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 166.

quedeime coa boca aberta... (vid. E 64, vv. 6-10).

No curso 1931-1932 xa está de mestre na escola de Santa María de Chavín, á beira do río Landro e nas proximidades de Viveiro, bañado polo mar Cantábrico, o mesmo mar que xa Noriega coñecera na súa etapa de Foz e nos veráns pasados na praia da Rapadoira.

*O Bruxo d'os Ermos*¹⁸⁷, nunha das suas habituais colaboracións na prensa, lémbrale a Noriega o paso dos anos e a dureza dos invernos na montaña, gabando a elección feita; a composición é de abril de 1932, cando xa o poeta está de mestre en Chavín:

*[...] Pero cando vén o Outono...,
pero cando vén o Invêrno...
... ¡¡o sol escóndelle a cara!!
(¿E verdá ou nôn; ¡meu vello!)
e entonces sí que «son» elas [...]
Por eso fixeche bèn
ir pra Chavín de Maeso;
e desde ahl, ô abrigo
facer d'aqueles teus versos,
que põnen alta a Montaña
e a Mariña pol-o suelo (cfr. III.8.19).*

Lonxe da montaña amada, e protexido pola suave brisa do Cantábrico, vai Noriega encarar os últimos anos de docencia, camiño xa da xubilación, con novos folgos, recuperado o seu optimismo anterior coa axuda de novos amigos, entre os que podemos mencionar a Francisco Leal Insua (vid. PE 5), Antonio Aparicio Ferreiro, José Nistal López, o industrial José Barro, Henrique Chao Espina e outros. A case solitaria compañía do xoven poeta Aquilino Iglesia Alvariño en Abadín é substituída por unha corte de amigos e admiradores, cos que departirá longas horas na vila de Viveiro, a onde acudía diariamente:

"Terminada la clase de la tarde, iba hacia Vivero -6 Kms.- siguiendo la costumbre de todos los días que no llovía. Boina, zamarra y paraguas, y carretera adelante"¹⁸⁸.

Entre estes amigos destacaba o tamén poeta, aínda que moito máis novo, Leal Insua, que facía os seus versos en lingua castelá; Noriega

¹⁸⁷ Pseudónimo literario do crego Celestino Cabarcos Suárez (1883-1960) que, sendo párroco de S. Xoán de Romariz, coñeceu a Noriega, con quen mantería amizade. Como poeta colaborou en varias publicacións, destacando a sección que mantivo no semanario mindoniense *Vallibria*, co título de "Cóxegas", que tamén o será do libro publicado en 1955, selección da súa produción poética.

¹⁸⁸ Cfr. José Nistal López, "Don Antonio Noriega Varela (El bardo de la montaña)", in *Semblanzas e agarimos*, inédito, 1953.

tentouno convencer para que utilizase a lingua galega¹⁸⁹, como xa antes fixera, e con éxito, con Trapero Pardo (vid. III.6.1.20).

A etapa de mestre en Chavín vai coincidir coa 2ª República e logo coa guerra civil. Diante destes acontecementos posiciónase claramente e sen ambigüidades. Coherente coa súa liña ideolóxica tradicionalista, opúxose á República e ás medidas secularizadoras tomadas por esta, como podemos ver en carta do ano 1933:

"Hay en derredor mío una muy pintoresca fauna de pisaflores, con reloj de pulsera y calcetines de color malva, que a pié juntillas creen (los blasfemos) que desapareció Dios con la monarquía, que antes de ellos, no se sabía absolutamente nada, y que van a sustituir, muy ventajosamente (miñas cousiñas), la enseñanza religiosa...

Estos resalados creen asimismo (ya con más fundamento), que soy yo cachivache de antaño y que por antigualla hay que arrinconarme, o prenderme fuego.

Ya que otra cosa no permiten las circunstancias, continúa rezando las oraciones de entrada y salida, y por tamaño desacato, no cesan de criticarme y de maldecirme" (cfr. III.6.1.37).

Durante a República Noriega mantivo o crucifixo na sua escola, en contra das disposicións oficiais; este feito será publicamente gabado polo primeiro gobernador civil do chamado "Movimento Nacional", Ramón Bermúdez de Castro, quen, nunha das súas primeiras circulares, de 11 de agosto de 1936, ordenou a reposición dos crucifixos, mencionando expresamente o comportamento de Noriega¹⁹⁰. A prensa que apoia o Movimento louva a circular do Gobernador e a mención a Noriega¹⁹¹.

189 Segundo a propia declaración, en conversa particular, de Leal Insua. Noriega parece ser que intentaba convencelo argumentando que era máis fácil triunfar en galego, pois eran menos os competidores, que en castelán, onde, segundo el, resultaría moito máis difícil destacar.

190 Na circular ordena que "se proceda por todos los señores alcaldes a la colocación en todos los salones de clases de las escuelas de esta provincia del símbolo sagrado de la Cruz de Cristo para que en esos centros se formen ciudadanos españoles amantes de su Patria, y prontos a toda suerte de sacrificios en un holocausto.

Consecuente con este asunto he de hacer presente a los habitantes de esta provincia que se reistaurará el crucifijo en todas las escuelas de la misma menos en la de niños de Santa María de Chavín, porque en ella no faltó ni un solo instante su Augusta Presencia, merced a la firmeza, a la gallardía y a la serena fe del maestro nacional que la regentaba D. Antonio Noriega Varela, inspirado poeta de la montaña lucense y por serlo, con la delicadeza y finura espirituales necesarias para hacer alarde de rasgo tan meritorio, que yo por lo que tiene de enaltecedor para el Cuerpo a que pertenece el referido maestro, me honro en hacer patente para la debida ejemplaridad y merecida alabanza". Cfr. *Vida Escolar*. Semanario dedicado a la defensa del Magisterio lucense, Lugo, nº 497, 29.8.1936; esta circular foi tamén reproducida parcialmente por Claudio Rodríguez Fer en "As revistas do ensino lucense durante a guerra civil", *El Progreso*, Lugo, 30.11.1988; "O galeguismo ante a cruz durante a Guerra civil", *A Nosa Terra*, Vigo, nº 383,

Este mesmo feito é lembrando tamén en *Vallibria*, cando publica unha composición que Noriega dedicara ao xeneral Sanjurjo no seu desterro en Estoril, con motivo da amnistía do ano 1934 (vid. PNR 34)¹⁹². O claro compromiso do autor coas forzas políticas e militares máis conservadoras, que logo darían o golpe de estado, foi xa tratado na recente Tese de doutoramento de Claudio Rodríguez Fer e en artigos precedentes¹⁹³. Citemos só algunha das suas opinións :

"Noriega Varela escribe panfletos, e é o mellor escritor en galego da zona franquista, mantendo o seu nivel de sempre, cunha forza extraordinaria. Eu compararía a poesía franquista de Noriega coa miliciana e republicana de Cabanillas. Os dous escriben poesía de guerra, belixerante, pero en diferentes bandos.

[...] A poesía política de Noriega Varela ou de Cabanillas é publicábel dentro do seu xénero, tan lexítimo como outro calquera"¹⁹⁴.

Este mesmo autor califica a Noriega, cremos que acertadamente, como escritor non galeguista, e engade que mantivo sempre as mesmas posicións ideolóxicas:

"[...] Noriega Varela foi sempre un reaccionário, mesmo na época anticaciquil na que tivera problemas administrativos. Noriega asumiu os principios básicos de Falanxe e do franquismo dun xeito extraordinario"¹⁹⁵

Durante a guerra civil participará en actos políticos a favor dos sublevados, como sucede o 17 de xaneiro de 1937, en Landrove, onde Noriega recitará un poema en español, nunha velada a beneficio do exército rebelde; comeza así:

Señor Don Vicente Hermida,

20.4.1989 e "A cultura galega na prensa pedagóxica lucense durante a guerra civil", *Revista Galega de Educación*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, nº 10, Outubro 1989.

¹⁹¹ "Justísimo es el encomio tributado al culto maestro de la escuela de niños de Chavin (Vivero)". Cfr. J. S., "El Crucifijo en las escuelas", *Vallibria*, Mondoñedo, nº 340, 23.8.1936.

¹⁹² Resulta curioso que esta poesía fose escrita en lingua galega, pola persoa a quen ía dirixida, e, ademais, confirma claramente o compromiso ideolóxico do poeta, adquirido xa antes da guerra, coas forzas que se sublevarán contra a legalidade republicana. Isto mesmo fica patente nos "xuicios do ano".

¹⁹³ Vid. *A Literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*, Universidade de Santiago, 1991. Vid. tamén do mesmo autor, ademais dos artigos xa citados, "A literatura galega, en Galicia, durante a guerra civil", *Boletín Galego de literatura*, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, nº 3, Maio 1990, pp. 49-63, e "O gaitero vai á guerra", *A Nosa Terra*, Vigo, nº 432, 17. 5. 1990.

¹⁹⁴ Cfr. *A Nosa Terra*, Vigo, nº 463, 31. 1. 1991 (Entrevista de Xan Carballa a Claudio Rodríguez Fer).

¹⁹⁵ *Ibid.*

*pues sois vos quien convida,
y es España el aliciente,
mi pobre musa adormida,
surge y responde: ¡presente!*

*Por este edén virgiliano
pasa el Landro más ufano
desde que perdió de vista
a «la canalla marxista»,
que abate Queipo de Llano [...] (cfr. PE 7).*

Neste período da guerra non diminuíu a súa actividade poética, máis ben se incrementou, orientada polo camiño da poesía política, agora tamén en lingua castelá (vid. PE 6-13), mais sen deixar de escribir en galego.

O remate da guerra, co triunfo do bando que el apoiou, tróuxolle novos folgos poéticos e rexueneceu o seu espírito, instalándose de novo case por completo no idioma galego e iniciando unha serie de colaboracións en *Vallibria*, os "Informes litterae", que nos mostran un Noriega optimista, satírico e burlón, próximo a algunhas composicións da mocidade (vid. PNR 40-45).

Mais co final da guerra chegou tamén o final da súa vida profesional, despois de 40 anos de exercicio do maxisterio. Cumprira a idade de xubilación o 17 de outubro de 1939, aínda que non se fixo efectiva até o 26 de xaneiro de 1940. Esta xubilación parece romper co seu optimismo e iniciar o declive poético e vital. El mesmo conta esta experiencia a Otero Pedrayo:

"Vera Vd: el 17 de octubre cumpli la edad reglamentaria para mi jubilación forzosa. Antes, ya el 5 de agosto, le escribí a Don Serafín Paz, un maestro meritísimo de Escourido, qe. ya la obtuviera, para qe. me ilustrase acerca de lo qe. debía hacer. Y el buen señor me contestó: «Ahora, ahora sí qe. le van a dar a Vd. en qe. merecer: nueve meses son transcurridos desde qe. a mi me jubilaron, y todavía no cobré un céntimo. Ah!, mi señor padre, qe. era analfabeto, logró reunir un capitalito de doce mil duros; el hijo, maestro de la nación, al terminar con honra sus servicios, no vió juntos cien reales». Aterradora la contestación, y vieja la historia, ¿verdad? Bueno, pues inmediatamente, ¡María Santísima!, y alarmadísimo, me trasladé a Lugo con una impedimenta asombrosa de despreciables documentos adornados Dios sabe con cuantas pólizas y timbres móviles [...]. Y hasta ayer, 26 de enero, no me licenciaron. Ahora voy a esperar que vuelva Dorinda, el lunes, Dios mediante, para volver a Lugo y continuar con la cruz a cuestas" (cfr. III.6.1.39).

Nesta mesma carta mostra desilusión co trato recibido; quizais esperase outro da súa sona de poeta ou da postura tomada a favor do novo réxime, cando manifesta ironicamente:

"Ciertísimo que no fuí de los mentores seleccionados para ir a dar lustre a España a la nación de Musolini, saltando por las picas de Flandes; pero Vd.,

benefactor mío, bien sabe que ni el Duce pudiera, con justicia, llamárme bárbaro [...]".

A xubilación cólleo en bon estado de saúde ("Gracias a Dios, todavía, sin que la edad me agobie, respiro a pleno pulmón"), mais non pensa en proxectos ("¿Mis proyectos?... Los de antaño: *estenderme com a bôca para o ar...*").

Esta carta é de xaneiro de 1940, e en xuño do ano seguinte escribe: "De regreso de León, donde permanecí con mi familia desde el 23 de nove. hasta el domingo de ramos..." (cfr. III.6.1.40). Xa anteriormente (vid. III.6.1.39) escribira que a súa dona, Dorinda, estaba en León "a llevar un hijo mío para el taller en que trabajan de tapiceros el marido de Nieves y Antofñito, mi hijo mayor que todos los meses me manda 25 duros". Noriega foi pasar, pois, uns meses a León con algúns dos seus fillos. Mais esta experiencia non lle resultou agradábel e pronto regresaría a Viveiro. O poeta da montaña non se afacía en terras alleas nin con xentes estrañas¹⁹⁶.

Antes de ir a León fora pasar uns días a Santander, para asistir a un curso de carácter pedagóxico, convidado por D. Ramón Otero Pedrayo. Foron estas as dúas únicas veces que Noriega viaxou fóra do país, se exceptuamos as viaxes a Portugal. En Santander o poeta dedicou o seu tempo a admirar e coñecer outras paisaxes e outras formas de vida, máis interesado nisto que en seguir unhas pesadas conferencias¹⁹⁷.

Xa xubilado, pasou a residir en Viveiro e alí impartiu aulas de latín nun colexio:

¹⁹⁶ Disto cóntanos algo Otero Pedrayo: "Escribíame moito Noriega. Unha carta fíxome mal e deseguida escribinlle pra que non caíra na loucura e o erro da residencia en León por conveniencias de familia.

Xa non tiña atadallo o disparate. Nun barrio cheirento a carbón do tren Noriega sufría de angustia física e moral. Como poido retornou a Viveiro". Cfr. *O libro dos amigos*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, pp. 45-50.

¹⁹⁷ O mesmo Otero Pedrayo cóntanos esta experiencia do autor: "paseaba co seu andar adispazoso de fidalgo e dono do tempo por os malecós salfrido de escumas, falaba nas terrazas dos cafés, comparaba as eleganzas da praya cas mozas carpazonas do seu tempo de farreante por Romariz e Labrada, alquitaraba hastra a derradeira pinga o licor da noite da cidade. E se non recollía sin chegárese ô porto [...].

O peor era madrugar pr'os cursillos. Os seus compañeiros, case todos xóvenes, tomaban a cousa con moita seriedá e levaban carteiras de notas e diarios. O poeta sempre arrodado de amigos pra escudalo falaba dos piñeiros armoñosos de Ovidio, da primaveira dos toxos, das seráns na Ponte de Lima, de Teixeira de Pascoas". Cfr. "Parladoiro. O poeta cursillista", *La Noche*, Santiago de Compostela, 22.2.1947.

"[...] y terminó sus días en la ciudad de Vivero dando clases de latín y humanidades, después de haber pasado a engrosar las listas de las clases pasivas del Magisterio"¹⁹⁸.

"D. Antonio también fue profesor mío -ya él jubilado de la enseñanza primaria- en el Colegio Hispania de Vivero, en donde explicaba Latin"¹⁹⁹.

Mais esta experiencia, que Aquilino Iglesia deixa en conato, non debeu resultar moi proveitosa para o poeta:

"La vida se fué haciendo dura por los tiempos y cuando llegó la jubilación y se trasladó a Vivero pensó explicar el latín de D. José Chao, todo hipérbaton y elegancias de Leon XIII, en un colegio de segunda enseñanza.

Fue la caída más lamentable que tuvo, aunque, por fortuna para él, no creo que haya pasado de un pecado de pensamiento. Yo también me acuso de haberle mandado en esta ocasión gramáticas y diccionarios, que no sé hasta que punto le sirvieron.

¡Dios quiera que para nada!"²⁰⁰.

Disto podemos deducir doadamente que a súa situación económica non era nin podía ser boa, tendo en conta, tamén, a escasa cuantía da xubilación e a numerosa familia que posuía. Xa víramos como un dos seus fillos, Antonio, lle mandaba todos os meses 25 pesos desde León (vid. III.6.1.39, carta de 27.1.1940). El mesmo, en 1943, pensa publicar un libro de refráns e sacar del algún beneficio:

"Si me lo patrocinase la Diputación de mi prov^a., (qe. jamás se acordó de qe. me hay en el mundo), me compraría un traje, para ir paseando ya los pocos días que me quedan. Por no tenerlo perdí ya tres ocasiones de salir a echar canas al aire dando recitales" (cfr. III.6.1.36).

Esta suxerencia ao seu amigo Trapero Pardo debeu desencadear unha serie de iniciativas que fixeron, por unha parte, que a Deputación Provincial de Lugo incluíse no orzamento dese mesmo ano 1943, no capítulo 1º, artigo 5º, a cantidade de 2.000 pts. en concepto de "pensión especial al poeta, distinguido hijo de esta provincia, D. Antonio Noriega Varela"²⁰¹; esta mesma cantidade figurará nos anos sucesivos até a súa morte; en 1945 e 1946 aparece agrupado o artigo 5º dedicado a pensións e, ao lado da de 2.000 pts. a Noriega, ao que se engade agora o

¹⁹⁸ Cfr. J. Travieso Quelle, "El cantor de la montaña a la orilla del mar. Los días de don Antonio Noriega en la ciudad de Vivero", *Chan*, Madrid, nº 6, I quincena de mayo, 1969.

¹⁹⁹ Cfr. José María Beltrán Veiga, "A la vista del centenario. Noriega Varela, Camilo Cela, Villar Ponte... y Salgado Toimil (I)", *El Progreso*, Lugo, 11.5.1969.

²⁰⁰ Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 166.

²⁰¹ Cfr. *Actas de la Comisión Gestora Provincial da Deputación de Lugo*, ano 1943.

título de "excelso cantor de la montaña de Galicia", figura outra de 1.500 pts. para D^a Gala Murguía Castro, filla de Rosalia²⁰².

Por outra parte, o 14 de maio dese ano, 1943, publícase en *El Progreso* de Lugo un artigo, enviado desde Madrid, de José Díaz Andión, no que se lanza a idea dunha homenaxe a Noriega Varela:

"Bien merece, pues, Noriega Varela que esta valiosísima aportación a las letras se vea compensada en el otoño de su vida con un rendido homenaje de las Corporaciones gallegas. [...] Galicia, y particularmente la provincia de Lugo, debe reverdecer con la gratitud y el reconocimiento aquellos lauros conquistados por el viejo poeta para enriquecer la lírica regional"²⁰³.

A partir deste artigo comezarán as adhesións á idea, primeiro do propio Trapero Pardo²⁰⁴, inmediatamente despois Narciso Peinado²⁰⁵. Esta idea da homenaxe vai adquirir a forma dun recital poético de Noriega mesturado con diversas intervencións musicais. Disto xa está enteirado o poeta, que a 29.5.1943 escribe a Trapero agradecéndolle as súas xestións e aceptando dar o recital:

"Yo, que no tengo el honor de conocer personalmente, ni por sus escritos, a mi novísimo benefactor Sr. Diaz Andión, tras haber roto el fuego en "El Progreso" pidiendo para mi insignificancia, un homenaje, mal podía adivinar de donde había surgido la misericordiosa iniciativa [...].

Honrado y complacidísimo, acepto dar un recital donde Vd. me ordene, y como no sólo de libar ambrosía y de beber orballo nos es concedido vivir a los poetas, no retiraré melilndroso la mano para recoger, agradecidísimo, la cantidad de ptas.qe. para cubrir gastos logró, piadosamente, conseguirme" (cfr. III.6.1.42).

Lembra na mesma carta que varios anos antes, en 1926, dera outro recital no "Círculo de las Artes" de Lugo, sendo entón alcalde Eduardo Rosón, que o agasallara por todo o alto, mesmo paseándoo no coche de cabalos do Concello. Nese acto a Asociación de xornalistas nomeouno socio de honra e regaloulle un reloxo de ouro á súa filla Dolores.

Este novo recital celebrárase tamén no "Círculo de las Artes", o 25 de xuño de 1943, precedido e seguido doutros pequenos actos de homenaxe²⁰⁶. Resultou todo un éxito, segundo recolle a prensa²⁰⁷.

²⁰² *Ibid.*, anos 1945 e 1946.

²⁰³ Cfr. "Galicia y sus poetas. Antonio Noriega Varela".

²⁰⁴ Vid. "Secundando una idea. Noriega en las letras hispanas", *El Progreso*, Lugo, 26.5.1943.

²⁰⁵ Vid. "Hojas otoñales. Lugo exalta a su máximo poeta", *El Progreso*, Lugo, 30.5.1943.

²⁰⁶ Vid. *El Progreso*, Lugo, 25.6.1943 ("El recital de Noriega Varela en el Círculo de las Artes") e 27.6.1943 ("Noriega, en Radio Lugo").

²⁰⁷ "El salón se hallaba profusamente adornado, asistiendo gran cantidad de público, como muy pocas veces se ve en estas manifestaciones artísticas.

Deste acto tamén dá conta o autor a D. Ramón Otero Pedrayo:

"La epístola que adjunto, manifestará a Vd. que hube de prepararme arrebatadamente, para dar un recital de mis versos en el "Círculo de las Artes" de Lugo el día 25 de San Juan, próximo pasado.

Ya libre de tan halagüeño compromiso, pláceme participarle que no se levantaron contra mi todas las piedras de las ruas y de las murallas de la Ciudad del Sacramento" (cfr. III.6.1.43).

Nos anos seguintes, recluído na "vila alegre" de Viveiro, o poeta ve enfraquecer o seu corpo, noutrora rexo e baril, e perder a saúde, un dos dons máis destacados con que o dotou a natureza, e que foi a base do seu ánimo alegre e optimista. As noticias do seu estado físico foron espallándose, e, con elas, foi tamén surxindo a idea da oportunidade dunha homenaxe de Galiza ao que se consideraba o seu poeta vivo máis representativo desde as páxinas da prensa oficial. Isto ocorre durante o ano 1945 e vese activado pola publicación de diversos artigos apoiando a idea, que aparecen en case todos os xornais do país²⁰⁸

Formárase en Lugo, no verán dese mesmo ano, unha "Comisión para el Homenaje de Galicia a Noriega Varela", constituída por Francisco Leal Insua, como presidente, José Traperero Pardo, como secretario, Nazario Abel Corredoira, como tesoureiro, e como vocais Julia Minguillón, esposa de Leal Insua, Purificación de Cora Sabater e Antonio Díaz Carreira. Esta Comisión desenvolve un intenso labor perante corporacións e personalidades. O 18 de xaneiro, a Xunta de Goberno da Academia Galega dáse por enteirada da mesma a través da prensa e acorda asociarse a este propósito, aínda que lamenta carecer de fondos para dar unha axuda económica, e aconsella á Comisión que se dirixa ás deputacións provinciais²⁰⁹.

Presidían las autoridades civiles y militares y varios delegados de Servicios de Falange Española Tradicionalista y de las JONS. En el escenario figuraban sendos retratos de los poetas lucenses Jesús Rodríguez López y Aureliano J. Pereira [...].

El recital fue uno de los más completos del gran poeta gallego. Primero, las composiciones de carácter descriptivo; siguió con una selección de sonetos, terminando con diversos poemas líricos, algunos inéditos de la última época. En toda su dicción, un aire de cumbre movía la emoción de los espectadores que le oían enfervorizados". Cfr. *El Progreso*, Lugo, 26.6.1943.

²⁰⁸ Vid., por exemplo, Julio Sigüenza, "Pulso de Galicia. El homenaje regional a Noriega Varela" (10.1.1946) ou Santiago Amaral, "Lo piden los amigos..." (5.2.1946), ambos os artigos publicados en *El Progreso* de Lugo.

²⁰⁹ A Comisión responde: "La Comisión del Homenaje de Galicia a Noriega Varela agradece publicamente, por medio de estas columnas, la noble adhesión de la Real Academia Gallega al homenaje que se proyecta, y recoge la generosa iniciativa de la Docta Corporación a fin de ampliar, si procede, la entrega de las obras a Noriega Varela con la pensión que se cita si a ello respondieran favorablemente las Diputaciones de La Coruña, Orense y Pontevedra, pues la de Lugo ya subvenciona al poeta en este sentido". Cfr. "La Real Academia Gallega y el poeta Noriega Varela", *El Progreso*, Lugo, 20.1.1946.

As xestións perante as institucións van ir dando resultado, coa aportación de diferentes cantidades de diñeiro. Así, neste mesmo mes de xaneiro, o Concello da Coruña aproba conceder 1.000 pts.²¹⁰ e, no seguinte, a Deputación de Ourense outras 1.000²¹¹. Novos concellos van colaborando: Foz con 500 pts, Viveiro 1.000, Ourense 245'75, Lugo 500²¹². A Deputación desta provincia, que xa tiña asignada unha pensión anual, tamén colaborará²¹³.

O 12 de xuño de 1946 *El Progreso* informa que se levan recadadas 8.690'75 pts, apesar da negativa do poeta a que se reciban donativos de particulares; ante a insistencia dalgúns destes por figuraren na homenaxe coa súa aportación, a Comisión decide aceptala, co que se chega á cantidade de 8.973'75 pts, instando tamén aos concellos de Mondoñedo, Vilalba, Monforte, Santiago e Vigo a "que remitan a la mayor brevedad las subvenciones para reeditar los libros de Noriega Varela".

Antes de estar preparada a edición da súa obra, celébrase a velada de homenaxe no "Gran Teatro" de Lugo, o 26 de abril de 1946, da que a prensa vén informando con periodicidade²¹⁴. Neste acto, ao que non acode o poeta por non llo permitir o seu estado de saúde, proliferan as actuacións musicais, coa única intervención, como orador, de Xulio Francisco Ogando Vázquez, quen glosa a obra do autor²¹⁵. Previamente Noriega aconsellárelle a lectura do prólogo de José Agostinho (vid. III.2) a *Do Ermo*, que non se chegara a incluír na obra:

"Como al Sr. Ogando no le faltarán Dios sabe cuantas ocupaciones, revolví hoy -mas en balde!- viejos papeles. Con ojear las cuartillas de un prólogo, (qe. no pude publicar con la 1ª edición de *D'o Ermo* porque era kilométrico), excusaba el Sr. Ogando cruciare animum, como dicen los latinos, o devanarse los sesos" (cfr. III.6.1.46).

No mes de outubro aínda se está preparando a edición definitiva da súa obra, da que se encarga a Comisión da homenaxe e, fundamentalmente, o seu presidente, Leal Insua. Noriega, enfermo e sen

²¹⁰ *Ibid.*, 24.1.1946.

²¹¹ *Ibid.*, 26.2.1946. Neste mesmo número xa se anuncia a preparación en Lugo dun gran festival artístico en honra de Noriega.

²¹² Estas cantidades veñen especificadas en "El homenaje de Galicia a Noriega Varela", *Finisterre*, Madrid, nº 27, abril 1946.

²¹³ "Se acordó librar a favor de la Comisión de Homenaje de Galicia a Noriega Varela, con destino a la novísima edición de sus obras, las mil quinientas pesetas (1.500) que a este fin figuran incluídas en el capítulo XIX, artículo 1º del presupuesto ordinario en vigor. Sección de Resultas". Cfr. *Actas de la Comisión Gestora Provincial*, Deputación de Lugo, 1946.

²¹⁴ Vid. *El Progreso*, Lugo, 5.3.1946, 9.3.1946, 12.4.1946, 23.4.1946 e 26.4.1946.

²¹⁵ Vid. "El festival de homenaje a Noriega Varela en el Gran Teatro ha resultado brillantísimo", *Ibid.*, 27.4.1946

se erguer da cama, segue moi preocupado a preparación do libro. Na última carta que posuímos del, escribindo desde o leito con letra trememente, mais firme de ánimo, solicita a Trapero que interveña diante de Leal para deter, se for necesario, a impresión do libro, por non se axustar aos seus desexos:

"El día 2 del corriente Leal, por un maestro me mandó más pruebas mutiladas, qe. a correo vuelto le devolví certificadas. ¿Están en su poder, amigo Trapero? Cuánto me importa saberlo antes de que la obrita continúe imprimiéndose, a tontas y a locas (en la actualidad con ímpetu wagneriano), que, mal qe. me pese, no hay otro remedio más qe. frenar [...] .

Tengo yo una letra muy clara, muy presente el índice de todas las de D'o Ermo, y no veo la razón pa. qe. ahora surjan conflictos [...] Es mejor qe quede la obrita en tinieblas qe. qe. la saquemos a luz con harapos, atavíos de desdentada meretriz" (cfr. III.6.1.47).

Finalmente, estes problemas ou malentendidos debéronse solucionar, porque no mes seguinte xa lle foi entregado o exemplar da edición definitiva da súa obra²¹⁶ e o 16 do mesmo mes púxose o libro á venda, ao prezo de 20 pesetas. A partir desta data comezarán a aparecer na prensa galega artigos glosando o seu contido e louvando o autor.

Mais toda esa campaña na prensa a favor da homenaxe a Noriega e a suscripción para recadar cartos cos que financiar a edición da súa obra, na que participaron entidades galegas e da emigración, así como persoas a título individual, feita con intención de lle entregar ao poeta o importe dos libros que se fosen vendendo despois de cobrir os gastos da edición, acabou por provocar un profundo malestar ao autor. A Comisión, sabedora do pouco tempo de vida que lle quedaba, e desexando que este transcorrese sen agobios económicos, promoveu unha campaña ao seu favor, que logo foi distorsionada:

"Como a Comisión nomeada en Lugo falou da doenza e da pouca abundosa economía de Noriega, comezaron a aparecer nos diarios e revistas chamamentos e escritos n-os que se deixaba vêr que o poeta estaba na miseria, que era mester que todos os gallegos lle axudasen, que non se podía deixar que morrese cuasimente de fame un home que era gloria das Letras gallegas.

216 "El acto tuvo lugar en una de las habitaciones del domicilio de Noriega Varela, en Vivero, por guardar cama el poeta a consecuencia de una reciente afección. Don Francisco Leal Insua, como presidente de la Comisión del homenaje, acompañado del tesorero de la misma, D. Nazario Abel Corredoira, y en presencia de su esposa doña Dorinda Almansa y sus hijas Dolores, Carmen y Ana María, entregó a Noriega el primer ejemplar de "D'o ermo", reimpresso ahora en cuarta edición y en el que van incluidos los poemas de "A Virxen y a paisanaxe" y de "Montañesas", o sea, toda la obra poética completa de Noriega Varela reunida en un solo volumen". Cfr. "En un sencillo y emocionado acto le fue entregada a Noriega Varela la nueva edición de sus obras", *El Progreso*, Lugo, 12.11.1946.

Noriega reaxíu contra aquilo, porque nin era verdade nin, inda que o fose, debéra facerse d-aquel xeito depresivo pr-ô poeta e pr-â sua xente. Mais cando lle acudiron as bágoas ôs ollos foi cando soupo que unha escritora, que tivo con él unha conversa, chegou a dicir que Noriega estaba tan probiño que, pra poder estar no leito, tiña que têr vestida unha camiseta de xogador de fubol"²¹⁷.

Isto alporizou totalmente ao poeta, e así llo manifestou ao seu amigo Trapero. Se a súa situación económica non era boa, tampouco era tan desastrosa que tivese que andar pedindo esmola. Contaba co retiro de mestre, aínda que escaso, e cunha pensión da Deputación de Lugo, tiña fillos que o axudaban, como xa vimos, e dispuña de moitos amigos, algúns ricos, como o industrial José Barro. Por conseguinte, nunca lle faltou que comer, e nos últimos anos da súa vida, estando xa doente e na cama, contou sempre co apoio dos amigos e cos coidados da familia.

Talvez contribuíse a crear esa idea de home que vivía na pobreza a súa peculiar maneira de ser e de se comportar, adoptando unha postura de extrema humildade e de falsa modestia, e sendo absolutamente descoidado no vestir²¹⁸, como el mesmo reconece nunha entrevista: "já sabe que nunca me apurei no vestir"(cfr. III.5.3).

Como consecuencia deste pesar que tivo ao final da súa vida, cando estaba xa prostrado no leito, e en proba do seu carácter optimista e o bon humor que sempre o acompañou, fixo unha breve composición, quizais a derradeira, polas informacións de que dispomos; vai dedicada "A. J. Trapero Pardo, pectore toto!" e leva por título "Remediño caseiro":

- *Pra librarme dos rigores*
dun zunido..., entrado en días,
¿qué ensinan rancios doutores?
- *Pois... Heráclito, que chores.*
- *E «Pelúdez»?*

- *¡Que te rías!* (cfr. E 95).

Este poema é moi significativo, por nos mostrar a filosofía coa que Noriega se enfrontou á vida, resumida nese dito popular de "a mal tempo, boa cara"²¹⁹, que non abandonará nen nos momentos máis

²¹⁷ Cfr. J. Trapero Pardo, *op. cit.*, p. 55.

²¹⁸ Sobre isto hai moitísimas anécdotas recollidas mesmo en artigos de prensa e en libro. Vid., por exemplo, J. Nistal López, *op. cit.*, II. Anecdótico.

²¹⁹ Ese *zunido* fai clara referencia a todos aqueles comentarios sobre a súa extrema pobreza, que tanto o molestaron; Pelúdez é un personaxe moi popular en Lugo, criado por Trapero Pardo para dar vida a un labrego retranqueiro que todos os anos acode ás festas do S. Froilán. Do poema non temos data exacta de composición, nin o vimos publicado máis que na edición definitiva de 1946; polo testemuño de Trapero e polo seu contido debe ser de 1946; non temos noticia doutros poemas escritos neste ano, ou nos primeiros meses do seguinte, que preceden á súa morte.

dolorosos ou dramáticos, como se pode ver na seguinte anécdota, contrastada por diversas fontes escritas e orais, con pequenas variantes:

"Estando para morir le sobrevino un amago en que todos los presentes -la esposa, una rueda de hijos y el cura- ya creyeron que se iba. Se hizo un profundo silencio. Aparecieron las primeras lágrimas y el sacerdote se disponía a leer la recomendación final. En esto, Noriega se recobra y puede contemplar la escena. Dibujó al señor cura una sonrisa y apuntando con el dedo a su mujer, bromeó como en sus mejores tiempos:

- Sus desconsolada esposa"²²⁰.

Outros z Unidos que perturbaron o ánimo do poeta nos seus derradeiros momentos facían referencia a unha serie de anécdotas chocalleiras, das que aquí tentamos fuxir, e que o presentaban como un home badoco e sen modais; estas anécdotas nacían moitas delas nas tertulias e despois eran recollidas nalgunhas revistas e xornais, ficando finalmente unha imaxe distorsionada do autor²²¹. Mais Noriega, sen deixar de mostrar amargura por iso, soubo resignarse con estoicismo, sen perder nunca o sentido do humor, como se reflecte, tamén, na resposta que deu ao médico, amigo seu, cando este lle dixo que non se asustase por unha hemorraxia producida pola ruptura dun vaso sanguíneo: "-¡Ay, señor!... Agora foille outra cousa. Agora non foi un vaso solo o que rompeu! Agora foille toda a cristalería"²²².

A pesar deste magnífico sentido do humor do poeta, os seus dous últimos anos de vida, pasados practicamente na cama, non estiveron exentos de dor e sufrimento. Isto non pasou desapercibido aos xornalistas e críticos literarios:

"En la vida no podemos olvidar este otro poeta gallego que se muere un poco cada día en una casa vivariense. Lo recuerdo bien; en las tardes buenas del invierno, pasaba hacia Valdeflores, encorvado, con paso inseguro [...]. Pero en este mes de agosto ya no pasea Noriega Varela por Valdeflores. Sus setenta y siete años le deprimen, le pesan demasiado, le tienen postrado en el lecho. Su musa no es ya la montaña lucense [...]. Su musa es ahora el dolor"²²³.

Camiñando cara aos 78 anos, cando aínda o ano 1947 non rebasara o seu primeiro tercio, a morte vaille saír ao encontro. Mais non o colle de

²²⁰ Cfr. A. Iglesia Alvariño, *op. cit.*, p. 166. Tamén se pode ler, con algunhas modificacións, nun artigo de Carlos Casares na súa sección "A marxe" de *La Voz de Galicia*, que leva por título "De Noriega" e que temos sen datar.

²²¹ Vid. J. Travieso Quelle, "El verdadero nombre...", *op. cit.*

²²² Cfr. J. Trapero Pardo, *op. cit.*, p.57.

²²³ Cfr. Benito Varela Jácome, "El dolor y el poeta", *La Noche*, Santiago de Compostela, 3.10.1946.

sorpreza; xa fora longamente presentida, cando en 1930 escribe estes versos:

[...]
*De presente, a miña xoia
 ten moitos cabelos brancos...
 Antes que as contas de alxófar
 impórtanlle as do resario,
 e da Virxen do Remedios,
 que os da Paula idolatramos,
 se aprouxima, coas maus dreitas,
 ou cos péños descalzos,
 triste presentindo as noites
 de inverno no campo santo...
 Leiras e Veiga lle acenan,
 e, raposiñando, os anos,
 inda que terca resmunga,
 fáanna camiñar pra baixo [...]* (cfr. PNR 24).

Sabía Noriega, 16 anos antes da súa morte, que iniciaba o declive que o ía conducir de vagariño cara ao final, aínda lonxincuo, mais xa presentido. Uns 10 anos máis tarde, aló por 1941, esta sentida presenza da morte faise máis patente naquel poema intitulado "Ben pola alma", un dos últimos que lle coñecemos e, tamén, un dos máis lembrados do poeta, que termina así:

*¡Mai de Xesús!, leve a palma
 entre os vivos quen ós mortos
 nos faiga ben pola alma* (cfr. E 102).

Esta composición xa a tiña escrito, como mínimo, en 1941²²⁴; non é dos últimos momentos da súa vida, como se ten dito. E, aínda así, ese pronome *nos* do último verso evidencia a presenza da morte no pensamento do poeta. Esta demoraríase uns anos, até que o 27 de marzo de 1947 se presentou no seu domicilio:

"Primeiro, noticias directas de él: «Estoy, amigo, peor». Luego, noticias de allegados: «Tiene el lado derecho paralítico». Y, finalmente, la noticia más dolorosa: «Tras tres días de agonía, falleció Noriega». Así decía el papel azul del telegrama"²²⁵.

No certificado de defunción do poeta (vid. III.1.12) consta que morreu ás 19 h. a consecuencia de bronquite crónica, no seu domicilio da rúa

²²⁴ A primeira vez que a achamos publicada foi en *El Progreso*, Lugo, 2.11.1941. Na edición definitiva da obra do autor, de 1946, aparece no último lugar, fechando o libro.

²²⁵ Cfr. Álvaro Paradela, "Marcha fúnebre a Antonio Noriega Varela", *La Noche*, Santiago de Compostela, 3.4.1947.

Pardiñas, deixando do primeiro matrimonio dúas fillas, Cándida e Dolores, e do segundo os seguintes fillos: Nieves, Carmen, Antonio, Felipe, Daniel, Manuel e Ana Maria. Tamén consta que non outorgou testamento.

O funeral e o enterro tiveron lugar en Viveiro o día 30:

"La muerte de Noriega estremeció a los vivarienses; y su entierro tuvo lugar en una mañana de marzo, triste y anubarrada, impropia de la estación. El acompañamiento constituyó una gran manifestación de dolor, y tuvo carácter oficial por las representaciones académicas, y porque el Ayuntamiento de Vivero acordó sufragar los gastos del funeral"²²⁶.

Ás doce celebrouse este na parroquia de Santiago, co templo ateigado de público, e, á unha da tarde, o seu cadáver foi conducido ao cemiterio de Altamira, acompañado dunha grande multitude de xente que acudiu a despedilo. Presidían a comitiva fúnebre, por parte de familia, os seus fillos Felipe e Daniel xunto con outros familiares. Na presidencia oficial figuraban, entre outros, o alcalde de Viveiro, Pedro Cora Montero, que tamén representaba ao director xeral de Ensinanza Profesional e Técnica, Delio Mendaña Álvarez, director do Instituto Masculino de Lugo, en representación do Rector da Universidade de Santiago, o deputado provincial Jesús Taladrid Coll, o capitán Secundino Ibias, comandante militar da praza, Julio Francisco Ogando, catedrático de Literatura do Instituto Feminino de Lugo, José Ramos, secretario do Círculo de las Artes de Lugo, Román A. Crespo representando á Inspección de Primeira Ensinanza, Francisco Leal Insua por *El Progreso*, Nazario Abel Corredoira, presidente da Filarmónica de Lugo e secretario do Colexio de Axentes Comerciais, Antonio Diaz Carreira, representantes de entidades provinciais e locais e representantes eclesíasticos acompañados de case todo o clero da comarca. Non houbo representación da súa cidade natal.

O féretro foi levado a ombros de amigos e alumnos, prendido coa Cruz de Afonso X o Sabio, que lle fora concedida tres anos antes e entregada nunha homenaxe popular en Mondoñedo, e coa da Confraría de María Milagrosa, á que pertencía o poeta. Diante do féretro ían numerosas coroas de flores, entre as que chamaba a atención, pola súa orixinalidade, a do Casino de Viveiro, que abría a comitiva portada por dous mozos, feita con flores de toxo²²⁷, que el escolleu naquel famoso poema:

¡Nin rosñas brancas, nin claveles roxos!

Eu venero as froliñas d'os toxos... (cfr. E 6, vv. 1-2).

²²⁶ Cfr. Enrique Chao Espina, "Un poeta finisecular: Antonio Noriega Varela", in *De Galicia en el pasado siglo XIX. Ladrones lobos-villas-tipos populares y otros temas*, Ortigueira, Imprenta Fojo, 1971 (cap. IX).

²²⁷ Vid. F. Leal Insua, "Flores de tojo en el entierro de Noriega Varela", *La Voz de Galicia*, Coruña, 30.3.1947.

Leal Insua, Ogando Vázquez, Pedro Cora e Delio Mendaña introduciron o ataúde na sepultura de Altamira, onde desde entón repousan os seus restos mortais²²⁸; "o poeta da montaña dobrou o cabo da vida xunto ao mar", traducindo a frase do seu amigo Trapero Pardo²²⁹, e xunto ao mar permanecen os restos de quen, pouco antes de morrer, declaraba a súa preferencia por xacer na montaña (vid. III.5.4), escolla feita xa moito tempo atrás, nun poema de 1909, poética expresión da última vontade do autor, que acaba así:

*na montuosa terra, nunca explorada,
bendita sepultura merecer quero,
e que o fausto da virxe natureza
sea a fúnebre pompa do meu enterro (cfr. E 100).*

A vida do poeta, intensa e accidentada, chea de alegrías e amarguras, foi discorrendo nunha continua peregrinaxe da montaña ao mar, onde definitivamente foi morrer, para lle dar a razón a outro poeta. A súa musa escarneceu a mariña e enxalzou a montaña, buscando a soidade do ermo, onde morou gozosa. O seu corpo vigoroso, debilitado paseniñamente polos rigores da montaña, procurou refuxio na mariña.

¿Onde deben repousar hoxe os restos mortais do poeta? Non faltaron voces que pediron o seu traslado a un lugar solitario dos montes de Abadín, nin as que propoñen o cemiterio da súa cidade natal, Mondoñedo, ao lado doutros poetas que esta deu para honra das nosas letras. Deixemos que sexa un destoutros poetas mindonienses, Álvaro Cunqueiro, quen, tomando a voz do propio Noriega, poña o epitafio co que damos fin a este percorrido pola súa vida:

*Perdoade cando esbardallei e finxín.
Pro foi verdade que amei a flor do toxo
e as pucharcas do monte,
que endexamais saberán das estrelas que as miran
Con sombreiros novos cubrín meus desacougos
e morrín na beiramar sen despedirme
das uces, das queirogas, das folerpas da neve,
das mozas da montaña e da montaña mesma,
que andará preguntando polo seu soñador (cfr. III.8.34)*

²²⁸ O relato do seu enterramento pode lerse en *El Progreso*, Lugo, 30.3.1947. Tamén en José Nistal López, *op. cit.*

²²⁹ Vid. "El «Poeta de la Montaña» dobla el cabo de la vida junto al mar", *El Progreso*, Lugo, 29.3.1947.

I.2.2 Perfil humano

Despois do percorrido pola biografía de Noriega, pretendemos completar a visión do poeta mostrando os rasgos físicos e morais que configuran a súa personalidade humana; no apartado seguinte faremos unha aproximación aos rasgos ideolóxicos. Ao repasarmos a súa traxectoria vital, moitos deles xa foron aparecendo, porque non se pode separar a súa vida do seu carácter nen tampouco da súa ideoloxía. Trataremos aquí de sintetizalos, baseándonos no testemuño das persoas que o coñeceron.

Todos aqueles que se aproximaron á súa personalidade, resaltan a peculiar maneira de vestir, definidora da súa forma de ser, e a extrema cortesía e cerimoniaisidade no trato, que mostran unha humildade nalgúns aspectos enganosa. A depuración de todo atisbo de erotismo dos seus poemas iniciais, e a defensa a ultranza dunha moral conservadora profundamente imbricada na teoría e práctica católica máis ortodoxa, tampouco garda relación coa vida do poeta, como os propios amigos, que ocultaron outras aspectos, tiveron que recoñecer.

Carballo Calero, desde unha perspectiva máis obxectiva e distante, pois non contou entre os amigos do poeta, xa nos debuxa unha primeira aproximación ao home:

"Tiña toda a cazmurraría do paisano, e a un sentimento moi seguro do seu propio valer, unía a humildade defensiva característica dos labregos da nosa terra. O seu grande sombreiro e o seu grande caxato eran familiares nas romarías. Foi unha figura verdadeiramente popular sempre disposto á esmorga e a boubá. Deixou lenda. Cóntanse del moitas curiosísimas anécdotas, nas que se mesturan o auténtico e o apócrifo. Unha inspiración evidente, unha grande intelixencia, o instinto satírico, a sinxeleza a voltas co receo, a piedade inxel coa ironía desenganada. Estrañas formas de rústica cortesía matizaban o seu trato, que resultaba desconcertante dabondo"²³⁰.

Amigo do poeta foi Trapero Pardo, quen observa unha mudanza na maneira de se comportar ao longo da súa vida:

"O Noriega, se tiña na poesía unha acusada personalidade, tiña tamén no seu propio xeito de ser unha característica propia. Antes de ser humanista era humano e tiña todas as virtudes e todos os defectos da humana natureza. De novo andivo en festas, feireou rapazas, fixo versos contra amigos y-enemigos, contra políticos e contra cregos. Cando as disgracias -mortes de muller, nai, fillos, etc.-, ou os forzados traslados de escola, por mor da política localista, ou a falta de medios con que atender á familia lle foron apagando a sangue, Noriega cambeou o xeito externo de ser e adoitaba amostrarse ás xentes con un aire de aldeano, vestido de pana parda, con unha caxata tosca na mau e facendo incrinaciós, como si quixera facer crer

²³⁰ Cfr. *op. cit.*, p. 527.

que a sua vontade, que non se sometía a ninguén, estaba sometida á persoa con quen falaba.

Foi famoso en toda Galicia aquel "¡oh, señor! " de Noriega, que non decía a naide o vulgar "como ustede sabe", porque adoitaba sempre decir "como ustede me enseña"²³¹.

Otero Pedrayo conviviu con el moitos anos en Trasalba e mantivo unha intensa amizade que se prolongou até a morte do poeta (vid. III.6). En varios libros e artigos debuxou o perfil humano de Noriega. Seleccionamos o seguinte fragmento:

"Oután, rexo, priguizoso, nimbastrón, tabaquista. Don Antonio Noriega Varela, moi lugués, gustaba infindo da farra, da conversa, das festas, con tal que non houbera que sacar fora a crica co orballo da mañán, non houbera falencia de tabaco, e o deixaran andare ó seu modo, sin presas. Corpachón barudo, chiqueta de pana, chapéu afendellado, zapatós, semellaba un feirante ou un vinculeiro de boa casa, con medas de dous anos e bo consello no tocantes a lúa das sementeiras, ós tempos de levar a vaca ó boi e outras sabencias, cando en verdade, nin se decataba da razón de rapar as ovellas, limpar de charelas as patacas ou decruar a herdade. Sempre vivindo na aldea, engaiolado nos seus mitos, alentando como nun ar ledizoso na sua fala.

Noriega non sabía nin montare nun burriño, nin agulletar os zapatós, facer o nó da corbata ou rasurárese. Camiñaba moi adispaciño, con ollos vivos e furadores dacadándose das cousas: a beleza dun rego cabado, a tona da carpela dun penedo, os seos esfarnados da pastoriña, as mallas da raxeira do sol nas airas abandonadas, os espellos embazados da auga chuviñenta. Deseguida foi considerado na aldea. Era un outo e fino doutor en botar as cartas, formar horóscopos espreitando a palma da mau, contar hestorias de años divinos meio mortos de friaxe nos lameiros xiados, de santiños acodindo ó enterro dos probes, de sortes do « pajarito» e outras, de cousas finas de moita ternura, de adiviñanzas e contos.

Foi un dos poucos vates galegos dono da chave da intimidade do paisano. Apreixaba as verbas nun lóstrego e sabía a verdade das súas revelacións nos ollos dos vellos por azorrados que foran e das rapazas pizpiretas. Poido deixar un arquivo cecáis úneco de contos, tradicións, remedios, frases, unha canteira etnográfica e un vocabulario recollido pinga a pinga de verba na fonte máis recuada do povo. E non apuntou nin chisco e hastra perdéu, ou lle agatufaron, papés e libros xa nunca máis atopados "²³²

Outro amigo do poeta, xa da última época en Viveiro, é José Nistal López, quen nos fai unha semblanza de Noriega desde a admiración que sente por el:

"Don Antonio Noriega Varela, que me honró con su amistad y me deleitó en muchos momentos con su amenísima conversación, era persona de una bondad sin límites, de una cortesía que rayaba quizá en exageración. Recitador incomparable, poseedor de una memoria prodigiosa y complaciente en extremo, encontré siempre en él (Dios le tenga en gloria)

²³¹ Cfr. *Antón Noriega Varela e os crásicos...*, op. cit., p. 5.

²³² Cfr. "Noriega Varela no seu tempo ourensán (I)", op. cit., p. 5.

motivo para sentir el gratísimo placer de gustar el verso y la dulzura de nuestro dialecto hecho miel.

Su conversación era mansa, suave, mimosa como sus poesías y tierna como los diminutivos con que tan deliciosamente salpicó sus versos.

Gallego cien por cien, su humorismo socarrón y una "retranca" peculiármene galaica, denotaban bien a las claras que el contacto con el paisanaje del interior de nuestra tierra, no habían resultado infructuosos. No quiere ello decir que esta característica fuese en él destacada, ya que lo cierto es que solo asomaba en contadas ocasiones, en momentos de broma, en chispeantes ocurrencias de gracioso ingenio o en las desusadas veces en que se murmuraba de alguien en un comentario más o menos mordaz... Entonces era cuando escudriñaba vivamente a su alrededor como temeroso de que alguien ajeno a la charla le pudiera oír, al propio tiempo que nos repetía sinnúmero de veces: "¿Verdad, señor?"... "¿Non é así, señor?"... "¿Que lle parece, señor?". Y, sin esperar nuestra respuesta, o sin siquiera oírla, remataba en un tono suavemente afirmativo, un poco más pausado y alargando bastante la primera sílaba: "Sí, señor". Porque se debe señalar que Noriega, nuestro buen Noriega, tenía un "señor" para todos, cualquiera que fuese la edad o la posición social de su interlocutor. Todos para él tenían categoría de señor. El, en cambio, era siempre el humilde. Así era su bondad ilimitada. A una tertulia a que se le invitase; a un asiento que se le brindaba; a cualquier consideración que se le dispensase, correspondía él invariablemente con un "Gracias, señor"... "¡Cuánto les molesto, señores!"... "É moita honra pra min, señor"... Hombre culto y gran latinista, jamás se le notaba el más ínfimo alarde de superioridad, sino que por el contrario se situaba al nivel de la persona con quien hablaba, y, si tenía que ilustrar, lo hacía tan discretamente que no podía apreciarse en la explicación propósito alguno de enseñanza, afirmándolo además invariablemente con el "E vosté ben o sabe, señor" con que cerraba su aclaración.

Dícese que en su juventud fué aficionado a las faldas, muy aficionado... Hombre alto, fuerte, vigoroso, de recia contextura, es natural que las "troulas" y las "fiadas" y demás reuniones análogas tuviesen para él irresistible atractivo y gustase de asistir a todas, que de algo le valía ser un excelente bailarín de muíñeira y jota gallega, ante el que, puesto a marcar puntos, se batían en retirada las más ágiles y donairoas rapazas²³³.

Na revista *Vida Gallega*, de Vigo, onde Noriega colaboraba habitualmente, nunha das "Crónicas del vivir gallego", achamos outra descripción do poeta que complementa as anteriores:

"Su mostacho es fosco e hirsuto, y sus guías, breves, se adelantan afiladas como dos puñales. Su cabellera se resuelve sobre la frente en una mata áspera y recia que tiene la ingenuidad bravía de un tojal. Vende salud su cara. La resolución chispea en sus ojos. Su cuerpo irradia robustez. No gasta cuello. No lleva puños planchados. Y por entre la lisa pechera de la camisa polícroma, deja ver el claror de la piel, bravamente surcada por el torrente de la sangre. Es alto, es ancho, es recio y parece lleno de vigor. Su traje de pana, que no macula la desidia, tiene el pardo color de la tierra de las cumbres...

Noriega Varela se descubrió y me llamó muchas veces "señor" cuando nos hubieron presentado. Noriega Varela se quita el sombrero, se curva

233 Cfr. "I.- El amigo", *op. cit.*, pp. 9-10.

respetuoso, se ofrece humilde, saluda ceremoniosamente a lo paisano y llama "señor" siempre. Es la humildad aldeana que siente o finge sentir su pequeñez delante de la soberbia de la urbe"²³⁴.

A faceta de fumador empedernido é destacada por J. Travieso Quelle, que pon na súa boca a seguinte frase: "Ai, señor. Polas ganas que teño dun pitillo fumáballe as tripas a un can..." E conta que por un cigarro tivo que improvisar algúns versos; nunha ocasión foron os seguintes:

*Te juro por el dios Baco
que, si no tengo tabaco,
muchas veces pienso yo
en ir a darle un atraco
a María de la O* ²³⁵.

Sobre esta faceta de fumador tamén escribe Álvaro Cunqueiro, comentando unha conferencia de Gamallo Fierros sobre Noriega:

"Había consumido el tiempo en contarnos como adquirió los numerosos autógrafos norieganos que posee, amén de numerosas cartas dirigidas al poeta, -una de D. Ángel Amor Ruibal, otra en latín de D. Ramón Otero Pedrayo- e incluso diplomas, como el que lo nombraba correspondiente del Instituto Histórico do Minho.

Noriega era gran fumador. Necesitaba su tarjeta de racionamiento y dos docenas más. Y Gamallo le compraba los autógrafos utilizando como moneda el cuarterón y el puro habano.

-¡Fíjese D. Dionisio que aquí hay mucho oro!, -le decía Noriega mostrándole al erudito ribadense el diploma del Instituto miñoto.

-Muy bien, -le respondía Gamallo-. Compense ese oro con el de las anillas de estos puros" ²³⁶.

Un bon coñecedor das terras de Foz, Mondoñedo e Viveiro, así como das súas xentes, ademais de estudioso de poetas da zona, Ramón Reimunde, sintetízanos a forma de ser de Noriega:

"A min contaron-me moitas veces en Foz e Viveiro como era aquel home, aquel mestre de escola con tantos fillos, de falas finas e requintadas, algo preguizoso, amigo de comer e tomar un café ou unha copa cos amigos, de escoitar e contar contos e anécdotas, tan conservador, prudente e malicioso

²³⁴ Esta descripción figura no nº 107, de 15.5.1918. A crónica vai asinada por "El duende de los viajes", posibelmente o mesmo Jaime Solá, pois así figura noutras crónicas da mesma sección; o estilo e as ideas tamén se corresponden.

²³⁵ Cfr. "El cantor de la montaña a la orilla del mar", *Chan*, Madrid, nº 6, I quincena de mayo, 1969. Aclara que María de la O era unha señora que vendía tabaco de estraperlo.

²³⁶ Cfr. "Noriega y Gamallo", *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 25.5.1960; reproducido tamén en Álvaro Cunqueiro, *Encuentros, caminos y noticias en el Reino de la Tierra*, Santiago de Compostela, Biblioteca 114, Editorial Compostela, Edicións El Correo Gallego, 1992, pp. 52-53.

como un paisano, sempre deixando nos seus versos unha visión poética da aldea, sen ter collido na vida un sacho na mao. Un home tan simpático, tan lugués, pousón e recitador, que repetía de memoria os poemas até encontrar as palabras que conviñan..."²³⁷.

Carmiña Prieto Rouco, poetisa de Vilalba e amiga de Noriega, tamén resalta estas cualidades do poeta, que o facían ser sempre ben acollido en todas as partes, porque ninguén se aburría ao seu lado. Como demostración, reproduce uns versos que el lle recitou nunha ocasión para epitáfio cando morrese:

*Yace aquí un pobre maestro
que se murió como todos:
enseñando el Padre-nuestro,
la gramática y... ¡los codos!* ²³⁸.

²³⁷ Cfr. "Os nosos libros. «Do Ermo», de Noriega Varela", *El Progreso*, Lugo, 28.2.1982.

²³⁸ Cfr. "Outras anécdotas de Noriega Varela", *Chan*, Madrid, nº 10, I quincena de julio 1969.

I.2.3. Caracterización ideolóxica

Noriega Varela criouse nun ambiente familiar de cregos e militares, nunha cidade profundamente tradicional e fechada á modernidade, nucleada arredor da Catedral e do Seminario, que, a fins do século XIX, máis miraba cara á Idade Media que ao século XX. Aquel militar carlista na familia, do que falaba Aquilino Iglesia Alvariño (vid. I.2.1.1), e o tío crego moi devoto que fixo as veces do seu pai, de seguro que marcaron ideoloxicamente o futuro poeta que, ademais, cursará a carreira completa de crego no Seminario, coa intención de se ordenar e exercer como tal.

Certo que foi poeta goliardesco nos anos mozos polos montes de Romariz e de Labrada, trouleando coas mozas carpazonas, e que nalgunha composición se lle escapou algún verso de carácter erótico ou frívolo, rapidamente expurgado polo autor, como acontece no poema "Leite fresco" (vid. PEX 1)), que na súa primeira edición de 1899 di:

[...]
 Axudeill' a erguel-o lote
 A un-ha sobriña d'un crego,
 Que andab'apañando herba
 Pol-os sucos do centeo,
 E si non se for'axiña...
 ¡Que me leve nunc'o Demo
 Si non ll'habla de dar
 Catro voltas ô meu xeito [...] 239.

Ese verso "A un-ha *sobriña* d'un crego"²⁴⁰, que lle puido parecer anticlerical, xa foi trocado en *Montañasas* 1904 por "A unha criada d'un cego"; así volve aparecer en *Montañasas* 1910, e logo este poema nunca máis será recompilado polo autor, que renegará del pouco antes de morrer, non o incluíndo na edición de 1946, a pesar das presións ao respecto²⁴¹.

Malia estas pequenas veleidades, que, como veremos, non faltarán tampouco na última etapa da súa vida, Noriega vaise mostrar desde os primeiros momentos como un poeta profundamente amante das tradicións, desconfiado de todo canto soe a innovación, e militante dun catolicismo tradicionalista que nunca abandonará, independentemente

239 Cfr. A. Noriega Varela, *Leite fresco*, Luarca, Imp. movida á vapor de Ramiro P. del Río, 1899, vv. 45-52.

240 A cursiva é do autor.

241 Segundo nos declarou Leal Insua, que preparou a edición de 1946, este insistiulle a Noriega para que dese a súa conformidade á inclusión do poema no libro, mesmo presentándolle un informe favorábel do Rector do Seminario de Lugo, mais non cedeu e o poema ficou expurgado.

de que a súa conducta persoal non se compadeza con eses principios teóricos, como tantas veces sucede.

Exemplo disto é o poema "Fale meu bisavó" (vid. M1), que significativamente figurou sempre á cabeza de *Montañasas*, mesmo na edición de 1946, e que vén sendo, por tanto, como o emblema do seu pensamento. Este poema fora xa publicado no ano 1900²⁴², correspondendo, por conseguinte, aos primeiros anos da súa actividade poética. Ali levaba o título de "Antes y-ahora" e, en realidade, desa confrontación entre pasado (positivo) e presente (negativo) trata o poema, que comeza coa seguinte quintilla:

*O que a Galicia mal queira
pode vivir sosegado:
fun o vinteito á feira
e non vin unha monteira,
nin un dengue colorado.*

e termina con estoutra:

*¡Todo aló vai!; si é ilusión
procurar a tradición
cando hastra os cas lle fan guerra;
letrados da a miña terra,
deliria o vello, ¡perdón!*

Este poema, verdadeiro alegato a favor da tradición²⁴³, vai encontrar eco 30 anos despois nos "xuicios do ano" de *O Gaitero de Lugo*. Parecidas ideas con semellantes ritmos²⁴⁴ vanse repetir agora, como podemos ver no "xuicio" de 1931.

*Xa nin cristiano nin mouro
volverán a usar chapeu,
e das mulleres agoiro
que aínda as hei de ver en coiro
como súa mai as pareu (cfr. PNR 27, vv. 66-70).*

²⁴² Vid. *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, nº 330, 20.12.1900.

²⁴³ Carballo Calero cita algunha das estrofas deste poema para afirmar que "devoto de la tradición, el poeta amaba el traje tradicional, cuyo olvido le afligía" (cfr. "Antonio Noriega Varela", in *22ª Exposición. El traje regional gallego. Con motivo del centenario del nacimiento de Noriega Varela*, Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos del CSIC, julio de 1969, pp. 1-5).

²⁴⁴ As quintillas que utilizou no poema longo "Fale meu bisavó" serán novamente utilizadas nestas composicións humorísticas e satíricas da última etapa poética do autor, así como sucede co romance en poemas extensos da primeira época (vid. M 3 ou PEX 1) e tamén nalgúns dos "xuicios do ano". Hai, pois, unha volta do poeta ás formas métricas da primeira época, despois de abandonar case definitivamente o soneto a partir de 1930.

Dalgún xeito, podemos dicir que o gaiteiro de 1931 lamenta as mudanzas dos costumes e desconfía das novas modas igual que o bisavó de 1900.

E se en 1903 ao poeta se lle foi un pouco a man naqueles versos dun poema máis tarde parcialmente expurgado:

*Ti ére-lo sol cando miras,
remuíño cando bailas,
entena cando me chuchas
na boca, e si leda palras*
(cfr. M 24, versión "Abrulas", vv. 15-18)²⁴⁵.

tamén no "xuício do ano" 1933 podemos ler:

*Neste mundo estrafalarío,
antes que a cruz i o calvario,
procura ó Gaitero, ¡goza!
¿Es novo? ¡Chucha unha moza!
¿Vas vello? ¡Reza o resario!* (cfr. PNR 29, vv. 71-75).

En calquera época poderá agromar timidamente o poeta goliardesco e sensual, mais a constante ideolóxica do autor vén marcada pola liña tradicionalista e católica, entendida ao xeito máis puritano da chamada moral tradicional²⁴⁶. Na suposta etapa redencionista e comprometida de Foz, xa tratada, compuxo o soneto "A un brañego" que comeza así:

*¡Deixa rodar ó mundo!, ti procura
imitar os teus pais, os teus avós;
Dios éche santo vello, sirve á Dios,
practicando o que manda o señor cura.*

e termina con estes dous versos:

*cala e come o centeo da montaña,
i amoláceo no leite, si está duro* (cfr. PNR 4).

Tamén, de novo, este poema ten o seu correlato no "xuício do ano" 1933:

²⁴⁵ O mesmo poeta insiste en 1946 en expurgar esta composición, á que califica como "descaradamente lividinosa" (cfr. III.6.1.47).

²⁴⁶ Valorando a obra poética de Francis Jammes, escribe o poeta en 1945: "También hay algunas impías, que no terminé de leer, porque siempre me repugnaron las ñoñeces volterianas, y a las eróticas «A mi amiga» y otras *ejudem purpuris*, les hice cruces, ya que aunque no soy mojigato peino canas, y no me viene en gana rumiar *palo dulce* de Gabriel D'Annunzio, que ya de rapaz me hizo provocar.

Es una pena tener que sortear *estos lodazales*, tras haber respirado aires purísimos, y los perfumes, y los perfumes de las madre selvas, que, en nuestra lengua de arrullo se llaman *cabrinfollos*, o *garnicélas* " (cfr. III.6.1.44).

*¡Pide que Dios nos perdone!
e mentras Xudas che abone
cousa que mande faguer,
si trona, ¡deixa que trone!
si chove, ¡deixa chover!* (cfr. PNR 29, vv. 61-65).

Toda a súa traxectoria poética está impregnada dunha grande relixiosidade. Raro é o poema onde non achemos algunha referencia ou invocación de carácter divino. Fórmulas como "Bon Xesus", "O Salvador", "Dios Meniño", "El-Señor", "O Filliño", "O Ben Amado", "Neniño Xentil", "Santo Cristo", "Nosa Señora", "Virxen Santa Maria"... aparecen constantemente nos seus poemas, fundamentalmente de *Do Ermo*, xunto coas simples mencións de Deus e a Virxe. Os poemas de máis claro acento relixioso serán ininterrompidamente incluídos nas distintas edicións da súa obra, ficando fóra aqueles considerados máis profanos. Esta relixiosidade é primitiva e ritual, aceptación cega duns postulados nos que non se profundiza nen se cuestionan. É superficial, mais non exenta de sincero fervor:

"Houve missa campal. E quando elevaran a Hostia milhares de lenços agitaram-se, e a multidão aclamou o Rei dos séculos. Eu, ao contemplar aquele magnífico espectáculo reparador daquela multidão emocionada, senti embargada a minha alma por emoção intensísima, fervorosa, creio que a máis fervorosa e intensa da minha vida" (cfr. III.5.3).

Cando, estando de mestre en Foz, un poeta da zona publica unha composición denunciando a falta de solidariedade coa vella pobre, Noriega sae inmediatamente cun poema-resposta en que defende a posición da Igrexa, mesmo sen ser aludida previamente:

*Cadro conforme, amigo: hai moitas portas
cerradas prá probeza;
pero as do pesbiterio non se contén,
nin tampouco as da igrexa* (cfr. M 20, vv. 1-4).

Nalgunhas composicións o poeta convértese en trovador e canta á Virxe dos Remedios, patroa de Mondoñedo, como un romeiro máis (vid. PE 10); son mostras dunha sinxela devoción mariana enraizada na tradición popular:

*Santiña milagrosiña,
¿lémbraсте? A nosa casiña
ond' á túa;
o Campo, frorido e ledó,
Tú reinando en Mondoñedo,
eu... galanteando á lúa* (cfr. E 23, vv. 1-6).

Esta relixiosidade está intimamente unida á tradición, mesmo formando parte dela. Acéptaa e deféndeaa como algo natural e indiscutíbel, que forma parte do legado dos nosos devanceiros, igual que o dengue ou a monteira. Tradición e relixión acaban por ser o mesmo. A tradición convértese nunha relixión para o poeta e a relixión imprégna-se na tradición. Esta pasa a se transformar nun valor absoluto, e por iso a representará frecuentemente con letra maiúscula:

*E cando ás maus do Filliño
vai pousarse un paxariño,
asegura A Tradición
que lle leva no biquiño
fresca rosa: unha oración (cfr.E 21, vv. 19-23).*

*¿Unha fouce? Mais... ¡non! Túa divisa
¡unha cruz sinxeliña!, prenda cara
que a Tradición ó Ermó lle legara
coas lágrimas da aurora i a sorriso (cfr. E 69, vv. 1-4).*

A tradición é a autoridade que nos transmite o saber e que nos lega os costumes, os símbolos e as crenzas relixiosas; por iso as debemos asumir sen cuestionalas²⁴⁷.

Poetas galegos católicos, contemporáneos ou anteriores a Noriega, hai moitos, seguramente a maioría. Ao definírmolo como poeta católico tradicionalista, queremos resaltar que ten unha militancia ideolóxica no tradicionalismo político, que o fai católico dun determinado xeito, fronte a outras maneiras de entender o catolicismo. Esta doutrina política conformou o carlismo no século XIX e o nacional-catolicismo a partir de 1936.

Tal adscrición ideolóxica dáse durante toda a vida do poeta, aínda que non se evidencie, coa mesma claridade, en todas as etapas da súa existencia, sobre todo naquelas en que a sociedade está rexida por eses mesmos principios ou, polo menos, non os pon en perigo. Cando isto sucede, cando a partir de 1931, coa proclamación da Segunda República no Estado español, se poñen en cuestión a tradición e a relixión, entón será cando Noriega, mesmo con valentía, asumirá unha militancia activa en defensa do tradicionalismo católico, agora en perigo.

²⁴⁷ Escribe o poeta: "Por Dios, ¡adelante!, y también para mayor exaltación de la montaña, que si la mariña es más cascabelera, la montaña es más hidalga, y más solemne, y su paz más augusta, y con ella están el báculo de la Tradición y la meiguice de nuestras encantadoras, ingenuas, primitivas costumbres". Cfr. III.6.1.36.

Como xa vimos con anterioridade, non mantén unha posición de acomodación ao poder, senón que defende con convicción os seus principios ideolóxicos, enfrentándose a el, se for necesario.

"Observé en él a lo largo de nuestra amistad que tenía muy afincados en su alma dos ideales, dos amores que movían su vida como dos ruedas señeras: su amor a Galicia y su acendrada fe religiosa [...].

De su profunda fe religiosa dan buena muestra, también, sus publicaciones y su vida. A tanto llegó su firmeza en este aspecto que cuando, hace años, se ordenó retirar el crucifijo de las escuelas públicas Noriega desobedeció sin temor. No sabemos porqué, en aquellas circunstancias, se transigió que en su escuela continuase el crucifijo. Al ser repuestos los crucifijos en los primeros días de nuestra guerra, Noriega se limitó a decir: «Eiqué está el Señor, que non saleu da escola»²⁴⁸.

Este comportamento do mestre de Chavín foi louvado e calificado case como heroico tamén por outros comentaristas de clara adscrición católica:

"Protestaron los marxistas, le visitaron inspectores, se le amenazó con expulsarlo. Todo inútil. Su contestación era invariable: antes se marcharía él que dejar sin Dios a los niños"²⁴⁹.

Durante o período histórico que comprende a República e a guerra civil, o seu compromiso ideolóxico faise máis patente, pola razón antes apuntada (vid. PNR 27-39 e PE 6-11). A lectura destes textos escúsanos de insistir en algo evidente con só lermos o título dalgúns poemas: "A Sanjurjo no Estoril", "Paso a España", "Aurora de un fausto día", "Para la egregia dama D^a Pilar Franco de Jaraiz",...

Agora que están en loita dúas concepcións da vida, que podemos simplificar en tradición fronte a modernidade, Noriega, vendo aquela en perigo, sae na súa defensa, asumindo, inclusive, riscos persoais. E non dubida en pór a súa inspiración poética ao servicio desa causa, abandonando o retiro no ermo solitario, para se converter nun poeta comprometido cunha facción política e facer poesía panfletaria, que tanto debía repugnar á súa "musa queiroguenta"²⁵⁰.

²⁴⁸ Cfr. Enrique Chao Espina, "Mi amistad con Noriega Varela", *El Ideal Gallego*, Coruña, 17.5.1969.

²⁴⁹ Cfr. Francisco Leal Insua, "Presencia de un poeta gallego en Europa", in *Pastor Díaz, Príncipe del Romanticismo*, Lugo, Talleres Gráficos de Gerardo Castro, 1943, pp. 103-110.

²⁵⁰ Xa anteriormente fora depurando a súa obra de elementos costumistas e descritivos, para camiñar cara ao puro lirismo da natureza, na liña do franciscanismo poético: "Yo, qe. ya antes de peinar canas muchísimo aborrezco «Montañesas» creí qe. en cuanto saliésemos de esos vitandos pantáanos entraríamos gozosos, y sin travas, por las anchas mesetas de la « Montaña »(cfr. III.6.1.47).

Esta defensa militante da tradición relixiosa (tamén das demais tradicións), e da Igrexa como institución que dimana dela e a representa, converténdose en nucleadora da sociedade, debeu ser a base da súa longa amizade e frutífero entendemento con Otero Pedrayo, partícipe destes mesmos ideais²⁵¹, aínda que a asunción posterior por parte deste do ideario nacionalista, vaia marcando diferencias entre os dous pensamentos. Mais a defensa da institución relixiosa vaise dar constantemente en ambos os autores. Noriega será sempre un militante católico disposto a defender a Igrexa alí onde for atacada ou cuestionada. Xa fixemos, neste sentido, algunha referencia ás épocas anteriores. Da súa etapa ourensá o mesmo Otero conta esta anécdota, reveladora da mutua sintonía ideolóxica:

"Solo vimos en dos ocasiones indignado a Noriega. Una en un campo de venerables robles, una tarde de mitin. Un orador atacaba burdamente a santas instituciones. Noriega sin poder reprimirse le apostrofó y a la gran voz del poeta se quebró el ímpetu y la argumentación oratoria. Los viejos carballos aprobaron en silencio"²⁵².

A asunción do ideario católico tradicionalista, tan publicamente evidenciado na última etapa da súa vida, deulle a Noriega o calificativo de home reaccionario:

[...]pese a que sempre mantivo relacións con persoeiros agrarios e galeguistas, non se comprometeu co movemento nacionalista, adoptando posicións moi reaccionarias, tradicionalistas, católicas e, a raíz da guerra, entusiasticamente franquistas e falanxistas"²⁵³.

Desde unha óptica política, e usando a terminoloxía común no debate político, Noriega encaixa perfectamente no prototipo de home reaccionario. Non obstante, tense analisado esta cuestión desde outro punto de vista:

"De este temor al cambio, de esta desconfianza de lo que otros llamaban ilusionadamente avance social, han deducido algunos un carácter reaccionario en el pensamiento y en la obra de Noriega Varela. Es este un craso error que ha afectado en alguna medida a la estima debida a su obra y que hoy resulta insostenible y, felizmente, fácil de reparar, a la luz de las más recientes aportaciones de los movimientos ecologistas y de las teorías de rehabilitación de los espacios habitados y del medio ambiente en general. Estas aportaciones, hoy consideradas positivamente progresistas, son suficientes para descalificar, sin más argumentaciones, el supuestos

²⁵¹ Vid. ao respecto X. R. Quintana e M. Valcárcel, *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*, Vigo, Ir Indo Edicións, 1988, especialmente pp. 48-82.

²⁵² Cfr. Santiago Amaral, "Noriega en Orense", *La Noche*, Santiago de Compostela, 25.2.1946.

²⁵³ Cfr. Claudio Rodríguez Fer, "O galeguismo ante a cruz...", *op. cit.*

reaccionarismo -innegable en algún aspecto estrictamente político- de un poeta convencido de que todo lo que se enuncia como progreso no es tal y sabedor, por otra parte, de que el campesinado no ha sido, historicamente, su gran beneficiario"²⁵⁴.

Outros escritores galegos militaron tamén no catolicismo político e tradicionalista, que os levou a tomar posicionamentos similares aos de Noriega antes, durante ou despois da guerra. Algúns deles foron, ademais, militantes politicamente no galeguismo ou nacionalismo; nisto diferéncianse de Noriega, que nunca asumiu outra militancia que non fose a xa indicada. E, por suposto, houbo outros escritores que, sendo católicos, se opuxeron ao nacional-catolicismo:

"A diferencia básica entre os distintos comportamentos estribaba no feito de que, mentres Bóveda e Castelao eran católicos, Noriega, Risco e Otero eran politicamente católicos, polo que acabaron asumindo o nacional-catolicismo da ditadura que se aveciñaba, aínda que en diferente grao de adhesión: os reaccionarios Noriega e Risco identificáronse plenamente co estado clerical totalitario, pero Otero só abrazou, polo menos nun principio, a restauración da cruz [...] "²⁵⁵.

A ideoloxía de Noriega, marcada polo respecto e veneración que sente pola tradición, reflectirase noutra faceta de escritor menos coñecida: a de salvagarda da tradición mesma, converténdose ao longo de toda a vida en recolector de cantares e ditos populares, adiviñanzas, refráns, etc., tarefa que vai ser unha obsesión para o poeta, quen irá anotando toda esa sabedoría popular que aprende dos labregos ou dos seus propios alumnos, para nola transmitir, evitando, así, a súa perda irreparábel. Resumiremos esta faceta:

Desde Foz envía á Academia Galega 114 adiviñanzas (vid. A), das que esta publicou 17²⁵⁶, e 81 cantares populares (vid. C), dos que lle publicaron 16²⁵⁷.

Estando xa en Trasalba publica en 1914, na Imprenta«La Editorial» de Ourense, *A Virxen i a paisanaxe (100 cantigas populares)*, con prólogo de Basilio Álvarez; en realidade, son 101 cantigas, que xiran en torno á figura da Virxe, recollidas de diversos lugares do país.

En xaneiro de 1916 envíalle unha carta a Leopoldo Rojo, na que di:

"Excelente coterráneo: Para recabar de usted un favor señaladísimo me permito dirigirle esta carta. Estoy coleccionando adivinanzas populares y ya tengo cincuenta y seis: pero hasta reunir 100 no pienso darlas a las cajas de

²⁵⁴ Cfr. Carlos González Reigosa, "Noriega Varela, Antonio", in *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXII, Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974, p. 217.

²⁵⁵ Cfr. Claudio Rodríguez Fer, *op. cit.*

²⁵⁶ Vid. *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, nº 81, 1.3.1914.

²⁵⁷ *Ibid.*, nº 67, 1.12.1912.

la imprenta. Si usted fuese tan amable que se dignase proporcionarme algunas cónstele que me favorecería muchísimo. Meses ha que con este objeto estoy llamando a muchas puertas e importunando a los amigos y no desisto del propósito porque tengo fuerza de voluntad. Con todo voy creyendo que me ha de costar Dios y ayuda reunir las cien pues se me metió en la cabeza que así como los cantares y los refranes abundan muchísimo, las adivinanzas en gallego que escasean"²⁵⁸.

Despois da resposta afirmativa, escribe de novo Noriega²⁵⁹:

"Déixasme parvo... Pero así Dios te salve, xuntache cento trinta a oito adoviños en gallego! Teño que recibir, pois, con gaita e foguetes, esa 'colección' que tan xentilmente me brindas, dendel-as irtas montañas que namorado roldei, e que as miñas musas cantaron. Pola tua almiña mándame axiña as que teñas [...] (cfr. III.6.1.2).

Noutra carta escrita meses máis tarde, Noriega recoñece a dificultade de publicar as adiviñanzas, pois o prezo que lle piden na imprenta é moi alto²⁶⁰.

No ano 1920 publica nos tres primeiros números da revista *Nós*, dentro da sección " Archivo filolóxico e etnográfico de Galizia", unha colección de adiviñanzas e refráns²⁶¹.

En 1928 aparece na editorial "Nós" o seu libro *Como falan os brañegos. Serie I. Locucións, frases, modos adverbíais, unha leria pr'os rapaciños, refráns, cantares i-adiviñanzas*. En carta de xullo dese mesmo ano escribe:

"Estoy contento: salvé de eterno olvido algunos cientos de palabras qe. no circulaban [...] Mi opinión no vale un diablo; mas sigo creyendo qe. lo primero el lo primero: qe. clama al cielo perder un tiempo preciosísimo en dimes y diretes. Lo más urgente es recoger y después que vengan pulimentos" (cfr. III.6.1.30).

En 1930 aparecen en *Vida Gallega* algúns refráns baixo o título de "El poeta de la montaña y sus refranes gallegos"²⁶².

²⁵⁸ Cfr. Alfonso Toimil Salgado, "Los próximos juegos florales...", *op. cit.*; só se reproduce este fragmento da carta.

²⁵⁹ Reproducida parcialmente no artigo citado na nota anterior, é a única carta que coñecemos do autor escrita en lingua galega.

²⁶⁰ Vid. A. Salgado Toimil, *op. cit.*

²⁶¹ Estes números corresponden aos meses de outubro, novembro e decembro. Por estas mesmas datas dicíalle por carta Risco a Losada Diéguez: "Mandou máis folklore o Noriega" Cfr. Vicente Risco, "Cartas a Antón Lousada Diéguez", *op. cit.*

²⁶² Vid. nº 436, 10.1.1930.

En abril e xuño de 1930 publica en *Vallibria* dúas entregas de *Como falan os brañegos*, 2ª serie (vid. BR)²⁶³.

A partir de 1931 vai publicar, case sempre sen nome, refráns, adiviñanzas, cantares, "circunlocucións", "sabiduría popular", etc., en *O Gaiteiro de Lugo*; algunhas veces indícase "Da colección do Cantor da montaña".

En maio de 1931 inicia en *Vida Gallega* a publicación dunha serie de adiviñanzas en varios números sucesivos, até completar as cen (vid. A).

En 1936, no semanario *Despertar* de Foz, co título de "Sabiduría popular", publica unha colección de ditos populares²⁶⁴.

En 1938 aparecen en *Vallibria* tres entregas de *A Virxen y-a paisanaxe (Cántigas populares)* (vid. V)²⁶⁵.

Aínda escribirá o autor no ano 1943:

"Tengo casi en limpio, para dar, en cuanto se me presente ocasión, a las cajas, unos mil cien refranes, por mi recogidos. Lleva la colección por título Sabiduría popular, y por lema este precioso pensamiento del Pdre Bruno Ibeas: «Lo único auténticamente vivo y fértil es el pueblo»" (cfr. III.1.6.36)²⁶⁶.

E en 1946, nove meses antes de morrer, responde á pregunta "¿Quiere que divulgue algo más?":

"Si; c'os cregos e mestres d'aldea deben ser os autores d'os dicionarios. Recoller locucións, refráns, ditos, verbas... o que forma o chamado folklore... Diga tamén que urxe... porque un vello que morre sabe Dios as cousas enxebres que se leva..." (cfr. III.5.4).

Durante toda a vida estivo, pois, dedicado á tarefa de conservar os vestixios da tradición e obsesionado pola posibilidade da súa perda irreparábel, como se sen ela non houbera futuro. A tradición, mesturada e confundida coa relixión, configura o eixo vertebrador da ideoloxía do autor até o mesmo momento da morte:

- "¿Como le gustaría que fuera a «nosa terra»?

- Pois... que as festas foran nos soutos en fro, que recenden...; nin renegar d'o traxe nin d'a fala...; en fin, o tradicional... " (cfr. III.5.4).

263 No nº 6, de 6.4.1930, co título de "Circunlocucións" e no nº 17, de 22.6.1930 co de "Sabedoría popular".

264 Vid. nº 8, 31.5.1931 (vid. BR).

265 Aparecen nos números 436, 438 e 439, e son repetición das que xa figuraban na edición de 1914.

266 Esta colección de refráns non se chegou a publicar; segundo nos confesou un dos fillos do poeta, Manuel, consérvase aínda hoxe manuscrita en posesión da familia.

Será polo amor á tradición polo que o poeta vai escoller a montaña para a inspiración poética, de xeito que tanto lle acae o título de "poeta da montaña" como o de "poeta da tradición", pois esta consérvase naquela mellor que en ningún outro lugar e constitúe o fundamento da elección do autor na "partición" feita con Leiras Pulpeiro:

"Claro qe. no hay qe. ser exclusivista; mas sigo en mis trece: la mariña es más alegre, la montaña más solemne, su paz más augusta, nuestras costumbres seculares están allí más arraigadas, y quien quiera leer mucho por el diccionario inédito d'a nosa terra, a la montaña, creo yo qe. debe acudir con predilección" (cfr. III.6.1.46).

Ademais do tradicionalismo católico que profesou ao longo da vida, outro factor importante para delimitar o marco ideolóxico en que se move o autor é o seu posicionamento a respecto do movemento galeguista e a 'cuestión da lingua', aspectos que abordaremos conxuntamente a continuación.

Noriega Varela é un dos poetas galegos máis fiel ao uso do idioma do país nos seus versos desde o Rexurdimento até a inmediata posguerra.

A súa obra en español (vid. II.2.5) é practicamente irrelevante²⁶⁷. En realidade, moi pouco, en comparación coa obra poética en galego. Nin o autor lle deu importancia, pois nunca a incluíu nos seus libros, nin tampouco a crítica, para a que pasou totalmente dasapercebida; só lembramos un artigo de prensa de Leal Insua en que menciona a existencia dalgúns poemas en español²⁶⁸.

Esta fidelidade poética á lingua galega vese corroborada cando compón e recita poemas de circunstancias perante autoridades eclesiásticas ou civís en galego, sendo o español a lingua habitualmente empregada neses actos (vid. PNR 21, 24), ou cando en 1934 lle envía ao xeneral Sanjurjo un poema na nosa lingua (PNR 37), ou cando escribe en galego durante a guerra (PNR 35, 36, 39) e na inmediata posguerra (PNR 40-46); tamén cando en 1925 recrimina a un poeta amigo por non utilizar o galego nos seus versos:

"Ruégole a Trapero Pardo, qe. juzgue muy indulgentemente los versos que desde Orense le envié el día 9, y me permito advertirle que clama al cielo que no escriba en gallego un chairégo de tantos folgos" (cfr. III.6.1.20).

²⁶⁷ En II.2.5 incluímos os 13 poemas que conseguimos recompilar, aínda que temos noticias da existencia dalgún máis; tres deles (PE 1, 3 e 13) son prantos pola morte doutros tantos poetas, cinco pertencen á poesía político-panfletaria que compuxo durante a guerra civil (PE 6, 7, 8, 9 e 11) e os demais están formados por un diálogo de Nadal, pequena peza de teatro (PE 2), un soneto, única composición que se insere na liña poética de *Do Ermo* (PE5), un poema xocoso e de circunstancias (PE 5), outro dedicado á Virxe (PE 10) e unha letra para as comparsas do entroido (PE 12).

²⁶⁸ Vid. "Galicia, tierra de poetas", *El Progreso*, Lugo, 28.7.1946.

En 1946 afirma que a nosa terra non debe renegar da fala (vid. III.5.4). E non faltan tampouco na produción poética do autor versos de apaixonada exaltación da lingua, como cando en 1930 recita perante un numeroso público, en Mondoñedo, a composición "Prós da Paula", que finaliza así:

*I a Fala, ¡a floriña humilde
dos ermos!, o idioma patrio
en que as fonteliñas rezan
e garulan os paxaros,
aínda máis que á rosa de ouro
¡que bendice o Padre Santo!,
¡máis aínda, Pai do ceio,
o veneran meus paisanos!,
i ha ser sempre, cal noutrora
foi o numen do Rei Sabio,
prós desterrados, ¡suspiro!,
e prós opresores, raio (cfr. PNR 24).*

Esta práctica poética en galego non se corresponde coa praxe idiomática na vida diaria do autor, que, en xeral, e de acordo coa situación do país, é unha praxe diglósica, como acontece coa maior parte dos escritores do XIX e contemporáneos del:

"Noriega, varón de cernes alicerces clásicos, se non aventuraba nos xuícios, e diante pra il estranos complexos artísticos, acostumaba a decir: «¡Oh! Sí, muy peregrino, señor, muy peregrino». Pois un dos millores mestres do galego falaba castelán cos non labregos"²⁶⁹.

Na correspondencia (vid. III.6.1) usaba sempre o español, aínda que inzado de palabras e expresións galegas, que xeralmente subliña, e con frecuentes comentarios lingüísticos sobre algunha delas. Bon coñecedor do portugués, pois mesmo nas cartas manexa frases nesa lingua e sabía de memoria moitos poemas de poetas do país irmán, sendo ademais incansábel lector de literatura portuguesa e brasileira²⁷⁰, ten

²⁶⁹ Cfr. Ramón Otero Pedrayo, "Noriega Varela no seu tempo ourensán (y II), *op. cit.*, pp. 13-15.

²⁷⁰ Ademais dos moitos testemuños escritos existentes a este respecto e das constantes referencias que el mesmo fai na correspondencia, tamén temos a colaboración en *Céltiga*, de Buenos Aires, onde mantivo unha sección intitulada "Letras irmás", na que daba a coñecer diversos textos, xeralmente poéticos, de escritores portugueses e brasileiros. Esta sección publícase ocasionalmente desde fins de 1926 a 1928 e inclúe as seguintes composicións: "Visita a Casa Paterna", de Luis Guimaraes; "Ao cair das folhas", de António Nobre; "These e Antithese", de Anthero de Quental, así como outra selección de catro sonetos do mesmo; "Ouvir estrelas", de Olavo Bilac; "Serranilha popular", anónima; "Tanta injustiça", soneto anónimo; "Dormir", de Maria Augusta dos Santos Nogueira; "A trova de Aninhas",

sorprendido un pouco que na correspondencia con Portugal empregue sempre o español:

"Como por ventura com alguma estranheza notarão, estas cartas estão escritas em castelhano e não no vernáculo pátrio de Noriega [...].

Com isto levanta-se o problema-drama, que apesar de tudo persiste ainda em mais do que sequelas, da Galiza sujeita, tanto administrativa como culturalmente, ao imperialismo castelhano. António Noriega Varela (1869-1947), embora escrevesse poesia em galego, melhor dito, no seu dialecto luguês, usava, quer falando com pessoas de superior extracto social e cultural, quer na escrita em prosa, o castelhano (oficialmente crismado de español) [...].

Doer-se-ia. Noriega de não poder ser galego por inteiro? Decerto, mas a vida foi-o ensinando a aceitar a "desnaturalização" como uma fatalidade [...]. Aliás, se no íntimo Noriega continuava a sonhar com uma Galiza livre, não podia senão sonhá-la: pobre e com uma ranchada de filhos, o mísero vencimento de mestre-escola rural (2.000 pesetas por ano!), proporcionando-lle o pão familiar, obrigá-lo-ia, não fosse perdê-lo (estivera algum tempo demitido no começo de século), a calar-se"²⁷¹.

Non obstante, a práctica lingüística en galego era moi habitual, como nos contan algúns dos seus amigos²⁷².

Non se pode negar o amor de Noriega cara ao idioma do país. Mais ese amor deriva do seu amor pola tradición, da que a lingua forma parte. Xa se citaran uns versos do poema "Fale meu bisavó" (vid. M 1) onde lamentaba a perda do idioma, como tamén lamentaba a perda da monteira e a chegada do percal ou a gaseosa. A fala non se pode perder, porque é un elemento máis da tradición, mais debemos conservala tal e como está, sen inovacións, sen adaptacións á vida moderna, xa que todo o moderno é malo. E para el non hai máis galego que o falado polos labregos, o demais son inventos innecesarios.

Esta concepción da lingua e a desconfianza cara a todo intento de renovala ou adaptala ao medio urbano e intelectual, está sempre presente nel, non é consecuencia dunha mudanza de actitude producida como reacción contra o movemento das "Irmandades da Fala", que certamente reprobou.

En 1899 escribe un curioso prólogo en galego a un libro de versos en español e xa alí aparece claramente esa desconfianza:

de Tomás Ribeiro; "Uma gota de chuva", de Teixeira de Pascoaes; e "As barcas", de Fernanda de Castro.

²⁷¹ Cfr. Pedro da Silveira, *op. cit.*, p. 28.

²⁷² Así, por exemplo, Enrique Chao Espina (cfr. "Mi amistad con...", *op. cit.*), amigo da súa última época en Viveiro, afirma: "Por este entrañable amor a la tierra hablaba siempre en gallego y se expresaba «mansiño», con palabra acariciadora [...].

En aquella ocasión hablaba Noriega muy cristianamente de la muerte y lo hacía en lengua gallega. Nos decía que estaba apesadumbrado por haber escrito algunas composiciones que a su juicio eran poco edificantes".

"Eu que de medir os versos conto polos dedos -com'as vellas- e me honro de non saber o castellano, non vos poderei decir si o meu amigo vai sempre dreito com'on fuso, ou torto com'on fouciño... Sei, si, que antes de que se escribisen gramáticas gallegas, ben nos entendíamos os peisanos; e non fixeron falta regras nin raios [...] (cfr. II.4.1).

Tal concepción da lingua por parte de Noriega está perfectamente explicada por Carballo Calero:

"Pra aquel Noriega non había máis galego que o galego rústico. Había que constatar o uso do léxico nos lugares que se consideraban paradigma de rusticidade [...]. A final, segundo ese criterio, o galego, como as zocas e a gaita, é un produto folklórico, sagrado na súa forma fosilizada, e que se profana se se quer perfeccionar [...].

Noriega - o primeiro Noriega - estaba realmente namorado da fala galega; pero non da súa esencia permanente, senón da súa presenza momentánea"²⁷³.

A súa lingua poética iríase pulindo e depurando de acordo coa propia evolución estética, sobre todo a raíz dun máis profundo contacto coa poesía portuguesa. Non obstante, e a pesar disto, a súa concepción do idioma non mudará²⁷⁴. En realidade, nunca puxo en causa o problema da estandarización da lingua, porque non concibía un galego normalizado no ambiente urbano, intelectual ou no ensino. Para el o galego ten que estar no seu medio natural, no mundo rústico, e falado por labregos; e, para iso, non se precisan regras ortográficas.

En consecuencia, opúxose desde o principio a todo movemento político ou institución que, sequera timidamente, tentase incorporalo a outros usos. E foi o nacionalismo galego quen procurou dar pasos neste sentido, recibindo duros ataques de Noriega xa no ano 1922: "Para engrosar en sus filas (Dios nos tenga de su mano!) es condición indispensable no saber, ni una palabra de gallego (ellos inventaron una jerga abominable)" (cfr. III.6.1.11). Escribe en 1925:

²⁷³ Cfr. Ricardo Carballo Calero, "Antonio Noriega Varela", in *Libros e autores galegos. Século XX*, t. II, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982, pp. 20-24. A pesar de se producir unha evolución no uso da lingua pola autor cara a unha depuración de carácter cultista, motivada por criterios estéticos e esixida pola liña temática e os modelos portugueses escollidos, non obstante, non se modificou no substancial a súa concepción ideolóxico-idiomática, como parece suxerir Carballo Calero.

²⁷⁴ Afirma Carlos González Reigosa (*op. cit.*): "Fue ciertamente un gran lector de la poesía portuguesa, que consideraba muy superior a la gallega, pero siempre se pronunció inequívocamente en defensa de la singularidad del gallego como lengua diferenciada[...]

Noriega, que tantas veces dejó ver su admiración por la literatura portuguesa, nunca mostró, sin embargo, la menor veleidad por integrarse en ninguna corriente pro-lusa (fusionista o reintegracionista)".

"Fuimos a La Coruña temiendo una celada, co-a almina nun fío, porque sempre estuvimos enfrente de la Academia Gallega, y en frente de la Hirmandades d'a Fala (que llamamos de la Tala)" (cfr. III.6.1.20)²⁷⁵.

En 1943 volvía escribir: "Con inimitable ternura, na nosa lingua de arrullo (tan encontrada con el caló d'os irmaucios d'a tala) [...] " (cfr. III.6.I.36). No "xuicio do ano" 1931 lemos:

*I a nosa faliña (pranto
de Rosalía) o divino,
doce languaxe en que eu canto,
xa nunca máis será chino
rescatado de esperanto* (cfr. PNR 27, vv. 61-65).

e no de 1935:

*Tamén (pra desraigala)
seguirei eu dando voces:
Santo Cristo, ¡que herba mala
os barbarismos atroces
dos irmaucios da fala!* (cfr. PNR 32, vv. 46-50).

En carta a Otero , de 1928, di:

"Os camiños d' a vida, aparte su reconocidísimo valor literario, marcan una nueva era pa. nuestras Bellas Letras y -a que cogió Vd. por los senderuelos qe. conducen a la aldea, y supo, ¡trascendentalísima determinación! apartarse, asqueado, de los campos de la arbitrariedad inconsciente que también aborrecen el gran Cotarelo, y mi dignísimo jefe el Sr. Couceiro Freijomil" (cfr. III.6.1.30).

Parece como se Noriega quixese levar a Otero ao terreo da propia concepción lingüística e equiparalo con Couceiro Freijomil, oposto radicalmente ao movemento galeguista e militante antinacionalista. O propio Otero foi consciente disto :

"O poeta disimulaba unha certa desconfianza diante o galeguismo político. E o uso do galego fora do puro mester poético. Cecaís no fondo se erguera un senso sagro da arte, co grimo de se bastardeare a lingua midia da montana na usanza cidadán, na polémica xornalística. Algún despótico amigo, gramático enxoito, nemigo a morte do esprito pondalián e da Academia, traballou moito

²⁷⁵ Isto está escrito antes de que lle publiquen *Como falan os brañegos* os galeguistas de Nós, aos que criticará moi duramente por lle alterar o texto. Mais non deriva deste feito a denominación que lles dá de "irmaucios da tala", que é anterior, e por tanto ten unhas motivacións ideolóxicas máis claras.

pra determiñare unha aitude en Noriega que chegou ao alonxare do seu gran amigo Antón Vilar Ponte, dos días dourados de Foz "276.

Para el o galego é "a nosa faliña", a nosa "lingua de arrullo" (vid. III.6.1) que vive entre as montañas, e por iso el, poeta da montaña, ten que escribir forzosamente en galego, como explica Antón Vilar Ponte cando, despois de se dar o abrazo de reconciliación, fai a presentación do poeta no recital que dá Noriega na Coruña en 1925.

"Así que hayais escuchado los versos de Noriega Varela comprendereis por que están escritos en gallego. Entonces os convencereis de que con la lengua de la llanura no se puede expresar el alma de la montaña. La poesía de la montaña se refleja en la poesía de Noriega"277.

Ninguén mellor que o propio poeta para nos explicar o que é para el o galego. E faino, con claridade, no poema " Nosa fala " (vid. E 12), ao que pertencen os seguintes versos:

*Frolña é que non extraña
os ermos e ben se engaña
quen se desviva por ela
si entre os toxos da montaña
non se espiñou pra collela.*

*É rigueiriño que corre
méntra-la sombra o socorre
dalgún mesto piñeiral:
fáltalle o agarimo... e morre
antes de chegar ó val (vv. 11-20).*

Este poema foi publicado por primeira vez no ano 1918 en *Vida Gallega*²⁷⁸, revista que mantíña un constante enfrontamento co movemento galeguista e nacionalista, do que o seu director, Jaime Solá, se converteu no inimigo público número un. Pouco despois, nas "Crónicas del vivir gallego" da mesma revista viguesa lemos:

"Este montañès, que canta su montaña en versos gallegos, os habla en la ciudad en el límpido castellano. Cada lugar tiene su verbo y cada asunto sus formas de expresión"279.

276 Cfr. "Noriega Varela no seu tempo ourensán (y II), *op. cit.*, p. 15. Este " gramático enxoiito" debe ser Couceiro Freijomil, inspector do ensino e, por tanto, xefe de Noriega, como el mesmo lle chama. A influencia sobre o poeta pudo existir, igual que a de Jaime Solá ou outros antinacionalistas amigos seus, mais, no fundamental, o seu pensamento sobre a lingua sempre foi o mesmo, e niso coincidiu con aqueles que mantiñan posturas políticas antigaleguistas.

277 Cfr. *El Orzán*, Coruña, 23.5.1925.

278 Vid. nº 101, 10.2.1918.

279 Cfr. *Vida Gallega*, Vigo, nº 107, 15.5.1918.

Ao ano seguinte, diante dos ataques que desde a mesma revista e o *Faro de Vigo* lles dirixía Solá, os nacionalistas Losada Diéguez, Vicente Risco e Arturo Noguerol fan publicar unha "Carta aberta a D. Xaime Solá" na que, entre outras cousas, din:

"A fala galega sino d'incultura ¡E dío vostede Sr. Solá, que polas aldeas anda escurrichando a y-alma galega, vostede que non pode facer novelas galegas sin xiros e deixes galegos, e sin falar en galego (un galego seu) os personaxes, vostede que se asomou o curazón de Noriega Varela, o grande poeta do agro, e non pudo comprendelo xa que non pode amar a expresión tan galega de seu arte!"²⁸⁰.

Na mesma publicación, e a continuación da carta aberta, figura a resposta de Solá:

"Añaden ustedes que me asomé al corazón de Noriega Varela y no pude comprenderlo. Será verdad, ya que ustedes lo dicen. Mas el caso es que Noriega fue llamado por mí el poeta de nuestra montaña, que á ésta subí á estudiarlo, que le consagré artículos en Galicia, en Madrid y en América, y que hice por esclarecer su nombre -que estaba ensombrecido un tanto por su deplorable aunque ejemplar modestia- lo que no sé que ustedes hayan hecho hasta este momento en que le llaman "o grande poeta do agro". Y ahora séame lícito decir que por este gran poeta del agro -mi amigo queridísimo y admirado- fué corregido el gallego de mi novela *Ramo Cativo*, que no será tan "gallego mío" como por burlarse de él dicen ustedes. Es de Noriega Varela que, sin ser nacionalista, lo conoce mejor que todos los nacionalistas de Galicia".

Tal resposta de Solá, que deixa ben clara a amizade e sintonía con Noriega, a quen califica como non nacionalista, debeu aguilloar o ánimo dos tres galeguistas, tentando gañalo para a súa causa; así, ao ano seguinte, e por iniciativa deles, o 15 de xullo de 1920, sae do prelo a primeira edición de *Do Ermo*, da que son editores Losada, Risco e Noguerol²⁸¹. Figura en cuarto lugar o poema "Nosa fala", dedicado a Jaime Solá; máis adiante aparecen outros poemas dedicados aos tres editores, entre outros, e tamén os chamados anticaciquís, "Acción Gallega", "Pr'os mozos", "En boa hora..." e "Pra excusar ben traballos..."

²⁸⁰ Cfr. *Vida Gallega*, Vigo, nº 123, ano 1919; esta carta aberta a Solá tamén foi publicada en *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 83, 15.3.1919.

²⁸¹ Xa a 13 de outubro de 1919 estaban co proxecto do libro, cando Risco lle escribe a Losada: "temos ó Noriega antusiasmo co-a nosa idea de lle publicar o libro. Quedou en nos mandar os orixinás aixiña"; tamén di que hai que urxir a Castelao para que mande a portada para o libro. En agosto de 1920, co libro xa publicado, aínda tiñan pendente a distribución: "Tanto a revista, como a editorial, como o libro de Noriega están empantanados e sin sair d'un ser... Non se distribuiu nin un soyo eixemplar fora d'Ourense. Todo los días estamos pra facelo e nada" Cfr. Vicente Risco, "Cartas a Antón Lousada Diéguez", *op. cit.*, pp. 469-478.

(vid. PEX 6, 7, 5 e 8 respectivamente), "cecáis por contentar ós editores nacionalistas...", como dixera Risco²⁸².

Coa dedicatoria dese poema a Solá e a súa inclusión nun lugar preferente do libro, Noriega parece reafirmarse na coincidencia ideolóxico-lingüística co director de *Vida Gallega*. Así o entendeu este, cando noutra das habituais crónicas, co encabezamento de "Lección que acaba de dar al nacionalismo de la lengua el más «enxebre» de los poetas gallegos", interpretando correctamente o sentido de "Nosa fala", afirma que Noriega fixo moi ben en lle dedicar a composición, pois os dous coinciden en que o galego é a lingua da aldea e non se debe sacar do seu medio²⁸³.

E así o debeu entender tamén Risco, que un ano despois, en novembro de 1921, xa dá por totalmente imposíbel a incorporación de Noriega ao galeguismo, e arremete contra el nunha carta a Losada Diéguez:

"Nin Peña Novo nin Ramón Otero son galeguistas, sobre todo iste derradeiro. Faguemos moi mal en andalo compracando á forza en cousas que non lle van nin lle veñen, que lle teñen sen coidado, e das que eu lle coñezo qu'está desexando qu'os deiximos ceibe. Il é da pandilla do canalla do Noriega e do asqueroso do Fiscal. O seu galeguismo redúcese a protexer a ise escravo noxento ó que nos tivemos a debilidade de editar un libro pra que ande falando mal de nos"²⁸⁴.

282 Cfr. "Da renacencia galega...", *op. cit.* Posteriormente estes poemas foron expurgados, non figurando nin na edición de 1929 nin na de 1946.

283 En *Vida Gallega*, Vigo, nº 157, 30.10.1920, podemos ler: "Siempre tuve a Noriega Varela por insuperable humorista íntimo. Ahora quiso airear su humorismo y lo trajo á la vía pública. La composición que me dedica se titula Nosa fala. Y, para los cortos de vista, parece una condenación de mi actitud frente á las exageraciones del nacionalismo[...].

Noriega, que por algo me dedicó la poesía; Noriega, que al dedicarme la poesía quiso indicar que en ella está la síntesis de su coincidencia conmigo [...].

Esto es: el gallego es un riachuelo que corre mientras tiene el cariño de la sombra del pinar montañés. Le falta esa sombra, le falta ese cariño y muere antes de llegar al valle [...]. El gallego - nosa fala - es cosa de la "braña", de la hispida serranía [...].

De tal modo piensa así el poeta que niega al hombre de la ciudad el don de conocerlo, la facultad de sentirlo [...].

Y no pretende que su lengua pristina, su lengua geórgica, la lengua en que él, montañés, se oyó decir "filliño" de labios de "miña nai", baje al llano é invada la ciudad [...].

El gran Noriega Varela ha hecho muy bien en dedicarme esa poesía que sintetiza en diez versos mi modo de pensar y que condena el nacionalismo en la exageración que lo separa más de los que hemos puesto el alma sobre los carriles de la realidad".

284 Cfr. Justo G. Beramendi, "O nacionalismo de Otero Pedrayo", *A sombra imensa de Otero Pedrayo*, extra nº 8 de *A Nosa Terra*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, 1987, pp. 57-63.

Aínda que en datas algo posteriores, xa vimos como falaba dos nacionalistas Noriega en carta a Teixeira de Pascoaes (vid. novamente III.6.1.11), volvendo ás duras críticas na carta seguinte:

"No lo entienden así los pintorescos nazonalistas: cren los muy desorientados que no es poesía lo qe. no sea resolver pavorosos problemas, en verso, y según ellos no es artista ni menos poeta de la raza quien como yo no cae en la tentación de irse por esos cerros con un púlpito en cada dedo...

Mientras qe. así discurren, me tendrán en frente [...] Ellos prefieren la violencia; mas sigo creyendo, de corazón, que los sentimientos brutales son incapaces de engendrar la verdadera poesía lírica" (cfr. III.6.1.12).

Neste enfrontamento de Noriega con Risco e os nacionalistas, Teixeira de Pascoaes viuse collido no medio e intentou pór paz²⁸⁵. O seu grande prestixio motivou os ciumes de Noriega por ter tamén relación cos nacionalistas, como vimos con motivo do poema dedicado conxuntamente a "Cabanillas e Varela", e tamén os de Risco, cando en 1926 escribe ao ilustre poeta portugués:

"Ben tempo hai qu'as nosas comunicacións cesaron. Seica foi dend'o viaxe de Paco Luis Bernardes e Noriega Varela que, ou as preferencias da Vª Exª tomaron outro vieiro, ou non sei que foi, o conto é que non voltei a ter novas da Vª Exª"²⁸⁶.

Otero Pedrayo, que non trataba a Teixeira²⁸⁷ nin era galeguista nun principio, como xa vimos, irá evolucionando cara ao nacionalismo galego, do que chegará a ser un dos principais próceres, mais Noriega vai ficar nas posicións ideolóxicas antigaleguistas que manteñen os seus amigos Jaime Solá, Couceiro Freijomil e Francisco Salgado y López Quiroga²⁸⁸, entre outros, con quen Otero tamén tivera unha relación amistosa²⁸⁹.

285 Na mesma carta anterior,(III.6.1.12), que segue ao duro ataque que dirixiu ao nacionalismo na precedente, escribe Noriega: "Comienzo por asegurarle qe. mucho me complacen y me confortan sus ideas, de superior excelencia «A Poesia deve ser o Amor e não jamais o Odio!»".

286 Cfr. Pilar Vázquez Cuesta, "A correspondencia de Vicente Risco con Teixeira de Pascoaes", *op. cit.*, p. 467.

287 Nalgunha publicación tense dito que as relacións de Noriega con Teixeira se iniciaran por medio de Otero Pedrayo, o que non resulta certo, pois aínda en febreiro de 1922 Noriega fállalle a Teixeira del como persoa a quen non coñece o escritor portugués: "Méenos mal que hay en Trasalba un señor de abolengo, dispuesto a ayudarme. También tiene Casa señorial, digna de vuestra alcurnia, y luego qe. le comuniqué tan fausta nueva, me sosegó anunciándome que de mil amores os albergará en su morada suntuosa" (cfr. III.6.1.8).

288 Tamén poeta en galego (e en español), que comparte co noso autor asiduamente as páxinas poéticas de *Vida Gallega*, é o fiscal da Audiencia de Ourense, a quen Risco se referira como "o asqueroso do Fiscal" (vid. *supra*).

Noriega non só non militou nunca no campo do galeguismo político, senón que foi usado como escudo contra el. Xa ficou visto o acto de ingreso no Instituto Histórico do Minho, producido o 28 de febreiro de 1921, no medio desta polémica, e algún fragmento dos discursos pronunciados, que denotan a ideoloxía dalgún dos seus membros portugueses. Nese acto tamén ingresa Jaime Solá, que aproveitará a ocasión para despois atacar, máis unha vez, aos nacionalistas nas páxinas da súa revista:

"Y a propósito. ¿Sabe el Sr. Liste lo que acaba de decir en un acto solemne del Instituto Histórico do Minho, el ilustre literato y periodista Silva Campos, uno de los leaders de la aproximación espiritual luso - gallega?: que le gusta más el español que el gallego. ¿Y sabe que fechoría acaba de realizar en el mismo acto otro leader, el coronel Sarmiento?: hablar en español para cantar los méritos de Noriega Varela, que escribe en gallego y que no obstante ama la lengua hispana tanto como el ilustre portugués Silva Campos, y la unidad de la patria española tanto -con el corazón- como el nacionalista Gil Rovira la ama con la letra de molde"²⁹⁰.

Da pertenza a este Instituto, compartida con outros escritores galegos contrarios ao galeguismo político, vaise mostrar sempre orgulloso Noriega, e este será o título honorífico máis esgrimido por el. Non sucederá así co de membro da Real Academia Gallega.

Cando en 1928 os nacionalistas de "Nós" -os mesmos dos que Noriega escribe a Teixeira "que no pueden verme, ni pintado!" (cfr. III.6.1.12)-

Noriega intercede por el diante de Teixeira para que este lle prologue un libro de versos, cousa que finalmente conseguirá: "Don Francisco Salgado López-Quiroga, gran jurisconsulto y Fiscal de la Audiencia de Orense, tiene aficiones literarias y se dispone a publicar una obrita. Si al frente de esa obrita consiguiésemos, cuando menos, una cuartilla del gran Teixeira de Pascoaes, conteniendo su dictámen austero, de superior excelencia, yo le haría a Dn. Francisco una merced señaladísima, y él habría puesto una pica en Flandes. Dígnese acceder, una vez más le pido!, porque Dn. Francisco es un santo y sabrá agradecerle el favor inusitado"(cfr. III.6.1.6). Este, Solá e outros das mesmas ideas antigaleguistas, aínda que defensores dun "rexionalismo ben entendido", baseado fundamentalmente no folclore, si eran amigos de Noriega e formaron o seu círculo fundamental de relación e influencia na etapa de Trasalba; Otero Pedrayo, que pertenceu a este grupo, acabará por se distanciar deles por motivos ideolóxicos, como se reflicte nas páxinas de *Vida Gallega*, onde pasa de recibir grandes eloxios como persoa culta e director do Instituto de Ourense, a ser atacado como figura sobranceira do nacionalismo galego.

²⁸⁹ Vid. Jaime Solá, "Por los vericuetos orensanos. El poeta Noriega Varela a las alturas de D. Ramón", *Vida Gallega*, Vigo, nº 108, 5.6.1918. Neste artigo-reportaxe cóntase unha xornada de convivencia amistosa polas terras de Trasalba entre Solá, Noriega, Otero Pedrayo, Salgado y López Quiroga e Benito Osorio. Publícanse fotos do evento, onde aparecen tamén a esposa e as fillas do poeta.

²⁹⁰ Cfr. "El «ridiculus mus» del nacionalismo, *Vida Gallega*, Vigo, nº 171, 20.5.1921.

por influencia de Otero Pedrayo lle publicaron *Como falan os brañegos*, puxeron na portada:

"Antón Noriega Varela da Academia de Ciências de Portugal, do Instituto Histórico do Minho e da Real Academia Gallega. Como falan os brañegos. Serie I. Locucións, frases, modos adverbíais, unha leria pr' os rapaciños, refráns, cantares i-adiviñanzas".

Nun exemplar dedicado polo autor a Antonio Couceiro Freijomil²⁹¹ figuran unha serie de anotacións a man, con letra do propio Noriega. Nesa portada "Antón" aparece tachado e enriba escrito "Antonio"; tamén está tachado "e da Real Academia Gallega"; a continuación engadiu:

"Da Real Academia Gallega lo puso el editor sin mi permiso; y Antón, por Antonio; unllas (muchas veces), por uñas; i, por y; locucións, por locucióis; adverbíais, por adverbiales; refráns, por refrás; etc. etc."

Nunha páxina interior de publicidade, na que figura a frase "Lea as publicacións Nós", escribe debaixo:

"Ya ve Vd., señor Inspector; lo mismo que en los programas de ferias y fiestas!... Y todavía faltan los anuncios de "A Tola de Sobrán", "A Escadeira de Xacob" y de no se que "Enxangadas"... Oh!, si resucitase Leopoldo Pedreira!".

E na última páxina do libro, a continuación do "Rematóuse de imprimir en «Nós» o vinte de Setembro do MCMXXVIII", puxo: "Rematóuse! Qué palabrota!! Al editor si que había qe. rematarlo... Con un nabo!!!".

Noriega non só non pertenceu ao movemento galeguista, senón que se opuxo a el e o combateu con teimosía, desprezando as poucas institucións con que o país tentou dotarse:

*Pipiolo que aspire a Irmao
retratalo han de peilao
(a cachapernas dun bombo).
cunha fouciña na mao
e unhos gadaños ó lombo.*

*É xamais será dos bos
e xenerosos quen toma
a parva con moxilós,
i a broma certos sermós
que hai que toma-los a broma...*

A Academia, que hoxe en día

²⁹¹ Este exemplar áchase no Instituto Padre Sarmiento, Santiago de Compostela.

*máis pinta o loro que fía,
e nunca pasou de leria,
no ano novo, inda que eu ría,
parecerá cousa seria...*

*O Trasnó e maila Estadea
(inda que o demo n'a lea
e solo apañe donaires),
repartirán pola aldea
«A Fouce» de Buenos Aires.*

*Na «Voz», no «Pueblo», ou no «Faro»,
das nosas glorias avaro,
un galleguista truhán,
¡que risa!, poñerá en claro
si iba a chicas Breogán (cfr. PNR 27, vv. 31-55).*

Estes e outros ataques acabaron por achar resposta contundente nalgúns medios de comunicación, como a que chega desde Buenos Aires nas páxinas de *A fouce*, aludida nos versos anteriores:

"O señor Noriega Varela mandou unha carta a un periódico galaico-hespañol d-ista cidade, arremetendo contra os nazonalistas e tratando de por en ridículo as nosas labours en prol da liberdade galega.

Noriega Varela, poeta non xenial e mestre d-escola non dos bós alá en Trasalba, non tiña necesidade de faguer ese auto de fe de desleigado e mal galego. Sabíamos xa de antemán da súa aitude noxenta cando o M. Maura andivo por Lugo e contábamolo com-a un máis no número dos sometidos o poder opresor da nosa Terra, mancha moura na súa conducta que non se limpa aínda tendo en conta o feito de ser poeta galego e haber publicado o libro «Do ermo».

Aitude noxenta de reaccionario, entregado en corpo e ialma aos que escravizan a Galiza, que non ten disculpa, aínda nomeando, com-a il o fai, a Rosalía, e Curros, quenes dende a coba onde descansan repudiarán seguramente ese proceder.

Desagradecido con quen lle fixo ben, e mal galego ademáis. ¿Qué pode agardarse do señor Noriega Varela?

Un renegado máis, un novo estorbo que teremos que botar a unha banda do camiño"²⁹².

Defrontado ao nacionalismo galego, Noriega acabará sendo asimilado polo nacionalismo español:

"El poeta amigo era venerado en toda la región aunque en España apenas se le conocía porque le hacían el vacío los galleguistas en represalia a sus reiterados sentimientos de amor a la Patria indivisible. España tiene con él una deuda de fidelidad"²⁹³.

²⁹² Cfr. "Un renegado mais", *A fouce*, Bos Aires, nº 68, fevereiro de 1934.

²⁹³ Cfr. Francisco Leal Insua, *Pastor Díaz, Príncipe...*, op. cit., pp. 103-110. A opinión deste autor de que os galeguistas tiñan a culpa por ser Noriega descoñecido en España semella tremendamente inxusta, primeiro porque neses momentos

Otero Pedrayo, mestre de galeguistas e grande coñecedor da vida, a obra e o pensamento de Noriega, despois de lamentar certas actitudes do seu amigo, afirma:

"Son cousas por quen escribe lembradas con dolor. Mais axina fumos os homes feitos. E podemos afirmare cómo Noriega chegou a vivir con lealdade e arelanza o grande programa de Galiza. No que tivo grande parte un asinado e fondo coñecemento da obra de Pondal"²⁹⁴.

O mesmo poeta, pouco antes de morrer, cita a Pondal como o mellor poeta galego (vid. III.5.4). E na última carta a Otero que posuímos, de 1943, esfarelado todo o movemento galeguista e en silencio forzado os seus escritores tras a guerra civil e a represión, Noriega móstrase consciente da situación adversa da lingua e parece asumir, con certa preocupación, a representación da mesma, sabedor de que é dos escasísimos escritores en galego que non resulta sospeitoso para o réxime político ditatorial:

"Quedo, como siempre, muy alegre: de presente por muchas cosas qe. ya Vd. supondrá, y de verdad no la más insignificante qe. nuestra Lengua de arrullo en circunstancias muy adversas, logre apasionar (con frenesí le aseguro), â xente nova, no obstante ser en la actualidad un servidor de Vd. el ministro indigno de su culto" (cfr. III.6.1.43).

Teñamos tamén en conta que *Do Ermo* 1946 é un dos primeiros libros publicados en lingua galega na posguerra, polas razóns anteriormente expostas²⁹⁵.

moitos galeguistas estaban mortos, no cárcere ou no exilio por culpa dun sistema político ao que Leal e mais Noriega entusiasticamente apoiaron; en segundo lugar, porque ese sistema político e os seus panexiristas si tiñan medios, que parece ser que non usaron, para dar a coñecer a Noriega en toda España, cousa que os galeguistas dificilmente poderían facer nesas circunstancias; e, en terceiro lugar, porque, cando puideron, os nacionalistas editáronlle e divulgáronlle *Do Ermo* en 1920, edición que, sen ser a máis importante, pois non incluía os sonetos, foi a que máis proxección tivo, abríndolle as portas de Portugal, tamén gracias aos nacionalistas, e dándoo a coñecer en Francia, por exemplo, a través de Phileas Lebesgue, que contou coas páxinas da revista *Nós* para dar conta do publicado en Francia sobre Noriega; nesta revista tamén publicou parte do seu traballo folclórico en 1920; e en 1928, cando os ataques de Noriega ao nacionalismo eran tan duros, será a editorial nacionalista "Nós" a que lle publique *Como falan os brañegos*; non obstante, en 1943, cando xa non había editoriais nacionalistas, non achou quen lle publicase os mil cen refráns, que como di en III.6.1.36, tiña listos para a imprenta, morrendo sen poder velos publicados, como era o seu desexo.

²⁹⁴ Cfr. "Noriega Varela no seu tempo ourensán (y II)", *op. cit.*, p. 15.

²⁹⁵ Vid. Xesús Alonso Montero, "Literatura en lingua galega de 1936 a 1953: Algúns aspectos da represión lingüística", in *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*, Vigo, Edicións do Cumio, 1991, pp. 103-116.

Non tivo Noriega unha concepción política de Galiza como país nin creu nas súas institucións; tampouco creu no seu idioma como vehículo normal de comunicación entre todos os galegos. Non foi, pois, ideoloxicamente galeguista. Mais a súa poesía, nacida do máis profundo do noso ser colectivo e composta con esmerado cariño na lingua que aínda nos fai sentir como pobo diferenciado, é unha evidente demostración do que o poeta quixo negar.

Pomos fin a este apartado cunhas palabras do propio autor (vid. III.4) pronunciadas en Portugal, que poñen en evidencia a súa condición substancial de galego, o máis galego dos nosos poetas, como se ten dito nalgũa ocasión, independentemente das ideas políticas que profesou, produto dun tempo e dunhas circunstancias concretas:

"Pretendi dizer alguma coisa da alma da Galiza. Ignoro se o terei conseguido, não obstante pôr tôdas as minhas fôrças na devoção por aquela terra verde e úmida, da qual nunca saí e com cuja matéria se formaram meus ossos, meu sangue e minha alma"²⁹⁶.

²⁹⁶ Este *Discurso*, editado en portugués, aínda que seguramente pronunciado en español, debe ser ao que se refire Carballo Calero (*Historia da literatura...*, op. cit., p. 547) como discurso de ingreso no Instituto Histórico do Minho, que non debeu existir como tal, pois non temos outra noticia del e na acta de ingreso consta que: "Consultou o sr. Presidente a assembleia sobre esta proposta, deliberando-se, por unanimidade, admitir D. António Noriega Varela com dispensa de formalidades" (cfr. III.3). Este discurso, pronunciado nun acto de homenaxe do citado Instituto a Rosalía de Castro en 1923, pódese considerar aos efectos como un discurso de ingreso, mesmo polo ton xeral do mesmo; posibelmente se refira a el Carballo Calero cando afirma que "anque suscrito por Noriega, non foi realmente redactado por el, senón por Otero Pedrayo", baseándose talvez en palabras do propio Otero, a quen está reproducindo na páxina citada. Á vista do texto pódese afirmar que, efectivamente, unha parte importante do mesmo, aquela onde se tratan aspectos histórico-xeográficos, así como o apartado sobre Compostela, levan a marca do autor de *Arredor de si*, mais outra parte, onde fala de si propio e dos seus amigos portugueses, leva o selo do autor de *Do Ermo*; o parágrafo citado pertence a esta última parte, pois vai a continuación dunhas palabras de acento persoal: "A Maria da Glória e a seu famoso irmão, aquí presentes, dedico eu, actualmente, as minhas horas de apaixonadíssima leitura" (cfr. III.4).

Temos constancia, ademais, de que o autor xa tiña preparado para publicar en 1943 unha colección duns mil cen refráns (III.6.1.41), aínda hoxe manuscritos e inéditos en poder da súa familia¹.

c) Obra en prosa: practicamente non cultivou a prosa:

- "Unhas palabriñas", prólogo a un libro de poesías (vid. II.4.1).
- "¡Vai torta!", un conto breve (vid. II.4.2).

• *Discurso* pronunciado na solenísima festa que o Instituto Histórico do Minho dedicou á excelsa poetisa galega Rosalia de Castro em 15 de Julho de 1923 (vid. III.4)².

Noriega Varela é un caso típico de persoa dotada para a versificación e poeta vocacional, que no Seminario de Mondoñedo adquiriu unha formación educadora e potenciadora desas cualidades innatas para a poesía, mais que sen ela de seguro sería tamén poeta, aínda que a súa proxección non traspase os límites da esfera local. Así nolo confirman os seus anos de permanencia no citado Seminario, onde desde moi novo se distinguiu pola facilidade con que compuña semblanzas de compañeiros e superiores (vid. I.2.1.1)³. Alí mesmo recibiu o encargo do Rector para facer unhas composicións de Nadal destinadas aos nenos dalgunha escola da Igrexa, como el mesmo declara

¹ Esta colección de refráns leva por título *Sabiduría popular*, segundo el mesmo afirma: "Tengo casi en limpio, para dar, en cuanto se me presente ocasión, a las cajas, unos mil cien refranes, por mi recogidos. Lleva la colección por título Sabiduría popular, y por lema este precioso pensamiento del Pdre. Ibeas: "Lo único auténticamente vivo y fértil es el pueblo" (cfr. III.6.1.41). Un fillo do poeta, Manuel, confirmounos que a familia ten esta colección, xunto con outros traballos sen especificar do autor. En realidade, supomos que a colección de refráns viña substituír o seu proxecto inicial de publicar a 2ª serie de *Como falan os brañegos*, e que, por tanto, o que aquí editamos como tal (BR) debe estar incluído nese traballo inédito; os mesmos títulos de "Sabedoría popular" ou "Sabiduría popular" que levan algunhas das partes, así o indica.

² Este discurso figura en apéndice e non en edición, pois, ademais de non ser propiamente creación literaria, Noriega, aínda que pasa por único autor do mesmo, en realidade comparte a súa autoría con Ramón Otero Pedrayo (vid. I.2.3, nota 296).

³ Outra destas semblanzas, feita a José María Rico Pulpeiro, di así (cfr. F. Fanego Losada, "Notas biográficas de Noriega Varela", *El Ideal Gallego*, Coruña, 17.5.1969):

Está muy bien mirado,
porque es muy listo,
y además ha dejado
todo por Cristo.
¡Aun hay nobleza!
¡Aun hay quien trueca el oro
por la pobreza!

(vid. III.5.3)⁴. Tanto as semblanzas como estas últimas están en lingua castelá, que sería na que deu os seus primeiros pasos poéticos; aínda en 1994 aparece na prensa unha composición neste idioma (vid. PE 1), que xunto con E 64 ("Inverno"), xa en lingua galega, poden ser dúas das primeiras composicións saídas á luz pública, e temos noticia da composición doutra (vid. PE 3), aínda que o autor afirma que os seus versos aparecen por primeira vez en público con motivo do certame poético celebrado en Mondoñedo en 1895 (vid. III.5.3), no que obtén un premio co poema longo *De ruada*, publicado nese mesmo ano (vid. M 3)⁵. A partir de aquí xa vai ser frecuente a aparición na prensa de poemas deste autor, agora definitivamente en galego, que se converterá en paradigma de poeta promocionado desde a prensa local á galega e da emigración⁶, conseguindo un rápido recoñecemento, como o demostra o feito de que en 1899 xa asina un prólogo a un libro de poesías (vid. II.4.1), anunciado este co seu nome na portada do libro⁷. Este mesmo derradeiro ano do século XIX publica *Leite fresco* (vid. PEX 1), segundo dos folletos que saen do prelo⁸, contendo un novo poema descritivo extenso, ao estilo de *De ruada*; os dous conseguiron unha grande aceptación e difusión, á altura dos de máis éxitos do Rexurdimento⁹. Desta etapa poética do autor escribe Trapero Pardo:

⁴ Unha destas composicións, que serían en castelán, pois fan destinadas a nenos non galegos, seguramente será a que figura na nosa edición como PE 2, xa que coincide coas características que o autor declara.

⁵ Antonio Noriega Varela, *De ruada* (Poesía premiada en el certamen literario musical de Mondoñedo, cuyo Jurado formaron en la Coruña los Sres. Murguía, presidente; Pondal, Ballesteros, Novo y Martínez Salazar, vocales), Luarca, Imp. de Rollán y compañía, 1895. Esta composición sería tamén a que o autor recitaría por primeira vez en público, segundo el mesmo declara (vid. III.5.3), aínda que ao longo da súa vida tería que declamala moitas máis veces a petición do público e en contra dos seus desexos, pois acabaría por abandonar e valorar negativamente este tipo de poesía descritiva decimonónica que representa; así, escribe o poeta en 1934, trazando o programa dun recital: "Vez segunda: Versos d'os meus vinte anos. San Juan de Romariz (fragmento) y Leite fresco y De Ruada pa. el gato y pa. la galería, que quiere estarabouzada. «¡Hablarle en necio pa. dárle gusto!»" (cfr. III.6.1.37).

⁶ Así, por exemplo, desde 1895 aparecen con frecuencia composicións súas en *Coruña Moderna* e *Revista Gallega*, as dúas publicadas na Coruña; en 1900 publica "Fale meu bisavó" (M 1) en *El Eco de Galicia*, de Buenos Aires.

⁷ Vid. Arturo Sánchez Núñez, *Balsaminas con un-has palabriñas del laureado poeta mindoniense A. Noriega Varela*, Lugo, Tip. de G. Castro, 1899.

⁸ Vid. A. Noriega Varela, *Leite fresco*, Luarca, Imp. movida á vapor de Ramiro P. del Río, 1899.

⁹ De *Leite fresco* demos cun só exemplar en mans particulares, mais un estudioso como Nicanor Rielo Carballo tennos comentado que se fixeron moitas edicións piratas que se vendían polas feiras. De *De ruada* achamos no Museo Provincial de Lugo unha «4ª edición popular (6.000 ejemplares)», que fala ben as claras do extraordinario éxito que logrou; aínda que figura sen datar, debe ser dos primeiros anos da década 1930-40 (vid. M 3).

"E ô deixar as aulas do Ensaminario de Mondañedo, escomezou unha carreira poética, como si ela fora unha reación psicolóxica de liberdade, despois dos tempos de limitacións que o Ensaminario lle impoñía.

N-aquela carreira poética, Noriega deixou atrás o bagaxe crasicista, como si quixera esquencer ós latinos pra afincarse somentes na vida nova que se lle presentaba diante. Foi d-aquela cando prenciou a cantar esceas populares de 'ruadas', 'fias', festas campestres, etc"¹⁰.

Por estes anos frecuenta o trato de Leiras Pulpeiro, con quen se repartirá amistosamente o campo poético (vid. I.2.1.1) e quen lle corruxirá a lingua de *Montañesas*¹¹, primeira colección de poemas do autor, na que inclúe os dous extensos anteriormente publicados. A esta edición continuaré en 1910 unha segunda co mesmo título¹², mais substancialmente aumentada: repite 12 das 16 composicións da 1ª edición para chegar ao número total de 53. Noriega Varela é xa por esta época un dos poetas máis coñecidos¹³ e máis divulgados na prensa do país e da emigración, que vai alcanzar o seu momento culminante cando, dez anos máis tarde, publique a primeira edición de *Do Ermo*¹⁴, que incluírá 18 poemas que formaban parte previamente da segunda edición de *Montañesas*, xunto con 30 novos.

A partir de aquí o conxunto das edicións da súa obra ofrece algunhas dificultades que convén vencer, para podermos estudiala adecuadamente. Remontámonos primeiramente á última edición en vida do autor, para desde alí dar despois un repaso á súa produción poética. Como se pode ver na clasificación inicial, non situamos a edición de 1946 como continuadora das anteriores, porque, aínda que leva o título de *D'o Ermo. Cuarta edición (a luguesa), aumentada*, en realidade vén sendo unha edición da obra poética completa do autor, na que inclúe toda a súa produción en verso, excluindo aquelas composicións que non considera convenientes por seren para el frívolas, pouco respectuosas ou intrascendentes. Conserva o título xenérico de *Do Ermo* por ter sido o de máis fortuna entre os lectores e por constituír a parte máis importante do volume; aínda que a intención inicial fose publicar só a cuarta edición do libro devandito, os cartos recadados pola Comisión da homenaxe ao poeta de institucións e particulares (vid. I.2.1.4) permitirían ampliar o

¹⁰ Cfr. Antón Noriega Varela e os crásicos latinos. *Verbas e temas car-ô mundo*, 1955, inédito, p. 10.

¹¹ Vid. Antonio Noriega Varela, *Montañesas. Poestas gallegas* con un prólogo por Leopoldo Pedreira, Luarca, Imp. de Ramiro P. del Río, 1904.

¹² Vid. Antonio Noriega Varela, *Montañesas*. Segunda edición correxida y-aumentada, Mondoñedo, Talleres de Imprenta de César G. Seco, 1910.

¹³ Vicente Risco, por exemplo, afirma en 1911 que da literatura galega "conozco el *Libro de Konsagración* de Ribalta, algunas cosas de Noriega y el nombre de Ligrís" cfr. "De literatura gallega. Los contemporáneos", *Mi Tierra*, Orense, nº 2, julio 1911.

¹⁴ Vid. Antonio Noriega Varela, *D'o Ermo*, Ourense, Losada, Risco e Nogueroles Editores, Imprenta de Antonio Otero, 1920.

número de páxinas, facendo, así, unha verdadeira edición da poesía completa do autor. A obra ten o seguinte contido, segundo consta tamén no seu índice xeral:

- "A Musa do Ermo polas rúas da Vila", de Rosalía de Castro (fragmento dun poema de *Cantares gallegos*).

- "Agarimosas letriñas de Teixeira de Pascoães, altísimo poeta lusitano" (carta do poeta saudosista portugués: vid. III.6.2.4).

- *A Virxen i a paisanaxe (100 cantigas populares)*.

- *Montañesas*.

- *Do Ermo*.

- "Notas para unha interpretación del poeta Noriega Varela, por Francisco Leal Insua".

Aínda que a crítica en xeral fala de Noriega como autor dun só libro de creación poética, no que se incluírían *Montañesas* e *Do Ermo*¹⁵, cremos existiren razóns para diferenciarmos estas dúas obras. De non entendermos a cuarta edición como unha recompilación da obra completa, ¿teríamos de dicir tamén que *A Virxen i a paisanaxe*, da que Noriega só é recolector, forma parte de *Do Ermo*? O propio autor distinguía perfectamente entre os seus dous libros de creación; cando se preparaba a edición de 1946, que el seguía con preocupación desde o leito, escribiu:

"Alborozadísimo dice: «Vamos en D'o Ermo», y yo opongo, muy contrariado: ¡iremos!, pero no lo veo. Do Ermo comienza en «Zreixiñas frescas» y la sigue «Teu paniño encarnado».

Yo, qe. antes de peinar canas muchísimo aborrezco «Montañesas», creí que en cuanto saliésemos de esos vitandos pantános, entraríamos gozosos, y sin travas, por las anchas mesetas de la Montaña" (cfr. III.6.1.47).

Cando saíu do prelo, esta cuarta edición tamén foi entendida pola crítica como edición da obra completa do autor; mesmo foi presentada aos medios de comunicación como tal:

"Leal Insua, como presidente de la Comisión del homenaje, acompañado del tesorero de la misma, D. Nazario Abel Corredoira, y en presencia de su esposa doña Dorinda Almansa y sus hijas Dolores, Carmen y Ana María, entregó a Noriega el primer ejemplar de 'D'o ermo', reimpreso ahora en cuarta edición y en el que van incluídos los poemas de 'A Virxen y a paisanaxe', o sea, toda la obra poética completa de Noriega Varela reunida en un solo volumen [...]"

¹⁵ Esta opinión foi defendida polo profesor Carballo Calero nun artigo titulado precisamente "Noriega Varela, poeta dun só libro" (*El Correo Gallego*, 20.4.1969), logo incluído en *Libros e autores galegos. Século XX*, T.II, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982, pp. 19-20.

Figuran en este volumen, además de las cien cántigas de "A Virxen y a paisanaxe", ciento veintisiete poemas seleccionados entre los mejores de Noriega, habiéndose conservado el título general de "D'o ermo"¹⁶.

Antonio Couceiro Freijomil comenta esta edición diciendo que Noriega recibiu "el delicado homenaje de la edición de su obra poética completa", á que vai pasando revista, comezando por *A Virxen i a paisanaxe*, seguindo por *Montañesas*, e terminando con *Do Ermo*, para engadir:

"Ha constituído tan gran acierto, sin duda, el poner a la edición que comentamos el título general de «D'o ermo», que es donde se encuentra al verdadero Noriega"¹⁷.

Tamén afirma Basilio Losada:

"Una amplia antología de su obra, prácticamente su obra completa, fue publicada en Lugo en 1947 bajo el título de *Do Ermo*, que era el de su libro fundamental"¹⁸.

Partindo, pois, tamén nós de que a última edición en vida do autor é unha recompilación depurada de toda a súa obra poética, á que lle engade a colección de cantigas populares sobre a Virxe, acentuando, así, o carácter relixioso que lle quere dar o volume, distinguimos dúas obras de creación diferenciadas en Noriega Varela: *Montañesas* e *Do Ermo*, cuxa xénese procuraremos ver voltando de novo ao inicio da súa produción.

Os dous primeiros folletos publicados, *De ruada e Leite fresco*, son dous poemas extensos publicados a fins do XIX e que pertencen ao realismo costumista propio do século; neles Noriega maniféstase como un dos mellores poetas do xénero, á altura da Rosalía de *Cantares gallegos*. O grande éxito popular destas dúas obras así o manifesta.

Cando en 1904 publica a primeira edición de *Montañesas*, incorpora a este libro os dous poemas anteriores, pasando a obra a constar de 16 composicións. Todas elas constitúen un conxunto homoxéneo marcado

¹⁶ Cfr. "En un sencillo y emocionado acto le fué entregada a Noriega Varela la nueva edición de sus obras poéticas", *El Progreso*, Lugo, 12.11.1946.

No mesmo xornal, uns días despois, o 17, infórmase: "Nos es muy grato registrar el hecho de que, desde ayer, se halla a la venta en las librerías de nuestra ciudad antes que las del resto de Galicia, las obras completas, en verso, del ilustre 'Cantor de la Montaña' Antonio Noriega Varela, reunidas en un solo volumen con el título de 'D'o ermo' [...] 'D'o ermo' está integrado por los tres libros de versos de Noriega y se venderá en toda España ..."

¹⁷ Cfr. "Del homenaje a Noriega Varela. La reedición de su obra poética", *La Noche*, Santiago de Compostela, 7.12.1946.

¹⁸ Cfr. "La literatura", in AA.VV., *Los gallegos*, Madrid, Ediciones Istmo, 1976, pp. 241-318.

polo realismo descritivo, que ten o seu centro de atención nos traballos diarios, as alegrías e os sufrimentos dos campesiños da montaña. Só o soneto "Fillo do corazón..." (vid. E 42), composto á morte do seu primoxénito e influído por Camões, se afasta desa liña para se adentrar na vía intimista. A montaña neste libro é só o marco da vida labrega, o escenario en que traballan, cantan ou sofren os que a habitan; vén sendo sinónimo de aldea, posto que todas as aldeas dos arredores de Mondoñedo, que o poeta canta, están en zona de montañas, e por elas andaba na súa mocidade na procura de festas nas que namorar as rapazas carpazonas, como el mesmo nos di na biografía poética que deseña en PNR 24:

*Mentras foi pícara nova
pra ela non houbo descanso:
as airas das Coruxeiras,
de Cesuras os ribazos,
i o Santo Cristo do adro,
e de Romariz os felgos
poideran serme testigos
de canto a tentou o diaño... (vv. 29-36).*

É este un libro de xuventude, que corresponde aos seus anos mozos en Mondoñedo, e que se acha totalmente inserido na poesía decimonónica do período do Rexurdimento pleno da nosa literatura, á altura da obra dos grandes mestres no seu xénero.

A segunda edición de *Montañesas*, de 1910, conservando a maior parte dos poemas da primeira edición¹⁹, incorpora outros moitos, que lle van dar unha nova dimensión á obra. Pasa de 16 a 53 composicións e, sen perder o ton ruralista e descritivo xeral, vai outorgando un protagonismo maior á montaña, que pasa a ser o centro de atención lírica en moitos poemas, iniciando así o camiño do lirismo da natureza que caracterizará o próximo libro. Esta segunda edición marca o paso da poesía do XIX á poesía do XX, representando a transición entre *Montañesas* e *Do Ermo*, ou entre o realismo costumista e a visión íntima da natureza. De tal xeito o debeu considerar así o autor, que na edición definitiva da súa obra redistribuíu os poemas deste libro, deixando 22 en *Montañesas*, os máis realistas e descritivos, por exemplo, "De ruada" (M 3), "Fale meu bisavó" (M1), "O demo" (M 7), "Do San Juan de Romariz" (M 23)... ("Leite fresco" expurgouno, por consideralo moi atrevido) e pasando 23 a *Do Ermo*, os máis depurados e intimistas, así como os de maior acento relixioso, por exemplo, "Ouvea o lobo" (E 18), "Selvosos lugares" (E 29), "As casas dos brañegos" (E 76)... Significativamente un poema como "Calvos de Randín" (M 22), posterior a MT, mais da mesma

¹⁹ Só elimina 4, dos 16, os que figuran na presente edición como PEX 2 e 3, E 47 e unha versión máis ampliada de E 87.

liña descritiva dos anteriores, ficará incluído en 1946 en MS e, inclusive, un poema procedente de MO (E 87) será expurgado das tres últimas estrofas en DE para ser reelaborado e transformado en soneto (E 88), marcando as dúas versións a diferenza estética que vai de *Montañesas* a *Do Ermo*.

Aparece *Do Ermo* en 1920, formado por 48 poemas, 30 novos e 18 incorporados da obra anterior, en xeral os máis líricos e relixiosos²⁰. Así como os textos que conforman a liña poética decimonónica corresponden á súa etapa da mocidade en Mondoñedo, os poemas que recalarán definitivamente nesta obra foron elaborados nas etapas de Foz, cando o poeta pasaba xa dos trinta anos, e Ourense, en plena madurez²¹. Neste libro abandona o ton descritivo e centra a atención lírica na montaña, no ermo, verdadeiros protagonistas da obra. Xa no primeiro poema do libro, "Laverquiña...", deosta o mar e louva a montaña:

*Esquence o mar, lembra o gado
miúdo, i o regalado
vivir, ¡as tumbadas festas!,
i as cantigas dos pastores,
que fan grinaldas coas frores
amareliñas das xestas (E 16, vv. 7-12).*

A musa do poeta vaise facer franciscana, mostrando a súa predilección polos seres humildes da natureza:

*Moza vedraia, cousiñas
humildes a embelesaron:
unha lágrima da aurora
antóxaselle un palacio,
i amárgalle non ser reina
para poder habitalo... (PNR 24, vv. 37-42).*

Será esta a única edición que inclúe algúns poemas anticaciquís e agraristas ("Acción Gallega", "Prós mozos", "En boa hora", "Pra excusar ben traballos"), que nos mostran unha faceta inusual do autor:

*¡Heroica mocidade!, retadora,
¡o cume asalta da ceñuda serra!,
que xa acobarda a noite e chora a aurora...*

²⁰ Fican fóra, pois, a maior parte de MO (só permanecen 3) e 26 de MT (pasan a D 15); ningún dos poemas paradigmáticos de *Montañesas*, como "Fale meu bisavó", "De ruada", "Teño amores na montaña", "Á montaña"... aparecen nesta nin en ningunha das posteriores edicións de *Do Ermo*.

²¹ A etapa de Foz dura de 1901 a 1911 (vid. I.2.1.2) e a de Ourense ten dúas fases, unha primeira en Calvos de Randín, de 1911 a 1913, e a definitiva en Trasalba, de 1913 a 1926 (vid. I.2.1.3).

*¡Heroica mocedad!, dálle guerra
á Tiranía, i apresura a hora
en que trunfante se erga a nosa Terra* (PEX 7, vv. 9-14).

Esta vea civil e combativa foi más ben consecuencia dun momentáneo compromiso con algúns amigos (vid. I.2.1.2). De seguida renegaría dela e expurgaría estes poemas, que non volveu recoller en libro²².

No mesmo ano 1920 fíxose unha segunda edición do libro, financiada polos emigrantes de América, exactamente igual á primeira. Por iso a de Mondoñendo de 1929 contará como 3ª edición e a de 1946 como 4ª para o propio autor e editores, aínda que Carballo Calero fale desta última como 6ª edición, partindo da súa idea de que *Montañasas* e *Do Ermo* constitúe en realidade un só libro que se foi refacendo ao longo do tempo nas diversas edicións²³. Foi Francisco Leal Insua quen falou da existencia desa 2ª edición en 1920:

"Losada, Risco y Noguero! editaron por su cuenta en 1920 «D'o ermo» (Imprenta de Antonio Otero-Orense), edición que se agotó rápidamente. Los mindonienses residentes en Buenos Aires costearon la segunda en el mismo establecimiento tipográfico"²⁴.

Mais ninguén soubo dar noticia de ter visto esta segunda edición:

"Pero eu non teño visto máis que unha edición de Ourense, cuio colofón indica que acabou de se imprimir 'na casa de Antonio Otero, a XV días andados do mes de Santiago do ano de MCMXX'. Teño preguntado a don Ramón Otero Pedrayo e a don Xosé Trapero Pardo por esa segunda edición de Ourense de que fala Leal, e ambos señores, que estiveron asimesmo moi relacioados con Noriega, manifestáronme non saber nada delo. Otero dime que na primeira houbo dous tipos de portada"²⁵.

Efectivamente existen dúas portadas diferentes. Unha delas é obra de Castelao e nela represéntase un ermo nevado azoutado polo vento, no que sobresaie un cruceiro alumeado por un farol. Esta portada foille encargada ao ilustre debuxante polos editores nacionalistas, pois dille por carta Risco a Lousada Diéguez:

²² Estes poemas non corresponden á súa época de Foz nin apareceron no periódico *¡Guau...Guau!*, como xeralmente se dixo, senón que deberon ser compostos en Trasalba, cando coñeceu a Basilio Álvarez e os galeguistas de Ourense. Algúns deles foron publicados en *El Ratón* de Vilalba, este si claramente anticaciquil.

²³ Vid. *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981, p. 522.

²⁴ Cfr. "Notas para una interpretación del poeta Noriega Varela", in Antonio Noriega Varela, *D'o Ermo*, 4ª edición (a luguesa), aumentada, Lugo, Tip. La Voz de la Verdad", 1946, pp. 231-240. Estas palabras foron escritas por persoa da confianza de Noriega e con el ao lado, segundo propia confesión.

²⁵ Cfr. Ricardo Carballo Calero, *op. cit.*, p. 522.

"Tes que lle decir ô Castelao tres cousas: Que si s'esqueceu d'aqueles encargos que lle fixera. -2ª Que precisamos aixinha a portada pr'o libro do Noriega..."²⁶.

Debaixo desta portada de Castelao, onde se le con claridade o seu nome, figura *D'o Ermo. Poesias* como título do libro e como autor "Antón Noriega Varela", mentres que debaixo da outra portada, onde se ven unhas figuras de muller e dúas nenas ao pé dunha igrexa, figura como título *D'o Ermo* e a continuación "por Noriega Varela", o que nos fai deducir que a que leva a portada de Castelao sexa a primeira edición feita polos nacionalistas, que tamén cando lle editaron *Como falan os brañegos* en 1928 puxeron "Antón" con grande enfado do autor (vid. I.2.3), e a que leva a outra portada, na que desapareceu este nome²⁷, sexa unha inmediata reimpresión sufragado polos emigrantes, na que só variarían a portada, talvez a petición do autor, para evitar ese nome²⁸. Da financiación dos emigrantes temos constancia na prensa do momento, que nun principio informa da subvención dun novo libro de Noriega, que se titularía *Nova Carmina*, mais que finalmente ía ficar na reimpresión de *Do Ermo*:

"En una nota se recoge del periódico El Herald Gallego de Buenos Aires el propósito de varios miembros del Centro Gallego y de la Casa de Galicia de subvencionar el libro Nova Carmina de Noriega. El poeta les responde que los versos de ese libro se han quemado, con lo que la idea no puede seguir adelante. Ellos no se lo creen y continúan con la suscripción"²⁹.

"Los gallegos residentes en la República Argentina propónense llevar a cabo una obra que les enaltece, y de la cual hemos dado ya noticia en estas columnas.

²⁶ Cfr. "Cartas a Antón Lousada Diéguez", *Grial*, nº 86, outubro-novembro-décembro, 1984, pp. 469-478.

²⁷ Non obstante, nas dúas aparece na páxina tres o nome de autor como "Antonio Noriega Varela" e tamén nas dúas figura "Losada, Risco e Noguerol Editores"; e levan o mesmo colofón: "Acabou de se imprimir este libro en Ourense, na casa de Antonio Otero, a XV días andados do mes de Santiago do ano de MCMXX". Nos exemplares existentes desta obra na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense fáltalles a portada ao da biblioteca de Alberto Vilanova e de Blanco Amor; na de Ben-Cho-Shey hai dous exemplares, cada un cunha portada diferente; en todo o demais a coincidencia é total. Curiosamente, os exemplares dedicados polo autor que conseguimos ver levan todos a portada que non é de Castelao: un dedicado a Couceiro Freijomil con data de 6 de febreiro de 1922, que se acha no Instituto Padre Sarmiento; outro a Narciso Correal y Freyre de Andrade, na Real Academia Galega; e outro a Miguel Julio, adquirido por nós en Portugal. Un exemplar coa portada de Castelao figura sen dedicatoria no legado de Paulino Pedret Casado.

²⁸ Lembremos que moi pouco tempo despois da aparición do libro Risco xa se queixa de que Noriega anda falando mal dos editores nacionalistas e el mesmo arremete contra os nacionalistas na correspondencia con Teixeira (vid. I.2.3).

²⁹ Cfr. *La Región*, Orense, 1.6.1920.

Con el apoyo de la «Casa de Galicia» y del «Cento Gallego», de Buenos Aires, quieren rendir un tributo de admiración cariñosa y merecida al ilustre poeta gallego, el «poeta de la montaña», D. Antonio Noriega Varela.

"Noriega Varela es justamente acreedor al homenaje que le preparan nuestros paisanos de la Argentina, iniciando una suscripción para costear la publicación de sus últimas poéticas *Do Ermo* y *Nova Carmina* [...] Para contribuir a la suscripción se celebró en Buenos Aires una velada Literaria-musical organizada por los jóvenes de la Casa de Galicia, con arreglo a un selecto programa, del cual nos fué enviado un ejemplar"³⁰.

Se isto se escribía a principios de xullo, a finais de setembro escribe Blanco Amor desde Buenos Aires:

"Noriega Varela, el gran poeta gallego, nos escribe. Es decir, le escribe a su 'muy amigo, mecenas paisano muy excelente Víctor Domenech'. En realidad se tiene bien merecidos nuestro eximio gaitero esas alabanzas. Solamente él -que es todo entusiasmo galleguista, secundado por otros dos de nuestros más activos jóvenes, Fermín Lorenzo Rico y Tomás Paradela, fué el organizador de aquella memorable velada que celebráramos en su honor... y para que la esperada edición de su libro «Do Ermo» no fuese un misérrimo tiraje de un par de cientos de ejemplares. Conviene decir que este libro es una espléndida y originalísima serie de poemas..."³¹.

Tamén a sociedade "Mondoñedo y Distritos" debeu ter un papel destacado na axuda á edición, pois aparece nunha información da prensa da emigración como a editora de *Do Ermo*³².

Dando, pois, por sentadas estas dúas edicións de 1920 idénticas, excepto na portada, a de 1929 é a terceira³³ e a máis importante, pois nela inclúense 21 sonetos novos, ademais da maior parte das composicións da primeira edición, en que só figuraba un soneto, "Fillo do corazón" (E 42)³⁴. Na década dos vinte, nese período que vai desde 1920 a 1929, cando xa ten cumpridos os 50 anos e está destinado primeiro en Trasalba (Ourense) e logo na Graña de Vilarente (Abadín, Lugo), o poeta conságrase á elaboración deses 21 sonetos, feitos de vagariño con grande

³⁰ Cfr. *La Región*, Orense, 2.7.1920.

³¹ Cfr. "Una carta de Noriega Varela", *Acción Gallega*, Buenos Aires, nº 4, 30.9.1920.

³² Vid. "Los residentes Mindonienses honran una vez más a sus grandes hombres", *Galicia. Revista del Centro Gallego*, Buenos Aires, nº 208, abril 1930 ("La Sociedad Mondoñedo y Distritos honró en ocasiones distintas a Veiga; levantó un mausoleo en la tumba de Leiras y acaba de remitir el dinero para editar sus obras inéditas ya en imprenta, prologadas por Otero Pedrayo; editó el libro "Do Hermo" de Noriega Varela...").

³³ Vid. Antonio Noriega Varela, *D'o Ermo*, Novísima edición, aumentada, Mondoñedo, Tip. "Centro de Acción Social Católica", 1929.

³⁴ Este soneto, composto en 1903 con motivo da morte do seu fillo primoxénito, xa figurara en MO e MT; a partir de agora vai ser incluído en D, DO e DE, polos seu ton intimista, marcando máis unha vez o autor a distinción entre a poesía descritiva de *Montañesas* e o lirismo intimista de *Do Ermo*.

esfuerzo, palabra a palabra e verso a verso, na procura da perfección artística. A súa intención era elaborar un corpus máis amplo de sonetos cos que publicar un novo libro, para o manexou o título de *Tenuis pluvia*:

"Actualmente preparo Tenuis pluvia, una colección de cinquenta sonetos, de índole montañesa, como todo cuanto produzco" (cfr. III.6.1.16).

En 1925 insiste en falar deste libro fallido:

"El adjunto soneto 'Lembranzas' va inédito. Copiados de mi nuevo libro de versos «Tenuis pluvia», que tienen el encargo de publicar mis hijos, después de mi óbito, también remito dos sonetos más: 'Estrelas' y 'Temura'"³⁵.

Xa a pouco da publicación de *Do Ermo*, en 1921, fala de publicar outro libro, para o que ten o título de *Mysticas*:

"Tengo en preparación 'Mysticas', que Dios sabe cuando verá la luz, a menos qe. a los fabricantes de papel se les bajen los humos...

Son, como las de 'D'o Ermo', poesías muy cortas, ya qe. a mi me repugna toda vana amplificación" (cfr. III.6.1.4).

Nesta etapa os proxectos poéticos eran moitos³⁶, sobre todo desde que comezou a consagrarse aos sonetos, mais a súa musa non avanzaba coa rapidez que el quería e tivo que ficar nos 21 incluídos en DO.

Despois de 1929 xa non comporía practicamente máis sonetos³⁷. Neles alcanzará o cumio da súa produción poética, baixo a influencia dos poetas parnasianos, simbolistas e saudosistas portugueses, cuxo coñecemento profundo e trato persoal vai resultar decisivo nesta rotunda modernización da súa estética poética. Ademais dos sonetos de Camões, Anthero de Quental, António Nobre, Guerra Junqueiro, Eugénio de Castro, e outros, algúns dos cales recitaba de memoria, a obra e a

35 Cfr. "Fragmentos de una carta de Noriega Varela", *Céltiga*, Buenos Aires, nº 20, 25.10.1925.

36 Tamén lemos en "Noriega Varela", *Justicia*, Mondoñedo, nº 12, 8.10.1921: "Nuestro querido amigo D. Antonio Noriega Varela, el inspiradísimo autor de «Montañesas» y «Do Ermo», está escribiendo un hermoso poema en gallego, titulado «Os Milagros».

Este poema, que será un verdadero acontecimiento, empieza así:

«San Joan de Vide, aldeña
breñosa que eu reverencio,
¡festiñas che faig'a lua,
gorxeos ch'ofrende o merlo,
y-as lágrimas d'aurora
sexan-os teus aderezos».

¡Venga, venga pronto ese poema, querido Noriega!"

37 Só lle coñecemos un en español publicado en 1931 (vid. PE 4) e a reelaboración de outro, que non pasa de ser unha variante do modelo (vid. PEX 3).

personalidade poética de Teixeira de Pascoaes vai ter unha influencia fundamental na depuración temática e formal lograda por Noriega, influencia que se verá acrecentada coa amizade que o ha unir ao autor de *Marânus*; aínda que a admiración pola súa poesía xa é anterior á relación persoal entre os dous poetas³⁸.

Desde 1929 a 1946 non se publicará ningún outro libro nin reedición da súa obra, aínda que o poeta siga dando a coñecer na prensa algúns poemas novos, poucos, da liña lírica de *Do Ermo*. Nesta última etapa vital do autor, transcorrida entre Chavín e Viveiro, na alegre Mariña lucense, o poeta parece recuperar o espírito alegre e optimista da súa mocidade, nunha especie de volta ás súas raíces poéticas. Volverá a facer composicións humorísticas e satíricas, os "xuicios do ano" de *O Gaiteiro de Lugo* e os "Informes litterae" de *Vallibria*, talvez máis como diversión que como consciente elaboración artística, pois el mesmo prescindiu totalmente destas composicións na recompilación definitiva da súa obra. É neste período e nestes textos onde máis claramente se manifesta a súa ideoloxía política católico-traditionalista e antigaleguista (vid. I.2.3).

A edición de 1946, co poeta xa enfermo e prostrado máis do tempo na cama, é seguida por este con sumo interese, coindando que non se desvíe das súas intencións:

"Y ya vé Vd. como, una vez más, se enreda la madeja. Tengo yo una letra muy clara, muy presente el índice de todas las de D'o Ermo, y no veo la razón pa. qe. ahora surjan conflictos. A ver, querido Traperero si Vd. desata estos nudos, y si no es posible hasta qe. Leal regrese, (inda qe. non regrese n'un siglo), cepos quedos, como Peludez en mis circunstancias exclamaría. Es mejor qe. quede la obrita en tinieblas qe. qe. la saquémos a luz con haraposos atavíos de desdentada meretriz" (cfr. III.6.1.47).

A obra saíu do prelo, como xa vimos, dividida en tres partes, os tres libros de que consta: *A Virxen y-a paisanaxe*, *Montañesas* e *D'o Ermo*, por esa mesma orde. Deixando de lado a primeira, pois non é obra de creación, senón de recolección, as dúas seguintes ficaron definitivamente constituídas, de acordo coa vontade claramente expresa do autor, da seguinte maneira: *Montañesas* con 24 composicións (5 de MO que pasaran tamén a MT, 17 dos poemas que apareceron en MT e 2 novos³⁹)

³⁸ En *Do Ermo* 1920 inclúe unha versión para o galego do poema "Canção humilde" de Teixeira (vid. E 34); a relación persoal entre os dous iníciase en 1921 (vid. III.6.1.4), xusto cando Noriega comeza a lenta elaboración dos seus sonetos, nos que podemos ver a pegada do poeta saudosista.

³⁹ Estes dous poemas que non figuraran anteriormente en *Montañesas* son M 22 ("Calvos de Randín"), de liña descritiva e costumista, composto despois da publicación de MT, e M 24, que en realidade é unha reelaboración do poema "Abrulas", que xa figurara en MT, depurado agora dos elementos eróticos. Ningún poema de *Do Ermo* pasou a MS.

e *Do Ermo* con 102 (71 figuraban en DO, 6 de MT, 1 de D e 24 novos)⁴⁰. Esta reagrupación definitiva da súa obra poética responde, en xeral, e salvo casos excepcionais, ao criterio de considerar a *Montañesas* como unha obra de carácter descritivo e costumista de factura decimonónica e *Do Ermo* dentro dunha liña estética depurada e moderna, tematicamente caracterizado polo lirismo franciscano de acento marcadamente relixioso.

Para a xénese da obra recolectora do autor vid. I.2.3.

⁴⁰ Prescindimos, obviamente, das dúas traducións que figuran en DE (E 32, traducido ao castelán e E 56, traducido ao italiano).

1.3.2. Notas literarias e lingüísticas (Estudio especial de *Do Ermo*)

1.3.2.1. Contido

A edición definitiva de *Do Ermo* (DE) recolle, como acabamos de ver, a práctica totalidade dos poemas de DO, 71 dun total de 74, entre os que están todos os sonetos e engade 24 novos, compostos na última etapa da súa vida en Chavín e Viveiro, que marcan o declinar da súa musa poética, despois do clímax lírico logrado nos sonetos; recupera outros seis poemas de MT, ademais dos xa incorporados anteriormente, o que dá un total de trinta poemas que pasaron definitivamente de *Montañesas* a *Do Ermo*; tamén recupera outro poema de D (E 97).

Noriega Varela é un poeta que sente verdadeira veneración pola tradición, consoante coa súa ideoloxía política. Nos poemas da primeira época (MO) describe e canta maxistralmente os costumes tradicionais, sen facer uso dos cantares populares. Cando na segunda época (*Do Ermo*) se afasta da poesía costumista tradicional e elixe unha vía persoal e cultista de poetizar, entón recorrerá á literatura popular, tal vez para compensar a súa ausencia nos poemas intimistas. Desta forma acharemos en *Do Ermo* unha significativa presenza de cantares recollidos do pobo, que respectamos, tal como foi a vontade do autor, contándoos entre as 102 composicións, que vimos citando pola orde en que figuran na edición de 1946, dándolle na nosa edición a cada unha un número que non tiñan no orixinal.

A presenza do elemento popular dáse nas seguintes composicións⁴¹:

-poemas tirados da tradición popular:

a) con indicación da súa procedencia:

nº 1: "Zreixiñas frescas".

nº 50: "Bendita seña a ialba".

b) sen indicar tal procedencia:

nº 3: "Luguesas".

nº 8: "Montouto".

nº 11: "Alegría, Madanela".

nº 37: "O sol i o mar...".

nº 72: "Levántate, nebra...".

nº 87: "Elas cantan...".

-poemas que conteñen versos populares claramente sinalados:

nº 23: "Cantar montañés. Á Señora dos Remedios".

nº 57: "Deixa os armiños de Helvecia".

⁴¹ Foinos de grande utilidade para a establecer esta clasificación e resolver algúns casos dubidosos o artigo de Fermín Bouza Brey "El elemento popular en Noriega Varela", *La Noche*, Santiago de Compostela, 22.1.1947. Na edición dos poemas (II.2.2) trataremos cada caso con máis vagar.

- nº 101: " O amor que ha de ser meu".
- poemas que conteñen versos populares sen indicación:
 - nº 14: "Galernazo".
 - poemas introducidos por un cantar popular:
 - nº 23: "Un cantar montañés. Á Señora dos Remedios".
 - nº 44: "Viveiro, vila alegre".
 - poemas que parten dun dito popular:
 - nº 102: "Ben pola alma".

Noriega Varela tamén foi dado á inclusión en *Do Ermo* de versións ao galego de poemas doutras linguas. En xeral son simples traducións de poetas menores en castelán ou dalgún destacado poeta doutra nacionalidade, coa característica común de seren poemas franciscanos e/ou de marcado acento relixioso. Son os seguintes:

- nº 7: "Pedriña que fala", de José Prado y Palacio, poeta xiennense.
- nº 20: "Por ser contigo...", de Alonso de Bonilla, do XVII español.
- nº 26: "Onde a unha fonte", do xesuíta Vicente Cecilio Rigueros.
- nº 34: "Canción humilde", de Teixeira de Pascoaes.
- nº 51: "Bendita sea a luz do día", tirada dunha novela portuguesa de Aquilino Ribeiro, mais de orixe popular.

nº 78: "Non sabe a fror", do romántico francés Lamartine.

Hai dous poemas bilingües, metade en galego e metade en castelán:

- nº 7: "Pedriña que fala".
- nº 52: "É de prata a folerpiña...".

Aínda que pola correspondencia do autor se poden observar algunhas présas na preparación da edición definitiva, non obstante apréciase en DE certa organización dos poemas segundo un criterio prefixado polo autor, feito, por outra parte, normal en toda obra literaria. O libro comeza cun cantar popular (E 1) que anuncia o ton humilde que presidirá toda a obra. A continuación veñen dous poemas referidos a Lugo, provincia do poeta e cidade na que foi homenaxeado e onde se realizou a edición da obra. Os tres primeiros poemas, á súa vez, fálannos das mozas, que simbolizan a vida plena da xuventude, así como os últimos poemas do libro nos traerán a presenza da morte. Adquire, pois, unha estrutura cronolóxica ou biográfica, marcando o tránsito da vida á morte.

O poema 4 é un prefacio poético que nos introduce na nova estética franciscana de *Do Ermo*, estética do humilde, con renuncia expresa ao costumismo descritivo e ao colorido festeiro de *Montañesas*, para emprender a vía mística⁴²:

*Quen te veu, musa, algún día
fatuosiña no adro,*

⁴² *Mysticas* precisamente era o título que o poeta pretendía dar a un novo libro encabezado por esta composición (vid. III.6.1.4), que non chegou a publicar.

*desguedellada na fía,
humilde agora te vexa
bica-la cruz do resario
i o pavimento da igrexa (E 4, vv. 10-15).*

Os tres poemas seguintes sinalan tres paradigmas da humildade: o verme no mundo animal (E 5), o toxo no mundo vexetal (E 6) e a pedra no mundo mineral (E 7). Do texto 8 ao 13 iníciase a aproximación á montaña, aínda como marco en que se desenvolve a vida dos montañeses ou brañegos, que conservan o protagonismo momentaneamente. Os tres seguintes encaran o mar como elemento negativo: os seus perigos (E 14), a oposición mar / montaña (E 15) e a opción definitiva por esta (E 16).

A partir de aquí a montaña vai ir asumindo o protagonismo da obra, despíndose dos seus adornos para se transformar en ermo. Así, despois de destacar a súa pureza representada pola brancura das folepas que a cobren (E 17), a devoción relixiosa que a imbúe (E 18) e a perfecta harmonía do montañés con ela (E 19), entre varios poemas de devoción mariana que nos presentan a Virxe no seu papel de nai (E 20, 21, 23, 24 e 26), irá aparecendo o ermo e os seus solitarios habitantes: un piñeiro (E 22), un penedo (E 27). Chegamos, desta forma, á parte central do libro, con discontinuos clímax líricos que se iniciarán no texto 31, "Toda humilde beleza", inaugurador da serie de sonetos ateigados dun profundo lirismo da natureza, que irán marcando os momentos de maior intensidade emocional e estética; esta parte termina co último soneto (E 91). A maioría destes poemas pertencen á poesía franciscana, que reflecte o amor polas cousas humildes e pequenas da natureza. Ás veces prodúcense asociacións de poemas que semellan intencionadas: o motivo do pazo (E 35 e 36) ou do remansiño (E 39 e 40), a misantropía (E 80 e 81), o topónimo Coruxeiras (E 87 e 88), asociado coa saudade dos tempos idos (E 88 e 90), que suxire a idea do paso do tempo, que conducirá ao final da vida.

A última parte do libro está dominada pola idea da morte, primeiramente lembrando a nai do poeta e finalmente prevendo a súa propia morte. A figura da nai que sofre polo fillo xa aparece nos tres últimos sonetos (E 89, 90 e 91); nas tres seguintes composicións preséntanos o sufrimento do fillo, neste caso o propio poeta, pola morte de súa nai (E 92, 93 e 94). O texto 100 é o seu testamento poético:

*na montuosa terra, nunca explorada,
bendita sepultura merecer quero (vv. 5-6).*

e no que pon fin ao libro. (E 102) o poeta presente a inmediatez da morte:

*ende nos chegando a hora
de salir -nun cadaleito
de pino-, pra dormir fóra,
Mai de Xesús, ¡leve a palma
entre os vivos quen ós mortos
nos faiga ben pola alma (vv. 12-17).*

I.3.2.2. Os temas

Pódese dicir que *Do Ermo*, no seu conxunto, conserva un carácter unitario, que lle vén dado fundamentalmente pola presenza constante da montaña e pola actitude lírica do poeta fronte a ela, nunha posición de humildade franciscana, así como pola relixiosidade que impregna a maior parte das composicións.

Aínda así, varios son os poemas que se afastan da liña temática dominante, algúns deles compostos e incluídos na obra por compromiso (vid., por exemplo, E 44 e 84). Alén dos motivos circunstanciais, anecdóticos ou populares, os poemas do libro tratan de forma recorrente uns poucos temas que procuraremos sintetizar.

O núcleo temático predominante é a natureza humilde, contemplada con ternura pola poeta, nunha actitude propia do franciscanismo poético. Os seres máis pequenos e insignificantes despertan nel sentimentos de amor e solidariedade. Pode ser un humilde verme

*¡No me tripes, camiñante!
cousiña insignificante,
teño Un Santo a meu favor... (E 5, vv. 1-3).*

ou o desprezado toxo

*¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!
Eu venero as froliñas dos toxos (E 6, vv. 1-2).*

un insignificante fío dunha tea de araña

*ou das redes de araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora (E 31, vv. 7-8).*

ou ben o modesto musgo

*É, ¡cousiña humilde!, o musgo
da índole do meu estro (E 63, vv. 1-2).*

O amor polas cousas pequenas implica desinterese polo grandioso ou comunmente cobizado

*xurara que me intresa
máis un verme de luz que un diamante* (E 33, vv. 8-9).

Mesmo a contemplación das cousas ostentosas provoca no poeta saudade das humildes

*Pase eu, fidalgos, por raro
mentras gozoso declaro
que me namora lembrar
á vista dun pazo, un niño,
i a gloria dun remansiño
frente ós vagallós do mar* (E 40, vv. 1-6).

A louvanza da montaña como verdadeiro *locus amoenus* onde a alma do poeta busca refuxio, na liña do *Beatus ille* horaciano, constitúe outro tema destacado, con frecuencia mesturado co anterior:

*A que a ialma me cautiva,
a que a inspiración me exalta,
a que me acolleu piadosa,
a miña terra é a montaña.*
.....
*Casiña tan sumptuosa
dudo, paisanos, que a haxa:
¡catro palliñas a cobren!,
unha iedra ma engalana* (E 45, vv. 1-4 e 9-12).

No ermo solitario acha o poeta a súa morada ideal:

*Con moitos predios a bravo,
meu pazo ideal vos brindo
do carreiriño no cabo* (E 35, vv. 13-15).

O seu amor pola montaña é tal, que non o supera o que sente polos propios fillos:

*Como a vosoutros... quezáis
lles quero ós meus anxeliños;
¡pero non lles quero máis!* (E 29, vv. 4-6).

Seguindo a partición poética que realizou con Leiras Pulpeiro (vid. I.2.1.1), a gabanza da montaña ía acompañada da sátira ao mar:

*É torpe o mar, que se quebra
nun grao de area...* (E 49, vv. 1-2).

Os poemas descritivos da vida aldeá que incorporou a *Do Ermo*, algúns procedentes de *Montañesas*, teñen unha característica común case todos,

a relixiosidade dos brañegos, presente tamén noutros poemas intimistas, e que constitúe un dos temas importantes da obra. Áchase intimamente unida á tradición, mesmo é un legado dela, que non necesita aprendizaxe porque é consubstancial coa propia montaña:

*Donde o lobo ten o tobo
-pintasilguiño no ovo-
vai drento dos corazós
o Maior Fillo de Dios,
o Máis Humilde do pobo.*

*Sin quita-las maus do eixado,
aínda sin haber leído,
comprenden ó Ben-Amado
¡os que máis teñen chorado!,
os que máis teñen sufrido (E 59, vv.16-25).*

O rezo do rosario é todo un símbolo da tradición relixiosa do mundo rural e do cristianismo sinxelo das xentes humildes:

*As casas dos brañegos son santuarios:
¡oh, que longos resarios
vellos e novos, na cocíña xuntos...(E 76, vv. 1-3).*

*reza, de noite, o rosario
i amosa un escapulario
a caronciño do seio (E 41, vv. 8-10).*

Esta intensa relixiosidade converte o labrego en persoa conforme coa súa pobreza, que, por tanto, non formulará reivindicacións para mellorar a súa vida:

*Diante dos que atruxan forte
me pranto, i en verso escribo
pra manifestar que vivo
contento coa miña sorte.
.....
Todo o que teño de meu
é non cobiza-lo alleio;
abóndame Dios do ceio,
que nunhas pallas naceu (E 9, vv.1-4 e 8-12).*

En *Do Ermo* están presentes algúns dos grandes temas da literatura universal, tratados xa polos clásicos latinos, tan queridos de Noriega. Un destes temas é o *contemptus mundi* ou desprezo da gloria mundana, asociado ao amor polas cousas humildes, e en parte consecuencia del, relacionado tamén co menosprezo da vida urbana e a gabanza da vida retirada ("Mihi oppidum carcer, et solitudo paradisus est"):

*meigas risas, que son himnos
de franco desprecio ó mundo (E 60, vv. 7-8).*

Esta actitude de desprezo ao mundo vai desembocar nunha clara misantropía, manifestada nalgunhas composicións:

*Embreñarme procuro, e feliz fora
si xa de meu tivera unha casiña
na fragosa montaña, que alí mora,
divorciada do mundo a alma miña (E 80, vv. 1-4).*

*...aló na terra virxen, terra esquiva,
¡donde nunca apareza unha alma viva!
(tanto aborrezco tropezar coa xente) (E 81, vv. 12-14).*

Outro tema clásico e tópico é o paso do tempo (*tempus fugit*), que se manifesta nalgúns sonetos asociado á saudade dos tempos idos ou a nostalxia pola xuventude perdida. O poeta, xa maior e afastado das montañas amadas do seu Mondoñedo natal, lembra as mozas carpazonas que namorara noutrora nas noites de fiada:

*Lembranzas son de lindas pegureiras,
de fascinantes meigas criaturas,
que en noites de lunar das Coruxeiras
baixan ó fiandeiro de Cesuras (E 88, vv. 5-8).*

*Fastuoso carballo, á sombra túa
bailaron as brañegas todo o día,
mais o día expirou..., asoma a lúa...
Queira o lunar facernos compañía (E 90, vv. 1-4).*

O fluír do tempo refléctese na vida da montaña e o brañego acomódase aos ritmos que aquel lle marca. As horas altas do día convidan ao descanso e a chegada da noite trae o recollimento e a oración:

*Vai alto o sol: pousa a cesta,
bubeliña da montaña;
máis feliz que o Rei de España
son eu ó pé desta xesta (E 19, vv. 1-4).*

*vellos e novos, na cocíña xuntos,
rezan, de noite, cabo da fogueira... (E 76, vv. 3-4).*

A álba ofrécenos a natureza adornada coas pingas da rosada ou do orballo, que semellan xoias penduradas das plantas e das flores:

*Eu che aceno, Piedá, pra que repares
na inxénita candura desas flores*

*que orballadiñas topan os pastores
ó despunta-la aurora nos pinares (E 79, vv. 1-4).*

Mais se a luz da alba contribúe a beleza da paisaxe, a que prima en *Do Ermo* é o luar ou luz da lúa:

*Tamén a luz da alba te hermoreia;
mais a que te sublima, a luz que é túa
íntima devotiña, bruta aldeia,
vén dos ermos inhóspitos da lúa... (E 86, vv. 1-4).*

O discorrer das distintas estacións do ano vai mutando a face da montaña, mais esta conservará sempre a súa beleza:

*Avagaron as lagoas,
as neves desapareceron,
i outra vez de la vestida
como as brañegas te eu vexo;
mais si no abril pastoriña,
reina serás en xaneiro;
i aínda que o val fastuoso
coide que viñeche a menos,
repara -enxugando os claros
ollos- como fuxe o tempo... (E13, vv. 5-14).*

Se a montaña se converte no inverno nunha raíña coroada pola neve, os rigores deste son un castigo para os montañeses:

*e cal de neve
se atopa a serra,
quizais non poida
romper por ela.
Probes labregos,
¡ai!, pra vosoutros
si que hai inverno (E 64, vv. 68-74).*

Mais a montaña resístese á desaparición do inverno, para dar paso á primavera:

*Sañudo o rostro, rúda-las maneiras...
¿que agoirarás, montaña? Teu desvío
a sangre fría o encaro; mais, ¡dá frío
ver ó sol terqueando pra que o queiras! (E 65, vv. 1-4).*

O verán converterá en rei ao montañés, xa que a montaña era raíña no inverno:

*¿E de vrau?, ¡quixera o Rei
de España, pró seu regalo,*

*auga das fontes que calo,
sombra das pravias, que eu sei!* (E 9, vv. 45-48).

Outro tema clásico en *Do Ermo* é a mutación ou metamorfose, tirada das *Metamorfosis* de Ovidio. Se alí Dafne, perseguida por Apolo, se converte en loureiro coa axuda dos deuses, agora trocarase nunha bidueira:

*A isolada
ora é unha abedoeira; mais xa fora
Nympha, tal vez, ou Princesiña, ¡Fada!,
ou a Meiga máis linda e argalladora
que inquietou ós brañegos de Labrada* (E 38, vv. 4-8).

O orballo ou rocío da mañá que transforma elementos da natureza en xoias é un motivo recorrente en *Do Ermo*:

*Máis me deslumbra o orballo,
que transforma un toxal en xoiería
provista de atavíos singulares* (E 33, vv. 14-16).

Por veces esta mutación que opera na imaxinación do poeta vese esvaecida por efecto da evaporación solar:

*I o alcázar de cristal alucinante
era, ¡triste de min!, gota de orballo,
que o sol evaporou desaprensivo...* (E 36, vv. 5-7).

A anécdota de carácter autobiográfico, relacionada coa capacidade imaxinativa do poeta, tamén se reflecte nalgún soneto, onde esa capacidade de mutación se converte no único medio que o pai bondadoso acha para satisfacer os antollos das súas fillas:

*¡Lagrimiñas preciosas!, recollelas
mil veces se me ocorre, pra con elas
facer... (si xa non soño, ¿que eu faría?)
¿Unha sarta me pides? Lograreina...* (E 56, vv. 9-12).

*¡Almiña del Señor!, xuzgárame ela
pronto prá máis quimérica fazaña,
e, mostrándome a crista da montaña
«¡Róuballes, dixó, aos ceios unha estrela!»* (E 48, vv. 1-4).

A saudade é outro tema presente nesta obra. En realidade, impregna toda a poesía do ermo, como di Aquillino Iglesia Alvariño: "Máis que o Ermo, nos versos de Noriega eu atopo a saudade do Ermo. Máis que a

montaña, a saudade da montaña"⁴³. Nalgunhas composicións pasa a primeiro plano para se presentar como un ser errante que vaga polos montes:

*Sol a queima, i auga a molla,
i anda a probiña sen guía
buscando quen a recolla
desque morreu Rosalía (E 54, vv. 1-4).*

*Saudade, joh, a Triste!, que a espreitar se asoma,
debullándose en bágoas, lles acena... (E 71, vv. 5-6).*

Fóra de anécdotas de carácter autobiográfico que orixinaron poemas de grande intensidade lírica, xa sinalados, as composicións de *Do Ermo* baseadas en acontecementos familiares redúcense á morte do primoxénito e da nai do poeta, que glosan o tópico da vida como un val de lágrimas ("vita in hac lacrymarum valle"):

*Si as bágoas de túa mai i as bágoas miñas
non te rezusitaron... ¡xa n'acores!,
este mundo é o liñeiro das delores,
i o ceio ¡fíxoo Dios prás estrelañas!... (E 42, vv. 5-8).*

O tema da morte, constante preocupación do ser humano e tan presente na poesía universal, non podía faltar nesta obra. Acabámolo de ver nos poemas autobiográficos e vémolos tamén noutras composicións. O poeta aférrase á vida, mais resígnase perante a inevitabilidade da morte:

*¡Ai, Dios!, i ha chegar a hora
de salir pra dormir fóra... (E 102, vv. 1-2).*

O seu amor pola montaña é tan intenso que nin a morte conseguirá afastalo dela:

*Pesaroso o considero
e no me saltan as bágoas
porque, ben mirado, a morte
máis me ha de unir coa montaña (E 45, vv. 21-24).*

E na montaña quere ser enterrado:

*e que o fausto da virxe natureza
sea a fúnebre pompa do meu enterro (E 100, vv. 7-8).*

⁴³ Cfr. "O poeta e a montaña", in *Noriega Varela, poeta da montaña*, Vigo, Ed. Galaxia, 1969, pp. 5-16.

Aínda poderíamos sinalar outros temas: a defensa da tradición no vestir (E 2, 57), a Virxe no papel de nai (E 20, 21, 23, 26...), un tímido latexo social (E 10, 14, 64...); algunhas composicións, sobre todo sonetos, son pura vivencia estética, carentes de anécdota.

I.3.2.3. Lingua

Distinguimos dúas etapas na traxectoria poética do autor: a primeira, representada por *Montañesas* na súa primeira edición de 1904, na que predomina a poesía realista decimonónica, e unha segunda etapa, representada por *Do Ermo*, de liña intimista franciscana, integrada na poesía do século XX; xa vimos como a segunda edición de *Montañesas* representaba a transición entre unha etapa e outra.

Esta división pódese proxectar tamén na lingua. O galego da primeira época ten un marcado acento ruralista, grande riqueza léxica e un forte carácter dialectal da área mindoniense do autor⁴⁴; mesmo se pode calificar coa manida adxectivación de 'enxebre', pois recolle moitas palabras, xiros e construcións plenamente representativos da fala tradicional dos labregos da zona⁴⁵; hai predominio do léxico concreto fronte ao abstracto, como corresponde ao carácter realista das

⁴⁴ Para coñecemento dos rasgos que caracterizan a fala mindoniense vid. Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, 2ª ed., Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991, especialmente pp. 127-132.

⁴⁵ Moitas das palabras, xiros e expresións da fala de Mondoñedo e das aldeas montañesas dos arredores áchanse recollidas no vocabulario manuscrito enviado por Leiras Pulpeiro á Academia Galega. Para unha consulta fiábel do mesmo vid. I. Pérez Pascual e C. Tato García, "O vocabulario de Leiras Pulpeiro (I)", *Verba. Anuario galego de Filoloxía*, vol. 13, Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 237-267. Tamén é de utilidade a edición da obra de Leiras feita por Franco Grande (vid. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obra completa. Estudo crítico de X. L. Franco Grande*, Fundación Penzol, Vigo, Ed. Galaxia, 1970), pois completa as aportacións lingüísticas de Leiras con frases, adiviñanzas, refráns e cantares recollidos polo médico poeta, mais esta edición debe ser manexada con cautela, xa que contén evidentes erros de lectura. Así mesmo son de utilidade as notas lingüísticas das edicións de X. Alonso Montero (vid. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas*, Estudio, edición e notas por Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela, Edicións Sálvora, 1983) e de Ramón Reimunde (vid. Manuel Leiras Pulpeiro, *Poesía galega completa*. Edición de Ramón Reimunde, Barcelona, Ediciones Sotelo Blanco, 1984).

Mesmo consideramos máis interesantes as aportacións de Leiras para o estudo do léxico de *Montañesas* que as do propio Noriega Varela en *Como falan os brañegos*, pois esta obra pertence a un período bastante posterior ao do libro de versos e, ademais, o seu léxico está recollido directamente dunha zona próxima, mais non especificamente mindoniense, como é a da Graña de Vilarente, no concello de Abadín, aínda que en frecuentes ocasións se produce unha coincidencia entre as dúas. Noriega incorporará máis especificamente algúns dos descubrimentos léxicos da Graña á súa obra da última etapa (por indicar un só exemplo, a palabra "maroutalio" que aparece en B, s.v. SER, só a empregará en poemas posteriores a 1928).

composicións⁴⁶. Mais, inclusive nesta etapa, non se pode dicir que a súa lingua sexa totalmente popular, senón que Noriega, aínda sendo grande amante e estudioso da maneira de falar do pobo, tivo sempre un certo sentido aristocrático á hora de seleccionar as palabras e escolle constantemente aquelas que en cada momento lle parecen máis sonoras, máis musicais ou poéticas, non dubidando en botar man de expresións cultas aprendidas nos seus anos de formación no Seminario, cando o considera conveniente⁴⁷. Así, nunha das súas primeiras composicións, que encabeza o libro *Montañasas*, "Fale meu bisavó", tal vez a de maior sabor tradicional, achamos versos como estes:

*A lingua de Rosalía,
rico caudal de harmonía
que predeu a Castelar...* (M 1, vv. 26-28).

ou

*¡Non!, naquel tempo pasado
non era tan desleigado
quen por un Creso se tiña,
si daba o leite a vaquiña,
i abría sucos o arado* (M 1, vv. 76-80).

onde aparecen expresións e referencias de carácter culto ou erudito que se afastan do que se entende por lingua popular: "caudal de harmonía", "predeu a Castelar", "por un Creso se tiña"... Entre a súa linguaxe, sen dúbida popular nesta etapa, sempre se deixará ver o poeta culto e estilista. Pásalle coa lingua o mesmo que lle aconteceu na vida: adoptando uns ademáns finxidos de rudo campesiño, sabíase dotado dunha grande intelixencia e era posuidor dunha fina sensibilidade e non pequena cultura; describindo as festas, as angueiras ou os sufrimentos dos labregos soubo estilizar a súa lingua sen perder o sabor popular que a caracteriza.

Na segunda etapa (*Do Ermo*) a depuración temática esixiulle tamén unha maior depuración lingüística. A lingua vaise ir desprendendo do ton popular e do ruralismo colorista para se facer máis culta e abstracta, incorporando termos e expresións non usados con anterioridade. Nisto tivo moito que ver o achegamento definitivo á poesía portuguesa, cuxa frutífera influencia o levará por vías de maior depuración temática e estilística, na procura dun intimismo lírico defrontado co realismo descritivo anterior e dun esteticismo afastado da verbosidade rústica e do ton coloquial. Mais non se produce unha importante incorporación de lusismos a *Do Ermo*; incorpora, si, palabras cultas utilizadas polos poetas

⁴⁶ Para o estudio concreto deste léxico vid. II.2.1, notas aos diferentes poemas de *Montañasas*; en IV.1 pódese achar un catálogo do mesmo.

⁴⁷ Vid. Aquilino Iglesia Alvariño, *A lingua dos poetas do norte de Lugo*, Real Academia Gallega, A Coruña, 1964, pp. 19-25.

portugueses, mais que non resisten tal calificativo, a non ser que se consideren así palabras como *saudoso*, *tremelucir*, *fulgurante*, *acordar*...⁴⁸. Carballo Calero afirma:

"O poeta que noutrora cultivaba un galego enxebremente dialectal, e parecía considerar erróneo todo intento de creación dunha lingua literaria distinta da fala rústica, acaróase agora ao portugués, do que toma algúns termos, polo emprego de moitas palabras nobres, conservadas sustancialmente na súa forma latina"⁴⁹.

Creemos que se produce un acercamento á estética dos poetas portugueses, o que vai implicar á depuración da lingua rústica e dialectal que con anterioridade empregara, para botar man dun rexistro culto, acorde coa nova temática e coa nova estética. E nos escritores portugueses, igual que nos españois, acha eses cultismos greco-latinos que agora precisa. Mais non usará nunca unha palabra nin adoptará unha solución morfolóxica que el non considere plenamente galega; como demostración disto temos as traducións que el mesmo realiza de poemas portugueses para o galego (vid. E 34, 51). Se, por exemplo, un poeta amigo del e da súa área lingüística, Aquilino Iglesia Alvariño, emprega en ocasións formas como *piñeirais*, *rosais*; *azúes*, *insolúvel*, etc..., estas solucións morfolóxicas nunca as acharemos en Noriega Varela⁵⁰; non se poderá negar que o emprego, por exemplo, do verbo tamén galego *tremelucir* estexa incentivado polo uso que del fai Teixeira de Pascoaes ou outros poetas portugueses e mesmo que a palabra *isolada* ao mellor non a utilizaría se non a vise nos memos; máis claramente tirada do portugués parécenos *pobresíña*, usada con frecuencia por Guerra Junqueiro e polo mesmo Teixeira. Mais, en conxunto, non pasarían de

48 Vid. X. L. Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1984, pp. 31-35. Este autor fala de "o seu lusismo xeralizado" e exemplifica con *saudoso* e *acordar*; esta última non parece ofrecer dúbidas canto á súa pertenza ao léxico galego e *saudoso* é palabra frecuente nos nosos escritores do XIX, usada inclusive por Noriega nun texto en prosa do ano 1899 (vid. II.4.1), texto caracterizado por un conscientemente esaxerado 'enxebreismo' lingüístico: "pero un señorito da vila, que seique impronta os boletís e sabe máis que o demo, mandoume unha manada de *versíños saudosos* pra que llos acaloumiñe".

49 Cfr. *Historia da literatura...*, op. cit., p. 538.

50 Vid. Ricardo Carvalho Calero, "Influências portuguesas no primeiro Aquilino", in *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1989, pp. 275-281. Contrapón este autor a traxectoria lingüística de Aquilino e Noriega, do que afirma que "arrencou no que di respeito à sua language, da fala popular, da fala rústica, que considerava a única fonte lídima da língua literária, acabou depois dos seus contactos com Portugal e alguns escritores portugueses, por admitir formas e giros aprendidos naqueles, o que se manifesta claramente na maioria dos seus sonetos. Aquilino seguiu o caminho inverso. Na obra posterior a *Señardá* é cada vez mais isolacionista com relação ao português, e tende a umha language fundada na fala, por mui castelhanizada que se atope. Noriega partiu de um galego dialectal e popular para elevarse até um galego que tendia a ser galego-português".

catro ou cinco palabras as que poden ser sospeitosas de lusismo, a non ser, claro está, que se queiran contabilizar como tal cultismos do tipo de *fulxe, fulgurante, fascinantes, numen...*

Otero Pedrayo, que conviviu con Noriega trece anos en Trasalba e coñece ben a súa maneira de ser e de pensar, como nos demostra nos numerosos artigos que escribiu sobre el, afirma sobre esta cuestión:

"Pro a lírica, sobre todo a lírica portuguesa facíao meditar, bambeándose entre a admiración e o desacougo. Mais sempre pregoaba a independencia do galego e fuxía de todo inxerimento nil das roseiras portuguesas. Non fallan, houbera sido inhumán chatalo por élo, refrexos portugueses, ben poucos, en Noriega: A «Lágrima», de Guerra Junqueiro no «¡Soberbio pazo!», a pinga de orballo do vate mindoniense"⁵¹.

A utilización de cultismos gráficos, as "afectacións ortográficas" de que fala Méndez Ferrín⁵², non deben ser achacadas en exclusiva á poesía portuguesa, senón tamén á española de séculos pasados, e menos a Teixeira de Pascoaes, que fai un uso limitado dos mesmos, rexeitando moitos deles nun artigo de 1911, aínda que recomendado o uso dalgúns concretos⁵³

En conxunto, a lingua de Noriega garda fidelidade á fala dos labregos, único modelo que admitía, pois non concibía máis galego que o da aldea. Como non o asistía ningún afán normalizador do seu uso noutros ámbitos, e a depuración que fixo da fala popular foi só con criterios estéticos, a lingua empregada por el ten as características propias do galego aprendido en Mondoñedo; predominarán, por tanto, tamén en *Do Ermo* os dialectalismos⁵⁴, vulgarismos⁵⁵ e castellanismos⁵⁶ característicos

⁵¹ Cfr. "Verbas limiars", in Antonio Noriega Varela, *D'o Ermo (Escolma da edición luguesa)*, A Cruña, Publicacións da Real Academia Gallega, 1969, pp. 9-21.

⁵² Cfr. *op. cit.*, pp. 34-35; achaca este uso de grafías á poesía renacentista e barroca castelá e á portuguesa finisecular; entre os exemplos menciona a forma *rayña*, nunca empregada por Noriega, que a pesar do "xeralizado lusismo" que este crítico lle atribúe, utiliza sempre a voz *reyna*.

⁵³ Vid. "A fisionomia das palabras", in *A saudade e o saudosismo (dispersos e opúsculos)*, Lisboa, Assfrio & Alvim, 1988, pp. 15-18 (publicado previamente en *A Águia*, Porto, nº 5, 1.2.1911).

⁵⁴ Son algúns deles os que afectan á formación do plural: *devociós* (E 6.10), *cas* (28.13, 64.66), *galós* (32.9), *vagallós* (40.6), *us* (51.19), *nus* (32.0, 32.1), *tradicións* (59.12), *ligós* (85.20), *nacións* (98.14); *conxugación verbal*: *seña* (2.12, 9.8, 28.23, 50.0, 50.1, 51.2), *veu*, de ver (4.10, 56.14, 83.11), *oieu* (82.3), *día*, de dar (51.15), *faigan* (28.14), *faiga* (102.17), *fague-lo niño* (12.7), *salla* (61.9)...; *i epentético* ou *antihiático*: *ceio* (4.31...), *alleio* (9.10), *seio* (12.8), *creio* (12.43), *i ó hostil acivro* (2.4)... Ademais temos *mui* (9.22, 44.94), *muito* (37.2); *irmao* (5.5, 99.8), *irmau* (77.11), *irmauciño* (77.3), *vrau* (9.45), *grau* (34.20), *grao* (49.2), *chau* (26.5, 26.6, 32.9, 34.6), *mau* (101.12), *maus* (21.19, 47.4, 47.8, 47.20, 56.7, 59.21, 64.8); *lus* (12.22, 35.4, 40.11, 47.1, 47.17, 75.9, 78.1, 99.6), *crus* (47.4, 47.20); *tu* (23.5, 44.69, 55.5, 56.1, 62.10, 65.12, 73.13, 93.7), *vosoutros* (29.4, 64.18, 64.32, 90.6), *nil* (58.3); *bolito* (47.5), *lan* (51.9)...

a maior parte deles do galego da zona, aínda que nalgunhas ocasións os últimos son consecuencia de necesidades métricas ou de rima; ao pretender seguir de cerca o modelo da fala popular, son moi frecuentes os fenómenos de fonética sintáctica non representados hoxe na lingua estándar ou formalizada⁵⁷; tamén son frecuentes os casos de ausencia de

⁵⁵ Algúns deles prodúcense por:

-por perda de vocal átona: *zreixiñas* (1.1), *atruxan* (9.0, 9.1), *pra* (9.3...), *despareceron* (13.6), *intresa* (33.8, 84.12), *altismo* (44.93), *cibeche* (67.2), *Tresa* (84.9).

-por redución de grupo culto: *insinificante* (5.2), *inavertida*(33.33), *manífica* (44.47), *incostante* (44.51), *desina* (63.11), *repuna* (69.11).

-por metátese consonántica: *probiños* (1.4), *probe* (12.34, 34.10, 43.4), *probeza* (24.0, 24.1), *probiña* (21.4), *frolañas* (6.0, 6.2...), *frolaña* (12.11), *froles* (40.14), *drento* (34.16, 59.19), *rezusitaron* (42.6), *rezusitar* (96.4).

-por alteración do timbre vocálico: *pumariños* (1.2), *resario* (4.14, 41.8, 76.2), *riqueiriño* (12.16), *gueivotas* (14.4, 16.2, 55.11), *antre* (24.4), *quezais* (29.4), *fertuna* (33.10, 79.11), *siquera* (33.12), *maguas* (41.7), *millor* (57.4), *abedoeira* (38.0, 38.5, 65.5), *precuras* (88.2), *zarrados* (102.6).

-uso de e paragóxico: *amore* (26.10).

⁵⁶ Podemos clasificalos en:

-léxicos e fonéticos: *lexano* (E 2.11), *si* condicional (2.11...), *mentras* (2.13, 40.2, 88.10, 94.5, 98.13), *ermita* (4.3, 24.4, 40.24, 44.20), *donde* (4.5...), *claveles roxos* (6.1), *lámparas* (7.15), *dudo* (9.8, 45.10), *Dios* (9.11...), *cosechas* (9.35), *alabo* (9.38), *gallego* (12.4, 12.5, 12.23, 12.26), *gallega* (54.12), *engaña* (12.12), *Jesús* (12.25), *limosniña* (12.36, 43.7), *lunar* (12.40, 31.5, 88.7, 87.1, 90.4), *luna* (24.8, 33.11, 40.12), *luniña* (101.8), *reina* (13.0, 13.10, 36.3), *adios* (13.1), *olas* (15.0), *hito* (15.6), *soliño* (17.30), *soliña* (77.13), *sola* (77.14), *solas* (88.10), *solo* (40.22, 63.22, 85.24, 86.11), *sin* (20.17, 32.9), *deseo* (22.10), *deseio* (84.6), *cuna* (24.7, 40.9, 79.14), *salir* (24.4, 102.2, 102.13), *huraño* (27.7, 75.1), *enseñar* (27.8), *alabanzas* (27.9), *siglos* (27.14, 61.14), *anxeliños* (28.7, 82.9), *ánxel* (44.84, 61.13), *pínos* (28.16, 31.13, 68.10, 88.14), *pino* (102.4), *dichoso* (30.5), *belleza* (31.8), *enemigo* (32.7), *collares* (33.17), *collariños* (82.12), *poseio* (33.19), *tasa* (33.19), *roca* (40.23, 40.24, 63.7), *anclar* (44.16), *arrodillada* (44.19), *dulces* (44.79), *estrella* (44.87), *doncella* (44.89), *antoxa* (45.13), *refugio* (45.17), *campanas* (45.20), *xuzgárame* (48.1), *sangre* (59.37, 65.3, 28.1), *desarruga* (65.9), *evanxellos* (65.3), *pasión* (69.5), *retamal* (70.9), *ruiseñores* (73.3), *testigos* (80.7), *centellea* (81.6), *polvorento* (83.9), *hermoseia* (86.1), *maja* (93.2), *dulzura* (96.1), *páomas* (98.6), *alas* (98.20), *húmedos* (99.4), *poblado* (100.3), *cementerios* (100.4).

-morfolóxicos: formación do plural: *claveles* (6.1), *toxales* (6.10, 44.3, 44.98), *nabales* (13.15), *azules* (16.5), *piñeirales* (35.5, 56.2, 89.1, 99.3), *catedrales* (40.19), *ideales* (40.20), *petruciales* (59.1), *ánxeles* (69.12), *breñales* (83.1); xénero: *na cume* (9.41), *o linguaxe* (12.28), *da miña sangue* (28.1), *sangre fría* (65.3), *arboriño* (38.1, 38.9), *a labor* (85.3); conxugación verbal: *eres* (2.7, 28.1, 44.85), *tuvo* (4.5), *sorrién* (6.4, 31.12), *hedes* (9.27), *sean* (12.42, 40.20), *sea* (51.0, 51.1, 100.8), *dice* (15.8, 17.1, 54.11), *decir* (12.29), *haber leído* (59.22), *bendice* (91.7), *dicen* (97.1)...

-sintácticos: *un insecto me embelesa* (40.28), *me oieu decir* (82.3)...

.vulgarismos: *verdá* (9.7), *gratitú* (27.10), *salú* (46.3), *inquiétú* (91.5), *piedá* (79.1), *señardá* (99.0, 99.1), *naide* (9.40, 32.12, 48.10, 85.4), *delor* (12.41), *delores* (42.7, 90.14), *hastra* (80.7).

⁵⁷ Son debidas a fenómenos de fonética sintáctica as formas: *on* (2.14, 84.8, 85.30, 98.2), *onha* (20.16), *no me* (4.4, 4.28, 5.1, 33.7, 42.11, 45.22, 93.7, 93.9), *n'hai*

artigo diante do sintagma posesivo + substantivo, unhas veces por necesidades métricas, outras por influencia do castelán e/ou portugués⁵⁸. Mais non acostumou a incorrer noutras desviacións lingüísticas tan propias da maior parte dos nosos escritores, como foron os chamados pseudogaleguismos⁵⁹, propiciados por un consciente ou inconsciente afán de diferencialismo co castelán, afán que Noriega non tivo porque nunca pretendeu que o galego saíse do ámbito en que aquel o tiña recluído; mesmo ridiculizou con dureza os intentos das "Irmandades da Fala" por ir fixando un modelo de lingua estándar (vid. I.2.3).

I.3.2.4 Métrica

Noriega Varela é un magnífico versificador, que domina con mestría os distintos metros tradicionais. Non busca a innovación nin é dado a experimentacións no campo da métrica, igual que lle sucede noutros; inclusive nisto se manifesta profundamente conservador. Os versos suxéitanse con naturalidade ás regras da medida e a rima flúe sen estridencias.

Tamén na métrica achamos diferencias entre as dúas etapas ou as dúas obras de creación poética, diferencias acordes co distinto carácter de cada unha delas. Así, en *Montañesas* hai un predominio case absoluto do verso de arte menor, fundamentalmente o octosílabo, e mesmo predomina, aínda que menos, a rima asoante sobre a consoante; o romance é o tipo de composición que máis abunda; as quintillas, sextillas e décimas son as estrofas preferidas⁶⁰. Esta métrica de carácter popular e tradicional está en consonancia co ton xeral do libro.

(9.19, 44.59, 59.4, 82.1, 89.3, 89.4), *n'hedes* (9.27), *n'agarimarán* (21.6), *n'acores* (42.6), *n'habera* (43.0, 43.1), *n'haber* (64.40), *n'o gabe* (63.9), *n'a despertan* (85.14), *c'aquel* (44.57), *coelas* (64.29), *con diamánte-las noites* (6.6), *méntra-la sombra* (12.7), *törnáda-las moscas* (44.78), *ás imáxe-las velas* (46.5), *rúda-las maneiras* (65.1), *son breñoso-los cimbro* (75.12), *méntra-la neve* (89.11), *tantas nóite-lo ollou* (22.9), *méntra-la festexo* (54.14), *atra-las deixas* (91.12), *quizábe-lo hai* (92.7).

⁵⁸ Son algúns destes casos: *teu xeito* (E 2.1), *teu paniño* (2.5), *teu pano* (2.14), *meu favor* (5.3), *seu incenso* (7.3), *de seu dono* (9.13), *nosa fala* (12.0, 12.6), *seu fado* (22.12), *miña ventura* (33.21), *súa meiguice* (33.34), *meu pazo* (35.14), *súa esvelteza* (38.12), *seu vestido* (38.13), *meu fervor* (62.11), *seu nacemento* (63.12), *túa divisa* (69.0, 69.1), *miña lira* (83.5), *seu sorriso* (86.7), *teu nume* (99.2), *seu rei* (101.2).

⁵⁹ A penas se podemos mencionar a forma *briladora* (E 56.8), entre algunha outra dubidosa.

⁶⁰ En MS, das 24 composicións de que consta, 14 teñen rima asoante e 10 consoante; en 19 utiliza o verso octosílabo, en 2 o pentasílabo, en 1 o hexasílabo; en 1 mestura o heptasílabo co hendecasílabo, en 1 só o hendecasílabo e en M 3 utiliza primeiramente o verso dodecasílabo e logo o octosílabo. 14 composicións son romances, en 4 utiliza a quintilla, en 4 a décima, nunha a sextilla e noutra a tercerilla; na 1ª parte de M 3 utiliza o pareado de dodecasílabos.

En *Do Ermo* a métrica verase afectada pola nova liña poética emprendida polo autor, pasando a un maior uso de metros e estrofas de carácter culto; a inclusión dos sonetos foi decisiva neste aspecto. A rima consoante vai predominar sobre a asoante (71 composicións fronte a 31) e, aínda sendo máis abundantes os metros de arte menor, a presenza do verso de arte maior, o hendecasílabo maioritariamente, vai ser destacada (60 composicións usan o verso de arte menor, octosílabo en 54 ocasións, 31 usan a arte maior, en 26 hendecasílabo, e 10 composicións mesturan o heptasílabo co hendecasílabo). O soneto convértese no tipo de composición máis utilizada (hai 22), igualado co romance, aparecendo tamén outras estrofas de arte maior como o cuarteto, o quinteto, a oitava rima e o pareado; e combinacións de versos de arte maior e de arte menor como a sexta rima, sen que por iso desaparezan as típicas estrofas de arte menor tan utilizadas polo autor: tercerillas, cuartetos, redondillas, quintillas, sextillas, décimas...⁶¹.

Unha atención especial merecen os sonetos. Este tipo de composición xa non lle era descoñecida nos primeiros tempos de poeta; existen dous compostos en 1903 e tres máis antes de chegar destinado a Trasalba. Mais será aquí onde se dedique con paciencia a traballar esta composición, seguindo a estela dos grandes sonetistas portugueses. Nos

⁶¹ Esquemáticamente os tipos de estrofas e composicións de *Do Ermo* son os seguintes:

- *pareados*: 6, 24, 32, 50, 51, 58, 72.
- *soledad*: 11.
- *tercerillas*: 3, 4 (I), 8, 29, 35, 87.
- *cuartetos*: 1, 4 (II), 54.
- *cuartetos asonantados*: 28, 37, 49, 52.
- *redondillas*: 9, 20, 47, 84 (1ª e 2ª estrofa).
- *cuartetos*: 53.
- *quintillas*: 10, 12, 21, 44, 59, 84 (3ª estrofa), 95, 96 (1ª estr.), 98 (2ª estr.).
- *quintetos*: 92, 97.
- *coplas de pé quebrado*: 23.
- *sextillas*: 5, 16, 22, 40, 96 (2ª estr.), 98 (3 estr.).
- *sexta rima*: 18, 33, 46, 67, 76, 78.
- *setina*: 43.
- *oitava real*: 80.
- *décimas*: 19, 41.
- *silva*: 26.
- *sonetos*: 2, 31, 38, 42, 48, 56, 61, 62, 65, 69, 71, 73, 75, 77, 79, 81, 83, 86, 88, 89, 90, 91.
- *romances*:
 - . octosilábicos: 13, 25, 39, 45, 55, 57, 60, 63, 66, 68, 70, 74, 82, 85, 93, 101.
 - . de heptasílabos: 15, 27.
 - . romancillos: 7 (de hexasílabos), 64 (de pentasílabos).
 - . romance heroico (hendecasílabos): 36.
 - . de dodecasílabos: 100.
 - . de heptasílabos e hendecasílabos: 17, 30, 94.
- *composicións metricamente irregulares*: 14, 99.

22 sonetos de *Do Ermo* utiliza distintos esquemas de rima, servíndose en once ocasións de serventesios e en nove de cuartetos; en dous sonetos combina o cuarteto co serventesio⁶².

Obsérvase unha grande variedade na súa composición, con predominio de fórmulas innovadoras fronte ao esquema clásico ABBA ABBA CDC DCD con rimas abrazadas; as rimas cruzadas dos serventesios son máis propias do século XIX francés, pasando despois á lírica peninsular; Teixeira de Pascoaes, por exemplo, só emprega este último tipo de rimas nos sonetos de *As sombras*.

I.3.2.5. Recursos estilísticos

Entre os rasgos de estilo que o autor utilizou en *Do Ermo*, abundantes como en toda obra literaria, imos seleccionar aqueles que máis destacan, ben pola súa frecuencia ou ben pola relevancia que adquiren. En primeiro lugar cabe destacar a extraordinaria presenza dos diminutivos en *-iño*, que se adecúan perfectamente á temática franciscana da obra, contribuíndo a resaltar a humildade das cousas pequenas da natureza e a definir a actitude de ternura do poeta fronte a elas. Practicamente non hai poema onde non aparezan, e nalgúns reiteradamente:

*¿E n'habará unha rafiña
de mistura prá ceguiña
que esgramou lugar alleio?
A máis probe son da serra:
teño os fillos noutra terra
i o maridiño no ceio;
¡dáeme unha limosniña! (E 43).*

Este uso de diminutivos fainos lembrar a Rosalía; e como nela, os poemas échense de carga afectiva, chegando ao ton extremadamente sentimental:

*¡Bendito sea Dios, que de meniño
alma e corazonciño
me deu, en troque do que o mundo estima!... (E 33, vv. 1-3).*

⁶² Resultan os seguintes esquemas:

- ABAB CDCD EEF GGF (E 2, 71, 73, 83, 86, 90 e 91).
- ABBA ABBA CCD EED (E 48, 61, 65, 69, 77 e 79).
- ABAB ABAB CCD EED (E 31, 38 e 56).
- ABBA ABBA CDC DCD (E 42).
- ABAB CDCD EEF GGF (E 62).
- ABAB BAAB CCD EED (E 81).
- ABAB ABAB CCD EDE (E 88).
- ABBA CDDC EEF GGF (E 89).
- ABBA CDCD EEF GGF (E 75).

O emprego abundante de paralelismos, anáforas e similitudencias, tradicionais na poesía galega, contribúen á harmonización do pensamento coa expresión formal, conxugando frecuentemente o paralelismo sintáctico co ritmo prosódico, como sinalara Carballo Calero⁶³:

*A que a ialma me cautiva,
a que a inspiración me exalta,
a que me acolleu piadosa,
a miña terra é a montaña (E 45, vv. 1-4).*

Teñen unha especial relevancia nos sonetos:

*que nas rosas dos vales, que sorríen,
que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela (E 31, vv.12-14).*

*súa esvelteza, prodixio de finura,
seu vestido, milagre de brancura (E 38, vv. 12-13).*

*cada flor que é pró ermo unha festiña,
cada doa que fulxe en cada espiña,
cada pluma que brando torne un niño (E 61, vv. 2-4).*

Os encabalgamentos son tamén frecuentes, e poden darse de verso a verso, substituindo a rima a función da pausa versal:

*floresceron as urces, i o bravío
cardo soña igualarse coas roseiras (E 65, vv. 7-8).*

*Vago xirón de brétema, atavío
soberbio de irta xesta, reidora... (E 31, vv. 1-2).*

Tamén poden ser encabalgamentos interestróficos, que nos sonetos engarzan ben os dous cuartetos (ou serventesios), ben os dous tercetos:

*A isolada
ora é unha abedoeira... (E 38, vv. 4-5)*

*ora pra te encantar un pracenteiro
merlo, que Dios bendiga, e tu recollas... (E 65, vv. 11-12).*

O xògo de contrarios ou a contraposición de ideas ou de termos que se consideran opostos (*a antítese*) é dun grande rendemento na obra e ten o seu máximo expoñente no poema "In conspectu maris":

⁶³ Vid. *Historia da literatura...*, op. cit., p. 539.

-Olgas / -Loureiriños verdes...
 -Gueivotas / -Mellor cabrinfollos...
 -As dornas / -As ermidiñas (E 55, vv. 9-14).

Sinala Aquilino Iglesia Alvariño:

"...o que nos atrai sobre todo é a contraposición de claveles roxos a froles de toxos, tan expresiva nunha obra que nace toda ela de contraposicións. Esta é a súa constante literaria e estilística: quen teña lido a Noriega pode recordar os binomios opostos: Mariña-Montaña; pazo-casiña; catedrales-ermidiñas; reinas-pastoras; riqueza-pobreza; soberbia-humildá. Este procedemento non é menos galego, e na súa raíz, nin siquiera menos popular que o paralelístico que Leiras evoluciona. Pero é máis complicado, menos inxenuo e estilisticamente de formas máis evolucionadas na literatura universal"⁶⁴.

E realmente este é un rasgo constante en *Do Ermo*, definidor do estilo do autor. Vexamos outros exemplos:

*É unha breve pucharquiña
 sobre un enorme penedo (E 66, vv. 1-2).*

*á vista dun pazo, un niño,
 i a gloria dun remansiño
 fronte ós vagallós do mar (E 40, vv.4-6).*

*Prá ufanía das olas
 o desamor dos cimbros... (E15, vv.1-2).*

Unha figura retórica de carácter patético, moi presente na obra, é a chamada *suxeición* ou *hipofora*, mediante a que o poeta se fai preguntas a si mesmo e el as responde. Semella un calco estilístico da súa maneira de ser cauta, desconfiada e dubitativa, parecida á dos paisanos, como tamén ten apuntado o profesor Carballo Calero⁶⁵. Poden encabezar a composición:

*¿Unha fouce? Mais...¡non! Túa divisa
 ¡unha cruz sinxeliña!... (E 69, vv. 1-2).*

¿A Señardá? ¡Ben sei! (E 99, v. 1).

*¿I a que vén ora o brañego?
 Ai, amantiños, ben cego
 é o que non ve pola criba (E12, vv. 1-3).*

⁶⁴ Cfr. *A lingua dos poetas...*, op. cit., pp. 23-25.

⁶⁵ Vid. *Historia da literatura...*, op. cit., p. 542.

ou aparecer no medio do poema:

¿Acenar dixen? ¡Mal digo! (E 98, vv. 12).

*¿I ora hai remedio pra tal quebranto?
¡Quizábe-lo hai! (E 92, vv. 6-7).*

A *prosopopeia* ou humanización dos elementos da natureza, baseada na imaxe antropomórfica, é recurso tamén presente na obra, que aproxima algún poema nalgúns aspectos á corrente poética hilozoísta de Amado Carballo. Son varios os exemplos que se poden citar:

*¡Que alegre
un raio do sol en tanto
non lle furta un bico á neve! (E 68, vv. 1-3).*

*A brétema, ¿tu sabes?, é ceguiña:
os piñeirales pouco a pouco explora,
i anda sempre descalza, e si se espíña,
sangrar, non sangra; pero chorar, chora... (E 56, vv. 1-4).*

*raiola de lunar que bica o río,
flor mareliña que entre _espiñas chora (E 31, vv. 5-6).*

A metáfora da pinga de rocío ou de orballo convertida en xoia, en pazo ou en lágrima da aurora é un dos tópicos constantes en *Do Ermo*, especialmente nos sonetos:

*fulgurante doña de rocío
(pazo do sol, e lágrima da aurora) (E 31, vv. 3-4).*

*I o alcázar de cristal alucinante
era, ¡triste de min!, gota de orballo... (E 36, v. 5-6).*

*porque gusta das lágrimas da aurora,
xoíñas fulgurantes... (E 38, vv. 3-4).*

*Vagaroso chover... Ese zarzallo
que alxófares espalla...(E 77, vv. 1-2).*

debullándose en bágoas, veute a ialba (E 83, v. 11).

Hai tamén aliteracións chamativas e fonosimbolismos:

*do ermo silencioso no ermo seio
embreñarme procuro prontamente (E 81, vv. 10-11).*

*¿Mellor que a lus phebea? ¡Ceio torvo!
 ¿Antes que o pintasilgo? ¡Negro corvo!* (E 75, vv. 9-10).

Trocouse en arboriño (foi noutrora) (E 38, vv. 1).

Nympha, tal vez, ou Princesiña. ¡Fada! (E 38, v. 6).

e hipérbatos que complican a estrutura oracional e dificultan a comprensión:

Sorrisos das do ermo tristes flores (E 73, vv. 1).

ou das redes de araña un tenue flo (E 31, vv. 7).

A utilización do substantivo sen ningún determinante, actuando de suxeito e iniciando un período oracional, dálle un ton enfático que esixe a anteposición do pronome átono, converténdose nun rasgo estilístico peculiar:

Sol a queima i auga a molla (E 54, v. 1)

*Lúa o mima
 e pérolas mo enfeitán* (E 58, vv. 2-3).

Aínda podemos achar restos de construcións latinas, como o ablativo absoluto:

Sañudo o rostro, rúda-las maneiras... (E 65, v. 1).

*De balde a acolles, o sembrante serio,
 de balde a encaras, a mirada fría* (E 86, vv. 5-6).

ou a pervivencia de fórmulas poéticas da lírica medieval e da poesía popular:

*as froliñas dos toxos son de ouro.
 De ouro vello son, mai, as froliñas* (E 6, vv.8-9).

I.3.3. Significado e valoración (Conclusións)

Do Ermo é, sen dúbida, o título definitivo na traxectoria poética de Noriega Varela. A aparición da primeira edición en 1920 foi saudada como un grande acontecemento nas letras galegas e supuxo a consagración dun poeta xa moi estimado en todo o país e na emigración; ese mesmo ano fíxose unha segunda edición, feito bastante insólito na nosa literatura, e máis tratándose dun libro de poesía. Aquilino Iglesia Alvariño sinala que a aparición desta obra foi un acontecemento como non se recordaba desde finais do século pasado⁶⁶.

A raíz da súa publicación iniciouse a proxección exterior do autor. Portugal descubriu o poeta da montaña e de contado lle abriu as súas portas, facéndoo membro de destacadas institucións e converténdoo talvez no poeta galego máis coñecido e admirado no país irmán despois de Rosalía⁶⁷. Ao mesmo tempo comezará a ser obxecto de atención dalgún crítico europeo e varios dos seus poemas van ser traducidos a diversas linguas do vello continente⁶⁸. Cando saíu a terceira e decisiva edición, Teixeira de Pascoaes saudouna con emoción:

"Li, dum fôlego, a nova edição dos seus poemas. Ler não é o verbo próprio. Ler, lê-se um jornal, ou um livro qualquer.

Não li o seu livro: comunguei a sua alma.

O «D'o Ermo» não é papel e tinta: é amor, ternura, candura, enlevo, o inefável divino em que paira o nosso espírito, para além das cousas materiais e terrenas...

Fiquei mais encantado ainda que da primeira leitura. E eis um grande argumento a favor dos seus poemas, -o maior argumento!

Na verdade, a sua obra é uma das joias mais raras da Literatura peninsular, é uma sublime revelação da Alma galega que nasceu para dar ao mundo a

⁶⁶ Vid. "Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña", *Faro de Vigo*, Número especial del Centenario (1853-1953), 1953, p. 164.

⁶⁷ Así o afirma Pedro da Silveira en "Raul Brandão e «As ilhas desconhecidas». Duas cartas de Noriega Varela a João Verde e os cadernos de notas da viagem pelos Açores", *Atlântida*, Angra do Heroísmo, vol. XXXII, 2º semestre de 1986, p. 29.

⁶⁸ Vid., por exemplo, Phileas Lebesgue, "As letras galegas en Francia. Poetas de Galizia", *Nós*, Ourense, nº 1, 30.10.1920, onde inclúe tres poemas traducidos ao francés, previamente publicados en Francia. Máis tarde aparecerán en *Vallibria* dous sonetos traducidos ao italiano por Guido Batelli, precedidos das seguintes palabras: "hemos insertado ya algunas traducciones al francés, al inglés y al castellano de los admirables versos de Noriega, lamentando entonces no poseer las traducciones danesas hechas recientemente" (vid. Suplemento do nº 34, 20.10.1930). Cando lle preguntan ao poeta polos idiomas ao que foi traducido, responde: " Para o dinamarqués, traduzi-me Johan Kok; para italiano, Guido Batelli; para inglés, Mr. Aubrey Bell [...] Tamén para o francés me traduciu Phileas Lebesgue, e para portugués Antonio Carballo, e para o castelano, na Argentina, Alicia Castro" (cfr. III.5.3).

expressão mais pura do Lirismo, a mais idéntica à luz originária que dissipou as trevas" (cfr. III.6.2.4)⁶⁹.

Realmente *Do Ermo* non se consolidou como obra fundamental na historia da poesía galega mentres non adquiriu a plena madurez coa incorporación dos sonetos en 1929. Agora si se pode afirmar que marca un fito transcendental na evolución estética do autor e tamén na do panorama poético galego. Se, como afirma Carballo Calero, "*Cantares gallegos e Montañesas* son os dous libros máis logrados da poesía realista de temática campesiña do noso Rexurdimento" e este remata propiamente con *Montañesas, Do Ermo* "preséntanos un poeta distinto, un poeta postrexurdentista⁷⁰" e con el Noriega "quer construír unha poesía de arte maior, unha vez que se resolveu a saltar o valado da chousa montesía en que outrora se choera voluntariamente"⁷¹.

Con esta obra o autor abandona ou deixa nun segundo plano a vida e os costumes montañeses para se encarar coa montaña, iniciando así a súa particular subida ao monte Parnaso, igual que Meser Francisco de Asís subiu ao monte Auvernia. E desde ela vains dar a propia visión do ermo, centrada na ternura polas cousas humildes e polos seres máis insignificantes que o habitan. O seu franciscanismo impoñese sobre a plenitude da montaña, ficando desta forma moi limitada a perspectiva poética da mesma e convertendo a poesía de *Do Ermo* nunha "saudade do ermo", máis que nunha poesía da súa esencialidade e profundidade, tal como acertadamente ten sinalado Aquilino Iglesia Alvariño:

"Noriega, pois, é «un poeta da Humanidade», «Cantor franciscán» nun senso de plenitude perfecto. Só nun senso transposto lle poderemos chamar «Poeta da Montaña», «Cantor do Ermo».

⁶⁹ Nesta ocasión foi o propio Noriega quen lle enviou un exemplar, ao contrario do que sucedera con D, que chegou a Teixeira por medio de Vicente Risco e sen dedicatoria do autor, pois aínda non se coñecían. Este exemplar de DO, que, igual que o anterior, se acha en ATPA, leva a seguinte dedicatoria:

"Excmo. Señor Don Joaquín Teixeira de Pascoaes: Altísimo Poeta, Maestro y Señor mío. En mis manos y en mi espíritu, vuestra preciosísima edición de "Maranos". ¡Infinitas gracias!

Para de alguna manera significaros mi eterna gratitud os ofrezco, muy respetuosamente, esta novísima edición de "D'o Ermo" y con encarecimiento os ruego que algún día os digneis manifestarme vuestro dictámen austero de superior excelencia, pues más que ningún otro me importa, y contando de antemano con vuestra proverbial benevolencia, lo haré público.

Os besa la mano

Antonio Noriega Varela

St. María Magdalena da Graña de Villarente (Abadín-Lugo) a 23 de julio 1930".

⁷⁰ Cfr. "Antonio Noriega Varela", in *Libros e autores galegos...*, op. cit., p. 16.

⁷¹ Cfr. R. Carballo Calero, "Un ou dous Noriegas", in *Libros e autores galegos*, op. cit., p. 24.

Noriega Varela cantou as cumes labregas de Mondoñedo; é o poeta das froles do toxo e das xestas, o lírico da urze e da abedoeira. Mais debemos ter en conta que todo esto resulta algo simbólico na teoría emotiva de Noriega, cantado -quizaves sin clara conciencia do poeta- non en razón de si, senón en razón de algo incoercible, que constitúe o fondo lírico do poeta, i é, como tantas veces repetimos, a humildade sinxela das cousas, a inxenuidade dos seres imbeles e pobresiños.

Este senso de humildade, de inxenuidade leda, de franciscanismo, eu creio que é o que gostamos, por riba de todo, no lirismo deste gran poeta que é Antonio Noriega Varela⁷².

En resumo, *Do Ermo* é poesía franciscana que canta con ternura a humildade dos seres máis simples da montaña, dándonos unha visión intimista e afectiva da mesma; o lirismo franciscano da natureza é a corrente poética que atravesa o libro e lle dá o seu carácter unitario.

Se con *Montañas* Noriega se integrou plenamente na liña realista da poesía galega do XIX, en *Do Ermo* vaise afastar das correntes poéticas dominantes no seu momento en Europa e non se incorporará a esas vangardas que comezan a se manifestar en Galiza nos homes da xeración do 25; o seu carácter desconfiado e o seu tradicionalismo ideolóxico, xunto cunha certa inseguridade e medo ao descoñecido, fixérono adoptar unha posición de rexeitamento e reserva perante as innovacións que se estaban a producir na poesía. Só a través dos poetas portugueses logrará modernizar o seu código estético, conseguindo en *Do Ermo* uns resultados brillantes, sen facer demasiadas concesións ao seu conservadurismo.

A poesía de *Do Ermo* ten, non obstante, relación con outras liñas poéticas existentes en Europa, aínda que non sexan as maioritarias, como xa indicou a crítica:

"Agora ben, esta visión da natureza que se ten sinalado como típica da poesía do noso autor, non fai senón emparellá-lo cunha réplica ao modernismo triunfante en Europa e que mergulla na Franza de F. Jammes ou na Provenza de Mistral, espallando-se logo até dar en lugares como as Baleares de Costa i Llobera e J. Alcover. Así pois, consciente ou inconcientemente Noriega pertence a unha reacción católica que busca nas esencias tradicionais e clásicas (Virxílio e Horácio) a saída dun lirismo que está a resultar vello perante os logros rubenianos"⁷³.

As similitudes de *Do Ermo* con *De l'angélus de l'aube à l'angélus du soir* de Francis Jammes son manifestas, como o propio Noriega explica nunha carta ao poeta Luís Pimentel (vid. III.6.1.44), na que vai comparando algúns poemas dos dous libros. Non é, pois, Noriega un poeta isolado e sen horizontes; grande lector de poesía de autores diversos e de distintas

⁷² Cfr. "O poeta e a obra", *op. cit.*, pp. 15-16.

⁷³ Cfr. X. Ramón Pena, "As pegadas modernistas. Noriega Varela", in *A poesía de Manuel Antón. Nas literaturas galegas de vanguardia*, Biblioteca gallega, Coruña, Ed. La Voz de Galicia, 1979, p. 26.

nacionalidades⁷⁴, mantense vinculado aos movementos poéticos do seu contorno e en *Do Ermo* deixounos unha obra plenamente galega, mais tamén europea e universal, pois ten as súas raíces na poesía clásica latina de Virxilio⁷⁵, Horacio e Ovidio⁷⁶, e nela aparecen algúns dos grandes temas da literatura de todos os tempos.

Non se debe, por conseguinte, reducir *Do Ermo* a simple poesía comarcal e adscribirla a unha suposta escola poética do norte de Lugo, á que pertencería o autor, escola rexeitada por algún estudioso dos poetas da zona⁷⁷.

Noriega Varela é un poeta con voz propia na poesía galega e *Do Ermo* un elo importante na traxectoria da mesma, que exerceu unha non pequena influencia en poetas como Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño ou Xosé María Díaz Castro, servindo de precedente da corrente poética denominada paisaxismo humanístico ou neovirxilianismo⁷⁸.

⁷⁴ Para o coñecemento das súas lecturas e dos seus autores preferidos, pode verse III.5 e III.6.I, especialmente as cartas a Teixeira de Pascoaes, Raul Brandão e Trapero Pardo.

⁷⁵ Francisco Leal Insua (cfr. "Notas para una interpretación...", *op. cit.*, p. 234) teno calificado como "el más virgiliano de los poetas españoles".

⁷⁶ Afirmou o propio autor: "Nunca me interessaram em demasia as sábias argumentações escolásticas -e nas monótonas aulas de Filosofía sonhava eu com as Humanidades e a eterna mocidade dos clásicos romanos. Vergílio e Ovídio foram os meus autores dilectos: com indizível prazer, ia penetrando nos segredos da sua poesia, em Vergílio cheia das purísimas emanações do agro, e em Ovídio, expressão nostálgica da alma apaixonada, oscilante entre a desesperança e o desejo" (cfr. III.4).

⁷⁷ Cfr. Ramón Reimunde Noreña, "Leiras e os poetas do norte de Lugo. Comparazón con Noriega Varela", in Manuel Leiras Pulpeiro, *Poesía galega completa, op. cit.*, pp. 115-124, onde afirma: "Xa no tempo do noso autor e xusto despois del, Noriega fará enxebres poemas montañeses, e andando o século aparecerían Iglesia Alvariño, Crecente Vega, Díaz Castro... que compartirían a educación seminarística, o ambiente de pequena cidade rural, certo gosto xeórxico e virxiliano pola paisaxe e costumes agrários da sua Terra, e sobretudo, o emprego da mesma lingua dialectal, como era de esperar.

Baseados nese vicio agrupador e sintetizando perigosamente certos factores comuns (paisaxismo, costumes, tipos, cantares do povo inxertados na sua lírica, formazón eclesiástica, lingua falada, e até o clima...), algúns faláron e seguen a falar dos «poetas do norte de Lugo», coa mesma autoridade con que podían facé-lo dos do «sur de Ourense», por exemplo, xa que como é sabido teñen de comun a mesma época, fala, lugar e cultura".

⁷⁸ Cfr. Claudio Rodríguez Fer, "A poesía galega de postguerra", in *A nosa literatura: unha interpretación para hoxe (II)*, Sada-A Coruña, Edicións Xistral, 1985, pp. 21-28, onde afirma: "A liña paisaxística, seguindo polo xeral o maxisterio de Antón Noriega Varela e da súa escola humanística, na que a humanización da paisaxe é correlativa á expresión da soidade e dos sentimentos do home, tivo un núcleo fundamental na postguerra entre varios escritores saídos do Seminario de Mondoñedo". Este mesmo estudioso (cfr. *Arte literaria. Catálogo, descripción e teoría crítica para a comprensión e comentario dos textos*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991, p. 144), ao definir *escola literaria*, pon o seguinte exemplo: "O libro *D'o Ermo*, de Antón Noriega Varela, é a primeira obra paradigmática da escola paisaxística da

Non obstante, e se ben no seu momento foi moi celebrado, *Do Ermo*, e con el toda a poesía de Noriega Varela, está en xeral hoxe moi esquecida. Certo que non corren bons tempos para a lírica, mais como nos deixou escrito o profesor Carballo Calero, grande admirador da súa poesía, especialmente dos sonetos,

"a emoción galega, a ternura perante as criaturas humildes, a mestría técnica, o sentido estético son valores da poesía de Noriega que, calesquera que sexan as urxencias da hora, todo espírito ceibo ten que recoñecer e disfrutar"⁷⁹.

Mais se a súa obra publicada en 1946 se coñece pouco, existe outro Noriega totalmente ignorado do público lector en xeral⁸⁰, un Noriega moi diferente do poeta franciscano que canta as flores do toxo, o verme ou as pucharquiñas. Acontecementos de carácter político-social afastarano da liña poética elexida en *Do Ermo*; e durante a II República e a guerra civil, vendo en perigo os seus ideais católicos de signo tradicionalista, botará man de novo da súa musa satírica e burlona e fará unha serie de composicións de carácter político en contra da República, dos seus máis cualificados representantes e das ideas progresistas; e a favor, máis tarde, dos militares sublevados e da Falanxe. Un obxectivo fundamental destas sátiras será tamén o movemento galeguista e nacionalista, co que nunca se sentiu identificado (vid. I.2.3). Aínda nos primeiros momentos da posguerra o poeta, xa vello, terá folgos para realizar unha serie de composicións humorístico-satíricas, completamente descoñecidas e nunca citadas con anterioridade (vid. PNR). Mais, inclusive neste tipo de composicións de ton menor, Noriega segue manifestándose como un hábil versificador e magnífico poeta.

En resumo, e a modo de conclusión, podemos afirmar que no plano humano Noriega foi unha persoa amante da vida e dos seus praceres, amigo de esmorgas e longas conversas, máis dado á sátira retranqueira que á protesta reivindicativa; con moita familia que manter e poucos ingresos, acabou por adoptar unha postura de finxida humildade e servilismo, ocultadora dunha grande intelixencia e non pequeno orgullo. Ideoloxicamente mantivo unha liña de pensamento constante ao longo da súa vida como militante do catolicismo tradicionalista e dun antigaleguismo político belixerante. Literariamente foi un hábil e agudo

provincia de Lugo, que tivo na cidade de Mondoñedo un dos seus principais centros de encontro".

⁷⁹ Cfr. "Antonio Noriega Varela", in *Libros e autores...*, op. cit., p. 13.

⁸⁰ Só a recente *Tese de doutoramento* de Claudio Rodríguez Fer e algúns artigos do mesmo que a precederon puxeron de manifesto a existencia destoutro Noriega político e panfletario, autor de verdadeiras crónicas poético-satíricas dos dramáticos anos trinta.

versificador, aínda que lento e preguiceiro, autor dunha obra poética non demasiado extensa, que evoluciona desde o descritivismo decimonónico ao lirismo intimista da natureza, atinxindo nos sonetos o seu cumio poético⁸¹, polos que ocupa un lugar de primeira orde dentro da lírica galega, para terminar facendo poesía satírico-política, en xeral descoñecida, o que nos permite falar de tres facetas principais na súa traxectoria literaria: o poeta realista de *Montañesas*, o lírico intimista e franciscano de *Do Ermo* e o poeta satírico dos poemas non recompilados da última época; a estas podemos engadir en segundo plano a faceta de poeta civil, cultivada ocasionalmente sen convicción e por compromiso. Á parte fica o interesante labor de recolector de literatura popular⁸² e de léxico e modismos da fala, que supuxo unha importante contribución aos traballos realizados neste sentido.

⁸¹ Sendo isto certo, e así foi xeralmente valorado, dá a sensación de que o poeta se sentía forzado nos sonetos, que lle custaban moito tempo e esforzo e nos que hai pouca variedade temática e moita recorrencia de motivos e recursos. Nos metros e temas da primeira e última etapas o poeta séntese máis solto e, talvez, máis a gusto, acorde coa súa innata condición de poeta de fácil versificación.

⁸² Xa R. Salgado Toimil (vid. "Algunos aspectos de Noriega Varela", *Vallibria*, Mondoñedo, nº 35, 26.10.1930) destacaba catro facetas de Noriega Varela: o poeta, o recitador, o recolector e o mestre de escola.

II. EDICIÓN

II.1. Criterios de edición

O propósito que guía a presente edición é ofrecer unha versión dos textos de Noriega Varela, que, actualizándoos, garde a máxima fidelidade á fonía dos mesmos, de maneira que tamén se respecten as intencións do autor sobre aquilo que conscientemente nos quixo transmitir. En ningunha ocasión pretendemos alterar sequer minimamente esa intencionalidade e o respecto necesario a uns textos escritos nun momento e circunstancias determinados, que, á súa vez, reflecten o estado e a evolución dunha lingua literaria que, partindo da súa etapa de recuperación, busca a consolidación definitiva.

Este criterio básico na nosa edición é o que nos leva á conservación de todas as características lingüísticas dos textos, tanto de carácter fonético como morfolóxico ou sintáctico, aínda que isto supoña en moitas ocasións afastármonos do estándar actual¹, inclusive, se iso supón, noutros casos, mostrar as contradicións ou incoherencias en que incorre o autor: vacilación fonéticas (*mellor / millor, paisano / peisano*)², uso arbitrario das formas alomórficas do artigo (*tomar o leite / rúda-las maneiras, adio-los piñerales*), duplicidade de formas da conxugación verbal (*día / dé*, no presente de subxuntivo de dar), presenza ocasional de seseo implosivo (*luz / lus, vez / ves, atroz / atrós*), uso alternativo, en ocasións por necesidades de rima, mais outras non, de formas galegas e castelás (*lúa / luna, cuna / berce, piñeiro / pino*). En todos os casos consérvase escrupulosamente a escolla do autor, ben se trate destes ou outros castelanismos, como de vulgarismos, dialectalismos, etc...(vid I.3.2), que se manteñen, tanto por respecto á vontade do autor, como por seren manifestación directa do estado e evolución da lingua nun determinado período da súa historia; calquera nivelación realizada será só a nivel ortográfico.

Mais, evidentemente, unha edición posta ao día debe procurar tamén ofrecer os textos actualizados, modernizados, desprovistos daquilo que, tendo vixencia noutros tempos, hoxe está fóra de uso. Non tería sentido conservar os elementos accesorios e superfluos que impiden ou dificultan o esencial. Aquí cremos acharse a misión do editor: a procura do equilibrio entre a conservación do esencial (o respecto ao texto) e a

¹ Non o fixeron así, en xeral, os editores modernos deste autor, que, co afán de adaptar os textos ao estándar actual, corrixiron rasgos definidores dos mesmos e alteraron a vontade manifesta do poeta. Referímonos, en concreto, a BB e FR, que, por exemplo, representan *ceo* onde o autor puxo *ceyo, como on* por *com'on, e on* por *y-on, Xesús* por *Jesús*, ou mesmo casos como *cendais* por *cendales* en FR.

²As citas concretas do poema e verso en que se achan os diferentes fenómenos aquí citados como exemplo áchanse explicitadas nas diferentes notas a cada poema, e a elas remitimos agora e no sucesivo para non sermos repetitivos.

necesaria modernización, que fuxa da sacralización do secundario en detrimento da mesma mensaxe que o texto nos quere transmitir. Débese ofrecer ao lector o texto nas mellores condicións para a súa comprensión, sen alterar por iso os seus rasgos fonéticos, morfolóxicos ou sintácticos³.

Os mesmos autores, ao longo da súa vida, van modificando algúns dos seus criterios de representación gráfica, de xeito que, de viviren hoxe en día, eles mesmos adecuarían os textos a criterios modernos. Isto xustifica, tamén no noso caso concreto, que a fixación ortográfica se faga sobre a norma lingüística actual, para o que é necesario modificar algunhas opcións e vacilacións formais do poeta, que resumidamente se expoñen:

1.- Suprímese o frecuente uso de cursivas nos textos, hoxe xeralmente irrelevantes, indicando só aqueles casos que poidan ter unha importancia especial. Así mesmo, regularízase o uso das letras maiúsculas, sobre todo cando non hai coherencia entre as diferentes edicións e/ou non teñen correspondencia cos usos actuais, sen achárselle unha significación especial. Tamén se suprimen as palabras e expresións, relativamente frecuentes, con todas as súas letras en maiúscula, como acontece algunhas veces con *Virxen dos Remedios* ou *O Salvador do mundo*, indicándoo en nota. Si se conservan certas maiúsculas en palabras que repetidamente, en varios casos e en diferentes edicións, o autor escribe con maiúscula para lle conferir singularidade e certo ton de sacralización, como é o caso de *Tradición* ou *Ternura* nalgúns contextos. Suprímese sistematicamente a maiúscula inicial dos versos que non veña esixida polas normas ortográficas, frecuente nas primeiras edicións, mais tamén presente na última edición do autor, e que hoxe son un obstáculo para a lectura e a comprensión.

2- Revísanse algúns signos de puntuación en casos concretos onde o texto presenta dificultades de lectura, aínda que, en xeral, o autor, como mestre que era, puntúa correctamente. Tamén se regulariza a utilización dos signos de interrogación e, sobre todo, de admiración, estes moi frecuentes, que unhas veces aparecen só ao final da frase ou palabra e outras veces tamén en posición inicial.

3.- Intodúcese o uso de diérese como marca métrica, que o autor non emprega, cando así o esixe a medida do verso.

³ Cando o profesor Alonso Montero (cfr. "Editar a Leiras", in Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas*, Estudio, edición e notas por..., Santiago de Compostela, Edicións Sálvora, 1983, pp. 119-126) afirma que "Editar un poema é ofrecer un texto sen ruídos, o único que levará ó lector a voz verdadeira do autor", entendemos tamén que algúns elementos gráficos usados na época do autor e hoxe fóra de uso, como acentos, apóstrofos, maiúsculas iniciais, etc. se convierten para o lector de hoxe en auténticos ruídos que impiden a transparencia da mensaxe.

4.- Modifícanse todos os rasgos ortográficos diverxentes da actual norma que non supoñan alteración fonética⁴, para adecualos aos criterios vixentes. Así:

a) Nivélase o uso da acentuación en todos os casos, respectando aquelas vacilacións que resulten pertinentes (*páxaros/paxaros*) e substituíndo os acentos circunflexos das contraccións *ô, â* por acentos agudos. Por outra parte, introdúcense algúns acentos diacríticos en formas verbais como *trás* por *traes*, para evitar homonimias.

b) O uso de "h" adáptase aos criterios actuais (*irmao* por *hirmao*⁵, *habenza* por *avenza*), así como a distribución "b"/"v" (*avó* por *abó*, e tamén en consecuencia *volito* por *bolito*, *bolboreta* por *volvoreta*).

c) Caso especial en Noriega constitúeo o uso das grafías "y"/"i", a primeira utilizada constantemente polo autor como vocal epentética (*a y-alma, a y-alba, ceyo, do yermo*), como conxunción copulativa seguida de palabra comezada por vocal (*y-hay, y-eu, y-on, y-anda*) e mesmo, xa esporadicamente, en nomes e verbos, uns de procedencia culta (*symbolizar, crystalina, lyra, misterio*) e outras patrimoniais, castelanismos ou non (*reyna, hay, rey*)⁶. Como norma xeral da edición modificamos o "y" en "i" (*a ialma, a ialba, ceio, do iermo, i hai, i eu, i on, i anda, simbolizar, cristalina, misterio, lira, reina, rei, lei*)⁷. Só o conservamos en palabras que, ademais desta grafía, conteñen outra de procedencia cultista, o que lle outorga á palabra unha configuración estética especial, reveladora do gusto do autor polos autores clásicos; este caso redúcese a moi poucas palabras: *nympha, lymph, pythonisa*.

d) O guión, conservado como indicador de diálogo ou das palabras compostas, suprímese en contraccións e asimilacións que na actualidade non se marcan (*pol-os, todol-os, n-unha*) ou redistribúese de acordo coa

⁴ Así, por exemplo, non se suprimen as chamadas segundas formas do artigo en casos non contemplados pola norma actual (*diamánte-las noites*) e a contracción representada como *pr'a* polo autor pásase á forma *prá* de acordo coa tradición gráfica xa consolidada, sen alterar a fonética da palabra.

⁵ É curioso como por veces BB e FR modifican grafías con relevancia fonética ou morfolóxica, como algúns casos xa vistos, e, non obstante conservan grafías do tipo *hirmao, abó, etc.*

⁶ Estas formas teñen unha maior frecuencia de uso na etapa de Trasalba, cando o poeta establece un fecundo contacto cos poetas poetugueses, mais non faltan en textos da primeira época nin da última.

⁷ Somos conscientes de que este cambio, contrario aos usos do autor, modifica a foma externa do texto e, en parte, a súa estética formal, mais o criterio de utilidade e practicidade cremos que debe primar neste caso, se non quixermos converter os textos dos nosos autores clásicos en simple fósil arqueolóxico, incapaces de pervivir e adaptarse a cada tempo e circunstancia. Débese ter en conta a este respecto que isto mesmo foi e é práctica habitual en linguas consolidadas, como a portuguesa, por exemplo; inclusive Teixeira de Pascoaes, nun artigo de 1911, propón a eliminación do "y" na maior parte das palabras (Vid. "A fisonomía das palabras", in *A saudade e o saudosismo*, Lisboa, Assírio & Alvim, 1988, pp. 15-18).

práctica actual (*corre-lo pranto* por *correl-o pranto*, *méntra-la sombra* por *mentral-a sombra*). Tamén se suprime como marca da alveolaridade do /n/ (*tamen-as*, *non-o*)⁸.

e) O apóstrofo suprímese nas numerosísimas contraccións que hoxe non se marcan (*d'o*, *d'as*, *n'un*, *d'este*, *ll'o*) e naqueles casos, tamén moi frecuentes, en que, no seu lugar, se realiza a reposición vocálica elidida por fonética sintáctica e que non vén alterar a medida do verso, por se tratar de encontros vocálicos resolúbeis por medio dunha sinalefa; o autor fai uso destas elisións dunha forma totalmente anárquica, non respondendo a épocas ou edicións concretas, pois aparecen e desaparecen nas diferentes versións sen un criterio que puidese parecer estético ou doutro tipo; só semellan obedecer a un desexo de aproximación á fala popular. De todas as formas, márcase coa vocal recuperada en letra cursiva, aínda que na maior parte dos casos non presenta problemas⁹, mais nalgúns en concreto si. Fieis ao criterio de non alterar a fonía do texto, e a risco de entrar en certa contradición co criterio de reposición anunciado, faremos prevalecer o principio xeral, en detrimento do particular en contextos que nos resulten irresolúbeis. Mantense o apóstrofo nos seguintes casos:

-cando a reposición implicase unha alteración métrica ou a aparición dunha forma inexistente en galego. É este o caso das contraccións do adverbio *non* con pronome persoal átono de 3ª persoa en función de complemento directo (*n'a desperten*, *n'o gabe*) ou con forma verbal comezada por vocal (*n'hai*, *n'estoupou*). Estas contraccións danse só en ocasións, obedecendo con frecuencia a necesidades métricas¹⁰.

-coas formas *com'*, *ond'*, *xunt'*, con valor comparativo a primeira e preposicional as dúas últimas, nas que, analisando todos os casos en que aparecen, non achamos elementos para discernir se nesa elisión subxace un "a" ou un "o" para a primeira e terceira, ou un "a" ou un "e" para a segunda; e mesmo ningunha desas vocais en *com'on* e *com'onha*. Partindo de que neste último caso resultaría imposible restituír a vocal sen alterar o indefinido¹¹ en *un*, *unha*, o que rompería co criterio básico que guía a presente edición, optamos por estender a non reposición aos restantes, diante da diversidade de solucións que non nos permiten

⁸ Estes casos non implican alteración fonética, pois o /n/ xa é alveolar nestes contextos, sen necesidade de marca especial.

⁹ Inclusive casos com o da conxunción condicional, que podería tratarse de *si* ou *se*, teñen clara solución, pois o autor emprega practicamente sempre a forma *si*.

¹⁰ A reposición que fan os principais editores modernos, BB e FR, en *no hai*, *no estoupou*, ou a representación *no gabe*, *na desperten*, non corresponden con formas que teñan realidade na lingua.

¹¹ As solucións *como on*, *como onha* que aportan BB e FR son falsas, pois *on*, *onha* xa proveñen dunha contracción coa vocal anterior e tampouco teñen realidade na lingua.

achar entre elas a intencionalidade do autor¹² (vid. notas a M 3.13 e 3.54).

Conservando, pois, as formas *como/coma/com'*, *xunto/xunta/xunt'* e *onde/onda/ond'*¹³, non nivelamos nin uniformamos nestes nin nos demais casos, a non ser que se teñan indicios de que se trata de erros de impresión, lapsos do autor ou calquera outra anomalía que sempre se indicará en nota ao verso correspondente.

Vistos os criterios xerais, faremos unha breve referencia a cada apartado en particular:

En M e E facemos a edición a partir de MS e DE, respectivamente, que serven de base para a fixación definitiva dos textos, numerados por nós segundo a orde en que aí figuran.

Para PEX tomamos como texto base o correspondente á última edición en libro en vida do autor, independentemente de que con posterioridade aparecesen outras edicións en prensa estando el vivo, pois condideramos que aquela ofrece unha maior fiabilidade, xa que temos a garantía da participación directa, con corrección de probas, do autor¹⁴.

¹² A respecto de *ond'* temos en M: 3.13 *ond'as casas pareime*, 13.7 *ond'ós cochos durme*, 23.82 *ond'el non para*; en E: 2.4 *ond'a murta*, 23.3 *ond'a túa*, 26.0 *ond'a unha fonte*, 33.27 *i ond'os nenos me quero*, 47.0 *ond'a morta*, 69.14 *onda unha cuna*, 82.1 *ond'ó forno*; en PNR: 2.2 *ond'a miña*, 9.76 *ond'a miña*; 9.79 *volvo pr'onde ós meus fillos*; 29.30 *ond'ó mar*; 46.2 *ond'as medas non moro*.

Para *xunt'* en M: 3.13 *xunta dun carrom* 5.8 *xunto daquelas*; en E 18.1 *xunt'a cruz de pedra*, 25.3 *xunt'ó mosteiro*, 44.81 *xunt'ós que choran*, 47.18 *xunt'á cova*; 64.12 *xunt'a lareira*; en PNR: 22.12 *senteime xunt'ó tear*.

Para *com'* en M: 1.47 *com'os coscos*; 1.60 *com'a freba*; 1.88 *com'ó vincallo*, 3.48 *com'os nenos*; 3.53 *com'a luz do meus ollos*; 3.54 *garrida com'unha estrela*; 3.56 *com'a branca azucea*; 3.74 *com'as teipas me quede*, 3.84 *como ás veces volves*; 3.91 *com'a Valura*; 3.103 *coma buxos*; 4.4 *coma si foran*; 5.9 *carpazonas coma estrelas*; 5.17 *roxas com'as amapolas*; 10.9 *como'a folerpa*; 10.10 *com'a espadana*; 10.11 *com'a guinda*; 10.12 *com'a lus da ialba*; 15.8 *com'os pinos*; 23.26 *com'algús*; 23.45 *com'añiños*; 24.13 *com'as folerpas*. En E: 2.14 *com'on neno*, 9.16 *com'a min*; 13.8 *com'as brañegas*, 14.7 *non sei como sono dorme*; 20.16 *entende com'onha persoa grande*, 28.21 *tan albo com'a neve*; 29.4 *com'a vosoutros*; 33.7 *como rapaz discurro*, 55.24 *com'os salgueiros na lama*, 56.13 *como un rei a quixera*; 56.14 *como nunca se veu na xoiería*; 64.35 *com'ó diles*; 79.10 *como as vidas*; 84.8 *com'on carballo*; 87.1 *coma dña*; 88.11 *coma bruxos aparecen*; 101.3 *como unha bolboretiña*; 101.4 *como se deitan*; 101.7 *como solo sabe facerlle*. En PEX: 1.77 *tuseu com'ó que se esgana*, 1.100 *com'as vilegas*, 1.141 *com'as floriñas*...

Non completamos a lista de *com'* por termos unha mostra suficiente dos casos que aparecen. En B existen moitos máis, corrixidos polo propio autor, que nos confirman na falta dun criterio firme en que basearnos para poder optar á reposición vocálica.

¹³ Caso diferente é cando estas partículas teñen outros valores dos indicados (comparativo *com'* e preposicional os outros), en cuxo caso seguimos a regra xeral de reposición sen ningún problema.

¹⁴ De todas as formas os casos en que se dá esta última circunstancia son moi poucos, pois, sendo 9 en total, a última edición soe coincidir coa incluída en libro.

Para PNR e PE baseámonos na última edición en vida do autor¹⁵, aínda que aquí os problemas de edición son maiores, ao non contarmos coa fiabilidade que ofrece a edición en libro revisada polo autor. Algúns textos presentan claros indicios de manipulación ortográfica ou mesmo morfolóxica, que xa se comentan en nota. Moitos deles teñen unha soa edición, polo que falta o elemento de contraste que nos permita valorar o texto adecuadamente.

Para a edición da obra recolectora e da pequena mostra de prosa, xa se explican os criterios particulares seguidos en cada caso en notas iniciais, salvo en V, onde, por aparecer incluída na edición definitiva de 1946 e presentar unha edición anterior en libro e outras parciais en prensa, citamos estas e as variantes. En B, ao ser obra de carácter lexicográfico á que incorporamos correccións manuscritas do propio autor, marcamos estas con exhaustividade, mesmo nalgúns acentos que, sen especial relevancia, o autor quixo marcar; serve de mostra para coñecermos o código ortográfico polo que se guiou o autor, bastante uniforme ao longo da súa vida.

A edición da obra poética do autor organízase da seguinte maneira para cada poema:

1º Métrica: indicación do tipo de composición ou estrofa, número de sílabas dos versos e modelo de rima seguido.

2º Edicións anteriores: ordenadas cronoloxicamente desde a primeira aparición á actualidade; as edicións en prensa levan o título completo da publicación, o número e a data; as demais indícanse en sigla seguida da páxina ou páxinas. Neste apartado engádesse, cando houber, calquera anotación que figure no texto ou calquera outra información externa a el, que oriente sobre a súa data de composición ou publicación, ou outras circunstancias relacionadas coas mesmas.

3º Variantes e comentarios: recóllense en primeiro lugar aportacións bibliográficas relacionadas co poema en cuestión no seu conxunto e/ou algunha consideración nosa de carácter xeral sobre o poema e a súa relación co conxunto da obra do autor, para pasar logo ao estudio verso a verso, marcando, en primeiro lugar, as variantes¹⁶ e a continuación os

¹⁵ Mesmo dalgúñas composicións non demos coa súa publicación en vida do autor, polo que temos que basearnos en textos posteriores, algúns incluídos en artigos de prensa ou noutras publicacións, editados xeralmente de forma descoidada e sen sabermos o seu grao de fiabilidade ao orixinal. É o caso, por exemplo, de PNR 25.

¹⁶ Cada verso vai indicado co número que lle corresponde na edición, dándolle ao título o número 0. A coma separa as siglas das distintas edicións, o punto e coma separa diferentes variantes do mesmo contexto ou palabra e a dobre barra mostra que as variantes se refiren a outra secuencia do mesmo verso; se un verso dalgúña edición se reproduce completo, tamén se separa por dobre barra das outras variantes; e, por último, cando nun mesmo verso se repite unha mesma variante varias veces en todas as edicións, sinálase con puntos suspensivos (*d'o... d'o... d'as*). Cando dunha mesma publicación temos máis dunha versión do mesmo

comentarios relativos á edición, interpretación ou significado do mesmo¹⁷.

Ao final de cada apartado figuran as notas que foron aparecendo ao longo da edición.

texto, engadímoslle á sigla os dous últimos números do ano (VG18 e VG29 quererán indicar *Vida Gallega* de 1918 e 1929).

¹⁷ Procuramos neste apartado prestar unha especial atención ao léxico, pola riqueza e interese que este presenta na obra do autor, baseándonos tamén noutros autores da mesma área lingüística, fundamentalmente Leiras Pulpeiro e as súas aportacións ao léxico comarcal. En ocasións recollemos mesmo vocábulos rexistrados nos dicionarios en uso, mais que hoxe se achan afastados da fala e esquecidos pola literatura predominantemente de inspiración urbana. Outras veces trátase de termos que o autor emprega nun sentido diferente ao común e habitual rexistrado nos dicionarios.

II.2. Edición da obra poética do autor

II.2.1. *Montañas*

1

Fale meu bisavó

O que a Galicia mal queira
 pode vivir sosegado:
 fun o vinteito á feira
 e non vin unha monteira,
 5 nin un dengue colorado.

Quezais alguén me non crea:
 os sombreiros de Sevilla
 están de moda na aldea,
 e n'hai bonita nin fea,

Métrica

26 quintillas, 8, con tres combinacións de rima diferentes: 5 (abaab), 20 (aabba), 1 (aabab).

Edicións anteriores

El Eco de Galicia, Buenos Aires, nº 330, 20.12.1900; MO, 29-35; MT, 9-16; MS, 33-39; *O Gaiteiro de Lugo*, Lugo, 1953; BB, 7-12; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, abril 1984.

Variantes e comentarios

Aquilino Iglesia Alvariño afirma: "Noriega aparez por intres como un dos poetas de lingua máis enxebre, pero sin renunciar nunca a deixar o rastro individual. Se lemos o primeiro poema da «Edición luguesa», o máis popular sin duda, e onde se atopan os ditos paisanos mellor arredondados dos páis, inda alí non se entrega-â tentación que Leiras non resistiría" (1).

Carballo Calero caracteriza este poema, dentro da poesía descritiva, da seguinte forma: "Fale meu bisabó. Briososa defensa das tradicións na fala, nos costumes, no arte, nos xeitos. Ridiculización dos esotismos" (2).

0.- bisabó MO, MT, MS, BB, AM; en EG e en GL o título do poema é *Antes y-agora*; en MO leva a seguinte dedicatoria: «A Ilma. Sra. D^a. Regina López Domínguez de Riguera Montero» (3).

1.- *Galicia*: aínda que Noriega non ten unha concepción política de Galiza como país nin participou no chamado movemento galeguista, senón que o combateu (vid. 1.3), non obstante, como para a práctica totalidade dos escritores galegos, Galiza é un lugar de referencia afectiva na súa obra.

3.- a MO

6.- Quizás EG, GL

7.- *Sevilla*: esta importante cidade sintetiza os costumes tradicionais e os hábitos indumentarios de Andalucía, entre os que está o típico sombreiro, cuxa popularidade o fixo presente tamén entre os galegos.

8.- n'aldea EG, MO, MT, MS, GL

9.- n'hay EG, MO, MS, GL; non hai BB, AM

10 que non chufe coa toquilla.

Pon medo, así eu teña a Dios:
na vida dos meus avós
un mantelo jera un tesouro!,
e menos dunha onza de ouro

15 non se mercaba un dos bos.

Agora campa o percal,
i algunhas, que nin pra sal
teñen un carto no peto,
visten ¡que meten respeto!,
20 i hastra se enfouzan con cal.

Os mozos son máis profanos:
¡queren parecer xitanos!,
i aí en Vilamor xa se usa
un fargallo dunha brusa

A contracción do adverbio de negación co verbo que comeza por vocal (*n'hai*) é habitual na lingua popular e, mesmo, na lingua literaria decimonónica e de principios deste século; tamén se converte nun recurso métrico para, como neste caso, non sobrepassar as oito sílabas do verso; o autor emprega con frecuencia este recurso: vid., por exemplo, M 1.36 (*n'é*), 16.10 (*n'estoupou*)... ou E 21.6 (*n'agarimarán*), 42.6 (*n'acores*), 43.0 (*n'haberá*), 85.1 (*n'aleará*)...; algo similar ocorre con *non* seguido do pronome átono complemento directo: M 15.37 (*n'a cuspe*)..., ou E 21.6 (*n'agarimaran -->n'a agarimaran*), 63.9 (*n'o gabe*), 85.14 (*n'a despertan*)...

10.- co-a EG, MT, MS, GL; c'o-a MO

11.- teñ'a EG, MO, MT, MS, GL

12.- n'a EG, MO, GL // d'os EG, MO, MT, MS, GL // abós EG, MO, MT, MS, GL, BB, AM

14.- d'unha EG, MO, MT, MS, GL; de unha BB, AM // d'ouro EG, MO, MT, MS, GL

15.- d'os EG, MO, MT, MS, GL

17.- y-algunhas EG, MO, MT, MS, GL; e algunhas BB, AM

18.- n-o EG; n'o (MO)

20.- y hastra s'emboutan en EG; y-hastra s'enfouzan MO, MT, MS; y-hastra s'emboutan de GL; e hastra se enfouzan BB, AM

Afirma Leopoldo Pedreira citando esta estrofa: "Lamenta Noriega que no se vean ya, á menudo, aqueles dengues colorados, que tan encantadoras hacían á nuestras mozas y que desaparezcán las altas y airosas monteras, los cortos calzones de botones áureos, los blancos chalecos de nuestros labradores y los característicos largos pañuelos que de entrambos bolsillos del calzón pendían" (4).

22.- gitanos EG, GL

23.- y-ahí EG, MO, MT, MS, GL; e ahí BB, AM // s'usa EG, MT, MS, GL

Vilamor: freguesía do concello de Mondoñedo (Lugo) que dista 4.6 Km. da capital municipal, onde naceu o poeta; está limitando con Masma e San Xorxe de Lourenzá, entre outras.

24.- d'unha EG, MO, -MT, MS, GL

25 que envolve a sete peisanos.

A lingua de Rosalía,
rico caudal de harmonía
que prendou a Castelar,
moitos n'a saben falar,
30 i os máis non lle teñen pía.

Si hai quen non val un pitillo,
nin sementa un grau de millo,
nin ha de heredar un rego,
je dálle azoutas ó fillo

25.- qu'envolve EG, MO, MT, MS, GL

26.- *Rosalía de Castro* (Santiago de Compostela, 1837- Padrón, 1885) é a figura poética máis citada polo autor nos seus versos (vid., por exemplo, E 96) e tamén na correspondencia (vid. 5.6.1); con ela comparte unhas parecidas circunstancias no seu nacemento e o gusto polos cantares populares, que tamén glosará nalgúns ocasións (vid. E 57, 101; PNR 42, 43, 44, 45 ...); segundo di Carballo Calero citando este mesmo poema: "Nadie, excepto Rosalía, describió con máis fortuna que Noriega el aspecto externo de nuestros aldeanos, en el duro trabajo de la labranza, en la alegre vivacidad de la fiesta. Nadie, excepto tal vez Rosalía, se complació con más simpatía y gracia que Noriega en pintar, con trazos vigorosos y gran lujo de color, el atuendo de nuestros campesinos. Devoto de la tradición, el poeta amaba el traje tradicional, cuyo olvido le afligía" (5).

27.- d'harmonía EG, MO, MT, MS; d'armonía GL; de harmonía BB, AM

Este verso e o seguinte son citados por Aquilino Iglesia Alvariño como exemplo de espírito aristoerático e culto no uso da lingua, aínda dentro dun dos poemas máis "enxebres" e populares (6).

28.- que admirab'a Castelar EG; que admiraba a Castelar GL

Emilio Castelar (Cádiz, 1832-San Pedro de Pinatar, 1899), político, orador e escritor español, foi presidente da Primeira República; tamén é autor dun extenso prólogo para a primeira edición de *Follas novas* en que afirma: "Su lengua, sin embargo, por la riqueza de combinaciones vocales, por la dulzura de las consonancias, por la copia de rimas, por la variedad de metrificacón, por la onomatopeya de sus palabras, relaciónase con todas las lenguas meridionales... A estas calidades reúne un candor, una sencillez, un sabor arcaico..." (7).

29.- n-a EG; na BB, AM

A contracción do adverbio de negación co pronome persoal átono en función de complemento directo é habitual na fala popular e, mesmo, na lingua literaria do XIX, mais non se representa na escrita actual; o autor emprégaa nalgúns ocasións, como esta, tamén por necesidades métricas (vid. nota ao v.9).

30.- y-os EG, MO, MT, MS, GL; e os BB, AM

Contrasta nesta estrofa o ton culto e mesmo erudito dos primeiros versos co ton coloquial deste último.

31.- S'hay EG, MO, MS, GL; S'hai MT; Si hai BB, AM

O autor emprega sempre *si* como conxunción condicional, como se pode ver neste mesmo poema (v. 51, 68, 79, 126) ou en M 3.74, 3.75, 3.78, 3.90...; mais en E 79.5 *se cuidares*.

32.- grao EG, GL

33.- d'heredar EG, MO, MT, MS, GL

34.- dall'azoutas ô EG, MO; dall'azoutas ó MT, MS, GL

35 pra que non fale en gallego!

¿E n'é unha tristura maña
ver que a moxedá se apaña
co violín dunha cega
e deixa a gaita gallega

40 entre as uces da montaña?

¡Canta derruba se ve!:
figurando o que non é,
un pelellón do lugar
vai á vila pra tomar

45 cos bachileres café.

Unha lexía escumosa,
com'os coscos, a graciosa,

35.- fal'en MO, MT, MS

O castelanismo *gallego* é empregado sistematicamente polo autor (vid. M 6.61, M.23.1, E 12.4, E.12.5...), reproducindo a fala popular e sen ningún afán normalizador, pois non concibía máis galego que o do mundo rural, oponéndose a todo intento de crear un estándar común; a partir das *Irmandades da Fala* foise introducindo a forma *galego*, mais el rexeitará con dureza os seus intentos normalizadores, pasando a denominar os seus membros como *irmauciños da tala* (vid. Perfil ideolóxico e E 12).

36.- no é BB, AM

Para *n'é* vid. nota ao v.9.

37.- s'apaña EG, MO, MT, MS, GL

38.- c'o EG, MO // d'unha EG, MO, MT, MS, GL

É preciso facer unha diérese en *violín* para que o verso sexa octosílabo.

39.- deix'a EG, MO, MT, MS, GL

40.- entr'as EG, MT, MS, GL // d'a EG, MO, MT, MS, GL

41.- Desde este verso ao 65 faltan en GL.

42.- figurand'o EG, MO, MT, MS

43.- d'o EG, MO, MT, MS

44.- a EG, MO

45.- c'os bachilleres EG; c'os MO, MT, MS

Estas dúas últimas quintillas, e en xeral todo o poema (vid. especialmente versos 101-105), fainos lembrar as coplas de *Martín Fierro*, do arxentino José Hernández, cuxa primeira parte fora publicada en 1872; coincide con el na similitude da métrica e do ritmo, así como tematicamente: a defensa da tradición e dos costumes populares, a nostalxia polos tempos pasados e a crítica ás innovacións da vida moderna (8).

47.- que lle chaman a graciosa EG; como os BB, AM

Ao non dispormos de elementos suficientes para optar pola reposición de *o* ou *a*, e tratándose dunha edición crítica e non escolar, mantemos a forma orixinaria *com'* do autor (vid. Criterios de edición).

A propósito da palabra *coscos*, sinónimo de *caracois*, e hoxe recollida polos dicionarios modernos, aínda que propia do léxico mindoniense, recollemos unha opinión do Marqués de Sabuz: "También emplea un sinnúmero de términos que bien se merecían un glosario, por no encontrarse en los léxicos de Marcial

que sabe a puntas de agullas,
i é rosmona, pra armar bullas
50 tróuxoa o demo á terra nosa.

Vilengos, non sei si o conte...:
pra tantear como pica
probeina aló na do Monte,
e ¿vedes? ¡auga da fonte
55 cunhos polvos da botica!

En canto de ergue-la perna,

Valladares, Francisco J. Rodríguez y Juan Cuveiro Piñol. A decir verdad, algunos nos resultan incomprensibles, como *aluguer, engoa, garauta, garnicela, pravia* y *xouzarse*; tratándose de otros, barruntamos la significación, aunque no podemos concretarla, cual nos acontece con *achouzar, cosco, cuzo, chaira, entena, escalmar, fragullo, pegureiro* y *sieiro*; mas de otros, hasta el número de ciento veinticinco, aseguramos que son galaicos, por haberlos oído en la niñez o posteriormente" (9). Afortunadamente hoxe xa se achan estas palabras nos nosos dicionarios, algunhas tiradas directamente da obra de Noriega Varela, especialmente de *Como falan os brañegos*, como con frecuencia se cita no de Eladio Rodríguez; tamén hai que ter en conta a aportación de Leiras Pulpeiro para o coñecemento do léxico mindoniense (10).

48.- y ó bebelá pon agulla EG // d'agullás MO, MT, MS

49.- tamén arma moita bulla EG // y-é MO, MT, MS; e é BB, AM // pr'armar MO, MT, MS

50.- entr'a peisanaxe nosa EG // a M O

A respecto desta estrofa afirma Leopoldo Pedreira: "Más humorismo, más ingenio y gracia tiene Noriega, cuando -recordando sin duda la dulce sangría y el clásico rosolí de nuestras romerías- se burla de la introducción de la gaseosa ... La idea de que la gaseosa sabe a puntas de agujas, de que rezonga y de que es invención del demonio, tiene gracia y originalidad y recuerda las chistosísimas invectivas de Labarta Pose (en un *Café Flamenco en Galicia*) contra las innovaciones exóticas en la región" (11).

52.- por tentear EG; pr'a tentear M O

53.- probein'aló n'a d'o Monte EG; probeina aló n'a d'o Monte M O ; probein'aló n'A d'o Monte MT, MS

54.- d'a EG, MO, MT, MS

55.- e unhos EG; c'unhos MO, MT, MS // d'a EG, MO, MT, MS

Non é habitual a utilización do indefinido *unhos*, que non responde á caracterización da área mindoniense a que pertence o autor (vid., por exemplo, E 32.0: *Nus farrapos...*); neste caso pode ser por necesidades métricas; é o único caso en que aparece esta forma na obra; o plural de *un* segue, en xeral, a regra do galego central, perdendo o *n*, o mesmo que acontece en M 8.0 (*Sal dus pomares*) ou M 23.26 (*com'algús vilegos*).

56.- d'erguel-a EG, MT, MS; d'erguel'a MO; de ergué-la BB, AM

A acentuación sistemática da vocal temática do verbo na asimilación do artigo en BB (AM é unha reprodución exacta da mesma), aínda que irrelevante foneticamente, resulta estraña, por non se corresponder coa práctica actual; non obstante, débese ter en conta que a edición é de 1982, talvez anterior a aparición das normas ortográficas hoxe oficiais; no sucesivo obviaremos esta anomalía, aquí sinalada por simple curiosidade.

iban ver medrar os trigos,
e fuxían da taberna,
jaqueles vellos de cerna
60 com'a freba dos caxigos!

Ora *si* iba de camiño
un home e vía o loureiro,
pés pró mesón, i engordíño
botaba un neto dun viño,
65 ¡que lle roncaba o calleiro!

Pra un rapaciño aldeán
era a festa do San Xoán
si lle cocían a bola;
¿agora un guiche da escola?:

57.- medral-os EG

O uso da chamada segunda forma do artigo non é sistemática en Noriega, como tampouco o é na fala; constantemente alternan nos seus versos as dúas formas de representación escrita.

58.- d'a EG, MO, MT, MS

60.- como a BB, AM // d'os EG, MO, MT, MS

A voz *caxigo* tamén aparece nun dos *Cantares gallegos* de Leiras Pulpeiro (nº 145 da edición de XAM citada na nota 10), onde o editor, que menciona este verso de Noriega transcribíndoo «como a freba dos caxigos», constata certas diferencias de matiz nas definicións desta palabra, desde «roble bajo y torcido», «roble de mala calidad», a «carballo novo».

61.- s'iba EG, MO, MT, MS

62.- bom'e EG, MO, MT, MS

Unha póla de loureiro colocada á entrada dun local era, e aínda é hoxe en distintos sitios de Galiza, sinal indicativo de que alí había viño para venda ao público.

63.- pes pro EG, MO; pes pró MT, MS // y-engordíño EG, MO, MT, MS; e engordíño BB, AM

64.- chimpaba EG // d'un EG, MO, MT, MS

65.- roncab'o MO, MT, MS

Esta expresión eufemística tamén é recollida por Leiras: *¡Roncall'o calleiro!* = "está o es perfecto, acabado, superior; no hay quien se la empate" (vid. nota 10).

66.- Para GL

67.- er'a EG, MO, MT, MS // d'o San Juan EG; d'o San Joan MO, MT, MS; do San Juan GL; do San Xoán BB, AM

As festas do San Xoán, que se celebran o 24 de xuño, son moi populares en diversos lugares de Galiza; as de Romariz (Abadín) eran unhas das preferidas do poeta na súa mocidade en Mondoñedo (vid. M 23: "Do San Juan de Romariz. Fragmento"). Para a presenza destas festas na literatura galega, vid. Xoana María Fernández Reiriz, "A festa de San Xoán nalgúns autores galegos", *Grial*, 51, 1976, pp. 100-106.

A vacilación da vocal átona no castelanismo *Juan / Xoán* é característico da fala popular e non afecta á medida do verso, se consideramos a existencia de sinérese.

69.- d'a EG, MO, MT, MS

70 ¡fúmalle as tripas a un can!

Non hai quen faga un labor:
¡cantos marchan no vapor,
mozos do val e da serra,
que van deixar noutra terra
75 a virtú do seu sudor!

¡Non!, naquel tempo pasado
non era tan desleigado
quen por un Creso se tiña
si daba o leite a vaquiña,
80 i abría sucos co arado.

A boa fe tampouco dura:
non precisaba escritura
o que prestaba diñeiro,
nin se vía un xornaleiro

A expresión *guiche da escola*, en plural, é recollida por Eladio Rodríguez, s.v. 'guiche', para se referir aos rapaciños; no vocabulario de Leiras aparece: «guiche: chiquillo».

O timbre fechado da vocal tónica en *bola* non impide a rima con *escola*, con tónica aberta, como é normal no autor e noutros poetas galegos (vid., por exemplo, X.L. Couceiro, *As vocáis e, o en rima na obra de Curros*", *Verba*, vol. 4, 1977, pp. 103-114).

70.- fúmall'as EG, MO, MT, MS, GL

Esta popular expresión, como tantas deste poema, parece que era moi utilizada polo propio poeta, fumador empedernido, aínda de vello, tal como recolle J. Travieso Quelle da súa boca: "Ay, señor. Polas ganas que teño dun pitillo fumáballe as tripas a un can" (12).

71.- hay EG, MO, MS, GL

72.- cantos EG, GL // n'o EG, MO, GL

73.- d'o EG, MO, MT, MS // d'a EG, MO, MT, MS, GL

74.- n'outra EG, MO, MT, MS, GL

75.- o precio EG, MO // d'o EG, MO, MT, MS, GL

Este poema, datado en 1900, corresponde a un momento en que continuaba o éxodo masivo de galegos, en condicións de traballar, a América; nas poucas ocasións en que Noriega aborda este tema, tópico na maior parte dos poetas da época, faino dun xeito descritivo e superficial, sen afondar nas súas causas nin sinalar os dramas que provoca (vid. E 10 e PNR 3); contrasta esta visión do fenómeno coa que nos dá Rosalía, por exemplo, principalmente en *Follas novas* ("Prá Habana").

76.- n'aquel EG, MO, MT, MS, GL

78.- *Creso*: derradeiro rei lidio, que reinou desde 561 a 547 a. C; fillo e sucesor de Aliato, é coñecido nomeadamente polas lendas gregas, onde o consideran o home máis rico do seu tempo; someteu a tributo todas as cidades helénicas de Asia Menor. Hoxe pasou a significar persoa que posúe grandes riquezas.

79.- dab'o EG

80.- y-abría EG, MO, MT, MS, GL; e abría BB, AM // c'o EG, MO, MT, MS

81.- Hai que facer sinérese en *boa* para manter o verso octosilábico.

85 entre as gadoupas da usura.

I había menos malicia:
un lamote de Galicia
tremaba com'o vincallo
diante as barbas dun godallo,
90 que lle azapurra a Xusticia.

Pode a Igrexa verquer pranto:
naqueles tempos, que eu canto,
si iban meus avós de festa,
nin o can ulía a cesta
95 antes de tomar o santo.

Doiame ou non, eu ben vexo
o que hoxe pasa: no adrexo

85.- entr'as EG, MO, MT, MS, GL // d'a EG, MO, MT, MS

86.- Había EG; Y-había MO, MT, MS; E había BB, AM)

Os vv. 86-90 faltan en GL; por ser do ano 1953 cabe pensar na intervención da censura ou da auto-censura do editor.

88.- como o BB, AM

89.- diant'as EG, MO, MT, MS // d'un EG, MO, MT, MS

A lingua formalizada utiliza a locución prepositiva *diante de* en casos como este; en E 40.9 *cúrvome diante unha cuna*; as gramáticas actuais non recollen tal valor prepositivo (13). A palabra *godallo* tamén aparece en Leiras Pulpeiro:

Veu o godallo, e levóume
canta grá tiña na casa...! (14).

O mesmo Leiras, no seu vocabulario, dá o seguinte significado: «bode, alguacil».

90.- Il'azapurr'a EG, MT, MS; Il'azapurra a (MO)

Neste verso o *que* débese interpretar como complemento indirecto e, por conseguinte, debería ir precedido da preposición *a* e o artigo (*ó*) ou ben ser substituído por *a quen*; desta forma o verso tería nove sílabas; *a Xusticia* funciona como suxeito; na edición de Leiras o editor cita este verso como «que lle azapurre a Xusticia»(15).

García de Diego explica o verbo *azapurrar* por fusión de dúas palabras: *acirrar* + *apurrar* (vid. nota 48), que explican o seu significado.

91.- Pod'a MT, MS

92.- n'aqueles EG, MO, MT, MS, GL // qu'eu EG, MO, MT, MS

93.- s'iban EG, MO, MT, MS, GL // abós EG, MO, MT, MS, GL, BB, AM

94.- non s'encetaba unha cesta EG, GL // uli'a MO, MT, MS

95.- A respecto desta e outras expresións di o Marqués de Sabuz: "A causa de su comunicación con los labriegos, tiene modismos que por maravilla se hallan en otros autores, aun en los más sonados. Recordemos, entre otros, los siguientes: *A modo*, *A presadas*, *A vao*, *Chairego farfantón*, *Liscarse axiña*, *Moza laberca*, *Nena repinicada*, *Rapaza carpazona*, *Ter pía*, *Tomar o santo*, *Tremer como vincallo*, *Tristura maña* y *Vello de cerna* (16); varios deles áchanse neste poema (v. 59, 87, 117...). Podemos ver esta mesma expresión en M 23.120.

96.- Dóyam'ou EG, MO, MT, MS, GL

97.- qu'hoxe EG, MO, MT, MS, GL // n'o EG, MO

entran picando o cigarro,
e xúntanse ó pé do carro
100 que trouxo pra alí o pelexo.

Acabouse a cortesía:
teñen dous unha porfía,
polo valor desta palla,
e xa sacan de navalla
105 no mellor da romería.

¡Adiós copriñas!, n'hai nada:
a parexa nemorada
tirou coa sinxel fouciña,
que non se cegaba axiña
110 porque era ben afiada.

Eses gallardos brañegos
que contestaban ós cegos
i atestaban ás rapazas,
no parolar e nas trazas
115 pouco amostan ser gallegos.

E non vexo no feirón
o chairego farfantón
i a carpazona xentil,

98.- picand'o EG, MO, MT, MS, GL

99.- xuntans'ô pe d'o MO; xúntans'ó pe d'o MT, MS // ô pe d'o EG // o GL

100.- pr'alí EG, MO, MT, MS, GL // pelecho EG, GL

101.- acabous'a MO, MT, MS

103.- pol o EG, GL; pol-o MO, MT, MS // d'esta EG, MO, MT, MS, GL

104.- sacan a navalla EG, GL

105.- n'o EG, MO // d'a EG, MO, MT, MS, GL

106.- ¡Adiol-os versos! EG // n'hay EG, MO; no hai BB, AM

De novo faltan estrofas en GL, esta e as tres seguintes (vv. 106-125), talvez polo seu leve ton erótico.

107.- enamorada EG

108.- co-a xinxél EG; c'o-a MO; co-a MT, MS

109.- cegab'axiña EG, MO, MT, MS

110.- porqu'era EG, MO, MT, MS

111.- Ises EG

112.- ôs EG, MO

113.- y-atestaban EG, MO, MT, MS; e atestaban BB, AM // âs EG

114.- n'o EG; e no BB, AM // n'as EG, MO

116.- Van faltando d'o cantón EG // n'o M O

118.- y-a EG, MO, MT, MS; e a BB, AM

Nos vv. 117 e 118 observamos a ausencia de preposición co complemento directo de persoa, máis acorde coa esencia do idioma, aínda que o autor alterna esta ausencia co seu uso.

que nas trenzas do mandil
120 lle entricaba o corazón.

Facendo cruces no chau
coa súa moca, o peilau
¡ganchaba por vencela!
pero respondíalle ela
125 calcándolle ben a mau.

.....
.....
¡Todo aló vai!; si é ilusión
procramar a tradición,
cando hastra os cas lle fan guerra;
letrados da miña terra,
130 deliria o vello, ¡perdón!

Carpazona é unha palabra carecterística do léxico mindoniense e designa a muller campesiña da montaña, que vive onde abunda a *carpaza*; Noriega aplica esta palabra preferentemente ás mozas montañesas que el amou na mocidade, cando compuxo grande parte dos poemas desta obra (vid. M 5.9, 6.75, 15.25, 23.117). Nos feiróns de Mondoñedo eran populares as figuras destas raparigas que baixaban das aldeas das montañas dos arredores e os *chairesgos*, mozos da Terra Cha con sona de bravos e presumidos.

119.- n'as EG, MO // d'o EG, MO, MT, MS

120.- ll'entricaba o EG, MO; ll'entricab'o MT, MS

Suxerente metáfora: as *trenzas* ou lazos que atan o mandil da moza *carpazona* simbolizan a atadura amorosa que sofre o *chairego farfantón* ao ficar enguedellado (ou co corazón *intrincado*) pola súa beleza; mais literalmente, a moza enmarañaba o corazón do chairego coas trenzas do seu mandil.

121.- Eshuracando n'o chau EG // n'o M O

122.- c'o seu, bastón EG // c'o-a MO; co-a MT, MS

124.- respondíall'ela EG, MO, MT, MS

126.- iluseón M O

127.- tradiceón M O

128.- cando tantos lle EG; cando tanto lle GL // hastr'os MO, MT, MS

129.- d'a EG, MO, MT, MS, GL

130.- fala un caloyo EG, GL

Teño amores na montaña

Métrica

Romance, 8 (-a-a), con rima en e-a (17).

Edicións anteriores

El Eco de Galicia, Buenos Aires, nº 225, 20.1.1898; ATPA; MO, 37-39; MT, 17-19; S, 84-85; *Ronsel*, Lugo, nº 6, Octubre-Noviembre 1924; MS, 40-41; BVJ, 366-367; RAG, 25-26; BB, 13-14.

En S, aínda que leva a indicación de que está tirado de MT, non obstante, contén variantes significativas. En ATPA, entre as cartas de Noriega, na de 1.2.1922 (vid. 5.6.1.7), existe un recorte de xornal sen cabeceira nin data con este poema impreso, constando «Mondoñedo» ao lado da asinatura do autor, tachado e escrito «Trasalba» debaixo e «do I. H. M.» ao lado do nome; á marxe esquerda, e tamén coa letra de Noriega, está escrito «Versos d'a miña mocedad»; polas variantes ten que ser posterior a EG e por estar datada en Mondoñedo ten que ser anterior a MO; a súa datación debe oscilar entre 1898 e 1901. En R leva como indicación final «Trasalva» e en BB «Trasalba, 1924».

Variantes e comentarios

Leopoldo Pedreira di con relación a este poema: "La segunda poesía de esta colección -en el orden en que las coloca el poeta- basta, a mi modo de ver, para poner a Noriega Varela en primera fila en el Parnaso regional, al lado de Rosalía, de Curros y de Valentín Lamas: la espontaneidad del pensamiento, la naturalidad del lenguaje, el aroma campesino de los enxebres giros, las imágenes arrancadas del paisaje como se arranca el césped, para adornar un nacimiento; dan a esta composición una frescura y un encanto insuperables... El argumento de esta hermosa poesía es parecido al pensamiento que encierra un preciosísimo cantar de Tobar y Mac-Mahon, mi malogrado amigo:

Una casita en el campo
Una mujer que me quiera,
Un barril de Jerez seco,
Y después, que vengan penas.

Pero el poeta mindoniense es menos epicúreo que Alfonso Tobar: prescinde de la casita en el campo y del dorado zumo de las vides jerezanas; y se contenta con la posesión de la moza montañesa, una choza alquilada (*despois buscarei casiña, unha casiña terrea*) dos *bacoriños* y el oficio de *zoqueiro*. ¡Cuanta humildad y cuanta poesía!... Bien es verdad que el que logre el amor de una hermosa campesina gallega puede considerarse feliz por muy modesta que sea su hacienda" (18).

Otero Pedrayo afirma: "Pro deseguida xurde o himno do amor: «Teño amores na montaña» latexante, recendente a un paisaxe conquerido pra sempre" (19).

Para Carballo Calero "«Teño amores na montaña» e «Abrulas» poden pasar por romances rosaliáns, anque non nos seus finais, /o do primeiro un tanto prosaico, o do segundo esteticista" (20).

0.- En EG leva por título "Vida nova" e está dedicado "A mi ilustre amigo D. Constantino G. Bolaño"; en ATPA titúlase significativamente "Montañesas"; en MO figura como título a dedicatoria "A D. César Seco Romero" (21); en MT non leva

- Teño amores na montaña,
 teño moza montañesa,
 que ma deparou un santo
 no turreiro dunha festa.
- 5 Déronlle as rosas de maio
 roxa color prás meixelas,
 branca, ¡volainiña branca!,
 sei*que* inda é máis que as folerpas,
 e de folerpos da neve
- 10 penso que debeu ser feita,
 xa que o sol i as nordesías
 no ma logran ver morena.
 Teño amores na montaña,
 teño unha moza brañega,
- 15 que, si cos ollos feitiza,
 o corazón me estonteia
 c'aquelas palabras doces,

título, como se fai constar en S; en R titúlase "Amores na montaña (Versos d'os meus vinte anos)"; en BVJ tampouco o leva.

1.- n-a EG, S; n'a MO

3.- que nasceu c'os cabrinfollos EG // m'a ATPA, MO, MT, S, R, MS, RAG

4.- entr'os toxales d'a serra EG // n'o MO; n-o S // d'unha ATPA, MO, MT, S, R; d'a unha MS, RAG; de unha BVJ

O *a* que aparece en MS é, sen dúbida, un erro involuntario, repetido despois en RAG, que reproduce fielmente do mesmo.

5.- deull'un-ha rosa acencida EG // Déronll'as ATPA, MO, MT, S, R, MS, RAG // mayo MO, S

6.- as rosiñas das meixelas R // roxo EG // pr'as EG, ATPA, MO, MT, S, MS, RAG

8.- sei*qu'*ind'á EG // sei*qu'*ind'é ATPA, MO, MT, S, R, MS, RAG // qu'as EG, S

9.- d'a EG, ATPA, MO, MT, MS, RAG; de S, R

10.- debe S

11.- qu'o EG, ATPA, MO, MT, MS, RAG // y as EG; y-as ATPA, MO, MT, S, R, MS, BVJ, RAG; e as BB

12.- non a EG; no m'a ATPA, MO, MT, MS, RAG; non m'a S, R; non ma BB

A asimilación de nasais, por un fenómeno de fonética sintáctica, cando vai o adverbio *non* seguido do pronome *me*, é maioritaria en toda a produción escrita do autor e tamén nesta obra, onde temos oito casos de asimilación *no me* (vid. en M: 2.12, 2.24, 3.61, 3.87, 11.17, 11.19, 17.19, 24.24) fronte a dous sen ela *non me* (6.6, 24.26); non obstante, non se produce a asimilación cando o adverbio vai seguido de verbo, aínda que comece por *m* (vid. tamén en M: 6.9 e 11.14).

13.- n-a EG, S; n'a MO

14.- un-ha EG // moza laberca EG, ATPA, MO, MT, S; moza labrega R

15.- c'os EG, ATPA, MO, MT, S, R, MS, RAG

16.- dam'o curazón de perda EG // m'estonteya ATPA, MO, MT, S, MS, RAG; m'estontea R; me estonteya BVJ

17.- coa aquelas BB // faliñas doces R

- i aquelas surrisas meigas
das nenas repinicadas,
20 argullo das cumes ermas.
Miña santiña bonita,
¡Dios, que ma deu, ma defenda!,
pois para min non hai ceio,
si no me caso con ela.
- 25 ¡Heime casar!; os solteiros
sempre andan nas malas linguas,
i eu quero vivir con honra,
xa que non teña outra herencia.
Heime casar, ¡non que logo!,
- 30 i heime de casar na aldea,
¡miña nai!, porque alí moran
as poucas almas sinxelas,
que sacan o pan da boca
pra socorrer a probeza.

Non é posíbel a restitución plena da preposición *con* sen alterar a medida do verso; a solución de BB non semella axeitada; talvez sería mellor *co* *aquelas*, mais tampouco é real; vid. E 44.57 e *c'aquel edén cavila*.

18.- y-aquelas EG, ATPA, MO, MT, S, R, MS, BVJ, RAG; e aquelas BB

19.- d'as rulas namoricadas EG; d'as rolas namoricadas R // d'as ATPA, MO, MT, MS, RAG

20.- orgullo EG, R // d'as EG, ATPA, MO, MT, S, R, MS, RAG

A decantación pola forma *argullo* débese interpretar como unha maior aproximación á fala popular e un desexo de dotar de máis sonoridade o verso, mais non como afán diferencialista, que non ten o autor; non obstante, en E 93.12, por exemplo, volve utilizar *orgullo*.

22.- m'a deu m'a EG, ATPA, MO, MT, S, R, MS, RAG

23.- hay EG, MO, R, MS, RAG // ceo EG; ceyo ATPA, MO, MT, S, R, MS, BVJ, RAG

24.- non me EG, S, R

25.- qu'os solteiros E G

26.- sempr'andan EG, ATPA, MO, MT, S, R, MS, RAG // n'as EG, MO; n-as S

27.- y-eu EG, ATPA, MO, MT, S, R, MS, BVJ, RAG; e eu (BB)

28.- teñ'outra EG // teño outra R

Aínda que o nexos causal esixe o verbo en modo indicativo, o feito de aparecer maioritariamente o subxuntivo en diferentes edicións claramente controladas polo autor (e tamén en MS, a definitiva) obríganos a mantelo así; a frase pode adquirir tamén un matiz concesivo desta forma.

29.- Sobre a expresión *non que logo*, e outras similares, afirma o Marqués de Sabuz no traballo que vimos citando: "Con verdadeira naturalidad y oportunidad usa exclamaciones de las que dan carácter al habla gallega, pero contra las cuales alármase y enarmónase la insipiencia de algunos que caracolean de literatos"; Leiras traduce esta expresión por "pues no faltaba más".

30.- y-heime EG, ATPA, MO, MT, S, R, MS, BVJ, RAG; e heime BB // n'aldea EG, ATPA, MO, MT, MS, RAG; n-aldea S; na serra R

31.- mi madre EG // porqu'alí EG, ATPA, MO, MT, S, MS, RAG; porque alá R

32.- xinxelas E G

33.- d'a ATPA, MO, MT, S, MS, RAG

34.- á R

- 35 Despois buscarei casiña,
 unha casiña tarrea
 con cortello, pra criar
 dous bacoriños da teta,
 ¡i a facer pares de zocas!,
 40 que se me canga, abofellas,
 millor que escribir en verso
 na doce fala gallega.

O autor emprega sempre a forma *probeza* e *probe*, vulgarismos producidos por metátese de carácter popular (vid. en M 3.19, 20.2 e 20.11)

36.- unha casiña pequena E G

37.- para E G

Aínda que o uso da preposición *pra* é a norma xeral na obra (vid. M 1.35, 1.44, 1.49, 1.52, 1.66, 1.100...) seguindo o modelo da fala popular, ás veces, por necesidades métricas, úsase a forma plena *para* (vid. M 2.23, 5.41 e 10.24); neste verso o poeta muda o *para* inicial por *pra*, por axustarse mellor á medida.

38.- dous marrelliños R // d'a EG, ATPA, MO, MT, R, MS, RAG

39.- y a EG; y-a ATPA, MO, MT, S, R, MS, BVJ, RAG; e a BB

40.- cang'abofellas EG; cang', abofellas S

41.- qu'escribir EG, ATPA, MO, MT, S, R, MS, RAG

O autor vacila no timbre da vocal átona en *millor* (tres casos en M: 3.90, 6.18 e 23.27) fronte a *mellor* (cinco casos en M: 1.105, 6.43, 18.8, 23.51 e 23.100).

Antón Santamarina (22) cita este verso e o anterior para afirmar que o timbre vocálico de *qu'* está enmascarado, «caso que se dá de contino sempre que a palabra seguinte empece por vocal. Este fenómeno rexístrao con bastante fidelidade a lingua galega escrita antes do ano '51 dado que o uso case xeneral do apóstrofo indicaba a elisión dunha vocal. Arredor deste ano deixaron de se utilizá-las cómodas formas *qu'e c'*»; neste mesmo sentido cfr. 3.3 e 3.4 (*por mor dunha rapaza máis feiticeira / qu'as froliñas que nascen na primadeira*), versos tamén citados por este autor.

42.- n'a MO; n-a S // na nosa R

3

De ruada

Métrica

49 pareados de 12 (AA), divididos en 2 hemistiquios de 7+5.
 14 quintillas, 8, coa mesma combinación de rima (abaab).
 1 redondilla, 8 (abba).

Edicións anteriores

DR; *Revista Gallega*, Coruña, nº 39, 8.12.1895; MO, 65-73; MT, 37-47; RU; MS, 42-50; BB, 15-22; FR, 63-68.

Aínda que DR e RG son do mesmo ano, consideramos como primeira edición DR, pois RG repite as mesmas notas a pé de páxina e leva o mesmo lema, que seguramente tomaría do poema impreso en Luarca. RU figura sen data e coa indicación de «4ª edición popular (6.000 exemplares)»; ao estar impresa en «Tip. La Modelación. José Montero», na rúa Aguirre de Lugo, que foi fundada no ano 1928, aínda que adquiriu a imprenta a vapor en 1931, e tendo en conta a boa calidade do papel, pensamos que debeu ser feita a edición entre este ano e 1936 (23); a cuarta edición podía entenderse como a seguinte a DR, MO e MT, mais a propia tiraxe e algúns testemuños imprecisos fan pensar noutras edicións anteriores en folleto, das que non achamos mostra. Carballo Calero tamén fala de que foi reeditada varias veces e considera esta como a última (24).

Variantes e comentarios

En DR leva escrito na portada, debaixo do título e entre parénteses: «Poesía premiada en el certamen literario musical de Mondoñedo, cuyo Jurado formaron en la Coruña los Sres. Murguía, presidente; Pondal, Ballesteros, Novo y Martínez Salazar, vocales»; en RU tamén figura na portada «Obtuvo premio n'un certámen literario que se celebrou en Mondoñedo o día 21 d'as San Lucas d'o ano 1895...» e os nomes dos membros do tribunal. En RG, MO, MT e BB faise referencia a que foi obra premiada. En DR hai unha nota preliminar do autor que di: «El Sr. D. Ramón Bustelo, Diputado provincial por Mondoñedo-Ribadeo, y autor del tema "una poesía en gallego, describiendo una costumbre del país", costeó esta impresión, además de entregar un valioso objeto de arte, que había señalado como premio. Este rasgo de caballerosidad y protección á las letras, quiero que conste en prueba de agradecimiento». Nese certame literario concedéronse varios premios, segundo as modalidades literarias, recaendo en Noriega o destinado ao tema 18, sobre un motivo costumista en verso; en total houbo seis premios e cinco accésits (25).

Para Leopoldo Pedreira "la joya de esta colección es la poesía que se titula *De Ruada*; magnífica es en ella la descripción de la *fiada*... La descripción de los tertulianos y la de sus conversaciones puede servir de modelo en una Antología de escritores gallegos; la espontaneidad de la dicción contrasta con la profunda observación, con el minucioso análisis que hay en el fondo"(26).

O Marqués de Sabuz trata do tema das fiadas e cita versos deste poema: "El hilandero (en gallego *fiada*, *fiadeiro*, *fiandero* y *fiandón*) es otro de los asuntos mejor tratados por los vates ponentinos. Manuel Martínez González, Valentín Lamas Carvajal, Antonio Noriega Varela, con otros muchos, le han consagrado composiciones, en que se derrocha la pimienta y la sal. Parécenos, sin embargo,

I

Unha noite de inverno das máis escuras
tentoume sei que o demo de ir a Cesuras

por mor dunha rapaza máis feiticeira

que incurren frecuentemente en el prosaísmo, por ajustarse de modo servil a los hechos" (27).

Antonio Fraguas tamén acode a este poema á hora de abordar o tema: "Once años más tarde Noriega Varela nos describe la ruada de Cesuras también en noche de invierno, donde se celebraba la fiesta de pandereta excepto los martes y jueves, que tocaba un flautista al parecer caro para las fortunas de las jóvenes de la localidad. La fiesta se celebra a la luz de un viejo candil y constituye reunión de todo el lugar" (28).

Carballo Calero relaciona "De ruada" con "O fiandón da aldea", do berciano Fernández Morales (29) e Trapero Pardo sinala un "certo paralelismo" con "Un galo", de Leiras Pulpeiro (30). Para Fernández del Riego "O noso autor gozábbase nos festexos, participando neles, e celebrounos moitas veces en versos ocasionais. Paseaba arreo pola Alameda dos Remedios -onde hoxe figura o seu busto-, baixo as ponlas dos tilos e dos castiñeiros. Galano conversador, gañou tamén sona como recitador famoso. Atravesou asimesmo a Alameda cando lle deu por ir a unha fiada a Cesuras. Contouno nunha das máis celebradas poesías costumistas" (31).

Certamente tivo que ser este poema moi popular, principalmente na zona do autor, pois aínda fican persoas que o saben de memoria: "Fai algún tempo certos membros da directiva de O Britton, escoitamoslle ó popular focense Jamucho recitar unha poesía de Noriega Varela, como todos sabemos poeta de Mondoñedo. Esta poesía que leva o título de *De ruada...*" (32).

0.- En RU o título é **De Ruada** (poesía descriptiva); en DR e RG leva a dedicatoria "A mi respetable amigo y querido compañero Don Emilio Tapia y Rivas" e en MO "A D. Emilio Tapia y Rivas" (33); en DR e RG, a continuación do título, figura o lema con que se presentou ao certame de Mondoñedo:

O que escribe en gallego
Por mal qu'o faga,
Pon algun grau d'area
N-a moreada:
Porque di un dito:
Axuntando pingotas
Formas'un cirio.

Benito Losada (34).

1.- d'inverno d'as DR, RG, MO, MT, RU, MS

En DR, RG e MO todos os versos comezan con letra maiúscula; sirva esta indicación para o sucesivo.

2.- seic'o DR, RG; seiqu'o MO, MT, MS // d'ir á DR, RG; d'ir a MO, MT, RU, MS

Este verso leva unha nota a pé de páxina en DR e RG que di: "Cesuras- Rillera de la parroquia de Mondoñedo. Es un grupo de población tan importante, que por sí sola forma una nueva parroquia en el proyectado arreglo de esta diócesis"; é unha aldea da parroquia de Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo, próxima á capital municipal.

3.- d'unha DR, RG, MO, MT, RU, MS

que as froliñas que nascen na primadeira.

- 5 Tropezando nos croios, dando aturuxos,
e petando coa moca nos ventanuxos,

cheguei á Margarida, brinquei o río
e seguín cara adiante, sin medo ó frío.

- 10 Ó relente da noite polos lousados
andaban algús gatos axaneirados;

pero cando os meus zocos tumbar sentinon,
cal da crus os demoros, todos fuxinon.

4.- qu'as DR, RG, MO, MT, MS // nacen DR, RG // n-a DR; n'a RG, MO // primaveira R U

Non é dado Noriega ao uso de diferencialismos; en M non volve aparecer o nome desta estación do ano e en E farao como *primavera* (vid. E 17.4 e 65.0).

5.- n-os DR, RG; n'os MO // croyos DR, RG, MO, MT, RU, MS

6.- co-a DR, RG, MT, RU, MS; c'o-a MO // n-os DR, RG, MO

Moca é palabra habitual na zona, xa recollida por Leiras no seu vocabulario (*moco* ou *moca*), que traduce por «cachiporra»; o autor emprégaa noutras tres ocasións nesta obra (M 1.122, 6.68 e 23.42); tamén en B.

Ventanuxo, que vén recollido nos dicionarios modernos como sinónimo de *ventanuco*, non aparece máis veces en M; en E 98.2 temos *ventaniño*.

7.- â DR; é RG; a MO // ó RG

A *Margarida*: «ermita de la rillera de Cesuras», segundo consta en nota a pé de páxina en DR e RG.

8.- car'adiante DR, RG, MO, MT, MS // med'ó DR, RG, MO, MT, MS

9.- O DR, RG, MO; Ó (MS) // d'a (DR, RG, MO, MT, RU, MS) // pol-os (DR, RG, MO, MT, MS), p6-los (RU)

A palabra *relente* non figura nos dicionarios como tal, senón como *relento*, e a expresión *ao relento*, co significado de "á humidade da noite" que aquí lle acae.

10.- É expresión regularmente recollida nos dicionarios, que tamén se di "andar coa xaneira", por ser xaneiro o mes en que os gatos teñen o período de maior excitación sexual.

11.- cand'os DR, RG, MO, MT, MS // sentiron (DR, RG, RU)

A solución *-non* do pretérito en *sentiron* e *fuxinon* (v. seguinte) é estraña á area dialectal do autor e propia do occidente coruñés e puntos esporádicos de Pontevedra (35). Só temos outro caso en M 3.73 (*dixenon*) fronte a sete casos en *-ron*: 2.5, 3.36, 3.40, 3.100, 3.104, 10.3 e 22.19.

12.- d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS

O seseo implosivo (*crus*) é un rasgo dialectal que divide a área mindoniense occidental e oriental, aínda que restrinxido á zona de Ferrol da primeira (36); Mondoñedo ficaría fóra desa área seseante, mais o autor vacila no seu uso: en M non aparece máis veces esta palabra, mais si *atrós* en 3.126 e *ves* en 3.164; en E 39.0 e 39.1 temos *cruz*; en E 47.4 *crus* rimando con 47.1 *lus*. Todo este poema e as súas variates son un claro exemplo de vacilación e alternancia; a palabra *luz* aparece cinco veces en M, tres sen seseo: 3.53, 6.44 e 13.8 e dúas con el: 3.21 e 10.12; en 14.2 temos *dez*.

Hai moitas referencias ao demo nesta obra, mais só neste verso utiliza a palabra *demoro*; en M 11.35 aparece *demoño*; e en todas as demais ocasións *demo*: M 1.50, 3.2,

Ond'as casas pareime, xunta dun carro,
arrimeime a unha roda, piquei cigarro,

15 e buscando o librillo pola chaqueta,
ouvín o ruxe-ruxe da pandeireta;

pois pretiño, moi preto, de donde estaba,
o bodego da fía de alí cadraba,

20 que, aunque probe, é ás veces niño de amores,
onde a groria entrevémo-los labradores

3.30, 3.61, 3.73, 7.0... En B (vid. s.v. HABER) recolle varias frases con *demo*, logo citadas, como case sempre, por Eladio Rodríguez; en E 9.20 *diabro*.

13.- Ond'ás DR; ond'ás RG; Onda as BB; Onde as FR // d'un DR, RG, MO, MT, RU, MS

A diverxencia entre os editores modernos (BB e FR) á hora de repor a vocal final de *ond'* demostra a falta de elementos claros que nos indiquen a intención do autor; con valor preposicional, tal como é aquí o caso, achamos só dúas veces máis esta palabra en M: 13.7 (*ond'ós cochos durme*) e 23.82 (*i a moza que ond'el non para*); en E achamos oito casos, sete coa grafía *ond'e* un con *onda*; 69.14 (*onda unha cuna*); mais en PNR temos outro caso con *onde*: 9.79 (*pr'onde ós meus fillos*), ademais de catro con *ond'*. Aínda considerando que algunhas gramáticas e dicionarios só falan de *onda* como preposición (37), non cabe rexeitar a locución prepositiva *onde a*, da que, en realidade, provén *onda* (38); pensamos que en casos como M 13.7 e E 82.1 (*ond'ó forno*) a solución podería ser *onde ao* ou *onda ó*, sendo *ó* resultado da contracción de *a* e *o*. Ao non termos clara a vontade do autor, despois de consultar tamén B, A e C, optamos pola máxima fidelidade ao texto (vid. Criterios de edición). Non obstante, fóra deste valor preposicional, nos demais casos restituímos o *e* (vid. M 20.7).

Algo similar ocorre con *como* / *coma* e *xunto* / *xunta*: se neste verso temos *xunta dun carro*, en M 5.8 aparece *xunto daquelas*; en E hai cinco casos de *xuni'*.

14.- arrimeim'onha DR, RG; arrimeime á unha MT, MS

15.- buscand'o DR, RG, MO, MT, MS // pol-a DR, RG, MO, MT, MS; pó-la RU

16.- oín RU // ó ruxe ruxe RG // d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS

17.- moy DR, RU // dond'estaba MO, MT, MS

Colocamos coma ao final do verso, aínda que non figura nas diferentes edicións, pois cremos que é necesario para a súa comprensión; así fica claro que o suxeito elíptico é *eu*.

18.- d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS // da tía FR // d'alí DR, RG, MO, MT, RU, MS

O hipérbato dificulta un pouco o sentido dos dous versos; a orde sintáctica normal sería: «pois o bodego da fía cadraba pretiño, moi preto, de alí, de donde [eu] estaba».

19.- qu'unque prob'é as DR, MO, MT, MS; qu'unque prob'e as RG; que aunque probe e ás BB; que aunque probe é ás FR // d'amores DR, RG, MO, MT, RU, MS

Aínda que só RU coloca entre comas *unque probe*, parece conveniente facelo, para unha maior facilidade na lectura e comprensión; tamén ao final do verso.

20.- ond'a DR, RG, MO, MT, RU, MS // entrevémol-os DR, RG, MO, MT, MS; entrevemos os B B

á lus esmorecida dun candil vello,
que dos grandes i os porcos é un bon espello,

i onde martes e xoves toca o frauteiro,
cal tocara decote, a non ser careiro,

25 ou *si* as pícaras novas, máis dadiveiras,
máis cadelas tiveran nas faldriqueiras.

Alí van os rapaces namoricados
coa bufanda hastra os ollos, taparuxados;

alí van estornelos, ¡xente do vento!,

A reposición da vocal final de *onde* neste verso non ten nada que ver co comentado no v. 13, posto que aquí é conxunción, non preposición, e non hai outra posibilidade de repor unha vocal diferente.

21.- a DR, RG, MO // d'un DR, RG, MO, MT, RU, MS

22.- d'os DR, RG, MO, MT, RU, MS // y-os DR, RG, MO, MT, RU, MS; e os BB, FR

23.- y-onde DR, RG, MT, RU, MS; e onde BB, FR // toc'o DR, RG

A palabra *xoves*, practicamente varrida da fala polo castelanismo *jueves*, sorprende achala nun poema tan fiel á lingua popular, aínda que non debía ser estraña na zona, pois Leiras tamén a cita no seu vocabulario; o feita de usala Noriega é unha constatación da súa presenza na fala.

24.- tocarara decot'a RG // decot'á DR

Colocamos a frase *cal tocara decote* entre comas, aínda que non figura nas edicións anteriores; cremos que esta pasaxe do poema está deficientemente puntuada, o que dificultaba a lectura.

25.- s'as DR, RG, MO, MT, MS

Trapero Pardo di: "*pícaras novas* é o mesmo que rapazas, pois decir *pícaras* na bisbarra de Mondañedo pode equivaler a decir "fillas", inda que non sexan novas" (39).

26.- n-as DR, RG; n'as MO // faltriqueiras DR, RG

O autor acaba preferindo *faldriqueira* (vid M 11.32 e 19.5) fronte a *faltriqueira*, aínda que as dúas existían na fala, como recolle Leiras Pulpeiro (40).

27.- Eilí DR, RG

As formas adverbiais con *a* (aquí, alí, aló...) son as propias da área mindoniense (41) e as que habitualmente emprega o autor (vid. *alí* en M 1.100, 2.31, 3.29...), aínda que en PNR 45,1, por exemplo, nos aparece *el* e en E 47.1 *Eiquí*.

28.- co-a DR, RG, MT, RU, MS; c'o-a MO // bufand'hastr'os MO, MT, MS; bufanda hastr'os DR, RG, RU

Tamén Leiras recolle o verbo «taparuxarse: taperujarse», incorporado por Eladio Rodríguez ao seu dicionario.

29.- eilí DR, RG // d'o DR, RG, MO, MT, RU, MS

A respecto de *estornelos* dinos Trapero Pardo: "En todas as edicións das súas obras vótase de menos un vocabulario, que exprique a terminoloxía por Noriega usada. Se non se dice ó leutor que "estornelo" vale por ensaminarista, e que "o pucho dos dous cornos" era o bicornio que os ensaminaristas tragufan, non será fácil tampouco alcanzar o sentido humorístico inteiro de que está chea a composición *De Ruada*" (42). O propio Noriega foi seminarista en Mondoñedo e grande afeccionado

30 ás furtadas, co demo no pensamento;

alí van os petrucios, que aran a terra,
contar contos dos mouros, casos da guerra,

loitas de héroes gallegos, honor e gloria
das páxinas brillantes da nosa historia;

35 alí van madrileños, ¡de moita sona!,
que cos pés amasaron pan na tahona;

habaneros, que volven de penas fartos,
con sombreiros de palla, pero sin cartos;

alí van militares, que no exercicio
40 inda deron máis voltas que dá un rodicio;

a acudir ás fiadas, o que talvez pudo influír en que non lle permitisen ordenarse crego (vid. Aproximación biográfica).

30.- as DR, RG, MO // c-o DR, RG, MO, MT, RU, MS // n-o DR, RG; n'o MO

31.- eilí DR, RG // qu'aran DR, RG, MO, MT, RU, MS

32.- d'os DR, RG, MO, MT, RU, MS // d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS

33.- d'héroes DR, RG; d'héroes MO, MT, RU, MS

É necesario facer sinérese en *héroes* para que o verso conte como dodecasílabo.

34.- d'as DR, RG, MO, MT, RU, MS // páxenas MO // brillantes BB, FR // d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS // hestoria DR, RG; estoria MO

Certas variantes exclusivas de MO, neste caso *páxenas* e *estoria*, poden ser debidas á man de Leiras Pulpeiro, pois, segundo nos deixou dito Lence-Santar (traducido): "Amigo e mestre de Noriega Varela, el corrixiu-lle o 7 de Xuño de 1903 as poesias da primeira edición de poesias *Montañesas*, e antes de enviá-las o autor a Leopoldo Pedreira Taibo para que as prologase, como o fixo este entusiasta e ilustre galego, brillantísimo literato -entón catedrático do Instituto de Cuenca-, de quen nós conservamos formosísimos pensamentos históricos e políticos, referentes a Portugal e Galiza, que el nos dedicara. En presenza de Noriega e de nós, durante unha mañá e unha tarde fixo Leiras na sua casa a correczón" (43).

O pseudogaleguismo *brilantes* é dos escasísimos que se permite o autor, nada dado aos mesmos; úsao de novo en M 23.10 (*brila*); en E 56.8 temos *briladora*, o único pseudogaleguismo claro da obra.

35.- eilí DR, RG

Madrileños figura en cursiva en DR, RG, MO, MT, MS, FR; en DR e RG tamén vai con maiúscula; en RU vai entre aspas.

36.- c'os DR, RG, MO, MT, RU, MS // n-a DR, RG; n'a MO // taona RG

O castelanismo *tahona* debía ser habitual, pois mesmo Eladio Rodríguez recolle: «Tafona: Tahona, según un Vocabulario popular gallego»; tamén o emprega Cunqueiro en *Xente de aquí e de acolá (entróu de pinche nunha tahona)* (44).

37.- habaneros que volven, de penas fartos (DR, RG, RU)

Habaneros en cursiva en DR, RG, MO, MT, MS, FR; en RU entre aspas.

39.- eilí DR, RG // militares FR // n-o DR; n'o MO

Militares en cursiva en DR, RG, MO, MT, MS, FR; entre aspas en RU.

- alí van vellas tolas falar de santos,
de tesouros, pantasma, trasnos, encantos,

da compañía que sale polos camiños,
do mal de ollo, das fachas, dos demachiños,

45 do pedrazo, que murchas pon as patacas,
das cobras que de noite maman nas vacas,

dun libro de esconxuros que ten o cura,
de como os nenos sanan da crebadura,

das pormesas, dos mortos, das romerías,
50 je doutras mil burradas e bruxeirías!

41.- eilí DR, RG

43.- d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS // sae FR // pol-os DR, RG, MO, MT, MS; pó-los RU

Aínda que FR corrixe o castelanismo *sale*, o autor úsao sempre neste verbo: M 3.138 (*salir*), 8.0 e 8.1 (*sal*), 14.4 (*saleu*), 22.12 (*salir*).

44.- d'o DR, RG, MO, MT, RU, MS // d'ollo, d'as DR, RG, MO, MT, RU, MS // d'os DR, RG, MO, MT, RU, MS

A voz *demachiños* emprégaa Cunqueiro (*Entre os demachiños dos que por aquí se fala está Corisco*), co mesmo significado de "demo que fai trasnadas" (45); tamén se acha recollida da fala da zona a expresión «*Ter os demachiños* = Estar embrujado o hechizado» (46); o *demachiño* é un personaxe da mitoloxía popular.

45.- d'o DR, RG, MO, MT, RU, MS

46.- d'as DR, MO, MT, RU, MS //n-as DR, RG), n'as MO

47.- d'un DR, RG, MO, MT, RU, MS // d'esconxuros DR, RG, MO, MT, RU, MS

48.- com'os DR, MO, MT, MS // d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS // quebradura DR, RG, RU

En *com'* repomos a vocal por non ser partícula comparativa e non ter outra posibilidade de restitución máis que *o* (vid. Criterios de edición).

A substitución de *quebradura* por *crebadura* denota a vacilación neste tipo de metáteses populares: en B temos a expresión *vai decrebadiño* (verbo IR) e outras expresións recollidas co verbo QUEBRAR (*Heiche de quebra-las uñas, Non quebra as loras*).

49.- d'as... d'os... d'as... DR, RG, MO, MT, RU, MS // promesas FR // romeirías R G

50.- d'outras DR, RG, MO, MT, RU, MS // bruxerías RU, FR

O pseudogaleguismo *bruxeirías* contrasta coa palabra *romerías* do v. 49, aínda que nas dúas se producen variantes significativas.

Despois de reproducir desde o verso 31 ao 50, di Leopoldo Pedreira: "Los versos que acabamos de transcribir son... por su fluidez y armonía, por su gracia e intención superiores a los de *A Fiada* de Manuel Martínez González; y esto es su mejor elogio.

Para encontrar algo semejante en la literatura castellana hay que acudir a los escritores canarios que, desde Núñez de la Peña a Pérez Galdós, pasando por Iriarte, se han distinguido siempre, al par de los gallegos, por la exactitud y energía de las descripciones y la finura de la observación psicológica

Viera y Clavijo nos ofrece un trozo semejante al de la *Ruada* de Noriega Varela; pero aun resulta más gracioso y espontáneo el poeta gallego" (vid. nota 4).

II

Cando entrei, nun recuncho fíxome canto,
cabo si, unha neniña, que quero tanto

com'a luz dos meus ollos, porque é Sabela
donairoza, garrida, com'unha estrela.

55 Nas ribeiras do Masma non se ollan frores
com'a branca azucea dos meus amores,

rapaza máis xeitosa nin de máis quedo
non naceu nas montañas de Mondoñedo.

51.- Cand'entrei DR, RG // n-un DR, RG; n'un MO, MT, RU, MS // fíxome DR

A expresión *facen canto* ten o significado de *facen un sitio*, como recolle Eladio Rodríguez; neste verso diferénciase semánticamente de *recuncho*, da que soe ser sinónimo.

52.- meniña DR, RG

As gramáticas recollen *cabo* como preposición co significado de *á beira de, ao lado de*, seguida ou non, como neste caso, de *de*; nas outras dunhas ocasións en que aparece aquí vai seguida da preposición: M 3.93 (*cabo doutras*) e 5.14 (*cabo do mar*).

53.- com'â DR; com'á RG; como a BB; como á FR // lus DR, RG // d'os DR, RG, MO, MT, MS // porqu'é DR, RG, MO, MT, RU, MS

54.- e garrida DR, RG // coma unha DR, RG; com'onha MO, RU; como unha

Polas variantes de *com'unha* que se producen neste verso ratificámonos na opción de non alterar a grafía do autor en MS (edición definitiva); a contracción de *a + u* en *coma unha* daría *onha*, mais neste caso non podemos restituír un *o* posto que xa está representado na contracción; e casos destes hai moitos en toda a obra do autor; en B, nas correccións manuscritas que fai o autor, transforma *com'un*, *com'unha* en *com'on*, *com'onha* (vid., por exemplo, B, s.v. ESTAR: *estou com'on río, estou com'on sapo...*); en E temos: 2.14 (*com'on neno*), 20.16 (*com'onha persona grande*), 84.8 (*com'on carballo*). Non podemos saber perante a forma *com'unha* se está elidido un *a* (nese caso tamén podía pór *com'onha*) ou un *o* (*como unha*).

Garrida é palabra común na Montaña lucense, como observa o propio autor: "Garridamente es un adverbio de modo muy usado aquí. Chove garridamente (cuando es menuda la lluvia), y folerpea garridamente, etc..." (vid. 5.6.1.24); mais tamén a emprega con frecuencia un poeta como Pondal, natural de Ponteceso, na provincia da Coruña (47).

55.- N-as DR, RG; N'as MO // d'o DR, RG, MO, MT, RU, MS // s'ollan DR, RG, MT, RU, MS

En nota a pé de páxina en DR e RU dise a respecto de *Masma*; «El río más importante de las cercanías de Mondoñedo»; en FR: «O río mindoniense que desemboca no esteiro do mar de Foz».

56.- com'â DR; com'á RG // azucena FR // d'os DR, RG, MO, MT, RU, MS

Aínda que desde a perspectiva sincrónica podemos considerar *azucea* como un pseudogaleguismo, non obstante, non debía ser allea á fala, pois senón o autor raramente a empregaría; tamén é recollida esta forma por Eladio Rodríguez, e García de Diego cítala en 1909 ("ar. ASSUSENA, azucea") (48).

57-58.- Estes versos faltan en DR e RU.

58.- nasceu RU // n'as MO // Mondoñedo FR

- 60 ¡A cantos solteiriños lles fire a ialma!
 ¡entre cantas vilegas se leva a palma!

O demo no me leve que cando a quixo
 faguer Dios...¡abofellas soupo o que fixo!

Así ó pronto quedeime sin saudala,
 porque sempre que a vexo prendo na fala,

- 65 e dempoixas á orela, moi despaciño,
 faleille desta sorte: -¿fuche ó muíño?

-Fun levar un folico de gra de trigo.

-E ¿quen era aquel majo que iba contigo?

-¿Tu tes ganas de contos?, ¡seica vés lelo!

Mondañado é a denominación popular, tal como se reflecte na obra de Leiras Pulpeiro e doutros escritores da zona (49); Noriega utiliza tamén a forma *Mondoñado*: E 23.5 e 93.12 (con variantes *Mondañado* nas primeiras edicións); PNR 21.13...

59.- qu'â moitos DR; qu'á moitos // cantos brutamontes RU // fir'a DR, RG // y-alma DR, RG, MO, MT, RU, MS; a alma BB, FR

A substitución de *solteiriños* por *brutamontes* fainos pensar que RU si puido ser unha edición controlada polo autor, en contra do que parecía, pois tense queixado de que realizaran edicións sen o seu consentimento; non parece lóxico que outra persoa fixese tal cambio.

60.- y entre moitas DR, RG // lev'a DR, RG, MO, MT, MS

61.- ó quixo RG

62.- soub'o DR, RG // soup'o MO, MT, MS

Ao lado deste infinitivo *faguer*, temos en M 2.39 a forma *facer*.

64.- por que DR, RG // qu'a DR, RG // n-a DR, RG; n'a MO

65.- â orela DR; á orela RG // moy RU, MS

66.- d'esta DR, RG, MO, MT, RU, MS // fuch'ô DR; fuch'ó RG, MO, MT, RU, MS

67.- *folico de gra*: refírese a un saquiño contendo unha pequena cantidade de grans de trigo para moer; *folico* seguramente sexa diminutivo de *fol*, aínda que José Luís Pensado dubida da realidade do termo (50).

68.- er'aquel frete DR, RG; er'aquel MO, MT, MS // qu'iba DR, RG, MO, MT, RU, MS

Majo é un castelanismo que fixo fortuna no galego, sendo moi empregado polos poetas do Rexurdimento, como, por exemplo, Alberto Camino ou Rosalía de Castro; en M, ademais deste caso, temos outros dous: 9.6 (*do va!, tan majo*) e 10.22 (*poñerse maja*); en E 93.2 mesmo llo aplica á Virxe (*maja Virxe dos Remedios*).

69.- A respecto do pronome de segunda persoa en función de suxeito di Fernández Rei: "O suxeito *ti* é característico, grosso modo, do galego da Coruña e Pontevedra, fronte ó *tu* etimolóxico do resto do galego e de falas do sur de Pontevedra. A forma *ti* gaña terreo e penetra na zona de *tu*, especialmente polo centro de Lugo" (51). Noriega fai uso dos dous suxeitos, tendo *ti* unha maior presenza en M: 3.70, 3.83, 3.94 e 24.17, fronte a dous casos de *tu*: este e 18.5, aínda que teoricamente o autor pertence á área de *tu* (52).

- 70 -Lela estás ti, que falas cun estornelo.
 -¡Arrenégote, Xuncras!, ¿quen é *ese* acheite?
 -Un que tódolos días che merca o leite.
 -Ora o demo, ¿e dixeron que era meu mozo?,
 ¿com'as teipas me quede si cho conozo?
- 75 -Non te faigas, si queres, desentendida;
 ¿cantas veces cho bebe pola medida?
 -¡Leria, leria!, á medida naide lle toca,
 si non quer que nos dentes lle fenda a zoca.

A forma *seica* é excepcional en M e en toda a obra do autor, que tampouco emprega nunca *ca*; só temos este caso de *seica* fronte a catro de *seique*: M 2.8, 3.2, 3.91 e 11.16.

70.- tu RU) // c'un DR, RG, MO, MT, RU, MS

Colocamos coma despois de *ti*, aínda que non figura en ningunha edición; para *estornelo*, seminarista, vid. nota a v. 29.

71.- é es'acheite DR, RG; é 's'acheite MO, MT, MS; é s'acheite RU; é se acheite FR

As lecturas de RU e FR son desafortunadas, pois os dous apóstrofos indicau a elisión da vocal *e* que forma o demostrativo *ese*, única posibilidade de que o verso teña sentido.

Xuncras: eufemismo por Xudas.

Acheite é unha palabra inusual, aínda que recollida nalgún dicionario, que ten un sentido irónico de "anano" ou "bon partido".

72.- todol-os DR, RG, MO, MT, MS; tódo-los RU // merc'o DR, RG, MO, MT, MS

73.- Or'o DR, RG, MO, MT, MS // dixeron BB // qu'era DR, RG, MO, MT, RU, MS // o meu FR

Non é necesaria, tal como suxire FR, a presenza do artigo en *meu mozo*, pois é predicado dunha oración copulativa e a ausencia de determinante serve para expresar unicamente certa relación de pertenza, mais sen individualizar; *era o meu mozo* ten un matiz significativo diferente (53).

74.- como as BB, FR

Teipa, variante de *toupa*, é a forma habitual do galego mindoniense; Leiras cita no seu vocabulario «Teipoeira: Topera» e Cunqueiro escribe «Quizaves algo semellantes digan as teipas...» (54).

75.- Non te faigas agora desentendida DR, RG

As formas *faigo*, *faiga*, *faigas*... do verbo *facer* ou *faguer* son as propias e exclusivas da área mindoniense (55), e tamén as preferentemente usadas por Noriega: M 3.91 (*faigo*), 3.95 (*faigo*); non obstante hai en M un só caso distinto: 1.71 (*faga*); en E temos 12.7 (*fague-lo niño*), 28.14 (*faigan*) e 102.17 (*faigan*).

76.- ch'o DR, MO, MT, RU, MS; ch'e RG // pol-a DR, MO, MT, MS; pol'a RG; pó-la RU

77.- A palabra *naide* ten un amplo uso no galego falado na zona mindoniense; o autor reproducéa na súa obra, aparecendo outra vez máis en M 23.100 e varias veces en E: 9.40, 32.12, 48.9, 48.10 e 85.4; hai dou casos da forma galega *ninguén* en E: 34.18 (nun poema traducido do portugués) e 59.32; en M non aparece.

78.- n-os DR, RG; n'os MO // fend'a DR, RG, MO, MT, MS

80 -¡Bupa!, non te enrabexes, ten máis cachaza,
que ese serio non pinta nunha rapaza.

Di a verdade, Sabela, ¿púxoche o pucho
dos dous cornos na testa?, ¿deuche algún chucho?

Ti ¡xa ora!, da vila non contas nada;
pro como ás veces volves tan colorada...

85 non che falta quen diga, ¡contos de bruxas!,
que che fan na cibdade mil garatuxas.

-¡Ai de min, pecadora!, ¡boh!, ¡no me indines!
-Éche certo, así eu medre, ¡non te presines!

90 -¿Sabes o que che digo?, ¡basta de chanza!,
e, si n'a tes, depende millor crianza;

¿seique coidas que faigo com'a Valura?;

79.- t'enrrabexes DR, MO; t'enrabexes MT, MS; t'enrrabeches RG; te enrabeches FR

Os dicionarios só recollen o verbo *enrabechar*, de uso común, mais tamén Cunqueiro ten empregado a frase *Comezou a enrabexarse* (56).

80.- qu'ese DR, RG, MO, MT, MS // séreo DR, RG // n-unha DR, RG; n'unha MO, MT, RU, MS

81.- púxoch'o DR, RG, MO, MT, MS

82.- d'os DR, RG, MO, MT, RU, MS // n-a DR; n'a MO // deuch'algún DR, RG, MO, MT, MS

En DR e RG hai unha nota a pé de páxina que di: «*Puchos d'os dous cornos* llaman los campesinos a los bicornios, vulgo tricornios, que usan los seminaristas de Mondoñedo»; tamén explica esta mesma expresión Trapero Pardo (57).

Noriega usa *chuchar* e *chucho* co significado de *beixar* e *beixo* (vid. M 24.19: *cando chuchas ós nenos...*), mais en E 28.3 *dácame un cento de bicos*.

83.- d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS; en DR, RG e MO *vila* vai con letra maiúscula.

A expresión *xa ora* foi traducida por Leiras como «claro, ya lo creo, por supuesto» (58).

84.- com'as DR; com-as RG; como as MO // xolves RG

86.- n-a DR; n'a MO

87.- m'indines DR, RG, MO, MT, RU, MS; me endines BB

88.- A expresión *así eu medre* é de uso frecuente na zona do autor; Leiras Pulpeiro úsaa en *Cantares gallegos*: "...i heite de untar, así eu medre, / pero ha de ser coa aguillada"(59); tamén traduce *Así eu medre e luza* por "A fe mía, por mi vida (vid. nota 58); un escritor como Manuel Lugo Freire, natural de Sada (A Coruña), utilizou o pseudónimo de *Asieumedre* e deixounos os *Contos de Asieumedre*, que deu a coñecer principalmente en *A Nosa Terra*.

90.- na BB, FR

91.- seica DR, RG // como a BB, RG

A *Valura*, escrita con maiúscula en todas as edicións, pode ser unha muller orixinaria da Terra-Cha, tal como di Eladio Rodríguez; el mesmo recolle *baluros*

eu non sirvo, ¡que raio!, pra ama de Cura.

Vaite pra cabo doutras, ¡líscate axina!
-¡Craro!, ti soilo queres a estudiantina.

95 -¡Faigo ben!, polo de hoxe, sonche solteira.
-Pois, destoncias... beilémo-la muiñeira.

Anda, vente prá roda.
-¡Douche coa roca!
-Muller, érguete e cala; ¡viva quen toca!

III

Renxeu a porta; en trulladas
100 entraron dando aturuxos,
e mais cantando alboradas,
mociñas repinicadas

como "nombre que se aplica despectivamente a una parte de los naturales o habitantes de las márgenes del Miño, en Castro de Rey; y que se extiende además a los que viven en el partido judicial de Vilalba, a orillas del Támoga y del Ladra"; tamén di : "Aunque el vulgo supersticioso creía a los *baluros* dotados de carácter sacerdotal, lo cierto es que hasta ahora no se ha señalado la verdadera condición de esas gentes, que estaban de antiguo marcadas con un sello de reprobación y condenación...; y ya en el pasado se escribía de ellos: *é a xente máis roín que ten Galicia*". Aníbal Otero recolle *baluro* como "espíritu maligno, demoníaco. Hechicero que ejerce de médico utilizando oraciones y exorcismos" e *valuro* como "usurero" (60).

92.- eu non sirvo, x'o sabes, pr'ama de cura DR, RG // rayo, pr'ama MO, MT, RU, MS // para BB

A variante introducida en BB altera a medida do verso, pasando a ter trece sílabas; *cura* figura con maiúscula en MO, MT, RU e MS, mais non a consideramos necesaria nin significativa.

93.- d'outras DR, RG, MO, MT, RU, MS; de outras BB // líscat'axina DR, MO, MT, MS; líscat'asina RG // axiña FR

A variante de FR rompe coa rima consoante que caracteriza todo o poema. En M 1.109 utilízase a forma máis común *axiña*, aínda que *axina* tamén ten uso na fala.

94.- â DR; á RG, RU

Soilo é unha forma única en M, fronte a *solo* en 23.114 e *sola* en 3.127 e 12.3.

95.- pol-o d'oxe DR, RG; pol-o d'boxe MO, MT, MS; pó-lo d'hoxe RU

96.- bailemol-a DR, RG; beilémol-a MO, MT, MS; heilémol-a BB

O adverbio *destoncias* é citado por García de Diego co significado de "entonces" e *d'entón*, "desde entonces" (61); o diccionario de Valladares dálle a *destonces* esta última significación; aquí *destoncias* equivale a *entón*.

97.- pr'a DR, RG, MO, MT, RU, MS // co-a DR, RG, MT, RU, MS; c'o-a MO

98.- erguet'e DR, RG, MO, MT, MS

Para Leopoldo Pedreira "El poema *De Ruada* no se sostiene constantemente a la misma altura, decayendo sobre todo en los diálogos; pero ofrece rasgos brillantes que Curros no desdeñaría" (62).

102.- rapazas DR, RG

e rapaces coma buxos.

105 Buliron logo os pandeiros,
e da fruta os salouquiños
romedaban garuleiros
cantares dos paxariños
ó amanecer nos loureiros.

110 Que o frauteiro de Zoñán,
anque viste cirigolas,
en tendo a fruta na man,
acaba por volver tolas
as nenas que á fía van.

I as máis xarelas bailaban,

103.- mociños DR, RG

Existe a expresión *forte coma un buxo*, recollida nos dicionarios, na que se basea este verso; en E 88.11 aparece tamén *coma* seguida de palabra que comeza por oclusiva labial sonora (*coma bruxos*).

104.- log'os DR, RG, MO, MT, MS

105.- d'a DR, RG, MO, MT, RU, MS // fraut'os DR, RG // laouquiños FR

106.- remedaban R U

Prodúcese unha antítese entre os *salouquiños* (tristes) da fruta e os cantares *garuleiros* (alegres) dos paxaros.

107.- d'os DR, RG, MO, MT, RU, MS

108.- n-os DR, RG; n'os MO

Leopoldo Pedreira cita esta quintilla como unha das máis fermosas do poema, "versos dulcísimos y sonoros que no desdecirían en *O Gaiteiro de Curros*" (63).

109.- Qu'o DR, RG, MO, MT, MS // flauteiro FR

En DR e RG explícase a pé de páxina: «Zoñan. Lugar o burgo de la rillera de Cesuras»; *Zoñán* (en todas as edicións en vida do autor figura sen acento) é unha aldea da parroquia de Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo, que dista 4,1 Km. da capital municipal.

110.- zaragolas DR, RG

A palabra *cirigolas*, máis comunmente coñecida como *cirolas*, xa é citada por García de Diego como voz de orixe árabe (*çarauilz*), que traduce por "calzones, zaragüelles" (64).

111.- n-a DR, RG; n'a MO // flauta FR

113.- as mozas qu'â DR; as mozas qu'a RG; ás nenas que á RU, BB, FR

Non é acertada a acentuación de *ás*, pois non figura o acento en MS nin na maior parte das edicións en vida do autor e o galego prefire o complemento directo de persoa sen preposición, aínda que esta se use cada vez máis por presión do español (65).

Este motivo do frauteiro que volve tolas as rapazas é equiparábel co *repoludo gaiteiro* de Rosalía (*con esta miña gaitiña / ás nenas ei d'engañar*) ou o *gueiteiro de Penalta* de Curros (*Por eso dond'él chegaba / dábanlle citas d'amores / as mozas por qu'él toleaba*) (66).

114.- Y-as DR, RG, MO, MF; RU, MS; e as BB, FR -// beilaban DR, RG

115 aloumiñando ilusiós,
e, cando unha volta daban,
de moitos tras si levaban
os ollos i os corazós.

O ceio por quen eu morro,
120 Sabela, miña Sabela,
ergueuse, facendo o zorro,
pelisqueina e entrou no corro,
sacudindo na mantela.

1 ó pasar, quentes da chola,
125 tres ruás, que estaban xuntos,
armando atrás batahola,
berraban: ¡que baile sola
polo ben que marca os puntos!

A vacilación do vocalismo átono no verbo *bailar* é evidente ao termos uns versos máis atrás, v. 96, a forma *beilémo-la muiñeira*, cunhas variantes inversas a respecto destas.

A palabra *xarela* tamén aparece nun cantar de Leiras: *Non quero moza xarela, / nin come-santos, nin xota; / quero mocíña que seipa / termar en tódalas cousas* (67); José Luís Pensado explica o significado desta palabra desde unha copla do P. Sarmiento (*Que monas tomaban! / que ceríns tan ledos! / que xarelas, lurpias, / tan tristes por certo!*) a partir da que se interpretou *xarela* como "alborotada, responentona, descarada" (68).

115.- O plural en *-s* (*ilusiós*) das palabras que no singular rematan en *-n* é rasgo característico do galego central e, por tanto, tamén da área mindoniense; Noriega úsao en todos os casos; cando en FB aparece algún plural en *-ns* corríxeo el mesmo (vid. B, p. 1); tres versos máis adiante temos tamén *corazós*. A rima aguda destes dous versos da quintilla é excepcional no poema, onde predomina absolutamente a rima grave.

116.- *cand'unha* DR, RG, MO, MT, MS

118.- *y-os* DR, RG, MO, MT, RU, MS; e os BB, FR

119.- *ceyo* MO, MT, RU, MS; *ceo* FR

121.- *facend'o* DR, MO, MT, MS; *facendo corro* RG

122.- *pelisquein'entrou* DR, RG, MO, MT, MS; *bilisqueina, e entrou* RU; *pelisqueino, entrou* BB; *pelisquein e entrou* FR

A nosa lectura aproxímase a RU, aínda que mantendo o posíbel castellanismo *pelisqueina*, que aparece en todas as demás edicións; restituímos un *a* como complemento directo por se referir a *Sabela*; é necesario facer unha sinalefa de tres vocais para manter a medida do verso; cfr. con *belliscan* en E 44.83.

123.- *n-a* DR; *n'a* RG, MO

124.- *Y-ô* DR; *Y-ó* RG, MO, MT, RU, MS; *E ó* BB, FR // *d'a* DR, RG, MO, MT, RU, MS

125.- *langrás*. RU // *qu'estaban* DR, RG, MO, MT, RU, MS

126.- En *atrós* temos outro caso de seseo implosivo (vid. nota ao v. 12 deste poema); Fernández Rei non o cita ao se referir a *De ruada* (69).

Batahola é un castellanismo non recollido nos dicionarios galegos, talvez imposto pola rima.

127.- *berrando* FR

128.- *pol-o* DR, RG, MO, MT, MS; *pó-lo* RU // *marc'os* DR, RG, MO, MT, MS

130 Fíxose un pouco a rogada,
que é, sin querer, melindrosa;
¿dempoixas?, ¡non digo nada!;
lixeiriña e colorada
voltexaba donairosa.

135 Ai, rapaciñas gaiteiras,
-falou un vello-, ¡a ver ora
si eso é bailar muiñeiras!:
¡criouse nas Coruxeiras
pra non salir bailadora!

140 I on habanero decía,
baduando máis que un loro:
«lo dudo que entodavía

129.- Fixos'un DR, RG

130.- qu'é DR, RG, MO, MT, RU, MS

131.- O adverbio *dempoixas* xa aparecera en M 3.65, sendo estas as dúas únicas veces na obra; temos outro caso de *dempois*, M 3.159, e tres de *despois*: M 2.35, 14.5 e 21.3; *despoixas* é unha forma pouca frecuente, aínda que xa citada por García de Diego como *despoija*, *despoijas* (70).

132.- lixeiriñ'e DR, RG, MO, MT, MS

134.- Ay RU // raparigas solteiras DR, RG

136.- *Eso* é a forma propia da subárea mindoniense oriental do autor (71); só aparece este caso en M; en 9.10 temos *iste*, único forma do demostrativo con *i* na obra; hai casos de *aquel*, 3.68, *aqueles*, 1.59, *naqueles*, 1.91, *aquelas*, 2.17, 2.18...; en E 7.17 temos *iso*.

137.- naceuvos n-as DR, RG // n'as MO // Curuxeiras RG, RU

«*Coruxeiras*: Lugar en los extra-muros de la ciudad de Mondoñedo; las mozas de este lugar tienen fama de bailar muy bien» (nota a pé de páxina en DR; en RG é case igual, mais como *Curuxeira*); en FR «Lugar de Mondoñedo». A lembranza e a saudade das mozas deste lugar acompañarán ao poeta ao longo da súa vida, como se pode ver en E 87 e 88 (*Lembranzas son de lindas pegureiras, / de fascinantes meigas criaturas, / que en noites de lunar das Coruxeiras / baixan ó fiandeiro de Cesuras*).

138.- beiladora R G

139.- Y-on DR, RG, MO, MT, RU, MS; E on BB; E un FR

Habanero vai en cursiva en DR, RG, MO, MT, MS e FR; en RU vai entre aspas.

Para a forma *y-on* xa García de Diego constatara que "la conjunción y hace a veces *on*, *onha* de *un*, *unha*; *un moucho* y *on melro*, *un home* y *onha muller* (72); este fenómeno de disimilación tamén o temos en M 23.64, 23.71 e 23.115.

140.- qu'on DR; qu'un R G

O autor nunca emprega a partícula comparativa *ca*, usa sempre *máis ... que*: M 2.8, 3.4, 3.40, 16.3, 22.14 e 23.9.

Con relación a *baduando*, Leiras recolle o verbo *baduar* e *baballoar* como sinónimos, cos seguintes significados: «Despotricar. Descascar. Rajar. Hablar mucho y fanfarroneando» (73).

141.- qu'entodavía DR, RG, MO, MT, MS

haiga ni en la Andalucía
máis lindo pimpollo de oro».

145 Namentres que así falaba,
¡adiós festa, adiós turreiro!;
vin que o candil apagaba
unha boca, que sopraba
por debaixo dun sombreiro.

150 ¡Vivan sempre os de Cesuras!,
¡jou, minicreques!, -berrei-;
anque estamos ás escuras,
os que aprendedes cos curas
aquí non prantades lei.

155 Buroneses, ¡viva a nosa!,
¡pau de cego e dar con gana!
-outra voz augardentosa
respondeu-; ¡si hai un que tosa,
non leva costela sana!

142.- en Andalucía DR, RG; l'Andalucía MO, MT, MS
Andalucía é unha comunidade que, pola súa inclinación ao baile e ao canto,
chegou a se identificar como símbolo da beleza nesas artes.

143.- tan lindo DR, RG

144.- Na mentres RG; Namentras RU // qu'así DR, RG

145.- fest'e adios DR, RG

146.- c-o DR, RG

147.- En RU *unha boca* está con letras maiúsculas.

148.- d'un DR, RG, MO, MT, RU, MS // sombreira RG

149.- sempr'os DR // Cezuras R U

Para *Cesuras* ver nota ao v. 2.

150.- A forma *minicreques*, vulgarismo producido por asimilación do timbre
vocálico a partir de *monicreques*, non a achamos rexistrada; fenómeno similar
dáse en E 4.14 (*resario*) ou E 102.6 (*zarrados*), por exemplo.

151.- anqu'estamos DR, RG, MT, MS // ás DR; as MO

152.- qu'aprendedes DR, RG // c-os DR, RG; c'os MO, MT, RU, MS

No ano de publicación deste poema, e posibelmente de composición, foi cando o
poeta abandonou definitivamente o Seminario de Mondoñedo, ao non lle
permitiren ordenarse crego despois de terminar os estudos (vid. Aproximación
biográfica).

153.- n-on DR // ley R U

154.- viv'a DR, RG, MO, MT, MS

Os *buroneses* son os habitantes da antiga xurisdición lucense de Burón, que hoxe
vén sendo o partido xudicial de Fonsagrada; di Eladio Rodríguez no seu dicionario
que "se complacen en llamarse *buroneses* *hastra a morte*, enorgulleciéndose con
ello del rincón en que han nacido y haciendo así alarde de su amor al terruño".

157.- s'hay DR, RG, MO, RU, MS; s'hai MT

Logo dempois, ¡Dios me valla!,
 160 caían que era un gustiño,
 ¡cal si se dera na palla
 cando volvemos prá malla
 de xantar con carne e viño!

1 ó chegarlle entón a ves,
 165 un, que abofé n'era manco,
 sin folguexar deume tres,
 i esnafreime contra un banco,
 que tiña pra riba os pés.

.....

Ás costas, por caridade,
 170 cargou comigo un veciño,
 e vindo polo camiño
 nos Picos tocaba o frade.

159.- En *logo dempois* aparecen xuntos dous adverbios de tempo co mesmo valor formando unha expresión viva na fala ; algo similar ocorre en M 23.25 (*aínda anque naceran cegos*).

O castelanismo *Dios* é utilizado sempre polo autor, principalmente en E, onde aparece constantemente.

160.- caían RU // qu'era DR, RG, MO, MT, RU, MS

161.- n-a DR, RG; n'a MO

A utilización do morfema modo-temporal do antepretérito (-*ra*) con valor de pretérito de subxuntivo (-*se*) é rasgo frecuente na fala e na escrita, xa reflectido nas primeiras gramáticas do XIX; por exemplo, Francisco Mirás dá como pretérito imperfecto de subxuntivo "eu amara, amaría e amase" (74). En M temos varios casos deste uso: 3.26 (*si...tiveran*), 4.4 (*coma si foran*)...

162.- cando se volve DR, RG // pr'a DR, RG, MT, MS; pra MO, RU

163.- trás de xantar carne e viño (RU) // carn'e (DR, RG, MO, MT, MS)

164.- Y-ô DR; Y-ó RG, MO, MT, RU, MS; E ó BB, FR

Novo caso de seseo implosivo en *ves*, talvez forzado polas necesidades de rima (vid. nota ao verso 12).

165.- qu'abofé DR, RG // no era BB, FR

166.- Noriega nesta obra emprega sempre *sin* como preposición (vid. en M: 6.22, 6.29, 7.10, 10.36, 12.4...); vid. nota a E 54.2.

167.- y-esnafreime DR, RG, MO, MT, RU, MS; e esnafreime BB, FR // contr'ôn DR, RG

168.- prarriba DR

169.- As.DR, RG, MO, RU

171.- pol-o DR, RG, MO, MT, MS; pó-lo RU

172.- n-os DR, RG; n'os MO, MT, MS // tocab'o DR, RG

Os Picos figura con todas as letras maiúsculas en MO, MT e MS; en DR e RG leva a seguinte nota explicativa: «Convento de los PP. Pasionistas, a un cuarto de legua de Mondoñedo»; en FR «Os Picos foi un vello convento franciscano, situado nunha altura veciña da cidade mindoniense». Leiras tamén o cita nun cantar (75).

4

Déitoos comigo na cama...**Déitoos comigo na cama,**Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima i-o.

Edicións anteriores

Revista Gallega, Coruña, nº 497, 20.9.1904; MO, 75; MT, 49; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 460, 17.12.1938; MS, 51; SR, 13; BB, 23; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, abril 1984.

En RG o poema consta de doce versos, catro máis que na edición definitiva; leva a indicación final de «Mondoñedo», cando o poeta xa levaba tres anos en Foz; pode ser anterior a 1904 e, sen dúbida, é unha primeira versión logo corrixida; reproducímola íntegra e literalmente por presentar varios versos distintos, aínda que os últimos sexan coincidentes:

A rayoliña do sol
 rascos ó rente embigo;
 cóntolles total-as tetas,
 doulles chuchos no fuciño,
 métos comigo na cama,
 porque asubía de frío,
 e os crio c'o biberón
 coma se foran meus fillos.
 ¡Animas e San Antoño
 mos defendan...! Dous ranchiños
 que trouxo a muller d'a feira
 do nove... ¡Chiniño, ¡¡chiiino!!

En VA temos outra versión que rompe coa realidade da métrica:

Choro, si non dan ô rabo;
 Doulles chuchos n-o fuciño
 E críos ô biberón
 Coma si fosen meus fillos.
 Sánimas e San Antoño m'os defendan,
 Dous ranchiños que troxo a muller d'o nove.
 ¡Chiniño! ¡chino!

Variantes e comentarios

Sebastián Risco di con relación a este poema: "Noriega Varela refleja en imagen de extremo realismo, con gracia rayana en lo guñolesco, el apego del campesino a sus cerdos de cría" (76).

0. En RG, MO, MT e VA non figura ningún título; Deit'os (MS)

1.- Deit'os MO, MT, MS // n-a MO

doulles chuchos no fuciño,
e críooos a biberón,
coma si foran meus fillos.

5 Ánimas e San Antonio
mos defenda: ¡dous ranchiños,
que trouxo a muller da feira
do nove!; chiniño, ¡chiino!...

2.- n-o M O

3.- cri'os MO, MT, MS // ó biberón M O

4.- Hai outros dous casos de *coma* en M: 3.103 (*coma buxos*) e 5.9 (*coma estrelas*).

5.- S'ánimas M O

6.- m'os MO, MT, MS // defenda MS, SR, BB, AM

O normal é que, ao seren *Ánimas* e *San Antonio* o suxeito, o verbo vaia en plural; talvez en MS se producise un erro involuntario ou concorde co suxeito máis próximo.

7.- d'a MO, MT, MS

8.- d'o MO, MT, MS // chiiino M O

Con relación á palabra *chino*, Fernández Rei, ao tratar da área mindoniense, afirma que "o «porco» na parte oriental é sempre *cocho*, mentres *porco* é forma común na occidental, xunto con *chino* e mesmo algún punto presenta *cocho*" (77).

5

Prás canónigas

Montañesas, ¡boa sorte!
 eu adiós non volo digo,
 que sempre fun voso amigo,
 i heivos de olvidar coa morte.

Métrica

6 décimas espinelas, 8 (abbaaccddc) (78).

Edicións anteriores

MO, 83-86; MT, 57-60; MS, 52-54; BB, 24-26.

Variantes e comentarios

0.- Pr'as MO, MT, MS

O significado de *canónigas* explícao Lence-Santar: "A Foz concurren multitud de bañistas de los partidos judiciales de Mondoñedo, Villalba, Fonsagrada y Lugo.

En Septiembre es cuando llegan las *Canónigas*.

¿Quienes son las Canónigas?

Las montañesas que van a tomar baños.

¡Y cómo los toman...!

¡Doce y catorce en cuatro días!

Es extremo interesante ver como se bañan las buenas mozas de la montaña.

¡Qué cuerpos más esculturales, qué alegría, qué bullicio, qué algazara...!

¡Cuadro hermoso verdaderamente encantador!

Cuadro que el querido amigo Noriega Varela recogió..." (79).

Tamén lemos nun xornal de Foz: "*Volverán las oscuras golondrinas*, decíamos al finalizar el pasado verano, parodiando a Bécquer y refiriéndonos a las montañesas que llegan a nuestras playas todos los años, al verlas partir para sus aldeas ya lavado el cuerpo por el mar que besa la *Rapadoira*.

Y efectivamente, ya están ahí las primeras de la temporada veraniega que empieza.

Vímoslas por la playa cogiditas de la mano como sos de Calatorao, cuando no haciendo calceta.

Todas visten de igual modo: con pañuelo amarrado a la cabeza, saya corta, medias de lana y zuecas de chinela; usando el mismo idéntico atavío las abuelas que las niñas.

Celebrémoslas bienvenidas, y nos alegramos de que Foz, gracias a ellas, entre en vías de *canonización*" (80).

2.- vol-o MO, MT, MS

A fórmula de despedida *adiós* é un castellanismo introducido na nosa fala e na literatura desde hai tempo; lembremos só aquel cantar popular (*Adiós ríos, adiós fontes...*) recollido por Rosalía; en M aparece tamén en 1.106 e 3.145; o autor nunca emprega a forma galega *adeus*.

4.- y-heivos d'olvidar...MO, MT, MS; heivos BB // c'o-a MO; co-a MO, MT

- 5 Cando, aturulando forte,
chegástedes á ribeira,
pensei que estaba na feira
de Gontán, xunto daquelas
carpazonas coma estrelas,
10 que bailan a muiñeira.

- Vades boas de troular:
inda ben non era día,
quen vos despide xa vía
brañegas cabo do mar.
15 ¡Que pulos!, ¡que esbatuxar
na iauga!; cousiñas tolas,
roxas com'as amapolas
dos vilariños da aldea,
brincábades pola area
20 i entre as escumas das olas.

5.- O verbo *aturular* xa foi rexistrado polo P. Sobreira na Montaña lucense como sinónimo de *aturutar*, *azuar* ou *agruar*, "gritar en tiple como suele hacerse al fin de alguna cantiga" (81); en E 90 e 91 *atruxan* e en E 9.40 *aturuxo*.

6.- a ribeira M O

Para a forma *chegástedes* afirma Fernández Rei que "en falas do nordeste da Coruña e esporadicamente en Lugo, nas que a P2 termina en *che(s)*, en plural rexístrase o SNP hipercaracterizado *stedes* a carón de *-stes*" (82); non hai máis casos en M.

7.- qu'estaba MO, MT, MS // n'a M O

8.- d'aquelas MO, MT, MS; de aquelas B B

Gontán: aldea da freguesía de Quende, municipio de Abadín (Lugo), que dista 1.1 Km. da capital do Concello.

11.- Aínda que a forma *ides* é a maioritaria en todo o territorio galego, "*vades* ten máis densidade no nordeste da Coruña, no norte de Lugo e no galego oriental" (83); neste mesmo poema, v.49, aparece *ides*; non hai máis casos en M.

14.- d'o MO, MT, MS

Brañegas, *carpazonas* e *montañesas* son os tres sinónimos con que o autor designa as *canónigas*, as rapazas que baixan da Montaña para se bañaren na praia de Foz, onde o poeta está de mestre cando compón o poema.

15.- qu'esbatuxar MO, MT, MS

Esbatuxar ten entrada normalmente nos traballos lexicográficos como *batuxar*, forma máis común.

16.- n'a MO // y-auga MO, MT, MS; na auga (BB) // gueivotas tolas MO, MT

17.- como as B B

Suprimimos a coma ao final do verso, aínda que figura en todas as edicións, por non ser procedente neste caso, tal como confirman as variantes do verso seguinte.

18.- qu'hay n'os centeyos d'aldea MO; qu'hai nos centeyos d'aldea (MT) // d'os MS // d'aldea M S

19.- pol-area MO, MT, MS

A acentuación proparoxítana da primeira e segunda persoas do plural dos copretéritos (*brincábades*), antepretéritos e pospretéritos é característica do centro e norte de Lugo, tal como aparece na obra do autor (84).

20.- y-entr'as escumas d'as MO, MT, MS // e entre B B

- Donde había colorados
 refaixos, campaba o cego
 de Espiñarcao, un brañego...
 ¡si os hai na Corda escolmados!;
 25 as trazas dos nemorados
 feitízanlle a inspiración;
 de gracia viña ó Espigón
 pra cantar; ¡mais eu choraba!,
 que nas copras latexaba
 30 da montaña o corazón.

As San Lucas me lembrou

Citando esta estrofa, e despois de falar do poema "Nus farrapos...", afirma Leopoldo Pedreira: "Muy contraria es la tonalidad de otra composición *Pr'as canónigas* en la cual hay una décima llena de movimiento, verdaderamente cinematográfica" (85). Lence-Santar tamén reproduce esta "décima de su inspirada poesía *Pr'as canónigas*" como cadro descritivo da praia de Foz (86).

21.- Dond'había MO, MT, MS

23.- d'Espiñarcao MO, MT, MS

Espiñarcao: aldea da freguesía de Romariz (Abadín), que dista 2.1 Km. da capital municipal; tamén fai uso deste topónimo en PEX 3, coa forma *Espiñarcau* (vid. 5.6.1.34).

24.- hay MO, MS // n'a MO

Corda: os montes da Corda están no concello de Abadín; aquí refírese aos habitantes das aldeas próximas a estas montañas que o poeta percorreu na xuventude e nas que se inspirou para a súa obra, tal como nos di Cunqueiro: "Os dous maiores poetas vivos dos meus anos mozos eran Ramón Cabanillas e Antonio Noriega Varela. Este, o Poeta da Montaña, como gostaban os críticos e apoloxistas de chamar, nacera en Mondoñedo, e a montaña que cantaba non era a gran montaña luguesa, sinón Romariz e Labrada na Corda fadigada, de inclinada cabeza baixo o vendaval e a brétema" (87).

Con relación a *escolmados* temos en B a expresión *é das escolmadas* "para decir que una mujer es hermosa" (vid. s.v. SER).

25.- d'os MO, MT, MS

26.- feitizanll'a MO, MT, MS

Ao final do verso substituímos a coma das diferentes edicións por ponto e coma.

A redución de grupos cultos en casos como *inspiración* é un fenómeno frecuente na fala popular, que o autor reproduce con certa frecuencia; temos o mesmo caso en E 44.51 (*incostante*), e outros similares en E 5.2 (*insinificante*), 33.33 (*inavertida*), 44.47 (*manfíca*), 63.11 (*desina*), 69.11 (*repuna*)...; vid. *inspiración* en E 45.2

27.- tras vosco viña ô Espigón MO

O *Espigón* está na desembocadura do Masma e antes da praia da Rapadoira.

29.- n'as MO

30.- d'a MO, MT, MS

31.- A alteración da orde lóxica da frase, comezando co complemento directo e seguindo co indirecto, verbo e suxeito, fai que a posición do pronome átono sexa proclítica.

- aquel cantar!, ¡que tres días
con tres noites!, e ¡que crías
van feirar!... Xa pasou
35 a mocedá; mais quedou
fulgurante unha muxena
no borrarlo; ¡a fonda pena
que sinto, lonxe da serra,
das feiras da miña terra,
40 da meiguice dunha nena.

- Quedan, tamén, para inzar
pulgas ¡a vao! nas lareiras,
e fungando as manxupeiras
onde adoitades parar;
45 deixádeslles que rascar
así como lles fai falla,
e porque o mar xa vos ralla,
fartas de larpar sardiña,

As *San Lucas* figura con todas as letras maiúsculas en MO, MT e MS; chámanse así as populares festas patronais de Mondoñedo, que se celebran cada 18 de outubro, e ás que tamén baixan as mozas das aldeas dos arredores.

35.- A solución dada en *mocedá* ao sufixo latino -TATEM é minoritaria en M, onde só temos outro caso en 1.37 (*mocedá*) fronte a 3.81 (*verdade*), 3.86 (*cibdade*), 3.169 (*caridade*), 5.58 (*libertade*), e 23.36 (*edade*); en 1.75 aparece a forma *virtú*; a rima non é a única explicación desta vacilación, pois en varios casos non están en posición de rimar, aínda que tamén pode influír a medida do verso. En E temos solucións como a do presente verso en 9.7 (*verdá*), 27.10 (*gratitú*), 46.3 (*salú*), 79.1 (*piadá*), 91.5 (*inquietú*), 99.0 e 99.1 (*señardá*); con relación a esta última palabra di o autor que "a la *saudade* llaman mis montañeses *señardá*" (vid. 5.6.1.24).

36.- aces'algunha moxena M O

A voz *muxena* ou *moxena* é moi utilizada por escritores da zona mindoniense ou próximos a ela; así, Cunqueiro en *Don Hamlet (e como unha moxena xa está a man na cadea...)* (88), ou Trapero Pardo no título da súa obra *Lóstregos e moxenas* (89); sempre co significado da voz máis común *muxica*, aínda que Leiras Pulpeiro recolle *mùchica* ou *moxena* como "Pavesa. Pieza de las trébedes en forma de horquilla para asegurar el rabo de la sartén" (90); o P. Sobreira rexistra *moxica*, "pequeña chispa que arroja... Ascua" (91).

38.- d'a MO, MT, MS

39.- ¡as feiras d'a miña terra! MO // d'as MT, MS // d'a MT, MS // natal terra M T

En MT e MS *as feiras* figura con todas as letras maiúsculas.

40.- ¡os ollos d'a miña nena! MO // d'os brazos d'a miña nena MT // d'a meiguice, d'unha nena M S

41.- Diz que quedan para inzar M O

42.- n'as M O

Leiras Pulpeiro recolle a locución adverbial *a vao* e tradúcea por "en abundancia" (92), que cadra co sentido deste verso.

43.- Aquí *as manxupeiras* son as mulleres, tamén cocineiras descoidadas, que lles alugaban habitacións. ás montañesas.

- ides prá vosa casiña
 50 ver os medeiros da palla.
- ¡I as ovelliñas!, ¡i a frol
 dos toxales!, ouro vello,
 que ten nas fóllo-lo sello
 dos chuchos que lle dá o sol;
 55 Virxen do Monte, ¡cun fol
 ó lombo tamén me eu iba!;
 mais, ¿que digo?; xa cautiva
 teño a miña libertade,
 marchade, nenas, marchade,
 60 ¡non volva o trasno pra ribal!...

49.- pr'a MO, MT, MS

50.- d'a MO, MT, MS

51.- Y-as MO, MT, MS // y-a MO, MT, MS

52.- d'os MO, MT, MS

O plural en *-les* (*toxales*) das palabras terminadas en *-l* no singular é norma xeral no autor, como podemos ver en M 6.31 (*ceñdales*), 7.5 (*candiles*), 17.14 (*feles*), 22.15 (*pombales*), 22.18 e 23.101 (*froles*) ou en E 6.1 (*claveles*), 6.10, 44.3 e 44.98 (*toxales*), 13.15 (*nabales*), 16.5 (*azules*), 35.5, 56.2, 89.1 e 99.3 (*piñeirales*), 40.19 (*catedrales*), 40.20 (*ideales*), 59.1 (*petruciales*), 69.12 (*ánxeles*), 83.1 (*breñales*). Para Fernández Rei esta solución en *-les*, xeral en grande parte do territorio galego, "máis que dun castelanismo morfolóxico, ben pode deberse a unha evolución xerada polo propio galego, o mesmo que pasou no norte de Portugal" (93).

53.- n'as MO // follal-o MO, MT, MS; follas o B B

A asimilación do artigo en contextos non habituais (*fóllo-lo*), principalmente na escrita, preséntase en varios ocasións, como en E: 6.6 (*con diamánte-las noites*), 12.7 (*méntra-la sombra*), 44.78 (*tornáda-las moscas*), 46.5 (*ás imáxe-las velas*), 65.1 (*rúda-las maneiras*), 75.12 (*son breñoso-los cimbras*), 89.11 (*méntra-la neve*).

54.- d'os MO, MT, MS

55.- Virgen MO // d'o MT, MS // c'un MO, MT, MS

A Virxe do Monte é venerada en varias localidades galegas, tal como reflecte o noso cancionero popular; o propio autor recolleu algunhas delas (vid. V 20, 21, 22, 23, 24)

56.- m'eu MO, MT, MS

60.- o demo MO, MT

6

Á montaña

Loas que che brindo son
os meus versos, irta serra,
porque adoro a tradición,

Métrica

15 quintillas, 8, con tres combinacións de rima: 9 (abaab), 3 (aabba), 3 (aabab).

Edicións anteriores

Galicia, Madrid, nº 25, 1.8.1907; *Mondoñedo*, nº 88, 9.8.1907; MT, 63-67; ECA, 413-415; *A Aurora do Lima*, Vianna do Castelo, nº 46, 1921; *Acción Gallega*, Buenos Aires, nº 55, junio-julio 1925; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 8, 20.4.1930; MS, 55-58; FDR, 18-20; RAG, 27-29; *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 17.5.1969; AI, 22-24; BB, 27-30; GEG, 115-117; FR, 69-71.

En G e MD leva a indicación «Foz, 1907», en ECA «Foz, 20, II, 07»; AL é un recorte de prensa enviado polo autor a Teixeira de Pascoães en carta de 1.7.1921 (vid. Apéndices: 5.6.1.5) no que non se pode ler a data, aínda que é dese mesmo ano 1921, pois leva a indicación de «Trasalba (Orense)» e, debaixo do nome do autor, «D'o Instituto Histórico do Minho» (vid. Apéndices: 5.3); en VA figura «Sta. M^a Madanéla d'a Graña de Villarente» ao final do poema.

Tamén foi publicado en *El Ideal Gallego*, Coruña, 17.10.1923, mais o mal estado do texto non nos permite unha lectura fiábel, aínda que en xeral non observamos variantes de importancia; en *El Progreso*, Lugo, 17.5.1969, públicáronse as cinco primeiras estrofas, das que tamén prescindimos por non conteren nada relevante.

Variantes e comentarios

Comparando a Noriega con Leiras Pulpeiro, Trapero Pardo afirma: "Noriega, en troques, levou o título de *Poeta da Montaña*, e louvaba ás xentes e ás terras montańesas, dándolle por extensión o nome de Montaña á meseta central da provincia, a chamada *Chaira e Terrachá*. Como proba do amor que lles tiña ós costumes e paisaxes 'dos montańeses', dexou este poema" (94).

0.- Non leva título en G, MD, ECA e AGA; en AL leva a seguinte dedicatoria: «Para Don Eduardo A. Sousa Sarmiento, mi Coronel, y bienhechor magnánimo» (95); en VA ten un antetítulo, «Versos d'outrora. Loas».

2.- hirta V A

3.- ador'a AGA // A Tradición AL; A Tradición V A

Sinalamos estas variantes de *tradición* con maiúscula pola relevancia que teñen, pois para o autor esta era un valor absoluto e constituía a base da súa ideoloxía (vid. I.2.3); é frecuente achala así: vid. E 21.23 (*asegura A Tradición*), E 69.3 (*que a Tradición ó Ermo lle legara*) ou III.6.1.41 (*el báculo de la Tradición*). Como demostración do seu amor pola tradición está o empeño constante ao longo da súa vida por recoller e preservar os restos da mesma: ditos, refráns, cantares, adiviñanzas..., do que son boa mostra B, BR, V, A e C. Mesmo se pode afirmar que o seu amor pola montaña provén do seu amor á tradición, da que aquela é a mellor salvagarda.

5 i en par do teu corazón
gárda-las da nosa terra.

Non me namora o mar fero,
que a moitos tanto lles gusta;
a ti, montaña, che eu quero,
e non morro, porque espero
10 gozar da túa paz augusta.

Teño de ollo hai moitos anos
vivir na máis brava cume

4.- y-en G, MD, MD, ECA, AGA, MS, RAG; y-a AL; y-â VA; e en BB, FR // d'o MT, VA, MS, RAG

5.- gardal-as G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG; gardas as FDR, BB; gárdalas (ECG, AI) // d'a MT, AL, VA, MS, RAG

6.- No me AL

É este nn dos dous casos en M onde non se produce a asimilación de nasais en *non me* (vid. nota a 2.12).

7.- lhes AL

Como evolución do grupo latino -ULT- temos sempre o ditongo *oi* en M: *moi* en 3.17 e 3.65; *moito(s)*, *moita(s)* en 1.29, 3.35, 3.117, 6.11, 9.1, 10.8, 10.34, 14.10, 15.29, 17.11, 20.1, 21.1, 23.9, 23.95, 23.99 e 23.118; contrasta este uso co doutros escritores da zona, por exemplo Cunqueiro, que usa con frecuencia *ui*; Manuel González afirma que "o feito de que *mui* e *muíto* teñan tanta frecuencia en Cunqueiro, fronte ás solucións *moi* e *moito*, que son as propias da fala de Mondoñedo, puidera deberse á proximidade de Mondoñedo a falas onde o resultado normal é *muíto* (ou mesmo *mutio* e *mutio*) (96); non obstante, en Noriega non se deu esa posíbel influencia; así E 9.22 *mui* e E 37.2 *muíto* (vid. variantes).

8.- ch'eu G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

Novamente temos a anteposición do pronome átono motivada pola alteración da orde lóxica da frase. O uso de *che* estaría xustificado porque o verbo *querer*, "cando significa 'amar, ter afecto a algo ou a alguén'(lat. AMO), constrúese con dativo e con preposición *se* o complemento é nominal" (97).

9.- não AL // porqu'espero G, MD, MT, ECA, AGA, VA, MS, RAG

10.- d'a G, MD, MT, ECA, AGA, VA, MS, RAG

Hai que facer sinérese en *túa* para que o verso conte como octosílabo.

Citando esta estrofa, afirma Hugo Rocha: "Noriega Varela adora a montaña, como um pagão adora um ídolo. Contudo, a poesia do poeta de Mondoñedo ressuma puro e vibrante cristianismo... Assim canta, enlevado no seu amor, numa das quinze quintilhas que consagra «Á Montaña»" (98).

González Martín tamén recorre a esta estrofa para afirmar: "Dentro del *modernismo*, en el caso de Noriega, lo moderno (valga la redundancia), es la vuelta a los clásicos castellanos y portugueses aunque sea a través de Anthero de Quental o de su amigo, Teixeira de Pascoães. No hay que buscarlo en la imitación de formas que hoy vemos muertas en el nicaragüense. Oigamos, por ejemplo, en *Montañasas*, una Santa Teresa pagana" (99).

11.- d'ollo G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG; de oll hai ECG // hay G, MD, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

12.- O poeta usa sempre *cume* como feminino en M: 2.20 (*argullo das cumes ermas*) e 23.88 (*subir ás cumes*); tamén aparece en E 9.41 (*na cume*).

15 da Galicia, entre os peisanos,
que, sentados nos escanos,
invernán preto do lume.

20 Do que vai pra terra extraña
contan que aló ben se apaña;
pro polo millor tesouro
non troco as froliñas de ouro
con que te vistes, montaña.

25 Si no mundo hai bes seguros,
que se logran sin conxuros,
que non demandan traballos,
son os teus aires, tan puros,
i as sombras dos teus carballos.

¡Canto a miña alma se reve
na singular fermosura

13.- de Galicia G, MD, ECA, AGA; d'a MT, AL, VA, MS, RAG; de a Galicia FR // entr'os G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG // paisanos AL, VA, FDR, GEG

A presenza do artigo determinado acompañando a *Galicia* é excepcional en M: 1.1 (*O que a Galicia mal queira*), 1.87 (*un lamote de Galicia*) e 12.3 (*e Galicia queda sola*).

Hai predominio da forma *peisanos* en M: 1.25, 6.13 e 23.68; só hai un caso de *paisanos*: 22.1.

15.- d'o G, MD, MT, ECA, AL, VA, MS, RAG

16.- D'o G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

17.- s'apaña G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

18.- pol-o G, MD, MT, ECA, AL, AGA, MS, RAG; pó'lo VA // mellor G, MD, ECA, AL, AGA, FR // thesouro VA

Esta vacilación *mellor / millor* dáse en toda a obra, aínda que con predominio da primeira; temos *mellor* en M 1.105, 6.43, 18.8, 23.51 e 23.100; *millor* en M 2.41, 3.90 e 6.18 (vid. nota a 2.41).

19.- d'ouro G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

Sobre esta estrofa din E. López Canedo e A. Gándara Feijóo: "Con esta nostalgia de la tierra se conjuga el deseo vehemente, naturalista y primitivo, de gozo en la presencia, de alegría en el sentir diario de la naturaleza pródiga en encantos y atractivos" (100).

21.- muudo MD // hay G, MD, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG // bês VA

Para o plural das palabras rematadas en -n (*ben / bes*) vid. nota a 3.115; a forma *bes* tamén aparece na obra de Cunqueiro (101).

25.- y-as G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG; e as BB, FR // d'os G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

26.- miñ'alma G, MD, MT, ECA, AL, AGA, MS, RAG // se revé BB

O verbo *reverse* xa fica recollido no dicionario de Valladares co significado de «alegrarse, complacerse, deleitarse», que aquí lle acae; non é, pois, correcta a solución de BB; tamén Leiras o emprega (*Vina e revinme en seus ollos...*) co mesmo significado (102), aínda que no seu vocabulario tamén recolle a forma «rever: decrecer, menguar»; en E 58.3 temos este mesmo verbo (*Nil se reve saudosa estrelina*).

dos encaixes con que a neve,
sin esquencer uz nin sebe,
30 amortaxarte precura!.

Cendales a nebra mesta,
de cando en veces, che presta
pra que te conserves briza,
i ó abandona-la túa cresta
35 nos toxos se esgarrapiza.

Ó enfundirse o sol detrás
das xigantes cabeceiras,
coido que a abrasarte vas,

28.- d'os G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

29.- -sin esquencer uz nin sebe- AL; (sin esquencer uz nin sebe) VA //
esquecer FDR, AI, GEG // luz nin AGA

O autor emprega só a forma *esquencer* en M (22.31: *esquence*), fronte á forma exclusiva *gado*: 14.0 e 14.1; en E só aparece unha vez o verbo *esquencer* (16.7: *esquence o mar*); só achamos en toda a obra poética do autor un caso de *esquecer*: PNR 39.14 (*nin me esquece o repicar*), mais nun texto de pouca fiabilidade, fronte a cinco casos máis de *esquencer* en PEX e PNR; *gado* é a única forma empregada polo autor nos seus versos: E 16.7, 32.4 e 59.40. Os dous casos teñen unhas orixes diferentes e unha distribución xeográfica imprecisa, aínda que a forma *gado* e *esquencer* se corresponden coa zona do autor (103).

30.- O vulgarismo *precura* tamén o utiliza en E 88.2 (*precuras*), aínda que en M 22.23 aparece *procura*.

31.- Cendales e MS, FDR, RAG, ECG, AI, BB, GEG; cendais e FR

Resulta evidente que neste verso se produciu un erro involuntario en MS, trocando *a* por *e*; todas as edicións anteriores coinciden no *a* e todas as posteriores no *e*; cremos que isto e o sentido da estrofa non deixan lugar a dúbidas. A variante de FR rompe a medida do verso.

Para o plural *cendales* vid. nota a 5.52; García de Diego cita un plural *cendaes* "en los principios de la lengua" (104). Aquí *cendales* ten un sentido metafórico: a néboa préstalle á montaña unha tea ou manto protector.

O autor emprega as voces *nebra* e *brétema* en M nunha ocasión cada unha, a segunda en 23.57; en E tamén alternan estes dous sinónimos: vid., por exemplo, 56.0 (*A brétema*) e 72.0 (*Levántate, nebra...*).

33.- Leiras recolle a voz *brizo* (fem. *briza*) co significado de "lozano" no seu vocabulario.

34.- y-o abandonál'a MD, MT, AL, AGA, MS, RAG; y-ô abandonál'a G, ECA; y-ô abandonál'a VA; i ó abandonala AI; i ó abandonar a FDR; e ó abandona-la BB, FR; i ao abandonar a GEG

C. García califica a voz *cresta* como "castelanismo fronte á voz común para todo o ámbito do galego" e engade que "aínda que sexa *crista* unha palabra tan corrente e usual, non aparece moito nas obras literarias" (105); mais en E 48.3 temos *crista*.

35.- s'esgarrapiza G, MD, MT, ECA, AL, VA, MS, RAG

Eladio Rodríguez refírese a esta estrofa cando di de *esgarrapizarse*: "Extenderse por los terrenos bajos la niebla que estaba *mesta* en las alturas. Abonada esta acep. por Noriega Varela".

36.- Ao GEG

37.- d'as G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

40 ou que refrexando estás
 laparadas das fogueiras.

Cando a sombra te asoballa,
 ben, si a lúa te agasalla,
 e mellor, si non recelas
 45 que te prive a luz que espalla
 dunha aureola de estrelas...

Lucindo xoias benditas
 ¡sempre, montaña, te vexa!
 te-los cruceiros prás citas,
 prós devotos as ermitas,
 50 prós mortos o adral da igrexa.

40.- roxas lapas G, MD, ECA, AGA; labaradas VA // d'as G, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

41.- Cando A Noite t'asoballa VA // te avasalla G, MD, ECA, AGA

Incorporamos a coma do final do verso que figura só en AL, por facerse imprescindible para a comprensión do texto; teñamos en conta, ademais, que AL está revisado polo autor con algunha anotación manuscrita.

42.- t'agasalla G, MD, MT, ECA, AL, VA, MS, RAG; lúa agasalla FDR, GEG

En AGA faltan os versos 42-46.

Aínda que non figura nas edicións, colocamos unha coma despois de *ben* por ser clarificadora para entender o sentido do verso; desta forma, *ben* ponse en correlación con *e mellor*, podendo sobreentender o verbo *está* ("está ben si..., e está mellor si non...").

43.- o mellor MS, FDR, RAG, AI, BB, GEG, FR; o millor ECG

Novamente un erro involuntario en MS provoca a súa repetición en todas as edicións posteriores, privando a estrofa de sentido; as edicións anteriores confirman que ten de ser *e* a vocal que acompaña a *mellor*. Aínda que en ningunha edición figura a coma despois desta palabra, en AL e VA leva un signo de admiración que contribúe a clarificar o sentido.

44.- qu'espalla G, MD, MT, ECA, VA, MS, RAG

45.- d'unh'aureola d'estrelas MD, MT, ECA, MS, RAG; d'unha aureola d'estrelas AL, VA

46.- xoyas G, MD, MT, ECA, AL, VA, MS, RAG

47.- t'eu vexa G, MD, MT, ECA, AL, VA; teu vexa AGA

48.- tel-os G, MD, MT, ECA, AL, MS, RAG; tel'os AGA; té-los VA; tes os FDR, GEG; telos AI; télos ECG, BB // pras G, MD, ECA, AGA; pr'as MT, AL, VA, MS, RAG; pra as FDR, GEG

49.- pros G, MD, ECA, AGA; pr'os MT, AL, VA, MS, RAG; pra os FDR, GEG

50.- pros G, MD, ECA, AGA; pr'os MT, VA, MS, RAG; p'ros AL; pra os FDR, GEG // d'a MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

Nos versos 49-50 non nos parece desacertada a representación *pra os* dada en FDR e GEG, e mesmo é coherente cos criterios de restitución vocálica aquí seguidos; mais a práctica lingüística moderna, inclusive no mundo luso-brasileiro, aconsellan a forma *prós*, xa con importante tradición literaria; igualmente sucede con *prás* do v. 48.

Nas túas covas -frecuentadas
 polos espritos do mal-
 hai diamantes ás presadas,
 reinas moras encantadas
 55 e palacios de cristal.

Túa é Santa Compañía,
 túa a Pantasma, que espía
 as bouzas i esperta o medo,
 pra que se recollan cedo
 60 as nenas que van á fía.

Non é gallego quen te axe,

51.- frequentadas A L

Recuperamos o trazo despois de *covas*, que figura en todas as edicións anteriores a MS (aquí non, nin nas posteriores), menos en VA, que utiliza paréntese.

52.- pol-os G, MD, MT, ECA, AL, AGA, MS, RAG; pó-los VA // d'o MT, AL, VA, MS, RAG

Colocamos trazo ao final, segundo o visto no verso anterior.

53.- hay G, MD, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG // as MD, AGA; ás G, ECA, AL, VA

54.- reynas AL, VA

Esta variante de *reinas* confirma o control do autor da edición de AL e a súa datación por 1921, pois é neste momento cando se intensifica a relación con Portugal e inicia a correspondencia con Teixeira de Pascoães (vid. Apéndice III.6.1.4), de onde tomará o gosto polas graffías cultas; sempre emprega o castelanismo *reina* (vid., por exemplo, E 13.0: *Pastoriña e Reyna* en MS).

55.- crystal AL, VA

O sabor modernista desta estrofa non pasou desapercibido a González Martín, que a cita afirmando: "Y en el mismo poema, [oigamos] como Noriega conjuga el mundo *modernista* importado por Darío, aunque Salvador Rueda lo poseía en Málaga... No hay duda de que el poeta procuró y quiso dar una solución a su problema poético intentando liberarse, lo más posible, del siglo XIX, haciéndose *moderno* por medio de las dos formas apuntadas: viviendo y muriendo..." (106).

56.- «Santa compañía» V A

Débase facer sinérese en *túa* para que o verso sexa octosílabo.

Santa Compañía é denominación menos común da *Santa Compañã*, con máis tradición literaria; di Marcial Gondar: "Los nombres que recibe esta corporación de muertos son variados en Galicia: *Compañã, Estándiga, Rolda, As da noite, Pantalla, Estadea, Compañía, Avisóns, Enxamio, Visita...*" (107). A ausencia de determinante pódese explicar por unha fórmula de respecto e distanciamento ou por razóns métricas.

57.- tu'a Pantasma G, MD, MT, ECA, AGA, MS, RAG; tua «A Pantasma» VA; túa Pantasma FDR, ECG, AI, GEG // qu'espía G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

58.- y esperta G, MD; y-esperta MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG; e esperta BB, FR

60.- a fía G, MD, ECA, AGA; â fía AL, VA

61.- galego FR // t'axe G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG

Axe é presente de subxuntivo do verbo *axar*, aquí co significado de "ofender, humillar ou inxuriar"; en M 23.40 aparece *axe* como substantivo co significado de "ofensa, humillación" (*é pró montañés un axe*).

quen, serra, che teña zoña,
xa que herdaches o linguaxe
enxebre, o típico traxe,
65 i a gaita e maila zanfoña.

¡Concédame o ceio a min
que volva a donde subín
coa bota na moca ó lombo,
70 pra oir a bulla do bombo
i os queixumes do violín!

Lembrando festas sonadas,
inda quizá bailarei,
¡ouh, montaña!, nas ruadas,
coas fillas das ben amadas
75 carpazonas, que roldei.

62.- que, serra FDR, GEG

Zoña, voz pouco habitual, significa "xenreira, aversión". Leiras "ter zoña" = "tener ojeriza".

63.- qu'herdaches G, MD, MT, ECA, AL, VA, MS, RAG // o linguaxe AL

A variante de AL está corrixida por *linguaxe* pola man do autor.

Este castelanismo morfolóxico contrasta con M 22.23 (*prás romaxes*); en E 12.28 volve aparecer (*o linguaxe amorosiño*).

64.- euebre ECA

65.- a gaita e mail-a G, MD, MT, ECA, AL; a gaita e mais a AGA; y-a gaita e mai-la VA; y-a gaita e mail-a MS, RAG; e a gaita BB, FR // e máis a FDR, GEG

Citando esta estrofa, afirma Carballo Calero: "Mais ¿temos de ficar aí? A literatura galega ¿ha de ser só dialectal, carpazona, brañega? Filla lanzal da serra, ¿non rematará no museo etnográfico?" (108).

66.- ceyo G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG; ceo FR

O uso do *i* epentético é moi frecuente en toda a obra do autor (*ceio*), aínda que alternando coa súa ausencia e condicionado pola rima (vid., por exemplo, M 23.10 e 23.11: *ceio / centeio* e M.23.15 e 23.18: *aldea / chea*; tamén se fai extensivo a casos de fonética sintáctica cando a palabra vai precedida de vocal en hiato: vid., por exemplo, M10.12 (*lus da ialba*) ou 15.20 (*na iauga*).

67.- volv'a G, MD, MT, ECA, MS, RAG; volva donde ECG, AI

68.- co-a G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG // ô lombo G, AL, VA; ao lombo GEG

O sentido do verso é: «coa bota de viño pendurada da *moca* ou caxato e posta esta sobre o ombro».

69.- pr'oir VA // d'o MT, AL, VA, MS, RAG

70.- y-os G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG; e os BB, FR // d'o G, MD, MT, ECA, AL, AGA, MS, RAG; d'un VA

71.- festas tumbadas VA

73.- ou, G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, FDR, RAG, ECG, AI, GEG // nas trulladas VA

74.- co-as G, MD, MT, ECA, AL, AGA, VA, MS, RAG // d'as G, MD, MT, ECA, AL; AGA, VA, MS, RAG // ben-amadas AL, VA

7

O demo

Das millenta falcatrúas
 que nos fan e que facemos,
 ¿a quen se lle bota a culpa
 na miña parroquia?
 Ó demo.

- 5 O demo apaga os candiles,
 o demo queima os palleiros,
 entra o demo nunha casa
 i anda todo ós catro ventos;

Métrica

Romance, 8, con rima e-o.

Edicións anteriores

MT, 69-70; MS, 59; XAM, 84; SUF, 17; BB, 31; SF, 75.

En XAM leva a datación «1904», aínda que non foi incluída en MO.

Variantes e comentarios

Suso Fernández conta a xénese deste poema: "A musa popular foi a millor enspiración de Noriega. Un devanceiro meu contábame certa vez, como fora o nacemento dun poema de Noriega: dormía o poeta a siesta na casona de Fondós, nunha habitación en riba da cociña, cando de repente despertouno un bruido de cacharros. 'A Ramona, a súa muller, cos fregaba, fixéraselle chiscos unha cazola de barro que bateu, caída das mans, contra o fregadeiro de pedra. Noriega berrou dende a cama:

- ¿Que foi eso, Ramona?

- ¡O demo, Noriega, o demo!

E de eiquí escribenu..." (109).

..0.- En SUF e SF non leva título.

1.- D'as MT, MS // millentas XAM, SUF, SF

Millenta ten aquí un valor de indefinido, equivalente a *moitas*; Carballo Calero considera esta palabra como un numeral invariábel, que traduce por "un millar" (110), e Eladio Rodríguez di que só se emprega en plural na frase *ás millentas e quinientas*. Noriega utilízaa como invariábel.

3.- bot'a MT, MS

4.- na miña terra SF // Ao SUF

En SF este verso está incluído no anterior até *terra* e o resto só.

7.- n'unha MT, MS

8.- y-anda MT, MS; e anda BB // tod'ós MT, MS; todo aos SUF

- 10 n'hai reparto de consumos
 sin intervención do demo;
 el é o que mata i esfolo
 i o que revolve o concello;
 el é quen me tenta a min
 sempre que publico versos;
 15 i ás mozas que están... pra diante
 tamén as tentou... ¡o demo!

9.- n'hay MS; non hai SUF, SF; no hai B B

10.- d'o MT, MS

11.- y-esfolo MT, MS; e esfolo B B

12.- o que MT; y-o que MS; e o que B B

13.- tent'a MT, MS

15.- y-ás mozas qu'están MT, MS // e as BB // i ás nenas S F

16.- tamén-as MT, MS

A variante *tamén-as* utilizada polo autor serve para marcar o /n/ alveolar, mais é innecesaria a marca, posto que xa o é de por si (111).

8

Sal dus pomares

Sal dus pomares
 e brinca noutros,
 i abala pólas
 e logra froitos...;
 5 ¡axúdate, home,
 mentras es mozo!,
 que, si hai na vida
 trampas dabondo,
 legal é a morte
 10 i a vida, ¡un sopro!

Métrica

Romancillo, 5, con rima o-o (112).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 151, 29.10.1908; *El Eco de Villalba*, nº 20, 15.12.1908; MT, 71; MS, 60; BB, 32.

Variantes e comentarios

0.- d'us MS

En MD, EV e MT non leva título.

1.- d'os pumares MD, EV // d'us pomares MT, MS

Para a forma *dus*, contracción da preposición *de* e o indeterminado *us* (singular *un*), vid. nota a 1.55.

A vacilación no vocalismo átono que manifesta a variante *pumares* é característica no galego non estandarizado da época e do autor; vid. E 1.2 (*ledicia dos pumariños*).

2.- y-entra nos sotos MD, EV // n'outros MT, MS

A variante de MD e EV explica tamén a forma *d'os* do primeiro verso.

3.- y-abala polas MD, EV, MT, MS; e abala polas BB

5.- *Axúdate*, do verbo pronominal *axudarse*, ten o significado de "aprovéitate".

6.- A forma *mentras* tamén é utilizada en M 22.32, mais en 3.144 aparece *namentres*.

7.- hay MD, EV, MS

8.- d'abondo MD, EV, MT, MS

10.- y-a MD, EV, MT, MS; e a BB

Soa a gaita

Soniños que soñei xa hai moitos anos
 entre as frocidas xestas da montaña,
 meigas lembranzas, ilusiós queridas,
 ¡espertade, vos pido!, soa a gaita.

Métrica

Romance heroico, 11, con rima a-a (113).

Edicións anteriores

Coruña Moderna, nº 61, 29.4.1906; *Mondoñedo*, nº 102, 15.11.1907; *El Eco de Villalba*, nº 13, 1.8.1908; MT, 73-74; DO, 36; *La Noche*, Santiago de Compostela, 10.8.1946; MS, 61; RAG, 30; AI, 25; HNV, 2; FDR, 20; BB, 33; GEG, 117-118; FR, 74.

Para a datación deste poema é importante unha referencia de Filgueira Valverde ao mesmo: "En outras comunicacións ao Instituto P. Sarmiento téñome referido á colleita de follas soltas en galego que arrecada o Museo de Pontevedra. Hoxe escolmo nela un poema iñorado de Pondal, composto como outros de Noriega Varela e de Galo Salinas, para seren espallados na festa que o día doce do mes de Nadal de 1904 fixeron xuntamente, en Santiago, a Sociedad Artística de Pontevedra que presidía entón Don Prudencio Landín Tobío e dirixía o maestro Juan Serrano e mais a Unión Artística Compostelana que tiña como persoeiro ao Dr. La Riva. [En nota] Os versos de Noriega non levan título na folla solta de 1904 e veñen na segunda edición de «Do Ermo» (Mondoñedo, 1929) baixo o rubro «Soniños», verba do escomenzo: «Soniños que soñei x'hay moitos anos». Ten algunhas variantes: «toc'a gaita», correxido logo con acerto en «soa a gaita»; «os delores», logo «as delores», e unha versión distinta do penúltimo verso: «frolea que aturuxo, miña amiga», que, en troques, non mellorou ca corrección" (114).

Variantes e comentarios

Para Otero Pedrayo "os «soniños que eu soñei cando era neno» enteiran con leda tristura diante o devalar do tempo, os anos de neno cas doce e meiodía do vivire do poeta" (115).

0.- Toca a gaita MT, LN // Sona a gaita FR

En CM, MD e EV non leva título.

1.- que apaxei MD, EV // que soñé LN // x'hay CM, MD, EV, DO; x'hai MT, MS, RAG

2.- entr'as CM, MD, EV, MT, DO, MS, RAG // d'a CM, MD, EV, MT, DO, MS, RAG

3.- ilusiós GEG

4.- despertade DO // toc'a CM, MD, EV, MT; toca a LN

A anteposición do pronome en *vos pido* explícase pola dependencia de *despertade* a respecto de *pido* ("pídivos que espertedes"), que, ao ir antes, atrae tamén ao pronome.

O cambio de *toca* por *soa* é un acerto do autor, como sinalara Filgueira (vid. *supra*)

5 Sobre dos irtos montes, nos recunchos
do val, tan majo, e nas riseiras plaias
¡oh, que ledos airiños ela ceiba!,
¡como axota o delor das tristes almas!

As delores son tolas, e ben tolo
10 quen iste mundo non o toma a chanza:
frolea, que aturuxo, miña amiga,
gaita gallega, colorada gaita.

5.- d'os CM, MD, EV, MT, DO, MS, RAG

6.- d'o CM, MD, EV, MT, DO, MS, RAG // risoñas DO // prayas CM; playas MD, EV, MT, LN, MS, RAG; praias FR

A voz *plaias* volve aparecer en E 16.6 (*desde as plaias do desterro*), transcrita sempre polo autor con *y*, como é habitual en casos similares. O adxectivo *riseiras* ten o significado de "alegres".

7.- ceiva CM, MT

8.- a delor DO // d'as CM, MD, EV, MT, DO, MS, RAG

O verbo *axotar* (*axota*, 'escorrenta') tamén aparece en E 16.1 como pronominal (*Laverquiña que te axotas*).

Se neste verso *delor* ten xénero masculino, no verso seguinte (*as delores*) xa funciona có xénero feminino, igual que sucede en M 17.16 (*a delor*) ou en E 42.7 (*o liñeiro das delores*).

9.- Os delores son tolos CM, MD, EV, MT, LN

10.- non-o CM, MD, EV, MT, LN, MS, RAG; no no DO; nono FDR, GEG, FR // tom'a MD, MD, EV, MT, MS, RAG // chaza EV

A forma *iste* non corresponde á área mindoniense, sendo tamén a única vez en que aparece en M e E un demostrativo coa vocal radical *i* no masculino ou feminino: vid., por exemplo, M 13.9 (*este*), 23.24 (*destes*), 23.112 (*nesta*)..., ou E 4.8 (*destes*), 42.7 (*este*), 54.17 (*nestes*)...; en E 7.1 temos *iso*.

Tampouco é necesario marcar a alveolaridade de /n/ en *non o*, posto que xa o é por ir o adverbio de negación seguido de pronome persoal átono en función de complemento directo (vid. nota a 7.16: *tamén as*).

Restituímos un *a* en *toma*, aínda que tamén podería ser *e* (*tome*), porque así aparece nalgunhas edicións en vida do autor, coincidindo nisto cos editores modernos.

11.- enlévame que atruxo, lind'amiga DO // miñ'amiga CM, MD, EV, MT, MS, RAG

12.- colorda GEG

10

Pouca mamoria

Rosenda de Cadeivido
i a Carmiña da Sisalda
naceron aló entre os toxos
nun recuncho da montaña.

- 5 Cadran ben preto unha doutra
e tanto se queren ambas,
que hastra un xargón lles abonda
moitas noites de xeadá.

- 10 Son brancas com'a folerpa,
seguidas com'a espadana,
coloradas com'a guinda,
meigas com'a lus da ialba.

Métrica

Romance, 8 (-a-a), con rima en a-a.

Edicións anteriores

MT, 97-99; MS, 62-63; BB, 34-35.

Variantes e comentarios

1.- Cadeirido MT

Sobre o topónimo *Cadeivido* di Aquilino Iglesia Alvariño referíndose a este poema: "Rosenda y Carmiña son de Cadabedo, en uno de los repliegues da Corda de Buzarrey. Son finas como las espadañas de los ríos, coloradas y encantadoras, sabias artimañeras de amor" (116). *Cadavedo* é unha freguesía e unha aldea do municipio da Pastoriza (Lugo), situada nos montes do Cordal de Neda e próxima de Mondoñedo e Abadín.

2.- y-a MT, MS; e a BB // d'a MT, MS

Sisalda pódese referir a Sisalde, aldea da freguesía de Labrada, no concello de Abadín, polo que di Aquilino Iglesia: "En la Corda me señalan el lugar de Sisalde, el de la Carmiña de un cuento de Noriega..." (117).

3.- entr'os MT, MS

4.- n'un MT, MS // d'a MT, MS

5.- d'outra MT, MS; de outra B B

7.- *Xargón* é unha variante vulgar de *xergón*, especie de colchón.

9.- coma a B B

10.- coma a B B

11.- coma a B B

12.- coma a lus da alba BB // d'a y-alba MT, MS

Para o caso do seseo postnuclear ou implosivo en *lus* vid. nota a 3.12.

Garnicelas dos fraguellos...
 ¡a bonitura non marral;
 15 pero, ¡ai!, canto herden as dúas
 non val farrapo de gaita.

¡Sáltenlle os ollos!...: un martes,
 que andaba un vello ás rapazas,
 Carmen fixo de señora
 20 i a Rosenda de criada.

Ó velo drento da chousa
 foi Carmen poñerse maja,
 i a doncella, da cociña,
 para mentir, preguntara:
 25 -¿E como ha de ser, Carmiña?
 -Dirás berrando: «mi ama,

Antón Santamarina ao tratar das partículas *como=coma*, exemplifica cos vv. 9-12, para afirmar que "tamén aquí pode estar enmascarado o timbre da vocal final por estar parcial ou totalmente asimilado á vocal inicial seguinte, caso que resulta sé-lo maioritario. Ora ben, a lingua escrita foi sempre algo reacia a practicá-la elisión (aínda antes do acordo de Galaxia de eliminá-los apóstrofes), quizáis porque haxa certa resistencia a apostrofar palabras de máis dunha sílaba. Con todo e así hai abundantes mostras de *com'* na literatura" (vid. nota a 2.41).

13.- d' os MT, MS

Garnicelas é o nome vulgar das madresilvas, e *fraguellos* é unha palabra derivada de *fraga*, formada co sufixo diminutivo *-ello*; no texto *garnicelas dos fraguellos* significa "mozas fermosas que viven en pequenos bosques".

15.- ay MS

17.- Sáltenll' os MT, MS

20.- y-a MT, MS

Nótese a presenza do artigo determinado acompañando a *Rosenda*, fronte á súa ausecua no verso anterior con *Carmen*, dándose un uso inverso ao dos dous primeiros versos do poema; o ton de familiaridade e certo matiz pexorativo que aporta o artigo (118) parece corresponderse coa distribución de papeis entre as dúas mozas,

21.- vel-o MT, MS // dentro BB // d'a MT, MS

O vulgarismo *drento* tamén é empregado en E 34.16 (*drento de ti*), mesmo traducindo do portugués *dentro*, e E 59.18 (*drento dos corazóns*); esta forma alterna en E con *dentro* : 39.3 (*dentro da contiña*) e 45.14 (*dentro non faltan*); en M non hai máis casos.

22.- Para o castelanismo *maja* vid. nota a 3.68.

23.- y-a MT, MS; e a BB // d'a MT, MS

Doncella figura en cursiva en MT e MS; é un castelanismo empregado tamén en E 44.89.

En *da cociña* a preposición *de* ten o valor de *desde* (119).

26.- *Mi* é un posesivo especial de respecto que se emprega acompañando a *padre, madre, tío, señor, amo* (120).

Este verso está en cursiva en MT e MS.

¿que camisa lle dispoño,
a de seda ou a de holanda?».

30 Chamou o nubeiro á porta;
Rosenda correu a tranca,
e, porque entende das sedas
menos que de lamber papas,
veredes o que ela dixo,
berrando moito: «ai, mi ama,
35 ¿e que camisa lle esculco,
a de estopa, ou a sin faldra?».

28.- d'holanda MT, MS

Holanda vén recollido nalgúns dicionarios como nome común, co significado de "tecido fino de liño", aínda que a súa orixe sexa o nome propio; aquí está tomado como común e por iso conservamos a minúscula do autor.

29.- O *nubeiro* é unha especie de trasno na mitoloxía popular galega, que aquí serve para se referir ao vello que anda na procura de rapazas novas.

31.- porqu'entende d'as MT; porqu'e entende d'as MS

33.- qu'ela MT, MS

35.- ll'esculco

Aínda que a acepción máis xeral de *esculcar* é "espiar, investigar", aquí *esculco* é sinónimo de *busco*.

36.- d'estopa MT, MS

11

Caso imprevisto

Caso imprevisto:
 indo prá rega,
 no chibadoiro
 topei con ela.
 5 -¿Que fas -lle dixen-
 aquí, Josefa?;
 ¿non te decatas
 que é noite pecha?
 -Ouh, meu filliño,
 10 -repuxo a meiga-,
 ¡fúxame o demo

Métrica

Romancillo, 5, con rima e-a.

Edicións anteriores

MT, 101-103; MS, 64-65; BB, 36-37.

Variantes e comentarios

En MT e BB figuran dez versos máis ao final do poema, expurgados polo autor en MS por consideralos demasiado atrevidos, seguramente algúns daqueles sobre os que decía "que estaba apesadumbrado por haber escrito algunas composiciones que a su juicio eran poco edificantes" (121); reproducímolos en nota ao último verso.

Carballo Calero (122) relaciona este poema coa poesía de Benito Losada, a quen o propio Noriega consideraba "demasiado erótico" (vid. Apéndices: 5.6.1.36).

0.- En MT figura sen título.

2.- pr'a MT, MS

3.- chivadoiro MT, MS, BB.

A palabra *chibadoiro* non se acha rexistrada nos diferentes traballos lexicográficos consultados, mais si o verbo *chibar*, "separar as reses de cada dono para que vaian ás cortes"; o *chibadoiro* debe ser o lugar onde se separan esas reses.

4.- Este verso leva como nota a pé de páxina en MT:

Dou por sentado
 que a miña prenda
 era moliña
 com'a manteiga.

6.- O uso das formas castelanizadas nos topónimos e antropónimos, como *Josefa*, son frecuentes no autor; vid. M 23.0 (*Do San Juan de Romariz*) ou *Jesús*, escrito así máis de dez veces en E, fronte a tres como *Xesús*.

8.- qu'é MT, MS

9.- Ou MT, MS

11.- fúxam'o MT, MS

- si quero festas!
 -Pois ¿que che pasa?
 -Doime a cabeza.
- 15 -¡Raio contigo!
 ¿seique eres fera?
 -Son «no me toques».
 -I eu... «retranqueiras».
 -Pois no me acabes
- 20 logo a pacencia;
 ¿quen te chamaba
 pra esta merenda?
 ¡Sigue pra diante!
 -Non vou de présa...
- 25 ¿A que tiveches
 algunha perda?
 Dime, ¿que esculcas,
 pomba sinxela?
 -Es ben zunado,
- 30 ¡caieume a alferga!
 -¿Onde a traguías?
 -Na faldriqueira.
 -¿Si?, ora amosa.
 -Ten as maus quedas,

14.- Doim'a MT, MS

15.- Rayo MT, MS

16.- seiqu'eres MT, MS

17.- Para o caso de asimilación de nasais (*no me*), vid. nota a 2.12.

18.- Y-eu MT, MS; E eu BB

19.- m'acabes MT, MS

22.- pr'esta MT, MS

27.- qu'esculcas MT, MS

Para o significado de *esculcas* vid. nota a 10.35.

29.- *Zunado* ten aquí o significado de "malintencionado, malpensado"; en B (vid. s.v. ESTAR) traduce a expresión *está zunado* por "está intratable".

30.- cayéum'alferga MT, MS; caieume alferga BB

A *alferga* é un dedal aberto pola parte superior.

31.- Aínda que a forma máis estendida no galego é *traías*, a variante *traguías* áchase espallada por todo o territorio e, por tanto, non se pode considerar un rasgo específico da área mindoniense, como *traigo* e *traiga* (123).

32.- faltriqueira MT

Para a alternancia *faltriqueira* / *faldriqueira* vid. nota a 3.26.

33.- or'amosa MT, MS

34.- Ten-as

Con respecto a *maus* xa Fernández Rei (124) sinalara que a solución *-ao* para a terminación latina -ANUM se soe realizar foneticamente como *-au*; Noriega tamén acostuma representala así na escrita, onde temos moitos máis casos de *-au* que de *ao*

35 ¡ei, que demoño!
-Cala, Josefa...

: vid., por exemplo, M 22.29 (*De vrau ergue as maus*), E 9.45 (*vrau*), 21.19 (*maus*), 26.5 (*chau*), 34.20 (*grau*)...

35.- Para a palabra *demoño* vid. nota a 3.12.

En MT e BB continúa o poema cos seguintes versos (reproducímolos de MT; BB fai unha leve adaptación ortográfica, sen outras variantes):

Pouquiño a pouco
metinll'a tentas
a mau no fondo
d'a faltriqueira.
Xudas dempoixas
sopróume á orella,
e, sin lembrarme
nomais d'alferga,
foi... y-acabouse.
¡Cala, Josefa!...

12

No enterro de Curros

¡Mala morte mate á Morte!:

Métrica

Décima espínela, 8, (abbaaccddc)

Edicións anteriores

Galicia solidaria, Coruña, nº 36, 30.3.1908; MT, 107-108; MS, 66; *Chan*, Madrid, nº 6, 1 quincena Mayo, 1969; BB, 38; FR, 75.

Variantes e comentarios

Este é o primeiro poema anticaciquil de Noriega e o único, dos que temos noticia, composto na súa etapa de Foz; o propio poeta era consciente deste carácter e por iso pretendeu eliminalo en MS: "Leal, no hay duda, es un excelente corrector, así como el cajista viene haciendo milagros. Apenas me dan qe. corregir!; pero a Leal no le viene en gana seleccionar como se lo demanda mi conciencia: en esas pruebas mutiladas no amputó dos ya con a gangrena: "No enterro de Curros", abiertamente impía, y la intitulada "Abrulas", descaradamente libidinosa" (vid. III.6.1.47). Finalmente o poema apareceu na edición definitiva da súa obra, supomos que co consentimento final do autor, pois "Abrulas", "Leite fresco" e outros non figuraron.

0.- N'o GS, MT, MS, CH

O poeta *Manuel Curros Enríquez* morreu o 7 de marzo de 1908 na Habana, saíndo de alí o seu cadáver o 20 de marzo para chegar á Coruña o día 31, segundo nos conta Carlos Casares (125), quen engade: "Durante dous días, o cadáver de Curros, que estivo exposto no Axuntamento, foi visitado por milleiros de persoas. O enterro tivo lugar o día 2". Segundo isto, o poema tivo que ser composto antes de que se realizase o enterramento na Coruña, pois xa se publicou o día 30 de marzo; tamén se podería referir ao realizado na Habana.

1.- Esta fórmula de "maldición" áchase no noso cancionero popular; Pérez Ballesteros recolleu a seguinte composición:

Mala morte mate á morte
se ven po-l-as costureiras,
que se foron ás amoras
e estragaron-as silveiras (126).

Outra comeza co verso *Mala morte mate ós homes* (127).

Lázaro Montero escribiu: " «Mala morte mate a morte». Al llegar a este verso de Noriega Varela «N-o enterro de Curros», se precisa por fin un recuerdo suscitado en nosotros confusamente, desde la vez primera que leímos «Montañesas». Es el recuerdo del Arcipreste de Hita. También el Arcipreste, ante la muerte de Trotaconventos, exclama: «Ay Muerte! muerta seas, muera el malandante». Posiblemente entre las lecturas de Noriega se cuente la de nuestro Arcipreste. Hay entre ambos una coincidencia evidente: uno y otro son amigos de las sierras 'agrias y las «carpazonas» gentiles, uno y otro son particularmente devotos de Santa María

veu por Curros, ¡viña tola!,
 e Galicia queda sola,
 i o Estro Viril sin norte;
 5 mais... ¡leria!, que aínda foi sorte
 prós que o Vate apouvigara:
 raposos, ¡a loita para!,
 caciques, ¡ollar vos toca
 como cai terra na boca
 10 de quen vos cuspeu na cara!

y uno y otro, si se terciá, son capaces de componer cantares de ciego como ese delicioso «¡E n'habará unha rafiña?...», de Noriega Varela" (128).

4.- y-o GS, MT, MS, CH; e o BB, FR // sin morte MT

En MT hai unha fe de erratas ao final que di: "En la poesía titulada «No enterro de Curros», dice «y-o Estro Viril sin morte», debiera decir «y-o Estro Viril sin norte».

6.- pr'os GS, MT, MS, CH; pra os FR

7.- fariseos GS, MT

10.- A neutralización da vocal temática na terceira persoa do pretérito de indicativo (*cuspeu*) dos verbos da segunda e terceira conxugación é un rasgo característico da área mindoniense (129) que o autor segue sistematicamente: vid. M 2.10 (*debeu*), 3.58 (*naceu*), 3.99 (*renxeu*), 3.121 (*ergueuse*), 3.157 e 19.4 (*respondeu*), 14.4 (*saleu*), 17.19 (*caeu*), 22.40 (*oieu*); esta neutralización esténdese aos verbos *vir* (12.2: *veu por Curros*) e *ver* (23.100: *veu naide mellor tesouro*).

14

Neniño, chamou o gado...

Neniño, chamou o gado;
 ós dez anos foi á sega;
 ós vinte cunha brañega
 saleu da igrexa casado;
 5 despois, ¡cincuenta co eixado
 virando o monte!... A doniña
 eivóuse, ora com'a tiña

Métrica

Décima espinela, 8, (abbaaccddc).

Edicións anteriores

Coruña Moderna, Coruña, nº 77, agosto 1906 (132); *El Eco de Villalba*, nº 45, 15.12.1909; MT, 119; MS, 68; BB, 40.

Variantes e comentarios

0.- Neniño chamou o gado... MS, BB

En CM, EV e MT non figura título.

1.- Só en EV vai coma despois de *neniño*; cremos conveniente colocala para sinalar o carácter clausal desta palabra, que equivale a unha adverbial de tempo ("cando era neniño", "sendo neniño"); trátase dun resto do ablativo absoluto latino co verbo *esse* sobreentendido; igual construción achámola en PNR 24.37 (*Moza vedraia, cousiñas humildes a embelesaron*).

Para a forma *gado* vid. nota a 6.29.

2.- Para a presenza ou ausencia do seseo implosivo (*luz*), vid. nota a 3.12.

3.- c'unha CM, EV, MT, MS

4.- d'a CM, EV, MT, MS // igrexa CM, EV

A forma *igrexa*, substituída neste verso por *igresia* nas últimas edicións, é a maioritaria en M, onde aparece catro veces (1.91, 6.50, 20.4 e 23.75), fronte a 22.43 (*igresiña*) e este único caso de *igresia*.

Saleu é a forma verbal propia da área mindoniense, onde o verbo usado é *salir*, e non *saír* (133); de aí proveñen *sallo*, *salla*...; en B recolle a expresión *saleulle a galiña choca* (vid. s.v. SALIR); para a alteración da vocal temática (-eu por -iu) vid. nota a 12.10.

5.- cincoenta CM // c'o EV, MT, MS // aixado CM, EV

A vacilación *aixado* / *eixado* reflecte as dúas variantes da lingua falada; en E 59.21 emprega tamén a forma *eixado*; Leiras recolle *aixada* («azadón») no seu vocabulario.

6.- virand'o CM, EV, MT, MS

7.- eivouse ora, com'a tiña CM, EV, MT; ei vo'uselle, ora com'a tiña MS; eivóuselle, ora como a tiña B B

son pra el os fillos, xa apea
 i o rasca-bolsas da aldea
 10 moito lle rolda a casiña.

En MS o autor modifica a colocación da coma dun xeito acertado, mais engade o pronome *lle* que converte o verso en eneasílabo, rompendo coa regularidade métrica que caracteriza toda a súa obra; como a propia forma *ei vo'uselle* pon de manifesto, o verso está transcrito dunha maneira descoidada, polo que cabe interpretar a adición do pronome como un erro máis.

A comparación coa *tiña* para expresar a maldade utilízase tamén en E 21.3 (*xente ruín com'a tiña*); en B recolle as expresións *é un tiña*, *é un tiñoso* "para denotar que un hombre es sordidamente parco" (vid. s.v. SER).

8.- pr'él CM, EV, MT, MS // x'apea CM, EV, MT, MS

Xa apea significa que "xa lle van faltando as forzas, xa vai esmorecendo"; en B (vid. s.v. ROMPER) aparece a expresión *Inda non apea (a unha velliña)*, que traduce por "Se mantiene de aspecto joven, a pesar de los años"; é citada por Eladio Rodríguez.

9.- y-o CM, EV, MT, MS; e o BB // merendeiro d'aldea CM // d'aldea EV, MT, MS

En CM hai unha nota a pé de páxina onde se le: «Merendeiro. Alguacil»; coa palabra composta *rasca-bolsas* refírese tamén a *alguacil*.

10.- rold'a CM, EV, MT, MS

15

Esforzadas mulleres

- Vexo a neve, vexo a neve
 no curuto da montaña,
 e de vosoutras me lembro,
 toscalleironas rapazas,
 5 que vides, nos derradeiros
 de agosto, prás ledas praias,
 onde a musa dos picoutos
 triste, com'os pinos, canta.
 Ben de vosoutras me lembro,
 10 lémbrome das noites craras,
 das vagarosas cantigas,

Métrica

Romance, 8, (-a-a) con rima en a-a.

Edicións anteriores

Coruña Moderna, nº 39, 26.11.1905 (134); *Mondoñedo*, nº 108, 3.1.1908; MT, 121-123; MS, 69-70; BB, 41-42; FR, 72-73.

En CM e MD leva a indicación de «Foz».

Variantes e comentarios

0.- En CM e MD non leva título; en CM leva como dedicatoria «Para *Coruña Moderna*» (135).

2.- d'a CM, MD, MT, MS

3.- O pronome tónico *vosoutras*, no canto do maioritario *vós*, xunto con *nosoutros* (-as) constitúe rasgo característico do galego mindoniense (136); vid. neste poema v.9 (*vosoutras*); non aparecen máis pronomes tónicos de primeira ou segunda persoa de plural en M.

4.- *Toscalleironas* é unha palabra formada por acumulación de sufixos a partir do adxectivo *tosca*, de forma similar a *grandullón*, *toleirón*, *voceirón*... (137); o seu significado de "incultas, groseiras", máis que valor pexorativo, adquire aquí un certo matiz afectivo.

5.- n-os CM // derredeiros MD

6.- d'agosto, pr'as ledas prayas CM, MD, MT, MS

7.- d'os CM, MD, MT, MS // picoitos CM

8.- coma os BB; como os FR

10.- d'as CM, MD, MT, MS

11.- d'as CM, MD, MT, MS

En E 77.1 tamén volve aparecer o adxectivo *vagarosas* aplicado á chuvia (*vagaroso chover*...).

- dos salouquiños da fruta,
e dos bravos aturuxos,
que ás gueivotas axotaban.
- 15 I agora que o sol *se* esconde,
agora que o sieiro avasa,
¡nin eu sei canto daría
por vervos no mar, serranas,
hastra o pescozo metidas
- 20 i escaldrufando na iauga!
¡De Dios!, ¿que non leva xeito?,
¿que anque Xudas ma inventara?,
¿que malos ollos me vexan?,
¿que feros lobos me sallan?
- 25 Menos bulla, carpazonas,
¡tede tino coas palabras!:
é boubá canto vos dixen,
pero ¡oíde!, fóra chanza:
moitas nenas da mariña,
- 30 así haxa a neve de a cuarta,
i os caramelos nas fontes,

12.- d'os salouquiños d'a CM, MD, MT, MS

13.- d'os CM, MD, MT, MS

14.- as CM, MD, MT

15.- Y-agora CM, MT, MS; Y agora MD; E agora BB, FR // s'esconde CM, MD, MT, MS

16.- O verbo *avasalar* áchase recollido no vocabulario de Leiras co significado de «avasallar».

18.- ver-vos CM, MD, MT, MS // n-o CM

19.- hastr'o CM, MD, MT, MS

20.- y-escaldrufando n-a y-auga CM; y-escaldrufando na y-auga MD, MT, MS; e escaldrufando na auga BB, FR

Escaldrufando significa "batuxando, chapuzando".

22.- m'a CM, MD, MT, MS

Nas interxeccións *Xudas* é substituído polo eufemismo *Xuncras* (vid. M 3.71: *Arrenégote, Xuncras*).

24.- Para o dialectalismo *sallan* vid. nota a 14.4.

26.- *tende* CM // co-as CM, MT, MS; co as MD

27.- *Bouba* significa "mentira".

28.- per'¡oíde! CM, MT, MS

29.- d'a CM, MD, MT, MS // Mariña CM

30.- eisi CM // hax'a neve d'a CM, MD, MT, MS; haxa neve da BB; haxa neve de a FR

En *de a cuarta* o *a* é preposición e, por tanto, non se pode facer a contracción con *de*, como fai BB.

31.- y-os CM, MD, MT, MS; e os BB, FR // n-as CM

Os *caramelos* son os fragmentos de xeo que se forman na superficie da auga, cando as temperaturas son moi baixas.

i o demo ceibo na barra,
 n'atarrecen xuntar ouca,
 nin subi-lás penas altas,
 35 loitando coas nordesías
 que lles fan verque-las bágoas;
 e si o mar n'a cuspe fóra,
 enciños hai pra coutala,
 je íspense pra entrar nos rolos
 40 sin andar erguendo as saias!

32.- y-o CM, MD, MT, MD; e o BB, FR // ceivo CM, MD, MT, MS // n-a CM

Vid. este mesmo verso repetido en E 14.3 e 55.6; en B (vid. s.v. ANDAR) *anda o demo ceibo*, que traduce por "anda el diablo en cantillana".

33.- n-atarrecen CM; no atarrecen BB; no aterrecen FR

Atarrecen é un vulgarismo pola forma común *aterrecen*, derivada de *terror* (*n'atarrecen* : non lles produce terror); para a contracción da negación co verbo vid. nota a 1.9.

A xente recollía a *ouca*, especie de alga mariña, porque lle atribuía propiedades medicinais.

34.- rubil-as CM; subil'as MD; subil'ás MT, MS; subi-las BB, FR

En MT e MS o autor representa a asimilación do verbo *subir* coa contracción da preposición *a* e máis o artigo *as* (*subir a as = subil'ás*); se quixese representar só a asimilación do artigo, faríao como sempre, sobre todo en MS: *subil-as*; aquí o *á* indica sempre contracción.

35.- co-as CM, MT, MS; co as MD

36.- verquel-as CM, MD, MT, MS

En *bágoas* débense contar dúas sílabas por medio da sinérese; a propia lingua falada tende a desfacer o hiato: *bágoas / baguas*.

37.- n-a chimpa fora CM; no a cuspe fóra BB, FR

38.- como teñen qu'ir sacala CM; ¡chico preto! van sacala MD // h a y MS // coutal-a MT, MS

Leiras recolle a palabra *enciño* no seu vocabulario e tradúcea por "bieldo"; en E 82.8 o autor emprega o sinónimo *angazo*.

Aínda que Leiras traduce *coutar* por "acotar, vedar", aquí acáelle mellor o significado de "suxeitar", tal como acontece en Cunqueiro: *i o mozo que coutaba da mula* (138).

39.- íspense pra entrar n-os rolos C M

Aínda que o autor emprega sempre a conxunción copulativa *i* (y) cando a palabra seguinte comeza por vocal, aquí usa *e* para evitar a concorrencia co *i* de *íspense*.

Entrar nos rolos significa "mergullarse nas ondas".

40.- a saya CM; as sayas MD, MT, MS

Porque é de tan mala entraña...

Porque é de tan mala entraña
 xa Dios fará que non teña
 máis que inmundicia, e que veña
 sin folgos de terra extraña:
 5 dun recuncho da montaña
 vai á mau que se largou,
 e aínda hoxe non lle mandou
 á nai, que chora por el,
 catro renglós nun papel
 10 decindo... que n'estoupou.

Métrica

Décima espinela, 8, (abbaaccddc).

Edicións anteriores

El Eco de Villalba, nº 24, 15.2.1909; *Mondoñedo*, nº 192, 10.8.1909; MT, 127; MS, 71; BB, 43.

Variantes e comentarios

0.- Porqu'é de tan mala entraña... M S

En EV, MD e MT non leva título.

1.- Porqu'é EV, MD, MT, MS

3.- imundicia EV, MD, MT

Para o emprego de *que* como partícula comparativa, vid. M 2.41 e 3.4.

5.- d'un recuncho d'a EV, MD, MT, MS

6.- A expresión *vai á mau* é recollida por Leiras co significado de "transcurrió mucho tiempo" (139).

7.- *e aínda hoxe* debe contar como tres sílabas, coas sinalefas correspondentes, para que o verso sexa octosílabo.

8.- a nai EV, MT; á mai MD

9.- n-un MD; n'un MS

10.- Para *n'estoupou* vid. nota a 1.9.

17

Con ferreñas e pandeiro

I

Visto que é o noso destino
arribar ó campo santo
nun cadaleito de pino,

5 serás meu bo camarada,
discreto, que te fas tolo,
e non te afrixes por nada.

II

Neniña, si áma-lo aseo,
esvía os ollos da terra
i afaite a mirar pró ceo:

Métrica

10 tercerillas, 8, (a-a) (140).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 168, 26.2.1909; *El Eco de Villalba*, nº 27, 2.4.1909; MT, 129-131; MS, 72-73; COM, 44; BB, 44-45.

En MD e EV non figuran as dúas últimas tercerillas; en COM só figuran estas.

Variantes e comentarios

0.- Estes dous instrumentos musicais de carácter popular acompañanse un do outro, como di un vello cantar: *Nenas de Castro Loureiro, deixai pasa-las da Ulla con ferreñas e pandeiro* (141).

1.- qu'é MD, EV, MT, MS

3.- n-un MD, EV; n'un MT, MS

Cfr. E 102, v. 12-14 (*ende nos chegando a hora / de salir -nun cadaleito / de pino-, pra dormir fóra*). O castelanismo *pino* aparece outra vez máis en M 15.8, mais en E alterna coa forma galega *piñeiro* (vid., por exemplo, 22.4).

6.- t'afrixes MD, EV, MT, MS

7.- amal-o MD, EV, MT, MS; amas o BB

8.- d'a MD, EV, MT, MS

A forma verbal *esvía* significa o mesmo que *desvía*; parellas de verbos similares son, por exemplo, *espertar / despertar* ou *espir / despir*.

9.- y-afaite MD, EV, MT, MS; e afaite BB // pr-o MD, EV; pr'o MT; pr'ó MS

Aínda que o autor emprega con moita frecuencia o *i* epentético (*ceio*), aquí renuncia a el para rimar en consoante con *aseo* (vid. nota a 6.66).

- 10 sobre o mundo, que Dios fixo,
moito se arrastrou o demo,
e non che hai cousa sin lixo.

III

- Afertunados, eu bebo
tódalas feles da vida;
15 mais ¡compadecervos debo!,

pois, cando a delor vos cope
o que inda é ben gota a gota,
xa o agotaredes dun tope.

IV

- ¡No me caeu unha bágoa!,
20 anque brutal foi o golpe,
anque cruel foi a mágoa:

dera a alma a Dios... ¡mai querida!,
i hai desgracias de desgracias
que raen o pranto e a vida.

12.- ch'hay MD, EV, MS; ch'hai MT

13.- O vulgarismo *afertunados* é consecuencia da utilización da palabra *fertuna* (vid. E 33.10 e 79.11).

14.- *total-as feles d'a* MD, EV, MT, MS

17.- *qu'inda* MD, EV, MT, MS // *got'a gota* MD, EV, MT, MS

Como se pode observar neste verso, a sinalefa é a norma en Noriega.

18.- *x'o agotaredes d'un tope* MD, EV, MT, MS

Leiras traduce *tope* por "gorgorotada"; *dun tope* significa "dun golpe na cabeza"; tamén existe o *mal do tope*, que é un tumor maligno que nace no esófago.

19.- Para a asimilación *no me* vid. nota a 2.12.

20.- *aunque* MD, EV

21.- *aunque* MD, EV

O cultismo *cruel*, pola forma patrimonial *cruel*, ten un certo uso literario: Cunqueiro utilízao na súa obra (*¡Que fas, morte cruel!*) (142); algo similar ocorre coas formas *fidel / fiel*: outro poeta mindoniense, Xosé Díaz Jácome, publicou un libro titulado *Muño fidel* (143).

22.- *der'alm'a Dios...* MD, EV, MT, MS // *¡may querida!* MD, EV

A alternancia *mai / nai* que se observa nas diferentes edicións, tamén se manifesta en M, onde hai dous casos de *nai* (2.31 e 16.8).

23.- *y-hay* MD, EV, MS; *y-hai* MT; e *hai* B B

24.- A utilización da conxunción copulativa *e* neste verso seguida de vocal é excepcional no conxunto da obra do autor, pois case sempre emprega *i (y)* neses contextos.

V

Falan cortesanos:

- 25 Pra que o príncipe sanara
 preciso era que un dichoso
 súa camisa lle prestara;
- buscámolo a toda prisa
 e deparóunolo un santo,
- 30 pero ¡non tiña camisa!...

Para o significado de *raen* vid. B (s.v. RAER), onde recolle a expresión *¡raeume a vida*, que traduce por "me dio mucha lástima"; vid. tamén PE 9: *Vanse os quintos, vanse os quintos, / vanse polo souto arriba, / i as rapaciñas de Ousendo / choran... que raen a vida*. Leiras recolle s expresións *raer a vida*, *raer a ialma*, *trastallar a ialma*, *trastallar o corazón* e tradúceas por "cubrir el corazón, afectar hondamente" (144).

25.- Os v. 25-30 faltan en MD e EV; en COM, que é unha escolma de epigramas, son os únicos que figuran.

26.- *Un dichoso* vai en cursiva en MT, MS e COM.

27.- *súa camisa prestara* COM

Por esixencias da métrica, omítese o artigo diante do sintagma posesivo + substantivo, obrigatorio nestes casos, aínda que a poesía parece toleralo mellor que a prosa; ademais, é preciso facer diérese en *súa* para manter o verso octosilábico.

28.- *buscámol-o* MT, MS

29.- *deparóunol-o* MT, MS

30.- *non tiña camisa* vai en cursiva en MT e MS.

O boi solto...

«O boi solto ben se lambe»,
 penso que dirá aquel mozo,
 neniña, cando lle fales
 de contraer matrimonio;
 5 mais tu, si xa non lle metes
 as espitas polos ollos,
 acorde comigo, alega
 que mellor lambe un ó outro...

Métrica

Romance, 8 (-a-a), con rima en o-o.

Edicións anteriores

MT, 135; MS, 74; BB, 46.

Variantes e comentarios

0.- En MT non figura título.

1.- O poeta, grande admirador da literatura tradicional, inspírase con frecuencia en cantares, refráns ou ditos populares para as súas composicións, que se converten en glosas ao estilo dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro; vid., por exemplo, E 57, E 102, PNR 43, 44, 45...

2.- dir'aquel MT, MS

5.- Para o pronome *tu* vid. nota a 3.69.

6.- pol-os MT, MS

Vid. en B, s.v. METER, a expresión *meter polos ollos (unha cousa)*, que traduce por "encarecerla, brindando con ella insistentemente a fin de que uno la compre o acepte".

8.- *mellor lambe un ó outro...* está en cursiva en MT e MS.

19

Díxenlle a unha xirifeira...

Díxenlle a unha xirifeira:

-¿queresme levar ó lado
pra entrar pomposa na feira?

E respondeu de contado:

5 -xa che levo a faldriqueira!

Métrica

Quintilla, 8 (ababa).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 167, 2.2.1909; *El Eco de Villalba*, nº 32, 17.6.1909; MT, 137; MS, 75; FDR, 21; COM, 44; BB, 47; FR, 76.

Variátes e comentarios

0.- Díxenll'a unha xirifeira... M S

En MD, EV e MT non figura título.

1.- Díxenll'a MD, EV; Díxenll'á MT, MS // nnha xirifeira E V

O til do á en MS parécenos irrelevante, ou mesmo erro involuntario, posto que non aparece no título.

A palabra *xirifeira* aparece nun cantar de Leiras Pulpeiro: *Nenas de cara branquiña, l e do corpo xirifeiro...* (145) e nun poema de Aquilino Iglesia Alvariño dedicado precisamente a Noriega (vid. III.8.27), onde vai enumerando: *as vinculeiras..., as costureiras..., as xirifeiras..., as madamiñas dos Remedios*; neste poema C. García dálle o significado de "mulleres divertidas e buliciosas" (146); nos dicionarios predomina a acepción de "fina, delicada, xentil...".

3.- n-a M D

5.- O uso do pronome de solidariedade *che* correspóndese ao modelo de lingua coloquial que inspira este e outros poemas de M.

20

Cadro conforme, amigo...

Cadro conforme, amigo: hai moitas portas
 cerradas prá probeza;
 pero as do presbiterio non se conten,
 nin tampouco as da igrexa.

- 5 Bríndanlle as do espital piadoso amparo,
 e, sin forzalas, entra

Métrica

Romance de hendecasílabos (impares) e heptasílabos (pares), (-a-a) con rima e-a (147).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 173, 2.4.1909; *El Eco de Villalba*, nº 28, 17.4.1909; MT, 139; MS, 76; FDR, 21; AI, 26; HNV, 2; MR, 323; FFR, 226; BB, 48; GEG, 118; FR, 77.

Variantes e comentarios

Este poema surxiu como resposta a outro publicado na prensa de Mondoñedo, titulado "A velliña", en que se denunciaba a falta de solidariedade coa vella pobre, a quen ninguén presta axuda (148); en MD leva unha nota que di: «Apresuradamente enviada al Sr. Dr. de *Mondoñedo*, en cuanto leí, con deleite, «A Velliña»; en EV figuran os dous poemas xuntos, primeiro o de *Marcos d'a Pena* e despois o de Noriega. En MR áchase traducido ao español (149).

0.- A *Marcos d'a Pena* MD, EV

En MT non leva título.

1.- É triste y-é verdá que hai moitas portas MD; É triste y-é verdá que hay moitas portas EV // hay M S

En B (vid. s.v. CADRAR) áchase a expresión *cadrou conforme*, traducida "asintió".

2.- pra probeza MD, EV, MT, MS; pra a probeza FFR, GEG

Este verso e o anterior son citados por Bernardino Graña no seu poema "Recordatorio pra Antón Noriega Varela" (vid. III.8.33).

3.- d'o MD, EV, MT, MS // presbyterio MD, EV, MT, MS, AI, HNV; prebysterio FDR, MR, FFR, GEG

4.- d'a MD, EV, MT, MS // igresia MD, EV

5.- d'o MD, EV, MT, MS // hespital MD, EV

A palabra *espital* vén citada por García de Diego, que a pon en relación con *escuro*, *escoitar*, *espárrago*, *estoria* ou *estormento* (150); Eladio Rodríguez rexístraa como "voz del cast. ant. abonada por Couceiro Freijomil", remitindo ao moderno *hospital*; aquí *espital* é unha casa de recollida de pobres e peregrinos.

6.- forzal-as MD, EV, MT, MS

donde se afirma o crimen, i onde a morte
se mofa da soberbia.

10 As do ceio, esas... ¡ai!, tapiarllas queren;
mais ¡Dios maldiga a empresa!,
que as do ceio sorte é que as vexa o probe
de par en par abertas.

7.- y-onde a MD; y-ond'a EV, MT, MS; e onde a BB, FR

Restituímos o *e* de *onde*, por non ter valor preposicional (vid. nota a 3.13), senón adverbial de relativo; nótese tamén a vacilación entre as formas *donde* / *onde* con este valor, constante ao longo de toda a obra do autor.

8.- d'a MD, EV, MT, MS

9.- d'o ceo MD, EV, MT, MS; do ceo FR

10.- maldig'a MD, EV, MT, MS

11.- d'o ceo sort'é MD, EV, MT, MS; do ceo sorte é FR // vex'o MD, EV

21

Torneo

*Pra Nazario Abel Corredoira,
con un forte abrazo.*

Sallamos ó campo moitos
i entre todos leve a palma,
(despois do ingenuo que dixo:
«Sólo sé que no sé nada»),
5 quen seña máis bon, máis xusto,
quen conxure máis disgracias,
quen máis agravios tolere,
jaquel que enxugue máis bágoas!

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en a-a.

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 178, 7.5.1909; *El Eco de Villalba*, nº 30, 17.5.1909; MT, 145; MS, 77; BB, 49.

Variantes e comentarios

- 0.- En MD e EV non leva título. A dedicatoria de MS repítese en BB.
Nazario Abel Corredoira foi presidente da Filarmónica de Lugo e secretario do Colexio de Axentes Comerciais, en cuxa representación acudiu ao sepelio do poeta.
- 1.- **ó campo todos** MD, EV
Para a forma *sallamos* vid. nota a 14.4.
 - 2.- **y-entre** MD, EV, MT, MS; e entre BB // **lev'a** MD, EV, MT, MS
 - 3.- **d'o** MD, EV, MT, MS
Ingenuo figura en cursiva en todas as edicións.
 - 4.- Esta célebre frase, atribuída ao filósofo grego Sócrates, tamén figura en cursiva en todas as edicións.
 - 5.- O presente de Subxuntivo *seña*, do verbo *ser*, é rasgo dialectal característico da área mindoniense do autor (151); non obstante tamén aparece *sea* en M 23.93; en E 50.0 e 50.1 temos *seña* e en 51.0 e 51.1 *sea*, mais en 51.2 de novo *seña*.
 - 8.- **qu'enxugue** MD, EV, MT, MS
De novo *bágoas* conta como dúas sílabas por medio da sinérese (vid. nota a 15.36).

Calvos de Randín

«Dicen que Calvos é vila
i el é un triste lugar:
¡coitadiña da meniña
que a Calvos se vai casar!».

(Cantar pop.)

Calvos de Randín, paisanos,
non é capital de España;
pro desde logo aseguro
que é aldeñia... de importancia!

5 Ó menos eu non coñezo
outra que teña máis cabras,
nin tantos fatos de ovellas,
nin máis garridas rapazas.

Métrica

Romance, 8 (-a-a), con rima en a-a.

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 47, 1913; MS, 78-80; BB, 50-52.

Variantes e comentarios

0.- En VG leva como antetítulo «Montañas de Orense»; nas tres edicións figura o cantar, popular despois do título; del só adaptamos a grafía en dous casos: v.2 y-él e v.3 d'a en MS. Este cantar tamén está publicado eu *O Gaitero de Lugo* do ano 1932, xunto con outros recollidos por Noriega en C; sen dúbida foi el o recolector nesta publicación, aínda que non figure expresamente o seu nome.

1.- peisanos V G

Calvos de Randín é unha vila da provincia de Ourense, na raia con Portugal, a onde o poeta foi desterrado en febreiro de 1911 para ocupar a praza de mestre, despois de sufrir un expediente na vila de Foz, onde rexentaba a privilexiada escola de Fondós. En Calvos permaneceu até 1913, data de composición do poema, en que conseguiu o traslado para a escola de Trasalba (vid. I 1.1.4); a dureza do seu clima fixo que fose un auténtico castigo para o poeta e a súa familia.

2.- mal se distingue no mapa V G

4.- que é unh'aldea... d'importancia VG; qu'é aldeñia... d'importancia MS

5.- Eu al menos non coñezo V G

7.- d'ovellas VG, MS

8.- nin pegureiras máis guapas V G

9.- d'aires VG, MS

- 10 Ufánase de aires puros
Calvos de Randín, i as augas
das súas fontes merescían
salir por canos de prata.
- 15 En troque as casas... ¿direino?
As de Calvos, máis que casas,
vellos pombales semellan
feitos de brousos e pallas.
- 20 Os carballos, os penedos,
e da xesta as froles albas,
son, foron e serán sempre
de Calvos de Randín gala.
- 25 Unha música lle reina:
a das esquilas das vacas;
mais prás romaxes procura
o bombo, tambor i a gaita.
- 30 Viste de inverno coroza
pra resistir a saraiva,
i o ulular asobiado
dos lobos, fúrtalle a calma.
- 30 De vrau ergue as maus ó ceio,
si os trebós non a asolagan,
e de respirar se esquence,

10.- y-as VG, MS; e as BB

11.- d'as VG, MS

O arcaísmo *merescían* non é único no autor, pois xa en M 3.4 apareceu o verbo *nascen*; vid., tamén, nota a E 65.7 (*floresceron*).

15.- Para o plural en *-les* (*pombales*) vid. nota a 5.52.

16.- *Brousos* son restroballos de maleza e herbas do monte.

17.- y-os VG

18.- d'a VG, MS

22.- d'as esquilas VG, MS // d'as vacas VG

23.- pero pr'as festas procura VG // pr'as MS

24.- outra millor: a d'a gaita VG // y-a MS; e a BB

25.- D'inverno viste coroza VG // d'inverno MS

27.- y-o VG, MS

28.- d'os VG, MS // fúrtall'a VG

29.- o Ceyo VG; ô Ceyo MS

Para *vrau e maus* vid. nota a 11.34.

30.- no n'asolayan VG; no na asolagan MS

31.- s'olvida VG; s'esquence

mentras non recolle a anada.

35 Pra que non a adente o fisco,
do disimulo se ampara,
e sin palleiros e goxas
están de Calvos as airas.

40 En Calvos é mediodía
cando ó maeso lle agrada,
porque ás doce... ¡na súa vida
oieu tocar a campana!

Val Calvos... un gato cego;
¡pero aínda ten dúas alhaxas!
a súa igresíña e un Cristo
sobre unhas penas ben altas.

45 Quen nestas breñas se embreñe
xurar pode que se enclaustra;
mais teña de ollo que as serras
da gloria son veciñanzas.

Para *esquence* vid. nota a 6.29.

33.- Pra que no n'asexe o fisco // no na M S

Para o caso de /n/ velar en *non o*, vid. nota a 7.16 e 9.10.

34.- d'o disimulo s'ampara VG, MS

35.- A palabra *goxas*, da familia de *goxos*, máis común nos dicionarios, significa "cestas de grandes dimensións".

36.- están de Calvol-as airas V G

A orde da oración, sen o hipérbato, é: «as airas de Calvos están sin palleiros e goxas»; *airas*, variante de *eiras*, tamén figura no vocabulario de Leiras.

38.- cando a rutina ll'agrada VG; cando ó maeso ll'agrada M S

A palabra *maeso* tamén a emprega outro poeta da zona do autor, Celestino Cabarcos, nun poema dedicado a Noriega (vid. III.8.19: *Por eso fixeche ben / ir pra Chavín de Maeso*); algúns dicionarios recollen a forma *maestro*, mais non esta.

40.- oyen VG; oyeu M S

42.- alhaxas VG; halaxas MS; alaxas B B

Tratándose *alhaxas* dun castelanismo, parece máis lóxico escribilo tal como figura na primeira edición; a forma de MS pódese considerar como unha simple falta de ortografía.

44.- muy altas V G

45.- n'estas VG, MS // s'embreñe VG, MS

Embreñarse significa meterse nas *breñas*, introducirse entre as penas e o mato espeso, enselvarse; vid. E 80.0 (*Embreñarme procuro...*) e 81.11 (*embreñarme procuro prontamente*).

46.- pode xurar VG // s'enclaustra M S

47.- mais teña en conta que as serras VG // d'ollo M S

En B (vid. s.v. TER) *ter de ollo* ou *ter de mentes* vén traducido por "creer que ha de suceder alguna cosa, especialmente si es favorable".

48.- son d'a gloria veciñanzas VG // d'a MS // da gloria B B

50 E que, si en Calvos de frío
 morre, non lle han faltar bágoas
 i auga bendita, que pías
 maus sobre as covas derraman.

Cfr. estes dous últimos versos con E 49 (... *pero as serranías / son veciñanzas do ceio*).

50.- II'han VG, MS

51.- y-auga bendita, que as mozas VG // y-auga MS; e auga B B

52.- sobr'as coviñas derraman VG // sobr'as M S

Do San Juan de Romariz

(Fragmento)

.....

E si queda algún gallego
que non lle perdesse o apego
á terra, será feliz

Métrica

20 sextillas, 8, co mesmo modelo de rima (aabccb) (152).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 134, 3.7.1908; MT, 159-166; MS, 81-86; BB, 53-57.

Variantes e comentarios

Aquilino Iglesia Alvariño, relacionando a Leiras Pulpeiro con Noriega, afirma: "Del 1895 al 1900 fue una misma la temática de los dos poetas, según dejamos dicho. Al *San Juan de Romariz* de Noriega corresponde el *San Cosme*, de Leiras, por citar un solo ejemplar. Pero después del 1900 se independiza y surge como una oscura *teençon* o disputa sobre las excelencias de la mariña y la montaña entre los dos poetas" (153). Como neste traballo de Aquilino as datas e os datos están habitualmente trabucados, tamén con relación a este poema debe suceder o mesmo, pois ten de ser posterior a 1900 e mesmo a 1904; de non ser así, seguramente figuraría en MO.

Carballo Calero, baseándose nas palabras de Aquilino, di: "Os primeiros poemas de Noriega teñen moitas coincidencias cos de Leiras, na temática, na forma e no xeito persoal de tratar os motivos costumistas. Cítase como exemplo "Do San Juan de Romariz", do primeiro, en correspondencia con "San Cosme", do segundo, ou sexa "Unha festa como hai moitas". Realmente, a enxebre visión da vida campesina e a animación da linguaxe, na que abundan as interrogacións e as escramacións, e non digamos o léxico, son os mesmos en ambos poetas. Pero Noriega sempre foi amigo dos cegos a diferenza de Leiras, cuio anticlericalismo se refrexa, como é sabido, nos seus versos. [En nota] Abofellas, no caso citado a correspondencia temática entre as estrofas, perfectamente rematadas, de Noriega, e os romances, dabondo descoidados, de Leiras, redúcese ao motivo da romaría. Pero o enfoque e a intención non teñen cousa de común. Polo demais a composición de Noriega, en punto a valor artístico, está moitos cóbados por riba da do médico cantor da mariña. Nesta tenzón o poeta máis novo leva a palma" (154).

0.- D'o San Joan de Romariz MD; D'o San Juan de Romariz MT, MS

Fragmento só figura en MS e BB.

1.- qued'algún MD, MT, MS

5 si sube conmigo a Infesta
pra oír o bombo na festa
do San Juan de Romariz.

¿Hai quen veña? ¡Vamos xa!,
que agora, pola mañá
cediño, moito se avanta;
10 brila unha estrela no ceio,
i entre o meu verde centeio
o pazpallar ledó canta.

Ben madrugou quen fai lume;
vede ora: rastrexa o fume
15 sobre os lousados da aldea;
¡vamos!, sin medo ó camiño,
¡levo unha bota de viño,
que inda ha de estoupar de chea!

4.- *comigo* MD, MT

Habitualmente o autor emprega *comigo*, como nas primeiras edicións deste poema (vid. M 3.170, 4.0, 4.1 e 18.7); só neste caso aparece *conmigo*.

Infesta é un lugar próximo a Romariz. Di Aquilino Iglesia Alvariño: "pero en los versos de Noriega no hay otra montaña auténtica que la de Mondoñedo y tuve buena ocasión de verificarlo en un reciente viaje hecho a propósito.

Por el viejo camino de Gontán subí también al S. Juan de Romariz. En un hondo recodo se extendía el lugar de Espiñarcao, al sol de la tarde, de donde falta el ciego que Noriega conoció. Hacia el norte queda la Infesta, que era el camino de Noriega" (156).

6.- *d'o* MD, MT, MS // *Joán* MD

San Xoán de Romariz é unha freguesía do municipio de Abadín (Lugo), que limita coas de Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo, Labrada e Quende, entre outras; as festas patropais celébranse o 24 de xuño, festividade de San Xoán.

7.- *Hay* MD, MT, MS

8.- *pol-a* MD, MT, MS

O resultado en *-á (mañá)* da terminación latina *-ANA* é propia da área dialectal do autor (155).

9.- *s'e avanta* MD; *s'avanta* MT, MS

10.- *brilla* BB // *ceyo* MD, MT, MS

Para o pseudogaleguismo *brila* vid. nota a 3.34.

11.- *y-entre o* MD; *y-entr'o* MT, MS; *e entre* BB // *centeyo* MD, MT, MS

12.- *paspallar* MD

A variante *paspallar* da forma máis común *paspallás* tamén vén recollida por Leiras no seu vocabulario; Cunqueiro utilízaa en plural (*os pazpallares e o merlo*) (157).

14.- *ved'ora* MD, MT, MS

15.- *sobr'os* MD, MT, MS // *d'aldea* MD, MT, MS

16.- *med'ó* MD, MT; *med'ó* MS

17.- *lev'unha* MD, MT, MS

18.- *qu'inda ha d'estoupar* MD; *qu'ind'ha d'estoupar* MT, MS

- 20 Rapaces, ¡Dios nos axude!,
mal poden gozar saúde
tantos que quedan deitados,
nin sei de qué son señores
os que nunca ollan as froes
destes montes orballados.
- 25 ¡Aínda anque naceran cegos!:
pra ser com'algús vilegos,
é millor pedir cun fol...
Logre a nosa ialma a extraña
paz da solene montaña,
30 que xoto coroa o sol!
- Un goto, ¡meus camaradas!,
quero vervös coloradas
as meixelas. ¡Atruxade!,
que, cando así a xente berra,

20.- É máis usual a expresión *gozar de saúde* ou *gozar de boa saúde*, mais tampouco é estraña á lingua a construción sen preposición: *gozar grandes riquezas* ou *gozar unha saúde de ferro*.

22.- Acentuamos o *qué* para evitar a anfiboloxía e por unha maior claridade na lectura.

23.- nunc'ollan MD, MT, MS

24.- d'estes MD, MT, MS // orvallados MD, MT, MS, BB

25.- Aínd'anque MD, MT, MS

A fórmula *aínda anque* como introdutora das concesivas é moi frecuente na fala; cfr. nota a 3.159. O autor emprega sempre en M *unque* como conxunción concesiva e nunca *aínda que* (vid. 3.18, 3.110, 3.151, 15.22, 17.20 e 17.21). *Aínda* como adverbio alterna con *inda*: temos *aínda* en 12.5, 16.7, 22.42, 23.25 e 23.120, e *inda* en 2.8, 3.40, 5.12, 6.72, 17.7 e 23.18.

Para o uso de *naceran* como subxuntivo vid. nota a 3.161.

26.- como algús B B

Para o plural *algús* vid. nota a 1.55.

27.- mellor MD, MT // c'un MD, MT, MS

28.- y-alm'a MD, MT, MS

29.- d'a MD, MT, MS

30.- A voz *xoto* ten dúas entradas no vocabulario de Leiras, unha traducida por "hosco, arisco" e outra por "espantadizo"; o primeiro significado é o que xeralmente recollen os dicionarios, aínda que os dous son próximos, como se pode ver en PNR 21.2 (*unha aldeaniña xota*).

31.- *Goto* e *grola* teñen uso na zona, pois Leiras recolle esta última e Cunqueiro emprega a primeira (*Voulle buscar un goto de auga fresca*) e mais a segunda (*e pide un grola de viño*) (158).

32.- ver-vos MD, MT, MS

35 coido que *se* erguen da terra
os petrucios doutra idade.

I eu, que tamén vou pra vello,
heivos de dar un consello,
máis que *de* amigo, *de* irmau:
40 é pró montañés un axe
que o que non viste o seu traxe
chegue coa moca na mau.

Para excusar filateiras,
deixádeas entre as silveiras,
45 i entraremos com'añiños;
eses lobos das carpazas,
si nos ventan malas trazas,
cómennos a bocadiños...

¡Xuício!, que o demo argalla,
50 e canta menos baralla
gastedes, ¡mellor, sin duda!:
¡zorreade!, que ó que é zorro
lévano as mozas pró corro,

35.- s'erguen d'a MD, MT, MS

36.- d'outra MD, MT, MS; de outra BB

37.- Y-eu MD, MT, MS; E eu BB

38.- hei-vos MD, MT, MS

39.- d'amigo d'hirmao MD, MT; d'amigo, d'hirmau MS; de amigo, de
hirmau B B

40.- pro MD; pr'o MT, MS

Para o significado de *axe* vid. nota a 6.61.

41.- vist'o M T

42.- co-a MD, MT, MS // mao MD, MT

43.- excusar MD, MT

Contando coa sinalefa como regra xeral, o autor emprega agora *para* por razóns métricas, en vez do *pra* habitual.

Filateiras son pelexas ou discusións.

44.- entr'as MD, MT, MS

Hai que facer sinérese en *deixádeas* para contar oito sílabas.

45.- y-entraremos MD, MT, MS; e entraremos BB // com'añiños M D

46.- d'as MD, MT, MS

47.- si nos ven tan malas trazas M D

É curiosa a variante de MD, que ten pleno sentido, igual que *ventan*.

52.- qu'é MD, MT, MS

Zorreade: o autor recolle a expresión *é un zoro vello* "Para dar a entender que es muy disimulado y astuto" (cfr. B, s.v. SER.)

53.- pr'o MD, MT, MS

e Xudas lle presta axuda.

- 55 ¿Érguese aire? ¡non tremer!,
 Dio-lo manda pra varrer
 a brétema que nos molla;
 ¡ei, pra riba, xuro a Baco!,
 i o que non teña tabaco
 60 que pique da miña folla.

.....

- ¡Albizaras!, no cruceiro
 do atrio, runfra o gaitero
 tocando unha ribeirana,
 i on rapaciño da aldea
 65 chouta agarrado á cadea,
 que baixa desde a campana.

- A unha vella de cen anos
 que entre un fato de peisanos
 pasou prá misa, ¡hai que vela!:
 70 leva dengue colorado
 i on cirio repinicado,
 feito de cera amarela.

54.- prest'axuda MD, MT, MS

Para Xudas vid. nota a 3.71 e 15.22.

55.- 'Ergues'aire MD, MT, MS

En B recolle o verbo *trembar*, en vez do *tremar* que aquí aparece (*trembaba com'a vara verde*).

56.- Diol-o MD, MT, MS; Diolo BB // barrer MD, MT, MS, BB

58.- Baco, deus do viño para os romanos.

59.- y-o MD, MT, MS; e o BB

60.- d'a MD, MT, MS

Cfr. *pique* con 3.14 (*piquei cigarro*).

62.- d'o MD, MT, MS

Runfra ou *runfa* significa "fai ostentación, presume".

63.- tocand'unha MD, MT, MS

64.- y-on MD, MT, MS; e on BB // d'aldea MD, MT, MS

Para a forma *i on* vid. nota a 3.139.

65.- chout'agarrado MD, MT, MS

66.- desd'a MD, MT, MS

68.- qu'entre MD, MT, MS

69.- pra MD, MT, MS // hay MD, MS // vel-a MD, MT, MS

71.- y-on MD, MT, MS; e on BB

72.- cer'amarela MD, MT, MS

- Fresca i alcendida rosa
me parece a melindrosa
75 rapaza, que entra na igrexa
mirando ó disimulado
pró montañés, ben portado,
que tras do lume a cortexa.
- Rexoubador, un morral
80 que precisaba aceal...
¡nunca ten os ollos quedos!,
i á moza, que ond'el non para,
bótalle a mau pola cara
e chucha despoi-los dedos.
- 85 O vello cura, home xusto,
chega cardando ó seu gusto
ó romeiro sin promesas,
que adoita subir ás cumes
para acexar as costumes,
90 non sanctas, das montañasas.

73.- y-alcendida MD, MT, MS; e alcendida B B

O participio *alcendida* deriva dun verbo *alcender* / *encender*, igual que sucede coa parella *alcontrar* / *encontrar*; tamén Cunqueiro emprega nas súas obras estes verbos con' -al: *non podemos alcender lume* (159) ou *non hai en tódolos bazares do mundo quen se queira alcontrar con el* (160).

75.- qu'entra MD, MT, MS // igrexa MD

76.- mirand'ó MD, MT, MS

77.- pro MD; pr'o MT, MS

78.- d'o MD, MT, MS

79.- Rexoubador, un chaval MD, MT

Para o significado de *morral* Eladio Rodríguez dá a acepción de "hombre zote y grosero".

80.- precisab'aceal MD, MT, MS

Precisa aceal dise da persoa indómita, que non se somete.

82.- y-á MD, MT, MS; e á BB // onda el B B

83.- botall'a MD, MT, MS // man MD // pol-a MD, MT, MS

84.- despoil-os MD, MT, MS; despóis os B B

86.- cheg'apupand'ó seu gusto MD // cardand'ó MT, MS

Cardando ten aquí o significado de "reprendendo, amoestando".

89.- par'acechar MD; par'acexar MT, MS

De *acechar* na primeira edición a *acexar* hai unha aproximación á voz máis propiamente galega *axexar*.

Ríe, i eu tamén me río:
 os dous non damos un fío
 de la polo que non sea
 a fornada de mistura,
 95 un traxe de moita dura,
 i a gracia de Dios na aldea.

¡Tolo o que cobiza máis!;
 lonxe da terra e dos pais
 moito rebe e mal se apaña:
 100 ¿veu naide mellor tesouro
 que a neve i as froles de ouro
 con que se viste a montaña?

¡Ai, dou ó demo o diñeiro,
 si á sombrã dun sabugueiro
 105 oio as estrofas dos niños
 e, ulindo ó celme da xesta,
 pasan, bicándome a testa,

91.- y-eu MD, MT, MS; e eu B B

93.- pol-o MD, MT, MS

96.- y-a MD, MT, MS; e a BB // n'aldea MD, MT, MS

97.- Tol-o que MD, MT, MS; Tolo que B B

A lectura de BB é desacertada, posto que o trazo indica a elisión dunha vocal, que ten que ser un *o*; tamén colocamos pausa ao final do verso, pois doutro xeito non ten sentido.

98.- d'a terra e d'os MD, MT, MS

99.- moito reb'e mal s'apaña MD, MT, MS // reve B B

Rebe, do verbo *reber*, significa "mingua, diminúe"; Leiras recólleo con *v* no seu vocabulario, mais con este mesmo significado; non se debe confundir co verbo *reverse*, que significa "deleitarse, compracerse" (vid. nota a 6.26: *canto a miña alma se reve / na singular fermosura...*).

100.- Para a forma verbal *veu* vid. nota a 12.10.

101.- y-as froles d'ouro MD, MT, MS; e as B B

102.- vist'a MT, MS

103.- Ay MS // dem'o MD, MT, MS

104.- d'un viaiteiro MD, MT; d'un sabugueiro M S

Con relación á denominación desta árbore, Fernández Rei sinala que só se rexistra na área mindoniense ou en falas de Lugo próximas a esta a voz "*biouteiro*, *bieiteiro*, fronte a *sabugueiro* de Ourense e Pontevedra e dalgunha fala de Lugo e A Coruña" (161); debemos ter en conta que o autor pasou uns dezaseis anos na provincia de Ourense, despois da publicación de MD e MT.

105.- oyo MD, MT, MS // d'os MD, MT, MS

106.- e ulind'ó zelme d'a xesta MD, MT, MS

107.- bicándom'a MT, MS

os queirogentos airiños!

110 ¡Bah!, si os que non se ven fartos
de comenencias e cartos
pensan de levar a palma,
mal saben que nesta vida
non hai riqueza cumprida
e solo é importante a ialma.

115 ¡Un foguete i on repique;
¡mozos!, deixade o palique
das carpazonas que eu canto,
e vamos moito de prisa,
que vai comenizar a misa
120 i aínda hai que tomar o santo.

.....

108.- queirogentos M S

A variante de MS é, sen dúbida, un erro involuntario.

112.- n'esta MD, MT, MS

113.- hay MD, MS

114.- a y-alma MD, MT, MS; a alma B B

En MD todo o verso vai en cursiva.

115.- y-on MD, MT, MS; e on B B

117.- qu'eu MD, MT, MS

118.- Este mesmo castelauismo (*prisa*) tamén aparece en 17.28, talvez por facilidade de rima.

119.- O verbo *comenizar* só aparece neste verso en M; para a alternancia con *comezar* en palabras similares vid. nota a 6.29.

120.- y-aínd'hai MD, MS; y-aínd'hai MT; e aínda hai B B

Cfr. esta mesma expresión *tomar o santo* en 1.95; vid. nota a ese verso.

Unha ofrendiña abrileña

Pra M^a Clotilde Pulpeiro

Pra esta María Clotilde,
 xentil moza ribeirana,
 frores, ¡oh abril!, máis daquelas
 sinxeliñas, orballadas,
 5 que na vila non solecen,
 que as fidalgas n'agasallan,
 daquelas tan modosiñas
 que elixen a serra brava

Métrica

Romance, 8 (-a-a), con rima a-a.

Edicións anteriores

Ms, 15.8.1898; *De todo un poco*, Mondoñedo, nº 2, 15.5.1904; *Coruña Moderna*, nº 51, 18.2.1906; MT, 91-92; ECA, 416; *Ronsel*, Lugo, nº 3, julio 1924; *El Pueblo Gallego*, Vigo, 25.7.1929; MS, 87-88; BB, 58-59; BB, 189-190.

Existe, ademais, un recorte de prensa no Mosteiro de Poio que coincide exactamente con DT, de onde con seguridade está tirado.

Nestas edicións están incluídas aquelas que corresponden ao poema "Abrulas", que consideramos unha variante deste; como as diferencias entre elas son moi grandes, editamos a versión de MS, reproducida unicamente en BB, pp. 58-59 (en BB, pp.189-190, figura a outra versión); a continuación, incluiremos a versión primitiva, sinalando as variantes entre as diferentes edicións.

Variantes e comentarios

A edición de MS é unha reformulación do poema "Abrulas" para suprimirle o ton erótico que o caracterizaba e que o autor tanto se preocupou de evitar (vid. PEX 1); en carta do ano 1946, a poucos meses da súa morte, escribe: "en esas pruebas mutiladas no amputó dos ya con *a gangrena* : "No enterro de Curros" abiertamente impía, y la intitulada "Abrulas" descaradamente lividinosa:

«... remuiño cando bailas
 entena cando me chuchas
 na boca, etc.» (vid. Apéndices: 5.6.1.42).

Finalmente, na edición definitiva da súa obra apareceu esta versión "descafeinada".

0.- Tamén este título e a dedicatoria son exclusivos de MS e BB, 58-59.

3.- ouh abril BB // d'aquelas MS

6.- no agasallan B B

10 pra estar pretiño do ceio,
lonxe, lonxe da estimanza...

15 E ben, María Clotilde,
lindísima ribeirana:
com'as froliñas brañegas
eu tamén son da montaña;
pro sinto nace-las herbas,
sei distinguir de rapazas...

20 Ti eres un sol si nos miras,
aloumiño, si nos falas,
brisa de abril, cando chuchas
ós nenos..., e pola gracia
do Bon Jesús, cotovía
rexoubadora, si cantas!...
Reina, ¡pola túa almiña,
no me condenes a ialma!

9.- Ceyo MS

10.- d'a estimanza... MS

13.- como as BB

14.- d'a MS

15.- nace-las herbas MS

17.- Para o suxeito *ti* vid. nota a 3.70.

O castelanismo *eres* aparecera tamén en M 11.16 (*¿seique eres fera?*), fronte á forma galega en 8.6 (*mentras es mozo*) e 11.29 (*es ben zunado*); as razóns métricas inflúen nunha ou outra escolla.

19.- d'abril MS

Neste verso e o seguinte está o motivo fundamental da expurgación ou reelaboración do poema (vid., de novo, III.6.1); as primeiras versións dicían *cando me chuchas, na boca*; mais aínda en 1933 escribiu outro verso parecido: *¿Es novo? ¡Chucha unha moza!* (vid. PNR 29.74).
iña).

26.- c-a MS

Para os casos de asimilación *no me* (v. 24) e de non asimilación (*non me*) vid. nota a 2.12.

20.- ós nenos..., e po-la gracia MS

21. En M achamos outras dúas veces o adxectivo *bon*: 3.22 (*é un bon espello*) e 21.5 (*quen seña máis bon, máis xusto*), fronte a un caso de *bo*: 17.4 (*serás un bo camarada*). Para *Jesús* vid. nota a 11.6.

22.- rexoubadora MS

Esta variante débese, sen dúbida, a un erro involuntario (vid. M 23.79: *rexoubador*).

23.- Reyna, ¡po-la MS

24.- a y-alma MS; a alma BB

Obsérvese que o autor só emprega un *i* (*y*) epentético cando a palabra vai precedida de artigo determinado (*a ialma*), mais non noutros casos (vid. v. anterior: *túa almiña*).

25 non fuxas espavorida,
 ¡non me deixes coa grinalda
 de purpúreas abruliñas
 que están pingando a rosada!

26.- c-a MS

Para os casos de asimilación *no me* (v. 24) e de non asimilación (*non me*) vid. nota a 2.12.

27.- A *abrula* é unha das plantas que máis denominacións ten na nosa lingua: *aveluria, balocos, belitroques, estralotes, estalos, sanxoáns...*; o poeta dedicoulle un dos seus sonetos: vid. E 83 (*Festiña dos breñales, linda abrula*).

Vexamos agora as demais edicións (162):

En primeiro lugar reproducimos a edición manuscrita (Ms), por ser máis reducida e conter moitas variantes a respecto das posteriores. Leva por título "Oferta" e está dedicada "A la distinguida señorita Amparo Mora Moirón" (163):

Non me vires malos ollos
 Si ch'ofrezo un-ha grinalda
 D'aquelas mimosas froles
 Sinxeliñas y-aldeanas,
 Que n-a vila non solecen
 Y-entr'as espiñas s'agachan;
 D'aquelas tan modosiñas
 Qu'escolleron a montaña
 Pra estar mais preto d'o ceyo
 E mais lonxe d'a estimanza...
 Nena: pol-a tua almiña!,
 Qu'unque son d'a serra brava
 Sintoche nacel-as herbas
 Pra distinguir de rapazas.

.....
 Tod'eres sol, cando miras,
 Tod'eres mel, cando falas
 E que cegu'eu com'a teipa
 Si vin cousa mais galana.
 Nena: ¡¡pol-a tua almiña
 Colle froles d'a montaña!!...

Das demais edicións tomamos como base MT, por ser a única en libro en vida do autor, que sempre ofrece maior fiabilidade; ademais, as variantes coas posteriores edicións son pouco importantes. R está datada en «Trasalba, 1924», igual que BB (pp.189-190), que declara recollela de R; esta é unha edición claramente controlada polo autor, pois leva debaixo do título «Versos dos meus vinte anos», igual que noutras edicións de poemas da primeira época feitas por eses anos en Trasalba (vid., por exemplo, M 2, "edicións anteriores"). En CM e ECA leva a indicación de «Foz». Reproducimos o poema e indicamos as variantes entre as diferentes edicións non vistas:

Abrulas

Non me vires malos ollos
 si che ofrezo unha grinalda
 daquelas froles mimosas,
 sinxeliñas, orballadas,

- 5 que na vila non solecen,
que as fidalgas n'agasallan;
daquelas tan modosiñas,
que elixen a serra brava
pra estar máis preto do ceio
10 e ben lonxe da estimanza.
Nena, ¡pola túa almiña!,
eu tamén son da montaña,
mais sinto nace-las herbas,
sei distinguir de rapazas.
15 Ti ére-lo sol cando miras,
remuíño cando bailas,
entena cando me chuchas
na boca, e si leda palras...
¡o bando das cotovías,
20 que ó ceio subindo canta!
Nena, ¡pola túa almiña
no me condenes a ialma!,
non me vires malos ollos,
¡non desfroles a grinalda
25 de coloradas abrulas,
que aí van pingando a rosada.

- 0.- Pra unha chouteiriña de Romariz EPG // en DT, CM e ECA non leva título.
2.- ch'ofrezo DT, CM, MT, ECA, R, EPG
3.- d'aquelas DT, CM, MT, ECA, R, EPG; de aquelas BB // frores R, BB
4.- sinxeliñas, aldeanas CM // orvalladas DT, MT
5.- n-a DT, CM
6.- no agasallan B B
7.- d'aquelas tan modosiñas DT, MT, R, EPG; de aquelas tan modosiñas B B ;
d'aquelas moito brañegas CM; d'aquelas milagrosiñas ECA
8.- qu'elixen a serra brava MT, R; qu'escolleron a Montaña DT, ECA; que
profesan n-a montaña C M
9.- pra estar preño CM // d'o ceyo DT, CM, MT, ECA, R, EPG
10.- d'a DT, CM, MT, ECA, R, EPG
11.- pol-a DT, CM, MT, ECA, R, EPG // tu'almiña MT
12.- que anque son da serra brava DT, ECA; ¡tamén son d'a serra brava CM //
d'a MT, R, EPG
13.- síntoche nacer as herbas DT; síntoche nacel-as hervas ECA; mais sinto
mace-las berbas CM; mais sinto nacel-as herbas MT, R, EPG
14.- pra distinguir de rapazas DT, ECA; pra nemorar mozas guapas C M
15.- Erel-o DT; Ti érel-o CM, MT, ECA, R, EPG; ti eres o B B
16.- biquiño d'ouro si falas D T
17.- e que cegu'eu com'a teipa D T
18.- si vin cousa mais galana... DT // n-a CM // e se leda ECA
19.- lembranzas da aveciña EPG // d'as CM, MT // en DT este verso correspóndese
co 21 das outras edicións, e así sucesivamente (ten 24 versos, dous menos que as demais
edicións).
20.- ceyo CM, MT, ECA, R, EPG // rubindo ECA
21.- pol-a DT, CM, MT, ECA, R; pó-la EPG
22.- condenel-a y-alma DT // a y-alma CM, MT, ECA, R, EPG; a alma B B
23.- no me C M
24.- non desfolles DT; non desfrores CM, ECA; non rexeites R, EPG, BB
26.- que van DT, ECA; qu'inda van CM; que ahí van MT, R, EPG, BB

Notas a *Montañesas*

(1) Cfr. *A lingua dos poetas do norte de Lugo*. Discurso lido o día 16 de abril de 1949, no aito da súa recepción pública, pol-o señor... e contestación do Excmo. Sr. Dr. D. Ramón Otero Pedrayo, Académico de Número, La Coruña, Real Academia Gallega, 1964, pp.20-21.

(2) Cfr. "Antonio Noriega Varela", in *D'o ermo (escolma da edición luguesa)*, Epílogo, A Cruña, Publicacións da Real Academia Gallega, 1969, p. 77.

(3) José María Riguera Montero (1844-1922) estudiou no Seminario de Mondoñedo e posteriormente emigrou a Montevideo, onde se doutorou en Dereito e Ciencias Sociais. Ao seu regreso residiu na Coruña, onde foi Vicepresidente do Consello de Administración de *La Voz de Galicia* e colaborou noutras publicacións. Se este poema llo dedica á súa dona, a Riguera dedicarlle un dos primeiros sonetos (vid. E 42).

(4) Cfr. "Prólogo", in Antonio Noriega Varela, *Montañesas. Poemas gallegas*, Luarca, Imprenta de Ramiro P. del Río, 1904, pp. 7-26.

(5) Cfr. *22ª Exposición. El traje regional gallego con motivo del centenario del nacimiento de Noriega Varela*, Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Julio de 1969, p. 1.

(6) Vid. *Op. cit.*, p. 21.

(7) Cfr. "Prólogo", in Rosalía de Castro, *Follas novas*, Habana, La propaganda literaria, 1880, pp. XII-XIII.

(8) Vid., por exemplo, pp. 12-13 da Colección Austral, Buenos Aires, Espasa Calpe argentina, 1975, 18ª edición, de onde reproducimos como mostra os seguintes versos:

Entonces ... cuando el lucero
 Brillaba en el cielo santo
 Y los gallos con su canto
 Nos decían que el día llegaba,
 A la cocina rumbiaba
 El gaucho... que era un encanto.

.....
 ¡Ah tiempos! Si era un orgullo
 Ver jinetear un paisano...
 Cuando era gaucho baquiano
 Aunque el potro se bollase,
 No había uno que no parase
 Con el cabresto en la mano.

(9) Cfr. "Últimos poetas y poesías", in *De literatura galaica*, vol. 3, cap. XXXVII, pp. 82-83; este artigo, segundo nota do autor, foi publicado en *España y América* o 15 de maio de 1922.

(10) Neste sentido son de utilidade M. Leiras Pulpeiro, *Obra completa*, Estudo crítico de X. L. Franco Grande, Fundación Penzol, Vigo, Galaxia, 1970 (contén evidentes erros de transcripción dos textos do autor, mais reúne unha serie de aportacións de frases e expresións populares da área mindoniense, adiviñanzas, refráns... non recollidas completas noutras publicacións); como complemento imprescindible a esta obra temos o traballo de Ignacio Pérez Pascual e Cleofé Tato García, "O vocabulario de Leiras Pulpeiro (I)", *Verba. Anuario galego de Filoloxía*, vol. 13, Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 237-267 (edición do vocabulario recollido por Leiras que corrixe os erros detectados na obra anterior); baseándose na edición de Franco Grande, Xosé Trapero Pardo publicou *Manoel Leiras Pulpeiro. Vida e obra. Escolma de textos*, A Coruña, Publicacións da Real Academia Gallega, 1983; tamén resulta de interese Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas*, Estudio, edición e notas por Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela, Edicións Sálvora, 1983 (contén abundantes notas lingüísticas, con referencias a Noriega Varela); e, por último, Manuel Leiras Pulpeiro, *Poesía galega completa*, Estudio preliminar, edición e notas de Ramón Reimunde Noreña, Barcelona, Sotelo Blanco Ediciones, 1984.

(11) Cfr. *Op. cit.*, p. 11.

(12) Cfr. "El cantor de la montaña, a la orilla del mar. Los días de don Antonio Noriega en la ciudad de Vivero", *Chan*, Madrid, nº 6, I quincena de mayo 1969, p. 10.

(13) Vid., por exemplo, Rosario Álvarez et alii, *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1986, p. 499.

(14) Cfr. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas*, Sálvora, *op. cit.*, p. 188 (nº 188 de *Cantares gallegos*).

(15) *Ibid.*, p. 225.

(16) Cfr. *Op. cit.*, p. 82.

(17) O romance é o tipo de composición máis frecuente en *Montañesas*; aparece en 13 dos 24 poemas, 9 de versos octosilábicos, 2 romancillos de pentasílabos, 1 de hexasílabos e 1 romance de hendecasílabos ou romance heroico.

(18) Cfr. *Op. cit.*, p. 11.

(19) Cfr. "Verbas limiares", in *D'o ermo (escolma da edición luguesa)*, A Cruña, Publicacións da Real Academia Gallega, 1969, p. 16.

(20) Cfr. *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981, 3ª ed., pp. 532-533.

(21) César González-Seco Romero, avogado e deputado provincial, foi director de *Mondoñedo*, primeiro subtitulada *Revista semanal ilustrada*

e máis tarde *Periódico bisemanal independente*, no que colaborou Noriega habitualmente, dando a coñecer varias das súas composicións, algunhas non recompiladas polo autor.

(22) Cfr. "Contribución pra un estudio das partículas comparativas *que=ca* e *como=coma* en galego", *Verba. Anuario gallego de Filología*, vol. 1, Universidad de Santiago de Compostela, 1974, pp. 16-30.

(23) Vid. Nicanor Rielo Carballo, *El libro lucense (1495-1936)*, Cuadernos do Seminario de Sargadelos 43, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1982, pp. 457-460; só recolle outros tres folletos imprimidos no mesmo establecemento, ademais de *De Ruada*, que data en 1930, 1933 e 1934; nestes tres figura o nome de Imprenta ou Tipografía de J. Montero, Aguirre, 16; en *De Ruada* figura «Tip. La Modelación / José Montero, Aguirre / Lugo»; posibelmente sexa posterior a estes tres, tal como tamén os ordena Nicanor Rielo, e anterior á guerra civil, pois a boa calidade do papel non é propia do período da guerra ou de posguerra; en recente conversa co citado autor, este estivo conforme en datar o folleto por eses anos; de todas as formas, a imprenta continuou funcionando até os anos cincuenta. Certos criterios ortográficos de Noriega postos de manifesto nesta edición, como a representación *pó-lo*, anterior e posteriormente realizada como *pol-o*, son habituais noutros textos do autor nos anos trinta.

(24) Vid. *Historia...*, *op. cit.*, p. 523.

(25) A *Revista Gallega*, da Coruña, dá información sobre este acontecemento; no nº 24, de 25.8.1895, pódese ler: "El jurado del certamen literario que ha de verificarse en Mondoñedo, con motivo de las ferias y fiestas de San Lucas, quedó definitivamente constituido con los señores siguientes:

Presidente, D. Manuel M. Murguía

Vocales: D. Juan Manuel Paz Novoa, don Eduardo Pondal, D. José Pérez Ballesteros y D. Andrés Martínez Salazar".

No nº 31, de 13.10.1895, volvemos ler: "La Comisión organizadora del certamen literario de Mondoñedo proyecta celebrar festejos extraordinarios en honor del señor Murguía, Presidente del referido certamen. Entre los obsequios figurará una gira al Dolmen de la Recadeira. Los mindonienses quieren hacer agradable la breve estancia en aquella ciudad, al insigne autor de la Historia de Galicia".

No mesmo número infórmase que "el tribunal calificador de las composiciones presentadas al Certamen de Mondoñedo; formado en esta capital por los Sres. Murguía, presidente, Pondal, Ballesteros, Novo y Martínez Salazar, vocales, ha emitido ya su veredicto, resultando premiados los siguientes..."

No nº 32, 20.10.1895, dise: "En este Certamen obtuvo el premio de 200 pesetas el conocido escritor coruñés, residente en Lugo, nuestro querido

amigo D. Indalecio Varela Lenzano, por una *Memoria* referente al inspirado músico mindoniense Pacheco".

E no nº 34, de 3.11.1895, reproducécese o poema "A Mondoñedo", de Ramón Martínez Esparís, coa seguinte nota: "Poesía que obtuvo el premio de honor en el certamen recientemente celebrado en Mondoñedo".

Así pois, Noriega obtivo un dos premios do certamen, mais non foi o único galardoado.

(26) Cfr. *Op. cit.*, pp. 16-17.

(27) Cfr. "Cuadros de costumbres", in *De re literaria*, vol. 1, cap. XI, pp. 500-503.

(28) Cfr. "Fiestas populares de Galicia. Fiadeiros", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. IV, fascículo XIV, 1949, p. 402.

(29) Vid. *Historia...*, *op. cit.*, p. 532.

(30) Vid. *Manoel Leiras Pulpeiro. Vida e obra. Escolma de textos...*, *op. cit.*, p. 11.

(31) Cfr. "Introducción", in A. Noriega Varela, *Poesía*, Vigo, Edicións Xerais, 1991, p.12.

(32) Cfr. *Amencer. Voceiro de O Britton*, Foz, nº 7, Santos-Nadal, 1977, p. 27.

(33) Emilio Tapia y Rivas (Mondoñedo 1862-Lugo c. 1917) estudiou Dereito e dedicouse ao xornalismo desde moi novo, dirixindo varias publicacións: *El Lucense*, *El Eco de Galicia*, *El Norte de Galicia...* Foi vicepresidente da Deputación Provincial de Lugo.

(34) Benito Losada Astray (Santiago de Compostela 1824-1891), médico militar e político republicano, é tamén un destacado poeta; estes versos corresponden á dedicatoria « A os meus lectores» do seu segundo libro de poesías e primeiro escrito en galego, *Soazes d'un vello. Poesías gallegas*, publicado en 1886 na Coruña, Imprenta *La Voz de Galicia*. Noriega ten recomendado a súa obra, mais considerándoo "demasiado erótico" (vid. Apéndices: 5.6.1.36).

(35) Vid. Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais, 1991, 2ª ed., p. 90-91.

(36) *Ibid.*, pp. 127-128 e 203.

(37) Saco y Arce (*Gramática gallega*, Orense, Gráficas Tanco, 1967, 2ª ed., p. 114) nomea *onda* e *unda* co mesmo significado de *xunto* ou *xunta*; pola contra, LUGRÍS FREIRE (*Gramática do idioma galego*, A Cruña, Imprenta Moret, 1931, 2ª ed., p.109) fala só de *onde*, que "denota proximidade, e ten semellanza con *xunto*, *xunto á*, *acarón*"; Ricardo Carballo Calero (*Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia, 1979, 7ª ed., p. 335) inclúe a *onda* e *ondia* na relación de preposicións, mais non fala de *onde a*; Rosario Álvarez et alii (*op. cit.*, p. 506) mencionan unicamente *onda* e exemplifican con *onda min*, *onda o muíño* e *onda o avó*; non obstante, falan de *xunta (de)* e *xunto a / de*. Nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Real Academia

Galega / Instituto da Lingua Galega, 1982, p. 129) tampouco se inclúe *onde a* como locución prepositiva, aínda que si *onda* como preposición; Xoán Xosé Costa Casas et alii (*Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*, A Coruña, Ed. Vía Láctea, 1988, p. 371) contraponen ás formas normativas *onda* e *xunta*, *onde* e *xunto*.

(38) Eladio Rodríguez di sobre a voz *onda*: "Prep. que significa junto a, al lado de, a la vera de, denotando contigüidad. Es formada por una contracción que tiene las formas *onda* y *ondo*, correspondientes a *onde a* y *onde o* y así se dice: *vai onda él, vou onda ela*, como *foise ondo fillo, veuse pra ondo pai*". (cfr. *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, T. III, Vigo, Galaxia, 1961, p. 47).

(39) Cfr. *Antón Noriega Varela e os clásicos latinos. Verbas e temas car-ô mundo*, inédito, Mes de Navidá do ano 1955, p. 11.

(40) Ademais de que ese vocabulario de Leiras (vid. I. Pérez Pascual e C. Tato García, *op. cit.*) está recollido na mesma zona mindoniense do autor, debemos ter en conta a amizade entre os dous poetas, Leiras e Noriega, e a influencia do primeiro no segundo, nomeadamente no aspecto lingüístico, como conta Lence-Santar na súa biografía do médico poeta, publicada parcialmente por Ramón Reimunde Noreña en *La Voz de Galicia*, 17, 5.1983.

(41) Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 129.

(42) Cfr. *Antón Noriega Varela e os...*, *op. cit.*, p. 10.

(43) Cfr. Ramón Reimunde Noreña, "Estudo preliminar", in Manuel Leiras Pulpeiro, *Poesía galega completa*, *op. cit.*, pp. 19-33 (aquí figura completa a biografía de Leiras feita por Lence-Santar; o orixinal foi escrito en español).

(44) Edición de 1971, p. 30; recollido por Constantino García (*Contribución ó léxico de Álvaro Cunqueiro*, A Coruña, Real Academia Galega, Seminario de Lexicografía, 1991, p. 176); vid. s.v. *tahona*: *tafona*, *panadería*; no sucesivo citaremos só a obra e a páxina do autor.

(45) Cfr. *Escola de menciñeiros*, Vigo, Galaxia, 1960, p. 123.

(46) Cfr. M. Leiras Pulpeiro, *Obra completa*, *op. cit.*, p. 404.

(47) Vid. Manuel Ferreiro, "Glosario", in *Obra lírica de Eduardo Pondal: Edición crítica*, Tese de doutoramento, inédita, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, 1990.

(48) Vid. V. García de Diego, *Elementos de gramática histórica gallega*, Burgos, Imprenta y librería Hijos de Santiago Rodríguez, 1909 (Consultada na edición facsimilar de *Verba*, *anuario galego de Filoloxía*, anexo 23, Universidade de Santiago de Compostela, 1984).

(49) Vid. J. Trapero Pardo, *Antón Noriega Varela e os...*, *op. cit.*, onde emprega constantemente a forma *Mondañado*.

(50) Vid. José Luís Pensado, *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su*

repercusión en la lexicografía gallega, Universidad de Salamanca, 1976, pp. 206-207.

(51) Cfr. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 75.

(52) *Ibid.*, pp. 131-132, onde di que *tu* é característico da microsubárea Viveiro-Xermade e da subárea oriental, formada por dúas microsubáreas: A Mariña-Xistral e A Mariña-Lourenzá; Mondoñedo pertence á subárea oriental dentro da área mindoniense.

(53) "En oracións copulativas o uso do artigo diante do posesivo no predicado nominal introduce unha clara diferenza de significado: en *Este caderno é meu; Xocas é noso veciño* exprésase unicamente unha relación de pertenza, mentres que en *Este caderno é o meu; Xocas é o noso veciño* individualízase entre tódolos posibles *cadernos* ou *veciños* os que teñen como característica esa relación... Agora ben, a omisión do artigo só é posible cando o posesivo é núcleo ou cando o sustantivo que acompaña é un nome de parentesco ou semellante (*veciño, amigo, compañeiro, amo, patrón...*). Cfr. Rosario Álvarez et alii, *op. cit.*, pp. 152-153.

(54) Cfr. *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, Vigo, Galaxia, 1958, p. 52.

(55) Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 129.

(56) Cfr. *Xente de aquí e de acolá*, 1971, p. 109.

(57) Vid. *Antón Noriega Varela e os...*, *op. cit.*, p. 10.

(58) Cfr. M. Leiras Pulpeiro, *Obra completa, op. cit.*, p. 404.

(59) Cfr. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas, op. cit.*, p. 212; o autor da edición indica que esta é unha "locución interxectiva con arraigo en Mondoñedo, Ribadeo, et... (p. 229).

(60) Cfr. Aníbal Otero, *Contribución al léxico gallego y asturiano*, Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de Oviedo, 1958, p. 7 (Separata de *Archivium*, t. VIII, pp. 173-191).

(61) Cfr. *Op. cit.*, p. 148; tamén indica que este adverbio *destoncias* foi usado por J. Pla y Zubiri en *A hestoria de Sabela*.

(62) Cfr. *Op. cit.*, p. 19.

(63) *Ibid.*, pp. 19-20.

(64) Cfr. *Op. cit.*, p. 179.

(65) Vid. Rosario Álvarez et alii, *op. cit.*, p. 480.

(66) Cfr. Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*, Vigo, Imp. de D. Juan Compañel, 1863, p. 7. e M. Curros Enríquez, *Aires d'a miña terra*, Ourense, Tipografía de A. Otero, 1880, p. 79.

(67) Vid. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas, op. cit.*, p. 174.

(68) Vid. José Luís Pensado, *op. cit.*, pp. 235-237.

(69) Vid. *Op. cit.*, p. 203.

(70) Vid. *Op. cit.*, p. 149.

(71) Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 132.

(72) Cfr. *Op. cit.*, p. 84.

- (73) Cfr. I. Pérez Pascual e C. Tato García, *op. cit.*, p. 244.
 (74) Cfr. *Compendio de gramática gallega-castellana*, Santiago, Establecemento tipográfico de Manuel Mirás, 1864, p. 26 (Consultada a edición facsimilar da Colección Arealonguiña, Akal editor, 1978).
 (75) Vid. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas, op. cit.*, p. 212; o cantar é o seguinte:

Campana grande dos Picos
 moita seña dá me dás.
 Pero por min, si eu mandara,
 cada hora habías sonar.

- (76) Cfr. Sebastián Risco, *El mundo de la fauna en la poesía gallega*, inédito, 1963, p. 13.
 (77) Cfr. *Op. cit.*, p. 132.
 (78) Hai outros tres poemas en *Montañasas* que usan este tipo de estrofa: 12 (*No enterro de Curros*), 14 (*Neniño chamou o gado*) e 16 (*Porque é de tan mala entraña*). En *Do Ermo* temos dous, 19 e 41; tamén en PEX 2, PNR 2 e 3 e PE 1 e 5 utiliza a décima espinela.
 (79) Cfr. "Por la mariña lucense. Foz", *Vida Gallega*, nº 239, 5.12.1923.
 (80) Cfr. ¡*Guau... Guau!*, Foz, Ladrado de Julio de 1906, p. 6 (sección "Ladrados"). Neste xornal colaborou Noriega e mesmo parece que tomou parte na redacción; ben podería ser da súa autoría este texto, cousa que non nos atrevemos a afirmar (vid. Aproximación biográfica).
 (81) Cfr. Fr. Juan Sobreira, *Papeletas de un diccionario gallego*, Edición y estudio crítico por J. L. Pensado, Orense, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», 1979, p. 311.
 (82) Cfr. *Op. cit.*, p. 90.
 (83) *Ibid.*, p. 97.
 (84) *Ibid.*, p. 85 e 129.
 (85) Cfr. *Op. cit.*, p. 16.
 (86) Vid. *Op. cit.*
 (87) Cfr. "Ramón Cabanillas de Cambados", *Grial*, Vigo, nº 54, outubro-novembre-décembre 1976, p. 525.
 (88) Cfr. *O incerto señor don Hamlet, op. cit.*, p. 32.
 (89) Publicada en Mondoñedo, Tipografía de «Centro de Acción Social Católica», 1926 (vid. tamén Apéndices: 5.6.1.23).
 (90) Cfr. I. Pérez Pascual e C. Tato García, *op. cit.*, p. 257.
 (91) Cfr. *Op. cit.*, p. 451.
 (92) Cfr. *Obra completa, op. cit.*, p. 404.
 (93) Cfr. *Op. cit.*, pp. 64-65.
 (94) Cfr. *Manoel Leiras Pulpeiro. Vida e obra. Escolma de textos, op. cit.*, p. 14.
 (95) O Coronel Sarmiento era un dos destacados membros do Instituto Histórico do Minho, que interveu no acto de proclamación de Noriega como numerario do mesmo (vid. Apéndices: 5.3).

- (96) Cfr. "Vacilacións lingüísticas de tipo fonético e gráfico na obra narrativa galega de Álvaro Cunqueiro", in *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 1982, p. 176.
- (97) Cfr. Rosario Álvarez et alii, *op. cit.*, p. 177.
- (98) Cfr. *Sete Vozes Perenes da Galiza lírica*, Porto, Livraria Athena, 1965, p. 90.
- (99) Cfr. *Ensayo sobre la poesía gallega contemporánea*, Ediciones del Castro, Coruña, 1972, p. 82.
- (100) Cfr. "Proyección literaria de la emigración gallega. Nostalgia", *Grial*, Vigo, nº 19, Xaneiro, Febreiro, Marzo, 1968.
- (101) Vid. Manuel González González-Francisco Fernández Rei, "II. Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro", in *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, *op. cit.*, p. 192.
- (102) Cfr. *Obras Completas*, *op. cit.*, p. 213.
- (103) Vid. F. Fernández Rei, *Dialectoloxía...*, *op. cit.*, pp. 58-59.
- (104) Cfr. *Op. cit.*, p. 89.
- (105) Cfr. "Glosas da lingua. Na crista da onda", *La Voz de Galicia*, Coruña, 10.5.1992.
- (106) Cfr. *Op. cit.*, pp. 82-83.
- (107) Cfr. "Santa Compañía", *Gran enciclopedia gallega*, t. 27, p. 252.
- (108) Cfr. "Un ou dous Noriegas", in *Libros e autores galegos. Século XX*, Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Colección «Galicia viva», 1982, p. 23.
- (109) Cfr. "Noriega Varela e Foz", *Amencer, voceiro da asociación O Britton*, Foz, Xaneiro-Febreiro, 1978.
- (110) Vid. *Gramática elemental...*, *op. cit.*, p. 202.
- (111) "A restricción en canto á velaridade cando seguen artigo ou pronome persoal acusativo débese a que neses casos a consoante só aparentemente é final; a súa pronunciación é sempre alveolar". Cfr. Rosario Álvarez et alii, *op. cit.*, p. 34.
- (112) A utilización do verso pentasilábico non é frecuente no autor, que prefere o octosílabo, predominante en toda a súa obra; en M só o volve empregar no poema 11 (*Caso imprevisto*); en E noutros dous poemas: 34 (*Brisa de abril*) e 64 (*Inverno*).
- (113) En moi contadas ocasións usa o poeta o verso hendecasílabo nos romances (vid. E 36).
- (114) Cfr. "Un poema desconocido de Pondal («Pois que tanto os boos ceos nos deparan»), *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XXV, fascículo 75, 1970, p. 119.
- (115) Cfr. "Verbas limiares", in Antonio Noriega Varela, *D'o ermo (escolma da edición luguesa)*, *op. cit.*, p. 16.
- (116) Cfr. "Repinicadas carpazonas", *La Noche*, Santiago de Compostela, 19.12.1946.

(117) Cfr. "Tierra de brañegos", *La Noche*, Santiago de Compostela, 5.8.1949.

(118) Vid. Rosario Álvarez et alii, *op. cit.*, p. 144-145.

(119) *Ibid.*, p. 498: "Todas elas (*dende, des, desde*) sofren a forte concorrencia de *de*, que pode usarse nos mesmos contextos e cos mesmos valores".

(120) *Ibid.*, p. 223; Ricardo Carballo Calero (*Gramática elemental...*, *op. cit.*, p. 199) cita *vou a rezar por mi madre*, de Cabanillas, e *mi madriña*, de Rosalía.

(121) Cfr. E. Chao Espina, "Mi amistad con Noriega Varela", *El Ideal Gallego*, Coruña, 17.5.1969.

(122) Vid. *Historia...*, *op. cit.*, p. 532.

(123) Cfr. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 101 e 129.

(124) *Ibid.*, p. 64 e 128.

(125) Cfr. *Curros Enríquez*, Vigo, Galaxia, 1980, p. 63; con este autor coincide en xeral Xesús Alonso Montero ("Curros Enríquez, Manuel", in *Gran enciclopedia gallega*, t. 8, 1974, p. 154)), aínda que Celso Emilio Ferreiro (*Curros Enríquez*, Madrid, Ediciones Júcar, 1976, 2ª ed., p. 27) dese equivocadamente como data da morte o 7 de febreiro de 1908.

(126) Cfr. *Cancioneiro popular gallego*, t. III, Madrid, Akal editor, 1979, p. 216 (edición facsimilar).

(127) *Ibid.*, t. II, p. 197.

(128) Cfr. "De la poesía de Noriega. Estética de lo humilde", *El Progreso*, Lugo, 29.11.1946.

(129) Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 129.

(130) A tradución é a seguinte:

Vive en casa grande,
las paneras llenas.
-Y ¿qué come?

-Sorbe

gachas sen manteca.
Para ahorrarse los zuecos
va descalzo a las ferias,
con los puercos duerme
y sin luz se acuesta.
¡Este es el heredero
del pico de la sierra!
Vive en casa grande
con las paneras llenas,
mas ¡ya puede el diablo
llevarse sus rentas!...

(131) Esta antoloxía foi publicada en Palma de Mallorca, Editorial Moll, 1976; esta é a tradución:

Viu en casa gran,

té la bossa plena...
 -¿I què menja?
 -Xucla
 magres farinetes.
 Per no gastar esclops
 va descalç a festa,
 dorm amb els porcells,
 no es colga amb candela.
 Aquest és l'hereu
 del cim de la serra!,
 viu en casa gran,
 té la bossa plena,
 ja pot el dimoni
 endur-se'n les rendes!

(132) O nº 77 de *Coruña Moderna* non leva data de publicación, mais, tendo en conta que o nº 76 é de 12 de agosto de 1906, e que se trata dun semanario, sen dúbida este número corresponde ao mes de agosto.

(133) Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 129.

(134) Aínda que este número non leva data, o nº 38 ten a de 19.11.1905 e o nº 40 a de 3.12.1905; por tanto, ao se tratar dun semanario, ten que ser de 26.11.1905.

(135) *Coruña Moderna* foi un semanario modernista que comezou a publicarse en 1905; nel colaborou con frecuencia Noriega, dando a coñecer algúns dos seus poemas.

(136) Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 75 e 128.

(137) Vid. Rosario Álvarez et alii, *op. cit.*, p. 91.

(138) Cfr. *Merlín e familia e outras historias*, 1968, p. 29.

(139) En realidade, a frase reproducida por Franco Grande na edición citada da Fundación Penzol, p. 404, e por Traperero Pardo, tirada daquel, na súa escolma de textos de Leiras de 1969, p. 75, é *vai á mau*, mais seguramente é un erro de lectura, tal como manifestan Pérez Pascual e Tato García (*op. cit.*, p. 240).

(140) Esta é a única composición en tercerillas de *Montañesas*, mais en *Do Ermo* hai sete: 3, 4, 8, 29, 35, 87 e 102.; en PNR, dúas: 13 e 37; e en PE, unha, a nº 8.

(141) Recollido por Eladio Rodríguez no seu dicionario (vid. s.v. "ferreñas").

(142) Cfr. *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, 1968, p. 68.

(143) Colección Dombate, Vigo, Galaxia, 1983.

(144) Cfr. *Obra completa*, *op. cit.*, p. 406.

(145) Cfr. *Obras Completas*, *op. cit.*, p. 196.

(146) Cfr. "Xirifeiras e engueimados", *La Voz de Galicia*, Coruña, 3.9.1990.

(147) A combinación de heptasílabos e hendecasílabos con rima dos pares en asoante dáse só nesta composición de *Montañasas*, mais en *Do Ermo* temos outros casos: 17 (*Brancura*) e 94 (*¿Que dirán?*).

(148) O poema é de Marcos da Pena; ademais de en *Mondoñedo*, foi publicado en *El Eco de Villalba*, nº 28, 17.4.1909; di así:

A velliña

Enriba d'a probiña van caíndo
 as folerpas d'a neve mainamente;
 ela peta c'oa moca n-os puxigos,
 y-o gonzo ferruxente
 as portas quedas ó seu paso deixa;
 e soil'un can que'a xente,
 de vez en cando lle respond'a probe,
 semellando decir queixosamente,
 qu'a millor d'as virtudes mal s'atopa;
 que d'a noite o relente,
 y-a mesma neve, lle farán un leito
 negado pol-a xente.

(149) A tradución é a seguinte:

Estoy de acuerdo, amigo...

Estoy de acuerdo, amigo; veo puertas
 cerradas por doquier a la pobreza;
 pero las del altar que no entren en las cuentas
 ni tampoco las puertas de la iglesia.

Las del hospital son piadoso amparo,
 y sin forzarlas entra
 donde se afirma el crimen, y la muerte
 puede con la soberbia.

Las del cielo, ésas, ¡ay!, tapiárselas quisieran;
 pero, ¡que Dios maldiga tal empresa!,
 que las del cielo debe verlas el pobre
 de par en par abiertas.

(150) Vid. *Op. cit.*, p. 183.

(151) Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 129.

(152) Este tipo de estrofa só é utilizado neste poema da obra, mais en *Do Ermo* aparece en cinco ocasións: poemas 5, 16, 22, 40 e 98.

(153) Cfr. "Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña", *Faro de Vigo*, Vigo, número especial conmemorativo del Centenario (1853-1953), p. 163.

(154) Cfr. *Historia...*, *op. cit.*, p. 523.

(155) Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 128.

(156) Cfr. "Tierra de brañegos", *La Noche*, Santiago de Compostela, 5.8.1949.

(157) Para Leiras guiámonos pola lectura máis fiábel de Pérez Pascual e Tato García (*op. cit.*, p. 260); X.L. Franco Grande (M. Leiras Pulpeiro, *Obra completa, op. cit.*, p. 447) le *paspallás*. Para Cunqueiro cfr. *Xente de aquí e de acolá*, 1971, p. 74.

(158) Cfr. *A noite vai coma un río*, in *Obra completa*, Vigo, Galaxia, 1980, p. 272 e *A cociña galega*, Vigo, Galaxia, 1973, p. 33, respectivamente.

(159) Cfr. *As crónicas do Sochantre*, Vigo, Galaxia, 1956, p. 33.

(160) Cfr. *Si o vello Simbad volvese ás illas*, Vigo, Galaxia, 1961, p. 98.

(161) Cfr. *op. cit.*, p. 130.

(162) A métrica non varía; en todas as edicións utiliza o romance con rima en a-a; muda o número de versos, que vai desde 20 a 26.

(163) Esta copia manuscrita foi reproducida por *La Voz de Galicia*, Coruña, 19.5.1983, co desafortunado título de "Poema inédito de Noriega Varela" (fóra mesmo incluído o ano anterior na edición de *Do Ermo* feita por Galaxia) e o seguinte texto: "Amparo pegaba caixas de mistos nun álbum familiar e persoal. Un día consentiu en abri-las páxinas a un poeta, amigo da casa e gasalleiro do amor inxenuo. El era Noriega Varela, que coa súa propia letra escribe o poema que reproduce este Cuaderno de Cultura. Amparo Mora era tía do escritor Álvaro Cunqueiro. Data este poema do ano 1898. Co agradecemento á familia Mora, de Mondoñedo".

Xosé F. Armesto Faginas (*Cunqueiro: unha biografía*, Vigo, Edicións Xerais, 1987, p. 24) afirma: "Noriega foi grande amigo da familia Moirón, familia de Cunqueiro. E a unha tía do escritor, Amparo Mora Moirón, dedicoulle, o 15 de agosto de 1898, un sinxelo poema que escribiu o poeta nun álbum no que Amparo colleccionaba caixas de mistos, colección que tamén posuía Osvaldo Jove, Coxo de Entrebo, un dos curandeiros retratados por Álvaro. Dille o poeta nos últimos versos á tía Amparo:

Tod'eres sol, cando miras
 Tod'eres mel, cando falas..."

II.2.2. *Do Ermo*

1

Zreixiñas frescas...

Zreixiñas frescas, vermellas,
 ledicia dos pumariños,
 son as xoias das orellas
 das filliñas dos probiños.
 pop.

Métrica

Cuarteta, 8 (abab).

Edicións anteriores

DE, 91

Variantes e comentarios

O autor tivo especial interese en que esta breve composición figurase ao principio de *Do Ermo*: "La carta que adjunto trae fecha de anteayer. Alborzadísimo dice: «Vamos en D'o Ermo», y yo opongo, muy contrariado: ¡iremos!, pero no lo veo: "D'o Ermo" comienza: "Zreixiñas frescas", y la sigue: "Teu paniño encarnado" (vid. III.6.1.47); a razón pode estar en que anuncia o tema da humildade franciscana, tema recorrente na obra.

Aínda que son varios os poemas de E que están tirados da tradición popular, só este e o nº 50 levan a indicación de tal procedencia, feito que sorprende a Fermín Bouza Brey: "También se explicaría el caso pensando que hayan omitido en la impresión la indicación correspondiente a ser popular que se advierte en cambio al pie de la cuarteta de la página 91, "Freisiñas (*sic*) frescas, bermellas" y del pareado de la 162, "Bendita seña a y-alba" (1).

Non obstante, o poeta chega a atribuírse estes versos cando afirma, ao comparar a súa poesía coa de Francis Jammes: "Aun, y Vd. perdone, al azar, otras pruebas del espiritual parentesco que nos atribuye.

«Ven, dice Francis, te voy a poner unos pendientes de cerezas...» (2).

Compuse yo estos rengloncitos:

Zreixiñas frescas, bermellas,
 ledicia d'os pumariños
 son as xoyas d'as orellas
 d'as follíñas d'os probiños" (cfr. III.6.1.44)

2.- d'os

3.- xoyas d'as

4.- d'as... d'os

2

E porque é tan lugués...

E porque é tan lugués, e porque o pide
teu xeito agreste, porque ben lles prace

Métrica

Soneto, 11 (ABAB CDCD EEF GGF) (3).

Edicións anteriores

Vida Gallega, nº 344, 20.6.1927; *La Provincia*, Lugo, 21.7.1927; DO, 38; DE, 92; RAG, 31; RCC, 2; BB, 60.

En VG leva como indicación final «Santa María Magdalena de la Graña».

Variantes e comentarios

A etapa máis fecunda na elaboración de sonetos corresponde á década dos anos vinte, cando o autor estaba destinado en Trasalba e logo na Graña de Vilarente (Abadín); este corresponde ao último lugar citado, pois en carta de 1 de xuño de 1927 escribe: "Parsimoniosamente voy acrecentando mi colección de sonetos: hoy le envío los tres últimos que compuse: *Primavera y Teu pano encarnado*, ya publicados, y "Ora é unha abedoeira...", inédito" (cfr. III.6.1.28). A defensa da vestimenta tradicional, como corresponde a unha persoa profundamente amante das tradicións, é un tema xa tratado en M 1, especialmente vv. 11-20, e que volverá aparecer en E 57 (*Deixa os armiños de Helvecia...*).

Carballo Calero afirma a respecto deste soneto: "El pañuelo, heredero de la cofia, tocado general en tiempos de Noriega de la moza campesina, inspiró a nuestro poeta un soneto antológico... Ha parecido, pues, adecuado, al Instituto Padre Sarmiento, que su vigésima exposición, dedicada a conmemorar el centenario de Noriega, sea una exposición del traje del país, por Noriega cantado con tanta emoción y tan rico lenguaje" (4).

0.- **Teu paniño encarnado VG**

O autor referirase por carta a este soneto co título que figura en VG, como acabamos de ver; mesmo en 1946: "«D'o Ermo» comienza: «Zreixiñas frescas», y la sigue: «Teu paniño encarnado»" (cfr. III.6.1.47).

1.- **Porqu'é tan montañés VG // porqu'é LP, DO, DE, RAG**

A referencia a Lugo contida no adxectivo *lugués* debeu ser a causa pola que o autor colocou este poema ao principio do libro, tendo en conta que foi en Lugo onde se lle tributou a homenaxe en 1946 e onde se fixo a edición definitiva da súa obra; no poema seguinte, nº 3, volve aparecer outra vez este adxectivo (*luguesas*).

2.- A ausencia de artigo diante do sintagma de posesivo + substantivo, que a penas se producía en M en casos non contemplados pola norma, será frecuente en E. Aínda que a poesía a tolera mellor que a prosa, non deixa de ser un uso anómalo, que se pode atribuír tanto a necesidades métricas como á influencia portuguesa, que se deu fundamentalmente nos sonetos e tamén noutras composicións, intensificada esta influencia desde a súa etapa de Trasalba; tampouco se pode prescindir da influencia do español; vid. neste mesmo poema vv. 5, 9 e 14; noutros poemas de E, por exemplo, 9.13 (*de seu dono*), 12.0 (*nosa fala*), 22.12 (*seu fado*), 33.21

ós verdes do Vilar de Lamonide
i ó hostile acivro que ond'a murta nace;

- 5 Teu paniño encarnado me namora,
linda serrana, moza churrusqueira,
que nos montes de Argán eres pastora
e no Fondal da Graña tecedeira.

¡Meu corazón, aquel que en noite triste
10 se apartou destes ermos, que o sol viste,

(*miña ventura*), 33.34 (*súa meiguice*), 35.4 (*meu pazo*), 38.12 (*súa esvelteza*), 69.0 (*túa divisa*), 83.5 (*miña lira*), 86.7 (*seu sorriso*), 99.2 (*teu nume*), 101.2 (*seu rei*).

3.- d'o VG, LP, DO, DE, RAG

Vilar de Lamonide: lugar da Graña de Vilarente, no municipio de Abadín (Lugo), onde o poeta estivo de mestre entre 1926 e 1931; tamén o poeta Aquilino Iglesia Alvariño, natural desa zona, ten unha composición titulada "Aló en Lamonide", pertencente ao seu libro *Cómaros verdes* (5).

4.- y-â urze arisca que no Arneiro nace VG // y-ô LP, DO, DE, RAG; e ó B B // acibro LP, DO, DE, RAG, RCC, BB // onde a RCC; onda a B B

Para *ond'a* vid. nota a M 3.13.

A *murta* é o mesmo que o *mirto*.

5.- O constante uso do diminutivo en *-iño* (*paniño*) constitúe un dos rasgos máis característicos da poesía de E, pois é nesta obra onde adquire unha maior presenza, unida á temática franciscana que a domina (vid. I.3.2).

6.- O popular e expresivo adxectivo *churrusqueira* achámolo tamén en E 93.1 aplicado á Virxe (*Santiña churrusqueira*).

7.- d'Argán VG, LP, DO, DE, RAG

Os montes de *Argán* están situados na Graña de Vilarente e por eles paseaba o poeta acompañado nalgunha ocasión de Aquilino Iglesia Alvariño, quen nos deixou escrito: "La montaña de Abadín recuerda sin amor ni rencor su figura jocunda y extraña. Lo recuerda riendo en los atrios de las humildes iglesias, rezando las avemarías del Angelus de la tarde por los senderos solitarios de Argán, *esculcando* decires y requebrando mozas. Siempre con su cayado enorme y su ancho sombrero, fornido, lento y torpe como un oso" (6). O mesmo Noriega escribiu: "Toda la Graña es llanísima y del color de las esmeraldas, si se exceptúa el monte Argán. Parece vestido de sayal" (cfr. III 6.1.30).

8.- d'a VG, LP, DO, DE, RAG

O *Fondal da Graña* é a parte máis baixa da freguesía de Santa María Madalena da Graña de Vilarente, que se vai elevando na dirección do monte Argán.

Carballo Calero cita os vv. 7-8 como exemplo do artificio da similitudencia, "que é cicáis o máis sinificativo. Dúas liñas paralelas se non trazan de ordinario por azar, senón mediante o cartabón e a regra. Acretan, pois, estes paralelismos o ritmo constructivo do pensamento poético de Noriega nestes versos, nos que se percursa moi reflexivamente unha armonía mental e verbal que evidencia a finalidade estética, case autónoma en moitos casos" (7); este recurso é especialmente empregado nos sonetos: vid., por exemplo, E 31 (vv. 12-14), 38 (vv. 12-13), 61 (vv. 2-4), 62 (vv. 12-14), 75 (vv. 9-10), 83 (vv. 3-4 e 7-8)... (vid. tamén I.3.2).

9.- qu'en VG, LP, DO, DE, RAG

10.- s'apartou d'estas chairas VG; s'apartou d'estes altos LP; s'apartou d'estes ermos DO, DE, RAG

si ó cabo torna dun país lexano,

si, aínda que seña inverno, a vir se atreve,
mentras de vagarciño cai a neve,
chorará com' on neno ó ver teu pano!...

É curiosa a gradación *chairas / altos / ermos* nas diferentes variantes deste verso; xa fica dito que a Graña, onde o poema foi composto, é unha chaira na que destaca o monte Argán; áchase na zona de transición entre a Terra Cha e a Montaña lucense, mais o poeta acaba por ollar cara a esta e por iso escolle finalmente *estes ermos*.

Aquilino Iglesia Alvarino, referíndose e citando estes versos, afirma: "De los aldeanos, pegados a la tierra hasta formar con ella una unidad perfecta, había recibido también graves lecciones. La misma frialdad de las cumbres nevadas y de las lagunas cubiertas de hielos la había visto en aquellos rostros impasibles ante el giro de la rueda de las estaciones. La vida es siempre igual para ellos. Esperan muy poco y de los hombres, nada. Y en la medida de lo que esperan está la estimación que sienten por los demás. Tienen, en cambio, mucho que temer. Y el temor hace sus dioses. Esto es lo que Noriega comprendió con dolor y expresó maravillosamente en aquellos versos... Su corazón se había apartado del yermo, y, el año 1932, buscó el camino del mar, mejor dicho, de una sociedad de formas menos puras, más labradas y dulces, en que pudiera satisfacer sus ansias enormes de afecto y convivencia amiga" (8). Non obstante, hai que ter presente que este soneto foi composto nos primeiros meses de permanencia do poeta na Graña, e non cando marchou de alí.

11.- ô VG, LP, DO, DE, RAG // d'un VG, LP, DO, DE, RAG // país lontano DO

O autor acobou preferindo o castelanismo *lexano* antes que outra forma que non o convencía, como *lontano*; non obstante, nunca emprega en E o adverbio castelanizado *lexos* (vid. *lonxe* en 7.19 e 68.9).

12.- s'atreve VG, LP, DO, DE, RAG

Para conservar o hendecasílabo cómpre contarmos *si, aínda* como dúas sílabas.

13.- mentres BB // de vagariño VG

14.- como un RCC, BB // ô VG, LP, DO, DE, RAG

Para a forma *com'on* vid. nota a M 3.54.

3

¿Luguesas?

¡Luguesas deben de ser!
 onde elas lavan a cara
 calquera pode beber.

Métrica

Tercerilla; 8 (a-a).

Edicións anteriores

DE, 93; *O Gaiteiro de Lugo*, 1951; BB, 61.
 En GL leva a indicación «Do Ermo».

Variantes e comentarios

O feito de que esta breve composición non leve a indicación da súa procedencia popular estraña a Fermín Bouza Brey: «Pero la novedad de esta edición luguesa reside no sólo en la glosa que Noriega hace de poesías populares, sino -¡cosa singularísima!- en la inclusión como propias de triadas y cuartetos del pueblo, lo que no puede atribuírse a otra cosa que a un descuido en la imprenta al manejar los originales en los que, al reverso, tendrían anotado el Noriega colector la poesía popular. Así el madrigal de la página 93, "Luguesas deben de ser"; el de la página 101, "Montouto, montaña fría"; el de la 106, "Alegria Madanela"; la triada final de la página 111, "E choran nenos en Corme"; el conjuro de la página 192, "Levántate, nebra", y la triada de la página 208, "Fai un lunar coma día"» (9).

De entre todos os cancioneros populares consultados só achamos recollida unha variante desta composición polo propio Bouza Brey na zona da Arousa:

De Laiño poden ser;
 onde elas lavan a cara
 calquera pode beber (10).

4

Cousa bonita...

I

Métrica

5 tercerillas, 8 (a-a) (I).

7 cuartetas, 8 menos o 2º que é tetrasílabo (abab) (II).

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 1, 1.11.1918 (II); D, 91-92 (II); Ms, 11.5.1921 (I); *Ronsel*, Lugo, nº 1, 1.5.1924 (I); *Céltiga*, Buenos Aires, nº 29-30, Marzo 1926 (I); *Galicia*, Habana, nº 33, 8.8.1926 (I); *Galicia*, Montevideo, Agosto 1929 (II); DO, 59 (I) e 60-61 (II); *Vida Gallega*, Vigo, nº 442, 10.3.1930 (II) e nº 445, 10.4.1930 (I e II); *O Gaitero de Lugo*, 1935 (II); DE, 94-96; *La Noche*, Santiago de Compostela, 29.3.1947; RAG, 32-33; BB, 62-63 e 188 (I).

Este poema provén da fusión de dous anteriores (I e II); en DO e VG aparecen por primeira vez seguidos, mais como dous poemas diferentes; en DE, LN, RAG e BB xa forman un só poema, aínda que en BB volva figurar repetida a primeira parte.

En *O Gaitero de Lugo* do ano 1948, baixo o título de "Cantigas", figuran os tres primeiros versos do poema, a continuación de E 37 e 52.

Eduardo Lence-Santar reproduce en 1921 as estrofas 2ª, 3ª e 4ª en orde inversa a como figuran nas diversas edicións e co seguinte texto: "También se propone [Noriega] dar a luz un libro titulado "Mysticas". Acerca de él, en carta afectuosa de 21 de diciembre último, nos dice: «Estoy componiendo 'Vida nova', con que comenzaré mi nuevo libro 'Mysticas', si ya la muerte no echa antes por tierra mis devaneos (y será lo más cierto). 'Vida nova' comienzo así:

Quen te veu, Musa, algún día..." (11).

No texto manuscrito dise: «Tengo en preparación 'Mysticas', que Dios sabe cuando verá la luz, a menos qe. a los fabricantes de papel se les bajen los humos...

Son, como las de 'D'o Ermo', posías muy cortas, ya qe. a mi me repugna toda vana amplificación.

Vea el Sr. Teixeira la primera pága. de 'Mysticas'» (cfr. III 6.1.4).

Variantes e comentarios

Este poema, colocado ao principio da obra, despois das obrigadas referencias á cidade que o homenaxeou e lle editou o libro, convértese nunha declaración de intencións para emprender un novo camiño poético, abandonando a lina realista e costumista de M, para iniciar unha vía de ascetismo relixioso cara ao lirismo franciscano que impregnará toda a obra.

0.- Pol-os cravos d'el-Señor AS; Pol-os cravos del Señor D, GM, DO (II), VG (II) // *Mystica R*

Non leva título en GH; en CE, debaixo do título, leva a indicación «D'as "Mysticas"». Como fica claro polo visto anteriormente, con este poema pretendía iniciar un novo libro que nunca chegou a publicar.

Fálame, cousa bonita,
 ¡das raioliñas da lúa
 que entran, a furto, na ermita!

5 E no me lembres a torre
 donde te tuvo enmeigada
 industria de amor que morre...

¡Doutros máis altos destinos
 che fala a paz destes ermos
 i o psalmear destes pinos!

10 Quen te veu, musa, algún día
 fastuosíña no adro,
 desguedellada na fía,

humilde agora te vexa
 bica-la cruz do resario
 15 i o pavimento da igrexa.

II

Polos cravos, que eu venero,

2.- d'as rayoliñas d'a lua Ms, R, CE, GH, DO, VG, DE, RAG

3.- qu'entran Ms, R, CE, GH, DO, VG, DE, RAG

4.- non me R, CE, GH, LN, BB (I)

5.- enmeigado R, BB (I)

6.- d'amor Ms, CE, GH, DO, VG, DE, RAG

7.- D'outros Ms, R, CE, DO, VG, DE, RAG; de outros LN, BB, BB (I)

8.- fal'a paz Ms, CE, GH // d'estes Ms, CE, GH, DO, VG, DE, RAG; de estes R, LN, BB (I)

9.- y-o Ms, R, CE, GH, DO, VG, DE, LN, RAG; e o BB, BB (I) // d'estes Ms, R, CE, GH, DO, VG, DE, RAG; de estes LN

11.- É preciso facer diérese en *fastuosíña* para contar como octosilábico o verso.

12.- Os vv. 10-12 son unha alusión á poesía descritiva e realista de M (vid. especialmente nº 3, "De ruada"), que agora rexeita.

14.- bical-a crus d'o Ms; bical'a cruz d'o CE, GH; bicá-la cruz d'o DO, VG, DE, RAG; bical-a cruz do LN // rosario R, GH, BB (I)

O vulgarismo *resario* tamén aparece en E 41.8 e 76.2; tal como manifestan as variantes deste verso, tamén temos a forma *rosario* en E 39.0 e 39.1.

15.- y-o Ms, R, CE, GH, DO, VG, DE, LN, RAG; e o BB, BB (I) // d'airexa Ms; d'a igrexa R, CE, GH, DO, VG, DE, RAG

Nos vv. 13-15 o poeta abandona a musa festeira de M por outra íntima e devota, que vai cantar a beleza das cousas humildes da natureza nun clima de grande relixiosidade (12).

16.- Pol-os AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, LN, RAG // qu'eu AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG

- del Señor,
¡fálame do que ben quero
ó pé desta xesta en flor!
- 20 Dun Santo Cristo isolado,
¡feridiño!,
que esmorece, ¡malpocado!,
da serra no curutiño.
- 25 Daquela Virxe-Chorosa,
tan sonada,
que leva, por culpa nosa,
no corazón unha espada.
- ¡Dunha mai que no me olvida!
si, cal creio,
- 30 hai lembranza desta vida
tralas estrelas do ceio.

17.- **d'El-Señor** A S

A forma arcaica *el* do artigo ten un uso abundante en E acompañando a Señor: 5.6, 40.21, 44.66, 48.0, 48.1, 50.2.

Afirma Otero Pedrayo que "se non pode maxinar a emoción de poemas como aquíl «¡Polos cravos del Señor!» sin recoñecer no poeta unha fonda e seguida representanza da aguña e pasamento de Cristo. Ela cingúeo con Castelaio atal diferente» (13).

18.- **d'o** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG

19.- **d'esta** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; **de esta** LN

20.- **D'un** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; **de un** LN

Tamén en E 38.4 utiliza este participio *isolado*.

22.- **qu'esmorece** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG

23.- **d'a** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG

O hipérbato non é un dos recursos de que abuse o autor; aínda así podemos achalo, por exemplo, en E 31.7 (*ou das redes de araña un tenue fío*) ou 73.1 (*Sorrisos das do ermo tristes flores*).

24.- **D'aquela** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; **De aquela** LN, BB

As formas *Virxe / Virxen* alternan en E sen ningún criterio diferenciador: 68.14 (*Virxe María*) e 51.11 (*Virxen Santa María*); 93.2 (*Virxe dos Remedios*) e 98.23 (*Virxen dos Ollos Grandes*)...

27.- **rixa espada** A S

28.- **D'unha** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; **de unha** LN // **no m'olvida** AS, D, GM, DO, VG, DE, RAG; **non m'olvida** GL; **non me olvida** LN

Para a asimilación de nasais no caso de *no me vid.* nota a M 2.12.

29.- **creyo** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, LN, RAG

30.- **hay** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG // **d'esta** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; **de esta** LN

31.- **tral-as** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, LN, RAG // **estrellas** DO, VG // **d'o ceyo** AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; **do ceyo** LN

Do que é pequerrechichiño,
 ¡miña xoia!,
 e non ten pais, nin padriño,
 35 nin alma que del se doia.

Dunha Rosa..., ¡pura almiña
 da montaña!;
 foise da súa casiña
 e murchouse en terra extraña.

.....

 40 ¡Polos cravos, que eu venero,
 del Señor,
 fálame do que ben quero,
 ó pé desta xesta en flor!

32.- D'o qu'é AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG // **pequerricbiño** AS;
pequerrequechiño G M

En AS o verso mide sete sílabas; por iso nas seguintes edicións se lle engadiu unha sílaba a ese diminutivo xa de por si acumulativo; de *pequerrecho* o normal é a forma *pequerrechicho*, mais as necesidades métricas obrigaron a duplicar a sílaba *chi* (*pequerrechichiño*); esta acumulación de sufixos é propia da fala coloquial; neste poema contribúe a acentuar o tema da humildade.

33.- xoya AS, D, GM, DO, GL, DE, LN, RAG; soya VG

A expresión *miña xoia* ten un marcado valor afectivo que, xuntamente co diminutivo en *-iño*, lle dá ao texto unha grande carga sentimental.

35.- d'él se doya AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; de el se doya LN

36.- D'unha Rosa..., pur'almiña AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; De unha Rosa... LN

37.- d'a AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG

38.- que se foi da sua casiña GM, LN // d'a AS, D, DO, VG, GL, DE, RAG

39.- muchouse G M

40.- qu'eu AS, DO, VG, GL; que'eu D, GM, DE, RAG

A variante *que'eu* debe ser debida a un erro, aínda que sorprende a súa reiteración.

41.- d'El-Señor AS

42.- d'o AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG

43.- d'esta AS, D, GM, DO, VG, GL, DE, RAG; de esta LN

O recurso de envolver o poema dentro dunha estrutura fechada, facéndoo comezar e rematar pola mesma estrofa, tamén o emprega o autor en E 44, 54, 66.

5

Pasa un vermeño*Pra Enrique Chao Espina*

¡No me tripes, camiñante!:
 cousiña insinificante,
 teño Un Santo a meu favor,

Métrica

Sextilla, 8 (aabaab)

Edicións anteriores

El Progreso, Lugo, 21.12.1941; Ms, 31.7.1946; DE, 97; *O Gaitero de Lugo*, 1957; ECH; RAG, 34; BB, 64; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril, 1984; FR, 91.

No texto manuscrito leva como anotación final «En Vivero, 31-7-46»; a letra é moi insegura e denota as dificultades do poeta, xa doente e prostrado no leito, para poder escribir.

Variantes e comentarios

É este un dos últimos poemas do autor, do que Enrique Chao Espina nos transmite a historia que o motivou, posta en boca de Noriega: "Lémbrome -como si fora hoxe- que me atopei con un verme mesmo diante dos meus pes en un cómaro da aldea. Era longo e feo, relucente nas derradeiras rayolas do sol-por. Ollei pra ele... e levantei o pé pa estripalo. O verme ergueu a cabeciña, unha cabeza moura e brillante; encolleuse e levantou en arco o seu lombo como si quixese escorrentar a morte... Eu voltei a ollalo e vin como daba a escapar, sempre co-a cabeciña ergueita. Despois, pobre de min!.. Non tiven peito pra esmagalo, deixei escapar aquela fineza del Señor que fuxía da morte.

No camiño cantaban os páxaros, as avelañas pousábanse nas froles... Pensei no que diría o vermeño si falase e puxen unos versos no bico de aquela criatura de Deus. Os versos levan este tiduo: «Pasa un vermeño...». Ei de adicarllos, meu amigo Chao Espina, como unha lembranza deste seu velliño".

E continúa Chao Espina: "Noriega cumplió su promesa, y en la edición de 1946 apareció la bellísima estrofa a mí dedicada. Bellísima, y toda ella vestida de sayal franciscano y hondo sentimiento" (14).

0.- En DE, ECH, RAG, BB e AM leva debaixo do título a dedicatoria «Pra Enrique Chao Espina».

Entique Chao Espina: naceu en Viveiro en 1908; foi crego, profesor e escritor; coñeceu a Noriega nos derradeiros anos da vida deste, contándose entre os seus amigos.

1.- Non me GL, ECH, FR

2.- O vulgarismo (*insinificante*) producido por redución do grupo culto *gn* tamén se dá, por exemplo, en E 44.47 (*manífica*), 63.11 (*desina*) e 69.11 (*repuna*).

3.- Este santo é S. Francisco de Asís (1182-1226), fundador da Orde franciscana, amigo e protector dos animais; del provén da denominación de "franciscanismo poético" para referírmonos á-estética do humilde na poesía de Noriega Varela.

- 5 que lle chama ó lobo errante
irmao e representante
das finezas del Señor.

En frases estereotipadas como *a meu favor* non é obrigado o uso do artigo (15).

4.- *ón lobo* EP; *ô lobo* Ms, DE, GL, RAG; *o lobo* ECH

5.- *hirmau* EP; *hirmao* Ms, DE, GL, ECH, RAG, BB, AM, FR

Para a terminación *-au / -ao* vid nota a M 11.34.

6.- *d'as* EP, Ms, DE, RAG

6

As froliñas dos toxos

Métrica

5 pareados, vv. 1 e 10 dodecasílabos, os demais decasílabos (AA) (16).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 106, 1.5.1918; *La Centuria*, Orense, nº 7, VII-1918; *Acción Social*, Mondoñedo, nº 12, 15.4.1919; D, 31; EL; *El Regionalista*, Chantada, nº 21, 13.5.1923; *Revista del Centro Gallego*, Montevideo, nº 143, Diciembre 1928; DO, 9; *Vida Gallega*, Vigo, nº 442, 10.3.1930; *Resol*, Santiago de Compostela, nº 10, 25.7.1936; DE, 98; BVJ, 367; SMR; *Chan*, Madrid, nº 6, I quincena Mayo 1969, RAG, 35; BB, 65; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril, 1984; FR, 92; APA, 34.

En VG 18 e en LC leva a indicación de «Trasalba».

Na revista *Nós*, Ourense, nº 1, 30.10.1920, áchase traducido ao francés por Phileas Lebesgue; en ATP hai unha copia manuscrita de Noriega desta tradución (17); tamén foi traducido ao inglés por Aubrey Bell (18); figura reproducido nunha conferencia de Suárez Picallo publicada na prensa da emigración, onde afirma: "Hasta los tojales bravos y espinosos, que se encarnizaron con nuestras carnes, nos parecen bellos y amorosos, preferidas sus flores de oro viejo, a las rosas pomposas y a los claveles encendidos..." (19). En *Acción Social*, Mondoñedo, nº 270, 15.2.1930, figura o poema sin os dous últimos versos, precedido das seguintes palabras "Noriega Varela desdeña el aroma cortesano de las rosas que se abren sangrantes en los jardines trazados a cordel" (20).

Variantes e comentarios

J. Trapero Pardo infórmanos que "En *Doce canciones gallegas dedicadas a Antonio Fernández Cid*, edición feita pol-a Excma. Diputación Provincial de Ourense, impresa en Madrid, o I de xaneiro de 1952, nos talleres da «Sociedad General de Autores de España», está armonizada pol-o múseco de muita sona n-os tempos de hoxe, pois o seu nome douse a conocer en España e no extranxeiro, Eduardo Toldrá, a composición de Noriega «As froliñas dos toxos»" (21).

O Conde d'Aurora afirma: "E pela serra fora, sempre a alegre flor do tojo, heráldica, doirada flor galega de que falava o grande vate deste reino, Noriega Varela, que o povo de sua aldeia natal levou há poucos anos à terra, numa tumba coberta de largas paveias de tojo florido, aquele tojo que ele cantara" (22).

Mais este poema, tan citado e reproducido, non é do agrado de Carballo Calero, que fai un xuízo demoledor do mesmo: "Este mundo da montaña, amado e visto ao xeito franciscán, é refrexado pola poesía de Noriega nunha chea de poemas moi breves, de grande concentración espresiva, dos que *Unha breve pucharquiña* pode ser considerado como típico. Prefiro exilio en calidade de paradigma mellor que *As froliñas dos toxos* -o máis divulgado do poeta-. Porque iste derradeiro, anque pola súa ideoloxía, é símbolo da ética e a estética de Noriega, é literariamente do menos perfecto que Noriega escribiu. Comeza con alento, frescura e sinxeleza... O segundo pareado mantense a igual outura... O terceiro está un punto máis abaixo, porque non ten intensidade nen orixinalidade... O cuarto non se remonta... E o derradeiro... súmese na vulgaridade no primeiro verso e mantense nela no segundo, sendo a verba *mai* e todo o hemistiquio final da ringleira que pecha a composición, máis ben ripios que expresións intrinsecamente xustificadas. O mesmo ritmo do

¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!
Eu venero as froliñas dos toxos.

Dos toxales as tenues froliñas,
que sorríen, a medo, entre espiñas.

5 Entre espiñas que o ceio agasalla

derradeiro verso, máis de tróupele-tróupele que o do resto do poema, dá a sensación de que o poeta, non atopando un acorde final axeitado dentro da harmonía interna da cantiga, quer substituílo por unha estormentación acusada que arrebate o ouvido forzándoo a unha superficial adhesión. Pero mesmo a prosodia do verso é infiz. Os dous acentos seguidos (*ciós mí*) son repunantes ao xenio da língoa galega. Estrañas caídas de un versificador de xinea, como é Noriega, tratando un tema tan propio do seu estro" (23).

Non obstante, a sona deste poema é grande; mesmo no enterramento do poeta, diante do féretro, destacaba unha coroa feita con flores de toxo, sen dúbida inspirada nesta composición, que deu orixe ao artigo de Leal Insua "Flores de tojo en el entierro de Noriega Varela"(24).

Reproducimos primeiramente a edición de LC por estar escrita na norma ortográfica portuguesa (25):

As florinhas dos tojos

¡Nem rosinhas alvas, nem craveiros roxos!
eu venero as florinhas dos tojos

Dos tojales as tenues florinhas,
que retouçam com Phebo entre espinhas.

Entre espinhas que o Céu agasalha
com diamantes as noites que orvalha.

¡Oh do ermo o prezado thesouro!
as florinhas dos tojos sao de ouro.

De ouro velho sao, mae, as florinhas
dos bravos tojales, ¡das devoções minhas!...

0.- d'os VG18, AS, D, EL, GM, DO, VG30, DE, SMR, CH, RAG

1.- Para o plural *claveles* vid. nota a M 5.52.

2.- vereno EL // d'os VG18, AS, D, EL, GM, DO, VG30, DE, SMR, CH, RAG

Os vv. 1-2 son citados por Claudio Rodríguez Fer como exemplo de rima consonante (26).

3.- D'os VG18, AS, D, EL, ER, GM, DO, VG30, DE, SMR, CH, RAG // *froliñas* EL

A *reduplicatio* ou *anadiplose* continuada nos vv. 4-5 e 8-9 (vid. tamén E 23, vv. 5-6) converten a concatenación no elemento formal definidor deste poema que nos lembra certos recursos repetitivos da nosa lírica medieval.

4.- *entr'espiñas* VG18, AS, D, EL, ER, GM, DO, VG30, RE, SMR, CH, RAG

En E 62.6 volve aparecer a expresión *a medo* acompañando ao mesmo verbo *sorrir* (*sorrindo, a medo, / fai relucir un astro en cada espiña*).

5.- *Entr'espiñas* VG18, AS, D, EL, ER, GM, DO, VG30, RE, DE, SMR, RAG // *ceyo* VG18, AS, D, EL, GM, DO, VG30, DE, BVJ, SMR, CH, RAG; ceo ER, FR

con diamánte-las noites que orballa.

¡Oh do iermo opreciado tesouro!:
as froliñas dos toxos son de ouro.

De ouro vello son, mai, as froliñas
10 dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!...

Para o uso de *i* epentético en *ceio* vid. nota a M 6.66.

6.- diamantes as AS, ER, GM, BB, AM, APA; diamantel-as EL, RE, SMR // qu'orvalla VG18; qu'orballa AS, D, EL, GM, DO, VG30, RE, DE, SMR, CH, RAG

Para a asimilación do artigo en casos anómalos como *diamánte-las noites* vid. nota a M 5.53.

7.- d'o yerm'o VG18, D, DO, VG30, DE, SMR, CH, RAG; d'o ermo o AS, ER; do yerm'o EL; do yermo o GM, BVJ; do ermopreciado BB, AM, APA; do ermo o FR

Os vv. 7-8 faltan en RE.

O caso do *y* de *do yermo* en DE, ao ir precedido de artigo, considerámolo como un *i* epentético, similar ao *ceio* recién visto; cfr. E 27.2.

8.- d'os VG18, AS, D, EL, ER, GM, DO, VG30, DE, SMR, CH, RAG // d'ouro VG18, AS, D, EL, ER, GM, DO, VG30, DE, SMR, CH, RAG

9.- D'ouro VG18, AS, D, EL, ER, GM, DO, VG30, RE, DE, SMR, CH, RAG // madre VG18; nai GM; son, mais as APA

10.- d'os... d'as VG18, AS, D, EL, GM, DO, VG30, DE, SMR, CH, RAG

Para o plural *devociós* vid. nota a M 3.115.

Sobre os desacertos nestes dous últimos versos e a desafortunada acentuación do v. 10 nas sílabas 10ª e 11ª, vid. *supra* (opinión de Carballo Calero).

Pedriña que fala
(De J. P. P.)

(Bilingüe)

*Parad, caminantes,
que os habla esta piedra;
es sierra de Andújar,
gloria de las sierras,
5 breñal encantado
de Sierra Morena...*

*Efluvios divinos
el alma penetran,*

Métrica

Romancillo, 6 (-a-a) con rima en e-a.

Edicións anteriores

DE, 99; BB, 66.

Variantes e comentarios

Esta é unha das versións ao galego de poemas de autores non galegos que Noriega incluíu en E; a temática de todos eles encaixa perfectamente na liña do lirismo da natureza con marcado acento relixioso, dentro do franciscanismo poético que caracteriza a obra; en total son cinco, sen contar esta: 20 (*Por ser contigo...*), 26 (*Ond'a unha fonte*), 34 (*Canción humilde*), 51 (*Bendita sea a luz do día*) e 78 (*Non sabe a fror...*). Esta e mais a 52 (*É de prata a folerpiña...*) son as dúas únicas composicións bilingües en castelán e galego.

As iniciais *J.P.P.* corresponden a *José Prado y Palacio*, enxeñeiro agrónomo e político español nacido en Xaén o 3 de xaneiro de 1865. Estudiu o bacharelato no Colexio dos xesuítas de Sevilla e logo a carreira de enxeñeiro en Madrid. Aos vintecinco anos foi alcalde da súa cidade natal e despois, dedicado á política, foi deputado nas Cortes, secretario e vicepresidente do Congreso de Deputados, director xeral de Agricultura, alcalde de Madrid en dúas ocasións e ministro de Instrución pública. Como escritor publicou *El presupuesto de la opinión, Hagamos patria, El socialismo agrario andaluz y la reforma del servicio agronómico del Estado...*; foi tamén poeta ocasional. Este poema está gravado nunha pedra grande na estrada que sobe ao Santuario de Nuestra Señora de la Cabeza, situado no cumio máis alto de Sierra Morena, na provincia de Xaén.

3.- *Andújar*: cidade da provincia de Xaén asentada nunha chaira ao pé de Sierra Morena e á marxe dereita do río Guadalquivir.

6.- *Sierra Morena*: antigamente foi chamada cordilleira Mariánica ou Bética; marca o tránsito da meseta castelá con val do Guadalquivir; ten 1.323 m. de altura máxima.

mirando esa cumbre
 10 de la Virgen Reina,
 que un templo de roca
 quiso hacer en ella;
 seu incenso, azaias;
 os altares, crestas;
 15 e lámparas súas
 tódalas estrelas...

Por iso viandante
 que a estes ermos chega,
 por lonxe que el vaia,
 20 a almiña aquí deixa.

12.- No cumio de El Cabezo, o máis alto de Sierra Morena, é onde está construído sobre a rocha o Santuario de Nuestra Señora de la Cabeza.

13.- azayas DE

As *azaias* ou *arzaías* son plantas aromáticas de folla perenne.

16.- tódalas DE

17.- Para a forma *iso* do demostrativo vid. nota a M 3.136 e 9.10.

18.- Hai que facer unha sinalefa de tres vocais en *que a estes* para manter o verso como hexasílabo.

19.- vaya DE

8

¡Montouto!

¡Montouto!, montaña fría:
a auguiña que nela nace
¡que boas rapazas cría!

Métrica

Tercerilla, 8 (a-a)

Edicións anteriores

DE, 101; BB, 67.

Variantes e comentarios

Fermín Bouza Brey califícao como madrigal popular, dentro da "inclusión como propias de triadas y cuartetas del pueblo" que denuncia nesta obra (27). O mesmo Bouza Brey ten recollido unha similar na Arousa:

Aldeña de Loimar
toda ela é costa arriba,
a i-auga que n-ela nace
que boas rapazas cría (28).

El mesmo cita outra similar en Grandes de Salime (Asturias):

Al lugarín de Escanlares
chamarei montaña fría,
malhaya el agua que corre
¡que buenas rapazas cría! (29).

Aínda recentemente foi citada nun artigo de prensa por Carlos García Bayón, sen ningunha referencia a Noriega e coa única variante de *aguiña* por *auguiña* (30).

1.- *Montouto* é unha montaña que se acha no concello de Abadín; como nos di García Bayón "Abadín, capital y villa, «é a porta grande de Terrachá». Crece entre las geologías de Montouto y Cordal" (31). Aquilino Iglesia Alvariño escribe: "Pasada Labrada, llegamos 'o sosego da chaira' de Montouto [reproduce os tres versos]. Allí nos sirvió de guía, en busca de una fuente, el brañego más simpático. Se llama Santiago das Leiras. Nos informou como allí, en Montouto, nacen los ríos más poéticos de Galicia. El Masma de Mondoñedo, el Landro de Vivero, el Eume de las Mariñas, el Ouro famoso, por el que rodaron también los arneses de las mejores huestes de don Pedro. Y aun el Labrada, el dulce río lento de la Tierra Llana, que el Miño hereda" (32).

2.- n'ela DE

9

Diante dos que atruxan forte...

Diante dos que atruxan forte
me pranto, i en verso escribo
pra manifestar que vivo
contento coa miña sorte.

Métrica

11 redondillas, 8 (abba) e 1 cuarteta, 8 (abab).

Edicións anteriores

Almanaque Gallego, Buenos Aires, 1907; *Mondoñedo*, nº 85, 19.7.1907; *El Eco de Villalba*, nº 14, 13.9.1908; MT, 75-78; *Vida Gallega*, nº 108, 5.6.1918; D, 77-79; *Céltiga*, Buenos Aires, nº 22, 25.11.1925; *Galicia. Revista del Centro Gallego*, Buenos Aires, nº 186, junio 1928; DO, 41-43; *O Gaiteiro de Lugo*, 1931; DE, 102-104; *La Noche*, Santiago de Compostela, 7.12.1946; RAG, 36-37; BB, 68-69.

En AG leva a indicación «Foz, 1907» e en MD só «Foz».

Variantes e comentarios

Esta é a primeira das composicións de E que previamente pertencera a MT; o autor incorpóraa aquí por participar do tema dominante na obra, neste caso o conformismo na humildade do vello labrego, tema repetido noutras composicións como a 40 (*Rarezas*); non obstante, o seu ton descritivo e as características da lingua e estilo aproxímanos máis á estética de *Montañesas*, tal como sucede tamén cos poemas 64 (*Inverno*) e 85 (*Campeón ferido*), por exemplo.

Citando este poema, afirma Ortiz Novo: "Es un poeta optimista, satisfecho con su vida campesina y con su suerte. Su optimismo asoma en varias composicións y en la siguiente- abierta y francamente" (33).

Recollendo a opinión de Júlio de Lemos e citando versos deste poema, dise na acta da sesión de ingreso do poeta no Instituto Histórico do Minho: "É, pois, um panteísta que profesa o culto ardente da paisagem e das coisas simples e indiferentes à maioria dos homes, demasiado grosseiros e positivos para as comprenderem, e um optimista que, a despeito da expressão mística de religiosidade que imprime às suas estrofes, lhe faz lembrar a arte do sr. Vaz Passos, afigurado-se-lhe que existe um parentesco moral entre os dois enternecidos líricos. Como o autor do "Cancioneiro da Primavera", Varela contenta-se com a sua sorte" (cfr. III.3).

0.- Creso montañés AG, MD, EV, MT, VG, GB // d'os D, CE, DO, GL, DE, RAG // aturuxan B B

En MD leva debaixo do título a dedicatoria «Para 'Mondoñedo'».

1.- d'os AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG // qu'aturuxan VG; que aturuxan B B

A variante de BB, aínda que evita o vulgarismo *aturuxan*, non obstante rompe coa medida do verso, que pasa a ter nove sílabas.

2.- y-en AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, LN, RAG; e en BB

4.- co a AG, MD, EV, GB; co-a MT, VG; co'a D, CE, DO, DE, RAG; c'oa GL

5 Vou velliño, son pastor,
non me separo da serra,
e, si é verdá que hai máis terra,
dudo que seña mellor.

10 Todo o que teño de meu
é non cobiza-lo alleio;
abóndame Dios do ceio,
que nunhas pallas naceu.

Gardo a habenza de seu dono,
mais eu son quen leva o ramo:
15 ¡canté, si puidera o amo
prender coma min no sono!

Exemplificando con esta estrofa, o Coronel Sarmiento "notou a influencia do *meio* sobre o adorábel artista, que, por o ser, se comprás na naturalidade, tal como Pereda, ofrecendo-nos, além disso, uma doce filosofía moral" (cfr. III 3).

6.- d'a AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

Con frecuencia asimila *non me* á forma *no me*, cousa que non sucede aquí; vid. nota a M 2.12.

7.- qu'hay VG // que hay AG, MD, EV, MT, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

Para *verdá* vid. nota a M 5.35.

9.- Tod'o AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

10.- cobizal-o AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, LN, RAG // alleo AG, MD, EV, MT, GB; alleyo VG, D, CE, DO, GL, DE, LN, RAG

11.- d'o ceo AG, MD, EV, MT, VG, GB; d'o ceyo VG, D, CE, DO, GLDE, RAG; do ceyo LN

Nas variantes dos vv. 10-11 pódese observar como a utilización ou non do *i* epentético está en moitos casos en función da rima; vid. nota a M 6.66.

12.- sobr'as pallas AG, MD, EV, MT, GB; n'unhas pallas VG, LN; n-unhas D, CE, DO, DE, RAG

13.- avenza AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, LN, RAG, BB // d'outro dono AG, MD, EV, MT, GB; do seu dono CE, LN

Aínda que por hábito xeralmente estendido se escribiu *habenza*, conxunto de gando miúdo, sen *h* e con *v*, a súa raíz no verbo latino *habere* aboa esta grafía.

Non é necesaria a presenza do artigo en *de seu dono*; vid. nota 53 de M.

14.- lev'o AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG; levo o BB

Quen leva o ramo significa "quen leva a mellor parte do negocio".

15.- *Canté* é unha interxección de escaso rendemento na literatura, que expresa aprobación irónica ou desconfianza en lograr algo considerado moi difícil.

16.- com'a min AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG; coma a min LN; como a min BB // n-o D, CE, DO, GL, DE, RAG

Neste caso de *com'a*, único que achamos seguido do pronome persoal tónico, cremos que é *coma* a única posibilidade de realización na fala, tal como constata Antón Santamarina: "diante de pronomes tónicos a forma universal é *coma*" (34); e, ao mesmo tempo, a escrita actual tamén utiliza como única forma de representación *coma*, se vai seguida de pronome persoal tónico; as variantes de LN e BB non se corresponden coa realidade da lingua.

Nunha chabola baixiña
 nacín, tras daquela pena;
 n'hai grileira tan pequena,
 20 pero, ¡que diablo!, é miña.

Xa foi dos meus bisavós;
 ¡mui natural que alí viva!,
 e, con todo que é cativa,
 inda ten seu ben de Dios.

25 Si queredes visitala,
 abofellas me acomoda;
 ¡n'hedes ver cousa que á moda
 deba un carto de alcabala!

Escano pra me sentar,
 30 puvela para dormir,
 un candil pra me alumar,

17.- N'unha AG, MD, EV, MT, VG, GB, LN; N-unha D, CE, DO, GL, DE, RAG //
 chavola AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, LN, RAG, BB

18.- d'aquela AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG; de aquela LN, BB

19.- n'hay AG, MD, EV, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG; no hai BB

Para n'hai vid. nota a M 1.9.

20.- En DO e DE *diabro* leva diérese, o que nos vén demostrar con claridade que a sinalefa (*diabro, é*) é a norma xeral do autor.

Para *diabro* vid. nota a M 3.12.

21.- d'os meus bisabós AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG //
 bisabós LN, BB

22.- moi AG, MD, EV, MT, GM; moy VG; muy D, CE, DO, GL, DE, RAG

Para *mui* vid. nota a M 6.7.

23.- qu'é AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

25.- visitai-a AG, MD, EV, MT, D, GB, DO, GL, DE, RAG

26.- m'acomoda AG, MD, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG; n'acomoda EV

27.- qu'a moda VG

A forma *hedes* do presente de Indicativo do verbo *haber* é unha redución de carácter vulgar de *habedes*; xa Saco y Arce daba para esta persoa as formas *habedes* ou *hades* (35).

28.- d'alcabala AG, MD, EV, MT, VG, D, GB, DO, GL, DE, RAG

A *alcabala* é un antigo imposto castelán pola venda de mercadorías.

30.- palloza para dormir AG, MD, EV, MT, GB // puvela VG, D, CE, DO, GL, DE,
 LN, RAG, BB

A palabra *puvela*, con *b*, está recollida no vocabulario de Leiras e traducida por «pinocha», significado que serve para este verso e que tamén recollen algúns dicionarios, escrita con *v*, talvez pola posíbel orixe no latín *pulvis*; en E 82.7 usa a voz máis común *frouma* (*e de xoellos na frouma*).

31.- m'alumar AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

Nótese nos vv. 29-31 como o autor emprega *pra* ou *para* en función das necesidades métricas; a forma maioritaria en toda a súa obra é *pra*, usando *para* só cando precisa unha sílaba máis.

e non hai máis que pedir.

Quero o que moito convén
 prá salvación, i éme igual
 35 que as cosechas pinten mal,
 ou que os froitos rendan ben.

Toco esta frauta de buxo
 i a paz dos ermos alabo,
 porque, cando a folga acabo,
 40 naide ceiba un aturuxo.

Ó ve-la neve na cume
 da Frouseira, xunto leña
 e, veña o inverno que veña,
 descuido a carón do lume.

45 ¿E de vrau?, ¡quixera o Rei

32.- hay AG, MD, EV, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

Esta estrofa é a única da composición que muda a redondilla pola quarteta.

33.- Quer'o AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

34.- pra salvación, y-éme AG, MD, EV, MT, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG; pr'a salvación, y-éme VG; pra a salvación, y-eme LN; prá salvación, éme B B

38.- y-a soledá d'o ermo AG, MD, EV, GB; y-a paz d'os ermos MT, VG, D, CE, DO, GL, DE, RAG; y-a paz dos ermos LN; e a paz dos ermos B B

39.- folg'acabo AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG; folgo acabo BB

40.- ceiva AG, MD, MT, D, CE, GB

Para a palabra *naide* vid. nota a M 3.77.

Cfr. *aturuxo* con *atruxan* do v. 1; vid. tamén nota a M 5.5 (*aturulando forte*).

41.- Ó vela na cume BB // vel-a AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, LN, RAG // n-a D, CE, DO, GL, DE, RAG

Para *na cume* vid. nota a M 6.12.

42.- d'a AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

A *Frouseira* é un monte de 430 m. de altitude, límite natural das freguesías de Valadouro e Bacoí, pertencentes aos municipios de Foz e Alfoz, respectivamente; tamén recibiu este nome a fortaleza do Mariscal Pardo de Cela, ubicada neste monte e destruída á súa morte; logo foi cantada por Leiras Pulpeiro: *Desque lle a peta botaron, / naide máis foi á Frouseira; / soilo Dios puxo froliñas / por entremedias das penas* ou *¡Xentiña do Valadouro! ¡Nin Dios te garde siquera, / que, si cadrara, cen veces / revenderan a Frouseira* (36).

43.- veñ'o VG

44.- acarón d'o AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG; acorón do LN, BB

Trapero Pardo (37) compara acertadamente os versos desta estrofa con outros do poeta latino Tíbulo: *Me mea paupertas vitae traducat inertí, / dum meus assiduo luceat igne focus* (38).

45.- vran AG, VG, GB // quixer'o VG // Rey AG, MD, EV, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

de España, pró seu regalo,
 auga das fontes que calo,
 sombra das pravias, que eu sei!

46.- d'España AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG // pro AG, MD, EV, GB; pr'o MT, VG, D, CE, DO, GL, DE, RAG; pra o LN

Nos tempos en que foi composto este poema *España* vivía baixo a Monarquía borbónica, representada por Afonso XIII.

47.- d'as AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG

48.- d'as AG, MD, EV, MT, VG, D, CE, GB, DO, GL, DE, RAG // qu'eu MD, EV, MT, VG, D, CE, DO, GL, DE, RAG

As *pravias*, tamén coñecidas como *pradairos*, son árbores robustas, de follas anchas e lobuladas, que se dan á beira dos ríos e prados.

10

Jauja

Os brañegos que se van
 prá rica Jauja, fan ben:
 alí, como sobra pan,
 ¡mudo e cocido llo dan
 5 ó que de seu non o ten!...

Métrica

Quintilla, 8 (abaab).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 104, 29.11.1907; *El Eco de Villalba*, nº 8, 1.7.1908; MT, 93; *El Progreso*, Lugo, 10.10.1941; DE, 105; BB, 70.

En MD, EV, MT e EP consta dunha quintilla máis, que se reproduce ao final.

Variantes e comentarios

O poeta ironiza co tema da emigración, sobre a que mantén unha posición reticente por supor a quebra da vida tradicional, que el defende, e por ser manifestación dun espírito inconformista que el non posúe, como se pon de manifesto no poema anterior; en PNR 3 achamos o mesmo tema con parecido tratamento; vid. tamén M 1, vv. 71-75 e nota ao v. 75 do mesmo.

0.- *Sobrietas consiliorum* E P

En MD, EV e MT non leva título.

1.- *Os gallegos* MD, EV

O troco de *gallegos*, nas primeiras edicións, por *brañegos* é significativo, pois denota como o autor se foi fechando, xa desde moi cedo, á realidade de Galiza como conxunto harmonizado para se centrar exclusivamente na vida da montaña e nos montañeses ou *brañegos* como único referente; isto pódese relacionar coa súa concepción da lingua, posta de manifesto en E 12 (vid. I. 2.3).

2.- *pra* MD, EV, EP, DE; *pr'a* MT

Jauja: capital e provincia do Perú situada no val do Mantaro, no planalto de Junín. A lenda fabulosa sobre a mesma procede das primeiras relacións de Pizarro, datadas no lugar chamado *Xauxa*, conquistado en 1533, que identificou o nome desta cidade con toda a suposta riqueza do Perú. Foi en Francia e en Italia onde naceu a lenda dunha *Xauxa* sobordante de leite, viño, mel e árbores de cuxas pólas penduraban leitóns asados; desta maneira pasou a significar país imaxinario no que se supón que reina a felicidade e a abundancia.

4.- *ll'o* MD, EV, MT, EP

Mudo ou *mundo* é participio irregular do verbo *moer*.

5.- *o* que MD, EV; *ô* que EP, DE // *non-o* MD, EV, MT; *no no* EP, DE

Para a alveolaridade do /n/ en *non o* vid. nota a M 9.10.

A construción *de* + *posesivo* (*de seu*) tamén foi empregada en E 9.9 (*Todo o que teño de meu*).

En todas as edicións, excepto DE e BB, figura a continuación unha segunda quintilla (39), que reproducimos de MT por ser a única edición en libro; é coincidente con MD e EV e presenta algunhas variantes con EP, que sinalaremos:

..... pro non é tolo, cicáis,
o que non cobiza máis
que os aveños, duas vacas,
terra onde labrar patacas
y-a casiña d'os seus pais.

En EP: v. 1 **quizáis** e v. 4 **un leiriño pra patacas**
Cfr. estes versos con M 6, vv. 16-20, pola similitude no tratamento do tema da emigración.

11

Alegría, Madanela...

¡Alegría, Madanela,
que agora xa nos van dando
os aires da nosa serra!

Métrica

Soledad, 8 (a-a), con rima asoante e-a.

Edicións anteriores

DE. 106; BB, 71.

Variantes e comentarios

Fermín Bouza Brey tamén califica esta breve composición como madrigal tirado da literatura popular, sen que neste caso o autor cite tal procedencia (40).

1.- *Madanela* é denominación popular; tamén os veciños da Graña de Vilarente lle chaman á súa parroquia Santa María Madanela, tal como figura ao final de B, por exemplo.

3.- d'a DE

12

Nosa fala

¿I a que vén ora o brañego?

Métrica

9 quintillas, 8, coas seguintes combinacións de rima: 4 (aabab), 2 (abaab), 1 (ababa), 2 (aabba).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 101, 10.2.1918; D, 13-15; *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 124, 25.7.1920; DO, 4-6; *Heraldo Orensano*, nº 71, 18.8.1930; *Galicia. Revista del Centro Gallego*, Buenos Aires, nº 235, julio 1932; DE, 107-109; RAG, 38-39; AI, 19-20; HNV, 2; *O mintireiro verdadeiro*, Lugo; AA, 83-84; *Amencer*, Mondoñedo, nº 0, Abril 1982; BB, 72-73; FR, 94-95.

Variantes e comentarios

Carballo Calero afirma ao se referir a este poema: "Amar algo non é embalsamalo, senón vivificalo. Noriega -o primeiro Noriega- estaba realmente namorado da fala galega; pero non da súa esencia permanente, senón da súa presenza momentánea. Trocar algo dela no sentido de elevala desde a súa rusticidade, semelláballe sacrilexio. A fala había ser como unha amante aldeana con quen sería insensato celebrar matrimonio canónico, porque a dona non tiña modais para conducirse nas visitas. E se llos ensináramos, perdería o seu enlevo de rosa ventureira [...]. A declaración é rotunda. Se vostede quer escribir en galego, ten que percurar o idioma na montaña, espiñándose para coller, como chorimas, as frores lexicais. Non hai outro galego que o galego aldeán.

E comprendemos eses namoros bucólicos de Noriega. O poeta tiña fino instinto de recolleitor das frores dos toxos, porque amaba toda humilde beleza. O galego dos seus poemas rústicos ten un sabor tan sano, unha naturalidade tan arrecendente, unha autenticidade tan vizosa, que nos atrae con forza irresistible. Decontra a falsificación, a violencia, a deturpación e a arbitrariedade da lingua de moitos contemporáneos, a meiguice do galego do primeiro Noriega semella un miragre de verdade e de eficacia estética" (41).

0.- En D leva debaixo do título a dedicatoria «A Jaime Solá» (42), que aproveita este feito para escribir: "Siempre tuve a Noriega Varela por insuperable humorista íntimo. Ahora quiso airear su humorismo y lo trajo a la vía pública. La composición que me dedica se titula *Nosa fala*. Y, para los cortos de vista, parece una condenación de mi actitud frente a las exageraciones del nacionalismo. Canta a nuestra lengua prístina y dice que solamente en el cielo -Noriega es místico, al menos escribiendo- podrá existir mejor lenguaje[...] Noriega, que por algo me dedicó la poesía; Noriega, que al dedicarme la poesía quiso indicar que en ella está la síntesis de su coincidencia conmigo [...]" (43); vid. tamén 1.2.3.

1.- Y-a VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG; E a BB, FR // o labrego ANT, GB, AI, HNV, MV

A suxeición ou hipofora é unha figura retórica moi empregada nesta obra; vid., por exemplo, 69.1 (*¿Unha fouce? Mais... ¡non!*), 92.6 (*¿I ora hai remedio pra tal*

Ai, amantiños, ben cego
 é o que non ve pola criba:
 vén a gabar o gallego,
 5 vén pra que o gallego viva.

Nosa fala é un paxariño
 que adoita fague-lo niño
 no seio do hirsuto monte:
 ben na póla dun espiño,
 10 ben á beira dunha fonte.

Froliña é que non extraña
 os ermos, e ben se engaña
 quen se desviva por ela
 si entre os toxos da montaña
 15 non se espiñou pra collela.

quebranto?), 98.12 (*¿Acenar dixen? ¡Mal digo!*), 99.1 (*¿A Señardá? ¡Ben sei!*)...; vid. I.3.2.

2.- Ay DE, RAG

Coa palabra *amantiño* inicia unha das súas cartas, a única escrita en galego (vid. III.6.1.3 *Amantiño : Ont'a noite...*).

Repárese na paronomasia *vén* (v. 1) / *ben / ve* (v.3) e no encabalgamento suave entre os vv. 2-3.

3.- pol-a VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG

Hai un refrán que di: "O que pola criba non chegue a ver, moi cego ten que ser" (Eladio Rodríguez, s.v. *criba*).

4.- ven a louvar ANT, GB, AI, HNV, MV // o gallego FR

5.- o gallego FR

6.- Se aquí se podería explicar a ausencia do artigo acompañando ao posesivo por necesidades métricas, máis difícil resulta explicala no título do poema; ao non ser o autor dado a desviacións da fala popular, pódese interpretar esta ausencia como un certo ánimo de sacralización de *fala*, acorde co contido xeral do poema; cfr. no v. 24 *lle canta Nosa Señora* (44).

7.- que deita GB // faguel-o VG, D, DO, HO, GB; faguelo AI, HNV, MV; faguer o AA

8.- seyo D, DO, HO, DE, RAG; seo ANT, GB, AI, HNV, MV, AA, FR // d'o VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG

9.- d'un VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG

10.- d'unha VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG

11.- Suprimimos a coma despois de *é*, que figura en todas as edicións menos en AA, por considerala inconveniente.

12.- s'engaña VG, D, ANT, DO, HO, GB,

14.- entr'os VG, D, ANT, DO, HO, GB // d'a VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG

15.- s'espiñou VG, D, ANT, DO, HO, GB // coliel-a ANT, GB

Afirma Jaime Solá citando esta estrofa: "De tal modo piensa así el poeta que niega al hombre de la ciudad el don de conocerlo, la facultad de sentirlo... Será inútil, pues, que los señoritos de las urbes pretendan apoderarse de ella y hasta vestirla con las galas que otras literaturas buscaron en jardín ajeno..." (45).

É rigueiriño que corre
 méntra-la sombra o socorre
 dalgún mesto piñeiral:
 fáltalle o agarimo... e morre
 20 antes de chegar ó val.

É a que requebra á aurora,
 prendada da incerta lus,
 i en gallego, cando chora,
 lle canta Nosa Señora,
 25 pra que adormeza, a Jesús.

O gallego é un suspiriño,
 ¡é a cousa máis meiga que hai!,
 é o linguaxe amorosiño
 en que oín decir: ¡filliño!...

16.- Y-é ANT, GB; I é AI, HNV, MV

17.- méntra-la VG, D, ANT, DO, HO, GB; méntrala AI, HNV, MV, AA; mentras a BB

Para a asimilación de *méntra-la* vid. nota a M 5.53.

18.- d'algún mesto robredal VG // d'algún D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG; de algún B B

19.- fáltall'o VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG; fáltalle agarimo AA

Jaime Solá parafrasea esta estrofa para mostrar a súa propia concepción idiomática en consonancia coa de Noriega: "Esto es: el gallego es un riachuelo que corre mientras tiene el cariño de la sombra del pinar montaños. Le falta esa sombra, le falta ese cariño y muere antes de llegar al valle. En el valle está el poblado, en el valle está la ciudad. El gallego -nosa fala- es cosa de la "braña", de la hispida serranía, de bajo las copas de los pinos que ensombrecen el hilo plácido de su corriente. Le falta eso y muere" (46).

21.- Y-é piorno (que d'aurora ANT, GB; I é piorno (que da aurora AI, HNV, MV // requebr'a aurora VG; requebr'á aurora D, DO, HO, DE, RAG

22.- recolle o pranto y-a lus) ANT; recolle l-o pranto y-é lus) G B ; recolle o pranto i a lus AI, HNV, MV // d'a VG, D, DO, HO, DE, RAG

23.- y-en gallego VG, D, DO, HO; y en DE, RAG; e en gallego BB; e en galego FR; en gallego ANT, GB, AI, HNV, MV

25.- Xesús ANT, GB, AI, HNV, MV, AA, AM, BB, FR

As edicións controladas máis claramente polo autor escriben *Jesús*, forma totalmente predominante en E: achamos dezaseis casos, fronte a tres de *Xesús*, 59.31, 99.10 e 102.15, os dous primeiros transcritos en DE, seguramente por erro, como *Xesús*.

26.- O galego MV, FR

27.- qu'hay VG, D, DO, HO, DE, RAG; que hay ANT, GB

28.- e o DE, RAG, AM

Aínda que en DE *é* non leve til e o verso teña tamén sentido interpretándoo como conxunción copulativa, non obstante, ao figurar o til en case todas as demais edicións, parece lóxico ler *é* como verbo e considerar a forma de DE como un erro; ademais, de ser conxunción, a forma esperada sería *y-o*.

Para o castelanismo léxico e morfolóxico *o linguaxe* vid. nota a M 6.63.

29.- en que oír decir FR

30 de labios de miña mai.

É faliña que aloumiña,
que o noso corazón move
pra que atallemos axiña
os salouquiños do probe
35 coa gracia da limosniña.

I é un tan ansioso falar,
que logra sobrepuxar
a saúdosa tristura
da estreliña da fartura
40 e das noites de lunar...

.....
.....

A devoción i a delor
¡sean sempre ó seu favor!;
eu moito a venero, e creio
que solamente no ceio
45 pode haber fala mellor.

30.- beizos ANT, GB, AI, HNV, MV // nai MV, FR

Coa palabra *labios* o verso sae gañando, pois *beizos* non resulta moi acertado utilizala aquí; certas variantes de ANT, repetidas despois noutras edicións que a seguen, resultan especialmente chamativas.

A forma *mai* é a preferentemente usado polo autor, pois en E aparece doce veces, fronte a catro de *nai(s)*: 59.30 e 90.12 (*nais*); 91.13 e 92.10 (*nai*).

34.- os salenguíños GB // d'o VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG

35.- co-a gracia d'a limosniña VG, D, DO, HO, DE, RAG; co-a gracia d'unha esmoliña ANT, GB; coa gracia dunha esmoliña AI, HNV, MV

A pesar das variantes, o autor fai uso do castelanismo *limosna*; vid. E 43.7 (*¡dádeme unha limosniña!*).

36.- Y-é VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG; E é BB, FR // I é tan MV

38.- Hai que facer diérese en *saúdosa* para manter a medida octosilábica do verso; só en AI aparece marcada graficamente.

39.- d'aestreliña d'a ANT, GB; d'a estreliña d'a VG, D, DO, HO, DE, RAG

40.- d'as VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG // luar ANT, GB, AI, HNV, MV, AA

A variante *luar* alterna tamén con *lunar* ao longo da obra: E 77.7 (*Bebe, luar piedoso...*), 86.9 (*Nos brazos do luar esmaecida*) e 99.6 (*do luar á lus*) fronte a E 87.1 (*Fai un lunar coma día*), 88.7 (*que en noites de lunar das Coruxeiras*) e 90.4 (*Queira o lunar facernos compañía*).

41.- y-a VG, D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG; e a BB, FR

Para *a delor* vid. nota a M 9.8.

42.- sempr'o VG, HO; sempr'ô D, DO; sempre ô ANT, DE, RAG; sempre o AI, HNV, MV, BB

43.- creyo D, ANT, DO, HO, GB, DE, RAG, AM; creo FR

44.- ceyo D, ANT, DO, HO, GB, RAG; ceo FR

45.- millor M V

Para a vacilación da vocal átona en *mellor* / *millor* vid. nota a M 2.41.

13

Pastoriña e reina

Adiós, terra sempre virxen,
 ¡canto che ofrendara o inverno!
 maravillosos encaixes,
 lucentísimos espellos...

- 5 Avagaron as lagoas,
 as neves desapareceron,
 i outra vez de la vestida,
 com'as brañegas, te eu vexo;
 mais, si no abril pastoriña,
 10 reina serás en xaneiro;

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-o.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 61, 26.4.1931; *El Progreso*, Lugo, 14.10.1941; DE, 110; BB, 74.

En VA leva como datación «Abril, 1931».

Variantes e comentarios

Nesta composición trátase o tema da mudanza de estacións na montaña, tamén presente en E 65 e 70.

0.- Versos d'a montaña VA; Pastoriña e reyna (Pr'a montaña) EP; Pastoriña e Reyna DE

1.- Terra EP

2.- ch'ofrendara VA, EP, DE

4.- luzentísimos VA

5.- Abagaron VA

Avagaron ten o significado de "diminuíron, perderon nivel de auga".

6.- O vulgarismo *desapareceron* vén imposto pola medida do verso, que da outra forma tería nove sílabas; casos similares prodúcense en E 9.0 (*atruxan*), 33.8 e 84.12 (*intresa*), 84.9 (*Tresa*).

7.- y-outra VA, EP, DE; e outra BB

8.- como as BB // t'eu VA, EP, DE

9.- En *no abril* hai unha elipse de *mes*, que explica esa forma, e zeugma do verbo *ser (es)*, que se acha implícito no *serás* do verso seguinte.

Para a anteposición do pronome átono en *te eu vexo* vid. nota a M 6.8 (*a ti, montaña, che eu quero*).

10.- reyna VA, EP, DE

A tendencia ao uso da graffía *y*, xa presente en textos da primeira época, en palabras como *hay*, *y-alba*, *ceyo*, *alleyo*, *moy*... (vid., por exemplo, variantes de E 9.7, 9.10, 9.34, 9.38...) amplíase a outras palabras na etapa de Trasalba, en contacto

- i aínda que o val fastuoso
 coide que viñeche a menos,
 repara -enxugando os claros
 ollos- como fuxe o tempo,
 15 e nos nabales repara,
 que coas rozas se entenderon
 pra darche agora un refaixo
 verde, co rodo amarelo.

directo coa poesía portuguesa e, especialmente, con Teixeira de Pascoaes: vid. nota a E 4.0 (*Mystycas*), M 6.54 (*reynas* en edicións de 1921 e 1930) e 6.55 (*crystal* nas mesmas edicións), mais tamén temos *crystalina* en 1905 (vid. variantes e nota a E 26.3)

11.- e aínda que tóda-las urzes VA; y-aínda que O Val y-As Mariñas E P // y-aínda DE; e aínda B B

12.- digan que VA; coiden que E P

14.- O encabalgamento (vv. 13-14) é un recurso estilístico utilizado máis frecuentemente nos sonetos (vid. I.3.2).

Non se produce alternancia vocática na forma rizotónica *fuxe*, mais si en *dorme* (vid. E 14: v. 4 *fluxen* e v. 7 *dorme*).

15.- navales DE, BB

Nabales, terras sementadas de nabos, debe escribirse con *b* por tal motivo, tal como figuraba en VA e EP; para o plural *-les* vid. nota a M 5.52.

16.- co-as VA, EP, DE // s'entenderon DE

17-18.- O sentido destes dous versos vén sendo: os nabos, verdes e con flores amarelas, xunto coas rozas de trigo, tamén verdes e con espigas amarelas, forman unha especie de *refaixo* para a montaña, de cor verde e co *rodo* ou perímetro igualmente amarelo.

14

Galernazo

Vías de auga,
 velas rotas,
 o demo ceibo na barra,
 fuxen prá terra as gueivotas,
 5 je choran nenos en Corme!,
 i a mai que ten moitos fillos
 non sei como sono dorme...

Métrica

1 cuarteta (abab) metricamente irregular (47), vv.1-2 tetrasílabos e 3-4 octosílabos, con rima asoante nos impares e consoante nos pares.

1 tercerilla, 8 (a-a).

Edicións anteriores

DE, 111; XAM, 55; BB, 75.

En XAM figura equivocadamente como pertencente á 1ª edición de *Do Ermo* (1920).

Variantes e comentarios

Esta composición, un tanto estraña dentro da produción poética do autor pola irregularidade métrica e pola temática social e mariñeira, así como pola súa localización xeográfica, podemos considerala como a primeira aproximación na obra á tenzón mar / montaña que xa se manifesta nas dúas seguintes composicións.

1.- d'auga DE

3.- Este verso áchase repetido noutras composicións do autor; vid. nota a M 15.32.

4.- pr'a DE

5.- *Corme*: vila mariñeira da Costa da Morte, cun importante porto pesqueiro; os seus habitantes viven fundamentalmente da pesca e teñen como avogada á Virxe do Faro, como recolle o cantar popular: *A Nosa Virxe do Faro / está no alto / e fai que dorme. / Ela ben ve pasar / aos mariñeiros de Corme.* (48).

6.- y-a DE; e a BB

Segundo Fermín Bouza Brey os vv. 5-7, "la triada final de la página 111 «E choran nenos en Corme»", está tirada da poesía popular (vid. nota 1). Unha versión moi semellante, que confirma as palabras de Bouza Brey, foi reproducida por Xesús Alonso Montero; é a seguinte:

Choran os nenos en Corme:
 o pai que ten tantos fillos
 non sei cómo sono dorme (49).

15

Prá ufanía das olas

Prá ufanía das olas
o desamor dos cimbros...
Gábanse a mar i o monte
de non ser bos amigos.

- 5 E cando ambos colosos
se miran de hito en hito,
el pensa: ¡que salvaxe!;
dice ela: ¡que bravío!

Métrica

Romance endecha, 7 (-a-a), con rima en i-o (50).

Edicións anteriores

El Progreso, Lugo, 30.10.1941; DE, 112; BB, 76.

Variantes e comentarios

Nesta primeira tenzón da obra entre o mar e a montaña, o poeta mantén unha posición de neutralidade, para se manifestar na seguinte a favor da segunda.

0.- Pr'a ufanía d'as olas EP, DE

1.- Pr'a ufanía d'as olas EP, DE

Tamén utiliza o castelanismos *olas* en E 44.82, mais en E 62.12 usa a forma *onda* e en 31.14 *blondas do mar*; en E 40.6 temos *vagallós do mar*.

2.- d'os EP

Os *cimbros*, sinónimo de *cumes* ou *curutos*, tamén utilizados polo autor, aparecen deostados por Leiras, enxalzador da Mariña: *Es cadaval polos cimbros / nos baixos fraga famenta...* (51).

3.- y-o EP, DE; e o BB

O *mar* ten habitualmente xénero masculino en galego, tal como reflecte a propia obra de Noriega Varela; só nesta ocasión aparece como feminino en E, fronte a trece casos en que leva xénero masculino: 16.7, 25.8, 31.14, 33.36, 37.0, 37.1, 37.4, 40.6, 44.23, 44.87, 49.0, 49.1 e 72.7.

6.- d'hito en hito EP, DE

A expresión *de hito en hito*, allea ao idioma galego, estraña achala nun autor caracterizado pola «cnxebreza» lingüística; cómpre termos presente que o poema xa corresponde á última etapa da súa vida.

8.- En E 17.1 volvemos achar outra vez a mesma fórmula *dice ela*, e esta forma verbal tamén en E 54.11 (*Portugal dice que é súa*) e 91.5 (*O que nos dice...*) xunto con *dicen* en 97.1; só hai en E un caso de *di*: 64.34 (*Ben di o labrego*).

16

Laverquiña...

Laverquiña que te axotas
das degaradas gueivotas

Métrica

2 sextillas, 8 (aabccb).

Edicións anteriores

Ms, 6.6.1904; *Mondoñedo*, nº 103, 22.11.1907; *El Eco de Villalba*, nº 15, 1.10.1908; MT, 111; D, 7; DO, 2; DE, 113; BVJ, 367-368; FDR, 22; SMR; RAG, 40; AI, 27; HNV, 2; MR, 323; FFR, 227; BB, 77; FR, 93.

O texto manuscrito áchase nunha carta do autor a Aurelio Ribalta, na que lle di: "Guardo como oro en paño su poesía "A a Montaña" y la aprendí de memoria. Pienso lo mismo..."Ai, a montaña!" Mándeme alguna poesía de V. y de antemano ahí van unos rengloncitos míos tributando las gracias" (cfr. III 6.1.1).

Existen outro manuscrito entre a correspondencia de Rei Soto en BMP, que non parece da man do autor e que está sen datar; non presenta variantes a respecto de Ms.

En Ms, MD e EV leva a indicación de «Foz». En MR está tamén traducido ao español (52).

Variantes e comentarios

Aquilino Iglesia Alvariño di: "El primer poema que parece haber nacido en Foz, y del que vamos a copiar una estrofa por ser muy significativo, mantiene todavía el aire de *teençon* que hemos visto en los de Leiras... En otros resulta menos sensible, con lo que, naturalmente, salen ganando" (53). Outros comentaristas recolleron a idea de ser a primeira composición feita polo autor en Foz, cousa que non parece verosímil, pois non foi incluída en MO, como si o foron outras datadas en Foz: PEX 2, 3 e 4; E 42, composta en 1903 con motivo da morte da nai do poeta; M 5...; todas estas deben ser anteriores.

O autor concedeulle un papel emblemático, na súa opción por se converter en poeta da montaña, colocándoo á fronte de D e deixándoo en 2º lugar en DO, inmediatamente despois de E 69 (*Túa divisa*), que pasa a ser o novo distintivo da súa musa poética.

0.- *Miña musa* MT // *Laberquiña* D, DO, DE, BVJ, FDR, SMR, RAG, AI, HNV, MR, FFR, BB, FR; en Ms, MD e EV non leva título.

1.- *laberquiña* Ms, MD, EV, MT, D, DO, DE, BVJ, FDR, SMR, RAG, AI, HNV, MR, FFR, BB, FR // *t'axotas* Ms, MD, EV, MT, D, DO, DE, SMR, RAG

Como pronominal o verbo *axotarse* (*te axotas*) significa "espantarse" (as aves), "asustarse e fuxir"; cfr. con M 9.8 (*como axota o delor das tristes almas*); vid. nota a este verso.

2.- *d'as* Ms, MD, EV, MT, D, DO, DE, SMR, RAG

As *degaradas gueivotas* son as gaivotas que se mergullan na auga repentinamente desde o alto, igual que caen os *degaros* ou castañas maduras da árbore.

oíndo o salvaxe berro;
 5 musa, que a mariña extrañas,
 olla as azules montañas
 ¡desde as plaias do desterro!

Esquence o mar, lembra o gado
 miúdo, i o regalado
 10 vivir, ¡as tumbadas festas!,
 i as cantigas dos pastores,
 que fan grinaldas coas frores
 amareliñas das xestas.

3.- *ouvind'o* Ms; *oind'o* MD, EV, MT, D, DO, DE, SMR, RAG

4.- *estrañas* Ms

A *laverca* habita nos vales e nas chairas, subindo no verán ás montañas; por iso o poeta a equipara coa súa musa poética, que tamén escolleu a montaña e desdeñou o mar.

5.- *oll'as azules* Ms, MD, EV, MT, D, DO, DE, SMR, RAG; *ollas azules* AI, HNV

Para o plural *azules* vid. nota a M 5.52.

6.- *dend'as prayas d'o* Ms; *desd'as playas d'o* MD, EV, MT, D, DO, DE, SMT, RAG; *desde as playas do* BVJ; *desde as praias do* FR

Para *plaias* vid. nota a M 9.6.

Os vv. 3-6 son reproducidos por Manuel María á fronte do seu libro *Versos frolecidos en louvanza de Foz* (54).

7.- Para as voces *esquence* e *gado* vid. nota a M 6.29.

8.- *y-o* Ms, MD, EV, MT, D, DO, DE, BVJ, SMR, RAG; e o BB, FR

9.- *Tumbadas* ten aquí o significado de "descansadas, repousadas".

10.- *y-as cantigas d'os* Ms, MT, D, DO, DE, SMR, RAG; *y-as cántigas d'os* MD, EV; *y-as cantigas dos* BVJ; e *as cantigas dos* BB, FR

11.- *c'o-as* Ms; *co as* MD, EV; *co-as* MT, D, DO, DE, SMR, RAG

12.- *d'as* Ms, MD, EV, MT, D, DO, DE, SMR, RAG

Esta estrofa está marcada polo encabalgamento que se dá nos vv. 7-8, 8-9 e 11-12.

17

Brancura
(*Fala a musa dos píncaros*)

Dice ela:

-¡baixarei ós vales!;
quero ver as cerdeiras
coa airosa pompa das froiñas brancas,
mimos da primavera...

5 E indócil xenio da montaña altiva,
arrogante contesta:

Métrica

Romance que combina o hendecasílabo nos versos impares co heptasílabo nos pares (-a-a); ten rima en e-a (55).

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 56, 22.3.1931; *El Progreso*, Lugo, 14.12.1941; DE, 114; *O Gaiteiro de Lugo*, 1949; BB, 78.

Variantes e comentarios

Unha vez que o poeta optou pola montaña (poema anterior), a louvanza da mesma será un tema recorrente na obra, presente directamente en moitas das composicións: 29, 35, 37, 45, 49, 52, 68, 74, 75; noutras está suxerido.

0.- Dice ela... VA, GL; Brancura (*Fala a musa d'o ermo*) EP

En VA leva como antetítulo *D'o cantor d'a montaña*.

1.- Segundo o criterio xeral de cómputo silábico do autor, este verso resultaría ter nove sílabas; para que conte como hendecasílabo, igual que o resto de versos impares, é preciso non realizar as sinalefas, que son norma no poeta, e considerar diérese en *baixarei*.

O *dialogismo* é unha figura retórica de carácter patético utilizada con frecuencia polo autor, tanto en M 3, 10, 11, 13, 19 como en E 20, 55, 95 ou PEX 1, 9; PNR 28, 39; PE 2.

3.- co-a VA, EP, DE; co airosa GL // d'as VA, EP, DE

4.- d'a VA, EP, DE

É de notar a depuración lingüística que se produce desde os primeiros poemas descritivos decimonónicos até chegar aos máis líricos e elaborados desta obra: cfr. a forma *primadeira* de M 3.4 con *primavera* neste verso e en E 65.0, onde dá título a un dos sonetos.

5.- d'a VA, EP, DE

A omisión do artigo (*e indócil xenio*) é un rasgo estilístico característico do autor en determinados casos: E 54.1 (*Sol a queima...*), 58.2 (*Lúa o mima...*), 58.4 (*Nil se reve saudosa estreliña...*).

-¡Nin armiños, nin frores, nin escumas!;
 si fala Dios lles dera
 ós seixos albos da fragosa encosta
 10 i á mística azucena,
 acordes, ¡oh insensata!, gritarían:
 ¡Brancura a das folerpas!

7.- Esta *gradación descendente*, desde o mundo animal (*armiños*) ao vexetal (*frores*) e material (*escumas*) representa a renuncia do poeta ao que é comunmente estimado, para centrar a súa atención estética no humilde e insignificante.

9.- d'a VA, EP, DE

Nótese a quiásmica colocación dos epítetos na construción *substantivo + adxectivo / adxectivo + substantivo*.

10.- y-â cándida azucena VA, EP; y-â mystica azucena DE, GL // e á B B

Con relación á forma *mystica* vid. nota a E 13.10; cfr. *azucena* con *azucea* en M 3.56 e vid. nota a este verso.

12.- d'as VA, EP, DE

A brancura das *folerpas* de neve que cobren a montaña simbolizan a pureza desta

18

Ouvea o lobo...

Ouvea o lobo xunt'a cruz de pedra,
 ¡i o Cristo non se arredra!,
 que xa, ó sol posto, non está soliño:
 dunha luz, luz de verme, se acompaña,

Métrica

Sexta rima, 11 e 7 sílabas (11A 7a 11B 11C 7c 11B).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 148, 9.10.1908; *El Eco de Villalba*, nº 17, 1.11.1908; MT, 117; *Vida Gallega*, Vigo, nº 34, 1911; *Aurora*, Villalba, nº 4, Marzo 1919; D, 65; DO, 78; *Acción Social*, Mondoñedo, nº 261, 1.10.1929; *O Gaitero de Lugo*, 1933; DE, 115; *La Noche*, Santiago de Compostela, 7.2.1946; *O Gaitero de Lugo*, 1952; SR, 12; RAG, 41; *Amencer*, Mondoñedo, nº 0, Abril, 1982; BB, 79; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril, 1984; CPI.

En VG e CPI figuran equivocadamente como inéditos; en AU leva como indicación «Trasalba (Orense)».

Variantes e comentarios

Sebastián Risco relaciona este poema con outros que tamén cantan a noite: *No medio da negrura*, de Barcia Caballero; *Cousas da lúa*, de Blanco Torres; *Soños*, de Cabada Vázquez; *O sapiño*, de Victoriano Taibo; *Profecía da noite amargurada*, de Carballo Calero; e *Frauta da noite*, de Cuña Novás. Deles di que "en sus poemas son el lobo, el gato, el verme, el sapo y el buho los animales de las sombras nocturnas" (56).

O tema da relixiosidade dos montañeses, tratado neste poema, é outro dos motivos recorrentes da obra, que se pode ver en E 41, 46, 47, 59, 67, 76.

0.- **Oubea o lobo...** AU, D, DO, AS, GL33, DE, LN, GL52, RAG, AM82, BB, AM84

En MT e VG non leva título; en MD, EV e CPI vai a continuación de E (*As casas dos brañegos...*) co título común de *Rimas* (57); en VG forma parte dunha selección de poemas do autor baixo o título xenérico de "Nuestros poetas. D. Antonio Noriega Varela. Versos inéditos" (58); en D leva a seguinte dedicatoria: «Pra Filomena Dato Muruais» (59).

1.- **Oubea** MD, EV, MT, AU, D, DO, AS, GL33, DE, LN, GL52, RAG, AM82, BB, AM84, CPI // **xunta** a LN; **xunta á** SR; **xunto** a AM82; **xunto á** BB, AM84

Para a forma *xunt'* vid. nota a M 3.13.

2.- **y-o** MD, EV, MT, VG, AU, D, DO, AS, GL33, DE, LN, GL52, RAG, CPI; e o BB, AM84 // **s'arredra** MD, EV, MT, VG, AU, D, DO, AS, GL33, DE, RAG, CPI; **se arreda** AM82

3.- **sol-posto**, MD, EV, CPI

4.- **d'unha** MD, EV, MT, VG, AU, D, DO, AS, GL33, DE, GL52, RAG, CPI; **de unha** LN; **unha luz** SR // **s'acompaña** MD, EV, MT, VG, AU, D, DO, AS, GL33, DE, GL52, RAG, CPI; **o acompaña** SR

O *verme*, símbolo da humildade no mundo animal, é coa súa luz compañeiro da noite no ermo solitario; o poeta séntese solidario con el na súa humildade: vid. E 5 (*Pasa un vermiño*) e E 31:9 (*É-un vermiño-de-luz o amigo caro*)

5 porque inda hai na montaña
 quen lle colma de aceite o faroliño...

5.- porqu'ind'hay MD, EV, AU, D, DO, AS, GL33, DE, GL52, RAG, CPI;
 porqu'ind'hai MT, VG

6.- d'aceite MD, EV, MT, VG, AU, D, DO, AS, GL33, DE, RAG, CPI

O sufixo *-iño*, ademais de ser un fácil recurso de rima, contribúe a acentuar a estética do humilde na poesía franciscana da obra; a afectividade e a humildade impóñense como marcas deste sufixo sobre o valor de diminutivo; practicamente non hai poema onde non se repita varias veces, convertendo a Noriega nun dos poetas que máis uso fai del, se non o seu maior cultivador; vid. tamén nota a E 2.5.

19

No carro

Vai alto o sol: pousa a cesta,
bubeliña da montaña;
máis feliz que o Rei de España
son eu ó pé desta xesta.

- 5 Talla lacón. ¡Viva a festa
do San Cosme!... Daca o xarro
e si a empalma teu bizarro

Métrica

Décima espinela, 8 (abbaaccddc).

Edicións anteriores

MO, 79; MT, 53; *O Gaitero de Lugo*, 1932; *El Progreso*, Lugo, 9.10.1941; DE, 116; BB, 80.

Variantes e comentarios

Esta composición móstranos o conformismo do labrego coa súa sorte e a harmonía co medio en que vive, tal como sucede en E 9, do que este vén sendo como unha versión reducida; tamén E 30 garda moita similitude temática con ambos; os tres preséntannos as alegrías dos brañegos, fronte a E 64 e 85, que nos falan dos seus sufrimentos.

0.- San Cosme EP; en MO, MT e GL non leva título.

1.- alt'o sol: pous'a MO, MT

2.- garautiña d'a montaña MO, MT; ufanía d'a montaña GL, EP // d'a DE

A palabra *garautiña* tamén aparece como variante en E 38.8 coa forma *garoutas*; en B (vid. s.v. SER) cita *é garouta* "para significar que es brava" (unha muller). A substitución definitiva por *bubeliña* pódese deber a unha escolla estilística; Eladio Rodríguez recolle a expresión *ser unha bubela*, da que di que "aplicado a una joven, equivale a llamarle casquivana o locuela".

3.- Rey d'España MO, EP, DE; Rei d'España MT; rey de España GL

Cfr. este verso con E 9, vv. 45-48 e vid. nota ao v. 46.

4.- d'esta MO, MT, GL, EP, DE

5.- saca lacón, ¡viv'a festa! MO, MT; ¡Ei, luniña! ¡Viva a festa! GL

6.- ¡runfre San Joan!, ¡dam'o xarro! MO, MT // d'o EP, DE

A festividade de *San Cosme* celébrase o 26 de setembro; limitando con Foz, onde foi composto este poema, hai unha vila pertencente ao municipio de Barreiros co nome de *San Cosme*.

Daca é unha contracción da forma verbal *dá* e mais o adverbio *acá*, equivalente, por tanto, a *dá acá, dáme*.

7.- e si apea o teu bizarro MO, MT, GL

Baseándonos no significado da variante *apea* (vid. nota a M 14.8) podemos interpretar *si a empalma* como "se desfalece", talvez por efectos do viño, segundo o contexto.

labrego... ¡aturuxa forte!,
que teño dous bois na corte
10 pra me levaren no carro.

9.- n'a MO; n-a GL

10.- n'o MO; n-o GL

O uso do infinitivo flexionado (*levaren*) é escaso no autor, sendo este o único caso que levamos atopado.

Por ser contigo...

Métrica

5 redondillas, 8 (abba).

Edicións anteriores

DE, 117-118; BB, 81.

Variantes e comentarios

Esta é unha das tres versións de composicións de poetas menores españois, caracterizadas pola temática relixiosa, que aparecen na obra; as outras dúas son E 7 (*Pedriña que fala*) e 26 (*Ond'a unha fonte*); seguramente as tiraría de revistas relixiosas da época, pois non están recollidos en edicións en libro ás que o poeta puidese ter acceso. A versión é, en xeral, fiel ao orixinal, mantendo a métrica e a rima, con pequenas variantes.

Alonso de Bonilla (c. 1570-1642), natural de Baeza, é autor dunha extensa obra poética adscrita á lírica relixiosa de expresión escolástica, formando parte dos conceptistas sacros, entre os que destaca Alonso de Ledesma. Escribiu máis de dous mil pequenos poemas, case todos sobre asuntos da relixión. Entre as súas obras podemos citar *Peregrinos pensamientos de misterios divinos* (1614), *Glosas a la Inmaculada Concepción* (1615) e *Nuevo jardín de flores divinas* (1617), obra á que pertence este poema.

O orixinal en español áchase publicado en *Paisaje*, revista do "Instituto de Estudios Giennenses", nunha sección titulada "Villancicos" (60), e en *Romancero y cancionero sagrados*, na sección "Coloquios pastoriles" (61), de onde o reproducimos:

Virgen, ¿si querrá conmigo
ese Niño? Dalde acá.
- Toma, llévatelo ya;
que llora por ir contigo.
- Llevármelo tengo a fe,
pues que por mi está llorando.
- De contino está aleando
por irse con cuantos ve.
- Luego, si quiere conmigo,
¿también con otros querrá?
- Sí; mas llévatelo ya,
que llora por ir contigo.
- Perderse os ha cuando ande,
si a tantos gustos atiende.
- No se perderá, que entiende
como una persona grande.
- Pues dejad venga conmigo,
y en mis brazos callará.
- Toma, llévatelo ya,
que llora por ir contigo.

(De Alonso de Bonilla)

- Virxen, ¿calará comigo
ese Solciño?
- Quizá.
- ¡Miña Xoya!...
- Toma o xa,
que chora por ir contigo.
5 - Levalo vou, abofé,
pois por min está chorando.
- E cando non, aleando
por irse con cantos ve!
- Señora, si quer comigo,
10 co máis probiño se irá...
- Si, si, pro cóllemo xa,
que chora por ir contigo.
- ¡Perdérsevos vai cando ande,
si a tantos gustos atende!
15 - Non se perderá, que entende
com'onha persona grande...
- ¡Ora esa! ¿E sin o agarimo
do teu fervor dormirá?
- ¡Que si!, i anáinamo xa
20 que morre por ser contigo...

3.- ¡Miña Xoya!... -Tom'o xa DE

10.- c'o DE

15.- perderrá DE

16.- coma onha B B

17.- Este verso resulta metricamente moi forzado pola necesidade de realizar tres sinalefas seguidas, a segunda entre palabras separadas por pausa. Tamén rompe coa rima consoante, ao facelo en asoante *agarimo* con *contigo*.

18.- d'o DE

19.- y-anáinamo DE // ¡Que si, anáinamo xa B B

21

Fresca rosa

Á Señora de Belén
(En Galdo)

“... no hubo lugar para ellos en el mesón”
(San Lucas)

¿De Belén?... ¡Miña Xoíña!
Aló en Noite ben sonada
xente ruín com'a tiña,
coidando que era probiña,

Métrica

4 quintillas, 8, con dous modelos de rima: 2 (abaab) e 2 (aabab).
1 tercerilla, 8 (a-a).

Edicións anteriores

DE, 119-120; BB, 82-83.

Variantes e comentarios

A figura da Virxe, da que o autor é un grande devoto, está presente en moitas composicións da obra, sendo o centro desta e da anterior no seu papel de nai, así como na 26 e 89; nas 23, 93 e 96 refléctese a devoción mariana do autor, tal como acontece en PE 10 (*Junteme con los romeros...*). Este poema é unha lembranza do humilde nacemento de Xesús en Belén, presentándonos á Virxe como consolo dos pobres que a axudaron naquel momento.

0.- *Galdo* é unha freguesía do municipio de Viveiro que limita con Chavín, onde o poeta estivo destinado de mestre antes de se xubilar.

1.- *Belén*: cidade de Xordania, provincia de Xerusalén, nas montañas de Xudea; pertence á tribo de Xudá e foi patria de David, así como lugar de nacemento de Cristo; é lugar santo para os cristiáns.

Novamente comeza o poema cunha pregunta, recurso moi utilizado na obra: vid. nota a E 12.1. Tamén o son as expresións exclamativas e afectivas como ¡*Miña Xoíña!*, neste caso dirixida á Virxe, nun rasgo de familiaridade cos santos propio dun devoto o frecuente na literatura galega (*Miña Santiña / Miña Santasa...*, nuns versos populares glosados por Rosalía en *Cantares gallegos*).

2.- *Noite*, con maiúscula nas dúas edicións, fai referencia á data concreta do 24 de decembro, en que naceu Cristo do ventre da Virxe María, segundo a tradición cristiá.

3.- como a tiña B B

Para a expresión *ruín com'a tiña* vid. nota a M 14.7.

5 non lle quixo dar pousada.

¡N'a agarimaran señores!
 mais, xa que escuros pastores
 correron pra a espalecer,
 gozosa cos moradores
 10 dos agros se quere ver.

Lembrándose da vaquiña
 que abafou ó Salvador,
 santifica alba ermidiña
 ora na verde terriña
 15 de Nicomedes Pastor.

¡Rosada, Garrida Aurora!,
 ¡alí está pra ben secar
 lagrimiñas de quen chora...

E cando ás maus do Filliño

6.- N'agarimáran DE; No agarimaran B B

Recuperamos o pronome átono complemento directo *a*, implícito na contracción co adverbio *non*; a forma plena sería *Non a agarimaran*; vid. nota a M 1.9.

8.- pr'a espalecer DE; pra espalecer B B

Non se debe realizar a contracción en *pr'a*, posto que *a* non é artigo, senón pronome átono en función de complemento directo e neste caso non hai unha práctica consolidada que represente a contracción, tal como pasa cando se trata do artigo; non é, por tanto, o mesmo caso de M 5.0 (*Pr'as canónigas = Prás*), por exemplo; a lectura de BB, igual que no v. 6, é desacertada; vid. tamén nota a M 2.37.

O verbo *espalecer* xa foi recollido por Leiras no seu vocabulario na forma pronominal ("*espalecerse*: esparcirse, solazarse"); neste contexto *pra a espalecer* equivale a "para a divertir, para alegrala".

9.- c'os DE

10.- d'os DE

11.- d'a DE

13.- Para a ausencia de determinante en *alba ermidiña* vid. nota a E 17.5.

15.- *Nicomedes Pastor Díaz* naceu en Viveiro en 1811 e morreu en Madrid en 1863; fixo os primeiros estudos no Seminario de Mondoñedo, pasando logo á Universidade de Santiago para estudar Dereito, carreira que rematou en Madrid, onde fixará a súa residencia, chegando a desempeñar destacados cargos políticos; ocupa un lugar de relativa importancia dentro dos Precursores do noso Rexurdimento decimonónico por ser autor da primeira composición poética en galego de contrastada calidade literaria (*A Alborada*), aínda que logo pasou a escribir exclusivamente en español, sendo un destacado poeta romántico. Os seus restos mortais foron trasladados en 1923 a Viveiro, onde é recoñecido como un dos seus fillos predilectos; Noriega tamén o cita en E 44, poema dedicado a esta fermosa vila mariñeira, con palabras similares ás da presente composición: *terra linda de Nicomedes Pastor* (vv. 4-5), *verxel lindo de Nicomedes Pastor* (vv. 99-100).

17.- y-alí DE; e alí B B

19.- ás maus d'o DE

20 vai pousarse un paxariño,
asegura A Tradición
que lle leva no biquiño
fresca rosa: unha oración.

21.- Para *A Tradición* con maiúscula vid. nota a M 6.3.

Desde un esquivo lugar

Desde un esquivo lugar
que nunca quixo tratar
máis que ó lobo, seu señor,

5 xentil piñeiro repara:
¡oh, canta neve o separa
dunha cerdeiriña en flor!

Inadvertida vive ela,
i el non sabe dunha estrela,
que tantas nóite-lo ollou,

Métrica

2 sextillas, 8 (aabcccb).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 150, 25.7.1920; D, 101; DO, 19; DE, 121; BB, 84.

Variantes e comentarios

Esta composición garda relación temática con E 27 e 58, onde se nos presenta o ermo habitado por seres solitarios.

0.- Desd'un VG, DO, DE

1.- Desd'un VG, D, DO, DE

3.- qu'ó lobo VG; qu'ô lobo D, DO, DE

O lobo é un dos animais que máis presenza ten na obra, asociado xeralmente a ambientes nocturnos e/ou de perigosidade, como ameaza para os demais habitantes do ermo, onde el é o rei e señor; aparece en E 5.4, 18.0, 18.1, 24.2, 59.11, 59.16, 68.21 e 89.11.

4.- Dentro do mundo vexetal o piñeiro destaca, ben como referente, ben como protagonista solitario no ermo esquivo, tal como se pode ver neste poema ou en E 58.2. O poeta usa con máis frecuencia o castelanismo pino na obra (4.9, 28.16, 31.13, 68.10, 75.4, 79.9, 88.14, 102.14) que a forma propiamente galega piñeiro (22.4, 25.7, 71.4, 86.12); vid. tamén nota a M 17.3.

6.- d'unha VG, D, DO, DE

7.- viv'ela D, DO, DE

8.- y-él VG, D, DO, DE; e el BB // d'unha VG, D, DO, DE

9.- noitel-o ollou VG, D, DO, DE; noites o ollou B B

Aínda que en nóite-lo se trata da asimilación do pronome átono e non do artigo, como nos casos vistos en nota a M 5.53, non obstante mantemos a mesma representación gráfica, porque así tamén o facía o autor e, ademais, porque se trata dun mesmo fenómeno de fonética sintáctica; outro tipo de representación, como nóitelo en coherencia co sistema ortográfico seguido, resultaría confuso e pouco práctico. Esta mesma asimilación do pronome átono achámola en E 45.18

- 10 ¡miña xoya!, co desexo
de desprenderse do ceo
en que seu fado a cravou.

(*Dio-lo manda*), 54.14 (*méntre-la festexo*), 91.12 (*atra-las deixas*), 92.7 (*quizábe-lo hai*).

10.- ¡miña xoya!, c'o VG, D, DO, DE // deseyo VG

11.- d'o ceyo VG

12.- en qu'o Destino VG, D, DO

Cabía pensar que a substitución de *o Destino* por *seu fado*, mesmo sen determinante, fose debida á influencia portuguesa, mais esta manifestouse máis intensamente en D, cando o poeta estaba destinado en Trasalba, e, inclusive, en DO, edición que inclúe os sonetos; non obstante, o cambio produciuse en DE.

Cantar montañés

(Á Señora dos Remedios)

«O cantar que a Virxen canta
cando arrola ó seo Meniño,
meu caravel!, miña rosa!,
meu bico de paxariño!»

Santiña milagrosiña,
¿lémbraсте? A nosa casiña

Métrica

3 coplas de pé quebrado, octosílabos menos o 3º, que é tetrasílabo (aabccb) (62).

Edicións anteriores

Ms, 4.6.1941; *El Progreso*, Lugo, 7.10.1941; DE, 122; JTP, 122-123; RAG, 42; PCM; ECG, 17.5.1969; BB, 85; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril, 1984.

En Ms, carta a Sebastián Martínez-Risco (vid. III.6.1.35), o autor revélanos a data de composición do poema ao afirmar que "voy a hacer llegar a Vd. la última poesía qe. compuse, el 4 del corriente, rogándole qe. me envíe una suya, pues quiero su autógrafa".

Variantes e comentarios

Este é un poema de carácter autobiográfico, onde o seu autor se manifesta como un afervoadado devoto da *Virxe dos Remedios*, patroa de Mondoñedo, a quen tamén canta en E 92 (*Santiña churrusqueiriña, ¡maja Virxe dos Remedios...*) e en PE 10.

Trapero Pardo afirma que en esta composición "se reúnen las dos características de Noriega: firmeza de creyente y amor a la Montaña" (63).

0.- En todas as edicións figura o mesmo título e cantar popular. A dedicatoria falta en ECG; *Á Señora d'os Remedios* en Ms, EP, DE, JTP, RAG e PCM. Trapero Pardo dinos: "La devoción a la Santísima Virgen, en su advocación de los Remedios, tan difundida en Galicia, tiene en la ciudad de Mondoñedo una característica especial. Al Santuario existente en dicha ciudad acuden peregrinos de muchas partes, y de un modo especial de la costa occidental de Asturias, de la lucense y de la coruñesa" (64).

O cantar popular que segue á dedicatoria é un arrollo ou cantiga de berce, tamén incluída polo autor na súa colección de cantigas *A Virxen i a paisanaxe* (vid. V 96).

1.- O constante uso do diminutivo en *-iño* nesta obra (vid. notas a E 2.5 e 18.6) acrecéntase cando o poeta se dirixe á Virxe, resaltando o seu valor afectivo (vid. tamén E 93.1; *Santiña churrusqueiriña*).

2.- Como xa vimos en E 21.1, o trato familiar coa Virxe, de arraigamento popular, denota o carácter de devoto do autor; a partir desa pregunta de ton coloquial, o poeta vai recordar, en presenza da imaxe da Virxe, a súa traxectoria vital e poética.

ond'a túa;
 o Campo frorido e ledó,
 5 tu reinando en Mondoñedo,
 eu... galanteando á lúa.

Á lúa, ¡e rompín con ela!;
 pro meu sino -crara estrela
 que enxamais
 10 de veleidades se extraña-,
 deume outro amor -a montaña-,
 e non quixen rondar máis.

I, ¡ai!, cautivo da súa fala,
 desestimo a quen fai gala
 15 de non ver
 que lle chama ó teu Neniño
 «meu bico de paxariño»
 nun cantar de adormecer...

3.- Para *ond'a* vid. nota a M 3.13.

4.- «O Campo» DE, JTP, RAG, PCM, ECG

O *Campo* refírese ao Campo dos Remedios, de Mondoñedo, onde naceu e viviu o poeta durante a súa infancia e xuventude, cerca da imaxe da Virxe dos Remedios (vid. 1. 2.1.1).

5.- Tú Ms, EP, JTP // *reynando* DE, JTP, RAG, PCM, ECG

Frente a M, onde hai máis casos de *ti* como suxeito (vid. nota a 3.69), en E só aparece *tu* nesa función: 44.69, 55.5, 56.1, 62.10, 65.12, 73.13 e 93.7.

Para *Mondoñedo* vid. nota a M 3.58.

6.- A *reduplicatio* ou *anadiplose* nos vv. 5-6 (*á lúa*) é un procedemento de recorrencia gramatical tamén presente en E 6.

8.- *meiga estrela* Ms; *clara estrela* EP, BB, AM

9.- *qu'enxamais* Ms, EP

10.- *s'extraña* EP

11.- *enleyóume co-a montaña* Ms

12.- Nos vv. 7-12 o poeta declara como os seus galanteos amorosos da mocidade coas rapazas carpazonas se foi trocando nun maduro amor á montaña. Esta mesma síntese autobiográfica áchase en PNR 24, especialmente vv. 25-42.

13.- *Y-ay!*, *cautivo d'a* Ms, EP, DE, JTP, RAG, PCM, ECG // *E,¡ay!* BB, AM

14.- *dou ô deño a quen fai gala* Ms

17.- Verso tirado do cantar popular que encabeza o poema.

18.- *n-un cantar d'adormecer* Ms, EP; *n'un cantar de adormecer* DE, JTP, RAG, PCM, ECG

24

Pra que a inerme probeza...

Pra que a inerme probeza, que os montes pasa
furtándose dos lobos, tope unha casa,
e nas encrucilladas vacile o medo,
i as ermitas branquexen antre o arboredo;
5 pra que cos vagalumes e coas contiñas

Métrica

4 pareados, 12 (AA), con dous hemistiquios de 7+5 (65).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 111, 1.8.1918; *O Tío Marcos d'a Portela*, Ourense, parrafeo 36, 7.8.1918; *Acción Social*, Mondoñedo, nº 3, 1.12.1918; D, 89; DO, 79; DE, 124; RAG, 43; BB, 86; FR, 96.

Tamén foi novamente publicado en *Vida Gallega*, nº 118, 10.12.1918, xuntamente con E 36, e baixo o título común de "Poemas mínimos", mais non presenta ningunha variante a respecto da edición de 1º de agosto dese mesmo ano.

Variantes e comentarios

0.- qu'a VG, D, DO, DE, RAG

En TM e AS non leva título; en TM ten a seguinte dedicatoria «Para Alvaro Casas» (66).

1.- qu'a... qu'os... VG, TM, AS, D, DO, DE, RAG

Igual que en M (vid. nota a 2.34), tamén en E o autor emprega sempre o vulgarismo *probeza e probe*: 1.4 (*probiños*); 12.34, 34.10, 43.4 (*probe*); 21.4 (*probiña*), con algún caso especial (vid. nota a E 56.5).

2.- d'os lobos, top'unha VG, TM, AS, D, DO, DE, RAG

Para *lobos* vid. nota a E 22.3.

3.- n-as TM; n'as D, DO, DE, RAG // vacil'o medo VG

4.- y-as VG, TM, AS, D, DO, DE, RAG; e as BB, FR // ermidas VG, TM // antr'o VG, TM, AS, D, DO, DE, RAG // arvoredos AS, D, DE, RAG, FR

O autor vacila ao longo da obra entre o emprego de *ermita* ou *ermida*, tal como se manifesta nas variantes deste verso; mais dos once casos en que aparece na obra, en sete faino na forma afectiva en *-iña* e sempre como *ermidiña(s)*: 22.13, 55.15, 86.14, 89.8, 89.9 e 99.5; ademais, temos *ermida* en 54.18; *ermita(s)* aparece en 4.3, 24.4, 40.24 e 44.20. A *ermida*, xunto co cruceiro, simboliza a relixiosidade do ermo e por iso é tan frecuente na obra, xa que a montaña para o poeta está impregnada da devoción relixiosa e da tradición, das que se converte en salvagarda; a presenza da *ermida* garante e evidencia esa relixiosidade.

5.- c'os VG, TM, AS, D, DO, DE, RAG // co-as pinguñas VG; co-as doñas TM; co-as contiñas AS, D, DO, DE, RAG

A respecto de *vagalumes* Alonso Montero, estudando as diferentes denominacións en galego da palabra castelá "luciérnaga", afirma: "Los escritores gallegos han optado por el nombre 'vagalume', nombre mucho menos extendido,

da rosada non liden as estreliñas,
 e pra que se alboroce Jesús na cuna,
 ¡manda Nosa Señora salir a luna!

en la lengua popular, que otros. Predomina o es exclusivo en autores como Noriega Varela, Cabado Vázquez, Anxel Fole, Celso Emilio Ferreiro, Cuña Novás, Camilo José Cela... No estaban en condiciones de imponerse nombres como lucicú o cagafogo (por sus connotaciones peyorativas) o 'unha vella facendo papas' (por su longitud) o 'vella' (porque se prestaba a confusiones). Entre las restantes fórmulas se impuso vagalume por su atractivo" (67).

Se nesta ocasión o poeta vai pasando de *pinguiñas* a *doñás*, para escoller finalmente *contiñas* (*da rosada*), nas demais ocasións en que rocorre a este tópico poético tan repetido na obra, utilizará outras fórmulas: 31.3 (*doña de rocío*); 34.14 e 36.6 (*gota de orballo*); 40.26 (*doas de orballo*); 61.3 (*cada doa que fulxe en cada espiña*); 71.13 (*das doñas relucentes*); con outra significación temos 39.2 (*contiña de vidro*) e 44.56 (*doas de luz*).

6.- d'a VG, TM, AS, D, DO, DE, RAG

7.- s'alboroce VG, TM, AS, D, DO, DE, RAG // Xesús TM, FR // n-a TM; n'a D, DO, DE, RAG

Para *Jesús / Xesús* vid. nota a M 11.6 e E 12.25.

O castelanismo *cuna* aparece catro veces en E, sempre en posición de rima, nesta ocasión e en 40.9 rimando con *luna*, en 69.14 con *repuna* e en 79.14 con *Fertuna*; a voz patrimonial *berce* é utilizada só en 62.13.

8.- O uso do castelanismo *luna* é minoritario en E, onde aparece tres veces, todas en posición de rima consoante, neste verso e en 40.12 rimando con *cuna* e en 33.11 con *fertuna*; a voz patrimonial *lúa* sae en nove casos: 4.2, 23.6, 23.7, 54.9, 58.2, 61.10, 86.4, 88.9 e 90.3; só en catro ocasións está en posición de rima e nas catro faino co posesivo *túa* ou *súa*; con isto queremos indicar que posibelmente a rima condicione a escolla dunha forma ou outra. A frecuente presenza desta palabra na obra, e especialmente nos sonetos, revélanos a súa importancia; a súa función é positiva, como don sobrenatural que envía o ceo para axudar, protexer e alegrar a natureza e os seres humildes e solitarios que poboan o ermo na noite (vid., por exemplo, ademais deste poema: 58.2: *inda aquel piñeiriño. Lúa o mima*).

25

En vela

Aquela fonte, aquel Cristo
i aquel mouro piñeiral,
en vela xunt'ó mosteiro,
que se esborrallou, están.

- 5 A fonte reza baixiño,
no Santo Cristo luz hai,
e a zunida dos piñeiros

Métrica

Romance, 8 (-a-a), con rima aguda en -á.

Edicións anteriores

La Voz de Mondoñedo, nº 887, 1.9.1919; *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 100, 15.9.1919; D, 63; CR, 388; *Acción Social*, Mondoñedo, nº 203, 15.5.1927; DO, 64; *La Noche*, 21.9.1946; DE, 125; BB, 87.

En ANT e LVM leva a indicación «Trasalba». En AS figura tamén unha versión ao francés de Phileas Lebesgue e outra ao español de Juan Vidal Martínez (68).

Variantes e comentarios

0.- Aquela fonte... A S

En D leva a seguinte dedicatoria: «Pra Felipe Pedreira» (69).

2.- y-aquel ANT, LVM, D, CR, AS, DO, LN, DE; e aquel BB

3.- xunt'o ANT, LVM; xunt'ô D, CR, AS, DO, DE; xunto ô LN; xunto ó BB

Non hai ningún caso en E onde apareza *xunto* ou *xunta* con valor preposicional; mais hai cinco de *xunt'*: 18.1 (*xunt'a cruz de pedra*), 25.3 (*xunt'ó mosteiro*), 44.81 (*Xunt'ós que choran*), 47.18 (*aínda estaban xunt'á cova*) e 64.12 (*xunt'a lareira*). Vid. nota a M 3.13.

4.- s'esborrallou ANT, LVM, D, AS, DO; s'esburrallou CR

Para corroborar o significado de *se esborrallou* existe un refrán recollido por Eladio Rodríguez, s. v. 'esborrallarse', que di: *Con pouco vento esborrállanse as torres sin cemento*.

Entre as dúas últimas palabras do verso débese realizar hiato e non sinalefa, como é o habitual, favorecido pola pausa.

5.- Esta imaxe antropomórfica, xunto coa prosopopeia da primeira estrofa, aproximan o poema ao hilozoísmo dalgúns poemas de Amado Carballo, como, por exemplo, "Sol-por" (*As campás beatas / no ceo bulían / rezando rosarios...*) ou "O cruceiro" (*A campaña de prata / do día, / latexa un ángelus...*) (70).

6.- n-o ANT, LVM, D, CR, DO // hay ANT, LVM, D, CR, AS, DO, DE

7.- y-a AS, LN // a sunida ANT, LVM // d'os ANT, LVM, D, CR, AS, DO, DE

As variantes de AS e LN *y-a* son a norma habitual do autor, pois practicamente sempre usa *i* como conxunción copulativa cando a continuación segue o artigo ou palabra comezada por vocal; non obstante, tamén en E 44.37 temos *e a voces*.

A *zunida* ten como sinónimo *o zunido*, que o autor tamén utiliza en E 95.5.

Ond'a unha fonte

(Del P. Vicente Rigueros, S. J.)

Sobre mimosas froles e verdura
sentou ó Neno a cándida María
ond'a unha fonte cristalina e pura

Métrica

Silva, 11 e 7 (ABABcdcdDeFeF) (71).

Edicións anteriores

BMP; *Coruña Moderna*, nº 42, diciembre 1905; MT, 84-85; DO, 65; *Vida Gallega*, Vigo, nº 445, 10.4.1930; DE, 126; BB, 88.

BMP é un recorte de prensa sen datar nin localizar que se acha entre a correspondencia de Rey Soto; polas variantes que presenta, seguramente sexa a primeira versión que posuímos do poema. CM leva a indicación de «Foz» e tampouco presenta datación, aínda que por anotacións a man podemos supor que é de decembro de 1905 (72).

Variantes e comentarios

Esta é a terceira das versións de poemas en español que aparecen na obra; neste caso o seu autor é completamente secundario e totalmente ignorado na literatura española; o motivo polo que Noriega se fixou nel é, como nos outros casos, E 7 e 20, a temática relixiosa e a presenza da figura da Virxe.

0.- O salayo BMP, CM, MT // Onda a unha fonte BB

En BMP leva como subtítulo *Madrigal*; en todas as edicións leva a indicación do autor orixinal, aínda que de diferentes maneiras: en BMP «De Vicente Rigueros», en CM «Del P. Vicente Cecilio Rigueros, S.J.», en VG «Del Padre Vicente Rigueiros, S.J.»; as demais coinciden con DE, aínda que en BB galeguizan a primeira palabra, «Do P. Vicente Rigueros, S.J.».

Vicente Cecilio Rigueros y Sánchez (Plasencia, 1798-1847) naceu nunha familia humilde e realizou a carreira eclesiástica, que terminou en 1818, ingresando en 1823 na Compañía de Xesús. Foi nomeado profesor do Seminario de Nobres, contando ao poeta Zorrilla entre os seus discípulos. Estivo a punto de morrer nos sucesos revolucionarios de Madrid en 1834, conseguindo marchar de novo para Plasencia, onde foi nomeado bibliotecario e profesor do Seminario. Ademais de numerosos artigos e poesías que apareceron no xornal *El Católico*, de Madrid, no que acostumaba usar o pseudónimo de *El loco de Extremadura*, publicou *Vida de santa Teresa de Jesús*, *Historia de la vida de santa Filomena* e unha *Novena* a esta santa (73).

1.- Sobre cheirosas froles B M P

3.- onda unha BMP; onda a unha BB // cristalina CM, DO, VG, DE

Para *ond'a* vid. nota a M 3.13.

A variante *crystalina* en CM demostra que o uso de grafías cultistas non é exclusivo da época de D e DO. Vid. nota a E 13.10.

- que no camiño de Salem había.
 5 I ó ver no chau sentado
 ó que do chau é esteio,
 ó que en trono dourado
 triunfa sobre os abismos, terra e ceio...
 ¡suspírou tenramente!
 10 en doce amore o corazón desfeito,
 i o Fillo, ansiosamente,
 gardou o suspiriño no seu peito.

4.- n-o BMP, CM // Salén BMP

Salem: antiga cidade real de Melquisedec, segundo a tradición xudía; é forma abreviada ou nome velado de Xerusalén.

5.- Y-ô BMP, CM, DO, DE; Y-ó MT, VG; E ó BB // n-o BMP, CM

6.- d'o BMP, CM, MT, VG, DE // chao BMP // esteyo BMP, CM, DO, VG, DE; esteo MT

7.- qu'en BMP, CM, MT, DO, VG, DE

8.- runfra BMP, CM, MT // sobr'os CM // ceyo BMP, CM, DO, VG, DE; ceo MT

9.- sotelou BMP, CM

As variantes *runfra*, do v. 8, e *sotelou*, deste, son reveladoras da evolución lingüística e estética do autor desde *Montañesas* a *Do Ermo*, marcando MT a transición entre as dúas etapas; o seu léxico perde "enxebreza", para se achegar a un modelo de lingua máis culta, onde privan os valores estéticos (vid. 1.3.2).

10.- corasón BMP

Só achamos en toda a obra este caso (*amore*) de *e* paragórico, máis estraño por canto aparece en todas as edicións e non vén esixido pola medida nin pola rima.

Non se dan casos neste autor de seseo explosivo, porque non é rasgo dialectal da súa zona lingüística, aínda que si de seseo implosivo (vid. nota a M 3.12); por iso sorprende a variante de BMP, que ben pode ser un erro de impresión, aínda que en E 25.7 tamén hai a variante *sunida*.

11.- y-o BMP, CM, MT, DO, VG, DE; e o BB // fiillo BMP // anseosamente BMP, CM

12.- sospiriño n-o BMP, CM

As variantes do v. 11 (*anseosamente*) e deste (*sospiriño*) serven para apoiar o dito en nota ao v. 9 sobre a evolución da lingua do autor; a respecto deste proceso, Carballo Calero chega a falar de dous Noriegas diferentes con relación ás características lingüísticas (74).

O trono da paz

(Pra Ramón Otero Pedrayo)

Preséntame -lle dixen
 amorosiño ó iermo-,
 renovos dun carballo,
 ruínas dun mosteiro,
 5 ou do bravío cardo
 unha froliña ó menos!

Métrica

Romance endecha, 7 (-a-a), con rima en e-o.

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 111, 1.8.1918; *Acción Social*, Mondoñedo, nº 2, 15.11.1918; D, 9; *Acción Gallega*, Buenos Aires, nº 1, 24.6.1920; CR, 389; AC, 132-133; DO, 3; *Finisterre*, Madrid, nº 27, abril 1946; DE, 127; SMR; BB, 89; FR, 97.

Variantes e comentarios

A figura dun grande *penedo* chantado no medio do ermo atrae a atención lírica do poeta tamén en E 66; aquí preséntasenos como símbolo e monumento da paz que reina na montaña.

0.- Preséntame -lle dixen... VG, AC, F // d'a D, AGA, CR, DO, DE, SMR

En AS non leva título; en D leva a dedicatoria «A Ramón Otero Pedrayo», sendo esta a única da 1ª edición de *Do Ermo* que conserva en DE (75); BB reproduce a de DE.

Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976), patriarca das Letras Galegas, foi amigo e protector de Noriega, con quen conviviu varios anos en Trasalba (vid. I. 2.1.3), e co que mantivo unha fecunda correspondencia cando este marchou destinado para Abadín (vid. III.6.1); a propósito disto escribiu Aquilino Iglesia Alvariño: "El único placer de estas horas lo constituía la visita periódica e infalible de una carta exultante de Otero Pedrayo, que leía y daba a leer a sus amigos lleno de saudades" (76).

2.- amorosiñ'ó yermo VG // amorosiño ô yermo AS, D, CR, DO, F, DE, SMR; amorosiño ó ermo AGA, BB, FR; amorosiño o yermo AC

Para *iermo* vid. nota a E 6.7.

3.- d'un VG, AS, D, AGA, CR, AC, DO, F, DE, SMR

4.- d'un VG, AS, D, AGA, CR, AC, DO, F, DE, SMR

Ruínas débese manter metricamente como hiato para que o verso conte como heptasílabo.

5.- d'o VG, AS, D, AGA, CR, AC, DO, F, DE, SMR

Huraño, solo quixo
enseñarme un penedo.

10 Mais, ¡cantas alabanzas
e gratitú lle eu debo!:
aque! coloso é o trono
da Paz, i o monumento
que unánimes lle alzarán
os siglos ó Silencio.

7.- *Huraño*, pola súa procedencia do latín FORANEUM non pode ser forma galega. Pódese observar neste e noutros poemas de lirismo intimista e maior elaboración estética, datados na etapa de Trasalba, que a fuxida do enxebrismo léxico dos poemas descritivos da primeira época faino caer con máis frecuencia no abuso de castelanismos; só neste poema podemos ver *solo*, *enseñarme*, *alabanzas*, *siglos*, ademais de *huraño*. Un caso similar témolo no cambio lingüístico que se produce en Rosalía ao pasar de *Cantares gallegos* a *Follas novas*.

10.- ll'eu VG, AS, D, AGA, CR, AC, DO, F, DE, SMR

12.- d'a Paz, y-o VG, AS, D, AGA, CR, AC, DO, F, DE, SMR // e monumento BB

13.- ll'alzarán VG, AS, D, AGA, CR, AC, DO, F, DE, SMR

O propio poeta compara estes últimos versos con outro de Francis Jammes: "Francis dice: «La paz está en el bosque silencioso...».

Y yo dije, fijándome en un *penedo* enorme que está en yermo monte desolado..." e cita vv.11-14 (cfr. III 6.1.39).

José Agostinho acha "ecos dantescos" nos vv. 7-14, e engade, despois de reproducilos: "Que simplicidade e que profundeza" (cfr. III 2).

Prá probeza

Xa que eres da miña sangue,
irmanciña que venero,
¡dácame un cento de bicos!
i olla o que ben che deseio.

- 5 Rocen os fleques da gaita
cos teus farrapos na festa,
i os anxeliños te guíen
prá máis rumbosa merenda.

Cantarolando as fontañas,

Métrica

6 cuartetas asonantadas, 8 (-a-a, -b-b, -c-c, ...) (77).

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 11, 1.4.1919; *Vida Gallega*, Vigo, nº 107, 15.5.1918; D, 67-68; AC, 135-136 (vv. 1-12); DO, 17-18; *O Gaiteiro de Lugo*, 1934; *Finisterre*, Madrid, nº 27, abril 1946 (vv. 1-12); DE, 128-129; BB, 90.

Variantes e comentarios

0.- Pr'a probeza VG, D, DO, DE; Pr'a pobreza GL // X'a qu'eres d'a miña sangue AC, F

1.- qu'eres d'a AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE

O castelanismo *sangre* aparece tamén en E 59.37 con xénero masculino (*con sangre roxo*) e en 65.3 co feminino (*a sangre fría*).

2.- hirmanciña AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE, BB

3.- Para o significado de *dácame* vid. nota a E 19.6. En M achamos a palabra *chucho*, máis propia da área mindoniense, en vez de *bico* (vid. nota a M 3.82).

4.- y-olla AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE; e olla BB // deseyo AS, D, AC, DO, GL, F, DE

5.- Rocen-os VG, D, AC, DO, GL, F // fregues VG // d'a AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE

6.- c'os AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE // n-a GL

7.- y-os AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE; e os BB

Tamén aparece *anxeliños* en E 29.5 e 82.9, mais en 64.28 temos a forma patrimonial galega *anxiños* para se referir aos fillos, igual que en 29.5; en E 48.8 *ánxel*.

8.- pra AS, VG, D, AC, DO, GL; pr'a DE

9.- Cantorolando DE, BB

Aínda que a variante *cantorolando* corresponde á edición definitiva, non obstante mantemos a forma *cantarolando* que aparece en todas as edicións anteriores, porque é a forma correcta, derivada de *cantar*, producíndose en DE seguramente un erro de impresión.

10 piedosas che ofrezan auga,
bríndech'e o liño frescura
i o sol non che esconda a cara.

Tódolos cas de palleiro
faigan as paces contigo,
15 e de te ver á sua sombra
se ensoberbezan os pinos.

Présteche Jesús, xoíña,
meiguices da nosa fala,
o bordón do Padre Eterno,
20 i o seu leiteño de palla.

E tan albo com'a neve,
ufanía dos penedos,
;seña o fateliño novo
con que te eu vexa no ceio!

10.- ch'ofrezan AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE

11.- bríndech'o AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE; bríndech'e ó BB

12.- y-o AS, VG, D, AC, DO, GL, F, DE; e o BB // ch'escond'a AS, VG, D, AC, DO, GL, F; ch'esconda a DE

13.- Todol-os AS, VG, D, DO, GL, DE

Os vv. 12-24 faltan en AC e F.

Para o plural *cas* vid. nota a M 3.115.

14.- faigan-as VG, D, DO; faiga-nas DE

Para a forma dialectal *faigan* vid. nota a M 3.75; para a alveolaridade do /n/ vid. nota a M 7.16 e 9.10.

15.- e de ver á sua sombra DO

16.- se vanaglorien os AS; s'ensoberbezan-os VG, D, DO; s'ensoberbezan os GL, DE

17.- Xesús BB

18.- d'a AS, VG, D, DO, GL, DE

19.- d'o Padre Eterno AS, DE; d'o Padr'Eterno VG, D, DO, GL

A palabra *padre* é un arcaísmo empregado hoxe como fórmula de respecto (78) para se dirixir ao proxenitor, para designar a unha persoa con ordes relixiosas ou para referirse a Deus, como neste caso e en E 96.6 (*Dios Padre*); en E 81.0 e 81.9 tamén aparece a fórmula *Pai do ceio*.

20.- y-o AS, VG, D, DO, GL, DE; e o BB

21.- como a BB

22.- d'os AS, VG, D, DO, GL, DE

23.- seño VG, D, DO, GL

Fateliño, peza de roupa para vestir, "lleva aparejada la significación de humildad y de modestia en quien lo emplea", segundo afirma Eladio Rodríguez.

24.- t'eu AS, VG, D, DO, GL, DE // n-o GL // ceyo AS, D, DO, GL, DE

29

Selvosos lugares...

Asaz selvosos lugares,
 ¡cautivade os meus amores!,
 provocade os meus cantares.

5 Com'a vosoutros... quezais
 lles quero ós meus anxeliños;
 ¡pero non lles quero máis!

Métrica

2 tercercillas, 8 (a-a).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 201, 12.10.1909; MT, 147; D, 87; DO, 22; DE, 130; BB, 91.

Variantes e comentarios

Júlio de Lemos, ao se referir a estes versos, afirma: "Ama a vida campesina, como Lamas Carvajal, as selvas, os tristes ermos da sua terra, aos quais quer tanto como a seus fillos" (cfr. III 3).

0.- En MD e MT non leva título.

1.- O adverbio *asaz*, "de carácter culto e arcaizante, equivalente no significado a *bastante* ou *moi*" (79), está desaparecendo dos dicionarios e gramáticas modernos (80); só pode acompañar aos adxectivos, como neste caso.

4.- Como a BB

Para o pronome *vosoutros* vid. nota a M 15.3; en E volve aparecer en 64.18 e 64.73 (*pra vasoutros*), 64.32 (*entre vosoutros*); en 90.6 *con nosoutros*; non hai casos de *nós* ou *vós* como suxeitos ou complementos preposicionais.

Frente á forma *quezais* do adverbio de dúbida neste verso, achamos *quizais* en E 59.26 e 64.9; *quizá* en E 20.2, 77.10 e 77.12; e en E 92.7 *quizábe-lo hai*; vid. tamén *cicais* como variante en E 59.26.

5.- *quer'ós* MD, MT; *quer'ós* D, DO, DE

Para *anxeliños* vid. nota a E 28.7.

Festa no monte

Haxa no monte festa
 e, da súa honra avaro,
 ¡reluza o sol i esmeche!,
 i á sombra eu dun carballo,
 5 dichoso note como enrosa o viño
 o dengue albo de Flora, e o mantés albo.

Métrica

Composición formada por 4 heptasílabos e 2 hendecasílabos finais, con rima de romance (-a-a-A) en a-o.

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 187, 8.7.1909; MT, 143; *El Progreso*, Lugo, 15.10.1941; DE, 131; BB, 92.

Variantes e comentarios

A descrición da vida na montaña e das alegrías dos labregos emparenta este poema con E 9 e 19; os tres pertenceron previamente a *Montañesas*, con cuxa liña temática sintonizan.

0.- En MD e MT non leva título.

1.- n-o MD

2.- d'a MD, MT, EP, DE // honr'avaró MD, MT

3.- y-esmeche MD, MT, EP, DE; e esmeche BB

Esmeche significa aquí "queime (o sol) na cabeza, abrase".

4.- y-a MD, MT; y-â EP, DE; e á BB // d'un MD, MT, EP, DE

5.- A voz castelá *dichoso* tamén aparece en M 17.26.

6.- O *dengue*, como prenda tradicional de muller galega, despertaba grande simpatía no poeta e a súa progresiva desaparición causáballe pesar: cfr. M 1, vv. 1-5 (...e non vin unha monteira / nin un dengue colorado) ou E 57, vv. 3-4 («¿Tes un dengue colorado? / Non podes ter millor cousa...»).

O coñecemento e o gosto polo latín do poeta lévaa a se afastar, en ocasións, da lingua popular, mesmo na súa primeira etapa, antes de emprender unha vía de maior depuración lingüística e estilística, como acontece neste caso co adxectivo *albo*, usado tamén noutras ocasións en E: 17.9 (*ós seixos albos*), 21.13 (*alba ermidiña*), 28.21 (*tan albo com'a neve*), 33.31 (*de albo porte*), 65.10 (*a alba frente*), 70.10 (*albas froliñas*).

Se en M os nomes de muller, non referidos a persoas coñecidas, eran *Sabela* en 3.53, *Rosenda* en 10.1, *Carminha* en 10.2 e *Josefa* en 11.6, en E, ademais de Flora neste verso, temos *Rosa* en 4.36, *Madanela* en 11.1 e *Tresa* en 84.9.

A forma do singular *mantés* por 'mantel' só se pode explicar a partir do plural centro-occidental *mantés*, que xerou posteriormente a forma *manteses*, igual que sucedeu con *reis / reises*, *leis / leises*; de *manteses* derivaría un singular analóxico *mantés*. García de Diego sinala *mantees* como forma plural do galego antigo e comentando o plural *leis*, di: "Nótese los dobles plurales *reises*, *leises*, *manteses*; sobre ellos algún falso singular, como *reise*" (81).

3 1

Toda humilde beleza...

(Pra Don Purificación de Cora Sabater,
Direutor de El Progreso)

Vago xirón de brétema, atavío
soberbio de irta xesta, reidora,

Métrica

Soneto, 11 (ABAB ABAB CCD EED).

Edicións anteriores

Céltiga, Buenos Aires, nº 23, 10.12.1925; DO, 11; DE, 132; *La Noche*, Santiago de Compostela, 2.5.1946; FDR, 22-23; CC, 58; RAG, 44; HNV, 3; AI, 28; FFR, 229; BB, 93; MPS, 119; GEG, 119; FR, 109.

Este poema foi recitado por Carballo Calero nunha conferencia na Universidade de Santiago en 1930, publicada, xunto co soneto, en *Nós*, Ourense, nº 87, 15.3.1931. Tamén está traducido ao español en DP, 115; a mesma tradución figura en CC, ao lado do texto galego (82). En CE figura «D'Academia de Ciencias de Portugal» debaixo do nome do autor.

Variantes e comentarios

Deixando de lado E 2 pola súa referencia a Lugo e a exaltación da tradición no vestir, este é o poema que inicia en E a serie de sonetos elaborados moi de vagar na etapa de Trasalba e Abadín, onde o poeta, en estreito contacto cos líricos portugueses, vai conseguir unha grande depuración estética e mesmo lingüística pola vía do lirismo da natureza. Este soneto é emblemático da súa estética do humilde e da ética franciscana.

0.- beleza FR

En CE leva a dedicatoria «Para la Exma. Sta. Aline Vale Rodriguez» (83). O cuarto apartado dos *Romances galegos* de E. Blanco Amor leva por título "Toda humilde beleza", aínda que dedicado a Amado Carballo (84); saído do prelo en 1928, é posterior ao soneto de Noriega, que fora publicado en 1925 precisamente en *Céltiga* de Buenos Aires, que Blanco Amor dirixía. A dedicatoria de DE figura repetida en RAG e BB.

Purificación de Cora Sabater, ademais de director, era propietario de *El Progreso* de Lugo, tendo a Francisco Leal Insua, íntimo amigo de Noriega, como redactor xefe durante os últimos anos de vida do poeta, cando a súa colaboración neste xornal foi máis intensa; nel fíxose unha campaña a favor da homenaxe que se celebraría en 1946 e deuse cumprida información sobre a edición definitiva da súa obra (vid. 1. 2.1.4).

2.- d'hirta CE; de hirta DO, DE, LN, FDR, RAG, HNV, AI, FFR, BB, GEG

Nos vv. 1-2 en CE *atavío... xesta* vai entre parénteses e sen coma no 1º verso.

fulgurante doña de rocío
(pazo do sol e lágrima da aurora);

5 raiola de lunar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora.

É un vermiño de luz o amigo caro
10 do meu nume saudoso... Antes reparo
na nudez adorable dunha estrela

que nas rosas dos vales, que sorríen,

3.- Adxectivos de procedencia culta, como *fulgurante*, marcan a nova estética consagrada nos sonetos (vid. tamén en 38.4 *xoiñas fulgurantes*); as pingas de orballo ou de rocío que brillan sobre as plantas cos raios de sol da mañá constitúen un tópico nos sonetos: vid. tamén 34.13-14 (*Gota de orballo / tremelucindo*), 61.3 (*cada doa que fulxe en cada espiña*), 65.6 (*tremelucen doñas de rocío*), 71.13 (*ó enlevo das doñas relucentes*).

4.- d'o CE, DO, DE, RAG; d'aurora CE, DO, DE, RAG

A metáfora da pinga de rocío ou orballo como *lágrima da aurora* é tamén recorrente nos sonetos: vid. 38.3 (*porque gusta das lágrimas da aurora*), 56.7 (*i en maus do sol é cada lagrimiña / derramada...*), 56.9 (*lagrimiñas preciosas...*), 69.4 (*coas lágrimas da aurora i a sorriso*), 71.6 (*debullándose en bágoas*), 83.11 (*debullándose en bágoas, veute a ialba*), 77.4 (*...é un irmauciño / das lágrimas, da brétema e do orballo*) 78.4 (*i ela agradece as lágrimas que acepta*).

5.- rayóla CE, DO, DE, LN, RAG // luar LN // bic'o CE

A luz da lúa ten unha forte presenza na obra, fundamentalmente nos sonetos; coa denominación de *lunar*, ademais deste caso, temos: 12.4 (*e das noites de lunar*), 87.1 (*Fai un lunar coma día*), 88.7 (*que en noites de lunar das Coruxeiras*), 90.4 (*Queira o lunar facernos compañía*); como *luar* aparece en 73.7 (*Bebe, luar piadoso*), 86.9 (*Nos brazos do luar esmaecida*), 99.6 (*do luar á lus*). Vid. tamén nota a E 24.8.

6.- qu'entr'espiñas CE // qu'entre DO, DE, RAG

7.- d'as redes d'araña CE, DO, DE, RAG // de araña LN

8.- beleza LN, FR // m'enamora CE

Este verso, que ocupa unha posición central no poema e que é o núcleo sintáctico dos dous serventesios, constitúe tamén a síntese da estética do humilde e do franciscanismo poético do autor.

10.- d'o CE, DO, DE, RAG

X. L. Méndez Ferrín exemplifica con *saudoso* e *acordar* para falar do "seu lusismo xeralizado" (85), opinión que non podemos compartir en ningunha das súas vertentes, pois nin *saudoso* e *acordar* nos parecen lusismos nin estes son de ningunha maneira xeralizados, se é que realmente os hai (vid. I.3.2). O adxectivo *saudoso* xa o emprega Noriega en 1899 (vid. II. 5.1), cando aínda non se lle coñece influencia da literatura portuguesa, nun texto esaxeradamente "enxebre" (*mandoume unha manada de versíños saudosos pra que llos acaloumiñe*).

11.- d'unha CE, DO, DE, RAG; de unha LN

Carballo Calero, citando este verso, opina: "Hai versos que semellan arrincados a poemas de Guerra Junqueiro, Eugénio de Castro ou o saudoso Teixeira" (86).

12.- d'os CE, DO, DE, RAG

que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela.

13.- d'os CE, DO, DE, RAG

14.- d'o CE, DO, DE, RAG

Para *blondas* vid. nota a E 15.1.

O paralelismo, a anáfora e a similitudencia, como se pode observar nos vv. 12-14, son artificios moi usados nos sonetos; vid. nota a E 2.8.

3 2

Nus farrapos...

Métrica

6 pareados, 11 (AA) (87).

Edicións anteriores

Revista Gallega, Coruña, nº 44, 12.1.1896 e nº 373, 11.5.1902; EC, 119-120; MO, 61; MT, 35; ECA, 413; *Mondariz*, Madrid, nº 6, 20.11.1915; *El Noroeste*, Coruña, 5.11.1918; D, 17; CR, 53; *Terra*, Bos Aires, nº 1, 25.6.1923; *A Terra*, Córdoba (Argentina), nº 50, junio de 1924; *Céltiga*, Buenos Aires, nº 31, 10.4.1926; DO, 13; *O Gaitero de Lugo*, 1935; DE, 133-134; *O Gaitero de Lugo*, 1956; XAM, 204; *La Voz de Galicia*, Coruña, 18.5.1969; BB, 94.

En RG96 e RG02 leva a indicación «Mondoñedo»; en EC, ECA, MON e LVG «Mondoñedo, 1896»; en XAM «1904». En *A Terra Minhota*, Monção, 8.4.1929, figura unha versión en portugués (88). En CE está en español coa indicación «Traducción del autor» e o título "Uno de tantos"; en DE, p. 134, tamén está no mesmo idioma, coa indicación «Traducida al español por Walter Jackson» (89); por se achar na edición definitiva, reproducímolaa da mesma:

En harapos...

En harapos envuelto, ¡cruel Destino!,
encontróle una vieja en el camino;
de niño vivió en las sierras retirado
con un perro cuidando del ganado;
ya mozo, fué a la guerra: frente a frente
combatió al adversario heroicamente.
Sin honores ni cruces fué enterrado;
de un balazo murió, ¡pobre soldado!

.....
.....
La vieja que lo halló, se ve tullida:
¡nadie más lo recuerda en esta vida!

Variantes e comentarios

Leopoldo Pedreira opina deste poema: "En cambio los versos que comienzan *N'us farrapos envolto, ¡meu nenño!* son dignos de ser aprendidos de memoria: tienen una fuerza comparable a la que brilla en los escritos de Máximo Gorki: son vibrantes, profundos, producen honda emoción estética" (90).

Otero Pedrayo afirma: "Nun esceario de serra, pastor, co can «gardando» o armentío faise o rapas, logo soldado, esquecido e morto, sin outra memoria e agasallo do que a vella, xa tolleita, que o crióu. Iste poema, moi lido en galego e en versións castelás, é un dos máis soados de Noriega. Temos enxergado bágoas, leendoo en ollos de persoas estranas a Galiza. Ten a sobriedade e a forza do destiño do primeiro lirismo grego" (91).

Carballo Calero defíneo concisamente: "A vida de un espósito. Cinxido dramatismo" (92).

A mesma liña argumental deste poema pódese ver en PNR 10, sen dúbida composto a partir del, do que vén sendo unha versión ampliada.

- Nus farrapos envolto, ¡meu neníño!,
 unha vella topouno nun camiño;
 rapaz, morou nas fragas recadado,
 en compañía dun can, gardando o gado;
 5 mozo, picou prá guerra, frente a frente
 da morte non tremeu, era valente:
 bateuse co enemigo de tal xeito
 que loitou, ¡moitas veces!, peito a peito.
 Sin cruces nin galós, no chau tirado,
 10 dun balazo morreu, ¡probe soldado!

.....

 A vella que o criou está tullida:

0.- Un de tantos RG96, EC, ECA, MON, EN, CR, AT, GL56, LVG; N-us farrapos D, DO, GL35, DE; N-us farrapos envolto T

En RG02, MO e MT non leva título; en D leva a seguinte dedicatoria: «Pra Antonio Losada Diéguez» (93); en DE figura (Bilingue) debaixo do título.

1.- N-us farrapos envolto, ¡coitadiño! RG96, RG02, EC, ECA, MON, EN, CR, AT, GL56, LVG // N'us MO, MT; N-us D, T, DO, GL35, DE

2.- Un ha RG02 // n-un RG96, RG02, EC, ECA, MON, EN, D, CR, T, AT, DO, GL35, DE, GL56, LVG; n'un MO, MT

3.- neno viveu n-as fragas recadado RG96, RG02, EC, ECA, MON, EN, CR, AT, GL56, LVG // n'as MO, MT, D, DO, DE

4.- d'un can, gardand'o RG96, RG02, EC, MO, MT, ECA, MON, EN, D, CR, AT, DO, GL35, DE, GL56, LVG

5.- rapaz marchou á guerra: frent'a frente RG96, RG02, EC, ECA, MON, CR, AT, GL56; rapaz marchou á guerra: frent'a á frente LVG // pr'a guerra, frent'a frente MO, MT; pra guerra, frent'a frente D, DO; pr'a guerra, frente a frente D E

Este verso falta en EN.

Tanto *нено* e *rapaz* nunhas versións, como *rapaz* e *mozo* noutras (vv. 3 e 5 respectivamente) van seguidos de coma, pois equivalen a un ablativo absoluto latino, como se viu noutros casos; as escollas de DE son máis axustadas á realidade.

6.- d'a RG96, RG02, MO, MT, D, DO, GL35, DE // que era valente RG96, RG02, EC, ECA, MON, EN, CR, AT, GL56, LVG

7.- c'o RG96, RG02, EC, MT, ECA, MON, EN, D, AT, DO, GL35, DE, LVG; c-o MO, T // bateuse é o enemigo C R

8.- peit'a peito MO, MT

Para o ditongo *oi* de *loitou* e *moitas* vid. nota a M 6.7.

9.- no chan deitado RG96, RG02, EC, ECA, MON, EN, AT, GL56, LVG; no chau deitado C R

Para o plural *galós* vid. nota a M 3.115 e para *chau* vid. nota a M 11.34

10.- entr'os corvos morreu MO, MT, D, T, DO, GL35 // d'un RG96, RG02, EC, ECA, MON, EN, CR, AT, DE, GL56, LVG // pobre EC, ECA, MON, EN, CR, AT, GL56

Obsérvese que nas edicións claramente controladas polo autor mantén sempre o vulgarismo *probe*; vid. nota a M 2.34 e E 24.1.

11.- qu'o criou RG02 // tollida RG96, RG02, EC, ECA, MON, EN, CR, AT, GL56, LVG

En XAM (p. 266) hai unha nota sobre *tullida* que di: "A tiranía da rima forzou o castelanismo 'tullida' (tolleita)".

¡naide máis o recorda nesta vida!

12.- Ninguén EC, ECA, MON, EN, CR, AT, GL56, LVG // n'esta RG96, MO, MT; n-
esta RG02, EC, ECA, MON, EN, D, CR, T, AT, DO, GL35, DE, GL56, LVG

Para *naide* / *ninguén* vid. nota a M 3.77; as edicións con maior control do autor
usan a forma *naide*.

33

¡Bendito sea Dios!...

¡Bendito sea Dios, que de meniño
 alma e corazonciño
 me deu, en troque do que o mundo estima!
 máis me atraí un rosál que un principado,
 5 oio ó merlo, encantado,
 i a funérea coruxa ponme grima.

Como rapaz discurro, e no me pesa:
 xurara que me intresa
 máis un verme de luz que un diamante,
 10 i abertamente creo, por fortuna,
 que, pra alcanzar a luna,

Métrica

6 estrofas de sexta rima, 11 e 7 (AaBCcB) (94).

Edicións anteriores

A Nosa Terra, A Cruña, nº 19, 20.5.1917; D, 27-28; DO, 69-70; DE, 135-136; BB, 95-96.

Variantes e comentarios

Nesta composición o poeta canta a vida sinxela e humilde, coa lembranza saudosa da infancia, e rexeita as glorias mundanas; este tema do *contemptus mundi* tamén está presente en E 60, 80 e 81.

0.- Sinxeleza ANT

En DE leva como dedicatoria «A Luis Pérez Carballa» (95).

1.- Deus ANT

A variante *Deus* ten que ser debida aos editores, pois o autor xamais a emprega; vid. nota a M 3.159.

3.- d'o ANT, D, DO, DE

4.- m'atraí ANT, D, DO, DE // unha frol que ANT

5.- soyo o merlo encantado ANT // oy'ô D, DO, DE

6.- y-a ANT, D, DO, DE; e a BB

7.- e me non pesa ANT

A variante *me non* é pouco usada polo autor (cfr. E 48.12: *me non gabe*); o normal é a asimilación *no me*: vid. nota a M 2.12.

8.- m'intresa ANT, D, DO, DE

9.- Para verme de luz vid. nota a E 18.4.

10.- y-abertamente ANT, D, DO, DE // por fertua ANT

Tamén en E 79.11 temos o vulgarismo *fertua*; nunca utiliza a forma *fortuna*, mesmo como adxectivo aparece *afertunados*: vid. nota a M 17.13. A variante de ANT neste verso semella un cambio esixido pola alteración de *luna* en *lúa* no verso seguinte.

11.- que pr'abranguer a lua // pr'alcanzar D, DO, DE

- nin siquiera é preciso ser xigante.
- ¿Que son tódolos cetros? ¡Refugallo!
 Máis me deslumbra o orballo,
 15 que transforma un toxal en xoiería,
 provista de atavíos singulares:
 de cofias e collares,
 guarnecidos de rica pedrería.
- O que eu poseio non admite tasa:
 20 é da aluguer a casa
 con que me agasallou miña ventura,
 i hai pra solta-la risa, si non canto,
 xa que no campo santo
 inda teño outro feudo: a sepultura.
- 25 Tanta grandeza si demanda un trono...;
 ¡olímpico o abandono!,
 i ond'os nenos me quero pra aplaudilos,
 para evocar, entre eles, meigas horas
 en que ensartei amoras
 30 e, radiante de gozo, fun ós grilos.

Para a alternancia *luna / lúa* e a súa importancia na obra vid. nota a E 24.8.

13.- *todol-os* ANT, D, DE; *todo-los* DO

A voz *refugallo*, derivada de *refugo* e mais o sufixo despectivo *-allo*, igual que *maricallo*, *ciscallo*, *maroutallo*, *espantallo...* (96), tamén vén recollida no dicionario de Leiras como sinónimo de *reboutallo*, e traducidas por "caspicias".

14.- *desluma* ANT

É preciso realizar a sinalefa coas tres vocais para que o verso conte como heptasílabo.

15.- *xoyería* ANT, D, DO, DE

16.- *d'atavíos* ANT, D, DO, DE

Vid. este mesmo motivo, a transformación das pingas de orballo en xoias en E 36 e 56; pódese observar certo sabor modernista nestas composicións.

19.- *O qu'eu poseio n'ademite tasa* ANT // *qu'eu poseyo* D, DO, DE

20.- *d'aluguer* ANT, D, DO, DE

21.- *m'agasallou* ANT, D, DO, DE

Para a ausencia do determinante en *miña ventura* vid. nota a E 2.2.

22.- *y-hay pra soltal-a risa* ANT, D, DO, DE // *e hai* B B

23.- *camposanto* ANT

24.- *teñ'outro* ANT, D, DO, DE

26.- *olympico* D, DO, DE

Para o uso da grafía *y* vid. nota a E 13.10.

27.- *y-ond'os menos* ANT // *y-ond'os* ANT, D, DO, DE; *e onda os* BB // *pr'aplaudilos* ANT, D, DO, DE

Para *ond'os* vid. nota a M 3.13.

28.- *entr'eles* ANT, D, DO, DE

29.- *qu'ensartei* ANT, D, DO, DE; *que ensarrei* B B

A Infancia -unha fadiña de albo porte-,
 frente a frente da Morte,
 salta con regocixo, inadvertida,
 e, si xa súa meiguice non é o ceio,
 35 preto dela non creio
 que sexa un mar de lágrimas a vida.

31.- d'albo ANT, D, DO, DE

32.- fito a fito d'a Morte ANT // frent'a frente d'a Morte D, DO, DE

33.- chouta con regocixo, inadvertida ANT // inadvertida D, DO

O vulgarismo *inavertida* resulta un pouco estraño, despois de non aparecer nas edicións anteriores; podería deberse a un erro tipográfico.

34.- ceio ANT, D, DO, DE; creio BB

Débese facer sinérese en *súa* para que o verso conte como hendecasílabo. .

35.- d'ela non creio ANT, D, DO, DE

36.- que seña un mar de bágoas a vida ANT

34

Canción humilde

(De Teixeira de Pascoaes)

¡Brisa de abril,
toda perfume,
etéreo Nume

Métrica

6 estrofas de catro versos, 5 (-aa-) (97).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 122, 15.3.1919; *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 108, 15.12.1919; D, 99-100; DO, 14-15; DE, 137-138; AI, 21; BB, 97-98; FR, 98-99.

Variantes e comentarios

Trátase dunha simple adaptación ao galego do seguinte poema de Teixeira de Pascoaes:

Canção humilde	
Brisa de abril toda perfume, etéreo Nume contigo vae!	Gota de orvalho tremeluzindo, tens o sol rindo dentro de ti!
Pedrinha humilde no chão perdida, do sol ferida és uma estrela.	Humildes cousas que ninguem olha: raminho ou folha ou grão de areia,
Negra ramagem o ceu tocando, vae-se pintando de azul celeste.	tendes o encanto mais que divino que o Deus Menino achou na Terra... (98).

0.- *Cantiga humilde* ANT, AI; estas son tamén as dúas únicas edicións onde non figura a indicación do autor portugués.

Teixeira de Pascoaes (Amarante, 1877-1952) estudou Dereito na Universidade de Coimbra e logo dedicouse ao exercicio da profesión de avogado na súa terra natal e no Porto. Colaborou activamente na revista *A Águia* da «Renascença Portuguesa», onde expuxo a súa teoría do «Saudosismo», que pretendía orientar a mentalidade portuguesa para o seu verdadeiro sentido histórico, por riba das paixóns políticas. Acabou por recollerse en Amarante, onde viviu dedicado á literatura. Moi admirado por Noriega, estableceuse entre eles unha relación de amizade reflectida na fecunda correspondencia que mantiveron na década dos vinte (vid. III. 6).

1.- d'abril VG, ANT, D, DO, DE,

contigo vai!

5 Pedriña humilde
no chau perdida,
do sol ferida
es unha estrela.

10 Negra ramaxe
ó ceo tocando,
vaise pintando
de azul celeste.

15 ¡Gota de orballo
tremelucindo,
te-lo sol rindo
drento de ti!

20 Humildes cousas
que ninguén olla:
ramiño ou folla
ou grau de areia.

Téde-lo encanto,
máis que divino,

6.- n'o chan VG, ANT; no chan AI; n-o chau D, DO, DE

7.- d'o VG, ANT, D, DO, DE,

10.- o ceo ANT, AI; ô ceo D, DO, DE

Hai que facer sinérese en *ceo* para que o verso conte como pentasílabo.

12.- d'azul VG, ANT, D, DO, DE

13.- d'orballo VG, ANT, D, DO, DE

15.- tel-o VG, ANT, D, DO, DE; télo AI; telo BB

16.- dentro ANT, AI, BB, FR

O autor traduce *dentro* no orixinal por *drento*; as edicións en que figura *dentro* alteran a escolla do poeta; para outros casos vid. nota a M 10.21.

Os vv. 13-16 foron repetidas veces citados por Noriega como os seus preferidos, como cando lle escribe ao propio Teixeira reproducíndoos: "De mi sé decirle que daría, honrado y complacidísimo, toda mi humildísima labor literaria por estos cuatro rengloncitos de su estro peregrino" (vid. III.6.1.4). Tamén cando lle preguntan por algunha estrofa que o deixase admirado esteticamente, responde con esta (vid. III.5.3).

19.- ramiñ'ou D, DO, DE

20.- ou gran d'areya VG, ANT; ou gran de areia AI // d'areya D, DO, DE; de area FR

21.- Tédel-o VG, ANT, D, DO, DE; Tédelo AI, BB

22.- diviño ANT, AI

Con esta variante a estrofa mantiña a rima consoante que caracteriza as demais e que trocou en asoante; é significativo que o poeta prefira romper a rima, antes que

que o Dios Meniño
achou na terra...

facen experimentos coa lingua e afastarse do seu modelo, lonxe dos pseudogaleguismos que pola época se empregaban, e que el combateu.

23.- Dios-Meniño VG, ANT, AI; Dios Neniño DO

Correspondendo co uso desta palabra ao longo de toda a súa obra, o autor traduce *Deus* por *Dios* (vid. nota a M 3.159 e E 33.1); este caso e outros da presente tradución, como *drento*, contribúen a desbotar a idea do lusismo xeneralizado en Noriega, do que fala Méndez Ferrín (vid. nota a E 31.10).

24.- n'a VG, ANT; n-a D, DO, DE

35

Sabén as ilusiós miñas...

Sabén as ilusiós miñas
dun carreiriño brañego
entre orballadas espiñas.

5 Despértamo a lus febea,
i a través dos piñeirales
de vagariño serpea.

Ó pé dun Cristo se enrosca,

Métrica

5 tercerillas, 8 (a-a).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 100, 25.1.1918; D, 43-44; CR, 388; DO, 45-46; DE, 139; FDR, 23-24; SMR; AI, 30; FFR, 232; BB, 99; FR, 100.

En VG leva a indicación de «Trasalba».

Variantes e comentarios

Otero Pedrayo afirma: "O espírito da pelerinaxe, do «homo viator» loce, tratado con nidia arte, nas cinco estrofas de «Sabén as ilusiós miñas», adicado a Vicente Risco. Poidera ser o símbolo do «cursus» de todo poeta. Os tempos dun camiñar fanse música e os termos doces como o cantar do rigueiro e os aspros do vento da serra levan a todo leente a viva lembranza do seu íntimo camiñar..." (99).

0.- Sabe-nas ilusiós miñas... VG

En D leva como dedicatoria «Pra Vicente Risco» (100).

1.- Sabe-nas VG

En FDR e FFR, supomos que por erro involuntario, figura como v. 1 o v. 13 ("Con moitos predios a bravo"), despois repetido no lugar correspondente.

2.- d'un VG, D, CR, DO, DE, SMR

3.- entr'orvalladas VG; entr'orballadas D, CR, DO, SMR

O propio poeta compara os versos desta primeira estrofa con outro de Francis Jammes, "Amigo de los más espinosos senderos" (vid. III.6.1.44).

4.- Despértame FR

Para o seseo implosivo (*lus*) vid. nota a M 3.12.

Otero Pedrayo afirma ao se referir a este poema: "Soio o lixa un epíteto, «febea» engadido a lus da mañá. Un valeiro eco de humanista aínda pexado en estreiteces verbales por Noriega «ab initio» esquencidas" (101).

5.- y-a través d'os VG, D, DO, DE, SMR; y-a través dos CR; e a través dos BB, FR

Para o plural *piñeirales* vid. nota a M 5.52 .

6.- de vagariño VG, D, CR, DO, DE, FDR, SMR, AI, FFR, BB, FR

7.- Ao pé FFR // d'un Cristo s'enrosca VG, D, CR, DO, DE, SMR

donde a queiroguenta serra
é máis ourizada e fosca.

- 10 E por un ermo *se* estende,
que dun sabugo *se* ufana
i a rosmaniño recende.

.....
.....

- Con moitos predios a bravo,
meu pazo ideal vos brindo
15 do carreiriño no cabo.

8.- *dond'a* VG, D, CR, DO, DE, SMR; *dende a* FR

9.- *e máis* FR

10.- *s'estende* VG; *s'estende* D, CR, DO, DE, SMR; *se estende* BB, FR

11.- *d'un sabugo s'ufana* VG, D, CR, DO, DE, SMR // *de ufana* AI

Para outras denominacións de *sabugo* (*sabugueiro*, *bieiteiro*) vid. nota a M 23.104; téñase en conta que este poema corresponde a etapa de Trasalba.

12.- *y-a* VG, D, CR, DO, DE, SMR; e a BB, FR

Orosmaniño, planta pequena de flores encarnadas ou violáceas, moi recendente, tamén se denomina *rosmaniño*, máis acorde coa súa etimoloxía (lat. ROSMARINU); é coñecida xeralmente como *romeu*.

14.- O motivo do *pazo* pon en relación este poema co seguinte, así como cos vv. 13-18 de E 33.

15.- *d'o* VG, D, CR, DO, DE, SMR

36

¡Soberbio pazo!

Miña musa -plebeia carpazona-
 en presenza daquel soberbio pazo,
 lamentou non ser reina, ¡a inocentíña!,
 pra intimar coa esperanza de habitalo.

- 5 I o alcázar de cristal alucinante
 era, ¡triste de min!, gota de orballo,
 que o sol evaporou desaprensivo

Métrica

Romance heroico, 11 (-A-A) con rima en a-o (102).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 118, 10.12.1918; *Acción Social*, Mondoñedo, nº 7, 1.2.1919; D, 75; DO, 20; DE, 140; BB, 100.

En AS leva como indicación «Trasalba (Orense)».

Variantes e comentarios

Carballo Calero parte de Aquilino Iglesia Alvariño (103), que sinalara a relación deste poema con outro de Antón Nobre ("Na praia lá") e de Guerra Junqueiro ("A lágrima") para afirmar que "as semellanzas non son moitas. Ao 'Soberbio pazo' de Noriega corresponde o 'alto castello', de Nobre. A 'o alcázar... era... gota de orballo, que o sol evaporou' habería que apañar 'um vento seco de deserto e spleen deitou por terra... o meu condado'. Máis nada. No poema de Guerra Junqueiro, a lágrima cristalina da aurora -unha gota de orballo- cae sobre un cardo" (104).

Tamén Otero Pedrayo acha relación con este último: "Non fallan, houbera sido inhumán chatalo por elo, reflexos portugueses, ben poucos, en Noriega: A 'lágrima', de Guerra Junqueiro no '¡Soberbio pazo!', a pinga do orballo do vate mindoniense" (105).

0.- En AS non leva título; en VG tampouco, mais figura a continuación de E 24 baixo o título común de "Poemas mínimos"; en D leva como dedicatoria «A Eduardo Neira Mármol».

1.- plebeya VG, AS, D, DO, DE

2.- d'aquel VG, AS, D, DO, DE; de aquel BB

3.- reyna D, DO, DE

A respecto da grafía de *reyna* escribe Aquilino Iglesia Alvariño: "Su esteticismo literario llega a límites insospechados, como el de escribir conscientemente *reyna* en vez de *reina* y *lyra* en vez de *lira*" (106); vid. tamén *crystal* en v. 5 e nota a E 13.10.

4.- co-a VG, AS; c'o-a D, DO, DE // d'habitalo VG, AS, D, DO, DE

5.- Y-o VG, AS, D, DO, DE; E o BB // crystal VG, D, DO, DE

6.- d'orvallo VG, AS; d'orballo D, DO, DE

37

O sol i o mar...

O sol i o mar á montaña

Métrica

Cuarteta asonantada, 8 (-a-a) (107).

Edicións anteriores

MO, 87; *El Eco de Villalba*, nº 43, 1.12.1909; MT, 61; D, 29; CR, 389; DO, 8; DE, 141; Ms, 8.4.1946; *O Gaiteiro de Lugo*, 1948; SMR; ECH; BB, 101.

Estes versos tamén figuran na portada de DO e na acta da sesión de ingreso do poeta no Instituto Histórico do Minho (vid. III.3).

Variantes e comentarios

A pesar do seu sabor popular, Fermín Bouza Brey non a cita entre aquelas de *D'o Ermo* que son de procedencia popular (108); tampouco achamos ningunha semellante nos cancioneros consultados. Non obstante, nun poema que lle dedica o crego Celestino Cabarcos (vid. III.8.19) figuran uns versos similares á cabeza do mesmo, versos que moi ben poden estar inspirados na propia composición de Noriega; son estes:

O sol e o mar á Montaña
moi mal lle pôden querer:
que o sol escôndelle a câra
e o mar aránalle os pês.

O propio Noriega considéraos da súa plena autoría cando escribe: "En la lápida de un nicho del campo santo de Mondoñedo había, cuando yo era niño este epitafio:

Mi hermosa niña murió,
voló al Cielo su alma bella:
no pudo ganar más ella,
ni pude perder más yo.

Bien me acordé de él cuando, ponderando a la montaña, compuse..." (segue este poema) (vid. III.6.1.46).

Suárez Picallo cita estes versos despois de afirmar: "Es entonces la montaña la reina de nuestro paisaje, tal como la presenta su máximo poeta, recibiendo la pleitesía del mar y del sol" (109).

Júlio de Lemos tamén afirma citando estes versos: "As poesias 'D'o Ermo' acusam a extasiada adoración da montanha azul e fragosa, que Varela cré homenageada pelo Sol e pelo Mar" (vid. III.3).

Chao Espina di: "Aunque la musa de Noriega es 'queiroguenta', queremos consignar que no faltan en su producción poética versos pregoneros de sus entusiasmos por el mar. He aquí, como hermana el sol y la montaña en esta airosa estrofilla..." (110).

0.- O sol y-o mar... D, CR, DO, DE, SMR; O sol e o mar BB

En MO, EV, MT, Ms e ECH non leva título; en GL vai seguido de 1ª parte de E 52 e dos tres primeiros versos de E 4, co título común de "Cantigas". En D leva, como dedicatoria «A Benito Osorio».

1.- y-o MO, EV, MT, D, CR, DO, DE, Ms, GL, SMR; y o ECH; e o BB

¡muito lle poden querer!;
 coróalle o sol a testa
 e bícalle o mar os pés.

Montaña figura con maiúscula en MO e EV.

2.- *moito* MO, EV, MT, D, CR, DO, Ms, GL, SMR

A forma *muito* é minoritaria en Noriega, como se pode apreciar nas variantes; en E temos *moito(s)*, *moita(s)* en 9.33, 12.43, 14.6, 32.8, 35.13, 45.6, 47.16, 85.2, 89.7, e *mui* en 9.22 e 44.94. Vid. nota a M 6.7.

3.- *coróall'o* MO, EV, MT, D, CR, DO, GL, SMR

4.- *bicall'o* MO, EV, MT, D, CR, DO, GL, SMR

38

Ora é unha abedoeira...

Métrica

Soneto, 11 (ABAB ABAB CCD EED).

Edicións anteriores

Céltiga, Buenos Aires, nº 62, 25.7.1927; PS, 40; AC, 133; *Vida Gallega*, Vigo, nº 386, 20.8.1928; DO, 53; APG, 75; *Finisterre*, Madrid, nº 27, abril 1946; DE, 142; BVJ, 364-365; JNL, 14; FDR, 24; RAG, 45; AI, 31; HNV, 3; *Faro de Vigo*, 17.5.1969; *La Voz de Galicia*, Coruña, 18.5.1969; RCC, 5; JMB, 137-138; FFR, 233; BB, 102; GEG, 120; FR, 110.

Escribía o poeta a 1.6.1927: "Parsimoniosamente voy acrecentando mi colección de sonetos: hoy le envío los tres últimos que compuse: *Primavera* y *Teu paniño encarnado*, ya publicados, y 'Ora é unha abedoeira...', inédito, y qe. me complacería en ver publicado en 'A Terra Minhota', después de sometérlo a su dictámen de superior excelencia" (vid. III.6.1.28). O editor da carta, Pedro da Silveira, engade: "O facto de o soneto 'Ora é unha abedoeira...' não vir n'A *Terra Minhota* e mais o de o seu manuscrito do punho de Noriega ter ficado na posse de João Verde sugeren que não tenha sido publicado em Portugal. Talvez viesse a sê-lo na Galiza, pois Noriega colaborou assiduamente nos jornais da sua pátria. Pelo sim, pelo não, acho melhor, já agora, dá-lo aqui. E valha isto, se não revela um inédito (duvido), como singela homenagem açoriana a um poeta que tanto amou a obra do nosso Antero de Quental. O soneto traz dedicatória em castelhano -"(Para el Señor Don Eduardo de Cea y Varela de Luaces)"- e a indicación final de escrito em Santa Maria Madalena da Granha. A data de feitura não deve ser muito anterior ao 1º de Junho de 1927 da carta com que foi enviado a João Verde" (111).

En CE leva a seguinte datación: «Sta. M^a Magdalena de la Graña (Abadín), 31-V-27»; en VG, xunto con outros dous poemas, ten a indicación final «Del libro *Antología de la lírica gallega*».

Variantes e comentarios

En FFR leva unha vota que di: "A lírica do poeta trema coa contemplación do albre isolado no ermo". En RCC pódese ler antes da reprodución do poema: "O el también muy divulgado en las antologías «Ora é unha abedoeira», una metamorfosis, tal vez reminiscencia del Ovidio escolar que Noriega frecuentaría en sus años de seminarista, y que en su gracia portuguesa, plateresca o barroca nos recuerda la Dafne del Bernini".

Fernández del Riego pon como exemplo este poema para dicir de Noriega Varela que "su poesía es, así, un caso asombroso de finura artística, y de ternura expresiva" (112).

Segundo nos conta José Nistal López (113), amigo do Noriega, a xénese do poema sitúase nos montes do concello de Abadín, onde exercía de mestre no ano 1927, data da súa composición, cando o poeta camiñaba distraído unha mañá cedo e, de pronto, se sentiu atraído por unha poderosa luz que proviña dun outeiro ermo; aproximándose a ela, descubriu que era unha pequena árbore solitaria, unha bidueira nova, que se mostraba radiante polos primeiros raios de sol que se proxectaban sobre ela; desta visión surxiu o poema.

0.- En CE e PS consta a dedicatoria a D. Eduardo de Cea y Varela de Luaces(114).

Trocouse en arboriño (foi noutrora),
i aparece nos ermos orballada,
porque gusta das lágrimas da aurora,
xoíñas fulgurantes...

A isolada

5 ora é unha abedoeira; mais xa fora
Nympha, talvez, ou Princesiña, ¡Fada!,
ou a Meiga máis linda e argalladora

1.- n'outrora CE, PS, AC, VG, DO, APG, F, DE, JNL, RAG, LVG, JMB; n-outrora BVJ
2.- y-aparece CE, PS, AC, VG, DO, APG, F, DE, BVJ, JNL, RAG, LVG, JMB; e aparece BB, FR

3.- d'as lágrimas d'aurora CE, PS, DO, DE, JNL, RAG, LVG; das lágrimas d'aurora AC, VG, APG, F, JMB

Para esta metáfora tópica na obra vid. nota a E 31.4.

4.- Para *fulgurantes* vid. nota a E 31.3.

A disposición tipográfica de *A isolada* convértese nun recurso expresivo que contribúe á harmonización de fondo e forma. En VG, FDR, JMB, FFR, GEG e FR márcase desacertadamente pausa ao final do verso, rompendo así o encabalgamento interestrófico e a sintaxe.

5.- Sobre a *abedoeira* di o propio poeta: "La *abedoeira*, qe. en español se llama abdúl, o abedúl, es una variedad de álamo branco, *árvore de vinte e trinta pés de altura, cuja casca branca se usa pa. tinjir de amarello roxo; sua madeira tem varias serventias* (en Galicia zocas e culheres). Es muy de las montañas de Lugo. Nadie lo cantó en nuestra tierra y en portugués no sé como se llama" (vid. III.6.1.28). Otero Pedrayo tamén constata a súa presenza nas terras de Lugo, ao nos relatar un percorrido pola Terra Cha, onde se encontrará con Noriega: "Pois tod'ó correr da estrada camiñamos levados pol-a invitazón das abedoeiras. Ben-Cho-Sey púxolle por nome *Betula fidelis*. Fieis á montana, ô luar, a Celtia, a nós os pelingrinos" (115). Manuel María tamén se lembra dela cando escribe: "A princesa Aldina cecáis sexa oxe aquela abidueira branca e esguía -como nos enseñou Noriega Varela- que se reflexa nas augas do regato do Cepelo, no meu Outeiro de Rei natal" (116).

A antítese *ora é / xa fora* serve para marcar o motivo central da composición, a *metamorfose*, tema da mitoloxía clásica tratado por Ovidio (*Metam.*, lib. I, fáb. X), onde a ninfa Dafne, perseguida por Apolo se transforma en loureiro; este, desconsolado, manterá coas súas bágoas a árbore verde e louzá. O mesmo tema foi recreado, por exemplo, por Garcilaso noutro soneto: *A Dafne ya los brazos le crecían / y en luengos ramos vueltos se mostraban...* (117).

6.- ninfa BB // tal vez CE, PS, DO, DE, BVJ, JNL, FDR, RAG, AI, HNV, FV, LVG, RCC, FFR, BB, GEG, FR; tal ves AC, VG, APG, F, JMB

Conservamos as maiúsculas do verso por figuraren practicamente en todas as edicións e contribuíren á configuración estética do mesmo, o que tamén sucede especialmente coa palabra *Nympha*, respectada con esta grafía polos anteriores editores. O tema clásico que trata o poema, así como o gosto do autor pola cultura greco-latina e o esteticismo conseguido nos sonetos, aconsellan manter neste caso o y, que como criterio uniforme conservamos só en aquelas palabras que teñen, ademais, outra grafía cultista: E 73.12 (*lympha*), 69.5 (*pythonisa*); en E 44.76 temos esta mesma palabra coa grafía *nimpha*.

7.- Nunha gradación que vai desde o mundo lonxincuo ao máis próximo (*Nympha,-Princesiña-Fada-Meiga*), esta última preséntase desprovista das connotacións negativas, para significar moza fermosa e sedutora.

que inquietou ós brañegos de Labrada.

10 Trocouse en arboriño, i entre abrollos
esmeraldas perdera: ¡os claros ollos!,
dous astros milagrosos... Mais non perde

sua esvelteza, prodixio de finura,
seu vestido, milagre de brancura,
e unha ondeante mantilliña verde.

8.- os brañegos PS, BVJ; ós brañegos CE, DE, JNL, RAG, LVG; ás garoutas DO; ás garoutas FDR, AI, HNV, FV, FFR, GEG

A variante *garoutas* talvez dá máis sonoridade ao verso, mais prívao da leve connotación erótica que o aproxima ao mito clásico; acertadamente o autor restituíu a forma primitiva na súa última edición. Para o significado desta palabra vid. nota a E 19.2, onde aparece como variante na expresión *garoutiña da montaña*.

Labrada: freguesía do municipio de Abadín, próxima aos concellos de Mondoñedo e Alfoz, situada nas inmediacións das montañas polas que o poeta andou na súa mocidade e que cantou nos seus versos.

González Martín reproduce este serventesio para afirmar: "El poeta de Mondoñedo era un espíritu de transición, estaba dirigido a ello por su tiempo, atendió a demasiadas aves del gay-trinar, como diría Machado, y esto constituyó su perdición. Veamos cómo 'muere' en uno de los versos de *Do Ermo*" (118); acompaña a cita desta estrofa coa súa tradución ao español, onde sorprende a tradución de *garoutas* por *vacas*.

9.- y-entr'abrollos CE, PS, AC, VG, DO, APG, F, DE, JNL, RAG, LVG, JMB; y-entre abrollos BVJ; e entre abrollos BB, FR

10.- olhos PS

A palabra *esmeraldas* ten resonancias modernistas, que se poden apreciar tamén no v. 6, e a súa identificación con *claros ollos* é unha metáfora tópica.

12.- esbelteza CE, PS, AC, VG, DO, APG, F, BVJ, JNL, FDR, RAG, AI, HNV, FV, LVG, RCC, JMB, FFR, BB, GEG, FR

13.- Prodúcese de novo encabalgamento interestrófico, tal como acontece entre os serventesios,

Para a ausencia de determinante nos sintagmas iniciais dos vv. 12-13 vid. nota a E 2.2.; para o recurso da similitudencia nestes mesmos versos vid. nota a E 2.8.

14.- ondeande JMB // manteliña AC, VG, APG, F, JMB

Salvador Lorenzana exemplifica con este terceto para dicir que "hai na paisaxe de Noriega córes, brilos, reflexos, unha fonda calidade práctica" (119).

39

Na cruz daquel rosario...

Hai na cruz daquel rosario
 unha contiña de vidro,
 dentro da contiña un meigo
 remanso, i a par dun lirio,
 5 Jesús, cos brazos abertos
 i os olliños pensativos...

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en i-o.

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 16, 15.6.1919; D, 55; AC, 134; DO, 50; *Vida Gallega*, Vigo, nº 445, 10.4.1930; DE, 143; BB, 103.

Variantes e comentarios

0.- Hay na cruz d'aquel rosario AC; N'a cruz d'aquel rosario AS; Na cruz d'aquel rosario D, DO, VG, DE; Na cruz de aquel rosario BB

1.- Hay AS, AC, DO, VG, DE // d'aquel AS, D, AC, DO, VG, DE, ; de aquel BB

Para *rosario* vid. nota a E 4.14.

3.- d'a AS, D, AC, DO, VG, DE

4.- y-a par d'un AS, D, AC, DO, VG, DE; e a par dun BB

O motivo do *remanso* volve aparecer no poema seguinte, v. 5.

5.- Xesús BB // c'os AS, D, AC, DO, VG, DE

6.- y-os AS, D, AC, DO, VG, DE; e os BB

40

Rarezas

Pase eu, fidalgos, por raro,
mentras gozoso declaro
que me namora lembrar
á vista dun pazo, un niño,
5 i a gloria dun remansiño
frente ós vagallós do mar.

Nin dun alpendre son dono
nin me fascinara un trono,
cúrvome diante unha cuna
10 i extático miro á aldea
si, a furto da lus febea,

Métrica

5 sextillas, 8 (aabccb).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 104, 30.3.1918; *Aurora*, Villalba, nº 1, 15.12.1918; D, 35-36; DO, 31-32; DE, 144-145; BB, 104-105.

En VG leva como indicación final «Trasalba (Orense)» e en AU «Del libro 'D'o yermo' próximo a publicarse».

Variantes e comentarios

0.- Pas'eu, fidalgos, por raro... V G

En AU non leva título; en VG leva a seguinte dedicatoria: «Para el altísimo poeta galiciano F. Salgado y López-Quiroga»; e en D: «A D. F. Salgado López Quiroga» (120).

1.- Pas'eu VG, AU, D, DO, DE

4.- d'un VG, AU, D, DO, DE

5.- y-a gloria d'un VG, AU, D, DO, DE; e a gloria dun B B

Frente a este caso de *gloria*, temos en *groria* en E 45.9 e 84.3.

6.- frent'os VG; frent'ós D, DO, DE // d'o VG, AU, D, DO, DE

Para *vagallós* vid. nota a E 15.6.

7.- d'un VG, AU, D, DO, DE

9.- diant'unha VG, D, DO, DE

Para este uso de *diant* vid. nota a M 1.89.; para o castelanismo *cuna* vid. nota a E 24.7.

10.- y-extático VG, AU, D, DO, DE; e extático BB // a aldea VG, AU; á aldea D, DO, DE

Escribir *extático* era habitual nos poetas portugueses da época, como Teixeira de Pascoaes, por exemplo.

11.- d'a VG, AU, D, DO, DE

Tamén en E 35.4 aparece *lus febea*; vid. nota a ese verso.

Ile fai festiñas a luna.

- 15 ¡Outros apañen as rosas!
 eu xunto froles selvosas
 pra facer mimos con elas:
 ¡dándollas, Jesús non chora!,
 i a Virxe, nosa Señora,
 vaime axudando a collelas.

- 20 Noraboa as catedrales
 sean templos ideales;
 ¡co iermo el-Señor me invita!,
 e solo esperar me toca
 que aló non falte unha roca
 e sobre a roca, unha ermita.

- 25 Máis que o secular carballo,
 prácenme as doas de orballo

12.- á luna A U

Para *luna* vid. nota a E 24.8.

13.- apañe-nas VG, D, DO, DE

Para a alveolaridade do /n/ vid. notas a M 7.16 e 9.10.

14.- Ao longo de toda a obra son moitas as ocasións en que aparece a palabra *flor* e derivadas coas diferentes variantes populares, que son tamén características doutros moitos poetas galegos: esta forma *froles* en E 26.1; *flor* en 4.19, 4.43, 22.6, 31.6, 36.8, 61.2, 75.7, 83.12, 84.10, 98.18; *flores* en 62.1, 73.1, 79.2; *frol* en 52.2, 99.7; *fror* en 44.2, 44.15, 44.97, 78.0, 78.1; *frores* en 16.11, 17.7, 42.3, 44.41, 71.11; *frolaña* en 12.11, 27.6; *frolañas* en 6.0, 6.2, 6.3, 6.8, 6.9, 70.10, 77.7, 79.9, 79.10; *froriñas* en 66.5.

16.- Xesús BB

17.- y-a VG, AU, D, DO, DE; e a BB

18.- vaim'axudando VG, D, DO, DE

A propósito desta sextilla di o propio autor: "Quiere Jammes «rosas silvestres más que el deseo dulces». Yo, que como el singularísimo Unamuno, prefiero cualquier bravío rincón de la montaña a los jardines todos de Versalles, tengo también predilección po-las froriñas d'as xestas, po-las d'os toxos, y en general por todas, ¡probiñas!, las que están

preto d'o ceyo
 e ben lonxe d'a estimanza

Escribí; *Outros apañen as rosas...* (vid. III 6.1.44).

19.- *Noraboa*, «con ben, en boa hora», ten aquí un valor irónico.

21.- yermo VG, AU, D, DO, DE; ermo BB // el Señor AU; El Señor BB // m'invita VG, AU, D, DO, DE

24.- sobr'a VG, AU, D, DO, DE

Para *ermita* vid. nota a E 24.4.

25.- qu'o VG, AU, D, DO, DE

26.- prácenm'as VG, D, DO, DE // d'orvallo VG, AU; d'orballo D, DO, DE; d'o orballo B B

Para o tópico das *doas de orballo* vid. nota a E 24.5.

i o bico dun paxariño;
un insecto me embelesa,
i aprendo coa montañesa
30 xente a falar de mansiño...

27.- y-o bico d'un VG, AU, D, DO, DE // e o BB

28.- m'embelesa VG, AU, D, DO, DE

29.- y-aprendo co-a VG, AU, D, DO, DE; e aprendo coa BB

41

Pombiña brava

Aquela que me namora
 sirve pra ver, ¡i hai que vela!,
 cunha sayiña rabela
 gardando a habenza -é pastora-;
 5 si ó sol posto -mística hora-
 canta, nos ollos lle leio
 fondas maguas... Pra ir ó ceio
 reza, de noite, o resario
 i amosa un escapulario

Métrica

Décima espinela, 8 (abbaaccddc).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 76, 1.5.1907; MT, 79; *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 214, 1.7.1925; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 15, 8.6.1930; *O Gaitero de Lugo*, 1931; *Vallibria*, Mondoñedo, 20.8.1938; *El Progreso*, Lugo, 14.11.1941; DE, 146; BB, 106.

En MD leva como indicación final «Foz».

Variantes e comentarios

0.- Aquela que me namora... ANT, VA30, GL

En MD, e MT non leva título; en VA30 leva como antetítulo «Versos d'a mocedá» e debaixo do título «(Retrato)».

2.- pódese ver; ¡y-hay que vé-la! ANT; ¡albor d'a neve!, hay que véla VA30 // ¡y-hay que vel-a! MD; ¡y-hay que ve-la GL; ¡y-hay que vela! VA38, EP, DE, BB; e hai que vela BB

3.- inda co a saya rabela MD; inda co-a saya rabela MT // c'unha VA, GL, VA, EP, DE // saíña BB

Mantemos a forma *sayiña* como posíbel castelanismo, talvez inconsciente, motivado pola grafía *saya* da palabra primitiva.

4.- a avenza MD, MT, ANT, GL, VA38, EP, DE, BB; a venza VA30

Para *habenza* vid. nota a E 9.13.

5.- sol-posto ANT, VA30, DE, BB // -a mística hora- MD, MT; (a mystica hora) ANT; -mystica hora- VA30, GL, EP, DE

6.- n'os VA30; n-os EP // leyo MD, ANT, VA30, GL, VA38, EP, DE; leo MT

7.- fondas penas MD; saúdades... VA30; fondas bágoas GL; fondas mágoas VA38 // ó ceyo MD; ô ceo MT; ô ceyo ANT, VA30, EP, DE; o ceyo GL, VA38

Frente a este caso de *maguas* temos *mágoa* en E 83.8 e *mágoas* en 90.13.

8.- rosario VA30

Sobre *resario* vid. nota a E 4.14.

9.- y-amosa MD, MT, ANT, VA30, GL, VA38, EP, DE; e amosa BB

10 a caronciño do seio.

10.- acaronciño d'o seyo MD, VA30, GL, VA38, EP, DE; acaronciño d'o seio MT;
a caronciño d'o seyo ANT; acaronciño do seio B B

42

Fillo do corazón...

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC DCD) (121).

Edicións anteriores

MO, 6; MT, 55-56; *Vida Gallega*, Vigo, nº 34, 1911; D, 69; *Vida Gallega*, Vigo, nº 316, 10.9.1926; DO, 81; DE, 147; BVJ, 364; BB, 107; FR, 111.

Variantes e comentarios

Este soneto, o segundo que compuxo segundo as informacións que posuímos (122), foi feito con motivo da morte do primoxénito do poeta, Antonio Fernández Bello, acaecida en Foz o 26 de outubro de 1903, cando só tiña sete meses de idade (vid. I 2.1.2 e III 1.8). Xunto con PEX 3 e 7, e PNR 4 e 6, fica estilisticamente á marxe da serie de 21 sonetos que compoñen a aportación máis importante á edición de *Do Ermo* realizada en Mondoñedo en 1929, e compostos todos eles en Trasalba e a Graña de Vilarente baixo o influxo dos líricos portugueses do momento.

Pois, en contra do que opina Aquilino Iglesia Alvariño (123), Noriega xa coñecera na súa época de Foz a lírica de Camões, como demostra este mesmo soneto, composto en grande parte imitando aqueloutro do grande lírico portugués "Alma minha gentil, que te partiste", segundo Filgueira Valverde (124) talvez inspirado tamén na morte dun fillo, aínda que parece moito máis convincente a interpretación de Maria de Lurdes Saraiva, para a que é unha "homenagem à jovem amada que acaba de morrer" (125), suxerindo a posibilidade de se tratar de Dinamene, moza chinesa que pereceu no naufraxio do río Mecom e a quen Camões dedicou varios sonetos (126). Este di así:

Alma minha gentil, que te partiste
tão cedo desta vida descontente,
repousa lá no Céu eternamente,
e viva eu cá na Terra sempre triste.

Se lá no assento etéreo, onde subiste,
memória desta vida se consente,
não te esqueças daquele amor ardente
que já nos olhos meus tão puro viste.

E se vires que pode merecer-te
alguma cousa a dor que me ficou
da mágoa, sem remédio, de perder-te,
roga a Deus, que teus anos encurtou,
que tão cedo de cá me leve a ver-te,
quão cedo de meus olhos te levou.

Xa Carballo Calero sinalara "a estreita dependencia dunha fonte literaria, que Noriega deliberadamente practicou ao compor un poema sobre asunto tan persoal e íntimo. Dista, pois, moito este soneto de sere un brado lírico espontáneo. Polo demais, vese que Noriega tiña ben lido a Camoens -polo menos unha das súas composicións- moito denantes das súas viaxes a Portugal e as súas relacións epistolares con escritores portugueses" (127).

Fillo do corazón, que nas meniñas
 dos teus ollos levache os meus amores,
 descansa eternamente sobre frores,
 que eu non te hei de olvidar entre as espiñas.

5 Si as bágoas de túa mai i as bágoas miñas
 non te rezusitaron... ¡xa n'acores!;

Tamén José Agostinho afirma: "[...] eu quero presentar, num espléndido soneto de Noriega, uma especie de condensação da sua arte e do seu estro... Não é admirável? Não lembra o sentimento camoneano e, ao mesmo tempo, o primor e trágica melancolia de Antero?" (vid. III.2).

Recóllese na acta de ingreso do poeta no Instituto Histórico do Minho que ao Coronel Eduardo Sarmiento "o poeta faz-lhe lembrar, às vezes, a graça bucólica de 'Marília de Dirceu'; e outras vezes enche-o de uma incoercível tristeza, como sucede com o epicéδιο *Fillo d-o corazón*..., soneto palpitante de sentimento e de comoção, que s. ex^a leu à assembeia" (vid. III.3).

Mais para Sebastián Martínez-Risco "tampouco nos oferece nil unha amostra de outura e vibración líricas, pois fora dalgunha imaxe belida e trascendente..., o pensamento vístese de sinxela humanidade, atendendo á prega polo *fillo do corazón* e pechándose nunha aitude pesimista de vencimento decrarado" (128).

0.- Soneto MO; Ó meu difuntiño. Soneto MT; Ó meu difuntiño VG11 // d-o D, VG26; d'o DO, DE

En MO leva como dedicatoria «O Ilmo. Sr. Doctor Don José María Riguera Montero» (vid. nota 3 de M).

1.- d'o MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE // n'as MO

2.- d'os MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE // levach'os MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE

4.- qu'eu non t'hei d'olvidar entr'as espiñas MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE

Carballo Calero, ao comparar esta estrofa coa correspondente de Camões, afirma: "O primeiro cuarteto de Noriega está case calcado no do seu modelo, tanto no pensamento como na dicción. Só o segundo verso se afasta no fraseo. Os versos que nambos sonteos ocupan o primeiro lugar, comezan cun vocativo, formado por un nome 'e os seus complementos, e seguen co inicio dunha oración de relativo. O vocativo comprende seis sílabas métricas, e o resto, naturalmente, cinco, nambos casos...

No segundo verso desenrólase, ate rematar, a devandita oración de relativo, atributo do vocativo mencionado.

No terceiro e no carto versos formúlense as aseveracións, opóndose a *vita beata* (verso 3) da criatura fenecida, á *vita en hac lacrymarum valle* (verso 4), do poeta. No verso 3 Noriega trasladou o 'repousa... eternamente' do portugués case de xeito literal" (129).

Pola súa parte, Maria de Lurdes Saraiva di dos primeiros versos de Camões que están inspirados "na primeira quadra do soneto de Petrarca *Questa anima gentil che si disparte*. Isto originou a ideia di que seria uma adaptação daquele soneto. Na realidade, porém, o texto de Camões, no seu desenvolvemento diverge completamente do de Petrarca" (130).

5.- y-as MO, MT, VG11, D, VG11, DO, DE, BVJ; e as BB, FR

Bágoas debe contar nos dous casos como bisílaba e *túas* como monosílaba por medio da sinérese, para manter o verso como hendecasílabo.

6.- n-a acores BVJ; no acores BB, FR

este mundo é o liñeiro das delores,
i o ceio ¡fíxoo Dios prás estreliñas!...

10 A Virxe *te* acobexe co seu manto
e, xa que é tan *cativa* a miña sorte
que no me valeu nada achousar tanto,

¡pide que a triste vida se me acorte!:
mellor quero ir parar ó campo santo,
que vivir recordando a túa morte.

Rezusitaron é un vulgarismo producido por metátese de fonemas consonánticos, propio da fala popular; aínda que Fernández Rei o menciona a continuación dos casos de seseo que se dan en Noriega (131), non o podemos considerar como tal.

Para *n'acores* vid. nota a M 1.9.

7.- *d'as* MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE

Liñeiro das delores significa o lugar onde se dan ou abundan as dores e os sufrimentos; trátase do tópico da vida como val de lágrimas. Para *as delores* vid. nota a M 9.8.

8.- *y-o ceyo* MO, VG11, D, VG26, DO, DE, BVJ; e *o ceio* BB; e *o ceo* FR // *pr'as* MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE; *pras* BVJ

Sobre esta estrofa engade Carballo Calero: "Tamén se conserva a estrutura do segundo cuarteto, constituída por prótase e apódose: unha oración condicional seguida dunha asortativa negativa, aínda que o sistema de elementos subordinados e a distribución dos grupos de sentido dentro do esquema métrico varían"(132).

9.- *t'acobexe* VG11, D, VG26, DO, DE // *c'o* MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE // *seo manto* VG26

Acobexe é unha forma orixinada por influxo do castelán, fronte á forma patrimonial galega *acubille*.

10.- *qu'é* MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE // *cativ'a* MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE

11.- *non me* MO // *nad'achousar* MO, MT, VG11, D, VG26, DO, DE

Achousar, que significa "cercar, fechar", ten aquí un sentido figurado: "rodear de protección o fillo".

Carballo Calero di que "o primeiro terceto contén tamén unha prótase ('E xa que'; 'E se'), que se enlaza copulativamente co contexto anterior, en forma de oración asortativa, nambos casos unha esortación ao rogo (133).

12.- *qu'a* D, VG26, DO, DE // *m'acorte* MO, MT, VG11, D, VG26, DE

Este verso é especialmente homólogo do correspondente de Camões, como sinala Carballo Calero.

13.- *campo-santo* M O

43

¿E n'habará unha rafiña?...

¿E n'habará unha rafiña
de mistura prá ceguña,
que esgramou lugar alleio?
A máis probe son da serra:
teño os fillos noutra terra
i o maridiño no ceio,

Métrica

Setina, 8 (aabccba) (134).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 100, 1.11.1907; *El Eco de Villalba*, nº 16, 15.10.1908; MT, 85; D, 25; DO, 40; *Vida Gallega*, Vigo, nº 445, 10.4.1930; DE, 148; *O Gaiteiro de Lugo*, 1960; BB, 108; FR, 101.

Variantes e comentarios

Suárez Picallo refírese a este poema coas seguintes palabras: "Por el camino pasa la mendiga, que no tiene tierra para trabajar, que se quedó ciega trabajando la ajena y que está sola en el mundo. Desde la mesa se oye la súplica... Y la mendiga tiene un asiento en la harturienta mesa labriega, que es ley de caridad compartir el pan con quien no puede ganarlo" (135).

0.- ¿E no habará unha rafiña?...BB, FR

En MD, EV e MT non leva título.

1.- no habará BB, FR

Para *n'habará* vid. nota a M 1.9.

O sufixo *-iño, -iña (rafiña)* posto reiteradamente en boca de quen anda a pedir, convértese nun recurso para abrandar a vontade das persoas e conseguir a esmola desexada. Esta composición é paradigmática no emprego deste sufixo, utilizado catro veces en sete versos; vid. nota a E 18.6.

2.- mixtura MD, EV // pra MD, EV, MT, D, DO, VG, DE, GL

A pesar de que todas as edicións en vida do autor escriben *pra*, sen marcar a contracción (normalmente nestes casos o autor poría *pr'a*), podemos considerar que se trata dunha simple falta de ortografía, pois non cabe outra posibilidade máis que esta.

3.- qu'esgramou lugar alleyo MD, EV, D, DO, VG, DE, GL; qu'esgramou lugar alleo MT // alleo FR

Esgramou significa "limpou, quitou as herbas prexudiciais".

4.- d'a MD, EV, MT, D, DO, VG, DE.

5.- teñ'os fillos n'outra MD, EV, MT, D, DO, DE; te'ños fillos n'outra VG // n'outra GL

6.- y-o maridiño no ceyo MD, EV, D, DO, VG, DE, GL; y-o maridiño no ceo MT; e o maridiño no ceio BB; e o maridiño no ceo FR

44

Viveiro, vila alegre

«Santa Marta, vila farta,
vila de Viveiro alegre...»
(Popular)

Métrica

20 quintillas, 8, con 4 combinacións de rima diferentes: 2 (aabba), 12 (aabab), 4 (abaab) e 2 (ababa) (136).

Edicións anteriores

FGP, 19-20; DE, 149-154; BB, 109-113.

Variantes e comentarios

Posibelmente esta longa composición fose feita expresamente para incluír nun libro sobre Viveiro do fotógrafo Fermín González Prieto, en edición do autor na que inclúe moitas fotografías, co título de *Vivero*, e que se publicou en 1934; seguramente lle encargase a composición a Noriega por ser o poeta máis famoso da zona, pois estaba de mestre en Chavín.

Precisamente desta escola e deste poema fálanos Leal Insua: "El crucifijo siguió también en la escuela de Noriega mientras continuaba aullando la jauría socialista de toda la región que no lograba asustar la noble entereza de un maestro anciano. El, mientras tanto, componía versos despreocupadamente. De este tiempo de oposición es su *Viveiro, vila alegre*, el mejor poema de cuantos se han escrito en loor de nuestro pueblo" (137).

Trapero Pardo opina de forma diferente e menos apaixonada sobre a calidade do poema: "Noriega deixou escritos muitos versos, que non se atopan -nin deben de atoparse- nos seus libros. Trátase de versos que él tivo que facer forzado pol-a gratitú, por algunha ocasión solemne e aínda por librarse de presións que lle facían xentes ás que debía atención. Eran versos, como se adoita decir, 'de compromiso'.

Entr'eles figura a composición 'Viveiro, vila alegre', que tivo que metela na derradeira edición de 'D'o Ermo', inda que él sabía que desdecía das outras composicións. Fixo aqueles versos pra unha vegada determinada, sen ter de mentes que podería sair n-un libro seu; mais cando se fixo a edición, como algús amigos, que habían loubado muito a composición cando a fixo, porque 'tiña muitos detalles de Viveiro'; Noriega non puido deixar fora do libro aqueles versos, e alí están, poñendo ás veces a labarada do fino 'facer' de Noriega, mais deixando ver outras o 'compromiso' do home que tiña que 'falar de todo', pra dar gusto 'a todos'. Viveiro merecía -e a Vila merece tamén iso- un d-aqueles sonetos feitos 'à cincel', traballados, redondos, con que Noriega sabía poetizar os seus sentires e sabía prestixiar canto él tocaba" (138).

0.- O cantar popular que figura nas tres edicións achámolo completo recollido por José Pérez Ballesteros:

¡Santa Marta, vila farta,
¡vila de Viveiro, alegre!

Inda que é rudo o cantor
 entre as túas rosas prá fror
 dos toxales, que che eu rinda,
 ¡un cantiño, terra linda
 5 de Nicomedes Pastor!

Si a casaña onde eu vivía
 está nunha lomba fría
 i alta, breñosa, deserta,
 frente a frente da túa ría
 10 quedeime coa boca aberta...

¡De noite a vin!, e daquelas
 luces me predeí, que ó velas
 faíscar, de cando en cando,
 lembran pilares de estrelas
 15 á fror da auguiña boiando.

Xa antes de anclar a alborada,

¿non virá un ventiño Norte
 que pra Viveiro me leve? (139).

1.- qu'é FGP, DE

2.- entr'as ... pr'a FGP, DE

3.- d'os ,, ch'eu FGP, DE

5.- Para *Nicomedes Pastor* vid. nota a E 21.15.

6.- ond'eu FGP, DE

A restitución do *e* de *onde* non ten que ver cos casos explicados en nota a M 3.13, pois aquí non ten valor preposicional.

7.- n'unha FGP, DE

8.- y-alta FGP, DE; e alta B B

Os vv. 5-7 refírense a que o poeta chegou a Chavín, ao lado de Viveiro, procedente da Graña de Vilarente, na montaña de Abadín, onde os invernos eran extremadamente duros polo frío (vid. I 2.1.4).

9.- d'a FGP, DE

10.- co-a FGP, DE

Esta quintilla é citada por Chao Espina para afirmar: "Yo no creo que la pasión me ciegue, porque cuantos nos visitaron han exclamado con Noriega, cantor de la montaña... Desde los miradores de la puente, podemos ver, a través de las gasas que vislumbran la distancia, las aguas de Stabañón, que bordó leyenda..." (140).

11.- d'aquelas FGP, DE

12.- ve-las FGP, DE

13.- *Faíscar* leva acento no *i* en todas as edicións para desfacer o ditongo e conseguir unha sílaba máis no verso, a fin de que conte como octosílabo, mais como o acento indica tonicidade débese representar con diérese.

14.- d'estrelas FGP, DE

15.- d'auguiña boyando FGP, DE

16.- X'antes d'anclar FGP, DE

sobre a túa ponte sonada
 (humildosiña, contrita),
 pasa a xente, arrodillada,
 20 do Ecce Homo cara a ermita.

Prá de Loürdes Señora
 tes devotas escollidas:
 o mar, pulando, as nemora
 e veias, celosa, a aurora
 25 de neve e de azur vestidas.

«Vila alegre», á túa entrada
 (brioso rasgo de esplendor),
 máxica, ¡inmortal Portada!,
 que outrora foi consagrada
 30 ó Gran Rei-Emperador.

«Vila alegre», vila pía,
 ríndeslle a Dios preitesía

Anclar (castelanismo por 'ancorar') a *alborada* é unha metáfora para se referir ao amanecer.

17.- *Ponte* está con maiúscula nas tres edicións anteriores, mais non achamos razóns para mantela.

20.- d'O FGP, DE // cara á BB

Aínda que a variante de BB se axusta ao criterio de corrección lingüística, non o fai así co criterio do autor, pois, se quixese marcar a contracción, este escribiría *cara á*, como é norma habitual nel.

Os vv. 17-20 fan referencia a que os devotos cruzaban a ponte de Viveiro, que vai dar á porta da vila, para ir axeonllada desde a capela do Ecce Homo á ermida de San Roque, que está no monte do mesmo nome.

21.- Pr'a FGP, BB

Colocamos diérese en *Loürdes* para evitar a pronuncia francesa e indicar que contar como tres sílabas métricas.

23.- O vulgarismo *nemora* alterna coa forma *namora* (vid. E 41.1: *Aquela que me namora*).

24.- véyas FGP, DE

En *veias* prodúcese un caso de *i* epentético ou antihiático, igual que en *ceio*, por exemplo: vid. nota a M 6.66.

25.- d'azur FGP, DE

Azur alterna coa forma *azul* nun mesmo contexto fónico: vid. PEX 3.1 (*Tamén de azul vestida es unha estrela*); en E 16.5 temos *azules*. O verso fai referencia ás monxas, vestidas de branco e azul.

27.- d'esplendor FGP, DE

28.- *Portada*: trátase da porta de Carlos V, feita para recibir o emperador ao regreso de Alemaña, pensando que viría por Viveiro, feito que non se produciu.

30.- Rey FGP, DE

Refírese, com fica dito, ao emperador Carlos V.

32.- ríndesll'a FGP, DE

en San Francisco (¡un portento!),
i estache Santa María
35 brincando no pensamento...

O Landro ós teus pés suspira
e a voces demanda a lira,
maga e xentil, que che cante
si a Porto-Chau vas de xira
40 sobre o seu lombo xoiante.

Astros, ou ramos de frores,
alternan cos remadores,
e do seu rico atavío
queda un ronsel de cores
45 na tona, inquieta, do río...

Pra que prós bailes te atuses,
pra que, manífica, os uses
i as festas non teñan fin,
espléndidos autobuses
50 che pon á porta Chavín.

33.- *San Francisco* é o nome da igrexa da parroquia de Santiago de Viveiro.

34.- *y-estáche* FGP, DE; e *estache* B B

Santa María é a igrexa da parroquia do mesmo nome, que, coa de San Francisco, constitúe as dúas que ten Viveiro.

36.- O río Landrove, popularmente coñecido como *Landro*, desemboca na ría de Viveiro. Del dinos Chao Espina citando esta estrofa: "En Magazos y Landrove correteó la enamorada Lina, muerta de amor un día de fiestas patronales. Lina y el Landrove son fuente de inspiración poética para Pastor Díaz. El río fue surco de versos no solo para vivarienses como Leal Insua o Castro Pita, sino para el cantor de la Montaña, mi llorado amigo Noriega Varela..." (141).

37.- *lyra* FGP, DE

Para a grafía y vid. notas a E 13.10, 26.3 e 36.3.

É este un dos poucos casos onde emprega *e* como conxunción copulativa seguida de vocal; vid. tamén v. 53 (*e o pandeiro*).

39.- *Porto-Chau*: aldea da freguesía de Galdo, a 3.2 Km. de Viveiro; existe a tradición de subir en barca polo río Landrove desde Viveiro.

40.- *sobr'o* FGP, DE // *xoyante* FGP, DE

42.- *c'os* FGP, DE

43.- *d'o* FGP, DE

45.- *d'o* FGP, DE

Os vv. 41-45 expresan que as flores que adornan as barcas que se dirixen a Porto-Chao van caendo no río, formando un ronsel de cores na superficie das augas.

46.- *pr'os bailes t'atuses* FGP, DE

47.- Para a redución de grupos cultos (*manífica*) vid. nota a E 5.2.

48.- *y-as* FGP, DE; e as B B

50.- *Chavín*: freguesía próxima a Viveiro, na que Noriega exerceu como mestre desde 1931 a 1940, en que se xubilou. Alí estaba ubicada a empresa de autobuses que prestaba os seus servizos aos habitantes de Viveiro e da comarca.

Incostante, toda amores,
repárte-los teus fervores
entre o incensario e o pandeiro:
vas pra monxa en Valdefrores
55 i es bacante no Naseiro.

Quen doas de luz che enfile
e c'aquel edén cavila,
torna a confesar, sumiso,
que n'hai máis «alegre vila»,
60 nin máis meigo paraíso.

¡Mal haxa quen mal opine!,
quen, vila, te recrimine,
porque, fastuosíña, ufana,
vas ó teatro i ó cine
65 i a donde che dá a real gana.

Deute el-Señor de tal modo

51.- Para *incostante* vid. nota a M 5.26.

52.- repartes os B B

53.- entr'o FGP, DE

Tamén neste caso a solución habitual sería *y-o*; vid. v. 37.

Débense realizar as dúas sinalefas, de tres e catro vocais respectivamente, para que o verso conte como octosílabo.

54.- *Valdefrores* (ou Valdeflores): convento de monxas de clausura situado na aldea deste nome, a 1.4 Km. de Viveiro.

55.- *y-es* FGP, DE; e es B B

Naseiro: aldea da freguesía de San Pedro de Viveiro, que dista 5.1 Km. da capital municipal. Todos os anos, no mes de agosto, se celebra unha romaría, a "romaxe do bon xantar", onde abundan as bebidas (hónrase ao deus Baco); converteuse practicamente nunha festa pagá.

56.- *ch'enfile* FGP, DE

57.- *c'Aquel Edén* FGP, DE; co *Aquel Edén*

Temos outro caso de contracción de *con+aquel* en M 2.17 (*c'aquelas palabras doces*); vid. nota a ese verso. Non consideramos necesarias as maiúsculas.

59.- *n'hay* FGP, DE; *no hai* BB // *Vila* FGP, DE, BB

60.- *Paraíso* FGP, DE, BB

62.- *Vila* FGP, DE, BB

64.- *y-ô* FGP, DE; e ó B B

65.- *y-â* FGP, DE; e á B B

Aínda que o autor marca a contracción do *a* por medio do acento circunflexo, como é norma nel, especialmente na súa última etapa, cremos que neste caso se trata dunha simple falta de ortografía.

Hai que realizar sinérese en *real* para que o verso sexa octosílabo.

66.- *El-Señor* FGP, BB; *El Señor* B B

Para *el-Señor* vid. nota a E 4.17.

que, en frente dun pordioeiro,
xamais dixeches: ¡non podo!;
tu tes diñeiro pra todo,
70 ¡i aínda che sobra diñeiro!...

Pois xubilosa te mudas
pra donde un festín te invoque,
aténtante, pra que acudas,
de Pedebói, o San Roque,
75 de Celeiro..., ¡as cabezudas!

E si con nimphas te emboscas
pra tirar lucro das feiras,
¡non das tornáda-las moscas!...
Máis dulces que as túas roscas,
80 «vila alegre», as rosquilleiras.

Xunt'ós que choran te prantas,
entre as olas te axigantas,
si te belliscan, rabuñas,
e, ánxel de luz cando cantas,
85 ¡ére-lo demo si alcuñas!...

Retumba (¡pra que te movas!),
o mar, ¡o mar que se estrella

67.- qu'en frente d'un FGP, DE; que enfrente dun B B

70.- y-aínda FGP, DE; e aínda B B

Para manter o verso como octosílabo debemos contar *i aínda* como dúas sílabas métricas.

73.- *Aténtante* é o mesmo que "téntante", cun *a* protético.

74.- *Pedebói* FGP, DE

Pedebói (ou Pé de boi) e *San Roque* son lugares de Viveiro.

75.- *Celeiro*: localidade mariñeira próxima a Viveiro, que ten a pesca como principal actividade.

As cabezudas son as sardiñas, chamadas así porque se asan con cabeza e tripas. Nos vv. 73-75 hai hipérbato; *as cabezudas de Pedebói...* son o suxeito de *aténtante*.

76.- *ninphas* FGP; *ninfas* BB // *t'emboscas* FGP, DE; *reemboscas* B B

Para *nimphas* vid. nota a E 38.6.

77.- *d'as* FGP, DE

80.- *Vila* FGP, DE, BB

Hai elipse do verbo *ser*.

81.- *Xunto ós* B B

Para *xunt'ós* vid. nota a M 3.13 e a E 25.3.

82.- *entr'as olas t'axigantas* FGP, DE; *entre as olas reaxigantas* B B

83.- Cfr. *belliscan* con *pelisqueina* en M 1.122.

85.- *érela demo* B B

87.- *s'estrella* FGP, DE

90 contra os Castelos de Covas!,
 i anda por alí «A Doncella»
 que pide preseas novas.

95 Xoíñas que necesita
 a limpa, e firme, e infinita
 praia, de altismo renome,
 núbil, cordial, ¡mui bonita!,
 pro, ¡malpecado!, sin home...

.....
 100 I aínda que é rudo o cantor
 entre as túas rosas prá fror
 dos toxales, que che eu rindo,
 ¡un cantiño, verxel lindo
 de Nicomedes Pastor!

88.- contr'«Os Castelos» FGP, DE

Os Castelos de Covas: penas duns cantís semellantes a castelos, que se achán na praia de *Covas*, praia urbana de Viveiro.

89.- y-anda FGP, DE; e anda BB

A lenda da "Cova da Doncela" é moi coñecida na zona e foi tratada literariamente en varias versións; segundo a de Leandro Carré Alvarellos, unha doncela encantada, que vendía obxectos na cova, fixo que un mozo ficase cego por non se render á súa beleza; outro, prendado dela, desencantouna e casaron (142).

90.- Chao Espina dálle a *preseas* o significado de vítimas cando di citando esta estrofa: "Desde la filigrana pétrea de los arcos que cruzan nuestra ría, podemos contemplar las cuevas del acantilado, abiertas en la roca, como nidos de Neptuno. Allí habita la sirena, eternamente fresca y juvenil, en la luz cristalina de las olas. Su presencia es fatídica, por más que a Pastor Díaz le haya inspirado versos de bonanzal. Noriega, más conforme con la leyenda, nos dice que busca víctimas nuevas" (143). Non documentamos esta voz *preseas* nos dicionarios galegos nin noutros traballos lexicográficos consultados; nos españois trae o significado de xoias ou obxectos de valor, que é o que aquí está suxerido no verso seguinte.

93.- araya, d'altismo FGP; praya, d'altismo DE

A forma vulgar *altismo* débese seguramente á esixencia da métrica.

94.- muy FGP, DE

Co vulgarismo anterior contrasta o adxectivo culto *núbil*, totalmente alleo á lingua popular.

95.- *Malpecado* ten valor adverbial, co significado de "infelizmente".

96.- Y-aínda qu'é FGP, DE; E aínda que é BB

I aínda debe contar como dúas sílabas para o verso ser octosílabo. Cfr. con *inda* no primeiro verso.

97.- entr'as FGP, BB // pra FGP; pr'a DE

Hai que facer sinérese en *túas* para manter o verso metricamente como octosílabo.

98.- d'os ... ch'eu FGP, DE

100.- Nicomedes-Pastor FGP, DE

45

A miña terra

A que a ialma me cautiva,
a que a inspiración me exalta,
a que me acolleu piadosa,
a miña terra é a montaña.

5 ¡Trusgáralle os ollos!, i ela,
depois de moito rondala,
no seu pedregoso seio

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en a-a.

Edicións anteriores

Mi Tierra, Orense, nº 1, julio 1911; *La Voz del Pueblo*, Santiago, 11.5.1914; *Vida Gallega*, Vigo, nº 101, 10.2.1918; D, 95-96; DO, 88-89; *Vida Gallega*, Vigo, nº 448, 10.5.1930; DE, 155-156; AI, 33; *Faro de Vigo*, 17.5.1969; BB, 114; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril 1984; FR, 102-103.

En MIT leva como indicación final «Calvos de Randín», interesante por ser das contadísimas composicións que achamos datadas en Calvos, período que consideramos pouco fecundo literariamente; cando publica o poema leva aínda poucos meses residindo nesa localidade, despois de ser trasladado de Foz (vid. I 2.13).

Variantes e comentarios

Composición paradigmática do amor do poeta pola montaña, que o fai merecedor do título de cantor da mesma, como afirma Hugo Rocha (144). Ortiz Novo, comentando a edición de *Do Ermo* de 1920, considéraa como a mellor de todas elas e relaciónaa oon E 9 (*Diante dos que atruxan forte...*), resaltando a descrición da casa aldeá (vid. III 7.3.6).

0.- Para "Mi Tierra" MIT

En D leva como dedicatoria «Pra Arturo Noguerol» (145).

1.- y-alma MIT, LVP, VG18, D, DO, VG30, DE; a alma BB, AM, FR

2.- ispiración VG18, D // m'exalta MIT, VG18, D, DO, VG30; m'esalta LVP

Cfr. *inspiración* en M 5.26; vid. nota a este verso.

3.- m'acolleu VG18, D, DO, VG30, DE

4.- É preciso realizar a sinalefa das tres vocais para que o verso conte como octosílabo.

Este verso é un verdadeiro epifonema que recolle e sintetiza o exposto nos tres anteriores por medio do paralelismo e a similitudencia, recursos moi frecuentes nesta obra.; vid. nota a E 2.8.

5.- Piscáralle os ollos!, y-ela MIT, LVP, VG18, D; ¡Trusgáralle os ollos!, y-ela DO, VG30, DE; ¡Trisgáralle os ollos!, e ela BB // e ela BB, AM

Trusgáralle é unha variante de *truscáralle*, 'choscáralle'.

6.- depois BB, AM, FR // moita LVP // rondal-a MIT, LVP

7.- pedregoso MIT, LVP // seo MIT, LVP, FR; seyo D, DO, VG30, DE

brindoume a groria: unha casa...

- Casiña tan sumptuosa
 10 dudo, paisanos, que a haxa:
 ¡catro palliñas a cobren!,
 unha iedra ma engalana;
 mais palacio se me antoxa
 visto que dentro non faltan
 15 a santa paz i o preciso
 pra sorteala desgracia.

- Deste espléndido refugio
 salirei, si Dio-lo manda,
 de improviso; ¡pero a morto
 20 han de tocar as campanas!

Pesaroso o considero
 e no me saltan as bágoas,
 porque, ben mirado, a morte
 máis me ha de unir coa montaña.

8.- gloria LVP, BB, AM

9.- mais suntuosa MIT, LVP, BB, AM

11.- é un montonciño de seixos MIT, LVP // palliñal-a VG18, D, DO, VG30

12.- qu'está cuberto de palla MIT, LVP // yedra m'angalana VG18, D, DO, VG30.; yedra m'a engalana DE // edra AI, FV, BB, AM, FR

13.- m'antoxa MIT, LVP, VG18, D, DO, VG30, DE

15.- y-o MIT, LVP, VG18, D, DO, VG30, DE; e o BB, AM, FR

16.- sorteal-a MIT, LVP, VG18, D, DO, VG30, DE; sorteala AI, FV // desgracia MIT, LVP

17.- D'est'espléndido MIT, LVP, VG18, D, DO, VG30; D'este espléndido DE // refuxio AI, FV, BB, AM, FR

Salvo casos de nomes propios como *Jesús* ou *Josefa* (vid. nota a M 11.6), non achamos outros casos de grafías similares á de *refugio*.

18.- Diol-o manda MIT, VG18, D, DO, VG30, DE; Diol-manda LVP; Diolo manda AI, BB, AM; Dió lo manda FV

Para a representación da asimilación en *Dio-lo manda* vid. nota a E 22.9.

19.- mañá mesmo; ... MIT, LVP // d'improviso VG18, D, DO, VG30, DE

20.- toca-las FR

21.- Recelos'o considero MIT, LVP // Pesaros'o VG18, D, DO, VG30

24.- m'ha d'unir co-a VG18, D, DO, VG30; me ha d'unir co-a MIT, LVP, DE

46

A xente da montaña

(Pra Xulio de Lemos)

A xente da montaña, a xente miña,
 cara a Dios se encamiña,
 dos santiños do ceio a salú espera,
 e primeiro han faltarlle á noite estrelas
 5 que ás imáxe-las velas
 de cera virxe, mareliña cera.

Métrica

Sexta rima, 11 e 7 (AaBCcB).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 160, 1.1.1909; *El Eco de Villalba*, nº 27, 2.4.1909; MT, 133; D, 21; AC, 133; DO, 82; DE, 157; MR, 319; BB, 115; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril 1984.

Tamén está publicada en DP, 116 traducida ao español, en versión coincidente coa que figura en MR ao lado do texto en galego (146).

Variantes e comentarios

A exaltación da relixiosidade das xentes da montaña fica patente nesta composición, así como en E 18, 41, 47, 59, 67 ou 76, sendo tamén motivo secundario noutras máis e converténdose nun dos temas principais da obra.

0.- d'a D, AC, DO, DE, MR

En MD, EV e MT non leva título. A dedicatoria de DE tamén figura en BB e AM.

Júlio de Lemos foi secretario perpetuo do Instituto Histórico do Minho, participando activamente no acto de nomeamento de Noriega como membro correspondente do mesmo (vid. III.6.1.13); colaborou habitualmente na prensa do norte de Portugal, tratando tamén temas relacionados con Galiza. Noriega mantivo con el unha relación de amizade e afecto, como se pode apreciar pola correspondencia con Teixeira de Pascoaes: "...y ese corazón de oro qe. se llama Julio de Lemos... Y el 16 de Julio, con Julio de Lemos, qe. me acompañará, si Vd. dá su permiso, partirémos para la Tebaida de Amarante..." (cfr. III.6.1.13).

1.- d'a MD, EV, MT, D, AC, DO, DE, MR

2.- car'a Dios s'encamiña MD, EV, MT, D, AC, DO, DE, MR

3.- d'os santiños d'o ceio MD, EV, MT, D, AC, DO, DE, MR

Para *salú* vid. nota a M 5.35.

4.- faltarll'á noit'estrelas MD, EV, MT, D, AC, DO, DE

5.- imáxel-as MD, MT, D, AC, DO, DE, MR; imáxel'as EV; imaxes as BB, AM

Para a asimilación do artigo en *imáxe-las velas* vid. nota a M 5.53.

6.- virxen MD, EV, MT

Para a vacilación *virxe* / *virxen* vid. nota a E 4.24.

A cor *amarela* é a preferida do autor, por ser a das flores dos toxos e mais das xestas, e en xeral das plantas humildes; usa preferentemente a forma sen o *a*-inicial: 31.6 (*flor mareliña*), 46.6 (*mareliña cera*), 75.7 (*i ama a flor mareliña*),

85.12 (*tan papadiña e marela*) e 97.7 (*frol mareliña*); hai dous casos co *a*- inicial:
13.18 (*co rodo amarelo*) e 16.12 (*frores amareliñas das xestas*).

47

Ond'a morta

I

Eiquí donde pouso a lus
sei, pola pedra chantada,
que está túa mai enterrada;
¡rézalle coas maus en crus!

- 5 Así o volito falou
ende chegando a unha cova,
i a neta, que inda era nova,
coas maus cruzadas rezou...

Métrica

5 redondillas, 8 (abba).

Edicións anteriores

Revista Gallega, Coruña, nº 47, 2.2.1896; *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, nº 402, 20.12.1902; MO, 49-50; *Mondoñedo*, nº 204, 2.11.1909; *El Eco de Villalba*, nº 41, 3.11.1909; DO, 67-68; DE, 158-159; BB, 116-117.

En RG e EG levan como indicación final «Mondoñedo».

Variantes e comentarios

0.- Ond a morta MD, EV; Onde a morta BB

1.- Eiquí donde puxen lus RG, EG // luz MO, MD, EV

A forma *eiquí* do adverbio nin é propia da zona nin o autor a emprega habitualmente: vid. nota a M 3.27.

Para o seseo implosivo de *lus* e *crus* no v. 4 vid. nota a M 3.12.

2.- pol-a RG, EG, MO, MD, EV; po-la DO, DE

3.- qu'está RG, EG, MO, MD, EV, DO, DE // nai RG, EG

Para a vacilación *mai* / *nai* vid. nota a E 12.30.

4.- co-as RG, EG, DO, DE; c'o-as MO, MD, EV, DO, DE // cruz MO, MD, EV

5.- bolito RG, EG, MO, MD, EV, DO, DE, BB // falau EG

Volito é o diminutivo de *avó*, propio da linguaxe infantil, segundo Eladio Rodríguez.

6.- *Ende* seguido de xerundio indica que a acción expresada por este é anterior á do verbo principal (*ende chegando*: despois de que chegaron, tan pronto como chegaron); neste uso hoxe utilízase preferentemente a preposición *en* (147). Podemos ver esta mesma construción noutro poema do autor, un dos últimos que compuxo, E 102.12: *ende nos chegando a hora...*

7.- y a RG, EG; y-a MO, MD, EV, DO, DE; e a BB // qu'ind'era nova RG, EG; qu'inda era nova DO, DE; qu'era moi nova MO, MD, EV

8.- co as RG, EG; c'o-as MO, MD, EV; co-as DO, BB

Para *maus* vid. M 11.34.

II

Ó verlle corre-lo pranto,
 10 dempoixas dixo: santiña,
 límpate e cala a boquiña,
 vámonos do campo santo.

Anda; puideras quedar
 entanguecida de frío.
 15 ¿Choras e calas? ¡Dios mío!
 Moito máis tes que chorar...

III

Morreu no farol a lus
 i aínda estaban xunt'a cova
 o vello i a nena nova,
 20 rezando coas maus en crus.

9.- *correl-o* RG, EG, MO, MD, EV

Manuel de Castro y López, repasando os versos de poetas galegos onde aparece *pranto* co significado de *bágoas*, acha este de Noriega; califica tal uso como erro gramatical, aínda que el mesmo advertira que "las lágrimas son parte del llanto" (148).

10.- *meniña* RG, EG; *ruliña* MO, MD, EV

O adverbio *dempoixas* responde ao modelo de lingua da primeira época do autor, representada por *Montañesas*, libro ao que previamente pertenceu este poema, un dos primeiros do autor, composto a fins do século XIX; pódese ver tamén noutro poema da mesma época, *De ruada* (vid. nota a M 3.131). Na gramática de Saco y Arce figuran as formas *despois*, *despoixa* e *dempois* (149).

11.- *limpat'e cal'a* MO, MD, EV

12.- *d'o* MO, MD, EV, DO, DE // *campo-santo* MO, MD, EV

13.- *que podes quedar* RG, EG, MO, MD, EV

14.- *Entanguecida* significa o mesmo que 'aterecida', morta de frío.

17.- *n-o* RG, EG, MO, MD, EV // *luz* MO, MD, EV

18.- *y aínda* RG, EG; *y-aínda* MO, MD, EV, DO, DE; e *aínda* BB // *xunt'á* RG, EG; *xunto á* B B

19.- *y a* RG, EG; *y-a* MO, MD, EV, DO, DE; e *a* BB

20.- *co as* RG, EG; *c'o-as* MO, MD, EV; *co-as* DO, DE // *cruz* MO, MD, EV

Almiña del Señor...

(Prá miña filla Carmen)

¡Almiña del Señor!, xuzgárame ela
 pronto prá máis quimérica fazaña,
 e, mostrándome a crista da montaña,
 «¡Róuballes, dixo, aos ceios unha estrela!».

5 I eu son pai, ¡Bon Jesús!... Co afán de vela
 lediña, ¡acometín a empresa extraña!,
 i a Estrela do Pastor, Venus tamaña,

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 222, 20.4.1923; *La Región*, Orense, 4.1.1925; DO, 49; DE, 160; BB, 118; FR, 112.

Variantes e comentarios

Esta composición está baseada nunha anécdota de carácter familiar, igual que E 56 ou 82; o propio poeta fai referencia a ela cando compara estes versos con outros de Francis Jammes: "Dice Francis: «He vuelto a ver la infancia en que tenía la ilusión de encontrar el fin del agua...». Digo yo, aludiendo a una inocente hijita que tenía la ilusión de poseer una estrella..." (cfr. III.6.1.44).

0.- Quimérica fazaña VG

A dedicatoria de DE tamén figura en BB e FR.

Carmen Fernández-Noriega Almansa é filla do segundo matrimonio do poeta; naceu en Trasalba, concello de Amoeiro (Ourense) o 16 de setembro de 1918 (vid. I 2.1.3).

2.- pr'a VG, DO, DE; pra LR

3.- d'a VG, LR, DO, DE

Para *crista* vid. nota a M 6.34.

4.- aos ceyos VG; a os ceyos LR, DO, DE; ós ceos FR

É este o único caso, xunto con E 83.13, en que representa desta forma (*aos / a os*) a contracción da preposición *a* e mais o artigo; sorprende a súa reiteración en todas as edicións en vida do autor, o que nos obriga a mantela; metricamente conta como unha soa sílaba.

5.- Y-eu VG, LR, DO, DE; E eu BB, FR // Xesús VG, BB, FR // C'o LR, DO

Para *Jesús / Xesús* vid. nota a E 12.25; neste caso a variante de VG debe ser do autor, pois esta publicación non se caracterizaba pola preocupación polo idioma.

7.- e a VG, BB, FR; y-a LR, DO, DE // d'o VG, LR, DO, DE

Colocamos coma ao final do verso, aínda que só figura en VG e LR, por considerala necesaria para o sentido do verso; en LR *tamaña* tamén leva maiúscula.

xoia dun ánxel foi: logrei collela.

10 Naide veña a ofrendarme unha coroa,
naide pense ora en dar-me a noraboa,
meu inaudito esforzo festexando.

Para que a paisanaxe me non gabe
sabe a miña humildanza, e Jesús sabe,
que, si a proeza fixen, foi soñando...

Venus é un planeta do sistema solar que por ser o máis brillante do ceo soe confundirse cunha estrela..

8.- xoya d'un VG, LR, DO, DE // ánzal LR

Aparece tamén a forma *ánxel* en E 44.84, 61.0 e 61.13; *ánxeles* en 69.12; vid. tamén nota a E 28.7.

11.- celebrando VG, LR, DO

12.- no me VG

Para a anteposición do adverbio de negación ao pronome átono (*me non*) vid. nota a E 33.7.

13.- Xesús VG, BB, FR

49

É torpe o mar...

É torpe o mar, que se quebra
 nun grao da area, i é meigo
 o val; pero as serranías
 ¡son veciñanzas do ceio!

Métrica

Cuarteta asonantada, 8 (-a-a) con rima en e-o.

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 188, 15.7.1909; MT, 153; D, 41; DO, 12; DE, 161; SMR; AI, 34; HNV, 3; BB, 119.

No nº 1 da revista *Nós* figura traducido ao francés por Phileas Lebesgue (150), tradución da que hai copia manuscrita do autor en ATP.

Variantes e comentarios

Esta composición, xunto coa nº 16, é a que máis directamente escarnece o mar para gabar a montaña.

0.- En MD e MT non leva título.

2.- n-un grao d'area, y-é bello MD; n'un grao d'area, y-é bello MT; n'un grao d'area, y-é meigo D, DO, SMR; n'un grao d'a area, y-é meigo DE // de area AI, HNV // e é meigo B B

4.- veciñanza AI, HNV // d'o ceyo MD, MT, D, DO, DE, SMR

50

Bendita seña a ialba

¡Bendita seña a ialba,
i el-Señor que nola manda!
Pop.

Métrica

Pareado, 8 (aa).

Edicións anteriores

DO, 75; DE, 162.

Variantes e comentarios

Este pareado e a cuarteta inicial da obra son as únicas composicións que levan a indicación da súa procedencia popular, segundo tamén sinalara Fermín Bouza Brey, que engade: "De todas suertes resulta extraño este intercalado de poemas populares que han sido oídos muchas veces y publicados hace muchos años en diversas colecciones folklóricas..." (151). En realidade, e aínda que figuran en páxinas diferentes en DE, funciona como introdución ao poema seguinte.

0.- Bendita sexa a y-alba... DO; Bendita seña a y-alba DE

1.- Bendita sexa a y-alba DO; Bendita seña a y-alba DE

Para que este verso poida contabilizar como octosílabo é preciso non realizar ningún tipo de sinalefa, que é norma habitual no autor.

Sobre as formas *seña / sexa* vid. nota a M 21.5.

2.- y-El Señor DO; y-El-Señor DE // no la DO, DE

O artigo arcaico *el* só aparece acompañando a *Señor*; vid. nota a E 4.17.

51

¡Bendita sea a luz do día!

(De Aquilino Ribeiro)

Métrica

8 pareados, 8 sílabas (aa), menos os vv. 1, 2, 8, 9 e 12 (de 9 sílabas) e o v. 11 (de 10 sílabas).

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 225, 1.4.1928; DO, 76; DE, 163; BB, 120; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril 1984.

En AS figura como indicación final «Traducción de A. Noriega».

Variantes e comentarios

Esta composición é unha versión ao galego dunha oración de carácter tradicional e popular que o poeta achou lendo unha novela portuguesa, *Andam faunos pelos bosques*, de Aquilino Ribeiro, e que a partir de aí lle atribuíu. Esta novela publicouse por primeira vez en 1926 e dous anos máis tarde xa apareceu esta versión. En 1943 Noriega, recomendándolle lecturas a un amigo, escribe: "... y, cuando menos, en portugués, *pra estoupar de risa*, el libro intitulado «Andam faunos pelos bosques», cuyo autor, un tremendo humorista, no recuerdo" (vid. III.6.1.41). Reproducimos da novela os versos en portugués coas palabras precedentes: "E, interrompendo devaneios e devoções, recitou a oração da manhã:

Bendita seja a luz do dia,
 bendito seja quem a cria;
 bendita a água das fontes,
 bendita a urze dos montes;
 bendito o linho na estriga,
 bendito o pão na espiga
 e o pão alvo já cozido;
 bendito o rico e o desvalido;
 bendita a ovelha que dá a lã,
 e o arado que lavra a chã;
 bendita a Vigem Santa Maria,
 para que nos dê um bom dia,
 e na hora da nossa morte
 nos assista e nos conforte,
 nos dê graça, nos dê luz,
 ora e sempre, amém Jesus!" (152).

Da 3ª edición, 1931, desta novela recóllea Leite de Vasconcellos dentro do apartado "Orações tradicionais à hora de levantar", xunto con outras similares, recollida algunha tamén na Beira Alta (153).

Mariño Ferro recolle unha oración parecida en Galiza, aínda que en español:

Bendito sea el día
 y el Señor que nos lo envía;
 bendita sea la mañana
 y el Señor que nos la manda (154).

- Bendita sea a luz do día,
 bendita seña quen a cría,
 bendita a iauga das fontes,
 bendita a urce dos montes;
 5 bendito o liño na estriga,
 bendito o pan na espiga,
 e o pan branco, xa cocido;
 [bendito o rico e o desvalido];
 bendita a ovella que dá a lan,
 10 i o arado que labra o chan;
 bendita a Virxen Santa María
 para que nos dé un bon día,
 e na hora da nosa morte
 nos asista e nos conforte,
 15 nos dé gracia, nos día lus,

0.- sexa AS, DO // d'o AS, DO, DE

En todas as edicións figura debaixo do título «(De Aquilino Ribeiro)».

Aquilino Ribeiro (1885-1963), escritor portugués natural da Beira, á que está tan unida unha parte importante da súa obra, ten unha extensa produción literaria, que abranxe contos, romances e novelas, estudos literarios e etnográficos, e traducións; mais non cultivou a poesía. Por achar nelas certo paralelismo con Noriega, citamos as seguintes palabras que sobre el escribiu Fernández del Riego: "Sabido é que o home das *Terras do Demo* desceu da montaña. Soupo ollar así ás persoas que pasaban, que rían ou que choraban, a traveso da súa óptica de montañés. Pero, inda permanecendo sempre intrinsecamente fiel á súa terra orixinaria, foi de feito un escritor universal" (155).

1.- sexa AS, DO // d'o AS, DO, DE

2.- sexa AS, DO // que-na DE

3.- a y-augo das AS; a y-auga d'as DO,DE; a auga das BB, AM

4.- urze AS, DO // d'os AS, DO, DE

7.- pan albo AS, DO

8.- Este verso falta en DE e, por tanto tamén en BB e AM; sen dúbida foi un erro de impresión, pois o verso figura nas dúas edicións anteriores, así como no orixinal de Aquilino Ribeiro e en Leite de Vasconcelos.

9.- A forma *lan*, impropia da área mindoniense, vénlle imposta ao autor por necesidades de rima con *chan*, v. 10, que tampouco é forma usado polo autor, senón *chao*, *chau*; mais a fidelidade ao orixinal portugués esíxelle estas dúas formas, que noutros contextos non utiliza, para poder manter a rima

10.- y-o AS, DO, DE; e o BB, AM

Obsérvese que no v. 7 mantén a conxunción *e* do orixinal portugués, mentres que aquí a troca en *i*, sendo igual o contexto.

A forma *chan* é allea aos usos lingüísticos do autor, que emprega sempre *chau* ou *chao*; aquí vénlle esixida pola rima.

11.- Na reprodución de Leite de Vasconcelos citada (vid. *supra*) non figura a palabra *Santa*, co que o verso se mantén nas oito sílabas.

13.- d'a AS, DO, DE

15.- dé luz AS; dé lus DO

A forma *día*, do presente de subxuntivo do verbo *dar*, é a que corresponde á área mindoniense (156); cfr. PNR 3.1 (*Dios lles día ós que se van*).

ora e sempre, amén Jesús.

5 2

É de prata a folerpiña...

(Bilingüe)

É de prata a folerpiña,
de ouro vello a frol da xesta:
ben pode rumbar o monte,
¡señor de tanta riqueza!

- 5 *Plata es el copo de nieve,
oro la flor de retama,
puedes estar orgullosa
¡de tu riqueza, montaña!*

Métrica

2 cuartetos asonantados, 8 (-a-a).

Edicións anteriores

Coruña Moderna, nº 66, 3.6.1906; *Mondoñedo*, nº 106, 13.12.1907; *El Eco de Villalba*, nº 10, 1.8.1908; *Mondoñedo*, nº 191, 3.8.1909; MT, 89; *Vida Gallega*, Vigo, nº 34, 1911; D, 37; DO, 35; DE, 164; *O Gaitero de Lugo*, 1948; SMR; BB, 121.

En CM, MD07, EV e GL figura só a primeira estrofa (vv. 1-4).

Variantes e comentarios

A primeira estrofa é citada por Aquilino Iglesia Alvariño como exemplo de *teençon* con Leiras Pulpeiro: "A esta copla de Noriega... responde Leiras: *Es cadaval polos cimbrós; ¡ nos baixos, fraga famenta. ¡ Ben podes rumbar, montaña, ¡ ben podes botar por ela. ¡ Non sei con que ollos te miran ¡ quenes te soñan e gaban. ¡ Nin que os toxos no espiñasen ¡ e anque as xestas non gafaran.* El exemplo de retesía es tan claro que nos dispensa de citar outros lugares. Son varios los que en Leiras mantienen este carácter polémico frente a Noriega, y en este último no faltan tampoco" (157). Sen negar esta afirmación, cómpre termos en conta a opinión de Reimunde Noreña, quen, partindo da biografía de Lence-Santar sobre Leiras, na que di que este escribiu o poema "Pousadoiro", dedicado á Mariña, inmediatamente despois de ler "A a Montaña" de Aurelio Ribalta, escribe: "Portanto esa preferencia temática pola Mariña *versus* a Montaña iniciou-se con Ribalta e non con Noriega, que por esa mesma data correxía os seus versos coa axuda do médico" (158). Alonso Montero pregúntase se dous deses versos tamén citados por Aquilino (*Non sei con que ollos te miran ¡ quenes te soñan e gaban*) non irán dirixidos contra Noriega (159).

0.- Bilingüe MD09, MT, VG // **prat'a** D, DO, DE, SMR

En CM, MD07 e EV non leva título; en GL figura entre E 37 e os tres primeiros versos de E 4 co título común de "cantigas".

1.- **prat'a** CM, MD09, MT, VG, D, DO, DE, GL, SMR

2.- **d'ouro... d'a** CM, MD07, EV, MD09, MT, VG, D, DO, DE, GL, SMR

53

En nome de Jesús

¿Foi de home?, ¿de muller?... Non o adiviño;
 mais por Dios reprobada sempre sea
 a infeliz ocorrencia, a torpe idea
 de prender, sin delito, a un paxariño.

- 5 Xa ben vin nunha xaula, murcha, absorta,
 certa aveciña, pra quen bosque é vida;
 ¿e sabedes que eu fixen de seguida?
 En nome de Jesús, abrinlle a porta.

Métrica

2 cuartetos, 11 (ABBA) (160).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 107, 15.5.1918; *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 72, 15.11.1918; D, 39; DO, 80; DE, 165; BB, 122.

En ANT leva como indicación final «1918».

Variantes e comentarios

0.- Xesús ANT; Xesús BB

En D leva como dedicatoria «A Clotilde Castro».

1.- d'home VG, ANT, D, DO, DE // No no VG, ANT; Non-o D, DO

Novamente comeza unha composición cunha pregunta: vid. nota a E 12.1. Para *non o* vid. nota a M 7.16 e 9.10.

2.- Deus ANT

Achamos esta mesma variante en E 33.1, na mesma edición; vid. nota a ese verso.

3.- infelís ANT // torp'idea VG, D, DO, DE

5.- n'unha VG, ANT, D, DO, DE

6.- cert'aveciña VG, ANT, D, DO, DE // bosqu'é VG, D, DO, DE

7.- qu'eu VG, ANT, D, DO, DE

8.- Xesús ANT, BB // abrinll'a VG, D, DO, DE

O mesmo poeta cita os versos desta última estrofa, comparándoos con outros de F. Jammes: "Recuerda Francis «su niñez triste, cuando llorar le hacían, sólo al verios, los enjaulados pájaros, que piaban, piaban, faltos de libertad». Termino yo así una composicioncilla, que gustó..." (vid. III.6.1.44).

54

A Saudade

(Tortura, con punzante delicia)

Sol a queima, i auga a molla,
i anda a probiña sen guía,
buscando quen a recolla,

Métrica

6 cuartetos, 8 (abab); o v. 18 é tetrasílabo.

Edicións anteriores

Justicia, Mondoñedo, nº 14, 23.10.1921; *Terra Gallega*, Habana, nº 4-5, Febreiro-Marzal 1922; *Tríptico*, Coimbra, nº 6, 15.1.1925; *La Voz de Galicia*, Coruña, 24.5.1925; *Céltiga*, Buenos Aires, nº 26, 25.1.1926; *A Águia*, Porto; DO, 27-28; *El Progreso*, Lugo, 19.5.1946; DE, 166-167; BVJ, 363-364; ECH; RAG, 46-47; XAM, 173-174; JMB, 381; BB, 123-124.

En AAG leva como indicación final «Trasalba (Orense)»; en XAM, «1920»; en JMB «De *Do ermo*, 3ª ed., Mondoñedo, 1929». En ECH vai seguida da tradución ao español (161).

Variantes e comentarios

A saudade tamén aparece como tema explícito en E 71 e 99 (*Señardá*); asociada ao paso do tempo en 88 e 90.

0.- Saudade TG, AAG; A Soidade TR

En J leva como dedicatoria «Para Eduardo Lence-Santar y Guitián» (162) e en AAG «Para Maria da Glória Teixeira de Vasconcelos, a Rosalia de Lusitânia» (163). En CE figura' debaixo do título «(D'as "Mysticas")» (vid. nota a E 4.0), o que vén confirmar que o poema é posterior á publicación da 1ª edición de *Do Ermo*, pois, ademais de non figurar nesta, o proxecto dun novo libro con ese título surxiu posteriormente.

A expresión *Tortura, con punzante delicia* figura por primeira vez en DE, reproducida despois en BVJ, ECH, RAG e BB.

1.- Y-aug'a J, CE, AAG; y-auga a TG, LVG, DO, EP, DE, BVJ, ECH, RAG, JMB; e auga a TR; auga a B B

A ausencia de determinantes en *sol* e *auga* dálle a estes suxeitos un ton enfático que posibilita a proclise do pronome átono; idéntica construción temos en E 58.2-3 (*Lúa o mima / e pérolas mo enfeitán*).

2.- y-and'a J, LVG, CE, AAG, DO, EP; y-anda a DE, BVJ, ECH, RAG, JMB; e-anda a TR; e anda a BB // pobriña TR // sin J, LVG, AAG; seu EP // gui'a AAG

Este verso falta en TG.

A utilización de *sen* como preposición é moi minoritaria na obra, onde só aparece neste poema ,vv. 2 e 22, e en 83.10; nos demais casos, 10 en total, temos *sin*; vid. nota a M 3.166.

3.- que na J, TG, LVG, ECH; que-na CE, DO, EP, DE, BVJ, RAG; quen-a AAG

desque morreu Rosalía.

- 5 Pisa cardos, pisa abrollos,
i a penas o sol se pon,
coas lagrimiñas nos ollos
entra no meu corazón.

- Vén, de mansiño, coa lúa...
10 ¡Dios sabe de donde chega!
Portugal dice que é súa,
i as brétemas que é gallega.

- ¡I a enmeigadora sorrí!,
méntre-la festexo eu,
15 porque se demora aquí,
si é certo que alá naceu.

¡Hai nestes ermos lugares
branca ermida!,

4.- dés-que TR

Para *Rosalía* vid. nota a M 1.26; o tema da *saudade* está moi presente no seu libro *Follas novas*.

5.- pis'abrollos J, LVG, CE, AAG

6.- y-*apenas* J, TG, LVG, CE, AAG, DO, EP, DE, BVJ, RAG, JMB; e-*apénas* TR; e *apenas* BB; y *apenas* ECH; i *apenas* XAM

7.- co-as J, TG, TR, LVG, CE, AAG, DO, EP, DE, RAG

9.- Vem TR; Ben AAG // co-a J, TG, TR, LVG, CE, AAG, DO, EP, DE, RAG

10.- Deus TR

11.- qu'é J, TG, LVG, CE, AAG, DO, EP, DE, RAG

Portugal comparte con Galiza o dominio da *saudade*, sentimento común a estes dous pobos irmáns. Mesmo houbo unha asociación literaria, o grupo da «Renascença Portuguesa», que, baixo a orientación de Teixeira de Pascoaes, tomou o saudosismo como principio inspirador; os poetas saudosistas tiveron grande influencia en Noriega, nomeadamente Teixeira, con quen mantivo estreita amizade e a quen admiraba extraordinariamente: "... teneis *la misión altísima* de anunciar a *Boa Nova*, sois el paladín, *forte e valeroso, da Saudade, a Virgem Mãe da gram raça portuguesa*. No hay, no hay poetas ni poesía, donde quiera!, que alcancen tales alturas. ¡Firmemente creo que sois un singular predestinado!" (cfr. III.6.1.9).

12.- y-as J, TG, LVG, CE, AAG, DO, EP, DE, BVJ, ECH, RAG, JMB; e-as TR; e as BB // qu'é J, TG, LVG, CE, AAG, DO, EP, DE, RAG

13.- Y-a J, LVG, CE, AAG, DO, DE, BVJ, RAG, JMB; T-a TG; E-a TR; Y a ECH; E a BB

14.- méntre-la J, AAG; méntre-la TG, LVG, CE, DO, EP, DE, BVJ, RAG, JMB; mentra-la TR; mentre la ECH; mentras a XAM // mentres festexo eu B B

En contra da norma xeral do autor, neste verso non se debe facer a sinalefa para que o verso conte como octosílabo.

Para *méntre-la festexo* vid. nota a E 22.9.

17.- Hay n'estes J, TG, TR, LVG, CE, AAG, EP, DE, RAG; Hai n-estes BVJ; Hai n-estos ECH; Hai n'estes JMB

18.- hermida CE

20 i us penedos, i us pinares,
que lle cautivan a vida...

Sol a queima, i auga a molla,
i anda a probiña sen guía,
buscando quen a recolla,
desque morreu Rosalía.

19.- y-us..., y-us J, LVG, CE, AAG, DO, EP, DE, BVJ, ECH, RAG, JMB; y-os..., y-os TG; e-uns..., e uns TR // e us penedos, us pinares B B

Us é o plural correspondente ao singular *un*, segundo a norma mindoniense de formación do plural das palabras terminadas en *-n* (vid. nota a M 3.115 e tamén a M 1.55).

20.- lhe TR // cautivan-a J, AAG, BVJ, JMB; cautiva-na TG, LVG, CE, DO, EP, DE, RAG

21.- y-aug'a J, LVG, CE, AAG; y-auga a TG, DO, EP, DE, BVJ, ECH, RAG, JMB; e-auga a TR; e auga a B B

22.- y-and'a J, LVG, CE, AAG, DO, EP, DE, RAG; y-anda a TG, BVJ, JMB; e anda TR, BB // y-anda probiña ECH // pobriña TR // sin J, TG, LVG, AAG; seu EP // gui'a AAG

23.- que na J, TG, LVG, AAG; que-na CE, DO, EP, DE, BVJ, ECH, RAG

24.- dés que TR

Do mesmo modo que en E 4, 44, 66 o poema comeza e remata coa mesma estrofa, adquirindo unha estrutura circular ou fechada.

55

In conspectu maris

(Pra Xulio Sigüenza)

-Mociña, ¡que desmarcados
penedos, cubertos de auga!

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en a-a; os vv. 21-22 teñen sete sílabas.

Edicións anteriores

El Progreso, Lugo, 9.11.1941; DE, 168-169; BB, 125-126.

Coñecemos unha edición anterior, en *Vallibria*, Mondoñedo, nº 440, 23.7.1938, co título de "Aldeña serrana... (In conspectu maris)", mais o mal estado do impreso ao que tivemos acceso non nos permite ofrecer unha lectura fiábel.

Variantes e comentarios

A tenzón entre o mar e a montaña preséntase aquí con máis claridade que en ningún outro poema da obra, debido á forma dialogada; o tema tamén está presente en E 15, 16, 49. Formalmente é similar a PEX 9, os dous puro dialoxismo, aínda que non sexan os únicos, pois o autor gusta desta fórmula, que levou a Lázaro Montero a exclamar, falando do diálogo en Rosalía: "¡qué bien lo maneja Noriega Varela!" (164); vid. tamén PE 2, talvez o primeiro texto do autor, polo que el mesmo declara (vid. III 5.3).

Afirma Otero Pedrayo: "Após de entramos libros Noriega escribiu algúns fermosos poemas. Sempre no mesmo rego. Pensamos, entre outros, no tidoado «In conspectu maris» do 1946. Desenrola, baixo perfecta lus os argumentos da retesía entre riveira e montana, e non deixa de descubrir, pro seu ben, a escola dos outros diálogos, de castro a castro, de xeneración a xeneración, manexados con beleza de calidade preática por o bardo Pondal" (165).

0.- Este título en latín denota a afección do poeta polo idioma do Lacio e o coñecemento que del posuía, adquirido na súa etapa de estudante no Seminario de Mondoñedo; ademais das constantes referencias ao latín en B, están tamén nesta lingua os títulos de E 60 e 98, ou os de PNR 19, 20, 33, 45.

A dedicatoria de DE figura tamén en BB.

Xulio Sigüenza Raimúndez (A Coruña 1900-Vigo 1965) viviu durante moito tempo en América, como emigrante, dedicado a actividades culturais. De volta a Galiza, exerceu o xornalismo, chegando a ser redactor-xefe de *El Pueblo Gallego*. Editou un libro de poemas, *Cantigas e verbas ao ar*, en 1928. En 1946 publicou un artigo nalgún importante xornal galego titulado "El homenaje regional a Noriega Varela", no que exaltaba a figura do poeta e solicitaba a colaboración na homenaxe que se estaba preparando; talvez por iso lle dedicou este poema ese mesmo ano.

1.- Meniña EP

2.- d'auga EP, DE

- Seixiño, do sol ferido,
 lembra a estreliña da ialba.
- 5 -¿Tu queres ver? ¡Mar de fondo
 i o demo ceibo na barra!
- Vin na folla dunha rosa
 tremelucindo unha bágoa:
- ¡Olgas!
 -Loureiriños verdes
- 10 ó redor da miña casa.
- Gueivotas!
 -Os meus amores
 traen ós merlos nas palmas.
- Conchas!
 -Mellor cabrinfollos
 e recendentes azaias.
- 15 -As dornas.
 - ¡As ermidiñas!
- O sol.
 -As sombras das pravias!

3.- d'o EP, DE

4.- d'a yalba EP; d'a y-alba DE; da alba B B

6.- y-o EP, DE; e o B B

Este verso áchase repetido en varias composicións do autor: vid. nota a M 15.32.

7.- d'unha EP, DE

8.- Aínda que en E 34.14 aparecía *tremelucindo* adaptado dun texto portugués, este verbo vai ser usado tamén en dous sonetos: 65.6 (*tremelucen doñás de rocto*) e 91.6 (*un sol que tremeluce*) como forma plenamente galega, recollida así na maior parte dos nosos dicionarios.

9.- As *olgas* son máis comunmente denominadas *algas*, plantas mariñas.

10.- d'a EP, DE

13.- Os *cabrinfollos* ou *cadrifollos* son as madresilvas, tamén chamadas *garnicelas* (vid. nota a M 10.13); o propio poeta o explica: "Es una pena tener que sortear estos lodazales, tras haber respirado aires purísimos, y los perfumes de las madreselvas, que, en nuestra lengua de arrullo se llaman cabrinfollos, o garnicelas (vid. III.6.1.44).

14.- azayas EP, DE

Para *azaias* vid. nota a E 7.13.

16.- d'as EP, DE

Para *pravias* vid. nota a E 9.48.

.....

 -Pois da beiramar renegas,
 ¿de que ermo sitio es, rapaza?

20 -Nacer, nacín en Corvelle;
 pro teño os ollos na Graña.

“Aldeíña serrana,
 ¡aldeíña da Graña!,
 donde se dan os bos mozos
 com'os salgueiros na lama...”

17.- d'a EP, DE

19.- Corbelle EP, DE, BB

A fórmula *nacer, nacín* é moi frecuente na fala para afirmar algo do que non se poden prever os resultados; soe ir seguida de adversativa (cfr. "Eu cantar, cantar, cantei..." de Rosalía).

Corvelle: hai dúas freguesías máis ou menos a igual distancia da Graña de Vilarente, unha no municipio de Vilalba e outra no de Pastoriza, que teñen esta mesma denominación; podería referirse a calquera delas. A súa orixe na voz *corvo* aconsella escribila con *v*, tal como se fai actualmente.

20.- Na *Graña de Vilarente*, concello de Abadín, estivo o poeta destinado desde 1926 a 1931; vid. nota a E 2.3 e 2.8.

22.- d'a EP, DE

24.- coma os BB

A utilización de cantares populares ao final das composicións , vv, 21-24, intensificouse na última etapa do poeta: vid., por exemplo, PNR 42, 44, 45; PE 9.

56

A brétema

*(Prá miña filla Cándida)*Métrica

Soneto, 11 (ABAB ABAB CCD EED).

Edicións anteriores

Ms, 27.1.1924; DO, 16; DE, 170; JNL, 12; FDR, 23; XA, 52; RAG, 48; AI, 29; *Chan*, Madrid, nº 6, 1 quincena Mayo 1969; *El Progreso*, Lugo, 17.5.1969; HNV, 3; JMB, 138; FFR, 230; BB, 127; GEG, 119-120; FR, 113.

Para Ms. vid. III 6.1.16; en JMB leva como anotación final «De *Do ermo*, 3ª ed., Mondoñedo, 1929». En DE, 217 figura traducido ao italiano coa seguinte nota introdutoria: «Traducción hecha al italiano por Guido Battelli de la composición titulada 'A Brétema'»; esta mesma tradución fora publicada con anterioridade en *Vallibria*, Mondoñedo, nº 34 (Suplemento), 20.10.1930, e na revista *Nós*, Ourense, nº 84, 15.12.1930 (166). Tamén en ECH hai unha tradución ao español (167).

Variantes e comentarios

En Ms. vai precedido das seguintes palabras: "Actualmente preparo Tenuis pluvia, una coleccioncita de cincuenta sonetos de índole montañesa, como todo cuanto produzco" (cfr. III.6.1.16).

Carballo Calero, falando dos sonetos, e referíndose a este en concreto, afirma: "Predominantemente son lírica da natureza. Sitúase o poeta fronte a un mundo bucólico, o do ermo, e espésao, pero non polo xeral se mantendo independente del, senón personificándoo en canto, polo menos, ouxeto do seu apóstrofe. Para o poeta, ese mundo non é unha terceira, senón unha segunda persoa. A personificación avanza nalgúns casos cara á humanización dos elementos que o poeta defronta. É o casa da brétema" (168).

Salvador Lorenzana tamén se refire a este poema para dicir: "O sentimento táctil albíscase, asimade, de cando en vez. É a brétema, tan manifesta sempre na lírica norieguesa, a que nunha ocasión o protagoniza" (169).

Alonso Montero, nun artigo sobre este soneto, afirma que "invita a muy serias consideraciones sobre los límites de la obra literaria", pois pensa que despois do primeiro serventesio o poema descende alarmanamente (170).

José Nistal López conta que a xénese deste poema está nunha anécdota coa súa filla Cándida, que un día lle pediu un colar moi chamativo que había nunha xoiaría de Ourense; o pai, escaso de diñeiro, mais non de imaxinación poética, terminou por lle regalar no seu lugar este soneto (171). Tamén o que figura co nº 48 está baseado noutra anécdota cunha das súas fillas.

0.- A dedicatoria xa figura en Ms, repetíndose despois, ademais de en DE, en DO, RAG, BB e FR.

Cándida Fernández-Noriega Bello é filla do primeiro matrimonio do poeta, cando este estaba de mestre en Foz; acompañaba a seu pai nas súas viaxes a Portugal, onde recitaba poesías de Rosalía, ataviada co traxe típico galego (vid. III.4).

A brétema, ¿tu sabes?, é ceguiña:
os piñeirales pouco a pouco explora,
i anda sempre descalza, e si se espiña,
sangrar, non sangra; pero chorar, chora...

5 ¡Chora copiosamente a pobresiña!,
como chorou Jesús, cal chora a aurora;
i en maus do sol é cada lagrimiña
derramada, unha estrela briladora...

10 ¡Lagrimiñas preciosas!, recollelas
mil veces se me ocorre, pra con elas
facer... (si xa non soño, ¿que eu faría?)

1.- O poeta dialoga coa súa filla, utilizando o ton coloquial que denota a pregunta *¿tu sabes?*, igual que acontece no v. 12 (*¿Unha sarta me pides?*); intimismo, coloquialismo e personificación da brétema, xunto coa ternura, son notas que caracterizan este poema.

2.- *explora* CH

3.- *y-anda* Ms, DO, DE, XA, RAG, CH; *i-anda* EP; *e anda* BB, FR // *s'espiña* Ms, DO, DE, XA, RAG, CH

4.- *pro* CH

Sobre esta estrofa opina Alonso Montero: "Estos primeros cuatro versos poetizan dos notas de por sí poéticas o, por lo menos, no reales: brétema ciega y brétema descalza. Todo ello, visto desde una actitud de callada compasión, encuentra en la lengua de Noriega una adecuada expresión. Tal vez, tal vez el "explora", se nos antoja un poco fuera del tono de la estrofa: ¿Cómo sustituirlo, sin embargo? La estrofa inicial es toda una iluminación poética de la realidad "brétema". Podría desgajarse del cuerpo del poema y presentarla independientemente, en la garantía de que tendría sentido redondo, acabado, en la garantía de que el cuarto verso no nos haría esperar otros nuevos" (172).

5.- Talvez sexa *pobresiña* unha das formas que si podemos considerar como influencia do portugués; só aparece nos sonetos, neste e en 89.5 (*Outra terra non vin máis pobresiña*), tendo antes sempre a forma producida por metátese vulgar *prob-* (vid. nota a M 2.34 e E 24.1); unicamente nestes dous casos aparece a raíz *pobr-*; é de destacar o uso frecuente desta forma adxectiva nos poetas portugueses máis lidos e admirados por Noriega, especialmente Teixeira de Pascoaes, onde achamos versos como *Irmãs pedras! Ó fontes pobrezinhas!* no seu soneto "S. Francisco de Assis" (173).

6.- *Xesús* GEG, FR

Para a metáfora tópica *chora a aurora* vid. nota a E 31.4.

7.- *y-en maus d'o* Ms, DO, DE, XA, RAG; *e en maus do* BB, FR

8.- *briladora* Ms, DO, FDR, A1, EP, HNV, JMB, BB, GEG, FR

O pseudogaleguismo *briladora* é dos escasísimos que o autor utiliza, aínda que só sexa en DE; tamén temos en M as formas *brilantes* e *brila*: vid. nota a M 3.34.

Afirma Alonso Montero: "El segundo serventesio es una infeliz vuelta a uno de los motivos del primero: el "chorar" cabalmente expresado en el mero nombrar del cuarto verso e incompletamente nombrado en los cuatro versos de la segunda estrofa" (174).

10.- *m'ocurre* DO, DE, XA, RAG, CH

11.- *qu'eu* Ms, DO, DE, XA, RAG

¿Unha sarta me pides? Lograreina,
 ¡como un rei a quixera pra unha reina!,
 como nunca se veu na xoiería.

13.- rey ... reyna Ms, DO, DE, XA, RAG, CH,

Para a graffía y vid. notas a E 13.10, 26.3 e 36.3; engadamos que en 1911 escribía Teixeira de Pascoaes: "Quanto ao emprego do y, atendendo sempre às regras expostas, deve desaparecer de quase todas as palavras portuguesas" (175).

14.- xoyería Ms, DO, DE, XA, RAG, CH

Alonso Montero pensa que o descenso poético se fai máis grande aínda nos sonetos, para engadir: "Nuestro autor, hombre no exento de Humanidades y de respeto a la Poética, piensa en la más prestigiosa de las estructuras métricas, el soneto, para decirnos su contenido. Apenas terminada la primera estrofa siente que lo esencial ya está dicho. Pero no se detiene. Es preciso hacer un soneto, la más bella de las formas, algo tentador. Como nada legítimo hay para las tres estrofas siguientes recurre a la inútil repetición de la prosaica comparación. Es un penoso jadedear en busca de motivos inoportunos y, por tanto, inoperantes. Al final el soneto no es la forma que el tema requería, que el tema exigía. A esa realidad y a la intuición y el sentimiento que de ella tenía Noriega, le bastaba el serventesio" (176).

57

Deixa os armiños de Helvecia...

Deixa os armiños de Helvecia
 i os diamantes de Golconda...
 «¿Tes un dengue colorado?,
 non podes ter millor cousa
 5 ¡para andar coloreando

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en o-a.

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 190, 28.7.1909; *El Eco de Villalba*, nº 35, 3.8.1909; *Almanaque Gallego*, Buenos Aires, 1910; MT, 149; D, 33; DO, 37; DE, 171; SMR; BB, 128.

En AG leva como anotación final «Foz (Lugo), 1909».

Variantes e comentarios

Sebastián Martínez Risco di citando este poema: "Acabaríamos por comprender que la tónica plástica de este altísimo poeta es la acuarela, después de admirar este apunte, de fino pormenor cromático" (177).

A respecto desta composición, así como de E 55 e 101, escribe Fermín Bouza Brey: "Cosa distinta es la aparición de poesías de factura plenamente norieguesa en las que el gran cantor de las humildes cosas y de los eternos afectos en lo pequeño, con admirable espíritu selectivo, incrusta, como un hermoso pedrusco, cantares de la lírica popular [...] Todo ello revela un amor, un inmenso amor a la poética del pueblo" (178).

0.- Valiosísima prenda MT // d'Helvecia D, DO, DE, SMR

En MD, EV e AG non leva título.

1.- d'Helvecia MD, EV, AG, MT, D, DO, DE, SMR

Armiños é unha metonimia para indicar as prendas de vestir feitas coa pel deses animais; vid. nota a E 17.7.

Helvecia: parte oriental das Galias que comprendía aproximadamente o territorio ocupado na actualidade por Suíza e que estaba habitada polos helvecios; no texto equivale a Suíza.

2.- y-os MD, EV, AG, MT, D, DO, DE, SMR; e os BB

Golconda: fortaleza e cidade en ruínas da India, que foi capital dun vasto imperio destruído en 1687. Fora centro de produción, talla e pulido de diamantes; a sonda dos seus tesouros é lendaria. É referente exótico na poesía modernista de Rubén Darío, por exemplo, quen a cita nalgúns poemas, como en "Sonatina": *¿Piensa acaso en el príncipe de Golconda o de China?* (179). Mesmo en *Mondoñedo* actuaba en 1935 unha comparsa chamada "Los Súrdatas de Golconda", que interpretaba unha canción co mesmo título, cuxa letra foi composta por Xosé Díaz Xácome (180).

Nos vv. 1-2 o poeta renega das novas modas no vestir, como tamén fixera en M 1.

5.- par'andar MD, EV, AG, MT, DO, DE, SMR

polo carreiro da chousa!».

6.- pol-o ... d'a MD, EV, AG, MT, DO, DE, SMR

O cantar popular dos versos 3-6 é unha exaltación do modo de vestir tradicional, representado aquí polo *dengue*, así como en E 2 o poeta fixo representalo polo *pano*.

Escalvada montaña...

Bóveda, Xavier caro...

Escalvada montaña; mais na cima
 ¡inda aquel piñeiriño! Lúa o mima
 e pérolas mo enfeitan. Nil se reve
 saudosa estrelaña... Báteo a neve,

Métrica

4 pareados, 11 (AA).

Edicións anteriores

D, 105; *Acción Social*, Mondoñedo, nº 27, 1.12.1920; DO, 54; DE, 172; BB, 129; FR, 104.

Variantes e comentarios

Salvador Lorenzana reproduce os seis primeiros versos co seguinte comentario: "En toda a obra do poeta mindoniense vive a montana, na súa expresión máis nidia: a natureza do ar, a austeridade da paisaxe, a limpeza das augas, a castidade e sinxeleza das frores. Con sobrio e sucinto lingoaxe, amósanola definitiva a traveso de elementos esenciais" (181).

0.- En AS este poema vai seguido doutro de Xavier Bóveda dedicado a Noriega (vid. III.8.9) e os dous levan un título común: «Mutuo».

A dedicatoria de DE repítese en BB e FR; en D e AS é «A Xavier Bóveda»; en AS esta dedicatoria leva unha nota explicativa que di: «Autor de 'Los poemas de los pinos'».

Xavier Bóveda Pérez (Gomesende, Ourense, 1898-Madrid, 1963) desenvolveu a súa actividade literaria en lingua castelá, entre Galiza e Madrid, até que en 1923 emigrou a Arxentina, onde continuou co seu labor como escritor e como conferenciante. É autor de numerosas obras en verso e en prosa. Noriega dedicoulle este poema con motivo da publicación en Madrid, en 1920, de *Los poemas de los pinos*, o mesmo ano en que el publicara *Do Ermo*, con cuxo poema fecha o libro.

1.- O sintagma *escalvada montaña* é citado por Eladio Rodríguez, mencionando o libro de Noriega, para explicar o significado de "árido, estéril, falta de amenidad" que lle dá ao adxectivo.

2.- *ind'aquel* D, AS, DO, DE; *onde aquel* FR

Para *piñeiriño* vid. nota a E 22.4.

3.- *m'o* D, AS, DO, DE // *N'il* D, AS, DO, DE; *Nel* FR

Nos vv. 2-3 (*Lúa o mima / pérolas mo enfeitan*) dáse a mesma ausencia de determinante e a proclise do pronome vistas en E 54 (*Sol a queima*).

A forma *il* do pronome tónico de 3ª persoa é estraña aos usos do autor, que emprega habitualmente *el*: E 7.18 (*el vaia*), 15.7 (*el pensa*), 22.8 (*el non sabe*), 64.58 (*pra el é de inverno*); tampouco se corresponde coa área mindoniense, aínda que aparece nas súas proximidades, no concello da Pastoriza (182).

Para o significado de *se reve* vid. nota a M 6.26.

4.- *Bate-o* D, AS, DO, DE

5 i os ¡ais! acorda dos videntes idos,
e dos euros que pasan aflixidos.

.....
.....

¡Nume dos harmoniosos!, Xavier caro,
con este piñeiriño te eu comparo.

5.- y-os ... d'os D, AS, DO, DE

Parece haber neste verso unha referencia implícita a Pondal e os seus *Queixumes dos pinos*: "acorda os queixumes vos vates (tamén os piñeiros-profetas do poema *Os pinos*) que xa morreron"; Pondal morreu en 1917, antes da composición desta composición. Tamén a voz *harmoniosos* do v. 7 ten resonancias pondalianas.

6.- d'os D, AS, DO, DE

Os *euros* son os ventos que sopran do Oriente ou Leste.

7.- d'os D, AS, DO, DE

Este escritor, que escribía en español, asinaba sempre na prensa como Xavier Bóveda.

8.- t'eu D, AS, DO, DE

59

A espiña do verde toxo

(Pra Julia Minguillón de Leal Insua,
espiritualísima pintora gallega)

(Navideña)

Nos petruciales escanos
folguémonos tras do lume,
que, ó cabo de centos de anos,
¡n' hai outra festa, paisanos,
5 de máis süave perfume!

Métrica

8 quintillas, 8, con varias combinacións de rima diferentes: 3 (abaab), 3 (aabba), 1 (aabab), 1 (ababa).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 107, 20.12.1907; *El Eco de Villalba*, nº 21, 1.1.1909; MT, 113-115; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 511, 23.12.1939; DE, 173-175; BB, 130-131.

En VA figura o seguinte ao final do poema: «Rosendo de Padornelo / Servus a manu, Antonio Noriega Varela / Santa María de Chavín, nadal de 1939 - Ano d'a Victoria» (183).

Variantes e comentarios

Esta composición reflicte a profunda relixiosidade dos humildes labregos, tal como sucede en E 18, 41, 46, 47, 67 e 76; a tradición e a relixión aparecen como elementos fundamentais da vida na montaña, igual que o son na definición ideolóxica do autor (vid. I. 2.3).

0.- D'o "Natal,, MD, EV; Nadal MT; Noite Boa VA // d'o DE

A dedicatoria de DE figura tamén en BB.

Julia Minguillón (Lugo, 1906- Madrid, 1965), importante pintora galega, casou co escritor e xornalista Francisco Leal Insua, íntimo amigo de Noriega; os dous formaron parte da Comisión de homenaxe ao poeta, presidida por Leal, que en 1946 preparou en Lugo a edición definitiva da súa obra; a todos os seus membros lles dedicou un poema en DE.

1.- N'os MD, EV, VA

Os *petruciales escanos* son os bancos con respaldo pertencentes á casa paterna, do patrucio (*patruciais*); para o plural en *-les* vid. nota a M 5.52.

2.- d'o MD, EV, MT, VA, DE

3.- d'anos MD, EV, MT, VA, DE

4.- n'hai MD, EV, VA, DE; n'hai MT; no hai B B

5.- soave V A

Colocamos diérese en *süave*, aínda que non figura nas edicións, porque é necesaria para que o verso conte como octosílabo.

A incredulidade hostil
 tapa a cara co mandil,
 e dos montañeses lares
 fuxe, porque son altares
 10 do meu Neniño Xentil.

Donde o lobo ronda a ovella,
 fan as tradicións borralla
 cos marcuriaos, coa nocella,
 ¡co demo, que se enguerella
 15 no probe leite de palla!

Donde o lobo ten o tobo
 -pintasilguiño no ovo-,
 vai drento dos corazós.
 o Maior Fillo de Dios,
 20 o Máis Humilde do pobo.

Sin quita-las maus do eixado,

6.- En MD, EV e VA *incredulidade* figura con maiúscula.

7.- tap'a MD, EV, MT // c'o MD, EV, MT, VA, DE

8.- d'os MD, EV, MT, VA, DE

10.- d'o MD, EV, MT, VA, DE

11.- Onde o lobo come MD, EV, MT; Donde o lobo come V A

12.- c'os MD, EV, MT, VA, DE // marcuriáus VA // c'o a MD, EV; co-a MT, VA, DE

A voz *marcuriaos* non figura nos dicionarios; pode tratarse do *mercurial*, planta herbácea e medicinal que medra entre as vides e que se usou como purgante; aparece en Cunqueiro: *Pode ser centeo, herba da fame, silva, mercurial* (184).

A *nocella* é unha planta gramínea cuxa raíz forma nós como contas de rosario; por iso tamén se chama *herba das doas*, ou *marcuria*; é daniña para os cereais.

14.- c'o-a Duda, que s'engarella MD, EV, MT; co-a Impiedá, que se engarella VA // c'o D E

Enguerella ten como forma máis común *enguedella*, 'enmaraña, enreda'; o léxico deste poema revela a súa primitiva pertenza a MT.

16.- Resalta neste verso a aliteración do fonema vocálico /o/.

17.- Com'ο pitiño no ovo MD, EV, MT

En VA o verso vai entre parénteses.

18.- d'os MD, EV, MT, VA, DE

Para o vulgarismo *drento* vid. nota a M 10.21 e a E 34.16.

19.- O Mayor VA, DE

20.- d'o MD, EV, MT, VA, DE

Conservamos as maiúsculas que aparecen nos vv. 19-20 en case todas as edicións, con pequenas variantes, incluída DE, onde tamén a teñen os artigos, por ser significativas do carácter relixioso que o autor lle quixo dar ao texto.

21.- Sin quitál-as maus d'o arado MD, EV, MT // d'o VA, DE

aínda sin haber leído,
comprenden ó Ben-Amado
¡os que máis teñen chorado!,
25 os que máis teñen sufrido...

Millor o entenden, quizais,
que os que coidan saber máis
e se precian de doutores,
os brañegos cavadores
30 i os rapaciños i as nais...

Bon Xesús é o Salvador
do mundo, ¡e ninguén mellor
que eles sabe traducir!,
feridos por desamor,
35 conformes co seu vivir...

Ponlles o significado,
escrito con sangue roxo,
no peito esbragoletado,

22.- En VA o verso figura entre parénteses. É preciso realizar unha sinérese para que o verso conte como octosílabo.

Haber leído é o único caso que achamos deste verbo auxiliar seguido de participio.

23.- Ben Amado MD, EV, MT, VA

26.- Mellor MD, EV, MT, VA cicáis MD, EV, MT

Para *mellor* / *millor* vid. nota a M 2.41 e para as diferentes variantes de *quizais* / *cicáis* vid. nota a E 29.4.

28.- doctores MD, EV

29.- os rústicos labradores MD, EV, MT; iletrados cavadores VA

30.- os ... y-as MD, EV, MT; y-os ... y-as VA, DE; e os ... e as BB

31.- Xesús é o Salvador MD, EV; Xesús é o Salvador MT, VA // Xesús DE

Aínda que en DE e noutras edicións anteriores aparece a forma *Xexús*, non obstante, por ser o único caso, xunto con E 99.10, en que aparece, consideramos que debe ser debida a un erro transmitido involuntariamente.

32.- d'o Mundo, ¡e tal vez mellor MD, EV, MT; d'o Mundo, mais, sin mentor, VA // D'O DE

Igual que sucede nos vv. 19-20, tamén nos vv. 31-32 se observa unha clara vontade do autor por destacar esta referencia relixiosa: en MD aparece en negriña, en EV en cursiva, en MT e DE con todas as letras maiúsculas e en VA subliñada.

33.- logran eles traducir MD, EV, MT; ¡xa iles logran traducir! VA // qu'eles DE

A non utilización por parte do autor da partícula comparativa *ca*, que nunca emprega, lévao a formas como *qu'eles*, que poderían ocultar neste caso a forma *ca*, tal como suxire Antón Santamarina (185). O mesmo acontece, por exemplo, en Pondal.

35.- c'o MD, EV, MT, VA, DE

37.- c'o sangue MT

Para *sangre* vid. nota a E 28.1.

38.- desabrochado MD, EV

a espiña do verde toxo
40 que apañan pra estrar o gado!

A variante deste verso explica o significado de *esbragoletado*, voz tamén recollida por Leiras no seu vocabulario e traducida por "despechugado, que lleva el pecho descubierto".

39.- d'o MD, EV, MT, VA, DE

40.- estral-o M T

60

Popularis aura

Os que do iermo non saben,
 logren, frívola, teu culto,
 en tanto que dos meus labios
 -máis que os da rudeza rudos-,
 5 voan risas embriagadas
 de repugnancia ó barullo;
 meigas risas, que son himnos
 de franco desprecio ó mundo.

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en u-o.

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 118, 10.12.1918; D, 19; DO, 74; DE, 176; BB, 132.

Variantes e comentarios

O tema do *contemptus mundi*, xa visto en E 33, aparece tamén nesta composición e na 80 e 81.

- 1.- d'o yermo VG, D, DO, DE; do ermo BB
- 2.- d'os VG, D, DO, DE
- 3.- qu'os d'a VG, D, DO, DE
- 7.- hymnos VG, D, DO, DE

61

O teu ánxel de luz...

Bendiga o Bon Jesús (Jesús Meniño)
 cada flor que é pró ermo unha festiña,
 cada doa que fulxe en cada espiña,
 cada pluma que brando torne un niño.

5 Bendiga aquel farol (compañeiríño)

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EEC).

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 88, 15.7.1922; *Vida Gallega*, Vigo, nº 202, 20.7.1922; Ms, 23.10.1922; DO, 66; *Cristal*, Pontevedra, nº 1, 25.7.1932; DE, 177; BB, 133; FR, 114.

En AS leva a indicación final de «Trasalba (Orense)», en VG «Trasalba (Orense), 1922»; vid. Ms en III.6.1.10.

Variantes e comentarios

Cando o autor escribe este soneto, estaba pensando iniciar un novo libro: "El novísimo libro que preparo será una colección de sonetos mimosinhos. El soneto observo qe. fue poco cultivado aun por los Vates gallegos de mayor renombre. Yo, tan amigo de la síntesis, voy a ver si me atrevo a hilvanar medio ciento de sonetos. Y con tal que en realidad me salga uno... ¡halagadísimo de mi fortuna!

Mándeme, si le es fácil, algún soneto de muestra. Hay en Portugal Maestros del soneto qe. se pueden codear con los mejorcitos del mundo; leí entusiasmado "Alma minha" y conozco algunos de Bocage, y uno de Antero (Antero es aquí famosísimo). Le adjunto Invocando a Jesús, el 1º de la colección" (cfr. III.6.1.10).

A natureza impregnada de relixiosidade está presente como tema central nesta composición, así como en E 7, 25, 39, 78; a ternura como alma de Galiza aparece explicitamente noutros dous sonetos, 62 e 69.

0.- Invocando a Jesús AS, VG, Ms

En VG leva como dedicatoria «Para Francisca Herrera y Garrido, dispensadora de su inimitable, gentilísima ternura» (186); está precedido doutro poema desta autora baixo o título común de "Con reciprocidade" e cunha dedicatoria que di: «Ó meu preciadísimo amigo señor don Antonio Noriega Varela, vésporas d'imprentar o seu precioso libro 'Místicas'»; este poema é publicado novamente en 1946 coa seguinte dedicatoria: «A Noriega Varela, cuando preparaba su libro "Místicas", todavía inédito» (vid. III.8.12).

1.- Xesús (Xesús Meniño) BB, FR

2.- qu'é pr'o AS, VG, DO, DE; qu'é pro Ms, CRI; que é pra o FR // yermo VG

3.- Vid. este tópico en nota a E 31.3.

4.- pruma VG, CRI // blando Ms // terne AS

O paralelismo, vv. 2-4, é un dos recursos máis utilizados nos sonetos; vid. nota a E 2.8.

dunha imaxe), bendiga esta fontaña,
i a pompa dos carballos da igrexiña,
i a virazón que riza un remansiño...

10 A un seu xesto gracioso, meiga salla,
tralos montes, a lúa que agasalla,
¡idolatrada mai!, túa sepultura,

i un sorriso do Neno logre aínda
que o teu ánxel de luz, Galicia linda,
seña, a través dos siglos, a ternura.

6.- d'unha AS, VG, Ms, DO, CRI, DE

7.- y-as urzes, que rodéy-na igrexiña VG // y-a AS, Ms, DO, DE; I-a CRI; e a BB, FR // d'os ... d'a AS, DO, CRI, DE

8.- y-a AS, VG, Ms, DO, DE; i-a CRI; e a BB, FR

A *virazón* ou vento que sopra do mar produce rizos ou ondas na auga dun remansiño. Esta palabra é usada tamén por Pondal.

9.- ufana salla VG // salha Ms

Para a forma verbal *salla* vid. nota a E 14.4.

10.- trál-os AS, VG, CRI; trá-los Ms, DO, DE, FR // luna AS, VG, Ms, DO, CRI

Para as formas *luna* / *lúa* e o seu significado na obra vid. nota a E 24.8.

11.- Túa debe contar como unha soa sílaba para que o verso sexa hendecasilabo.

12.- y-un AS, VG, Ms, DO, DE; i-un CRI; e un BB, FR // d'o AS, DO, CRI, DE

Noutras ocasións *y-un* transfórmase en *y-on* por un fenómeno de disimilación vocálica: vid. E 85.30 (*i on xato*) e nota a M 3.139.

13.- Temos esta mesma expresión *ánxel de luz* en E 44.84.

14.- sea CRI // d'os AS, VG, DO, CRI

O castelanismo *siglos* aparece tamén en E 27.14; nunca utiliza a forma galega.

O sentimento da *ternura* impregna toda a poesía lírica de *Do Ermo* e serve para definir a actitude do autor perante a natureza e os seres que a habitan; a súa mención expresa dáse tamén noutros dous sonetos: 62.0 e 73.2, ademais de en 96.4.

Ternura

Viste os cardos de flores, viste de hedra
as informes paredes dos muíños,
e nos cruceiros de groseira pedra,
suspirando, pendura faroliños...

- 5 ¡Sempre á par da rudeza, esta xoíña
que Jesús nos deixou!: sorrindo, a medo,
fai relucir un astro en cada espiña,

Métrica

Soneto, 11 (ABAB CDCD EEF GGF).

Edicións anteriores

Ms(a), 22.4.1924; Ms(b), 10.6.1924; Ms(c), s.d.; *Céltiga*, Buenos Aires, nº 19, 10.10.1925; DO, 21; DE, 178; RAG, 49; BB, 134; FR, 115.

Vid. Ms(a) en III.6.1.17, Ms(b) en III.6.1.17 e Ms(c) en *Faro de Vigo*, número especial conmemorativo del Centenario, 1953, p. 164. En *Vallibria*, Mondoñedo, nº 34, 20.10.1930 e en *Nós*, Ourense, nº 84, 15.12.1930 áchase traducido ao italiano por Guido Battelli, xuntamente con E 56 (187).

Variantes e comentarios

En carta de abril de 1924 escribe o autor: "Supongo qe. la bondadosísima Señora Miquelina Teixeira, con mi librito "D'o Ermo", habrá entregado al señor Brandão una cartita mía, acusando recibo de sus magníficos libros, y unos sonetos inéditos, qe. formarán parte de un novísimo libro de versos qe. intitularé "Tenuis pluvia". Hoy adjunto a Vd. el último qe., días ha, compuse" (cfr. III.6.1.17). E en xuño do mesmo ano maniféstalle a Teixeira de Pascoaes: "Voy a adjuntarle uno de los últimos sonetos qe. compuse, que es tanto como poner en manos de un rico señor que dispusiese de muchas talegas de piedras preciosas una baratija de tres al cuarto" (cfr. III.6.1.18).

En Ms(c) figura escrito ao pé do texto: «Uno de los magistrales sonetos de Noriega (autógrafo), en el que derrama la más jugosa ternura del alma de la montaña gallega».

1.- d'hedra Ms(a); d'edra Ms(c), CE, DO, DE, RAG; de edra BB, FR

2.- d'os Ms(a), Ms(c), DO, DE, RAG // moiños Ms(b)

4.- O suxeito elíptico de *pendura*, e tamén de *viste*, é a ternura.

5.- d'a Ms(a), Ms(b), Ms(c), CE, DO, DE, RAG // xoyiña CE

Rudeza figura con maiúscula en CE.

6.- Xesús BB, FR

Tamén temos a locución *a medo* acompañando ao verbo *sorrir* en E 6.4 (*que sorríen, a medo, entre espiñas*).

i agasalla con musgo ermo penedo.

10 ¡Alma da nosa Terra!, ¡irmá da aurora!,
tu brindas (de bo grado, i en boa hora
pra que hastra as nubes meu fervor te eleve)

á onda montuosa, ¡airón de escumas!,
ó tosco berce de guiciños, ¡plumas!,
á hostil ramaxe dos acivros, ¡neve!

8.- y-agasalla Ms(a), Ms(b), Ms(c), DO, DE, RAG; e agasalla BB, FR

O *musgo*, símbolo da humildade no mundo vexetal, é neste soneto un motivo secundario, que serve de prólogo ao poema seguinte, en que se converterá no tema central da composición.

9.- d'a Ms(a), Ms(c), CE, DO, DE, RAG // hirmá Ms(a), Ms(b), Ms(c), CE, DO, DE, RAG, BB, FR // d'aurora Ms(a), Ms(c), CE, DO, DE, RAG

A solución en -á do sufixo latino -ANAM é a propia do bloque central do galego, ao que pertence a área mondoniense do autor (188); así, temos tamén en E 94.2 *mañá*, aínda que en 51.9 utiliza *lan* traducindo do portugués *lã*, por necesidades de rima (vid. nota a ese verso); en 28.2 usa o diminutivo *irmanciña*.

10.- y-en Ms(a), Ms(c), CE, DO, DE, RAG; y en Ms(b); e en BB, FR

Así como en M (vid. nota a 3.69) o suxeito *ti* é maioritario fronte a *tu*, en E nunca aparece *ti* nesta función; temos o suxeito *tu* en: 23.5, 44.69, 55.5, 56.1, 65.12, 73.13 e 93.7. Aquí *tu* está substituíndo a *ternura*, sempre suxeito no poema.

11.- hast'as Ms(a); hastr'as Ms(c), CE, DO, DE, RAG; hasta ás Ms(b) // t'eleve Ms(a), Ms(b), Ms(c), CE, DO, DE, RAG

En E 80.13 volvemos achar a preposición *hastra* (*donde hastra a virazón non quer testigos*).

A ausencia de artigo diante do sintagma de posesivo + substantivo (*meu fervor*) faise máis frecuente nos sonetos (cfr. poema anterior, v. 11: *túa sepultura*); vid. nota a E 2.2.

12.- d'escumas Ms(a), Ms(b), Ms(c), CE, DO, DE, RAG

Airón de escumas: adorno formado pola espuma dunha onda xigante, semellante a un *airón* ou penacho de plumas que teñen algunhas aves na cabeza.

13.- *Guiciños*, diminutivo de *guizos*: anacos de madeira, rachas, lascas.

14.- d'os piñeiros Ms(a), CE; dos piñeiros Ms(b); d'os acibros Ms(c), DO, DE; d'os acídros RAG; dos acibros BB, FR

Os vv. 12-14, nos que de novo se pon de manifesto o recurso da similitudencia, dependen sintacticamente do verbo *brindas*.

63

O musgo

(Pra Carlos de Passos)

É, ¡cousiña humilde!, o musgo
 da índole do meu estro:
 ama os robustos carballos
 i os seculares cruceiros,
 5 ¡as casonas dos validos

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-o.

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 4, 15.12.1918; D, 23; DO, 52; *Vida Gallega*, Vigo, nº 445, 10.4.1930; DE, 179; BVJ, 365; BB, 135.

En AS leva como indicación final «Trasalba (Orense)».

Variantes e comentarios

O mesmo que o *verme* representa a humildade do mundo animal (vid. E 5), o *musgo* represéntaa no vexetal; é, pois, un poema franciscano dentro da liña temática maioritaria da obra.

AS é unha primeira versión da composición, onde o poeta se dirixe ao musgo en segunda persoa, nun diálogo lírico con el; nas demais versións utiliza a terceira persoa.

0.- En AS non leva título. En D ten como dedicatoria «Pra Rey Alvite»; a de DE repítese en BB.

Carlos de Passos, de nome completo Carlos Fernandes de Passos, naceu no Porto en 1890; licenciouse na Facultade de Letras de Coimbra en 1917. Escritor, crítico de arte e historiógrafo, é autor de varias obras, nas que predominan os temas portuenses: *Navegação portuguesa nos séculos XVI e XVII* (1917), *Lembranças da Terra* (1919), *As Muralhas do Porto* (1921), *Porto (Monumentos de Portugal)* (1929), *Guia Histórico e Artístico do Porto* (1935)... Morreu en 1958. Entre o seu legado (189) figura un exemplar de D e outro de DE, así como o *Discurso* pronunciado por Noriega en Portugal (vid. III.4).

1.- Es, humildosiño musgo, A S

Compárese este verso con E 5.2 (*cousiña insinificante*), onde se pode observar a equiparación do *verme* co *musgo* como símbolos da humildade franciscana.

2.- d'a ... d'o AS, D, DO, VG, DE

Escribe o autor comparando este verso con outro de Francis Jammes: "Ama el autor *Del toque de alba al toque de oración* «el suave musgo que mojado reluce...». Manifiesto yo que es de la índole de mi estro humilde" (cfr.III.6.1.44).

3.- tú amal-os vellos carballos A S

4.- y-os solitarios cruceiros AS // y-os D, DO, VG, DE, BVJ; e os B B

5.- a herdadiña d'os difuntos AS // d'os AS, D, DO, VG, DE

i as casiñas dos labregos!,
e desposado coas rocas
e coas ruínas o vexo.

10 Inda que n'o gabe o mundo,
pérolas lle ofrenda o ceio,
i o bon Jesús o desina
pra enfeitar seu nacemento.

6.- y-as ... d'os AS, D, DO, VG, DE; y-as ... dos BVJ; e as ... dos BB // brañegos AS

7.- e ben casado co-as rocas AS // co-as D, DO, VG, DE

8.- e co-as ruínas t'eu vexo AS // co-as D, DO, VG, DE

A diérese de *ruínas* en AS, innecesaria porque xa é palabra trisílaba, demostra que *coas* conta como unha soa sílaba, como sucede habitualmente por ser forma átona.

9.- Mais que non t'aprecie o mundo AS // no gabe B B

Para a contracción da negación co pronome átono (*n'o*) vid. nota a M I.9.

O verbo *gabar* é utilizado tamén en E 12.4 (*vén a gabar o gallego*) e 48.12 (*Para que a paisanaxe me non gabe*); fronte a esta forma galega, achamos os castelanismos *alabar* en E 9.38 (*i a paz dos ermos alabo*) e *alabanzas* en 27.9.

10.- d'alxófar te colma o ceyo AS // ll'ofrenda D, DO, VG, DE // ceyo D, DO, VG, DE, BVJ

11.- y-o AS, D, DO, VG, DE; e o BB // te desina AS

Para a redución do grupo culto -gn- (*desina*) vid. nota a E 5.2.

12.- pr'adornar A S

64

Inverno

Métrica

Romancillo, 5 (-a-a) con rima en e-a; dividido en 4 series de 16, 14, 18 e 14 versos respectivamente, rematada cada unha delas nunha soledad, 5 (a-a) (190).

Edicións anteriores

Revista Gallega, Coruña, nº 36, 17.11.1895; MO, 41-44; MT, 21-24; *La Voz de Mondoñedo*, nº 408, 9.1.1911; DO, 23-26; DE, 180-183; BB, 136-138; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril 1984.

En RG leva como indicación final «Mondoñedo». Debe haber unha edición anterior a esta, segundo Leal Insua escribiu: "Siendo aún seminarista, comenzó a colaborar en «El Baluarte de Galicia», periódico que dirigía en Mondoñedo el escritor vivariense Alfredo García Dóriga. La primera composición publicada - según el propio Noriega- fué *Inverno*. La segunda, *De ruada*, premiada en 1895..." (191). Este xornal comezouse a publicar en febreiro de 1893 e xa en 1894 dera a coñecer dous poemas en español do mindoniense (vid. PE 1 e 3), polo que a data de publicación ten que oscilar entre estes anos (192).

Variantes e comentarios

Afirma Leopoldo Pedreira: "A pintar la indigencia de los campesinos consagra Noriega Varela su poesía *Inverno*, que es una verdadera obra de arte, libre en absoluto de la tendencia que caracteriza al arte trascendental: *Inverno* es sencillamente una poesía descriptiva y, como tal, no faltará quien le ponga tacha por falta de finalidad, hoy que está tan en moda el arte docente [...] Y la poesía *Inverno* retrata perfectamente la tristeza que causa contemplar la pobreza de los campesinos gallegos" (193).

Nunha liña semellante fala Carballo Calero, que trata este poema dentro da poesía descriptiva do autor, da que di: "Na obra máis antiga de Noriega Varela iste se nos aparece como un poeta descriptivo de costumes. Está na liña de Añón, Losada, Lamas e todos ou case todos os poetas menores do século XIX, que é a propia liña rosaliá dos *Cantares*. Pero dentro de ista liña, xa Noriega amosa unha relevante personalidade. Encadra as súas esceas na montaña, e os seus persoaxes son brutamontes, que falan e proceden con unha rudeza característica. Ista poesía de Noriega Varela ten un tono fortemente orixinal, i é resultado de unha aguda visión realista. Non embargantes, na súa rusticidade é nobre, na súa malicia é sá. O poeta non pretende lucirse con bucolismos adeprendidos nen con ideoloxías escolares. Non é unha poesía social como a de Curros ou a de Leiras Pulpeiro. Non hai partidismo nista poesía. O poeta fala sempre como un labrego e nunca como un literato. É, pois, unha poesía enteiramente de primeira man, enteiramente natural, enteiramente espontánea [...]

Inverno. Láíase da dureza do inverno pra o montañés. Mágoa do pícaro pegureiro de habenza; do vello que alinda a vaca onde non hai herba, senón toxo; do camiñante sen cobexo" (194). Tamén afirma Carballo que este poema lle lembra a Lamas Carbajal (195).

0.- En MO leva como dedicatoria «A D. Dodolino Trigo».

- Todo está cego:
 brétema espesa
 cobre os pinares
 i envolve a igrexa.
 5 Si o sol, ás veces,
 loce, non quenta;
 corre tal xistra
 que as maus degresa.
 ¡Probe do probe
 10 que hoxe non teña
 catro cepiños
 xunt'a lareira!
 Probe do probe
 que non ten meda,
 15 e si ten huchas,
 tenas baleiras.
 Probes labregos,
 ¡ai!, ¡pra vosoutros
 si que hai inverno!

3.- *cobr'os* RG, MO, MT, LVM, DO, DE // *pinales* RG; *toxales* MO, MT, LVM

Para a alteración do timbre vocálico nas formas rizotónicas do presente de indicativo en *cobre* (tamén *loce*, v. 6) vid. nota a E 13.14.

4.- *y-envolv'a* RG; *y-envolve a* MO, MT, LVM, DO, DE; *e envolve a* BB, AM

5.- *S'o sol á veces* R G

7.- *Xistra*: vento moi frío acompañado de auga e neve; esta palabra é recollida por Leiras no seu vocabulario e traducida por "Cellisca. Cierzo".

8.- *qu'as* R G

Degresa, verbo co significado de 'fende, agreta', é recollido por Leiras Pulpeiro no seu vocabulario como substantivo ("Degresa: Grieta. Se aplica a las de la piel o de las mucosas").

9.- *d'o* RG, MO, LVM, DO, DE

10.- *qu'hoxe* R G

12.- *xunto á* BB, AM

13.- *d'o* RG, MO, MT, LVM, DO, DE

15.- *uchas* RG, MO, MT, DO, DE, BB, AM

16.- *ten-as* RG; *ten'as* MO, MT, LVM // *valeiras* RG, MO, MT, LVM, DO, DE, BB, AM

18.- Para *vosoutros* vid. nota a E 29.4.

19.- *qu'hay* RG, LVM; *q'hay* MO; *qu'hai* MT; *que hay* DO, DE

En RG, MO, MT e LVM os vv. 18-19, así como os dous últimos das tres series restantes, están formando un só verso de dez sílabas.

Os vv. 17-20 lembran o poema "O maio" de Curros Enríquez: *Eu sónvól-o probe / d'o povo gallego: / pra min non hai mayo, / pra min sempr' é inverno...* (196); Noriega sen dúbida coñecía estes versos, bon coñecedor como era de toda a poesía galega e admirador de Curros en especial, como se pode apreciar na súa correspondencia (vid. III.6.1.27, III.6.1.41...) e en M 12, PNR 1.

- 20 Mal envoltiños
 nunha mantela,
 cun codo solo
 na faltriqueira,
 pró monte os nenos
 25 van coas ovellas,
 i eso que a iauga
 cai ás caldeiras.
 ¡Ai, meus anxiños,
 mándanvos coelas
 30 cando na escola
 tervos deberan!,
 (si entre vosoutros
 escola houbera...).
 Ben di o labrego
 35 que com'o diles
 non hai inverno.

- Un vello, dado
 de ámbalas éngoas,
 pisando toxo,
 40 por n'haber herba,
 prá vaca posta
 cinco horas leva.

20.- envoltiño DO

21.- n-unha RG; n'unha MO, MT, LVM, DO, DE

22.- c'un RG, MO, MT, LVM, DO, DE

Codo: cacho de pan duro ou de boroa, codelo.

23.- n-a RG; n'a MO

24.- pr'o RG, MO, MT, LVM, DO, DE

25.- co-as RG, MT, LVM, DO, DE; c'o-as MO

26.- y-eso qu'a yauga RG; y-eso que a y-auga MO, MT, LVM, DO, DE; e eso que a auga BB, AM

28.- Ay LVM, DO, DE

29.- co-elás RG, MO, MT, LVM, DO, DE

Esta contracción propia da fala popular non se representa en máis ocasións na obra, onde temos as formas plenas: E 23.7 (*e rompín con ela*), 40.15 (*pra facer mimos con elas*), 56.10 (*pra con elas*), 70.4 (*de balde teimou con elas*).

30.- n-a RG; n'a MO

32.- s'entre RG, MO, MT, LVM

35.- como o BB, AM // d'eles RG; d'iles MO, MT, LVM, DO, DE

36.- hay RG, MO, LVM, DO, DE

38.- d'ambal-as RG, MO, MT, LVM; d'amba-las DO, DE

40.- n-haber RG; non haber BB, AM // herva R G

41.- pr'a RG, MO, DO, DE

42.- cinc'horas RG, MO, MT, LVM; cinco horas DE

A forma *cinca* de DE ten que ser, sen dúbida, un erro de impresión.

- ¡Suda, amiguiño,
 suda e rebenta,
 45 namentras folgo
 pra tanto teñas!
 Ó fin i ó cabo
 tamén te espera,
 prás boqueadas
 50 poder dar nela,
 unha empallada
 que o esterco lembra
 con que se aduban
 no outono as leiras...
 55 ¡Probe labrego,
 toda a vidiña
 pra el é de inverno!

- Soprade o lume,
 botade estelas,
 60 ¡entaladiño
 veño da feira!
 Si alguén á porta

43.- Suda, meu probe, RG, MO, MT, LVM, DO

44.- sud'e reventa RG, MO, MT, LVM; suda e reventa DO, DE, BB, AM

45.- mentras alento RG, DO; mentres alento MO, MT, LVM

47.- qu'ó fin y-ó cabo RG, MO, MT, LVM, DO // y-ô DE, e ó BB, AM

48.- t'espera RG, MO, MT, LVM, DO

49.- pr'as RG, MO, MT, LVM, DO, DE

As *boqueadas*: Leiras recolle a expresión *dar as boqueadas*, que traduce por 'estar expirando'.

50.- n-ela RG; n'ela MO, MT, LMV, DO, DE

51.- *Empallada* significa aquí unha morea de palla seca preparada para dormir nela.

52.- limpiñ'e fresca RG, MO, MT, LVM; limpiña e fresca DO

53.- si chea de pollos RG, MO, MT, LVM, DO // s'aduban DE

54.- non estivera RG, MO, MT, LVM, DO

Talvez o autor modificou os vv. 52-54 porque notou certa contradición entre palla limpa e chea de *pollos* ou *piollos*, ou ben lle pareceu vulgar esta referencia.

56.- que tod'a vida RG, MO, MT, LVM, DO

57.- pr'él é d'inverno RG, MO, MT, LVM, DO, DE; pra el é inverno BB, AM

58.- Soprad'o RG

59.- votad'estelas RG; botad'estelas MO, MT, LVM

60.- qu'entaladiño RG, MO, MT, LVM, DO

En DE *entaladiño veño da feira* figura como un só verso, sen dúbida por un erro involuntario, pois rompe coa medida e coa rima que vén mantendo o texto e, ademais, nas edicións anteriores forma dous versos; en BB e AM reproducése o erro.

61.- d'a RG, MO, MT, LVM, DO, DE // vento da feira BB, AM

62.- S'alguen RG, MO, MT, LVM

- pedíndoa chega,
 ¡dádelle axiña
 65 casa cuberta!,
 que ni os cas paran
 polas carreiras,
 e cal de neve
 se atopa a serra,
 70 quizais non poida
 romper por ela.
 Probes labregos,
 ¡ai!, pra vosoutros
 si que hai inverno.

63.- pedindo-a MO, MT, LVM, DO, DE

64.- dadell'axiña MO, MT; dadell'asiña LVM

66.- ni-os MO, MT, LMV

En *ni os* produciuse unha perda dun son consonántico nasal por un fenómeno de fonética sintáctica.

Para o plural *cas* vid. nota a M 3.115.

67.- pol-as RG, MO, MT, LVM; po-las DO, DE

As *carreiras* son camiños estreitos para o paso dos carros.

69.- s'atop'a RG, MO, MT, LVM; s'atopa a DO, DE

70.- quezais MO, MT, LVM

73.- ay LVM, DO, DE

74.- qu'hay RG, MO, LVM; qu'hai MT; que hay DO, DE

65

Primavera

Sañudo o rostro, rúda-las maneiras....,
 ¿que agoirarás, montaña? Teu desvío
 a sangre fría o encaro; mais ¡dá frío
 ver ó sol terqueando pra que o queiras!

5 Nas follas novas das abedoeiras
 tremelucen doíñas de rocío,

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 225, 1.4.1928; DO, 55; DE, 184; RAG, 50; BB, 139 e 187; FR, 116.

En BB áchase repetido, mais sen variantes entre as dúas versións, aínda que a primeira se basea en DE e a segunda está tirada de *El Despertar Gallego*, tal como se indica no "Limiar", onde figura equivocadamente como non recompilado, xunto con M 24 e E 4. En AS, debaixo do nome do autor, figura «De la Real Academia Gallega», unha dos contadas ocasións en que esgrime tal distinción, seguramente porque acababa de ser admitido nela (vid. I.2.1.4 e 1.2.3).

Xa estaba publicado a 1 de xuño de 1927, segundo afirma o poeta en carta con esa data: "Parsimoniosamente voy acrecentando mi colección de sonetos: hoy le envío los tres últimos que compuse: 'Primavera' y 'Teu paniño encarnado', ya publicados, y 'Ora é unha abedoeira', inédito" (vid. III.6.1.28).

Variantes e comentarios

Esta composición, colocada intencionadamente a continuación da titulada "Inverno", afronta a mudanza das estacións na montaña, motivo poético abordado tamén en E 13 e 70; a montaña resístese á chegada da primavera, que as árbores en flor e os paxaros co seu canto nos anuncian.

0.- Sañudo o rostro... A S

En BB, 187 leva como dedicatoria «Pra Carmiña Prieto Rouco, a enmeigadora poetisa villalbesa» (197).

1.- Sañud'o AS // rudas as B B

Neste verso achamos restos da construción de ablativo absoluto latino, do mesmo modo que en E 86, vv. 5-6 (*De balde a acolles, o sembrante serio, / de balde a encaras, a mirada fría*).

Para a asimilación do artigo en *rúda-las maneiras* vid. nota a M 5.53.

3.- Para *sangre* vid. nota a E 28.1. Obsérvese o recurso da *derivatio* ou *polipote* en *fría / frío*.

5.- d'as AS, DO, DE, RAG

Para *abedoeiras* vid. nota a E 38.5.

6.- De novo vemos nun soneto este tópico tan repetido na obra: vid. nota a E 24.5 e 31.3.

floresceron as urces, i o bravío
cardo soña igualarse coas roseiras.

10 ¡Oh amada!, ¡triste amada!, ¡desarruga
por Dios, a ialba frente! Ben madruga
ora pra te encantar un pracenteiro

merlo, que Dios bendiga, e tu recollas,
¡maga dos ollos verdes!, entre as follas
sempre verdes do máis xentil loureiro.

7.- uces AS; urzes DO // y-o AS, DO, DE, RAG; e o BB, FR

Arcaísmos do tipo de *floresceron* tamén os temos en M 3.4 (*nascen*) e 22.11 (*merescían*); non hai máis que este en E.

Sen termos en conta a variante *uces*, en DE o autor emprega sempre a forma *urces*, ás veces escrita con z; este arbusto, xunto co toxo, a xesta, o cardo, o piñeiro, a bidueira, a abrula, o musgo e algún outro, forma a flora preferida do poeta nas composicións cheas de lirismo da natureza que caracteriza esta obra, e moi especialmente os sonetos. Así, ademais de 51.4 (*bendita a urce dos montes*) traducindo do portugués, achamos *urce(s)* en catro sonetos, contando este: 77.7 (*frolañas das urces*), 81.5 (*donde prospera a urce*) e 89.2 (*urces, si acaso*).

8.- co-as AS, DO, DE, RAG

Cardo, do mesmo modo que *urces*, tamén ten presenza na obra: en 27.5 vai acompañada do mesmo epíteto (*ou do bravío cardo / unha frolaña ó menos*) e en 36.8 menciónase así mesmo a súa flor (*ó chuchar, amoroso, a flor dun cardo*); sen que falten casos en contrario, o poeta, máis que estas plantas en si, canta as súas flores (vid. E 6: *As frolañas dos toxos*).

9.- *Triste* figura con maiúscula en todas as edicións, nalgún caso sen ir precedida de coma.

10.- y-alba AS, DO, DE, RAG; a alba BB, FR

Na metáfora *desarruga a ialba frente* o poeta pídelo á montaña que deixe fundir a neve e se abra á primavera.

11.- t'encantar AS, DO

12.- ti recollas FR

O encabalgamento, que xa se daba nos vv. 7-8 e 10-11, aparece agora nos vv. 11-12 unindo os dous tercetos, igual que en E 38, vv. 4-5, uue os dous serventesios.

13.- d'os ... entr'as AS, DO, DE, RAG

En AS e DO *ollos verdes* figuran con maiúscula; menos en DO, *maga* tamén está en todas as edicións con maiúscula.

14.- d'o AS, DO, DE, RAG

Unha breve pucharquiña...

É unha breve pucharquiña
sobre un enorme penedo.

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-o.

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 12, 15.4.1919; D, 71; AC, 134-135; DO, 30; *Resol*, Santiago, nº 3, xullo 1932 e nº 10, 25.7.1936; *Finisterre*, Madrid, nº 27, abril 1946; DE, 185; FF, 98; FDR, 23; SL, 158; SMR; RAG, 51; AI, 29; HNV, 3; *La Voz de Galicia*, Coruña, 18.5.1969; MR, 320-321; JMB, 138; FFR, 231; BB, 140; FR, 105.

En MR figura acompañado da tradución ao castelán, a mesma que tamén figura en DP, 116 (198). En LL, 63 áchase traducido ao catalán (199). En FR leva a seguinte nota a pé de páxina: «Este poema escribiuno Noriega en Trasalba, nun lugar veciño á Casa Grande de Cima de Vila, propiedade de Otero Pedrayo».

Variantes e comentarios

En SL vai precedido das seguintes palabras: "A finura das cousas miudas e do ambiente, son características que o poeta ten ollado con delicada visión. Sabe sublimar o tema eglóxico, e trazar cadros de agreste beleza e armuñía. Uns cantos versos abóndanlle pra nos dar a impresión dunha paisaxe, que noutro esixiría longa e proluxa descripción. Velahí unha mostra niste breve poema, de grande concentración espresiva".

En FFR leva a seguinte nota a pé de páxina: «Gabanza do íntimo e terno, na paisaxe da montaña luguesa», aínda que, en realidade, o poema está inspirado nos montes de Trasalba, tal como nos di Otero Pedrayo: "O poema 'É unha breve pucharquiña...' refírese a un outeiro, o Penedo Redondo, dun terreo meu. Dende logo, en Trasalba agromáronlle antigas vivencias de ermos" (200).

Noriega compara os versos deste poema con aqueloutros de Francis Jammes:

«Hay una fuente clara junto a Salles,
a la derecha, límpida refleja
negros helechos, musgo, hierba verde...» (cfr. III.6.1.44).

Carballo Calero opina: "Iste mundo da montaña, amado e visto ao xeito franciscán, é refrexado pola poesía de Noriega nunha chea de poemas moi breves, de grande concentración espresiva, dos que *Unha breve pucharquiña* pode ser considerado como típico. Prefiro exilio en calidade de paradigma mellor que *As froliñas dos toxos*, o máis divulgado do poeta" (201).

0.- É unha breve pucharquiña AC, RE32, F, JMB

En FF e SL non leva título.

2.- sobr'un AS, D, AC, DO, RE32, RE36, F, DE, FF, SMR, RAG, LVG, JMB

A contraposición de elementos contrarios, ou *antítese*, que observamos nos vv. 1-2 entre *breve pucharquiña* / *enorme penedo*, é un dos rasgos estilísticos máis característicos do autor, como se pode ver en E 40, vv. 4-6 (*á vista dun pazo, un niño, / i a gloria dun remansiño / frente ós vagallós do mar*), por exemplo (vid. I.3.2).

Sin fatuidade urbana,
 míranse naquel espello
 5 as froiñas dun carpazo,
 a ramaxe dun esvedro,
 linda pastora de Anaigo
 i as estreliñas do ceio.

É unha breve pucharquiña
 10 sobre un enorme penedo.

Deste *enorme penedo* dinos Otero Pedrayo: "Moitas veces demoramos arredor de ise penedo. Chámanlle «o penedo redondo». De certo, un fermoso elipsoide con algo de testa pensatible illado na areosa tona de torticeiras xestosas e leviáns herdades centeiras. Apenas se perciben, aínda estando fortemente riscadas, as rañadelas da erosión que co tempo han sere diaclasas. Semella o penedo compendiar, como un modelo, as feitura das grandes serras devaladoiras no hourizonte" (202).

3.- fatuidades urbana A C

4.- n'aquel AS, D, AC, DO, RE36, F, DE, FF, SMR, RAG, LVG, JMB; n-aquel RE32

5.- froiñas AS, RE36, FR; floriñas RE32 // d'un AS, D, AC, DO, RE32, F, DE, FF, SMR, RAG, LVG, JMB

O *carpazo*, tamén chamado carpaza, pútega ou careixón, é un arbusto de flores amarelas, abundante nos montes baixos; nalgunhas zonas tamén lle chaman así á carqueixa e á queiroa. Desta palabra deriva *carpazona*, denominación das mozas montañesas na fala mindoniense e na obra de Noriega.

6.- as ramiña RE32 // d'un AS, D, AC, DO, RE32, F, DE, FF, SMR, RAG, LVG, JMB

A voz *esvedro* tamén se acha no vocabulario de Leiras Pulpeiro traducida por «madroño»; é un arbusto, máis comunmente coñecido por érbedo ou albedro, que nace en lugares pouco soanlleiros do monte baixo, con follas semellantes ás do loureiro.

7.- d'Anaigo AS, D, AC, DO, RE32, F, DE, FF, SMR, RAG, LVG, JMB; d'anaigo RE36

O topónimo *Anaigo* énos explicado por Otero Pedrayo: "No espello da «pucharquiña» refréxanse, como en rexa e poética conciencia, as determinanzas e vivencias do Ermo. Por raro caso o poeta pon un nome de lugar: Anaigo. Algús topónimos frolecían como os toxos e as tristesiras abrulas no poeta. «Anaigo» é un lugar da parroquia de San Mamede de Palmés, que atesta polo ourente ca de Trasalba" (203).

8.- y-as AS, D, AC, DO, RE32, RE36, DE, FF, SMR, RAG, JMB; i-as RE36, SL; y'as LVG; e as BB, FR // d'o ceyo AS, D, AC, DO, RE32, RE36, F, DE, FF, SMR, RAG, LVG, JMB; do ceo SL, FR

9.- Os vv. 9-10 faltan en RE32.

10.- sobr'un AS, D, AC, DO, RE36, F, DE, FF, SMR, RAG, LVG, JMB

Novamente o poema comeza e termina cos mesmos versos, recurso xa visto en E 4, 44, 54.

67

Pra que un neno serodio...

Pra que un neno serodio avante salla,
 cibeche, unha medalla
 i os Santos Evanxelos trai consigo,
 que entre as meigas non faltan avisadas,
 5 i as cousiñas sagradas
 son os entorcedoiros do enemigo.

Métrica

Sexta rima, 11 e 7 (AaBCcB).

Edicións anteriores

MT, 81; D, 83; DO, 10; DE, 186; BB, 141.

Variantes e comentarios

Como varias máis, esta composición pasou de MT a DE pola súa temática de carácter relixioso; a relixión, entendida ao xeito popular, preséntase como remedio contra os males ou adversidades desta vida, nunha concepción fetichista viva aínda na conciencia da xente do mundo rural.

0.- En MT non figura ningún título.

2.- O *cibeche*, vulgarismo producido por aférese do *a* de 'acibeche', é unha variedade do lignito, dura, compacta e de cor negra, que se emprega para facer adornos ou obxectos relixiosos, como, por exemplo, rosarios.

Pódese observar tamén o fetichismo relixioso dos montañeses en E 41, vv. 8-10 (*reza de noite o resario / i amosa un escapulario / a caronciño do seio*).

3.- y-os MT, D, DO, DE; e os BB

4.- qu'entr'as MT, D, DO, DE

5.- y-as MT, D, DO, DE; e as BB

6.- d'o MT, D, DO, DE

Os *entorcedoiros* son os 'obstáculos' que acha o inimigo.

68

Que alegre...

(Pra Xulio Francisco Ogando)

¡Que alegre
un raio do sol, en tanto
non lle furta un bico á neve!

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-e, en dúas series de 10 e 8 versos, introducida cada unha por unha soledad (vv. 1-3 e 14-16), 8 (a-a), excepto o v. 1, que é trisílabo.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 58, 5.4.1931; Ms, 23.3.1946; DE, 187; BB, 143.

Para Ms vid. III.6.1.45. Tamén foron publicados os tres primeiros versos en *O Gaitero de Lugo*, 1949, sen variantes.

Variantes e comentarios

Xosé Ramón Pena di: "O noso autor vai tratar de converter-se no «irmán do luar» - a diferenza do «messer lo frater sole» do santo de Asis- que canta a vida sinxela dos montes, dando formas de vida às pedras, aos páxaros e às flores do ermo. É a época de poemas como «Que alegre». Reproduce logo os sete primeiros versos deste poema, para afirmar a continuación: "Se tivermos que buscar semellanza para estes versos de Noriega, teríamos de nos remontar ao XIX, Añón, Lamas ou unha certa Rosalia serían os precedentes. Agora ben, esta visión da natureza que se ten sinalado como típica da poesía do noso autor, non fai senón emparellá-lo cunha réplica ao modernismo triunfante en Europa e que mergulla na Franza de F. Jammés ou na Provenza de Mistral, espallando-se logo até lugares como as Baleares de Costa i Llobera e J. Alcover" (204).

Tampouco se pode desbotar certa aproximación á escola hilozoísta de Amado Carballo, polo uso constante da imaxe antropomórfica.

0.- En VA leva como dedicatoria «Para D. Daniel Pernas Nieto, ingente vate montañés» (205). A dedicatoria de DE xa figuraba previamente en Ms.

Xulio Francisco Ogando Vázquez (Beariz, Ourense, 1913), avogado, profesor e escritor, era catedrático de Lingua e Literatura española no Instituto feminino de Lugo nos derradeiros anos de vida do poeta; foi o único orador no acto de homenaxe a Noriega celebrado nesa cidade en 1946, glosando a obra do autor (vid. I.2.1.4 e III.6.1.46). Este escribelle en carta de 23.3.1946: "...y aproveché la ocasión para rogarle, con encarecimiento, se dignase en mi nombre, manifestar a Vd. qe. le daba infinitas gracias por tantas gentilezas, y que, de mil amores, honrado y complacido, ofrendaría al Sr. Ogando Vázquez a humildanza d'unhos versiños brañegos. Van hoy, adjuntos, con estas letras, y si el señor me da su permiso, los incluiré (*sic*) en la novísima edición de "D'o Ermo" para qe. su nombre les dé buena fortuna, aun después de mi óbito, si ya no esmorecen enseguida, antes de alcanzar la vida de una rosa (qe. poca más le vaticino al libro)" (cfr. III.6.1.45).

2.- rayo d'o VA, Ms, DE

5 Chega toliño pensando
que adormecida a sorprende,
i ela é unha freiriña morta,
está de corpo presente...

Bando agoreiro de corvos
asoma ó lonxe, solene
10 silencio entorpece ós pinos
pra que en voz baixa se queixen,
suspirosa fonteliña
reza da difunta a rentes...

Virxe María, ¡e que alegre
15 un raio do sol, en tanto
non lle furta un bico á neve!

Toliño chega pensando
que dormidiña a sorprende,
i aínda que toxos o espiñan,
20 inda que as silvas o prenden,
a despeito de que hai lobos
ouveando tralas sebes,
fúrtallo, desaprensivo,
e, de seguida, esmorece...

5.- adormecida DE

6.- y-ela VA, Ms, DE; e ela BB // unha monxiña VA; cal freyriña Ms; unha freyriña DE

En Ms está anotado polo autor ao final do poema: «Freyriña-Monjita».

8.- agoureiro VA, Ms

O troco de *agoureiro* por *agoreiro* non foi acertado desde o punto de vista da corrección lingüística.

10.- os pinos VA; ós pinos Ms, DE

13.- d'a VA, Ms, DE

En Ms figura anotado ao final: «A rentes, ou a carón-junto a».

14.- qué a alegre Ms

15.- rayo d'o VA, Ms, DE

16.- â neve VA, DE; a neve Ms

A variante de Ms é consecuencia dun erro, pois no v. 3 si o fai.

19.- y-aínda VA, Ms, DE; e aínda BB

21.- hay VA, Ms, DE

Para lobos vid. nota a E 22.3.

22.- oubeando VA, Ms, DE, BB // trá-las VA, Ms, DE

24.- deseguida BB

Está tamén anotado polo autor en Ms: «Esmorecer- desmayar hasta fenecer, en este caso».

Túa divisa

¿Unha fouce? Mais... ¡non! Túa divisa
¡unha cruz sinxeliña!, prenda cara

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 90, 15.8.1922; DO, 1; DE, 189; BB, 144; FR, 117.

En AS leva a seguinte anotación final: «Día de Galicia, 1922 (21, julio)».

Variantes e comentarios

Carballo Calero, falando de poesía social en Noriega, afirma: "Hai, certamente un pequeno número de pezas que figuran entre os poemas de loita que serviron á causa das reivindicacións agrarias. Se Basilio Álvarez e Antón Villar Ponte poideron nun intre arrastrar a Noriega a esta cras de literatura, o pulo non durou. O espírito de Noriega mal se aviña con ese apostolado. Liberouse do mesmo, non quixo no futuro saber cousa del, e espresou o seu desvío non só eliminando nas novas edicións os poemas combativos, senón rexeitando a fouce -símbolo do movemento redencionista- como divisa da súa musa" (206).

Escribe o mesmo crítico: "Este refuso dunha enérxica acción reivindicativa -'Túa divisa' resulta unha palinodia de 'Pra os mozos', onde se fala de afiar a bisarma- e esta admisión -cun punto de cortés perplexidade perante o vocábulo- do sentimento de punxente singularidade, de saudosa tristeza, que Iglesia Alvariño canta no seu libro primeiro, espresan a verdadeira afectividade de Noriega. Non estaba feito para a acción, senón para a paixón. Humildade e ternura, modestia e piedade, mansedume e resignación son as sinxelas frores do seu horto" (207).

0.- En AS e DO leva unha significativa dedicatoria: «Pr'a miña musa queiroguenta».

1.- A *fouce* é unha ferramenta de traballo que foi usada como arma na guerra contra os franceses, pasando a se converter, a partir de aí, en símbolo de loita pola liberdade e a xustiza; con este significado utilizouse como divisa do movemento redencionista galego, ao que tamén se mantivo vinculado o galeguismo político. Carballo Calero afirma: "Cando en 1929 o Axuntamento de Mondoñedo lle costea unha nova edición de *Do ermo*, Noriega pon ao seu fronte un soneto en que rexeita a fouce como símbolo da súa musa, en realidade como símbolo dun movemento galeguista" (208); mais Noriega nunca foi politicamente galeguista nin formou parte do movemento galeguista (vid. I.2.3); téñase en conta, ademais, que o poema xa foi publicado en 1922, cando aínda estaba de mestre en Trasalba.

2.- esa cruz, meu amor!, xoíña cara AS

Nestes versos o autor renega certamente dalgunhas veleidades que tivo coa poesía social anticaciquil e reafirmase na liña ideolóxica tradicionalista e católica que sempre mantivo. A *cruz* era a divisa da Confederación Nacional de Acción Social Católica, como se recolle no seu "Himno Agrario" (versión en galego): *Nosas forzas, labregos, xuntemos / en cristiana e patriótica unión, / e á loita seguros marchemos, / c'a Cruz ergueita, noso pendón* (209).

que a Tradición ó Ermo lle legara
coas lágrimas da aurora i a sorriso.

- 5 Mimosa pasión da alma é a pythonisa
que á singular Galicia benfadara:
doise do sol que morre, non repara
na rudeza do déspota que a pisa.

- 10 Dun natural piedoso, que eu admiro,
jen presenza da Virxen é un suspiro!,
i aínda esmagar un verme lle repuna.

Cos ánxeles das trebas non quer nada,
e mellor que asistindo a unha asonada,
sealcontra, amouchadiña, onda unha cuna.

3.- *Tradición* figura con maiúscula en todas as edicións (vid. E 21.21 e nota a M 6.3), o mesmo que *Ermo*.

4.- co-as AS, DO, DE // d'aurora AS, DO, DE // y-a AS, DO, DE; e a BB, FR

5.- d'alma AS, DE, DO // pitonisa BB

É preciso realizar a sinalefa das tres vocais para que o verso conte como hendecasilabo.

Para a representación gráfica de *pythonisa* vid. nota a E 38.6.

6.- que á señoril Galicia doctrinara AS; que á singular Galicia doctrinara DO

7.- d'o AS, DO, DE

8.- d'o AS, DO, DE

9.- D'un natural piedoso, d'a finura AS // D'un DO, DE // qu'eu DO, DE

10.- d'unha flor isolada n'unha altura AS // d'a DO, DE

11.- inda AS; y-aínda DO, DE; e aínda BB, FR

12.- C'os ... d'as AS, DO, DE // trevas AS, DO, DE, BB, FR

Pódese intuír neste verso unha velada alusión aos dirixentes do movemento galeguista e/ou redencionista (210).

13.- As *asonadas* ou revoltas caracterizaron algunhas das accións do movemento agrarista que loitaba pola redención foral.

14.- s'alcontra AS, DO, DE // ond'a unha AS

Para *alcontra* vid. nota a M 23.73; para *onda* vid. nota a M 3.13 e para *cuna* vid. nota a E 24.7.

Amouchadiña significa 'encollidiña, amorriñadiña'; Leiras recolle no seu vocabulario as voces 'amurriñado' ou 'amorriñado' e 'amorrallarse' ou 'amorriñarse', con significado similar.

70

Abrileña

Quixeran ser rigueiriños
 i alcanzárano as folerpas;
 o meu amor (a montaña)
 de balde teimou con elas.

- 5 Mentres abril pasa ovante,
 pra lle minora-la pena,
 branca volainiña a explora,
 cándidas nubes ma velan,
 i o retamal (seu privado)
- 10 albas froliñas lle ofrenda.

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-a.

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 126, 1919; D, 81; AC, 135; DO, 56; *Finisterre*, nº 27, abril 1946; DE, 190; BB, 145.

En VG leva como indicación final «Trasalba».

Variantes e comentarios

0.- En VG leva como dedicatoria «Para Alvarito M^a Casas y Blanco» e en D «Pra Alvaro María Casas» (211).

2.- y-alcanzárano VG, D, AC, DO, DE; y-alcanzará no F; e alcanzárano B B

4.- de balde chorou por elas VG // de balde D, AC, DO, F, DE, BB

5.- Mentras A C

Ovante significa 'triunfante'.

6.- minoral-a VG, D, AC, DO, F, DE

7.- Leiras Pulpeiro recolleu no seu vocabulario «Volainiña: Mariposa»; é a única vez que aparece na obra.

8.- m'a VG, D, AC, DO, F, DE

9.- y-o VG, D, AC, DO, F, DE; e o BB

Retamal é un castelanismo pola voz galega 'xesteira', palabra que non aparece na obra, aínda que si *xesta* varias veces.

10.- ll'ofrenda VG, D, AC, DO, F, DE

Nos catro últimos versos temos tres epítetos para designar a mesma cor: *branca*, *cándidas* e *albas*; simboliza a pureza e a inocencia da montaña.

Airiños, aires...

Pasan os aires que increpou a ousada
musa que é carpazona de por vida,
pasan ulindo á herbiña ó sol curada,
i á frouma dos piñeiros desprendida.

Métrica

Soneto, 11 (ABAB CDCD EEF GGF).

Edicións anteriores

Ms(a), 26.6.1926; Ms(b), 10.7.1926; *Nós*, Ourense, nº 31, 25.7.1926; *Acción Social*, Mondoñedo, nº 187, 15.8.1926; DO, 44; DE, 191; FDR, 25; RAG, 52; FFR, 235; BB, 146; *Heraldo de Vivero*, 9.8.1985; GEG, 121; FR, 118.

En Ms(a) e HV leva a mesma indicación final: «Trasalba, 26-6-26»; en ambas figura tamén a indicación de «inédita», no segundo caso equivocadamente. Para Ms(a) vid. III.6.1.24, onde escribe o autor: "Le adjunto un soneto inédito qe., honrado y complacidísimo, le dedico como le prometiera. Si le gusta, lo publicaré en un periódico de Vigo el Día de Galicia (25 de julio próximo). En ese caso ruégole qe. lo conserve sin publicar. Y si no le gusta, rásguelo y algún día compondremos otro, tal vez más inspirado. Me quedo con copia, por si acaso. Para Ms(b) vid. III.6.1.25, onde tamén escribe o poeta: "Le adjunto el soneto a Vd. consagrado. Va lijeramente modificado, pues como se lo enviara, días ha, iba de 1ª intención. Insisto en suplicarle qe. no le dé publicidad mientras no vé la luz en una buena revista, que oportunamente enviaré a Vd". Tamén foi publicado nun xornal portugués en 1926, segundo afirma o autor: "En 'A Aurora do Lima', decano dos jomaes do Minho, publiqué el soneto a Vd. dedicado. Gustó a los portugueses, apesar de qe. hilan delgado" (cfr. III.6.1.26).

Variantes e comentarios

En FFR consta a pé de páxina: «Frorece nestes versos a humildade das cousas santificadas sempre na poética de Noriega pola gracia da pobreza».

0.- **Pasan os aires...** Ms(a)

En Ms(a), Ms(b), AS e HV leva como dedicatoria «Para José R. Lorenzo Fernández» (212).

1.- **que festexa a ousada** Ms(a), HV

2.- **qu'é** Ms(a), Ms(b), N, AS, DO, DE, RAG, HV

3.- **a herbiña** FDR, FFR, GEG

É necesario realizar as dúas sinalefas, a primeira de tres vocais, para que o verso conte como hendecasílabo.

4.- e á Ms(a), Ms(b), HV; e a N, FR; y-â AS, DO, DE, RAG; i a FDR, FFR, GEG; e á BB // d'os Ms(a), Ms(b), AS, DO, DE, RAG, HV

Tamén en E 82.7 se utiliza a mesma palabra *frouma* para designar o arume ou follas dos piñeiros (*e de xoellos na frouma*).

Salvador Lorenzana destaca nesta estrofa "as sensacións olfativas, recendos, cheiros" (213).

- 5 Saudade, ¡oh, a Triste!, que a espreitar se asoma,
debullándose en bágoas, lles acena
(é súa almiña virxinal aroma,
émulo dos perfumes da azucena).

Acénalles; mais... ¡pasan!

Do Rodeiro

- 10 no máis ermo cantiño, un sabugueiro
mostra abelorios nas miudiñas frores...

E ¡nin reparan!, son indiferentes
ó enlevo das doñas relucentes
i ó pranto que amargura os ruiseñores.

5.- s'asoma Ms(a), Ms(b), N, AS, DO, DE, RAG, HV

Tamén neste verso é preciso realizar as tres sinlefas, as dúas primeiras de tres vocais, para manter as once sílabas métricas.

A imaxe da saudade vagando triste polo ermo témola tamén en E 54.

6.- A expresión metafórica *debullándose en bágoas* volveremos atopala en E 83.11.

7.- é a súa almiña un delicado aroma Ms(a), N, HV; é su'almiña captivant'aroma Ms(b); é su'almiña captivante aroma AS // e sua DO, DE, FDR, RAG, FFR, BB, GEG, FR

A ausencia de til en DE tivo que ser un erro transmitido desde DO, pois sen el o verso perde o sentido, tal como sucede nas edicións posteriores.

As variantes *delicado / captivante / virxinal* indícanos que N é unha versión refundida de Ms(a) e Ms(b), pois se no v. 1 incluía a modificación de *festexa* por *increpou*, neste conserva o *delicado* de Ms(a), así como o uso do artigo co posesivo + substantivo; no resto do poema seguirá a Ms(b).

8.- d'os Ms(a), Ms(b), AS, DO, DE, RAG, HV // d'azucena Ms(a), Ms(b), N, AS, DO, DE, RAG, HV

9.- D'o Ms(a), Ms(b), N, AS, DO, DE, RAG, HV

O *Rodeiro* é un pequeno monte de Trasalba, xunto co Vedral e o Medclo, tres "ermos pequenos, máis ben illós de ermos", onde, segundo nos conta Otero Pedrayo, o poeta vivenciou *Do Ermo*: "A parroquia de Trasalba loce os caracteres típicos da bocarribeira. Penedosa, deitada nas abas centeeiras e enxotas do monte Rodeiro, morea de outeirales, de largacíos hourizontes trunfo da luz e o vento [...] O poeta tivo seu ermo maxinado e prometido en Trasalba. Non o dos montes máis bastos, tocando á estaxe da serra, cinguidoiros do amantiño recanto mindoniense. Nelas tivo Noriega confirmación dun ensoar teórico e engaiolador de soedade cuias raigañas non é difficile pescudar na áscesis dos cumes santos..." (214).

10.- Para *sabugueiro* vid. nota a E 35.11 e M 23.104.

11.- abalorios Ms(a), HV

A escolla da forma *abalorios* foi un acerto do poeta desde o punto de vista lingüístico; aquí significa os aderezos formados polas pequenas bolas das flores do sabugueiro.

13.- o enlevo FDR; ao enlevo FFR, GEG // d'as Ms(a), Ms(b), N, AS, DO, DE, RAG, HV // relucentes Ms(a), Ms(b), HV

14.- y-ô Ms(a), Ms(b), N, AS, DO, DE, RAG, HV; i ao FFR, GEG; e ó BB, FR // qu'enternece Ms(a), HV; qu'amargura N // ôs Ms(b), N, AS, DO; ós FR

De acordo con DE, consideramos correcta a ausencia da preposición *a* diante do complemento directo, aínda que o autor vacile no seu uso.

Levántate, nebra...

¡Levántate, nebra,
 do bico da serra!
 Aí vén San Martiño
 no seu cabaliño,
 5 que te ha de levar,
 que te ha de pousar
 na tona do mar.

Métrica

2 pareados, o primeiro de rima asoante, seguidos de tres versos monorrimos, 6.

Edicións anteriores

DO, 91; DE, 192; *O Gaiteiro de Lugo*, 1952; BB, 147.

En DO leva a indicación final «Pop.» e en GL «Rec. A. Noriega Varela».

Variantes e comentarios

É un esconxuro de carácter popular, aínda que en DE non leve tal indicación, como xa indicou Fermín Bouza Brey (215) e como figura en DO e GL. Este motivo popular tamén figura nunha composición de Uxío Novoneyra ("Homenaxe labrego a Daniel Pino na cadea"):

[...] e direin pra esconxurar:

Levántate nebra
ó alto da serra
 amosa Terra
 a vera face
 que alimpe
 que escampe [...] (216).

2.- d'o ... d'a DO, DE

Claudio Rodríguez Fer cita os vv. 1-2 como exemplo de rima asonante (217).

3.- Débese realizar sinérese en *aí* para que o verso conte como hexasílabo.

5.- t'ha DO, DE, GL

6.- t'ha DO, DE, GL

7.- d'o DO, DE

73

Auguiña fresca

Sorrisos das do ermo tristes flores,
sorrisos delas i a ternura miña,
i os requebros dos meigos ruseñores
prá auguiña fresca desta fonteliña.

- 5 ¿Quen me quer apracer? De gracia a brindo:
 bebe, roseira (véxote espirando).
 ¡Bebe, luar piedoso, e vai sorrindo!
 Bebe, almiña, que estás na cruz sangrando...

- 10 Ferín meu corazón, ¡ferino adrede,
 pra que saltase a lympha!; ¿quen ten sede?
 ¡Aquí tódalas vidas dolorosas!

Métrica

Soneto, 11 (ABAB CDCD EEF GGF).

Edicións anteriores

Almanaque de Ponte-de-Lima, 1924; DO, 47; DE, 193; RAG, 53; *La Voz de Galicia*,
Coruña, 18.5.1969; BB, 148; FR, 119.

En APL leva como indicación final «Trasalba, 2 de julio de 1924 (Inédito)».

Variantes e comentarios

É este outro soneto de acentuado lirismo franciscano: humildade, caridade,
comuñón entre o mundo animal e vexetal, solidariedade cos seres máis humildes...

0.- Sorrisos d'elas... D O

En APL leva a seguinte dedicatoria: «Para la Exma. Señora D^a Lycinia Dantas de
Lemos» (218).

1.- Lembranzas d'esquecidos segadores APL // d'as d'o DO, DE, RAG, LVG

2.- Lembranzas d'eles, y-a ternura miña APL // d'elas, y-a DO, DE, RAG,
LVG; delas e a BB, FR

3.- y-os ... d'os APL, DO, DE, RAG, LVG; e os BB, FR

4.- pr'auguiña APL; pr'a a auguiña DO; pr'a auguiña DE, RAG, LVG //
d'esta APL, DO, DE, RAG, LVG

5.- quer apracer APL; quer'apracer DO; quér apracer DE, RAG

6.- espirando APL

8.- qu'estás APL, DO, DE, RAG, LVG // no cruz LVG

10.- limpha DO; linfa B B

Para *lympha* vid. nota a E 38.6.

11.- toda-las APL, DO, DE, RAG, LVG

¿Es un vermeño? Deixa que che eu cante.
 É tu, que es un leproso, pasa adiante,
 e bebe, ¡irmao dos astros e das rosas!...

12.- ¿Eres un verme? APL, DO // ch'eu APL, DO, DE, RAG, LVG

Para as formas verbais *es / eres* vid. nota a M 24.17.

13.- qu'es DO, DE, RAG, LVG // pas'adiante APL, DO, DE, RAG, LVG

14.- hirmau APL; hirmao DO, DE, RAG, LVG, BB, FR // d'os ... d'as APL, DO, DE, RAG, LVG

Carballo Calero cita este verso entre outros de Noriega que "semellan arrincados a poemas de Guerra Junqueiro, Eugénio de Castro ou o saudoso Teixeira" (219).

Xosé Ramón Pena cita estes verso para afirmar que Noriega está lonxe da procura trascendental de Teixeira de Pascoaes: "O da montaña non busca unha dimensión de saudade, unha apoloxía do «saudosismo». O que rexistramos é unha adhesión encanto aos *aspectos puramente formais*. O que fai Noriega agora, é tomar formas que deslumbran a súa realidade, e trasladá-las ao seu mundo de «toda humilde beleza»" (220).

74

Tanto te escondiche, sol...

Tanto te escondiche, sol,
 que a duras penas te vexo;
 mais inda un raio che pido,
 rei da luz, ¡o derradeiro!,
 5 pra que se rían os montes
 e se alegren os penedos.

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-o.

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 189, 22.7.1909; *El Eco de Villalba*, nº 37, 30.8.1909; MT, 157; D, 45; AC, 133; *Vida Gallega*, Vigo, nº 386, 20.8.1928; DO, 48; *Finisterre*, Madrid, nº 27, abril 1946; DE, 194; SMR; *Chan*, Madrid, nº 6, I quincena mayo 1969; AI, 34; HNV, 3; MR, 319; BB, 149.

Tamén se acha en *Nós*, Ourense, nº 1, 30.10.1920 traducido ao francés (221), con copia manuscrita do autor en ATP; e en DP, 116 traducido ao castelán en versión coincidente coa que tamén figura en MR ao lado do texto galego (222). En VG leva como indicación final «Del libro *Antología de la lírica gallega*».

Variantes e comentarios

0.- Tanto t'escondiche, sol... D, DO, DE, SMR, CH; Tanto t'escandiche AC, VG, F, MR

En MD, EV e MT non leva título.

1.- t'escondiche MD, EV, MT, D, AC, VG, DO, F, DE, SMR, CH, MR

3.- rayo MD, EV, MT, D, AC, VG, DO, F, DE, SMR, CH, MR

4.- rey D, AC, VG, DO, F, DE, SMR, CH, MR // d'a MD, EV, MT, D, AC, VG, DO, F, DE, SMR, CH, MR // derredeiro MD, EV

5.- pra se rían E V

6.- s'alegren MD, EV, MT, D, AC, VG, DO, F, DE, SMR, CH, MR

Musa queiroguenta

Pra arredala do seu huraño sino,
de balde foi que se xuntase o medo
coa imponente mudez do ermo penedo,
coa queixa vaga do harmonioso pino.

- 5 A musa queiroguenta que me asiste
da rixidez dos montes está ó cabo,
i ama a flor mareliña, porque é triste,

Métrica

Soneto, 11 (ABBA CDCD EEF GGF).

Edicións anteriores

Alfar, Coruña, nº 33, outubro 1923; Ms, 27.1.1924; DO, 90; DE, 195; FDR, 24-25; CC, 58; RAG, 54; *Faro de Vigo*, 17.5.1969; AI, 32; HNV, 3; *Chan*, Madrid, nº 7, II quincena mayo 1969; MR, 325; FFR, 234; BB, 150; FR, 120.

Tamén está traducida ao español en DP, 115, en versión coincidente coa que figura en CC ao lado do texto galego (223), e diferente da de MR (224). Para Ms vid. III.6.1.16, onde podemos ler: "Actualmente preparo Tenuis pluvia, una coleccioncita de cincuenta sonetos, de índole montañesa, como todo cuanto produzco. Me permito (y Vd. me perdonará) mostrarle dos de los qe. ultimamente compuse".

Variantes e comentarios

En FFR figura a pé de páxina: «Noriega comunga aquí, como nos máis dos seus poemas, coas sinxelas criaturas da súa paisaxe montañesa».

0.- Huraño sino ALF, Ms

En Ms leva como dedicatoria «Pra Teixeira de Pascoaes».

1.- P'r arredá-la d'o ALF; Pr'arredála do Ms; Pra arredá-la d'o DO, DE, RAG

Para huraño vid. nota a E 27.7.

2.- *debalde* ALF, Ms, DO, DE, FDR, CC, RAG, FV, AI, HNV, MR, CH, FFR, BB, FR

3.- *co-a ... d'eremo* ALF, Ms, DO, DE, RAG // *de ermo* CC, FV, AI, HNV, BB, FR

Aínda que en *d'eremo* podíamos tamén recuperar un *e*, como fan algúns editores, non obstante inclinámonos polo *e*, por harmonía co verso seguinte, paralelo con este na súa estrutura sintáctica e morfolóxica: *coa ... do...*

4.- *co-a ... d'o* ALF, DO, DE, RAG; *co-a... do* Ms // *armonioso* CC, FFR

5.- *m'asiste* ALF

En E 17 a composición leva como subtítulo "Fala a musa dos píncaros" e en E 69 as primeiras edicións levan por dedicatoria «Pr'a miña musa queiroguenta»; PNR 21 ten por título "Á miña musa serrana".

6.- *d'a ... d'os* ALF, DO, DE, RAG // *ao cabo* CC, FFR

7.- *y-ama* ALF, Ms, DO, DE, RAG; *e ama* BB, FR // *porqu'é* ALF, DO, DE, RAG

i a presenza do toxo, porque é bravo...

- 10 ¿Mellor que a lus febea? ¡Ceio torvo!
 ¿Antes que o pintasilgo? ¡Negro corvo!
 Entre seixos a auguiña que ela bebe;

son breñoso-los cimbros donde inverna,
 i é unha moza, descalza de pé e perna,
 tripando cardos, ¡encarando a neve!!

8.- y-a ALF, Ms, DO, DE, RAG; e a BB, FR // d'o ALF, DO, DE, RAG // porqu'é ALF, DO, DE, RAG

Esta estrofa é citada por Claudio Rodríguez Fer como exemplo de rima abrazada (225).

9.- luz Ms // phebea ALF, Ms, DO, DE, FDR, RAG, FV, AI, HNV, MR, CH, FFR, BB, FR // Ceyo ALF, Ms, DO, DE, RAG; ceo FR

Transcribimos *febea* en consonancia co exposto en nota a E 38.6 e tendo en conta que nas outras dúas ocasións en que aparece esta palabra tamén o autor a escribe así en todas as edicións: E 35.4 (*Despértamo a lus febea*) e 40.11 (*si, a furto da lus febea*).

10.- Os vv. 9-10 sintetizan dous dos recursos estilísticos máis característicos da obra: o paralelismo, presente tamén nos vv. 3-4 e 7-8, e a antítese ou contraposición de termos opostos (*lus febea / ceio torvo; pintasilgo / negro corvo*).

11.- seixos e auguiña FDR, MR, FFR // qu'ela ALF, Ms, DO, DE, RAG

12.- breñosos os FDR, FV, AI, HNV, MR, CH, FFR, BB; breñosol os CC

Para a asimilación do artigo en *breñoso-los* vid. nota a M 5.53.

13.- y-é ALF, Ms, DO, DE, RAG; e é BB, FR

14.- trepando ALF, DO, FDR, FV, AI, HNV, MR, CH, FFR; pisando Ms

En E 5.1 aparece o verbo *tripar* en todas as edicións (*No me tripes, camiñante*), fronte aos sinónimos *trepas* e *pisar* que temos como variantes neste verso.

Este verso é incluído por Bernardino Graña dentro da súa composición "Recordatorio pra Antón Noriega Varela" (vid. III.8.33).

76

As casas dos brañegos...

As casas dos brañegos son santuarios:
 ¡oh, que longos resarios
 vellos e novos, na cociña xuntos,
 rezan, de noite, cabo da fogueira,
 5 pra que a Reiniña queira
 apiadarse das almas dos difuntos!

Métrica

Sexta rima, 11 e 7 (AaBCcB).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 148, 9.10.1908; *El Eco de Villalba*, nº 17, 1.11.1908; MT, 95; D, 73; DO, 63; DE, 196; BB, 151; CPI.

Tamén o achamos reproducido en dous artigos sobre a obra: vid. III.7.3.6 e III.7.5.1; en CPI está equivocadamente incluído como parcialmente inédito.

Variantes e comentarios

Tamén esta composición descritiva pasa de *Montañesas* a *Do Ermo* pola temática, na que mestura a devoción relixiosa dos labregos coa tradición: toda a familia reunida pola noite a carón do lume para rezar o rosario pola alma dos defuntos.

0.- d'os D, DO, DE

En MD, EV e CPI está seguido de E I8 e co título común de "Rimas"; en MT non leva título.

1.- d'os MD, EV, MT, D, DO, DE // labregos MD, EV, CPI

2.- rosarios CPI

Para o vulgarismo *resario* vid. nota a E 4.14.

4.- d'a MD, EV, MT, D, DO, DE, CPI

5.- a Doniña MD, EV, CPI; a Reyniña D, DO, DE

6.- d'as ... d'os MD, EV, MT, D, DO, DE, CPI

Como chove miudiño...

Vagaroso chover... Este zarzallo
que alxófares espalla, de mansiño,
é bendición de Dios i é un irmauciño
das lágrimas, da brétema e do orballo.

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

A Aurora do Lima, Vianna do Castelo, nº 52, 13.7.1923; DO, 7; DE, 197; FDR, 22-23; RAG, 55; AI, 27; *El Progreso*, Lugo, 17.5.1969; HNV, 2-3; FFR, 228; BB, 152; GEG, 118-119; FR, 121.

Tamén está publicado en *Céltiga*, Buenos Aires, nº 37-38, 25.7.1926, traducido ao francés por Phileas Lebesgue (226).

Variantes e comentarios

Salvador Lorenzana afirma exemplificando con este poema: "Tamén a iauga, en forma de chuvia, de fontañá, de regueiro, de orballo, de rocío, ven a ser coma o dinamismo soave, o sistema circulatorio dos seus cadros. Un maino susurro musical, faguendo de fondo ó idilio de luz" (227).

0.- Tenuis pluvia A L

Co título de AL pretendía publicar un volume con 50 sonetos (vid. III.6.1.16), que nunca chegou a ver a luz.

Talvez o título definitivo teña a súa orixe no cantar popular glosado por Rosalía en *Cantares gallegos*: "Como chove mihudiño, / como mihudiño chove, / como chove mihudiño, / pó-la banda de Laiño / pó-la banda de Lestrobe" (228).

1.- Vagoroso FDR, EP, FFR, BB, GEG

Un erro de lectura ou trascrición nalgunha das edicións posteriores á morte do autor fai que hoxe figure esta variante nalgún libro de texto escolar.

A respecto de *zarzallo* di Fernández Rei: "No léxico do tempo atmosférico son mindonienses formas como [...] *barruzar* (ou *zarzallar*) para *choviñar*, *orballar*" (229).

2.- A palabra *alxófares* xa vén rexistrada, en singular, polo P. Sobreira en Ribadavia, xunto con *alxofre* (230). Constantino García di que "cando na Península Ibérica se introduciu a forma *perla* (en portugués *pérola*), *alxofre* e a súa variante *alxófar* pasaron a significar «perla miúda» [...]. Coido que hoxe é soamente unha verba empregada no nivel da lingua literaria e especialmente na poesía" (231). Noriega tamén emprega a voz galega *pérolas* en E 58.3, por exemplo (*pérolas mo enfeitán*). A metáfora do orballo que espalla *alxófares* ou *pérolas* miúdas, xoíñas, doas... é tópica na obra e fundamentalmente nos sonetos: vid. 38.4 (*xoíñas fulgurantes*), 65.6 (*tremelucen doñás de rocío*)...

3.- y-é AL, DO, DE, RAG // hirmanciño AL, EP; hirmauciño DO, DE, FDR, RAG, AI, HNV, FFR, BB, GEG, FR

4.- d'as ... d'a ... d'o AL, DO, DE, RAG

5 O ceio inda non ten outro agasallo
mellor pra demostra-lo seu cariño
ás froliñas da urce i ás do espiño,
i á ramaxe pomposa do carballo.

10 E Galicia, sin par, onde eu nacera,
tralo rico presente, quizá espera
do irmau sol, rei da luz, unha raiola...

¡Quizá!, pois xa notou a ialma miña
que, si adoita de estar na cruz soliña,
ó sentirse feliz, non quer ser sola.

5.- ceio AL, DO, DE, RAG; ceo EP, FR

6.- demostrar o FDR, EP, FFR, GEG; demostrálo seu AI, HNV

7.- ás froliñas GEG // d'a urce AL, DO, DE, RAG; da urce FDR, AI, HNV, FFR, GEG, FR; de urce EP // y-ás d'o DO, DE, RAG; e-ás d'o AL; e ás BB, FR

8.- y-â ... d'o AL, DO, DE, RAG // i a HNV; e á BB, FR

9.- ond'eu AL, DO, DE, RAG

10.- trá-lo AL, DO, DE, RAG, FR; tras o FDR, EP, FFR, GEG

Para a adverbio *quizá* vid. nota a E 29.4.

11.- de Phebo, rey d'a luz, unha rayola AL // d'o DO, DE, RAG // hirmau DO, DE, FDR, RAG, AI, EP, HNV, FFR, BB, GEG, FR // rey d'a luz DO; rey d'o luz DE, RAG // rayola DO, DE, RAG

A variante *d'o luz* en DE é, sen dúbida, un erro involuntario, que demostra a absoluta fidelidade con que RAG segue esa edición, mesmo nos erros evidentes.

12.- y alma AL; y-alma DO, DE, RAG; a alma BB, FR

13.- d'estar AL, DO, DE, RAG

14.- ao FFR, GEG

78

Non sabe a fror...

(De Lamartine)

Non sabe a fror quen manda a lus do día,
 nin quen espalla o néctar que a delecta
 ó vir raiando a aurora;
 i ela agradece as lágrimas que acepta,
 5 i ela as convirte en bálsamos que envía
 ¡ó Misterio que adora!...

Métrica

Sexta rima, 11 e 7 (ABcBAC) (232).

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 437, 3.7.1938; DE, 198; BB, 153.

En VA leva como indicación final «Santa María de Chavín».

Variantes e comentarios

É unha tradución para o galego duns versos en francés, que están na liña do lirismo da natureza impregnado de relixiosidade, que caracterizan a obra (233).

0.- *Alphonse de Lamartine* (Mâcon, 1790-París, 1869) é un poeta francés que ocupa un lugar destacado dentro da poesía romántica; deuse a coñecer en 1820 con *Méditations poétiques*, ás que seguiron *Harmonies poétiques et religieuses* e *Jocelyn*; tamén cultivou a prosa. A súa morte produciuse o mesmo ano en que naceu Noriega.

1.- d'o VA, DE

Novo caso de seseo implosivo en *lus*: vid. nota a M 3.12.

2.- nin quen ll'esparxe o néctar que a deleita V A

3.- rayando VA, DE

4.- y-ela VA, DE; e ela BB // aceita V A

As necesidades de rima explican certas variantes un tanto sorprendentes: seguramente *deleita* forzase este *aceita*, que acabaría trocando en *acepta*; como consecuencia viría a forma *delecta*.

5.- y-ela VA, DE; e ela BB // qu'envía V A

6.- *Mysterio* VA, DE

Para a representación gráfica de *Mysterio* vid. nota a E 36.3.

Exemplares froliñas

Eu che aceno, Piedá, pra que repares
na inxénita candura desas flores,
que, orballadiñas, topan os pastores,
ó despunta-la aurora nos pinares.

- 5 I aínda de ti me doio, se cuidares
que as arrogantes rosas son mellores,
para simbolizar castos amores,
i ofrendarllas á Virxe nos altares.

- 10 Froliñas entre os pinos recollidas,
¡exemplares froliñas! (como as vidas

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 197, 12.5.1922; DO, 73; DE, 199; BB, 154; FR, 122.

En VG leva como anotación final «Trasalba (Orense), a 4 de Mayo de 1922».

Variantes e comentarios

0.- En VG ten a seguinte dedicatoria: «A Herminia Fariña Cobián» (234).

1.- *ch'aceno* VG, DO, DE

A proclise do pronome átono explícase polo ton enfático da frase.

2.- *d'esas* VG, DO, DE

3.- *tópa-nos* VG, DO, DE

Para a alveolaridade do /n/ vid. nota a M 7.16 e 9.10.

5.- *Y-aínda* VG, DO, DE; *E aínda* BB, FR // *doyo* VG, DO, DE // *si* VG

Este uso de *se* como conxunción condicional é excepcional en toda a produción escrita do autor, que utiliza habitualmente *si* con este valor, tal como sucede en VG: vid. nota a M 1.31.

Tamén é excepcional o uso do futuro de subxuntivo (*cuidares*) que aparece no verso.

7.- *symbolizar* VG, DO, DE

De novo temos *pra* (v. 1) e *para* neste verso, segundo as necesidades métricas, aínda que é totalmente maioritaria a forma *pra* ao longo de toda a obra do autor.

As flores brancas (v. 2: *inxénita candura*) simbolizan a pureza e as amarelas a humildade; por iso son as preferidas do autor (vid. nota a E 71.10 e E 6), fronte ás rosas, símbolo de grandeza e sensualidade (vid. E 6.1 e 31.12).

8.- *y-ofrendarllas* VG, DO, DE; e *ofrendarllas* BB, FR

9.- *entr'os* VG, DO, DE

dos Santos Ermitaños)..., a Fertuna

se lembre da Modestia, i en boa hora
vos queira preferir nosa Señora
para lle engrinaldar ó Neno a cuna.

11.- d'os VG, DO, DE

Para *Fertuna* vid. nota a E 33.10.

12.- d'a VG, DO, DE // y-en VG; y en DO, DE; e en BB, FR

14.- para ll'enguirnaldar ó seu Neniño a cuna VG; para ll'engrinaldar
ó seu Neniño a cuna DO // ll'engrinaldar D E

Escribe Aquilino Iglesia Alvariño: "El último verso del soneto 'Exemplares
floriñas' lo dejó aposta cojo. Podía ser este

pra engrinaldarlle ó seu Neniño a cuna,

que es correcto. Así figuraba, incluso, en su primer original. Prefirió, no obstante,
la forma defectuosa silábicamente

para ll'engrinaldar ó seu Neniño a cuna,

acreditando con ello su condición de excelente estilista" (235).

Así figura o verso en DO, contendo trece sílabas métricas, mais en DE
transformouno en hendecasílabo, sen perder o seu valor estilístico.

Tamén Carballo Calero destacou este cambio, ao falar dos sonetos: «Como recursos
propriadamente métricos, asinalaremos o cabalgamento e, nun caso, o cambio de
medida, recurso que dempóis abandonou. [En nota] En *Do ermo*, 1929, o soneto
'Exemplares froliñas', páx. 73, remata cun alexandrino: 'para lle engrinaldar ó seu
Neniño a cuna', anque todos os demais versos son endecasílabos. Pero na edición de
1946, páx. 199, o alexandrino foi convertido en endecasílabo: 'para lle engrinaldar
ó Neno a cuna'» (236). Como xa indicamos, consideramos que en DO o verso ten
trece sílabas métricas, tendo en conta as sinalefas, norma xeral no autor.

Embreñarme procuro...

- Embreñarme procuro, e feliz fora,
 si xa de meu tivera unha casiña
 na fragosa montaña, que alí mora,
 divorciada do mundo, a ialma miña;
 5 o sosego das chairas me namora,
 i a Dios lle pido que me poña axiña,
 donde hastra a virazón non quer testigos
 pra rebuldar coas follas dos caxigos.

Métrica

Oitava real, 11 (ABABABCC) (237).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 117, 6.3.1908; *El Eco de Villalba*, nº 12, 15.8.1908; *Vida Gallega*, Vigo, nº 8, agosto 1909; MT, 105; D, 11; DO, 57; *La Noche*, Santiago de Compostela, 9.9.1946; DE, 200; RAG, 56; BB, 155.

Variantes e comentarios

Esta composición está emparentada tematicamente con E 33, 60 e 81. Glosa o motivo do "Beatus ille qui procul negotiis" de Horacio, achegándose o poeta a unha actitude de clara misantropía, que o une ao poema seguinte, explicando, así, a súa posición dentro da obra e a súa incorporación desde MT.

0.- En MD, EV, VG e MT non leva título.

1.- A paz august'alabo, e feliz fora MD, EV

No poema seguinte, v. 11, repítese esta frase *embreñarme procuro*; cfr. con M 22.45 (*Quen nestas breñas se embreñe*); vid. nota a este verso.

2.- Esta construción do posesivo (*de meu*) tamén a achamos en E 9.9 (*Todo o que teño de meu*).

3.- A conxunción *que* ten aquí valor causal.

4.- d'o MD, EV, VG, MT, D, DO, DE, RAG // a y-alma MD, MT, D, DO, LN, DE, RAG; a yalma EV, VG; a alma BB

5.- o trafego d'os campos me namora MD, EV // d'as VG, MT, D, DO, DE, RAG

A substitución de *trafego* por *sosego* está máis de acordo co tema da composición.

6.- y-a MD, EV, VG, MT, D, DO, LN, DE, RAG; e a BB // poñ'axiña MD, EV, VG, MT, D, DO, DE, RAG

7.- donde hastra virazón MD, EV; donde hastr'a virazón VG, MT; dond'hastr'a virazón D, DO, DE, RAG

8.- co as MD, EV; co'as VG; co-as MT, D, DO, DE, RAG // d'os MD, EV, VG, MT, D, DO, DE, RAG

Para *caxigos* vid. nota a M 1.60.

81

Na montaña bravía, Pai do ceio...

Donde eremitas ven o ceio aberto,
 donde, á par da Saudade, triste eu canto,
 donde a brétema furta, ó descuberto,
 as estreliñas que lle cán do manto,

5 donde prospera a urce, donde o pranto
 da aurora centellea, donde é certo
 que hai unha cruz (mimiño do deserto),
 i o adro da erma igrexa é campo santo,

 na montaña bravía, ¡Pai do ceio!
 10 do ermo silencioso no ermo seio

Métrica

Soneto, 11 (ABAB BAAB CCD EED).

Edicións anteriores

DO, 58; DE, 201; CC, 60; RAG, 57; BB, 156; FR, 123.

En CC vai acompañado da tradución ao idioma castelán (238).

Variantes e comentarios

O poeta recrea en forma de soneto, con vinte anos de diferenza, o mesmo tema da composición anterior, o *contemptus mundi*, nunha actitude de misantropía, xa sinalada por Hugo Rocha: "O seu soneto 'Na montaña bravía, Pai d'o ceio!...', cántico de louvor à inspiradora paisagem montesinha, é uma espécie de depoimento da relativa misantropia do vate mindoniense. Os tercetos são assaz esclarecedores desse pendor do poeta para o isolamento» (239).

0.- d'o ceio DO, DE, RAG; do ceo FR

1.- ceio DO, DE, RAG; ceo FR

2.- d'a DO, DE, RAG

4.- can BB, FR // d'o DO, DE, RAG

Mantemos un til de *cán*, forma verbal por *caen*, como acento diacrítico.

5.- urze DO, DE, RAG, FR

6.- d'aurora DO, DE, RAG // dond'é DO, DE, RAG

É estraña a utilización do castelanismo *centellea*; noutras ocasións usa formas galegas: .E 31.4 (*fulgurante*), 44.13 (*faiscar*), 61.3 (*fulxe*), 71.13 (*relucentes*)...

7.- hay ... d'o DO, DE, RAG

Menos en CC, nas demais edicións *unha cruz* figura con maiúsculas iniciais, que non consideramos significativas.

8.- y-o adro d'erma DO, DE, RAG // e o BB, FR

9.- d'o ceio DO, DE, RAG

10.- d'o ... seyo DO, DE, RAG

embreñarme procuro prontamente,

aló na terra virxen, terra esquiva,
 ¡donde nunca apareza unha alma viva!
 (tanto aborrezco tropezar coa xente).

Este verso supón un logro estilístico, conseguido mediante o uso da *derivatio*: *ermo* ten función nuclear no primeiro sintagma e de adxacente no segundo.

11.- Dun xeito similar a como sucede en E 31.8, este verso constitúese en núcleo sintáctico e climático do poema.

Os vv. 10-11 veñen marcados polo hipérbato e a aliteración: "procuro embreñarme prontamente no ermo seio do ermo silencioso". Estes dous versos son postos por Aquilino Iglesia Alvariño á fronte dun poema dedicado a Noriega (vid. III.8.18).

13.- A repetición anafórica de *donde*, constante nas dúas primeiras estrofas, termina neste verso, dándolle unidade estrutural ao poema.

14.- co-a DO, DE, RAG

O uso de parénteses (cfr. v. 7) é un dos recursos retóricos máis usados por Noriega nos sonetos, xunto coas exclamacións, as interrogacións, a repetición de termos e a similitudencia, tal como sinalou Carballo Calero (240). Este mesmo afirma: "No soneto que comeza 'Na montaña bravía', verdadeira glosa do 'Mihi oppidum carcer, et solitudo paradisus est', espresase de forte e sobrio xeito un *contemptus mundi* que cobra singular alento no epifonema: (*Tanto aborrezco tropezar coa xente*) (241).

82

Bule-bule*(Ó meu señor D. Antonio Díaz Carreira)*

I

Pra min n'hai tallo ond'ó forno
 nin faragullas na artesa,
 me oieu decir -i era risa-,
 Bule-bule, a miña neta.

II

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-a.

Edicións anteriores

El Progreso, Lugo, 20.1.1946; DE, 202; BB, 157.

En EP leva como antetítulo "Un poema inédito de Noriega" e como anotación final, a continuación da asinatura do autor, «Numerario de la Real Academia Gallega» (242).

Variantes e comentarios

É esta unha das últimas composicións do autor, onde este, xa vello, aparece no papel de avó bondadoso; igual que E 48 ou 56, inspírase na anécdota de carácter familiar. PNR 18 é un poema moi similar tematicamente a este, coincidindo nos catro últimos versos, que se repiten case exactamente igual.

0.- A dedicatoria de DE figura tamén nas outras dúas edicións.

Antonio Díaz Carreira foi comandante do exército destinado na caixa de recrutas de Lugo; veraneaba en Viveiro, onde mantivo amizade co poeta.

1.- n'hay EP, DE; no hai BB // onda ó B B

En EP figura ao final do poema un vocabulario, seguramente do autor, que iremos citando en cada ocasión; para este verso temos: «*Tallo*, banco rústico de tres pies», «*Ond'ô forno*, junto al horno».

2.- n'artesa EP

«*Faragúllas*, migas,y, figuradamente, desperdicios o sobras que alguno deja, y de que otros se utilizan»

3.- m'oyeu EP, DE // y-era EP, DE

En *oieu* pódese observar a presenza dun *i* epentético ou antihiático, igual que en *ceio*, e a neutralización da vocal temática na 3ª persoa do pretérito de indicativo: vid. nota a M 12.10.

O autor emprega habitualmente *a risa* (cfr. 60.5: *risas embriagadas*, 60.7: *meigas risas*), mais *o sorriso* (cfr. 73.1: *Sorrisos das do ermo tristes flores*; 86.7: *seu sorriso te atraí...*).

- 5 Cun lambusquiño de nata
na ozquía do fuso, chega,
e (de xoellos na frouma
que xunta co angazo), déuma.

III

- 10 ¡Soñe sempre que anxeliños
rebultan ó redor dela,
presentándolle grinaldas
e collariños de estrelas!

5.- C'un EP, DE

«*Lambúsc*o, dedada, o lo que puede cogerse con la punta del dedo»; Leiras Pulpeiro recolle tamén no seu vocabulario *lambuscar* e *lambusco*, que traduce por 'lamiscar' e 'lamisco'.

6.- d'o EP, DE

«A *ozquía d'o fuso*, la punta del huso, por donde, con los dedos, lo cogen las hilanderas para hacerlo girar»; Leiras recolle as seguintes formas, traducidas todas por 'hueca': *oca*, *ozquia*, *ozca*, *osquea*, *osquia*.

7.- «*De xoellos*, arrodillada, de hinojos»; «*Fróuma*, en Orense; *frónza*, en Vivero; *puxa*, en Foz., etc., hojas secas, caídas de los pinos»

8.- c'o EP

«*Angázo*, en Orense; *enciño*, en nuestra provincia, rastrillo».

10.- d'ela EP, DE

«*Rebuldar*, retozar».

12.- d'estrelas DE

Cfr. vv. 9-12 en PNR 18.

83

Festiña dos breñales...

Festiña dos breñales, linda abrula,
 pois o ermo afrixe, ¡seu rigor quebranta!,
 i alegre os sotos, donde arrola a rula,
 i as carballeiras, donde o malvís canta.

- 5 Mande Dios que inda enfeites miña lira,
 i a Virxe mande que contigo sean
 a meiguice da fonte que suspira,
 i a mágoa das espigas que lourean.

Métrica

Soneto, 11 (ABAB CDCD EEF GGF).

Edicións anteriores

Céltiga, Buenos Aires, nº 20, 25.10.1925; DO, 29; DE, 203; RAG, 58; BB, 158; FR, 124.

Variantes e comentarios

É esta unha composición lírica á abrula, cuxas flores serven de enfeite ás mozas de Trasalba ao camiñaren cara ás festas.

o.- d'os DO, DE, RAG

En CE leva a continuación do título a anotación «Especial pra "Céltiga"» (243).

1.- d'os CE, DO, DE, RAG

Ao final do poema figura en CE o seguinte texto: «*Folgueira, e abrúla* (en castellano *dijital*, y en portugués *dedaleira*), é unha flor *purpúrea* que nace nas montañas, á qu'os rapaces chaman "estalos"». (vid. nota a M 24.27).

2.- afixe CE

Neste caso o cambio para *afixe* prodúcese en detrimento da norma, pois este verbo é un cultismo, mais estilisticamente o verso sae gañando, ao contribuír á aliteración de vibrantes.

3.- y-alegra CE, DO, DE, RAG; e alegre BB, FR

A *rula* (ou *rola*) atrae con arrolos a súa parella; a utilización consecutiva de dúas palabras foneticamente moi próximas é un logro estilístico no verso.

4.- y-as CE, DO, DE, RAG

O *malvís* é un paxaro propio do norte de Europa, que pasa pola Península a finais do outono; é unha especie de tordo, caracterizado polo seu canto agradábel; tamén aparece en Cunqueiro: *Tiña arte pra imitar o melro i o malvís* (244).

Como podemos ver máis unha vez nesta composición (vv. 3-4 e 7-8), o paralelismo, a anáfora e a similitudencia son os recursos máis empregados nos sonetos.

5.- qu'inda CE, DO, DE, RAG // lyra CE, DO, DE, RAG, FR

6.- y-a CE, DO, DE, RAG; e a BB, FR // manda CE

7.- d'a CE, DO, DE, RAG

8.- y-a CE, DO, DE, RAG; e a BB, FR // magua CE // d'as CE, DO, DE, RAG

10 Beira dun carreiriño polvorento,
sen máis amores que os dun triste fento,
debullándose en bágoas, veute a ialba,

e, con todo, feliz, ¡oh, flor!, te eu creio
ao notar que prás festas sobre o seio
te levan carpazonas de Trasalba.

A respecto de *lourean* di Constantino García: "De *louro* e *loiro* nacen os verbos *lourar*, *loirar*, *lourear*, *loirear*, *lourecer*, *loirecer*, *alourar*, *aloirar*, (e outras variantes) que significan «tornar louro» ou «madurar» nalgunhas partes" (245); neste caso estes dous significados non se contradín, senón que van unidos.

9.- d'un CE, DO, DE, RAG

A locución prepositiva *á beira de* tamén admite a ausencia de *á*, tal como sucede neste verso (246).

10.- qu'os d'un CE, DO, DE, RAG

Fento non é voz propia do léxico mindoniense, tal como di Fernández Rei ao tratar deste: "*folgueira* (coma no galego de Asturias e parte do galego do Bierzo) e especialmente a forma *felgo*, para nomea-lo *fento* ou *fieito* doutras áreas galegas" (247). Débese ter en conta que cando escribe este poema, o autor leva vivindo doce anos en Trasalba.

11.- a y-alba CE, DO, DE, RAG; a alba BB, FR

Cfr. este tópic *debullándose en bágoas* con E 71.6.

Para *veute*, do verbo *ver*, vid. nota a M 12.10.

12.- teu CE; t'eu DO, DE, RAG // creio CE, FR; creyo DO, DE, RAG

13.- a o DO, DE, RAG, FR // pr'as CE, DO, DE, RAG // seo CE, FR; seyo DO, DE, RAG

Este é o único caso na obra en que se representa como *ao* esta contracción, xunto con E 48.4: vid. nota a este verso.

14.- *Trasalba*: freguesía do concello de Amociro (Ourense), onde Noriega estivo de mestre desde 1913 a 1926, na veciñanza de Otero Pedrayo e próximo á cidade das Burgas, onde mantivo trato con destacadas personalidades da cultura; desde Trasalba viaxou a Portugal e coñeceu a importantes escritores, cos que estableceu frutífera amizade. Os anos pasados en Trasalba foron definitivos na carreira poética do autor; non obstante, só nesta composición fai unha mención expresa dela. En *O Gaitero de Lugo* do ano 1933 hai un cantar popular, recollido por Noriega, sen dúbida, pois está nunha sección feita por el, aínda que non figure o seu nome, que di: *Trasalbiña viva, viva, / Trasalbiña viva ben; / Trasalbiña ten a sona / de cantar e bailar ben.*

Sobre os últimos versos deste soneto escribe Carballo Calero: "Secomasí, o poeta elévase ás veces á pura fruición estética. Ouservemos dous finais de sonetos. Noriega canta a abrula, que a alba ve, debullándose en bágoas [...] O que eiquí conta é a fremosa imaxe desas vizosas raparigas de bocarribeira camiñando ledas para a festa enfeitadas coa abrula. Unha imaxe visual, de beleza pictórica, valiosa por sí mesma. Con ela choe Noriega significativamente o soneto" (248).

Teresa Ferro Boó

Unha estreliña sin par...
 ¡Non se me cai da memoria!:
 versos me pideu, e groria
 quixera ter pra Ila dar.

5 Con un suspiro a agasallo,
 e, si asinte, co deseio
 de que lle depare o ceio
 un mozo com'on carballo,

digno desta viril Tresa,

Métrica

2 redondillas, 8 (abba).
 1 quintilla, 8 (abaab).

Edicións anteriores

D, 103; *Almanaque Gallego*, Buenos Aires, 1921; DO, 39; DE, 204; BB, 159.
 En AG leva como anotación final «Trasalba (Orense)».

Variantes e comentarios

Composición de ton menor, de circunstancias, feita seguramente por compromiso, que non está en consonancia co conxunto da obra, igual que sucede con E 44 (vid. "comentarios" a este poema).

0.- En AG, debaixo do título, figura : «Extramuros d'a cidá d'Orense».

2.- d'a D, AG, DO, DE

3.- y a groria A G

Para a proclise do pronome átono precedido do complemento directo, construción moi frecuente neste autor, vid. nota a M 5.31 e 6.8; para *pideu* vid. nota a M 12.10.

4.- ll'a D, AG, DO, DE

6.- c'o D, AG, DO, DE // *deseyo* D, DO, DE

7.- ceyo D, DO, DE

8.- coma on B B

Para *com'on* vid. nota a M 3.139.

Substituímos o punto ao final do verso, que figura en todas as edicións, por coma, pois da outra maneira a última estrofa fica sen sentido; en realidade en DE non hai punto, mais a maiúscula inicial e o sangrado do verso seguinte indican a intención de colocalo; este descoido na puntuación é acorde co ton menor da composición, posto de manifesto tamén na expresión coloquial deste mesmo verso e do v. 11, por exemplo.

9.- d'esta D, AG, DO, DE

Para *Tresa* (e tamén *intresa*, no v. 12) vid. nota a E 13.6; o adxectivo *viril* non se pode considerar como un acerto poético neste contexto.

- 10 ¡flor da miña devoción!,
 que val máis ouro que pesa,
 pois, si o Parnaso lle intresa,
 é porque ten corazón.

10.- d'a D, AG, DO, DE

12.- ll'intresa D, AG, DO, DE

Parnaso: monte de Grecia central célebre na mitoloxía grega; estaba consagrado a Apolo e ás musas. No texto está utilizado como sinónimo de 'poesía'.

85

Campeón ferido

N'aleará o veterano
que desbravou moito a serra,
pero a labor non se atrasa,
naide das filas deserta.

- 5 Cantaruxando os rapaces
marchan detrás das ovellas,
e prós bois nas manxadoiras
non faltan mangados de herba.

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-a.

Edicións anteriores

¡Guau...Guau!, Foz, julio 1906; *Coruña Moderna*, nº 75, 5.8.1906 (249); *Almanaque Gallego*, Buenos Aires, 1906; MT, 87-88; *La Voz de Mondoñedo*, nº 414, 20.2.1911; *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 101, 25.9.1919; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 34, 19.10.1930; *El Ideal Gallego*, Coruña, 18.10.1935; *El Progreso*, Lugo, 5.12.1941; DE, 205; BB, 160-161.

En AG leva como indicación final «Foz, 1906».

Variantes e comentarios

É un poema descritivo de sabor decimonónico, que encaixa mellor na liña temática e estética de *Montañesas*, á que xa pertenceu previamente; está relacionado con E 64: os dous describen os sufrimentos do labregos.

0.- Almas d'a montaña MT, LVM, EIG; Da aldea ANT; O veterano VA

En GU, CM, AG e MT non leva título; en VA figura «Expressé para 'Vallibria'» debaixo do título.

1.- Non xurdirá GU, CM, AG, ANT; Non sanará VA; No aleará BB

Para *n'aleará* vid. nota a M 1.9; significa 'non mellorará, non se reporá'.

2.- desvrbou GU

3.- *per'o labor* GU, CM, AG, MT, LVM, ANT, EIG; *pero o labor* VA // *s'atrása* AG, MT, LVM, VA, EIG, EP, DE

Neste caso resultou desacertado o cambio de xénero en *labor*, producido só nas dúas últimas edicións en vida do autor.

4.- *ninguén* ANT // *d'as* CM, AG, MT, LVM, VA, EIG, EP, DE

5.- *Cantaruxand'os* CM, AG, MT, LVM

6.- *salen detrás d'as* GU, CM, AG, VA; *salen detrais das* ANT // *d'as* MT, LVM, EIG, EP, DE

7.- *pr'os* GU, CM, AG, MT, LVM, ANT, VA, EIG, EP, DE // *n-as* GU, CM // *manxadeiras* GU, ANT

As *manxadoiras* son os recipientes onde comen os animais, as maseiras.

8.- *brazados d'herba* GU, CM, AG, MT, LVM, ANT, VA, EIG, EP // *d'herba* DE

- 10 A amiña -unha miña xoia-,
xonzouse a suca-las terras,
i á noite volve prá casa
tan papadiña e marela,
que, si se tumba no escano,
inda os tronos n'a despertan.
- 15 ¡Probiño enfermo!, tirado
nunhas pallas balorentas,
lembra un campeón ferido,
xa inútil prá loita fera;
i os toxos demandan fouces,
- 20 pide ligós a restreba
e, si non se doi quen puxa,
o que cae non se queixa.

Fosco o montañés e mudo,

9.- A y-ama -unha carpazona- GU, AG, MT, LVM, EIG; A y-ama -unha corpazona- CM; A y-ama -unha carpanzona ANT; A amiña -unha carpazona- VA, EP // xoya DE

O poeta usa habitualmente o termo *carpazona* para se referir ás mozas montañesas; por iso talvez non lle acabase de convencer neste contexto.

10.- sucar as GU, ANT, VA; sucas CM, AG; labral-as MT, LVM, EIG

Xonzouse significa 'moveuse, sacudiuse'.

11.- e a GU, CM, AG, MT, LVM, EIG, EP, BB; e â ANT; e á VA; y-a DE // pra GU, AG, ANT; pr'a CM, MT, LVM, VA, EIG, EP, DE

Creemos necesario acentuar o á en *á noite* para indicar a contracción, pois o seu significado equivale a 'pola noite'; o feito de non figurar til en DE, nin en outras edicións anteriores, pode ser un erro repetido.

12.- tan froxiña y-amarela GU, CM, AG, MT, LVM, ANT, EIG; tan desdeña y-amarela VA; ¡miña xoya!, tan desdeña EP

Papadiña e marela teñen aquí o significado de 'consumida' e 'pálida'.

13.- si s'extende GU, CM, AG, ANT; si se deita MT, LVM, EIG // n-o escaño GU

14.- ind'os AG; ainda os MT, LVM, EIG, ANT // na BB

Para a forma *n'a* vid. nota a M 1.9.

15.- O prob'enfermo tirado GU, CM, AG, MT, LVM, EIG; O probe enfermo tirado ANT, VA

16.- sobre pallas valorentas GU, CM, AG, ANT; sobre pallas balorentas MT, VA, EIG, EP; sobre as pallas balorentas LVM // n'unhas DE

17.- fetido DE

Esta variante é, sen dúbida, un erro de impresión.

18.- pra GU, CM, AG, ANT; pr'a MT, LVM, VA, EIG, EP, DE

19.- Requeren as chousas brazos GU, CM, AG, ANT; Queren as agras procuro MT, LVM, EIG; Requeren as agras brazos VA // y-os EP, DE; e os BB

20.- unha actividá sin treguas GU, CM, AG; unha actividá sin treguas ANT; unha viveza sin treguas VA; os lameiros queren rega MT, LVM, EIG // restreba EP, DE, BB

21.- e se non se coi C M

23.- Fosco GU, AG, MT, LVM, ANT, EIG

25 solo agarda a derradeira
 hora en que Dios o recolla
 pra respiro dos que quedan...

Pretiño del canta o galo,
 axiran na criba aveas,
 i hai un netiño que chora
 30 i on xato, ceibo, que breca.

24.- agard'a CM, AG, MT, LVM, EIG // derredeira GU, CM, AG

Tamén en E 74.3 aparece o adxectivo *derradeiro* co preciso significado de 'último de todo' (*rei da luz, ¡o derradeiro!*), igual que neste verso; así mesmo, ten a variante *derredeiro* nas primeiras edicións, do mesmo xeito que aquí.

26.- pra n'estorbar os que quedan GU, AG, ANT; pra n'estorbar ós que quedan VA; pra n'o estorbar aos que quedan CM; pra n'atufar ós que quedan MT, LVM, EIG // d'os EP, DE

27.- d'él GU, CM, AG, MT, LVM, ANT, VA, EIG, EP, DE // cant'o CM, AG

28.- n-a GU // crib'aveas AG, MT, LVM, EIG

Eladio Rodríguez dá o seguinte significado para *axirar*: "elear a lo alto el contenido de la criba, para que el viento limpie mejor los granos"; Leiras tamén recolle este verbo no seu vocabulario, traducíndoo por 'ahechar'.

29.- y-está un meniño que chora GU, CM, AG, ANT; y-están un neno que chora MT, LVM, VA, EIG; y-hay un cativo que chora EP // y-hay DE; e hai BB

30.- y-on GU, CM, AG, MT, LVM, ANT, VA, DE; y-un EIG; e un EP, BB // ceivo GU, CM, AG, MT, EIG

Para a asimilación vocálica *y-on* vid. nota a M 3.139.

Fernández Rei, falando do léxico mindoniense, di que "a cría da vaca é *xato* n a parte de Lugo, fronte a *cuxo*, *xato* ou *pucho* na coruñesa" (250).

O verbo *breca* tamén é recollido por Leiras, que o traduce por 'mugir'.

86

A luz que é túa

Tamén a luz da ialba te hermoreia;
 mais a que te sublima, a luz que é túa
 íntima devotiña, bruta aldeia,
 vén dos ermos inhóspitos da lúa...

- 5 De balde a acolles, o sembrante serio,
 de balde a encaras, a mirada fría;

Métrica

Soneto, 11 (ABAB CDCD EEF GGF).

Edicións anteriores

DO, 77; DE, 207; RAG, 59; BB, 162; FR, 125.

Variantes e comentarios

O poeta séntese conmovido contemplando, baixo a luz da lúa, a fermosura da aldea esmorecida. O *luar* vai ser o motivo que unia este poema cos dous que veñen a continuación, explicando, así, a súa colocación na obra.

0.- qu'é DO, DE, RAG

1.- d'a y-alba t'hermoreya DO, DE, RAG; da alba te hermoreia BB; da alba te hermorea FR

O castelanismo *hermoreia* revela a primacía dos valores estéticos sobre a pureza lingüística, característica manifestada especialmente nos sonetos; vid. nota a E 27.7.

2.- qu'é DO, DE, RAG

3.- aldeya DO, DE, RAG

Nos vv. 2-3 prodúcese un encabalgamento que afecta ao predicado nominal, no que *devotiña* cumpre a función de núcleo; a ausencia de artigo diante deste sintagma explícase polo mesmo motivo que en M 3.73.

4.- d'os ... d'a DO, DE, RAG

Para Carballo Calero este verso é dos que semella tirado de Guerra Junqueiro, Eugénio de Castro ou Teixeira de Pascoaes (251).

5.- Debalde DO, DE, RAG, BB, FR

6.- de balde DO, DE, RAG, BB, FR

Ns vv. 5-6 conxúgase o paralelismo sintáctico e o ritmo prosódico, "de xeito que os segmentos paralelos comprenden versos enteiros, cada un o seu, e dentro deles, os *kola* ou membros están marcados por cesuras que coinciden coas transicións significativas", segundo Carballo Calero (252). Os segundos membros de cada un dos dous versos forman unha construción que lembra o ablativo absoluto latino, neste caso con valor modal; xa vimos restos desta constución latina en E 65.1.

Substituímos a coma de final do verso, que figura en todas as edicións, por ponto e coma, para unha maior claridade do texto.

seu sorriso te atraí... Un cementerio
non che inspirara máis melancolía...

10 Nos brazos do luar esmaecida
te ve meu nume, en fin; da túa vida
restan solo salaios dunha fonte,

i os queixumes daquel piñeiro grave,
que, por ser torto, non valeu pra trabe
dunha ermidiña que coroa o monte.

7.- t'atraí DO, DE, RAG

Para a ausencia do artigo no sintagma *seu sorriso* vid. nota a E 2.2.

8.- inspira B B

9.- d'o DO, DE, RAG // esmoecida FR

Esmaecida é o mesmo que *esvaecida*, 'desmaiada'. A aldea desmaiada nos brazos da luz da lúa constitúe unha imaxe suxestiva e mesmo atrevida, tratándose dun poeta tan temeroso e desconfiado das innovacións, como é Noriega.

11.- salayos d'unha DO, DE, RAG

12.- y-os DO, DE, RAG; e os BB, FR // d'aquel DO, DE, RAG; de aquel B B

Para *piñeiro* vid. nota a E 22.4; cfr. con E 58.

13.- trave DO, DE, RAG, BB, FR

14.- d'unha DO, DE, RAG // corona D O

Elas cantan...Métrica

Tercerilla, 8 (a-a).

Edicións anteriores

MO, 63; *Vida Gallega*, Vigo, nº 161, 30.12.1920; DO, 33; *Vida Gallega*, nº 445, 10.4.1930; DE, 208; BB, 163.

En MO consta de tres estrofas máis e en VG20 ten unha máis.

Variantes e comentarios

A primeira versión, MO, que non leva título, é a seguinte:

Fai un lunar coma día
e as nenas d'as Coruxeiras
baixan cantando pr'a fia.

Escolmadas trouladoras:
xuro a Dios e poño un peso
que algun majo fai chatolas

cos dentes, por non poder
achegarse, qu'esta noite
ha d'haber... o qu'ha d'haber.

¿Aturuxan? É sabido:
quen pase d'a Margarita
¡vai de fuciños pr'o rio!

En VG20 figura unha nova versión co título "Lua cheya":

Fai un lunar coma día
y-as nenas d'as Coruxeiras
baixan, cantando, pr'a fia.

Chilreadoras, ben vos oyo!,
e d'o xentil pintasilgo,
que ven fuxindo, me doyo...

En DO e nas edicións posteriores ficou reducida á tríada popular inicial, tal como a definiu Fermín Bouza Brey (253). Álvaro de las Casas recolle un cantar popular co mesmo motivo do luar que convida á diversión:

Que noite de luar fai,
mesmo parés que da gana
en lugar d'ir para o leito
de correr unha parranda (254).

Álvarez Limeses reproduce estoutros versos:

Era unha noite de lúa,

Fai un lunar coma día,
 i as nenas das Coruxeiras
 baixan cantando prá fía.

era unha noite crara,
 eu pasaba pol-o río
 de volta da muiñada (255).

A razón da redución deste poema ao cantar popular seguramente sexa que o mesmo tema e motivos secundarios de MO e VG20 foron convertidos á nova liña estética do autor no soneto que vén a continuación, 'Lembranzas', feito especialmente evidente nos dous tercetos. Deste xeito, o cantar popular fica como prólogo ao soneto, igual que sucede con E 50 a respecto de E 51.

1.- Para *lunar / luar* vid. nota a E 31.5.

2.- y-as DO, VG30, DE; e as BB // d'as DO, VG30, DE

Para o topónimo *Coruxeiras* vid. nota a M 3.139. As 'nenas das Coruxeiras' tamén aparecen noutro cantar popular recollido por Noriega:

As nenas d'as Coruxeiras
 dicen que non beben viño,
 e debaixo do mantelo
 levan o xarro escondido (256).

3.- pr'a DO, VG30, DE.

88

Lembranzas

¡Oh, divina Saudade!, compañeiras
 che eu mostrara, si é certo que as precuras:
 son cal rosas cortadas das roseiras,
 estreliñas ausentes das alturas.

- 5 Lembranzas son de lindas pegureiras,
 de fascinantes, meigas criaturas,
 que en noites de lunar das Coruxeiras

Métrica

Soneto, 11 (ABAB ABAB CCD EDE).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 283, 26.8.1925; *Céltiga*, Buenos Aires, nº 17, 10.9.1925; DO, 34; DE, 209; RAG, 60; *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 17.5.1969; PCM; BB, 164; FR, 126.

En CE leva a seguinte anotación final: «O día 31 d'o mes de S. Thiago». En 1925 escribe o poeta: "El adjunto soneto 'Lembranzas' va inédito. Copiados de mi nuevo libro de versos 'Tenuis pluvia', que tienen el encargo de publicar mis hijos, después de mi óbito, también remito dos sonetos más: 'Estrelas' y 'Ternura'» (cfr. III.6.I.21).

Variantes e comentarios

Este soneto asocia o tema da saudade, tratado tamén en E 54, 71 e 99, co paso do tempo, presente así mesmo en E 90. O poeta, xa maduro e en Trasalba, sente saudosas lembranzas dos anos mozos, en que namoraba rapazas carpazonás nas fiadas dos arredores do seu Mondoñedo natal; estas 'lebranzas' foron as que motivaron a súa petición de traslado desde Trasalba á Graña de Vilarente (vid. III.6.1.24 e III.6.1.25).

0.- En VG leva a indicación de «Inédito» debaixo do título e en CE a dedicatoria «Para Víctor Domenech» (257).

2.- ch'eu mostrara VG, DO, DE, RAG, ECG, PCM; eu ch'as brindo CE // procuras VG, CE, DO

3.- rosaas VG // d'as VG, CE, DO, DE, RAG, ECG, PCM // roeiras ECG

4.- barridas d'as alturas VG, CE // d'as DO, DE, RAG, ECG, PCM

5.- pergureiras V G

A voz *pegureiras* 'pastoras' presenta moitas variantes na fala; Leiras Pulpeiro recolle no seu vocabulario da zona *pigureiro* e *pecureiro*; Cunqueiro utiliza *pecoreiro* (258); Eladio Rodríguez rexístraa como *picoreiro*.

6.- Colocamos unha coma despois de *fascinantes*, como figura en todas as edicións anteriores a DE, aínda que non nesta.

En *criaturas* débese facer hiato para que o verso conte como hendecasílabo.

7.- qu'en ... d'as VG, CE, DO, DE, RAG, ECG, PCM

Vid. *Coruxeiras* en nota a M 3.137.

baixan ó fiandeiro de Cesuras.

10 A lúa cheia bríndalles raiolas,
mentras, solene, as ve camiñar solas;
pero entóldase axiña... Coma bruxos

aparecen arteiros rondadores...
Elas cantan, i os bravos aturuxos
turban a paz dos pinos fungadores.

8.- ao fiandeiro FR

Para o topónimo *Cesuras* vid. nota a M 3.2; nesta composición achamos unha descrición do *fiandeiro* ou *fía* no poema anterior.

9.- cheya DO, DE, RAG, ECG, PCM; chea FR // mandalles CE // rayolas VG, CE, DO, DE, RAG, ECG, PCM

Suprimimos as maiúsculas iniciais de *lúa cheia*, que figuran en case todas as edicións, por non consideralas significativas; así era o título da edición VG20 do poema anterior.

10.- mentres, tan pura, VG; mentras, xocunda, CE; mentras, solemne, DO

11.- bruxas VG

Para *coma* vid. nota a M 3.103.

12.- Estes *arteiros rondadores* son os mozos intrigantes que andan facendo as beiras ás rapazas.

13.- Y-elas cantan... (Salvaxes aturuxos VG, CE // y-os DO, DE, RAG, ECG, PCM; e os BB, FR

Elas cantan... é o título do poema anterior.

14.- túrba-na VG, DO, FR; túrban-a DE, RAG, ECG, PCM // d'os VG, CE, DO, DE, RAG, ECG, PCM

Para a alveolaridade do /n/ vid. nota a M 7.16; para *pinos* vid. nota a E 22.4.

Cfr. os vv. 9-14 coas versións MO e VG20 do poema anterior; podemos dicir que este poema é unha adaptación desas versións á nova estética dos sonetos.

Carballo Calero, comparando o final deste poema co de E 83, afirma: "Unha visión análoga, na que tamén hai mozas que percuran ledicia, pero que neste caso comprícase con imaxes auditivas, representa o final de 'Lembranzas', que nos ofrece as lindas mozas que en noites de luar baixan das Coruxeiras ao fiandeiro de Cesuras [...] As tensións entre beleza e ternura determinan, como fica dito, esta sección da poesía de Noriega" (259).

Si o Filliño chora...

¡Adio-los piñeirales! Máis arriba
urces, si acaso, brétemas de certo:
n'hai píncaro en Galicia máis deserto,
n'hai fragosa montaña tan esquiva...

5 ¡Outra terra non vin máis pobresíña!
E, con todo, ¡entre todas leve a palma!
Pra que moito a venere a miña ialma,
ten tamaña aspereza unha ermidiña.

Métrica

Soneto, 11 (ABBA CDDC EEF GGF).

Edicións anteriores

DO, 83; DE, 210; BB, 165; FR, 127.

Variantes e comentarios

Con esta composición iníciase unha serie baseada na figura da nai, primeiro a Virxe e a figura materna en xeral, pondo fin aos sonetos (nº 89, 90 e 91), e, por último, a propia nai do poeta (nº 92,93 e 94).

1.- Adios os BB

Para o plural *piñeirales* vid. nota a M 5.52.

Ao reproducir esta primeira estrofa o autor, en III.6.1.44, escribe *Adios os*, única variante que presenta a respecto de DE.

2.- urzes DO, DE

Para *urces* vid. nota a E 65.7.

O comezo do verso cunha expresión dubitativa, para terminalo cunha afirmación resolutive, é un procedemento frecuente no seu discurso poético: cfr. E 38.6 (*Nympha, talvez, ou Princesiña, ¡Fada!*), 69.1 (*¿Unha fouce? Mais... ¡non!*)...

3.- n'hay DO, DE; no hai BB, FR

4.- n'hay DO, DE; no hai BB, FR

O poeta compara os versos desta primeira estrofa con aqueloutros de Francis Jammes:

«Donde acaba el ribazo, por encima,
pero mucho más lejos, las montañas» (cfr. III.6.1.44).

5.- Vid. *pobresíña* como posíbel forma tirada dos poetas portugueses en nota a E 56.5; podemos engadir outro exemplo dun poeta moi admirado por Noriega, Guerra Junqueiro, co seu poema "Os pobrezinhos": *Pobres de pobres são pobrezinhos, / almas sem lares, aves sem ninhos...* (260).

6.- entre todos DE, BB, FR

Mantemos a palabra *todas* de DO, pois consideramos que en DE se produciu un erro involuntario, logo transmitido ás edicións posteriores.

7.- a miña y-alma DO, DE; a miña alma BB, FR

10 Na isolada ermidiña, aló a deshora,
a Virxen canta, si o Filiño chora,
méntre-la neve cai i o lobo ouvea...

.....

Que, por estes traballos de María,
nunca mimos vos falten i alegría,
rapaciños da máis remota aldea.

9.- desora DO, DE, BB, FR

11.- méntrel-a DE; mentres a BB // y-o DO, DE; e o FR // cai o lobo B B

Para lobo vid. nota a E 22.3; cfr. este verso con E 18: *Ouvea o lobo xunt'a cruz de pedra...*

13.- y-alegría DO, DE; e alegría BB, FR

14.- d'a DO, DE

Fastuoso carballo...

Fastuoso carballo, á sombra túa
 bailaron as brañegas todo o día,
 mais o día expirou..., asoma a lúa...
 Queira o lunar facernos compañía.

5 ¡Queira da noite arrebatá-lo manto!
 i ora a lembranza con nosoutros sea
 das que a morte levou pró camposanto,
 das que a inmodestia separou da aldea,

10 ¡das que, tendo unha almiña perfumada,
 Ila ofrecen a Jesús!..., das que a alborada

Métrica

Soneto, 11 (ABAB CDCD EEF GGF).

Edicións anteriores

DO, 62; DE, 211; BB, 166; FR, 128.

Variantes e comentarios

A contemplación dun maxestuoso carballo tráelle ao poeta a lembranza das brañegas da súa mocidade; é o tema do paso do tempo (*tempus fugit*), xa tratado en E 88. O poeta vai fechando o libro coa saudade polos tempos idos e a aproximación paulatina da idea da morte.

2.- **tod'o** DO, DE

Os vv. 1-2 lembran, salvando as distancias, as bailadas da nosa lírica medieval, como aquela de Airas Nunes: *Bailemos nós ja todas tres, ai amigas, / so aquestas avelaneiras frocidas...* (B 879 / V 462).

3.- De novo aparece *lúa* rimando con *túa*; vid. nota a E 24.8.

4.- **luar** DO

Para *lunar* / *luar* vid. nota a E 12.40.

Noriega compara esta estrofa con dous versos de Francis Jammes: «Habrà baile a la sombra de las hayas» e «Tú bailas bajo las frondosas ramas» (vid. III.6.1.44). Na reprodución que fai do primeiro serventesio a única variante a respecto de DE é *luar*, igual que en DO.

5.- **d'a** DO, DE // **arreatál-o** DE

6.- **y-ora** DO, DE; e **ora** BB, FR

Este verso figura á fronte do poema "Nenia das Nenas" do libro *Nenas*, de Aquilino Iglesia Alvariño (261).

7.- **d'as** DO, DE // **pr'o** DO, DE; **pra** o FR

8.- **d'as ... d'aldea** DO, DE

9.- **d'as** DO, DE

10.- **ll'a ... d'as** DO, DE

ve, con tristeza, á par dos segadores,

ou das nais nos lembremos, polo menos,
que en presenza das mágoas dos seus nenos
choran máis que a Señora das Delores.

11.- d'os DO, DE

12.- d'as DO, DE // po-lo DO; pól-o DE

13.- qu'en... d'as ... d'os DO, DE

14.- d'as DO, DE

91

Estrelas

«¡Que de Dios pueda un hombre haber dudado!
Yo, si me siento triste o angustiado,
corro al balcón en alas del deseo,
miro al cielo estrellado...
y no sé como es, pero le veo».

I aquela noite, ¡sea Dios loado!,
triunfou de si meu numen: dera ó olvido,
en presenza do ceio constelado,
a iáurea pompa dun toxal frorido.

5 ¡Oh, a inquietú sideral!... ¡O que nos dice
un sol que tremeluce!... Ollando estrelas,
vida que Dios ben fada, ¡a Dios bendice,

Métrica

Soneto, 11 (ABAB CDCD EEF GGF).

Edicións anteriores

Céltiga, Buenos Aires, nº 18, 25.9.1925; DO, 51; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 22, 27.6.1930; DE, 212-213; BB, 167; FR, 129.

En outubro de 1925 escribe o autor: "Copiados de mi nuevo libro de versos "Tenuis pluvia.", que tienen el encargo de publicar mis hijos, después de mi óbito, también remito dos sonetos más: "Estrelas" y "Ternura" (cfr. III.6.1.21).

Variantes e comentarios

Nesta composición a musa queiroguenta do poeta esquece por unha vez a flor do toxo, para se solidarizar, xunto con todo o universo, coa dor da nai que perde o seu fillo. Nas composicións seguintes será o fillo quen chore a perda da nai, desde unha perspectiva autobiográfica.

0.- Os versos en español que seguen ao título figuran, ademais de en DE, en BB e FR, neste a pé de páxina.

1.- Aquela CE, DO, VA; Y-aquela DE; E aquela BB, FR

2.- der'ô DO, VA

3.- d'ô CE, DO, VA, DE // ceyo DO, VA, DE; ceo FR

4.- a y-áurea CE, DO, VA, DE; a áurea BB, FR // d'un CE, DO, VA, DE // florido CE; frorido DO, VA

5.- Para *inquietú* vid. nota a M 5.35.

Débase realizar a sinalefa de tres vocais para que o verso conte como hendecasilabo.

6.- Para *tremeluce* vid. nota a E 55.8.

7.- corazón qu'ê de Dios, CE, DO, VA

soberano Señor que irradia entre elas!

10 E sobre a máis remota e medrosiña,
 ¡inda a prece do xusto!, cal na miña
 terra, sobre os pinares, branca nube;

i atra-las deixa a todas, tamén creio,
 grito de nai que se remonta ó ceio
 tras do filliño que pró ceio sube.

A respecto do verbo *fadar* di Eladio Rodríguez que se usa xeralmente cos adverbios *ben e mal*, e recolle a expresión *Dios te fadae ben*, que traduce por "Dios te dé mucha suerte o mucha felicidade; Dios te críc para bien". Esta expresión úsaa Alberto Camino nun poema áulico.

8.- pra confesar que as fixo, basta vélas CE, DO, VA // entr'elas DE

A modificación do verso en DE resulta esteticamente moi beneficiosa para o poema, pois a versión primitiva era prosaica e vulgar.

9.- Sobre d'a CE, DO, VA

10.- ind'a DO, VA, DE // d'o CE, DO, VA, DE

11.- sobr'os CE, DO, VA

Nos vv. 10-11 hai elipse do verbo, que podía ser 'vai, pasa, se eleva': a oración do xusto pasa por riba da máis remota estrela, igual que a branca nube se eleva por riba dos piñeirais.

Substituímos a coma final do verso por punto e coma.

12.- y-atrá-las deix'a todas CE, DO, VA; y-atrá-las deixa a todas DE; e atrás as deixa todas BB; e atra-las deixa a todas FR // creyo DO, VA, DE; creo FR

Colocamos *tamén creio* entre comas, aínda que non figuran nas diferentes edicións, para unha mellor claridade do texto.

13.- mai CE, DO, VA // ceyo CE, VA, DE; ceo FR

Para *mai / nai* vid. nota a E 12.30.

14.- d'o CE, DO, VA, DE // pr'o CE, DO, VA, DE; pra o FR // ceyo DO, VA, DE; ceo FR

Ría o pecado...

¡Ría o pecado, que se solaza
 vendo chorar!;
 ¡oh, que infortunio de ruín traza!;
 ¡peor non fora, si cunha maza
 5 me desen golpes pra me matar!

 ¿I ora hai remedio pra tal quebranto?
 ¡quizábe-lo hai,
 si ós teus peñños me fas un canto
 na cama nova do campo santo,

Métrica

2 quintetos, 10, menos o 2º, que é pentasílabo (AbAAB) (262).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 157, 11.12.1908; *El Eco de Villalba*, nº 23, 1.2.1909; MT, 125-126; D, 57; DO, 85; DE, 214; BB, 168.

A morte da nai do poeta, motivo polo que foi composto este poema, acaeceu o 27 de novembro de 1908 (vid. 1.2.1.2).

Variantes e comentarios

Aquilino Iglesia Alvariño relaciona equivocadamente este poema co desterro do poeta a Calvos de Randín: "El golpe fué duro, como se ve por estos versos", e reproduce a primeira estrofa (263); este erro foi repetido por Suso Fernández: "Duro golpe foi pra Noriega o abandono de Foz, que deixou refrexado nistes versos..." (264). Mais o poema é de 1908 e o desterro produciuse en 1911 (vid. 1.2.1.2). Con este poema introdúcese o tema da morte, que encherá as últimas páxinas do libro.

0.- A morte de miña nai MD, EV; Morte de miña nai M T

1.- *Pecado* aquí significa 'demo', tal como se pode apreciar tamén nun dito recollido por Eladio Rodríguez: *ti érelo pecado, arrenegado él sexa*.

4.- c'unha MD, EV, MT, D, DO, DE

6.- ¿Y-or'hay MD, EV, D, DO, DE; ¿Y-or'hai MT; ¿E ora hai B B

Novamente temos a figura da *suxeición*, moi frecuente na obra: vid. nota a E 12.1.

7.- quizável-o hay MD, EV, DO, DE; quizável-o hai MT; quizáves o hai B B

A utilización de adverbios de dúbida ou expresións equivalentes é moi frecuente na obra e reflecte o carácter desconfiado e cauto do autor: vid. nota a E 29.4; esta é a única ocasión en que achamos a forma *quizabes*, que LUGRÍS Freire consideraba como 'bárbara', xunto con *cecais* e *cicais* (265).

9.- d'o MD, EV, MT, D, DO, DE

Cfr. este verso con E 42.13: *mellor quero ir parar ó campo santo*; as dúas composicións son prantos pola morte de seres queridos.

10 prenda querida, nai, miña nai!...

Santiña...

Santiña churrusqueiriña,
 maja Virxe dos Remedios,
 a miña mai -santa amiga,
 que de Dios goce no ceio-
 5 xa saberás que a levaron,

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-o.

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 175, 15.4.1909; *El Eco de Villalba*, nº 29, 1.5.1909; MT, 140; *Vida Gallega*, Vigo, nº 34, 1911; D, 59; AC, 134; *Vida Gallega*, Vigo, nº 386, 20.8.1928; DO, 86; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 497, 9.9.1939; *Finisterre*, Madrid, nº 27, abril 1946; DE, 215; DE, 215; JTP, 121; *Pregón mindoniense*, Mondoñedo, setembro 1954; *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 17.5.1969; PCM; BB, 169; *Amencer*, Mondoñedo, nº 18, Abril 1984; AFR, 133-134.

Variantes e comentarios

En JTP vai precedida das seguintes palabras: "El ilustre «Cantor de la Montaña», hijo de Mondoñedo, y altísimo poeta, cuya fama ha traspasado las fronteras, tuvo en varias de sus composiciones un recuerdo para la Virgen de los Remedios. De estas composiciones, la más conocida, y que se ha incorporado ya al folk-lore en esta zona, es la siguiente».

En termos similares exprésase AFR en palabras que preceden ao poema: "A Nosa Señora dos Remedios foi cantada por moitos poetas. Non queremos que falle neste recordo a popular composición de Antonio Noriega Varela, quizais unha das máis coñecidas polas xentes de toda a comarca mindoniense».

Tamén canta o poeta á Virxe dos Remedios en E 23 e PE 10.

0.- Santiña churrusqueiriña AC, VG28, F

En MD, EV, MT, VG11, VA, JTP e AFR non leva título.

1.- En JTP podemos ler: "En esta composición el valor popular se debe a haber sabido condensar en el adjetivo «churrusqueiriña» la alusión a la pequeña talla y al rostro sonriente de la imagen de la Virgen".

Cfr. con E 23.1: *Satiña milagrosiña*; vid. nota a este verso.

2.- nosa Virxen AC, VG28, F; maja Virxen MD, EV, MT, VA // d'os MD, EV, MT, VG11, D, DO, VA, DE, PM, ECG, PCM

Para o castelanismos *maja* vid. nota a M 3.68.

3.- nai AC, VG28, F, PM // sant'amiga MD, EV, MT, VG11, D, DO, VA, DE, JTP, PM, ECG, PCM

4.- ceio MD, EV, MT, VG11, D, DO, VA, DE, JTP, PM, ECG, PCM

5.- xaberás ECG, PCM

tras da cruz, pró cemiterio;
 i ora, si Tu no me amparas,
 desamparado me vexo,
 i ora, si no me recolles,
 10 quen me recolla non teño,
 santiña churrusqueiriña,
 orgullo de Mondoñedo!

6.- d'a MD, EV, MT, VG11, D, DO, VA, DE, PM, ECG, PCM // pr'o MD, EV, VG11, AC, VG28, F, JTP; pro MT, D, DO, VA, DE, PM, ECG, PCM, BB, AM // cimenterio AC, VG28, F

En *pró* é preciso o til para marcar a contracción da preposición e mais o artigo, que sorprendentemente falta en moitas edicións; en MT, D, DO e DE o normal sería a representación *pr'o*, como se fai habitualmente.

A forma correcta *cemiterio* contrasta co castelanismo *cementerio* de E 86.7.

A nai do poeta morreu uns meses antes da data de publicación da primeira edición do poema (vid. poema anterior).

7.- y-ora MD, EV, MT, VG11, D, DO, VA, DE, JTP, PM, ECG, PCM; y-hora AC, VG28, F; e ora BB, AM // non AC, VG28, F, AFR // m'amparas MD, EV, MT, VG11, D, AC, VG28, DO, VA, F, DE, JTP, PM, ECG, PCM

Para *no me* vid. nota a M 2.12.

9.- y-ora MD, EV, MT, VG11, D, DO, VA, DE, JTP, PM, ECG, PCM; y-hora AC, VG28, F; e ora BB, AM // non me socorres AC, VG28, F; non me recolles AFR

10.- socorra AC, VG28, F

11.- churrusqueiriña VG11

12.- nosa Virxen dos Remedios AC, VG28, F // Mondoñedo MD, EV, VG11

Para *Mondoñedo* / *Mondoñedo* vid. nota a M 3.58.

¿Que dirán?

¿Que dirán, que dirán as lindas mozas
de Romariz mañá?
Porque lles din palabra de que iría
á festa do San Juan,
5 mentras non cerre a noite, dirán elas:
«si non morreu, virá».
I eu ¿que lles hei decir, cando as atope,
para as desenoxar?;
¿que lles hei de decir?, ¡crüeles novas!:
10 que morreu miña mai.

Métrica

Romance, 11 e 7 (-a-a) con rima en -a (266).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 186, 1.7.1909; MT, 151; D, 61; AC, 134; DO, 87; *Finisterre*, Madrid, nº 27, abril 1946; DE, 216; MR, 319; BB, 170.

En MD e MT leva como anotación final «Vísperas de San Juan, 1909»; en MR leva, ao lado do texto en galego, a tradución ao español (267).

Variantes e comentarios

0.- En MD e MT non leva título.

2.- Para *Romariz* vid. nota a M 23.6; para *mañá* vid. nota a E 62.9.

3.- Segundo Fernández Rei "*din* aparece dun modo compacto no galego de Asturias, no norte de Lugo, no sur de Ourense e na Ría da Arousa. No resto o xeral é *dei*" (268).

4.- d'o MD, MT, D, AC, DO, F, DE, MR

As festas do San Xoán de Romariz son as patronais desa freguesía e celébranse cada 24 de xuño; foron unhas das preferidas do poeta, ás que tiña o costume de acudir; mesmo lles dedicou unha extensa composición: vid. M 23 ("Do San Juan de Romariz").

7.- Y-eu MD, MT, D, AC, DO, F, DE, MR; E eu BB

8.- par'a as MD; par'as MT, D, AC, DO, F, MR

Novamente utiliza a preposición *para* por necesidades métricas: vid. nota a M 2.37.

9.- Aínda gañando unha sílaba ao trocar a perífrase *hei decir* do v. 7 por *hei de decir*, non obstante é necesario facer diérese en *crüeles* para que o verso conte como hendecasilabo; non vén marcada nas edicións anteriores.

10.- As festas do San Xoán de Romariz de 1909 eran as primeiras que se celebraban despois da morte da nai do poeta.

Remediño caseiro

(A J. Trapero Pardo, pectore toto!)

- Pra librarme dos rigores
 dun zunido..., entrado en días,
 ¿que ensinan rancios doutores?
 -Pois...Heráclito, que chores.
 5 -¿E «Pelúdez»?
 -¡Que te rías!

Métrica

Quintilla, 8 (abaab).

Edicións anteriores

DE, 218; TP, 56; BB, 171.

En TP lemos que esta foi "unha das suas derradeiras composicións, se non foi a derradeira, como supoñemos".

Variantes e comentarios

Este pequeno poema surxiu como consecuencia dunha serie de informacións e rumores que falaban da suposta miseria en que vivía o poeta nos derradeiros anos da súa vida, xa enfermo e encamado, que lle causaron un profundo malestar (vid. 1.2.1.4).

0.- *J. Trapero Pardo* (Castro de Rei, Lugo, 1900), escritor e xornalista, dirixiu varias publicacións en Mondoñedo e Lugo, nas que deu xenerosa acollida ao noso poeta, de quen chegou a ser un dos principais amigos e benfeitores, como o propio Noriega reconece: "Quedan bien enterados mis hijos, por de pronto, y mi compañera (de más vicisitudes que recreaciones en amenos lugares brañegos) de que es Dn. José Trapero Pardo quien tiene la humorada de sacarme a volar cuando, infeliz de mí!, ya ni maña me doy para arrastrar las alas. ¡Páguselo nuestro Señor..." (cfr. III.6.1.42). Tamén foi secretario da Comisión de homenaxe ao poeta, que en 1946 preparou a edición definitiva da súa obra.

1.- d'os DE, TP

2.- d'un DE, TP

En TP explícase que "o zunido era todo aquel montón de noticias falsas sobre a enventada miseria de Noriega".

3.- rancios TP

4.- *Heráclito*: filósofo grego nacido en Éfeso o século VI-V a. C.; afirmaba a mudanza como única realidade e o lume como elemento creador. Formando parella con Demócrito, foi representado chorando pola pintura humanista italiana e Demócrito rindo, como símbolos do pesimismo e do optimismo, respectivamente.

5.- *Pelúdez* é unha creación xornalística do propio Trapero Pardo, que el mesmo nos define en TP: "É un personaxe popular que un xornalista fai aparecer no diario de Lugo *El Progreso*, e que representa a un home da aldea, o cal acude todos os anos ás feiras das festas de San Froilán da devandita cibdade. Este home comenta con

muita sorna todo o que vê, facéndose o parvo cando lle convén así; un peisano que sabe rirse d-os da vila, que o teñen por pouco sabido; un traballador da aldea que é listo e *vaina* e que sabe vivir e, sober todo, cómo se debe vivir ben" (269).

San Pedro de Mezonzo e Rosalía

- Cantor da «Vida e dulzura»:
 pra che render preitesía
 meu estro, en balde, procura
 rezusitar a Ternura
 5 saudosa de Rosalía.
 Dios Padre, ¡a Salve!..., poñela
 sobre a máis remota estrela,
 ¡chico preto pra te honrar!
 pro en canto a rezaba Ela,
 10 xa esmorecendo..., ¡ai, daquela
 te quixera eu incensar!

Métrica

- 1 quintilla, 8 (abaab).
 1 sextilla, 8 (aabaab).

Edicións anteriores

DE, 219; BB, 172.

Variantes e comentarios

Nesta composición o poeta emparenta a Rosalía de Castiño con San Pedro de Mezonzo por medio da figura da Virxen; outras composicións desta obra cheas de devoción mariana son a 23 e a 93, ademais das constantes referencias á Virxe en moitos dos poemas.

1.- Este verso fai referencia a San Pedro de Mezonzo (Curtis, A Coruña, 930-Santiago de Compostela, 1003), abade e bispo de Compostela; foi un grande devoto da Virxe, pasando por ser o autor da célebre pregaría *Salve Regina*, de onde está tirada a expresión 'Vida e dulzura'.

4.- Tamén en E 42.6 aparece utilizado o verbo *rezusitaron*; vid. nota a este verso.

Conservamos *Ternura* con maiúscula porque, ao igual que *Tradición*, representa para o poeta un sentimento individualizado de categoría superior.

5.- Para Rosalía vid. nota a M 1.26.

8.- t'honrar DE

9.- O autor emprega aquí a adversativa *pro* por necesidades métricas; normalmente, e como corresponde á fala da zona e da maior parte do territorio galego (270), utiliza *pero*.

10.- d'aquela DE; de aquela BB

Lamas Carvaxal

«Non enxergaba», dicen... ¡Tolería!:
 comparede unha miña poesía
 cos versos meigos do inmortal labrego,
 i habedes confesar que Lamas vía,
 5 i habedes de notar que eu son o cego.

Métrica

Quinteto, 11 (AABAB).

Edicións anteriores

O Tío Marcos d'a Portela, Ourense, parrafeo 32, 31.5.1918; D, 93; *El Progreso*, Lugo, 17.10.1941; DE, 220; BB, 173.

Variantes e comentarios

Esta composición foi feita para unha homenaxe tributada en TM ao insigne poeta ourensán, nun número especial dedicado a el.

0.- Lamas vía TM, D; Lamas Carvajal EP, BB

Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906) tivo que abandonar os estudos por culpa dunha doenza na vista que o levaría á cegueira; aínda así, desenvolveu unha grande actividade xornalística, fundando e dirixindo publicacións tan importantes como *El Heraldo Gallego* ou *O Tío Marcos da Portela*, e literaria, na que destacan en verso *Espiñas, follas e frores*, *Saudades gallegas* e *A musa das aldeas*; en prosa obtivo un grande éxito con *O catecismo do labrego*. Noriega coñecía e admiraba a súa poesía, segundo lle recomenda a un amigo que pretendía información sobre os poetas galegos: "De los que antes de Vd. desbravaron o tarreo, me permito recordarle a Benito Losada, demasiado erótico, a Valentín Lamas en "Gallegada", que es en opinión de Emilia Pardo Bazán, 'el olor de la Tierra'..." (cfr. III.6.1.41).

1.- Aínda que o verbo *enxergar* significa 'ver de lonxe', en realidade Lamas acabou por ficar completamente cego.

O autor emprega con frecuencia as formas verbais *dicen* ou *dice* (vid., por exemplo, E 17.1 ou 91.5), a pesar que non constitúen rasgo dialectal da súa área lingüística (271).

3.- c'os TM, D, EP, DE // meigo TM // d'o TM, D, EP, DE, BB

A denominación de *inmortal labrego* acáelle perfectamente a Lamas, pois tanto a súa poesía como a súa prosa acollen constantemente a temática labrega, centro de toda a súa produción, e provocan o entusiasmo das xentes humildes; lembremos só que *O catecismo do labrego* foi un dos libros de máis éxito de toda a literatura galega.

4.- y-habedes TM, D, EP, DE; e habedes BB

5.- y-habedes TM, D, EP, DE // qu'eu TM, D, EP, DE

Regina pacis

(Pra Clotilde Paz López)

Nena, irisado encantiño,
 que a esperanza ón ventaniño
 d'«O Progreso» leda asomas
 (engalanado o corpiño
 5 co simbólico ramiño
 privativo das palomas),
 inda que, zafio, te tilde
 o vulgo de montaraz,
 na nosa faliña humilde,
 10 si non che amarga, Clotilde,
 sigue acenándolle á paz.

Métrica

3 sextillas, 8 (aabaab).

1 quintilla, 8 (abaab), vv.7-11.

Edicións anteriores

DE, 221-222; BB, 174-175.

En DE leva a seguinte nota a pé de páxina: «Inmediatamente despóis de haber leído no 'Progreso' de Lugo, 3-11-44, sua primorosa poesía en gallego 'En busca da paz'».

Variantes e comentarios

Clotilde Paz López, natural de Lugo, era en 1944, data de composición do poema, unha moza nova que publicaba algunhas poesías en galego na prensa local, entre elas o poema titulado «En busca da paz» (272), que motivou esta resposta poética de Noriega, sen que os dous se coñecesen persoalmente; tamén lle dedicaría un poema ao autor de *Do Ermo* (vid. 111.8.24). Actualmente reside en Madrid e aínda compón ocasionalmente algún poema en galego.

2.- o Esperanza BB; A Esperanza DE

A forma *ón* neste caso representa a contracción da preposición *a* e mais o artigo indeterminado *un*, contracción que non utiliza noutros casos similares; só emprega *on* en casos en que vai precedido de *i* (*y-on*: vid. nota a M 3.139) ou en *com'on* (vid. nota a M 3.54).

3.- de O BB

O Progreso é a denominación popular do coñecido xornal *El Progreso*, de Lugo, onde Clotilde Paz publicara o seu poema.

5.- c'o DE

6.- d'as DE

As pombas, cun ramiño de oliveira no bico, son símbolo da paz.

¿Acenar dixen? ¡Mal digo!,
 mentras o Gafo Enemigo
 i a fame valen naciós,
 15 pra ti os vilares dan trigo
 e sempre a Paz vai contigo,
 como con Lugo está Dios.
 ¡Ea xa, flor!, devotiña,
 prende, lista, a mantilliña
 20 e, pois tes alas, ¡non andes!
 pra ben repartila, e axiña;
 poder ten súa madriña
 a Virxen dos Ollos Grandes.

12.- Novamente temos a *hipofora* como figura retórica: vid. nota a E 12.1.

14.- y-a DE; e a BB

16.- A Paz DE

En *Paz* hai unha referencia ao tema do poema de Clotilde e tamén ao seu apelido.

17.- *Lugo* é a cidade en que vivía Clotilde Paz e onde se publica o xornal *El Progreso*. Coa cidade do Sacramento, como tamén é chamada, tivo o poeta moita relación, pois alí recibiu varias homenaxes e deu recitais das súas poesías (vid. I.2.1.4), así como foi nesta cidade onde se editou a súa obra definitiva.

19.- Colocamos *lista* entre comas para dotar de sentido o verso; *prende, lista* ten o significado de 'colle, dilixente'.

21.- É preciso realizar a sinalefa de tres vocais para que o verso sexa metricamente octosilábico. Substituímos a coma final do verso por punto e coma.

23.- A *Virxen d'Os* DE; A *Virxen dos* BB

A *Virxen dos Ollos Grandes* é a patroa de Lugo, xunto con San Froilán.

Señardá

¿A Señardá? ¡Ben sei!
 teu nume adora
 os piñeirales,

Métrica

É unha composición "cunha disposición tipográfica que non corresponde á realidade da métrica", como observou Carballo Calero (273). Metricamente os versos oscilan desde a arte menor (5, 6 e 7 sílabas) á arte maior (v. 7 hendecasilabo e v. 8 alexandrino). Riman en consoante os vv. 2, 4, 7 e 8 por un lado; 6º con 10º, por outro.

Edicións anteriores

AIA, 13; DE, 223; BB, 176.

En AIA leva como anotación final «Santa María Madanéla d'a Graña, a mediados de setembro, 1928». En BB hai unha nota dos editores a pé de páxina onde equivocadamente se di: "Escrito despois de se publicar o libro *Señardá*, de Aquilino Iglesia Alvariño, a quen, no decir de Noriega, «non lle pesa ser da montaña»".

Variantes e comentarios

Este poema foi composto para o libro *Señardá. Sonetos. C'unha Carta-Prefacio d'o Excmo. Sr. Secretario Perpetuo d'o Instituto Histórico do Miño*, de Aquilino Iglesia Alvariño, para quen Noriega conseguira esa introdución de Júlio de Lemos. Por iso en AIA o poema leva unha nota do autor a pé de páxina, que di: "«Señardá». Enmeigadoras poesías, en galego, de Aquilino Iglesia Alvariño, que non lle pesa ser d'a montaña"; e antes do título figura «Pra Aquilino Iglesia Alvariño» (274). Reproducimos en primeiro lugar esta versión (AIA) por ter unha estruturación formal totalmente diferente e presentar moitas variantes:

¿A Señardá? Ben sei: teu núme adora
 Os piñeirales, húmedos d'aurora,
 Y-as ermidiñas, d'o luar â lus,
 Frol que a medo sorrí, néboa que chora,
 Y-as espadas d'a Virxen, y-os cravos de Xesús...

1.- O propio Noriega parece ter aprendido a palabra *señardá* estando de mestre na Graña de Vilarente, pois, a pouco de chegar alí, escribe: "A la Saudade llaman mis montañeses Señardá" (cfr. III.6.1.27).

Carballo Calero cita este verso para afirmar do autor: "Adoitaba unha actitude de metódica dúbida ante calquer estímulo de orixe exterior. Non rexeitaba dende logo este estímulo, nen asentía mecanicamente. Coa cautelosa e modesta parsimonia dun paisano, planteábase o problema, e cedía logo ou non cedía á suxestión. Esta disposición mental, mesmo ten deixado o seu calco estilístico" (275); vid. nota a E 12.1.

húmedos da aurora,
 5 i as ermidiñas,
 do luar á lus,
 frol mareliña, que entre espiñas chora,
 do irmao -morto na guerra- lembranzas doutrora,
 i as espadas da Virxen,
 10 i os cravos de Xesús.

4.- d'aurora DE

5.- y-as DE; e as BB

7.- Este verso é unha repetición do que figura en E 31.6.

8.- d'o DE // hirmao DE, B // d'outrora DE; de outrora BB

9.- y-as DE; e as BB // d'a DE

10.- y-os DE; e os BB // Xesús DE

Esta forma *Xesús* xa aparecera tamén en E 59.31 (vid. nota a este verso), sendo os dous únicos casos; en AIA temos *Xesús*; vid. tamén nota a E 12.25.

100

Porque non son profano...

Porque non son profano, porque ós meus ollos
de atractivo carecen os mausoleos,
porque en poblado sobran perturbadores,
que nin a paz acatan dos cementerios,

5 na montüosa terra, nunca explorada,
bendita sepultura merecer quero,
e que o fausto da virxe natureza
sea a fúnebre pompa do meu enterro.

Métrica

Romance de versos dodecasílabos, divididos en dous hemistiquios de 7+5 (-A-A), con rima en e-o (276).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 204, 2.11.1909; *El Eco de Villalba*, nº 42, 17.11.1909; MT, 155; D, 97; DO, 84; DE, 224; BB, 177.

Variantes e comentarios

Esta composición é un verdadeiro testamento poético do autor, ao estilo do "Testamento do bardo" de Pondal; escrito case 50 anos antes da súa morte, o poeta declara o seu desexo de ficar enterrado na montaña, do mesmo xeito que o bardo de Bergantiños quería ser sepultado baixo os troncos rumorosos dos piñeiros.

Como di Júlio de Lemos ao citar parte destes versos, "ama a vida campesina, como Lamas Carvajal, as selvas, os tristes ermos da súa terra [...] não o horrorizando a morte, só porque ela o envolverá na leiva adorada, num perpétuo enlace com a montanha" (cfr. III.3).

0.- En MD, EV e MT non leva título.

1.- **porqu'ós** DO

2.- **d'atractivo** MD, EV, MT, D, DO, DE

Esta mesma idea de desprezo polos valores mundanos achámola en E 33, especialmente, vv. 13-24.

3.- **porqu'en** MD, EV, D, DO, DE; **porq'en** MT

4.- **d'os** MD, EV, MT, D, DO, DE

Nos vv. 3-4 subxace o motivo clásico do "mihi oppidum carcer, et solitudo paradisus est".

5.- Para que o primeiro hemistiquio teña sete silábas métricas e o verso conte como dodecasílabo é necesario facer diérese en *montüosa*, aínda que non vén marcada nas edicións anteriores, como é norma no autor.

7.- **d'a** MD, EV, MT, D, DO, DE

8.- **se'a fúnebre** MD, EV, MT, D, DO, DE; **sea fúnebre** BB // **d'o** MD, EV, MT, D, DO, DE

A lectura de BB non é correcta, pois o apóstrofo marca a elisión dunha vocal, quen ten de ser outro *a*; para o presente de subxuntivo do verbo *ser* vid. nota a M 21.5.

101

O amor que ha de ser meu...

(Pra Francisco Leal Insua,
meu dilectísimo benfeitor e cofrade)

Cal mai que ó desgaire embrulla
seu rei e non o desperta,
como unha bolboretíña
se pousa, como se deitan
5 na tona das pucharquiñas
livianas follíñas secas,
ou ben como solo sabe
facerlle a luniña festas
cos nacarados dediños

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-a.

Edicións anteriores

DE, 225; BB, 178.

Variantes e comentarios

Ao estilo dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, o poeta glosa un cantar popular, neste caso perfectamente sinalado entre aspas, tal como sucede en E 57; o poema baséase no uso constante do símil.

0.- *Francisco Leal Insua* (Viveiro, 1912), escritor e xornalista, foi redactor-xefe de *El Progreso*, de Lugo, e director de *Faro de Vigo*; politicamente foi un home comprometido co réxime franquista, igual que Noriega, en quen debéu exercer algunha influencia neste sentido, pois, aínda que bastante máis novo, mantivo con el unha estreita relación na etapa en que estivo de mestre en Chavín e despois, xa xubilado, en Viveiro (vid. PE 5). Presidiu a Comisión de homenaxe ao poeta, que se constituíu en Lugo en 1945, e da que tamén formaba parte a súa muller, a pintora Julia Minguillón; foi o verdadeiro responsábel da edición luguesa de *Do Ermo*, como se pode ver pola correspondencia do poeta: "Leal, no hay duda, es un excelente corrector [...]; pero a Leal no le viene en gana seleccionar como se lo demanda mi conciencia" (cfr. III.6.1.47). A dedicatoria dun poema no libro viña obrigada por este motivo, pois xa fixera o mesmo con todos os demais membros da Comisión.

1.- *Ó desgaire* ou *ó desgairo* significa 'descoidadamente'.

2.- *rey DE // no no DE*

A palabra *rei* pertence á linguaxe afectiva, para designar o neno pequeno.

Para *no no* vid. nota a M 9.10.

3.- *volvoretíña* DE, BB

5.- *d'as* DE

9.- *c'os* DE

10 á neve das azucenas,
«o amor que ha de ser meu,
ha de ter a mau lixeira,
ha de pillar unha rosa
sin abalar a roseira».

10.- d'as DE

Metonimia para se referir ás flores brancas das azucenas; vid. nota a M 3.56, onde aparece a forma *azucea*.

11-14.- Este cantar popular áchase rexistrado en cancioneiros populares de diversas zonas xeográficas do territorio galego, como a Terra Cha ou a Limia Baixa (277).

102

Ben pola alma

Métrica

1 parcado, 8 (aa).
5 tercerillas, 8 (a-a).

Edicións anteriores

El Progreso, Lugo, 2.11.1941; FLI, 109; DE, 226-227; JNL, 19; RAG, 61; RC, 528; BB, 179.

FLI foi repetido en *El Progreso*, Lugo, 15.6.1943, sen ningunha variación. Aínda que se soe considerar como o último poema composto polo autor, talvez pola temática ("o derradeiro poema da derradeira edición de *Do ermo*, que foi cicáis o seu derradeiro poema", lese en RC), son posteriores, por exemplo, E 95 e 98; e tamén PNR 46.

Variantes e comentarios

Sobre a xénese deste poema existen varias versións, algunhas diverxentes en aspectos secundarios, aínda que coincidentes no fundamental. A máis estendida é a que arrinca de Aquilino Iglesia Alvariño, que cita textualmente a Noriega, mais non nos indica se o fai de memoria ou reproducindo unha carta do autor. Escribe Aquilino: "Las sentencias de las gentes graves, las lecturas piadosas del seminario, lo mismo que, más tarde, el trato con hombres de letras, influyó más en él que ninguna otra cosa. Sobre todo la musa popular, encargada de acuñar cantares y decires.

Del último poema que escribió con destino al gran público -escribía muchísimos de circunstancias que destruía pasada la ocasión- me describió la génesis en esta forma. «Se vino acercando a mi cierta viejecita de Foz, un día de mercado, y me dijo: -Ay, señor, ¿e vosté non estuvo en Fondós de maestro?

-Sí, señora, i-eu tamén ben a conozo. Vosté é a Toña de Villajuana.

-¡E vamos vellos, señor Antonio!

-Vamos, miña queridiña. Pro, ¡leria, que ben a rumbamos de mozos! I-eu -¡o demo seña xordo!- aínda non apeo. E vosté, coído que, chegado o caso, tamén rompe unhas mangas.

- Ay, ¡quite pro aló, señor Antonio!, *que desde que o sol se pon, pouco día lle queda. Vainos chegando o tempo de dormir fora...*

Meses después, sigue hablando Noriega, me escribió desde Pontevedra mi último amigo Fr. Samuel Eiján, rogándome que para un extraordinario de 'El Eco Franciscano' me dignara enviarle una composicioncilla con motivo de la conmemoración de los Fieles Difuntos. Recordé entonces las sentencias de Antoñita de Villajuane y logré complacerlo con estos *versinhos*».

Los versos que comienzan *¡Ai, Dios! E ha chegar a hora - de salir pra dormir fora*, no son otra cosa que un finísimo comento del decir; la fijación de un mundo emocional que en el espíritu del poeta despertaron las dos frases populares de "Antoniña" (278).

José Nistal López cóntanos unha versión un tanto diferente, trocando a Antoniña por Manuel, mais coincidente no substancial; termina así: "Y en esa frase llena de verdad de un sencillo paisano del campo galaico, en ese 'salir pra dormir fora' que a todos inevitablemente nos espera, encontré Noriega el punto de arranque para

¡Ai Dios!, i ha chegar a hora
de salir pra dormir fóra...

5 ¡Camiña nova entre cruces!;
 en balde che tiran rosas,
 en balde che achegan luces.

Ben abertos, ben zarrados,
os olliños dos difuntos
soles che son xa apagados...

10 E pois, de certo, ás escuras,
 festa seremos dos vermes
 ó xacer nas sepulturas,

ende nos chegando a hora
de salir -nun cadaleito
de pino-, pra dormir fóra,

15 Mai de Xesús, ¡leve a palma
 entre os vivos, quen ós mortos

lograr esta bellísima composición, en la que no sabe uno qué admirar más: si la cristiana resignación que en ella domina pese al triste 'Ay, Dios!' con que comienza, o la piedad con que invoca la gracia de la 'Mai de Xesús' para los que hacen bien por el alma de aquellos que se van para siempre..." (279).

Trapero Pardo di que esta é unha composición "chea de tristura, mais tamén de conformidade" (280).

0.- po-la EP, FLI, DE, JNL, RAG

1.- ¡Ay, Dios!, y-ha EP, FLI, DE, JNL, RAG // e ha B B

2.- Os vv. 1-2 figuran á fronte do poema de Xosé Díaz Jácome titulado "Alvaro Cunqueiro", composto con motivo da morte do autor de *Merlín e familia* (281).

5.- ch'achegan EP, FLI

Os vv. 1-5 son citados por Claudio Rodríguez Fer como exemplo de *dialogismo*, 'reproducción do pensamento en forma dialogada, habitualmente consigo mesmo' (282).

7.- d'os EP, FLI, DE, JNL, RAG

8.- son apagados R C

9.- as escuras FLI

10.- d'os EP, FLI, DE, JNL, RAG

11.- o xacer FLI

12.- en de nos R C

A construción de *ende* + *xerundio* témola tamén en E 47.6 (*ende chegando a unha cova*): vid. nota a este verso.

13.- n-un EP, FLI, JNL; n'un DE, RAG

15.- Nai R C

A forma *Xesús* é moi minoritaria fronte a *Jesús*: vid. nota a E 12.25.

16.- entr'os EP, FLI, DE, JNL, RAG // os mortos FLI

nos faiga ben pola alma!

17.- po-la EP, FLI, DE, JNL, RAG

José Nistal López escribe a propósito deste último verso: "recuerdo perfectamente que cuando me la leyó, el último decía:

lles faiga ben po-la alma

mientras que en la edición se cambió la forma del pronombre 'lles' (les) por 'nos', sin duda porque, conocedor de que la cruel enfermedad que sufría había puesto a su vida un plazo brevísimo, querría aprovechar la composición pidiendo en ella para sí lo que había deseado para otros" (283). Mais debemos ter en conta que na edición de 1941 figura 'nos' e non achamos ningunha con 'lles', o que nos revela que xa o poeta sentía a presenza da morte seis anos antes de se producir.

Notas a *Do Ermo*

- (1) Cfr. "El elemento popular en Noriega Varela", *La Noche*, Santiago de Compostela, 22.1.1947.
- (2) Noriega cita pola tradución feita ao español por Díez Canedo da obra *De l'angélus de l'aube à l'angélus du soir*, co título de *Del toque del alba al toque de oración*.
- (3) O soneto, que non utiliza en ningún poema de *Montañesas*, terá un uso moi importante en *Do Ermo*, en total son 22; ademais, hai 2 en PEX, 2 en PNR e 1 en PE, que fan un total de 27 en toda a súa produción. Cos sonetos aumenta tamén considerabelmente o emprego dos versos de arte maior, que en *Montañesas* aparecía en 3 composicións e en *Do Ermo* en 41.
- (4) Cfr. "Antonio Noriega Varela", in 22ª *Exposición. El traje regional gallego. Con motivo del centenario del nacimiento de Noriega Varela*, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Santiago de Compostela, 1969, p. 2.
- (5) Vid. *Poesía galega completa*, Edición, cronoloxía, bibliografía, limiar e notas de Xesús Alonso Montero, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1986, pp. 122-124.
- (6) Cfr. Aquilino Iglesia Alvariño, "Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña", *Faro de Vigo*, número especial conmemorativo del Centenario (1853-1953), p. 166.
- (7) Cfr. *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981, 3ª edición, p. 539.
- (8) Cfr. *Op. cit.*, p. 166.
- (9) Cfr. *Op. cit.*
- (10) Cfr. "Cantigas populares da Arousa", in *Etnografía y folklore de Galicia (2)*, Edición preparada por José Luís Bouza Álvarez, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1982, p. 93.
- (11) Cfr. Eduardo Lence-Santar y Guitián, "La poesía en Mondoñedo", *El Ideal Gallego*, Coruña, 7.6.1921; tamén reproducido en *Vida Gallega*, Vigo, nº 194, 5.4.1922. Este anunciado libro *Mysticas* nunca se chegou a publicar; en 1925 falaba dun novo libro de versos co título de *Tenuis pluvia*, que tampouco viu a luz (vid. *Céltiga*, Buenos Aires, nº 20, 25.10.1925).
- (12) Vid. Ricardo Carballo Calero, *Historia...*, *op. cit.*, p. 534.
- (13) Cfr. "Verbas limiares", en Antonio Noriega Varela, *D'o ermo (escolma da edición luguesa)*, Coruña, Publicación da Real Academia Gallega, 1969, p. 17.
- (14) Cfr. Enrique Chao Espina, *Mi homenaje a Noriega Varela en el Día de las Letras Gallegas*, La Coruña, Mayo, 1969 (Edición do autor); fai a seguinte tradución ao español do poema "Pasa un vermiño":

Pasa un gusanillo
No me aplastes, caminante!
aun siendo insignificante
tengo un santo a mi favor
que le llama al lobo errante
hermano y representante
de las gracias del Señor.

(204) Cfr. "As pegadas modernistas. Noriega Varela", in *A poesía de Manuel Antón nas literaturas galegas de vanguardia*, Coruña, Editorial La Voz de Galicia, Biblioteca gallega, 1979, pp. 25-26.

(205) *Daniel Pernas Nieto* (Quende, Abadín, 1884-Mondoñedo, 1946) foi crego e poeta; en 1936, no mes de decembro, en plena guerra civil, viu a luz o seu libro de versos *Fala das musas*, cun prólogo de Álvaro Cunqueiro. Colaborou cos seus poemas na prensa local e foi amigo de Noriega, como a práctica totalidade de cregos da bisbarra.

(206) Cfr. *Historia...*, *op. cit.*, p. 530.

(207) *Ibid.*, p. 542.

(208) *Ibid.*, p. 526.

(209) Publicado en *Acción Social*, Mondoñedo, nº 29, 2.2.1920, figura precedido das seguintes palabras: "Honramos hoy nuestras columnas con la versión gallega del *Himno agrario* de nuestra Confederación Nacional, tanto más cuanto que el autor de ella es el Vicesecretario de nuestra Federación, el ilustrado y activo joven D. Rafael Martínez Gómez". Nesta publicación colaboraba Noriega con grande asiduidade, achando nela moitas das primeiras edicións de varios poemas. Tamén foi o "Centro de Acción Social Católica" o que editou *D'o Ermo* en 1929, co patrocinio económico do Concello de Mondoñedo.

(210) Mesmo nunha nota a pé de páxina en *Como falan os brañegos* (vid. s. v. SER) escribiu Noriega: "En una reunión donde se discutían publicamente asuntos políticos, cierto pseudo redentor da terriña (que tiene modales y fama de granuja), despotricaba como energúmeno..."

(211) A este escritor e amigo xa lle dedicara outra composición: vid nota 66.

(212) José Ramón Lorenzo Fernández era mestre como Noriega e tamén natural de Mondoñedo; mantivo con el correspondencia como podemos ver en III.6.1.24-26 e 6.1.34. A consecuencia da guerra civil de 1936 foi depurado, perdendo a súa praza de mestre; posteriormente sería rehabilitado profesionalmente.

(213) Cfr. *op. cit.*, p. 159.

(214) Cfr. "Noriega Varela no seu tempo ourensán (I)", *Chan*, Madrid, 1 quincena mayo 1969, pp. 7-8.

(215) Vid. "El elemento popular en ...", *op. cit.*

(216) Cfr. *Os eidos. Libro do Caurel*, Vigo, Edicións Xerais, 1985, p. 211.

(217) Vid. *op. cit.*, p. 36.

(218) Esta dedicatoria débese a amizade de Noriega con Júlio de Lemos, secretario perpetuo do Instituto Histórico do Minho e director do *Almanaque de Ponte do Lima*, onde se publicou o poema; tamén conseguiu que Noriega publicase en *A Aurora do Lima*; o trato entre eles foi cordial, como se pode ver en III.6.1.13.

(219) Cfr. *Historia...*, *op. cit.*, p. 537.

(220) Cfr. *op. cit.*, p. 31.

(221) A tradución é de Phileas Lebesgue e está inserida no artigo titulado "Poetas de Galizia":

*Tu le caches si bien, Soleil,
Que je ne puis t'apercevoir qu'avec peine;
Je te demande encore un rayon,
Roi de la lumière, le dernier,
Pour que les montagnes puissent sourire,
Pour que les rochers se réjouissent.*

(222) Figura como tradutor A. Ruiz Tarazona; di así:

Tanto te escondiste
*Tanto te escondiste, sol,
 que a duras penas te veo;
 ya sólo un rayo te pido,
 rey de la luz, ¡el postrero!,
 para que los montes rían,
 y se alegren los roquedos.*

(223) O tradutor que figura en DP é Carballo Calero, o mesmo de CC; esta é a tradución:

Musa montaraz

*Para apartarla de su huracán destino
 en balde fue que se juntase el miedo
 con la imponente mudez de yermo peñasco,
 con la queja vaga del armonioso pino.*

*La musa montaraz que me asiste,
 de la rigidez de los montes está al cabo,
 y ama la flor amarilla, porque es triste,
 y la presencia de la aulaga, porque es brava.*

*¿Mejor que la luz febea? ¡Cielo torvo!
 ¿Antes que el jilguero? ¡Negro cuervo!
 Entre cuarzos el agua que ella bebe,*

*son fragosas las cumbres donde inverna,
 y es una moza, descalza de pie y pierna,
 pisando cardos, encarando la nieve.*

(224) A tradución de MR é esta:

Musa montaraz

*Para apartarla de su huracán sino
 en vano se aliaron con el miedo
 la imponente mudez del pelado roquedo
 y la queja sutil del rumoroso pino.*

*La musa montaraz que a mí me asiste
 de asperezas silvestres está al cabo,
 si la flor amarilla le gusta es por ser triste,
 la presencia del tojo por ser bravo.*

*¿Mejor que luz del sol? ¡Un cielo fosco!
 ¿Preferible al jilguero? ¡El negro cuervo!
 Entre guijarros va el agua que bebe...*

Silvestres son las cumbres donde inverna

*y es cual moza, descalza de pie y pierna,
pisando cardos, de cara a la nieve.*

(225) Vid. *op. cit.*, p. 37.

(226) A tradución vai precedida das seguintes palabras: "El ilustre literato y crítico francés Phileas Lebesgue -gran conocedor del arte galaico-portugués-, nos envía esta hermosa versión del poema de Antonio Noriega Varela 'Como chove miudiño'; versión que por sí sola demuestra la ductilidad del idioma gallego para ser traducido a los más refinados lenguajes"; di así:

Bruine

*Chute lente des gouttes d'eau -Ce bruit léger
Qui éparpille doucement un flot de perles
Est bénédiction de Dieu. C'est un frerot
Des larmes de la bruine et de la rosée-*

*Le ciel n'a pas encore d'autre moyen meilleur
De témoigner de sa tendresse
Aux gentilles fleurs de bruyere et d'ambepine;
Au pompeux branchage du chêne.*

*Et la Galice non pareille où je naquis
Derrière ce présent de choix, attend peut-être
De son frère le Soleil roi de lumière, une flambée;*

*Qui sait? Deja mon âme a remarqué
Qu'elle peut bien en solitude, subir la croix;
Mais qu'elle ne saurait toute seule être heureuse.*

(227) Cfr. *op. cit.*, p. 158.

(228) Cfr. *Cantares gallegos*, Vigo, 1863, Imprenta de D. Juan Compañel, 1863, p. 151-159.

(229) Cfr. *op. cit.*, p. 130.

(230) Vid. Fr. Juan Sobreira, *Papeletas de un diccionario gallego*, Edición y estudio crítico por J. L. Pensado, Orense, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», 1979, p. 150.

(231) Cfr. *Follas da lingua*, La Coruña, Editorial La Voz de Galicia, Biblioteca gallega, 1987, p. 161.

(232) Por ser tradución do francés non segue o mesmo esquema de rima que as outras composicións de estrofas de sexta rima da obra.

(233) Están publicados en C. Morice, *La litterature de toute a l'heure*, París, 1889, p. 82.

(234) *Herminia Fariña Cobián* (Santiago, 1904-1966) cultivou a poesía desde moi nova; o seu primeiro libro titulouse *Cadencias*, ao que seguiu *Seara*, formado por 34 poemas. También escribiu teatro, estreando en

1927 o drama *Margarida a Malfadada*. Tamén lle dedicou un poema a Noriega (vid. III.8.14).

(235) Cfr. *op. cit.*, p. 165.

(236) Cfr. *Historia...*, *op. cit.*, p. 538.

(237) Esta é a única composición en que emprega a oitava real ou oitava rima.

(238) A tradución, de Carballo Calero, é a seguinte:

En la montaña bravía, Padre del cielo
Donde eremitas ven el cielo abierto;
donde, al par de la saudade, triste yo canto;
donde la niebla hurta, al descubierta,
las estrellas que le caen del manto;

donde prospera la urce; donde el llanto
de la aurora centellea; donde es cierto
que hay una cruz -halago del desierto-,
y el atrio de la yerma iglesia es camposanto;

en la montaña bravía, Padre del cielo;
del yermo silencioso en el yermo seno,
embreñarme prucuro prontamente;

allá en la tierra virgen, tierra esquiva,
¡donde nunca aparezca una alma viva!
-tanto aborrezco tropezar con la gente.

(239) Cfr. *op. cit.*, p. 90.

(240) Vid. *Historia...*, *op. cit.*, p. 538.

(241) *Ibid.*, p. 542.

(242) Aínda que fora eleito en 1927 como membro da Real Academia Gallega, non leu discurso de ingreso nin ocupou o seu asento na mesma, non se convertendo, por tanto, en membro de pleno dereito. En 1939, xunto con outros máis, deuse por ingresado sen máis formulismos (vid. I.2.1.4).

(243) *Céltiga*, de Buenos Aires, foi unha das revistas máis importantes da emigración, modélica no seu xénero; contaba cunha coidada presentación. Noriega colaborou asiduamente nela, ocupando os seus poemas lugares de privilexio, normalmente a toda páxina e ilustrados con artísticos debuxos, tal como acontece con este poema.

(244) Cfr. *As crónicas do sochantre*, Vigo, Galaxia, 1956, p. 44.

(245) Cfr. *Cousas da lingua*, Coruña, Editorial La Voz de Galicia, Biblioteca gallega, 1989, p. 187.

(246) Vid. Rosario Álvarez et alii, *op. cit.*, p. 482.

(247) Cfr. *op. cit.*, p. 130.

(248) Cfr. *Historia...*, *op. cit.*, p. 541.

- (249) Aínda que este número de *Coruña Moderna* non leva datación, o seguinte, nº 76, é de 12 de agosto; ao se tratar dun semanario, o nº 75 debe ser de 5 de agosto.
- (250) Cfr. *op. cit.*, p. 132.
- (251) Vid. *Historia...*, *op. cit.*, p. 537.
- (252) *Ibid.*, p. 540.
- (253) Vid. "El elemento popular...", *op. cit.*
- (254) Cfr. *Antología de la lírica gallega*, Madrid, Compañía Iberoamericana de publicaciones, 1928, p. 202.
- (255) Cfr. *Antre dous séculos. Versos gallegos*. Obras completas, t. I, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1990, p. 68 (edición facsímil).
- (256) Áchase publicado, sen indicación do recolector, en *O Gaiteiro de Lugo* do ano 1932, nunha sección titulada "Cantares", que contén outros recollidos por Noriega en C, ademais, por exemplo, do que comeza *Dicen que Calvos é vila...*, posto por el á fronte de M 22.
- (257) *Víctor Domenech* é un home da emigración relacionado con *Acción Gallega*. Publicación Oficial de Casa de Galicia de Buenos Aires, onde colaborou Noriega; no nº 4, de 30 de setembro de 1920, pódese ler: "Noriega Varela, el gran poeta gallego, nos escribe. Es decir, le escribe a su «muy amigo, mecenas y paisano muy excelente Víctor Domenech»" (vid. III.6.1.3).
- (258) *coa dereita tomou do que parecía pecoreiro o farol* Cfr. *As crónicas do sochantre*, *op. cit.*, p. 89.
- (259) Cfr. *Historia...*, *op. cit.*, p. 541.
- (260) Cfr. *Os simples*, Mira-Sintra, Publicações Europa-América, p. 113.
- (261) Vid. *Poesía galega completa*, Edición, cronoloxía, bibliografía, limiar e notas de Xesús Alonso Montero, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1986, p. 209.
- (262) O quinteto é un tipo de estrofa que o autor só emprega en tres poemas, aínda que esta é a única ocasión en que presenta a combinación de versos decasílabos co segundo pentasílabo; en E 97 presenta o esquema clásico de hendecasílabos con rima AABAB e en PE 13, tamén en hendecasílabos, ten dous modelos de rima: ABABA e AABAB.
- (263) Cfr. *op. cit.*, p. 164.
- (264) Cfr. "Noriega Varela e Foz", *Amencer*, Foz, nº 8, Xaneiro-Febreiro 1978.
- (265) Vid. *Gramática do idioma galego*, 2ª edición correxida e aumentada, A Cruña, Imprenta Moret, 1931, p. 75.
- (266) Este esquema formal, con versos impares hendecasílabos e pares heptasílabos, e rima de romance utilízao tamén en M 20, E 17 e 30.
- (267) A tradución é a seguinte:

¿Qué dirán?

¿Qué dirán, qué dirán las lindas mozas
de Romariz, mañana?

*Como les di palabra de que iría
a festejar la noche de San Juan,
se seguirán diciendo hasta muy tarde:
«Si no murió, vendrá».
Y yo ¿qué les diré cuando me las encuentre
por ver de contentarlas?
¿Qué les he de decir? ¡Nuevas crueles!
Que mi madre murió.*

(268) Cfr. *op. cit.*, p. 93.

(269) Para mellor información, vid. «... *E Pelúdez, dixo.*». Escolma e introdución de José Traperero Pardo, O Castro-Sada, Gráficas do Castro / Moret, 1983.

(270) Vid. Francisco Fernández Rei, *op. cit.*, p. 104.

(271) *Ibid.*, p. 95.

(272) O poema é este:

En busca da paz
*Camiñando polo val
vai a Reina d'Harmosura
que leva posto o sayal
de pelengrina... ¡Dozura!
Seus pececiños desnudos
pisan o mollado chán;
seu pao cuberto de nudos
nél parece facer clán...
As virxinales mauciñas
cheas de gretas están,
je si habían ser branquiñas
polo frío negras ván!
Os olliños feiticeiros
vagan cheos de pesar,
a causa de tal tristura
¡coitadiños! ¿cál será?
Déla non é o frío, nón,
nin tampouco a humedá,
é que no seu corazón
moitas espiñas están:
que fai anos que recorre
o mundo, de lao a lao,
e víu como a sangre corre
porque nél ¡non temos paz!
¿E será certo q'aínda
terá que andar moito máis,
pr'atopar o mendruguiño
da sua tranquilidá?*

(273) Cfr. *Historia...*, *op. cit.*, p. 526. É estraña esta composición desde o punto de vista métrico, pois Noriega é un poeta moi clásico na utilización dos metros e estrofas, e pouco dado a innovacións; algo similar acontece en E 14. En PNR 19 e PE 12 tamén se afasta da súa liña habitual, aínda que todos os versos son pentasílabos.

(274) Aquilino Iglesia Alvariño era naquela altura seminarista en Mondoñedo, como o fora Noriega anteriormente, e pasaba os veráns na localidade natal de Seivane, próxima a onde vivía o poeta. Os dous paseaban polo monte Argán falando de poesía, pois, a pesar da grande diferenza de idade, foron grandes amigos.

(275) Cfr. *Op. cit.*, p. 542.

(276) Ademais de nalgúns romances, como este, o poeta tamén usou o verso de arte maior dodecasílabo nos pareados de M 3, E 24 e 32.

(277) Vid., por exemplo, Isaac Rielo Carballo, *Cancioneiro da Terra Cha (Pol)*, Sada-A Coruña, Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos, nº 35, Edicións do Castro, 1980, p. 67; ou Xoaquín Lorenzo Fernández, *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, Vigo, Fundación Penzol, Editorial Galaxia, 1973, p. 114 (O v. 3 di «ha de collela rosiña», única diferenza que presenta). Tamén figura en Xosé-Luís Blanco Campaña, *Cento catorce cancións galegas*, Santiago, Editorial Compostela, Edicións El Correo Gallego, Biblioteca 114, 1992, p. 32. En *Vida Gallega*, Vigo, nº 167, 25.3.1921, Avelino Rodríguez Elías ("La copla galaico-lusitana") reproduce unha versión satírica da mesma:

*A nena que ha de ser miña
ha de ter as pernas tortas,
sete coartas de cintura
e unha xoroba nas costas.*

(278) Cfr. *op. cit.*, p. 163. Esta anécdota é repetida por Carballo Calero (*Historia...*, *op. cit.*, p. 528) e por Suso Fernández ('Noriega Varela e Foz', *op. cit.*).

(279) Cfr. *Op. cit.*, p. 20. A versión que nos dá este amigo dos últimos anos de vida de Noriega é a seguinte: "Fué en esa plácida tarde de otoño cuando me leyó la poesía que antecede y que había compuesto para ser publicada en Santiago. 'Resulta, señor', que le había pedido colaboración una alta jerarquía de la catedral compostelana para el número extraordinario del periódico de la ciudad jacobea, que estaba preparándose para la conmemoración de los Fieles Difuntos. No le había sido muy propicio el tema, no. Pero -'tuvieron un santo na miña axuda'- vinieron pronto a su memoria, producto de una constante convivencia con el paisanaje, los axiomas por él recogidos, reveladores de que -según su opinión- es en el pueblo humilde y sencillo que todo lo aprende en la vida ruda y de sacrificio, donde generalmente se encuentra siempre un manantial purísimo de filosofía, porque nada enseña como la vida misma. Así, por ejemplo, estas breves frases:

-Vamos vellos, Manuel.

-Xa fumos novos, Don Antonio,

en que se manifiesta la conformidad de quien ya poco espera en la vida,
que se acrecienta más en este desdeñoso

-¡Boh!... Xa me tarda a brosa...'

cuya expresión equivale a que cuando el árbol está seco y ya no han de
floreecer en él nuevas primaveras, la solución es talarlo por el pie;
concluyendo tal conformidad e indiferencia en esta aceptación
definitiva:

-N'hay que darlle voltas, Don Antonio: ha de chegar a hora de salir pra
dormir fora...".

(280) Cfr. *Antón Noriega Varela e os clásicos...*, *op. cit.*, p. 56.

(281) Vid. *Muño fidel*, Vigo, Ed. Galaxia, Colección Dombate, 1983, p. 47.

(282) Cfr. *Op. cit.*, p. 100.

(283) Cfr. *Op. cit.*, p. 21.

II.2.3. *Poemas expurgados*

1

Leite fresco

¿Cando vas tomar o leite?,
 me andaba decindo Anxela
 cada vez que viña á vila
 vender ovos ou manteiga;
 5 i eu, por dar gusto á curmán
 i adivertirme na aldea,
 unha tardiña de abril
 determineime e fun vela.
 Era un bendecir a Dios
 10 ollar a natureza:

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-a (1ª e 3ª parte) e en e-o (2ª e 4ª parte).

Edicións anteriores

L; MO, 51-59; MT, 25-33; BB, 180-186.

Variantes e comentarios

Leopoldo Pedreira afirma que esta composición "ganaría mucho si no fuese tan difusa, si el asunto no estuviere tan diluído y si la importancia del pensamento final guardase relación con la extensión relativamente larga de esta poesía (1).

Carballo Calero defínea como: "Admirable cuadro da picaresca aldeá. Rexoubeos coas costureiras. Vizoso realismo" (2); e tamén como "un ledo cuadro de costumes, tan bo como o mellor que se tivera escrito até entón" (3).

Noriega non quixo de ningunha maneira que esta composición figurase na edición definitiva da súa obra, por razóns de conciencia, ao considerala pouco edificante, a pesar das presións que tivo ao respecto, mesmo cun informe favorábel dunha autoridade eclesiástica (4).

0.- En L e MO leva como dedicatoria «A Don Manuel Leiras Pulpeiro» (vid. 1.2.1.1).

1.- tomal-o leite L

2.- m'andaba L, MO, MT

Anxela figura acentuada en todas as edicións, menos en BB; por razóns métricas e de rima o acento prosódico debe ir na penúltima vocal, aínda que graficamente hoxe non precise o til.

3.- ves L // viñ'á vila L, MO, MT

4.- hovos MO

5.- y-eu L, MO, MT; e eu BB

6.- e divertirme n-aldea L; y-adirvertirme n'aldea MO, MT; e adivertirme na aldea BB

7.- un-ha tardiña d'Abril L, MO // d'abril MT

8.- determineim'e L, MO, MT // vel-a MO, MT

9.- Era un ben decir de Dios L, MO

- ¡cantos páxaros chiando!,
 ¡cantas froles polas veigas!,
 ¡cantos gromiños nos albres!,
 ¡que música a das fontelas!
 15 Rousaban léxo-los carros
 polos camiños da serra,
 murmuxaban os regatos,
 choutando de pedra en pedra,
 pasaba mainiña a gris
 20 aloumiñando nas herbas,
 queixábase o piñeirral,
 as raxadas bolboretas
 polos vilares do trigo
 iban e viñan lixeiras,
 25 no curutiño das lombas
 víanse fatos de ovellas
 e tamén algunhas cabras
 depinicando a carqueixa,
 un merlo rexoubador
 30 asubiaba, das xestas
 penduraban froles de ouro,
 coloreaba a restreba,
 ¿i o sol? ¡Dios me libre!, o sol,
 prendado da primaveira,

11.- paxáros L

12.- pol-as L, MO, MT

13.- n-os L; n'os M O

14.- músic'a d'as L, MO, MT

15.- léxol-os L, MO, MT

16.- pol-os camiños d'a L, MO, MT

17.- marmuraban L

19.- mainiñ'a a gris

A *gris* é un vento frío e moi fino, segundo recolle Eladio Rodríguez no seu dicionario.

20.- acaneando n-as L // n'as M O

21.- queixábas'o L, MO, MT

22.- volvoretas L, MO, MT. BB

As *raxadas bolboretas* son bolboretas pequenas que atacan o gando vacún.

23.- pol-os vilares d'o L, MO, MT

25.- n'o MO // d'as MO, MT

Os vv. 25-32 faltan en L.

26.- d'ovellas M T

30.- d'as MO, MT

31.- d'ouro MO, MT

32.- coloreab'a restreva MO, MT // restreva B B

33.- y-o L, MO, MT; e o B B

34.- d'a L, MO, MT

Cfr. *primaveira* con *primadeira* en M 3.4 e *primavera* en E 17.4.

35 brilaba nun ceio azul,
sin quitar ollo da terra.

Paseniño, paseniño,
subín costas, pasei ermos
e baixei ós vales fondos
40 por entre pinos espesos.
Quedeime diante un muíño
vendo corre-lo rodesno,
tiven que andar a cantazos
con certo can de palleiro,
45 axudeille a erguer o lote
a unha criada dun cego,
que estaba apañando a iherba
entro os sucos do centeio;
e si non se fora axiña...
50 ¡que me leve nunca o demo
si non lle había de dar
catro voltas ó meu xeito!
Fixen despois un xaruto,

35.- brillaba BB // n-un L; n'un MO, MT // ceio L, MO, MT; ceo B B

Para *brilaba* vid. nota a M 3.34; tamén aparece *brila* en M 23.10.

36.- d'a L, MO, MT

38.- rubín costas, pasei leiros L

41.- diant'un L, MO, MT

Cfr. *diante un muíño* con M 1.89 (*diante as barbas dun godallo*); vid. nota a este verso.

42.- correl-o L, MO, MT

A palabra *rodesno* debe ser considerada como castelanismo, fronte á forma galega *rodicio*.

43.- qu'andar L, MO, MT

45.- axudeill'a L, MO, MT // erguel-o lote L

46.- a un-ha *sobriña* d'un crego L // d'un MO, MT

O autor foi persoa militante ideloxicamente no catolicismo tradicionalista desde moi novo (vid. I.2.3) e amigo de cegos durante toda a súa vida; este verso de L debeulle parecer anticlerical e atrevido (a cursiva de *criada* é do autor), pois na seguinte edición xa o cambia; lembremos tamén que o poema vai dedicado en L a Leiras Pulpeiro, poeta anticlerical, dedicatoria que se mantén en MO e desaparece en MT.

47.- qu'andab'apañando berba L // qu'estab'apañando a y-herba MO, MT // a erba B B

48.- pol-os sucos d'o centeo L // entr'os sucos d'o centeyo MO, MT

49.- for'axiña L, MO, MT

50.- nunc'o L, MO, MT

51.- H'había L, MO, MT

53.- En M 3.14, en vez de *fixen un xaruto*, usa a expresión *piquei cigarro*.

- pranteille lume, fumeino,
 55 e cando menos pensaba
 que iba a tomar leite fresco,
 vin unha casiña branca,
 acochada entre us loureiros.
 Na iaira estaba unha moza
 60 co seu refaixo amarelo,
 que escorrentaba nas churras,
 entrámbalas maus batendo.
 Así que me puido ollar,
 ceibeille de lonxe un berro,
 65 i a curmán, corre que corre,
 veume salir ón carreiro.
 -¡Asús!, me dixó ó chegar,
 ¿seique tes pauto co demo?
 -Muller, si había de vir
 70 toma-lo leite, era tempo;
 ¡inda te sacudes ben!
 -¡Si non o digo por eso!
 -Pois, ¿por que mo dices logo
 e fas eses aspaventos?
 75 A curmán, ri que te ri,
 zarandeou o mantelo,
 tuseu com'o que se esgana,
 colleume do brazo dreito,

56.- qu'ib'a tomar L, MO, MT; que iba tomar BB

A lectura de BB altera a perífrase empregada polo autor, aínda que a converta en correcta.

57.- un-ha L

58.- entr'us L, MO, MT

59.- N-a L; N'a MO // y-aira L, MO, MT; aira BB // un-ha L

60.- con un refaixo marelo L // c'o MO, MT

61.- qu'escorrentaba L, MO, MT// n-as pitas L; n'as churras M O

62.- entrámbal-as L, MO, MT

63.- puid'ollar L, MO, MT

64.- lonx'un L

65.- y-a L, MO, MT; e a BB

66.- Para ón vid. nota a M 3.139.

67.- dix'ó L, MO, MT

68.- c'o L, MO, MT

69.- s'había L, MO, MT

O autor emprega sempre *si* como condicional, por iso se restitúe un *i*; vid. nota a M. 1.31.

70.- tomal-o leit'era L, MO, MT

72.- non-o L, MO, MT

73.- m-o L; m'o MO, MT

77.- como o BB // s'esgana L, MO, MT

78.- cedeume L // d'o L, MO, MT

80 e levoume escontra a chouza,
sin describirme o segredo.

-¿Ai, tía Antoña?

-¿Quen vai?

-Un mozo da parentela.

-Pasa, que estou peneirando.

-Véñame dar unha aperta...

-¡Non pode ser!

85 -¿Como non?

-Heite enfoular, ¿tí toleas?

-Ña nai, ¡non lle faiga caso!,
o curmán quérelle leria.

90 -Pois, si quer leria, que suba
pra cabo das costureiras.

-¡Na miña vida!, ¿pro están?

-Están arriba, abofellas.

-¡Por eso se ría tanto
cando me veu esta meiga!

¿E de onde son?

95 -De Labrada.

-¡Puparrallá, montañasas!

-¿Que estás falando, cañón?

-Que sodes de boena terra...

-Avomaría de gracia,

79.- levoum'escontr'a MO, MT // escontr'a L

82.- d'a L, MO, MT

83.- qu'estou L, MO, MT

84.- un-h'aperta L; unh'aperta MO, MT

86.- Heit'enfoular L, MO, MT

Enfoular 'e verbo derivado do substantivo *foula*, po branco que levanta o gran ou a fariña ao peneirar ou moer.

87.- Ñ'a MO

Esta forma *ña* do posesivo só se emprega xeralmente con nomes de parentesco, tal como sucede aquí; é propia da fala coloquial e afectiva. Tamén ten certa presenza literaria (Rosalía ou Cabanillas, por exemplo).

90.- d'as L, MO, MT

91.- N-a L; N'a MO

94.- d'onde L, MO, MT

Para o topónimo *Labrada* vid. nota a E 38.8.

96.- Qu'estás L, MO, MT

Cañón significa aquí mozo sen modais, traveso.

98.- O castelanismo vulgar *boena* ten aquí unha intencionalidade irónica.

99.- A forma vulgar e coloquial *Avomaría* é acorde co ton xeral do poema, de carácter realista e popular, o que contribúe a explicar o seu éxito.

- 100 ¡non serán com'as vilegas!
 -¡Oh de Dios, quen ten na casa!,
 cómame o cuzo, ¡ai, Carmela!
 -Estás un bon pelengrín.
 -¡Eí che you dar unhas fregas!

- 105 Sentadas nun corredor,
 cantaruxando e cosendo,
 estaban tres rapaciñas,
 ¡que nin baixadas do ceio!,
 todas con saia capada,
 110 todas con pano de frecos,
 todas con dengue encarnado
 e cinguideiro amarelo,
 todas con sarto ó pescozo
 i on anelliño no dedo.
 115 ¡Inda tiran nas montañas
 polo esplendor doutros tempos!,
 ¡inda nos queda o consolo
 de ver que somos gallegos,

100.- como as B B

101.- n-a L; n'a M O

102.- comam'o L, MO, MT

Cómame o cuzo é outra expresión coloquial equivalente a 'que me coma o demo'.

103.- *Pelengrín* significa aquí 'vagabundo', persoa que busca de comer en casa allea.

104.- Heiche MO; Eiche MT; Eí che BB // un-has L

Cfr. a forma *eí* con PNR 45.1: *Eí vai un can tundido*.

105.- n-un L; n'un MO, MT

108.- d'o ceyo L, MO, MT

109.- saya L, MO, MT

Cfr. este verso con E 41.3: *cunha sayiña rabela; capada e rabela* teñen o mesmo significado.

111.- dengu'encarnado L, MO, MT

Cfr. *dengue encarnado* con *dengue colorado* en M 1.5 e E 57.3. Nos vv. 109-118 o poeta mostra o seu amor polos costumes tradicionais no vestir, igual que en M 1 ou E 2 e 57, por exemplo.

113.- sart'ó L, MO, MT

114.- y-on L, MO, MT; e on BB // aneliño BB // n-o L; n'o M O

A forma *aneliño* de BB altera o texto do autor, que non utiliza esa forma en ningunha das edicións; o mesmo sucede con *e on*, onde xustamente temos esta forma *on* por estar en contacto co *i* precedente.

115.- n-as L; n'as M O

116.- pol-o esplendor d'outros L, MO, MT // de outros B B

117.- n'os MO // qued'o L, MT

- fóra das veces que vamos
 120 a Romariz ou a Estelo,
 por Viernes Santo, por Corpus
 i a Víspera dos Remedios,
 que son, contando As San Lucas,
 os días que a Mondoñedo
 125 baixan dos aspros lugares
 nenas garridas, a centos,
 pra dar veliñas ós santos,
 pra axustar misas cos cregos,
 i andar de eiquí pra acolá
 130 cos noivos de parrafeo!
 Asina que as vin ¡ai, Dios!,
 púxenme tanto de xenio,
 que logo xa non sabía
 donde me alcontraba dreito.
 135 ¡Seique te trouxo o pecado!,
 ¡déixanos seguir cosendo!,
 dixó unha delas, e dinlle,
 sin andarme con rodeos,
 un bico, ¡bico de fogo!,
 140 naqueles beizos vermellos

119.- d'as L, MO, MT

120.- á Romariz MT, BB

O til do *a*, que BB toma de MT, non representa ningunha contracción e non se debe utilizar na actualidde.

Para *Romariz* vid. nota a M 23.6.

Estelo é unha aldea da freguesía de Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo, próxima á capital municipal.

122.- y-a L, MO, MT; e a BB

123.- deixando L

As San Lucas son as festas patronais de Mondoñedo, que se celebran cada 18 de outubro.

124.- qu'a L

Para *Mondoñedo* / *Mondoñedo* vid. nota a M 3.58.

125.- d'os L, MO, MT

128.- pr'axustar misas c'os L, MO, MT

129.- y-andar d'eiquí pr'acolá L, MO, MT

A forma adverbial *eiquí* tamén aparece en E 47.1 (*Eiquí donde pouso a lus*).

130.- c'os L, MO, MT

131.- *Asina que* é unha locución conxuntiva equivalente a 'así que', 'tan pronto como'.

134.- onde L // m'alcontraba L, MO, MT

Para *alcontraba* vid. nota a M 23.73.

135.- trouxo L, MO, MT

137.- dix'un-ha d'elas; dix'unha d'elas MO, MT

140.- n-aqueles L; n'aqueles MO, MT // bermellos L, MO, MT, BB

- com'as folliñas das rosas,
 que nacen nos nosos eidos.
 Cando quixen acordar,
 tíñanme todas colleito;
 145 fixen forzas, ¡cal si non!,
 rolei polo chau tecendo;
 pra dar máis conta de min
 atáronme os pés, ¡que inferno!,
 fixéronme no curuto
 150 un pote com'on barreño,
 cuspiñáronme na cara,
 cegáronme con farelo,
 e si non vén miña tía
 coa escoba poñer respeito,
 155 i a curmán, desarriscada,
 pedindo por min a berros,
 seique de verme aldraxado...
 ¡morro levado do demo!

-

 Acabado de muxir,
 160 botáronme o leite fresco
 nunha cazola vidrada,
 que daba a cara por drento.
 Cansado de recuncar
 i amolecer pan albeiro,
 165 dixéronme as montañasas:

141.- como as BB // d'as L, MO, MT

142.- nascen L, MO // n-os L, MO

146.- pol-o L, MO, MT

148.- atáronm'os L // qu'inferno L, MO, MT

149.- n-o L; n'o MO

Curuto aquí fai referencia á parte superior da cabeza.

150.- como on B B

Para *com'on* vid. nota a M 3.54.

Pote aquí significa o mesmo que 'croque'.

151.- n-a L; n'a MO

154.- co-a L, MT; c'o-a MO

155.- y-a L, MO, MT

157.- verm'aldraxado L

158.- d'o L, MO, MT

160.- botaronm'o L

161.- n-un-ha L; n'unha MO, MT

162.- que se vía a cara drento L // dab'a MO, MT

163.- así que tomei dous netos L

164.- con sopas de pan albeiro // y-amolecer MO, MT; e amolecer B B

165.- dixeronm'as L

ai home, ¡debes de ir cheio!;
 i eu, ó dar volta prá vila,
 despois de tanto trafego,
 ¡quen volo dera da zomba!,
 170 decía prós meus adrentos,
 e ¡quen mo dera callado,
 sin estonar o pucheiro!...

166.- d'ir cheyo L, MO, MT

167.- y-eu L, MO, MT; e eu BB // pra L, MO; pr'a MT

169.- contesteilles: ¡recuncamos? L // vol-o dera d'a MO, MT

170.- pero ¡non cheguei a tempo! L // pros MO; pr'os M T

171.- m'o MO, MT

Os vv. 171-172 faltan en L.

2

A D. Eduardo Lence
(O gaiteiro do Masma)

Quere cantar o poeta
 pra compracerte, gaiteiro;
 mais ¿tú que fas no punteiro
 si che sacan a palleta?
 5 Teño a ispiración suxeta
 ós eidos da serra miña:
 líbreme Dios da mariña
 e, si ques versos callados,
 ¡lévame pra aqueles prados,
 10 onde non cheira a sardiña!

Incha o fol e, por favor,
 nesa gaita colorada
 toca unha meiga alborada,

Métrica

2 décimas, 8 (abbaaccddc).

Edicións anteriores

Revista Gallega, Coruña, 22.2.1903; MO, 45-46; *Vida Gallega*, Vigo, 10.11.1920.

Tamén figura reproducido nun artigo de Lence-Santar precedido das seguintes palabras: "Mi querido amigo Antonio Noriega Varela, hijo ilustre de Mondoñedo y maravilloso poeta gallego, en la primera edición de su libro "Montañesas" -Luarca, 1904- prologado por el inolvidable Ramón (*sic*) Pedreira Taibo, catedrático del Instituto de Cuenca, me dedicó la siguiente poesía" (5); non presenta variantes a respecto do libro. En RG leva como indicación final «Foz».

Variantes e comentarios

0.- En RG o título é *O gaiteiro do Masma* e en VG *Para D. Eduardo Lence (O gaiteiro mariña)*

En RG «A D. Eduardo Lence» (6) figura como dicatoria.

3.- *ti* RG // *n'o* MO

4.- *si che furtan* VG

6.- *a os eidos da* RG; *os eidos d'a* MO; *ó fausto d'a* VG

7.- *gábench'outros a mariña* VG // *d'a* RG, MO

8.- *versos preciados* VG

9.- *imos cara aqueles prados* RG // *lémbra'm'abrulas, e prados* VG // *pr'aqueles* MO

10.- *cheir'a sardiña* MO; *cheire á sardiña* VG

11.- *Hinch'o* RG, MO; *E incho'o* VG

12.- *n'esa* RG, MO, VG // *relembra* RG

13.- *meig'alborada* MO, VG

que xa rufa o meu tambor;
 15 n'hai poesía mellor
 pra alegrar o corazón;
 os meus versos, -con perdón
 das túas barbas-, ¡moito bombo!,
 20 bótaos por riba do lombo,
 como botas o roncón...

14.- que eu redobro no tambor R G

15.- n'hay RG, MO; n'ay VG // millor R G

16.- pr'alegrar MO, VG

17.- e aos meus R G

Eduardo Lence-Santar luciu constantemente unhas longas barbas.

18.- d'as MO, VG

19.- bot'os MO, VG // d'o RG, MO, VG

3

**A unha señorita do Lugar das Casas
(Soneto)**

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC DCD).

Edicións anteriores

MO, 47; *La Voz de Mondoñedo*, Mondoñedo, nº 879, 7.7.1919 e nº 988, 15.8.1921; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 76, 9.8.1931; Ms, 27.I.1940; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 527, 3.2.1940.

En VA 31 leva a seguinte indicación final: «Foz, 13 de Agosto de 1903 (De una postal que tardó 18 años en llegar aquí)». En Ms (III.6.I.39) vai precedido destas palabras: "Con todo, desde hace dos meses, me divierto colaborando en un periódico de Mondoñedo que no se llama "La Aurora del Limia" ni "El Heraldo de Río Fozado"; pero sí "Vallibria". Vea Vd., si se digna, que trangalladas"; e como indicación final: «Auctor, O velliño d'a aguillada. Servuus a manu, Antonio Noriega Varela». En VA 40 figura baixo o rótulo de "Informes litterae" (7) e como indicación final consta: «Scriptor, O velliño d'a aguillada. Amanuense, Antonio Noriega Varela. Santa María de Chavín. Año del Pilar». Tamén foi publicada unha versión incompleta en 1969 na revista *Chan* por J. Travieso Quelle, precedida destas palabras: "En un inciso de nuestra conversación, Carmiña, como un obsequio a nuestra vieja amistad, me recitó una poesía de su progenitor, totalmente desconocida, fuera del ámbito familiar. Lleva el título de 'Prol (*sic*) serrana' y dice así" (8).

Variantes e comentarios

Reproducimos en primeiro lugar a versión de Ms e VA 40, as dúas coincidentes, por teren moitas variantes a respecto das anteriores:

Enxebreza

(Pra unha «señorita» de Espiñarcou) (9).

Coidas que «disfrazada» es unha estrela;
pero eu nunca t'alcontro tan galana
como cando te vexo, frol serrana,
co dengue colorado e co-a mantela.

¿Pra qué ese faldrilliño, de ruin tela?
E ¿pra qué eses zapatos de badana,
si hasta a neve que tripas ben s'ufana
de te ver co-as zoquiñas de chinela?

¡Fala, pra me groriar, na fala nosa!,
lávate, pr'andar fresca, en auga crara,
e recende ô romeu y-a malva-rosa

si xa non quês probar a miña vara,
porque eres com'os ánxeles fermosa

Tamén de azul vestida es unha estrela;
pero eu nunca te alcontro tan galana
como cando te vexo, frol serrana,
co dengue colorado e coa mantela.

5 ¿Pra que gásta-los cartos en purrela?
¿Pra qué mercas zapatos de badana,
si parecen dúas cascas de avellana
nos teus pés as zoquiñas de chinela?

10 Fala, pra nemorar, a fala nosa,
lávate, pra andar fresca, en auga crara,
recende, meu amor, a malva-rosa,
que sinón...;heichas dar alí coa vara,
porque eres com'os ánxeles fermosa
e non sei que farelo trás na cara!

e non sei con que pingo untáche a cara.

Xa Carballo Calero (10) constatara que este é o primeiro soneto coñecido do autor, aínda que no mesmo ano 1903 compuxese outro (vid. E 42).

0.- Fala un petrucio... LVM19; Tamén d'azul vestida...LVM21 // d'o... d'as MO, VA31

En VA31 leva como antetítulo "Postales vellas". En LVM19 e LVM21 "Pra unha señorita d'o Lugar d'as Casas" figura como dedicatoria.

1.- d'azul MO, LVM19, LVM21, VA31

2.- pero nunca VA31 // t'alcontro MO, LVM19, LVM21, VA31

4.- c'o MO, LVM19, LVM21, VA31 // c'o-a MO, VA31; co-a LVM19, LVM21

5.- gástal-os MO, LVM19, LVM21, VA31

A palabra *purrela* significa comunmente 'viño de mala calidade', tal como aparece usada por Cunqueiro: *Non pensen que é viño do Rosal esa purrela gaseada que dan nos bares das vilas* (11). Por extensión pasa a referirse a cousas de pouco valor, como, por exemplo, peza de vestir (vid. variante de Ms e VA40) ou mesmo persoas (vid. C 7).

7.-d'avellana MO, LVM19, LVM21, VA31

8.- n'os MO; n-os VA31

10.- pr'andar MO, LVM19, LVM21, VA31

11.- recende, coroniña, LVM19 // malva rosa MO, LVM19, LVM21, VA31

12.- heich'as LVM19, VA31 // c'o-a MO; co-a LVM19, LVM21; co'a VA31

13.- porqu'eres MO, LVM19, LVM21, VA31

14.- n'a MO

Colocamos acento diacrítico a *trás* para indicar que é forma verbal.

4

Ramona, ¡fas ben cantar!,
 eu tamén che vou beber,
 que no nos han de faltar
 un día para morrer,
 5 i outro pra nos enterrar.

Métrica

Quintilla, 8 (ababa).

Edicións anteriores

MO, 80; MT, 51.

Variantes e comentarios

1.- *Ramona*. Bello Mariña era o nome da primeira muller do poeta, natural de Foz, onde casaron (vid. I.2.I.2); conta a xente da zona que cantaba moi mal e Noriega tenlle feito burla por iso.

3.- non-os M O

En *no nos* prodúcese por fonética sintáctica unha asimilación de nasais similar á que se dá en *no me* (vid. nota a M 2.12).

5.- y-outro MO, MT

5

En boa hora...

En boa hora, virilmente,
 dixo o paria: "É xusto erguérme!";
 i ergueuse, ergueuse valente:
 Xan Peisano xa n'é un verme,
 5 xa está trocado en serpente...

¡Xa hai feudos esborallados!,
 xa maldice ós desahuciados
 que acatara de xinollos,
 xa mostra os puños crispados,
 10 xa abreu Xan Peisano os ollos.

Métrica

2 quintillas, 8 (ababa, aabab).

Edicións anteriores

El Ratón, Villalba, 18.1.1914, nº 41; *La Región*, Orense, 1.6.1920; D, 51; *O Gaiteiro de Lugo*, 1931; MAS, 107; X, 49.

Variantes e comentarios

Este é un dos poemas anticaciquís expurgados polo autor de D(vid. 1.2.1.2).

0.- En ELR e MAS non leva título. En D leva como dedicatoria «Pra Manuel Lustres Rivas» (12).

1.- En *boa* hai que realizar sinérese para que o verso conte como octosílabo.

2.- dix'o ELR, D, GL // erguerse ELR, MAS

3.- y-ergueuse ELR, LR, D, GL, MAS

4.- Xan-Peisano D, GL; Xan peisano MAS; xa o peisano LR // berme ELR, MAS

A denominación *Xan Peisano* tamén a emprega o autor en PNR 12.1 para se referir ao labrego común explotado polo caciquismo. Citando esta estrofa escribe J. A. Durán: "Este levantamento campesino de Xan Paisano, esa rebelión a que se chegou, tal torbellino de palabras, se toma por una franca revolución que mueve estos versos de los poetas" (13). É de uso frecuente en Lamas Carvajal, poeta admirado por Noriega.

6.- X'hay ELR, LR, D, GL, MAS; X'hai X

Para *esborallados* cfr. o verbo *esborallou* en E 25.4; vid. nota a este verso.

8.- acabara GL // xionllos LR, X

Cfr. de *xinollos* con E 44.19 (*pasa a xente arrodillada*); noutras ocasións aparece a forma *xonllos*.

10.- x'abreu LR, D, GL // Xan-Peisan'os D, GL; Xan peisano LR

6

Acción Gallega

Acción Gallega é unha moza
 que cos humildes retoza
 e cos xigantes a toma;
 ¡é a patria rezusitada!,
 5 é meiga lus de alborada,
 é sol fulxente que asoma;
 é vestir as armas diante
 dun cesarismo irritante,
 que se esfunde;
 10 é tratar con vilipendio
 ós déspotas, é un incendio
 ¡de moita ialma!, que cunde;
 é descomunal batalla
 15 que lle presenta á canalla
 o tesón

Métrica

3 sextillas, 8, menos os vv. 9, 15 e 18, que teñen 4 sílabas (aabccb).

Edicións anteriores

D, 17; *Acción Gallega*, Buenos Aires, nº 4, 30.9.1920.
 En AGA leva a indicación de «Inédita».

Variantes e comentarios

0.- En D leva como dedicatoria «Pra Basilio Álvarez» (14).

1.- *Acción Gallega* figura con todas as letras maiúsculas nas dúas edicións; é o nome dun dos máis importantes movementos agrarios e anticaciquís que se produciron no país durante o primeiro tercio do século XX; estivo dirixido por Basilio Álvarez.

2.- c'os D, AGA

3.- c'os D, AGA

José Agostinho cita estes tres versos ao dicir que "o cándido regionalista tamén tem voz alta e enerxía. Chora con infinita doçura, e comtudo, a espaços, o orvalho das lágrimas é dialbado pelos relámpagos de justiça e do heroísmo. Resplandece empolgantemente esa enerxía em alguns versos lapidares" (cfr. III.2).

4.- Cfr. *rezusitada* con E 42.6 (*rezusitaron*); vid. nota ao verso.

5.- *luz* AGA // *d'alborada* D, AGA

Para casos de seseo implosivo (*lus*) vid. nota a M 3.12.

8.- *d'un* D, AGA

9.- *s'esfunde* D, AGA

12.- *y-alma* D, AGA

da ahíta raza, ¡é rebeldía!,
é deixar á oligarquía
sin acción...

16.- d'a ahíta D; d'ahita A G A

A *ahíta raza* fai referencia ao campesiñado farto dos abusos do caciquismo; o autor recorreu nesta ocasión ao inusual castelanismo *ahíta*.

J. A. Durán cita os vv. 4-18 para falar do "tono franca y ardientemente de combate" propio da retórica agraria (15).

7

Prós mozos

Desque a xentil Galicia se encrespara
de afiar a bisarma non se olvida;
vai a batir os montes, na batida
ten que caer o lobo que a agravara.

5 ¡Heróica mocidade!, de honra avara,
¡gánalle, ora, a dianteira á mai querida!:

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CDC DCD).

Edicións anteriores

D, 49; *Galiza*, Mondoñedo e Santiago, nº 2, 1931; *O Gaiteiro de Lugo*, 1934; *Galicia. Revista del Centro Gallego*, Buenos Aires, nº 277, febrero 1936; CPI.

E CPI figura precedido destas palabras: "Tamén atopamos a Noriega Varela colaborando en publicacións de carácter marcadamente republicán, como o periódico «Luz», periódico que veu a luz pouco despois de proclamarse a República e que defendía o programa do Partido Socialista. No número un, atopamos un poema, «Pr'os mozos», que Carballo Calero estima se publicou tamén no periódico anticaciquil «¡Guau, guau!», editado en Foz" (16).

Variantes e comentarios

Este soneto, xunto con PEX 5, 6 e 8, constitúe o grupo dos poemas anticaciquís e combativos expurgados de D, dos que Carballo Calero afirma: "Hai, certamente, un pequeno número de pezas que figuran entre os poemas de loita que serviron á causa das reivindicacións agrarias. Se Basilio Álvarez e Antón Villar Ponte poideron nun intre arrastrar a Noriega a esta cras de literatura, o pulo non durou. O espírito de Noriega mal se aviña con este apostolado. Liberouse do mesmo, non quixo no futuro saber cousa del" (17). Tamén afirma que "Nel achamos algunhas das figuras de dicción que han enfeitar os sonetos da serie dos vinteún. Anáfora: o vocativo «¡Heroica mocidade!» aparez ao fronte do segundo cuarteto e dos dous tercetos. Similicadencia..." (18).

0.- Pr'os mozos D, GL, GB, CPI // ¡Heroica mocidade! G A

1.- s'encrespara D, GA, GL, GB, CPI

2.- d'afiar ... s'olvida D, GA, GL, GB, CPI // bisarme GB

A *bisarma*, arma de caza primitiva empregada contra o lobo, tamén foi usada polos labregos como arma de loita contra os franceses na Guerra da Independencia; cfr. o seu valor neste verso co de *fouce* en E 69.1 e *cruz* en E 69.2; vid. notas correspondentes.

4.- agravura G A

O *lobo* representa neste poema aos caciques e opresores.

5.- mocedad GB // d'honr'avara D, GL, GB, CPI; d'honra avara G A

6.- dianteir'a mai D, GL, GB, CPI; dianteir'a a Mai G A

o que menos lle ofreza, ¡xogue a vida!,
i o que non poida máis, que dia a cara!

10 ¡Heróica mocidade!, retadora,
 ¡o cume asalta da ceñuda serra!,
 que xa acobarda a noite, e chora a aurora...

 ¡Heróica mocidade!, dálle guerra
 á Tiranía, i apresura a hora
 en que trunfante se erga a nosa Terra.

Aínda que o *a* non leve til en ningunha das edicións, *mai querida* debe funcionar como complemento indirecto, e non como suxeito, que é un *ti* referido a *heroica mocidade*; por iso colocamos o til indicando a contracción.

7.- *ll'ofreza* D, GL, GB, CPI; *ll'ofrezca* GA

8.- *y-o* D, GA, GL, GB, CPI // *di'a cara* D, GA, GL, GB, CPI

10.- *d'a* D, GA, GL, GB, CPI

11.- *x'acobard'a* D, GL, GB, CPI; *x'acobarda a* GA // *chor'a aurora* D, GL, GB, CPI

J. A. Durán cita este terceto para afirmar: "y en 1914 la Liga Agraria de Acción Gallega inicia su desplome. La represión cerca a los líderes principales: la rebeldía agraria tiene que comprobarse echando hacia la arena revolucionaria o tomando el camino integrado del redil. Los poetas optan por la primera vía, una vía en la que se interpreta la revolución como venganza" (19). Cfr. estas palabras coas que escribe o propio autor en 1922: "Ellos prefieren la violencia; mas sigo creyendo, de corazón, que los sentimientos brutales son incapaces de engendrar la verdadera poesía lírica" (III.6.1.12).

13.- *Tiranía* GA // *y-apresur'a* D, GA, GL, GB, CPI

14.- *trunfante* GB // *s'erg'a* D, GA, GB, CPI; *s'erga a* GL

Os dous tercetos son citados por Aquilino Iglesia Alvariño como causa directa do desterro do poeta (vid. I.2.1.2): "Los apóstrofes más duros de Noriega se contienen en estos tercetos [...] Cualquiera ve que no pasan de ser lerias. Pero en este momento, en que sobre España se extendía el fantasma de la Semana Trágica, Ferrer y no sé cuantas cosas más, el secretario de Foz demostró que también sabía escribir" (20). Mais estes versos deben ser posteriores á época de que fala este autor.

8

Pra excusar ben traballos...

Íntima

Pra excusar ben traballos,
 dobregarme debín máis *que* os vincallos
 diante dos *que* aborrecen, ¡vil ralea!,
 a quen libre a súa sangre ver desea;

5 pero ¡non!, meus destinos
 parexos corren coa altivez dos pinos,
 i o *que* ben cobicei, ben o deseyo,
 i a semente xa é flor, que amima o ceio...

Métrica

4 parcados, vv. 1 e 5 heptasílabos, os demais hendecasílabos (aA BB cC DD).

Edicións anteriores

D, 53.

Variantes e comentarios

Nestes versos si se poden achar ecos do desterro do poeta a Calvos de Randín, como tamén indica Aquilino Iglesia Alvariño: "La cadena de humillaciones que hubo de sufrir resuenan en estos otros" (21). Ese "Íntima" do título tamén é significativo ao respecto.

2.- qu'os

3.- d'os qu'aborrecen

6.- parexas // co-a // d'os

O feminino *parexas* debe ser, sen dúbida, un erro de impresión.

7.- y-o // ben-o deseyo

8.- y-a // x'é // ceyo

III

-¿I os teus manxares?

-Herbiñas.

-¿O teu cortexo?

10

-As estrelas.

-¡Tálamo non hai!

-Descanso

a caronciño da terra...

IV

Aproximábase un corvo,
cando o boscaxe accedera.

9.- Y-os D, DO

11.- hay D, DO

12.- acaronciño d'a D, DO

14.- cand'o D, DO

Notas

- (1) Cfr. "Prólogo", in Antonio Noriega Varela, *Montañesas. Poesías gallegas*, Luarca, Imprenta de Ramiro P. del Río, 1904, p. 15.
- (2) Cfr. "Antonio Noriega Varela", in *Sete poetas galegos*, Vigo, Ed. Galaxia, 1955, p. 91.
- (3) Cfr. *Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª edición, Vigo, Ed. Galaxia, 1981, p. 523.
- (4) Declaración persoal de Francisco Leal, que preparou a edición e conseguiu ese informe do Rector do Seminario de Lugo.
- (5) Cfr. "Su amor por la gaita", *Mondoñedo. As San Lucas*, Mondoñedo, 18.10.1964.
- (6) Eduardo Lence-Santar, amigo de Noriega, estudioso e cronista oficial de Mondoñedo, tamén tocaba ben a gaita, segundo el mesmo afirma: "Que yo tocaba bien la gaita lo demuestra el hecho de que Noriega Varela se entusiasmaba con mis alboradas, muiñeiras, marchas y otros aires populares, haciéndomelos tocar diversas veces y aplaudiéndolos siempre" (cfr. *op. cit.*).
- (7) Con esta denominación de "Informes litterae" publicou en *Vallibria* unha serie de colaboracións, case todas humorísticas, inmediatamente despois de rematada a guerra civil (vid. PNR 40-45).
- (8) Vid. "Charlando con los hijos del poeta. El verdadero nombre del cantor de la montaña. Una poesía inédita y nuevas improvisaciones", *Chan*, Madrid, nº 9, II quincena junio 1969. O poema parece, efectivamente, tomado dunha recitación improvisada; transcribímoloo literalmente:
- "Tamén de azul vestida
 es unha estrela,
 pero nunca te vin eo tan galana
 como cando te vistes, frol serrana,
 co dengue colorado e ca mantela.
 ¿Pra qué gastas os cartos en purrela?
 ¿Pra que mercas zapatos de badana?
 Si parecen duas cascas de avellana
 nos teus pes os zoquiños de chinela.
 Lávate pra andar fresca en auga clara
 pois eres como os ánxeles fermosa
 e non sei que farelo das a cara..."
- (9) *Espiñarcao* é unha aldeíña da freguesía de Romariz (Abadín), que hai uns cantos anos tiña só catro habitantes; está próxima á capital municipal.
- (10) Vid. *op. cit.*, p. 537.
- (11) Cfr. *A cocina galega*, 1973, p. 159.

(12) Manuel Lustres Rivas, xornalista nacido na penúltima década do XIX e morto en Vigo en 1936, estivo ligado ao agrarismo, sendo colaborador de Basilio Álvarez, e foi director de *El Heraldo Gallego*, polo que sufrirá unha campaña de ataques por parte do caciquismo. Participará no movemento galeguista apoiando as ideas culturalistas de Risco.

(13) Cfr. "La poética rebelde de los agrarios (Sobre la novedad «revolucionaria» de los poetas de Acción Gallega)", in *Crónicas -I. Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*, Madrid, Akal Editor, 1974, p. 258.

(14) Basilio Álvarez foi abade de Beiro, próximo a Trasalba, onde tivo ocasión de tratar a Noriega, aínda que tamén coincidían en tertulias en Ourense. Foi líder de Acción Gallega, e as súas demostradas capacidades de convencimento conseguiron arrastrar momentaneamente ao poeta de Mondoñedo cara á vea poética anticaciquil (vid. I.2.1.3).

(15) Cfr. *op. cit.*, p. 256.

(16) Xa houbo ocasión de comprobar que esta composición non aparece en *¡Guau...Guau!*; a opinión de Carballo, así como o relativo a estes poemas, foi abordada en I.2.1.2.

(17) Cfr. *Historia da literatura...*, *op. cit.*, p. 530.

(18) *Ibid.*, p. 537.

(19) Cfr. *op. cit.*, p. 259.

(20) Cfr. "Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña", *Faro de Vigo*, Número especial conmemorativo del Centenario (1853-1953), 1953, p. 164.

(21) *Ibid.*

36

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Servicio de Bibliotecas



1700744504

1

UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

ANTONIO NORIEGA VARELA
VIDA E OBRA.
EDICIÓN CRÍTICA

XOSE RAMON FREIXEIRO MATEO.
TESE DE DOUTORAMENTO.
1992

II.2.4. *Poemas non recopilados*

1

A M. Curros Enríquez

Pregrina difunta que bota us sonños
 ó rente dos santos, cinguida de gloria,
 aló á media noite, cando o moucho pía,
 pra apañar froliñas ergueuse da cova;
 5 i á luz do Santismo, que bruxuleaba,
 sin facer barullo, no mandil xuntounas
 pecando de acexo, ¡cousiña galana!,
 com'o rapiñeiro, que agrimado rouba.
 "Son da excelsa terra, -murmuxou quediño-,
 10 ¡venia ó gran poeta, que inda me recorda!";
 i antes de que o Eterno se desperguizase...,
 coas froes no seo volveuse prá cova.

Métrica

Romance, 12 (-A-A) con rima en o-a.

Edicións anteriores

JNP, 134.

Leva como datación final «Foz, 28-9-04»; poema composto con motivo da homenaxe que se brindou ao poeta Curros Enríquez na cidade da Coruña no mes de outubro de 1904; foi impreso nese ano en folla solta e recollido, xunto con outros, en JNP.

Variantes e comentarios

Tamén en 1908, con motivo da morte do autor de *Aires da miña terra*, Noriega lle dedicou outro poema: vid. M 12.

2.- d'os

3.- cand'o

4.- pr'apañar // d'a

5.- y-â

6.- n-o

7.- d'acexo

9.- d'a

Tamén usa o verbo *murmuxar* en PEX 1.17 (*murmuxaban os regatos*).

10.- benia // qu'inda

11.- y-antes

12.- c'o-as // n-o // pra

2

Irmao: ¡eu che axudo!, pousa
tamaña cruz ond'a miña,
partirémo-la fariña
i a sal, ¡non teño outra cousa!

- 5 Vai ora en paz, *suca* a chousa,
trolla, que é bon Dios, o rego
i, ó cabo do ruín trafego,
farto de penas e papas,
¡chámame pra ir ver as guapas,
10 que xunta na fía o cego!

Métrica

Décima, 8 (abbaaccddc).

Edicións anteriores

Coruña Moderna, Coruña, nº 44, 31.12.1905.

Leva a indicación final de «Foz».

Variantes e comentarios

A edición deste texto é moi deficiente, pois está chea de erros evidentes, que procuraremos corrixir; sen dúbida son alleos ao autor.

1.- **Hirmao // ch'ayudo**

A forma verbal *ayudo* é un erro de impresión claro; o autor nunca empregaría esta forma castelanizada do verbo, que non aparece en ningún poema.

3.- **partiremo a fariña**

Tamén aquí hai un novo erro; o máis probábel é que este se producise ao querer representar a asimilación do artigo, polo que a trascribimos, aínda que tamén podería ser *partiremos a fariña*; o autor non segue ningún criterio especial para a representación ou non deste fenómeno de fonética sintáctica.

4.- **y-a // ten'outra**

Aquí tería que estar escrito polo autor *teñ'outra*.

5.- **suc'a**6.- **qu'é**

Despois de *sucar*, hai que *trollar* ou 'achanzar' a terra.

7.- **y-ô // d'o**

En *ruín* débese contar unha soa sílaba para que o verso conte como octosílabo.

9.- **¡chámame para ir á ver as guapas!**

Así o verso tería 10 sílabas, rompendo coa regularidade métrica da décima, feito insólito no autor, que é un magnífico versificador con pleno dominio dos metros e estrofas clásicos; non se dan casos similares na súa obra, polo que recompomos o verso, deixando nas oito sílabas, que seguramente lle deu; ademais, emprega habitualmente a preposición *pra*, botando man de *para* cando precisa unha sílaba máis, caso inverso a este.

10.- **n-a**

3

Dios lles día ós que se van
 montes de ouro noutra terra,
 i a min os aires da serra
 e boa anada de pan;
 5 se, en pasando de Gontán,
 non miden mellor o viño,
 desbravar quero un palmiño
 da Galicia, ja probe mai!,
 que en tódolos sitios hai
 10 cen leguas de mal camiño...

Métrica

Décima, 8 (abbaaccddc).

Edicións anteriores

Galicia. Revista quincenal ilustrada, Madrid, nº 16, 15.3.1907; *Mondoñedo*, nº 105, 15.3.1907; *El Eco de Santiago*, Santiago de Compostela, 11.12.1907; ECA, 416.

En G e ECA leva ao final a indicación «Foz».

Variantes e comentarios

Cfr. tematicamente con E 10: *Os brañegos que se van...*

- 1.- ll'es MD, ES // de a os que ES
 - 2.- d'ouro G, MD, ES, ECA // n'outra G, MD, ES; n-outra ECA
 - 3.- y-a G, MD, ES, ECA // d'a G, MD, ES
 - 5.- en pasando G // si MD, ES
- Para *Gontán* vid. nota a M 5.8.
- 7.- tórname sempre o cariño G
 - 8.- de G; d'a MD, ES
 - 9.- qu'en G, MD, ES, ECA // todol-os G, MD, ES // hay G, MD, ES, ECA

A un brañego

¡Deixa rodar o mundo!, ti procura
imitar os teus pais, os teus avós;
Dios éche santo vello, sirve a Dios,
practicando o que manda o señor cura.

A te-lo corpo forte e a alma pura
limita, si eres cordo, as ambicións;
casa o teu corazón cos corazóns,
que proclaman da aldea a fermosura.

Non é xente de honor a que te engaña;
non digas que o que marcha a terra extraña,
vai ben libre de verse en bravo apuro;

¡inda che hai quen de fame aló regaña!
cala, e come o centeo da montaña,

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD CCD).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 81, 19.6.1907; *El Eco de Villalba*, nº 4, 1.4.1908; CPI.
En MD e EV leva a indicación final «Foz».

Variantes e comentarios

Soneto da suposta etapa redencionista do autor en Foz, que desprende conformismo e relixiosidade, de acordo coa liña ideolóxica do autor (vid. I.2.3). Igual que en E 10 e PNR 3, aborda con desconfianza e ironía o tema da emigración.

- 0.- En CPI non leva título.
- 2.- abós MD, EV, CPI
- 3.- sirv'á MD, EV, CPI
- 4.- practicand'o MD, EV, CPI
- 5.- tel'o MD, EV, CPI
- 7.- cas'o MD, EV, CPI // c'os MD, EV, CPI
- 8.- d'aldea MD, EV, CPI
- 9.- d'honor MD, EV; d'honrar CPI // t'engaña MD, EV, CPI
- 10.- march'a MD, EV, CPI
- 11.- grav'apuro MD; brav'apuro EV, CPI
- 12.- ch'hay MD, EV, CPI
- 13.- d'a MD, EV, CPI

i amoléceo no leite, si está duro.

5

Tiña razón o que das zocas dixo
que llas daban ó demo e non as quixo:
o demo anda descalzo de pé e perna,
ou con alparagatas se goberna.

- 5 Máis ¿que zocas lle daban?, ¿das chinelas?,
¿das cubertas, quizá? ¡Donde irán elas!
Chairego, si ás que calzas non se chama,
víñanme ben a min pra tripar lama.

- 10 Hai que vivir na aldea e ver camiños;
¡metinme nun rosal hastra os fuciños!
-Tu te-las zocas novas e aínda campas;
as miñas xa fenderon i están lampas.
-Chairego, ¡pago a parva, si me trocas
polas miñas zoquiñas as túas zocas!
15 -Entérrome na lama hastra as orellas,
¡trócame as zocas novas polas vellas!

Métrica

8 pareados, 11 (AA BB CC ...).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 101, 8.10.1907; *El Eco de Villalba*, nº 7, 1.6.1908.

Variantes e comentarios

- 1.- d'as MD, EV
- 2.- ll'as MD, EV // non-as MD, EV
- 5.- d'as MD, EV
- 6.- d'as MD, EV
- 8.- Hay MD, EV // n'aldea MD, EV // camiñas EV
- 10.- hastr'os MD, EV
- 11.- tel-as MD, EV
- 12.- y-están MD, EV

Para o adxectivo *lampas* aplicado a *zocas* algúns dicionarios recollen o significado de 'que están desferradas polo uso'.

- 14.- pol-as MD, EV
- 15.- hastr'as MD, EV
- 16.- pol-as MD, EV

6

A miña filliña Paz

Frol sinxeliña, frol éntre-las frores
de grato arrecender, prácida esencia:
es tu nos ermos tristes da existencia
a que inda espalla no meu lar olores;

5 cando o fado feroz cos seus rigores
contra min se encarniza, sin cremencia,
unha defensa alcontro: ¡túa inocencia!,
unha sola menciña: ¡os teus amores!

10 Queira Dios, queira Dios, cousa galana,
que cando teña a cabeciña cana,
xeado o corazón, airada a sorte...

Métrica

Soneto, 11 (ABBA ABBA CCD EED).

Edicións anteriores

El Eco de Villalba, nº 25, 1.3.1909; CPI.

En CPI consta que está tirado de *Aurora*, de Vilalba (1), que comezou a súa publicación en 1918.

Variantes e comentarios

0.- En EV, despois do título figura «De D. Antonio Bello, redactor de *Vida Gallega*» (2), polo que o soneto debeu ser composto a instancias deste xornalista, para llo dedicar á súa propia filla, pois o poeta non tivo ningunha con ese nome.

1.- entrel-as EV

O contexto sintáctico non debía propiciar o uso aquí (*éntre-las*) da segunda forma do artigo; talvez sexa debido a contaminación con outras fórmulas, como *tódalas*, *ámbalas*, *entrámbalas*...

3.- d'a EV, CPI

4.- qu'inda EV, CPI // lar dores CPI

A variante *dores* de CPI é un claro erro, pois rompe coa medida do verso e non encaixa no sentido do mesmo.

5.- cand'o EV, CPI // c'os EV, CPI

6.- s'encarniza EV, CPI

7.- defens'alcontro EV, CPI

8.- As similitudencias, que caracterizan a serie dos 21 sonetos de *Do Ermo*, tamén as podemos ver nestoutros correspondentes á primeira época do autor (vv. 7-8).

10.- teñ'a EV, CPI

11.- xead'o EV, CPI // airad'a EV, CPI

¡oh, queira Dios que no me atope solo,
sin a luz dos teus ollos pra consolo,
ó verme *casi* inerte, frente á morte!

12.- m'atope E V

13.- d'os EV, CPI

14.- cas'inerte EV; casimente CPI // frent'á morte EV; frent'a á morte
CPI

7

Rusticidá*(Ós meus veciños)*

Tedes un medo cerval,
 i eu no me enfado nin berro,
 pois, decidan ben ou mal,
 ¿donde hai bois nin pau de ferro
 5 que movan a catedral?

Métrica

Quintilla, 8 (ababa).

Edicións anteriores*Mondoñedo*, nº 172, 26.3.1909.**Variantes e comentarios**

2.- y-eu no m'enfado

4.- hay

8

O busilis

*Pró Carro que máis
desentonadamente canta.*

Un paiaso, que se estrena,
dice que non val a pena
o noso pobo; ¿e por qué?
¡Porque non veu a sirena
do patín de Santomé!...

Quintilla, 8 (aabab).

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 180, 21.3.1909.

Variantes e comentarios

1.- payaso // s'estrena
5.- d'o

9

A Vilanova

Vilanova, a máis fermosa
entre as vilas galicianas,
¡Dios quiera que non te anoxes,
xa que da festa non falta
5 un vate dos irtos montes,
que as vellas tradicións canta!
O violín esqueceume;
pro, si o San Roque me ampara,
sin violín nin zanfoña
10 heite laudar, Lorenzana.
Na porta do teu convento
a miña musa se para;

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en a-a.

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 194, 24.8.1909.

Leva unha nota final que di: «Leída por el autor en una velada celebrada en Villanueva en las fiestas de San Roque de 1907».

Variantes e comentarios

1.- *Vilanova* é unha vila da freguesía de Santa María de Lourenzá (Lourenzá-Lugo); é capital municipal.

2.- *entr'as*

3.- *t'anoxes*

4.- *d'a*

5.- *d'os*

6.- O propio poeta defínese a si mesmo como cantor das tradicións: cfr. I.2.3.

7.- Indicamos a diérese en *violín*, necesaria para que o verso conte como octosílabo.

8.- *m'ampara*

O autor recita esta composición con motivo das festas de San Roque, que se celebran na localidade.

9.- Nova diérese en *violín* para manter a medida uniforme dos versos.

10.- *Lorenzana* é castelanización impropia de *Lourenzá*, municipio da provincia de Lugo que limita con Mondoñedo; Santa María de Lourenzá é a freguesía á que pertence Vilanova.

11.- *d'o*

O magnífico convento ou templo monacal de Vilanova de Lourenzá converteuse no símbolo representativo da vila.

- outras xoias non cobices:
 ¡ti te-lo convento e basta!
- 15 En noites de lúa chea,
 diante tantas filigranas,
 ben lembrarás outros tempos,
 outras piadosas usanzas.
- 20 Non precisaron os probes,
 que este convento roldaban,
 alardes de dinamita,
 pra que a caridá cristiana
 despertase espavorida
 frente ó anarquismo que avanta;
- 25 -previsora o mal conxura
 sin que a forcen amenazas-;
 e dos frades, Vilanova,
 herdache o ser campechana,
 pois donde están os teus fillos,
- 30 sempre hai hora mellorada.
 Vilanova, a máis fermosa
 entre as vilas galicianas,
 cando ó volver das mariñas
 te vexo..., rúbasme a ialma.
- 35 ¡E vaia que anque ma roubes!;
 eu vivo en ariscas plaias,
 sin un palmiño de sombra,
 sin fontañas de auga crara,
 sin ver un pomar frofido,
- 40 nin unha frondosa parra,
 entre mariñaos tan foscas
 que, rudos, sin falar pasan.

13.- xoyas

14.- tel-o

20.- qu'este

24.- frent'o

27.- d'os-frades

28.- herdach'o

29.- dond'están

30.- hay

32.- entr'as

33.- cand'o

O poeta, no ano 1907 en que recita esta composición, está residindo en Foz, en plena Mariña lucense.

34.- a y-alma

35.- vaya // m'a

36.- playas

38.- d'auga

- Ai, ¡quen che ve, Vilanova,
 ó arrededor das túas casas,
 45 moitos prados, sempre verdes,
 moitos rigueiriños de auga,
 e moitas froles, que amencen
 coas follañas orballadas!
 E tes un bosque tan mesto,
 50 que outro mellor n'o atoparan
 os páxaros prós seus niños,
 para retoza-las auras,
 Febo para os seus temores,
 e Cupido pra asechanzas...
 55 Nesta mimosa terriña
 non é milagre que nazan
 eses mozos rexoubeiros
 i esas rapaciñas majas,
 que teñen imán nos ollos,
 60 almíbares, nas palabras,
 os corazóns de manteiga
 i asaz flexible-las almas.
 As nenas de Vilanova,
 por donde queira que pasan,
 65 ó sol lle dicen: detente!,
 i á lúa: ¡non prantes raia!...
 Estos versos que hoxe poño
 ós seus pés, con humildanza,
 son laudes, que ben mereces,
 70 Vilanova, tan sonada,

44.- d'as

46.- d'auga

48.- co-as // orvalladas

51.- pr'os

52.- retozal-as

53.- *Febo*: así chamaron os romanos ao grego *Apolo*, deus das artes e do sol.

54.- pr'asechanzas

Cupido: deus do amor entre os romanos, *Eros* para os gregos.

55.- N'esta

58.- y-esas

Para o castelanismo *majas* vid. nota a M 3.68.

59.- n-os

60.- n-as

62.- y-asaz flexiblel-as almas

Cfr. o uso do adverbio *asaz* en E 29.1 (*Asaz selvosos lugares*); vid. nota correspondente.

Para usos non habituais na escrita da segunda forma do artigo (*flexible-las*) vid. nota a M 5.53.

66.- y-a // raya

- i on pregón que ceibo ós ventos,
 pra que no amucelo caian
 algús cortexos que xibran
 e nin con xorra se engadan...
- 75 Mociños de Vilanova,
 ¡téde-la sorte ond'a casa!
 neniñas, ¡ó ceio pido
 que vos depare compañía!
 Eu volvo pra onde ós meus fillos;
- 80 ¡adiós!, ¡i o San Roque faiga
 que antes de que aprete o inverno
 vos vexa a todas casadas!

71.- y-on

72.- n-o // vayan

A palabra *amucelo* vén rexistrada nalgúns dicionarios por *amocelo*, 'anzó' para pescar.

73.- Os *cortexos* son os acompañantes no acto, os asistentes ao recital poético.

O verbo *xibran* ten como forma máis habitual *xebran*; este verbo pertence ao léxico do mundo rural e serve para indicar a separación do gando despois de pacer en común; aquí fai referencia ao público que se afasta do grupo, que abandona o recital.

74.- s'engadan

A *xorra* é a 'miñoa de mar que se utiliza de cebo para pescar', segundo definición de Eladio Rodríguez. O verbo *engadar* (*se engadan*) ten aquí o significado de atraer a atención, así como a *xorra* o fai cos peixes.

76.- tedel-a

77.- Ceyo

79.- pr'onde

Para *ond'a casa*, v. 76, e *onde ós* vid. nota a M 3.13.

80.- y-o

82.- vex'a

10

O rapaz máis airoso da montaña,
 gala dos fiandós e rei da sega,
 que, si ás veces bailaba ó son da frauta,
 moitas iba cavar, ó sol que queima;
 5 aquel que prestamente viña á vila
 vender lotes, e se iba escontra a xeiva,
 sin pasar faragulla, con dez cartos
 amarrados no fondo dunha media;
 o orfo máis sumiso a unha velliña,
 10 que o recolleu de neno, i está cega,
 ¡miña xoia!, ¡aló vai con outros moitos,
 que non han de volver nunca da guerra!

Arrimado a un couceiro, certa noite
 chegou en busca miña a probe cega

Métrica

Romance heroico, 11 (-A-A) con rima en e-a.

Edicións anteriores

Mondoñedo, nº 200, 5.10.1909; *El Eco de Villalba*, nº 40, 17.10.1909.

Variantes e comentarios

Esta composición garda unha grande relación temática con E 32, da que vén sendo unha versión ampliada.

En MD vai precedido do seguinte texto: "Complacémonos en insertar a la cabeza de una de sus bellas composiciones, el retrato del laureado poeta mindoniense y distinguido colaborador de *Mondoñedo*, D. Antonio Noriega Varela.

Es una pequeña muestra de afecto que tributamos a nuestro amigo, el vate más popular de toda esta comarca".

1.- d'a MD, EV

2.- d'os ... rey d'a MD, EV

3.- bailab'ó son d'a MD, EV

5.- viñ'a vila

6.- s'iba escontr'a MD, EV

Escontra ten o valor de 'cara a'; *xeiva* é 'selva' para Eladio Rodríguez e Franco Grande.

8.- d'unba MD, EV

10.- y-está MD, EV

11.- xoya MD, EV

12.- d'a MD, EV

13.- Arrimad'a MD, EV

14.- miñ'a MD, EV // ce cega EV

- 15 cunha carta no seo, i as bagullas
 nos ollos -que non ven- e nas meixelas.
 "Saberá, lle decía, miña dona,
 que un balazo me eivou ámbalas pernas;
 mais ¡coa esperanza vivo de abrazala!,
 20 e, pra que o San Cristóbo mo conceda,
 axunte pra unha misa, rece moito,
 e lévelle ó Santiño algunha vela."

- Si o día de mañá, bos conveciños,
 chegase o montañés, que foi á guerra,
 25 pedindo á vosa porta unha limosna
 pra non esgareceren il i a cega...
 Sí, ¡dádella por Dios!, ¡que nunca a patria
 lles donou outro lauro ós seus atletas!!

15.- c'un, carta ... y-as MD, EV

En *c'un carta*, aínda que se repite nas dúas edicións, o que demostra a dependencia existente entre elas, ten que haber un erro de impresión, que corriximos.

18.- m'eivou ámbal-as MD, EV

19.- d'abrazal-a MD, EV

20.- m'o MD, EV

22.- llevell'ó MD, EV

Novamente un claro erro de impresión, *llevell'ó*, que se repite e que corriximos.

26.- y-a MD, EV

O verbo *esgarecer* é recollido por Leiras no seu vocabulario e traducido por 'languidecer, desfallecer', e con este significado úsao nun dos seus cantares: *¡Pra vivir esgarecendo, l e morrer nunhas palliñas* (3). Noriega en B, s. v. ESGARECER, recolle esta frase: "¡Esgarecen, anxeliños!" que traduce por '¡Pobrecitos!, se mueren de hambre!'. Tamén usa o infinitivo conxugado en E 19.10: *pra me levaren no carro*.

O pronome *il* aparece tamén en E 58.3, por exemplo: *Nil se reve...*; é máis frecuente o uso de *el*.

27.- nunc'a MD, EV

28.- laur'os MD, EV

11

Ó romper o día

É cousa máis que de risa:
 a penas o día apunta,
 tódalas casas da aldea
 lucen brancas colgaduras.
 5 ¿Que colgaduras son esas?
 ¡Camisas de estopa burda,
 que as vellas sacuden moito,
 pra que se vaian as pulgas!

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en u-a.

Edicións anteriores

Mi Tierra, Orense, nº 3, 1ª quincena agosto 1911.

Debe ser esta unha das poucas composicións que saíron na prensa durante a súa curta etapa en Calvos de Randín.

Variantes e comentarios

- 2.- apenas
- 3.- todal-as // d'aldea
- 6.- d'estopa
- 8.- vayan

12

¡Máis coraxe!

Xan Peisano, boi pousón,
¡máis coraxe e menos calma!,
non seas corpo sin alma,
sen home de corazón.

5 Si en que merecer che dan,
si o infortunio te dobreaga,
é porque fas com'o can,
que aloumiña a quen lle pega.

10 Ten sempre un xardolo a mau
pra abatir a quen che sobra,
e non remedes a cobra,
¡non te arrastres polo chau!

Rebélate, sin rebozo,
que, sólo porque tu ques,

Métrica

2 redondillas, 8 (abba)

2 cuartetos, 8 (abab).

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 49, 1913; *La Voz de Galicia*, Buenos Aires, nº XI, 18.1.1914; *El Ratón*, Villalba, nº 44, 7.3.1914; *Acción Gallega*, Buenos Aires, nº 5, 31.10.1920; *Don Fino*, Mondoñedo, nº 1, 8.1.1921; X, 48; JAD, 254; MAS, 107.

Variantes e comentarios

Novo poema anticaciquil do poeta, reproducido en varias publicacións, a pesar de que o autor nunca o recolleu en ningunha das edicións en libro que deu ao público, como aconteceu con outros do mesmo tipo (vid. I.2.1.2).

0.- En JAD non leva título.

1.- Xan-Peisano AGA, DF; Xan Paisano JAD // boy VG, LV, ELR, AGA, DF

Cfr. *Xan Peisano* en PEX 5.4; vid. nota a ese verso.

3.- sen JAD

4.- A forma *sen* da segunda persoa do imperativo do verbo *ser* é propia do norte de Lugo e do nordeste da Coruña, correspondendo, por tanto, á zona do autor (4).

7.- coma o X; como o JAD

8.- aloumiñ'a AGA, DF

9.- á mao VG, LV, JAD; á man X

A palabra *xardolo* é recollida por Leiras no seu vocabulario, traducíndoa por 'cachiporra'.

10.- pr'abatir VG, LV, ELR, AGA, DF, MAS

12.- t'arrastres pol-o VG, LV, ELR, AGA, DF, MAS // chao VG, LV, JAD; chan X

- 15 che esfolá o xugo o pescozo,
e levas grillós nos pés.

15.- ch'esfolá o xug'o VG, LV, ELR, MAS; ch'esfolá o-xugo o AGA, DF

16.- grillóns AGA, DF, X // n-os AGA, DF

Aínda que DF é a última edición que coñecemos en vida do autor e utiliza o plural *grillóns*, por ser un caso insólito en toda a súa obra e ter expresamente rexeitado o plural en *-ns* (vid. B, portada), restablecemos a forma *grillós* das edicións anteriores; para este tipo de plurais vid. nota a M 3.115.

13

Do tempo dos caciques

Pró da "Casa das hedras".

Naméntra-los teus lacaios
espallan, a voz en grito,
que te-la chave dos raios,

5 eu (que xamais te acatara
e non preciso caretas
para defende-la cara)

confeso, perdonavidas,
que quero verche as entranas
entre os corvos repartidas.

10 Confeso que ten que haber
forza de cabezas rotas
sobre quen te ha de moer.

Que o servo, ¡aque! coitadiño!

Métrica

8 tercerillas, 8 (a-a).

Edicións anteriores

El Ratón, Villalba, nº 46, 5.4.1914; *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 215, 25.7.1925; MAS, 108.

Variantes e comentarios

0.- Pr'o cacique ELR, MAS

En ANT a dedicatoria (Pr'o da «Casa das edras») leva unha nota a pé de páxina, que di: «Que tiña vintecinco chamineas».

1.- Namentral-os teus lacayos ELR, ANT, MAS

2.- divulgan ELR, MAS

3.- tel-a ELR, ANT, MAS // do's ELR, MAS // rayos ELR, ANT, MAS

4.- t'acatara ELR, ANT, MAS

6.- defendel-a ELR, ANT, MAS

8.- verch'as ANT // entrañas ELR, MAS

9.- entr'os ELR, ANT, MAS

10-12.- Estes versos faltan en ELR e MAS.

13.- que o paria ELR, MAS

15 xa che se rubeu ás barbas,
xa che acena co fouciño.

Que predestinado estás
para che peinar o pelo
(o de diante pra detrás...);

20 ¡que te vexo e non te vexo!,
que solo estoupar che queda,
si non colles no pelexo.

Que a aldea, en fin, se fixo ollos,
e que agora pra alzar medas
¡xa adiós parvos!, ¡xa adiós mollos!

14.- *suben* ELR, MAS; *ruben* ANT

Interpretamos que se debeu producir un erro de impresión, aínda que repetido sospeitosamente con dous verbos diferentes (*subir* / *rubir*), mais o verbo debe estar en singular, pois o suxeito é *o servo*; podería sobrar o *-n*; non obstante, pola facilidade con que se soe confundir o *n* co *u* nos textos manuscritos, optamos por *rubeu*.

15.- *ch'acena* ELR, ANT, MAS // *c'o* ELR, MAS

18.- *par'atrás* ELR, MAS

21.- *con colles* ELR

22.- *fix'ollos* ANT

Se fixo ollos figura entre aspas en ELR e MAS.

23.- *pr'alzar* ELR, ANT, MAS

24.- *¡x'adios* ELR, ANT, MAS // *parbos!* ELR, MAS // *x'adios* ELR, ANT, MAS

14

Requisitos

Pra someterse á chusma (que nos perdona
tantas véce-la vida), basta ser mona:

.....
.....

5 mais quen xuntarse queira coa xente honrada,
que as libertades cobra da Desahuciada,
seu testamento ordene i, antes que asome,
¡traiga ben aprendido si o deu Dios home!

Métrica

3 pareados, 12 (AA).

Edicións anteriores

El Ratón, Villalba, nº 50, 7.6.1914; MAS, 108.

Variantes e comentarios

- 2.- vecel a ELR; vecel-a M A S
- 3.- co-a ELR, MAS
- 4.- d'a ELR, MAS
- 5.- y-antes

15

Outros tempos

Sempre que Quevedo vía
unha disputa ou querella,
sin máis indagar decía:

"¿Quen é ela?".

5 Ora temos de asentar
as cousas en novo pé,
e máis certo é preguntar:
"por cuanto é?"

Métrica

2 cuartetas, 8 cos vv. 4 e 8 tetrasílabos (abab).

Edicións anteriores

Azul y blanco, Villalba, s. d. (entre 1914-1915) (5).

Variantes e comentarios

1.- *Francisco de Quevedo y Villegas* (Madrid, 1580-Villanueva de los Infantes, 1645) foi un destacadísimo poeta conceptista do Barroco español, dotado dunha grande agudeza satírica e dun enxeño literario fóra do común. Era, ou é, frecuente non hai moitos anos atribuírle a Quevedo infinidade de frases ou contos humorísticos.

5.- d'asentar

16

Pra García Hermida

Veño, agora mesmo, de Foz
 i, anque improvisar é atroz,
 contesto, Hermida, a túa carta
 osmando dulce de tarta
 5 tras conexo con arroz.

A ocasión a pintan calva,
 i hei de facer ocasión
 pra chegar, coa luz da ialba,
 jen aiunas! a Villalba

Métrica

3 quintillas, 8, con dous modelos de rima (aabba, abaab).

Edicións anteriores

Villalba y su Comarca, Villalba, 31.8.1915; MM, 12; MH, 81.

Tamén está reproducido parcialmente no *Libro de festas de Foz* do ano 1979 (6).

Variantes e comentarios

En MM pódese ler: "Sabemos que algún ano, entre os comensales que o poeta villalbés sentou á súa mesa, estaba Noriega Varela. O 31 de agosto de 1915, *Villalba y su Comarca* publicou estes versos de Noriega Varela aceptando o convite de Antonio García Hermida [...] Supoñemos que este non sería o único ano que, polo San Ramón, Noriega Varela estivera na casa de García Hermida convidado a 'mesa e manteles' porque Noriega Varela, como home que amaba á vida con toda intensidade, cra gustoso do bo comer e do mellor beber".

0.- En MH non leva título.

1.- agora mesmo M H

Foz: Vila da Mariña lucense onde estivo o poeta destinado como mestre durante uns dez anos e tivo que abandonala por culpa dun expediente de que foi obxecto, que o levou a Calvos de Randín. Mais non por iso deixou de volver a ela; ía con frecuencia pasar os veráns á praia da Rapadoira, de onde tiña que regresar para seguir ocupando a praza de mestre na provincia de Ourense (vid. 1.2.1.3).

2.- y-anque VC; e, anque M H

3.- *Antonio García Hermida* é un poeta vilalbés que colaboraba asiduamente na prensa local, mesmo como director dalgunha publicación, con poemas en galego e castelán; mantivo unha relación de grande amizade con Noriega, como podemos ver por este poema ou en PE 13, poema en castelán feito con motivo da morte do poeta de Vilalba, acaecida en 1939.

7.- y-hei VC; e hei M H

8.- co-a luz da y-alba V C

9.- ayunas V C

10 o día de San Ramón.

Escuso decir máis nada...
 Queda ben desafiada
 a romaxe, ¡e naide pense
 que hei de picar de aí pra Ourense
 15 sin dormir a "calloubada"!

Villalba é forma castelanizada de *Vilalba*, capital da Terra Cha, na provincia de Lugo.

10.- As festas do *San Ramón* son as patronais de Vilalba e celébranse o 31 de agosto de cada ano.

14.- d'ahí VC; dahí MM, MH

É preciso que *de aí* conte como unha soa sílaba por medio da sinérese, para que o verso sexa octosílabo.

Ourense era a provincia onde Noriega estaba destinado por volta de 1915, máis concretamente en Trasalba, no concello de Amoeiro, non lonxe da cidade das Burgas. A finais de agosto o poeta tiña que ir pensando en se incorporar ao seu destino para comezar un novo curso escolar.

15.- Lemos en MH a continuación do poema: "Ó falar de *calloubada* Noriega refírese á queimada. Cando servidor era neno, na súa casa natal de Outeiro de Rei, despóis da morte dos porcos, o día dos roxós, a papatoria remataba cunha *calloubada*. De todos xeitos a palabra *calloubada* ten un senso despectivo. Tamén se refire a unha comida mal arranxada. *Calloubeiro* significa algo así como sin xeito, facer algo de calqueira maneira, ó tuntún".

17

Nun fío...

I

Nun fío sutil, sutil
 mil e mil
 doas de orballo, e máis luz
 que a que o sol pode espallar.
 5 Tal collar
 lévollo á Mai de Jesús.

II

¡Logréi nada!
 ¡San Silvestre e bruxas fóra!
 esta angueira quer dedos de fada,
 10 nosa Señora.

Métrica

1 copla de pé quebrado, 8 (1º, 3º, 4º e 6º) e 4 (2º e 5º) con rima aabccb.

1 cuarteta metricamente irregular (vv. 7-10, de 4, 8, 10 e 5 sílabas respectivamente) con rima abab (7).

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 35, 1.5.1920.

Variantes e comentarios

- 0.- N-un
- 1.- N-un
- 3.- d'orballo
- 4.- qu'o sol pod'espallar
- 9.- est'angueira

18

Velliño mirrado

Aquel velliño mirrado
chegara espallando queixas...

5 E coa máis loura espiguiña
casou un bico unha nena,
e dempoixas, de rodillas,
ofrecéulla...

10 Ora soña que anxeliños
rebultan ó redor dela,
presentándolle grinaldas
e collariños de estrelas.

Métrica

Romance, 8, menos o 6º que ten 4, (-a-a) con rima en e-a.

Edicións anteriores

Acción Social, Mondoñedo, nº 60, 15.5.1921; *Vida Gallega*, Vigo, nº 172, 1.6.1921; *O Gaitero de Lugo*, Lugo, 1931; *Céltiga*, Buenos Aires, nº 160, 25.8.1931; *Vallibria*, Mondoñedo, nº 444, 20.8.1938; *El Progreso*, Lugo, 18.11.1941; CRF.

Variantes e comentarios

Esta composición debe verse en relación con E 82, coa que ten moita similitude; inclusive coinciden na última estrofa.

O autor cita os versos deste poema comparándoos con outros de Francis Jammes:

«Un mozo, dice, que ha pasado muchas penas
cruza la plaza de la verde aldea», etc.

para afirmar: "Conviene Jammes conmigo en exaltar su amor por los infelices" (cfr. III.6.1.44).

0.- **Aquel velliño mirrado...** AS, VG, GL, CE

3.- **e c'unhas faragullíñas** AS, VG, GL, CE // **co-a** VA, EP, CRF

5.- Cfr. *dempoixas* en M 3.131; vid. nota ao verso.

En E 82.7, en vez do castelanismo *de rodillas* usa a forma galega *de xoellos*; en III.6.1.44 pon *axoellada*.

6.- **ofreceullas** AS, VG, GL, CE

Esta variante é acorde coa producida no v. 3.

7.- **Y-ora** AS, VG, CE

8.- **d'ela** AS, VG, GL, CE, VA, EP, CRF

10.- **d'estrelas** AS, VG, GL, CE, EP

Cfr. vv.7-10 con E 82, vv. 9-12.

De adventu gratulatio

Entre o xentío,
 que a recibirte
 devotamente,
 Pastor, chegara,
 5 unha humildosa
 mandadeiriña,
 dos escalvados
 montes, non falta.
 ¡Benvido seas!,
 10 ousa decirche,
 facendo as veces
 de inxenuas almas,
 -frolañas do ermo,
 que se recatan-
 15 ¡Benvido, en nome
 daquelas almas!,
 e dos cruceiros,
 que a neve enfeita,

Métrica

Composición formada por pentasílabos con rima asoante en a-a os vv. 4-8-12...

Edicións anteriores

La Región, Orense, 2.1.1922, N^o extraordinario. "Como acto de adhesión y acatamiento incondicional a la autoridad de la Iglesia dedicamos este número al preclaro Obispo de Orense e hijo ilustre de la región gallega Ilmo. Sr. Dr. D. Florencio Cerviño y González en la fecha memorable de la entrada en la capital de su diócesis el 2 de Enero del año de gracia de MCMXXII".

O poema leva como indicación final «Trasalba».

Variantes e comentarios

1.- Entr'o

7.- d'os

Cfr. E 58.1: *Escalvada montaña*; vid. nota ao verso.

9.- Ben vido

12.- d'inxénuas

13.- d'o

15.- Ben vido

16.- d'aquelas

17.- d'os

20 das ermidiñas,
 que a lúa afaga,
 e dunhas rosas,
 que ós pés da Virxen
 esmoreceran
 envergoñadas.

19.- d'as
21.- d'unhas
22.- d'a

Lex suprema

De Fernando López Martín

5 Dolcísimas preces,
 máis que doces, sacras,
 líricos acentos,
 cautivantes falas
 do humilde irmauciño
 do lobo e da iagua,
 San Francisco de Asís cun caxato,
 seu saial cinzento, i as súas sandalias,
 10 polos aspros camiños do monte
 pelingrino andaba,
 a todos unxindo
 coas mauciñas brancas,
 feitas de folerpas

Métrica

Romancillo, 6, excepto: vv. 7, 8, 9 e 17 (decasílabos) e vv. 18, 34 e 36 (dodecasílabos) con rima en a-a.

Edicións anteriores

Vida Gallega, Vigo, nº 319, 10.12.1926 e nº 330, 30.1.1927; *Céltiga*, Buenos Aires, nº 132, 25.6.1930; *El Ideal Gallego*, Coruña, 25.7.1930; *Heraldo Orensano*, Orense, nº 73, 1.9.1930; *Hoy*, Mondoñedo, nº 3, 29.1.1933.

Variantes e comentarios

Esta composición é unha tradución dun poema en castelán de Fernando López Martín, poeta practicamente descoñecido. Seguramente Noriega, afeccionado á lectura de prensa de carácter relixioso, coñeceu este texto no *Eco franciscano* de Santiago de Compostela, que o publica o 1 de xuño de 1926, uns meses antes de que aparecese a tradución en VG26. Pola súa extensión reproducimos o texto orixinal en castelán en nota (8).

0.- En VG26 e VG27 figura o nome do autor do texto en castelán, nas demais edicións non.

5.- d'o humilde hirmauciño VG26, CE, EIG, HO, H

6.- d'o lobo e d'a y-auga VG26, VG27, CE, EIG, HO, H

7.- d'Asís c'un VG26, VG27, CE, EIG, HO, H

Para *San Francisco de Asís* vid. nota a E 5.3.

8.- sayal VG26, VG27, CE, EIG, HO, H // y-as VG26, EIG, HO; y as VG27, CE, H

9.- po-los VG26, VG27; pol-os CE, EIG, GO, H // d'o VG26, VG27, CE, EIG, HO, H

12.- co'as VG26; co-as VG27, CE, EIG, HO, H

- e con lus da ialba.
 15 Irmauciño lobo...
 irmauciña iauga...
 i ó chamarlles irmaus, ¡miña xoia!,
 ben ó carniceiro, ben á linfa crara,
 súa voz era meiga,
 20 i azosiña, ¡santa!,
 o mesmo que aquelas
 mauciñas tan brancas,
 feitas de azucenas
 e con lus da ialba.
 25 ¡Xusticia sublime!,
 lei suprema e sabia
 que non distinguía
 cando sentenciaba,
 si o reu era un lobo,
 30 ou auguiña crara...
-
- Saial de remendos,
 torto caxatiño,
 rústicas sandalias,
 misericordiosas mauciñas de neve,
 35 e de lus da ialba,
 ¡Dios queira que axiña tornedes ó mundo!
 Facédesnos falta.

-
- 14.- d'a y-alba VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 15.- Hirmauciño VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 16.- Hirmauciña y-auga VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 17.- y-ó VG26, VG27, CE, EIG, HO, H // hirmaus VG26, VG27, CE, EIG, HO, H // xoya VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 18.- limpha VG26
 20.- y-azosiña VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 23.- d'asusenas VG26; d'azucenas VG27, CE, EIG, HO, H
 24.- d'a y-alba VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 26.- ley VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 29.- se VG26.
 30.- ou era auga crara... VG26.
 31.- Sayal VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 32-33.- En VG26 estes dous versos están agrupados nun só.
 35.- d'a y-alba VG26, VG27, CE, EIG, HO, H
 37.- qu'axiña VG26, HO

21

A miña musa serrana...

- Á miña musa serrana
 (unha aldeaniña xota)
 quíxena tragner comigo
 pra que, oída a misa nova,
 5 festexase ó celebrante,
 cal nas montañas se adoita,
 entrenzando muiñeiras
 ou repinicando copras.
- "Saca do fondo da hucha,
 10 lle dixen, a mellor roupa,
 procura zocas chinelas,
 a pandeireta descolga,
 e vamos! En Mondoñedo,
 visto que eres carpazona,
 15 xa che brindarán pantrigo,
 ¡xa te fartarán de roscas!
 xa, si nunca dela oíche,

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en o-a.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 18, 29.6.1930.

Leva a seguinte datación final: «Mondoñedo, 25 de San Joan, 1930».

Variantes e comentarios

O texto leva a seguinte nota introdutoria: "Con sumo gusto publicamos hoy los siguientes versos que el 'Poeta de la Montaña' y Aquilino Iglesia Alvariño han dedicado y leído con motivo de la celebración de la primera misa del presbítero de esta ciudad D. Carlos Polo López. En dichos versos, mejor acaso que en ningún otro, podrán nuestros lectores apreciar la manera peculiar de los dos poetas, y las características que les separan y les unen".

2.- Para o adxectivo *xota* vid. nota a M 23.30.

6.- *s'adoita*

9.- *d'o fondo d'a ucha*

13.- Cfr. *Mondoñedo* en M 3.58 e E 23.5.

14.- *qu'eres*

15.- *pan trigo*

17.- *d'ela*

- recenderás a colonia..."
- De balde, respondeu ela,
 20 furga o demo; ¡eu son devota!
 levo veliñas ós santos,
 pásolle ó rosario as contas,
 e rezo as Ave Mariás
 cando apardece nas lombas...
- 25 Fun ó San Cosme descalza,
 fun ás Angustias chorosa,
 i a ermidiña da Peneda
 non se me cai da memoria.
- ¡Ó San Andrés de Teixido
 30 mandárasme ir! Leda eu fora,
 porque, si non vou de viva,
 sabido é que irei de morta...
 Pero, ¡pola túa almiña,
 prá ciudá no me antepoñas!,
 35 Alí aniñaron os graxos
 que das brañegas se mofan,
 sin reparar que pretiño
 deles nunca faltan monas,
 tan pintadas, que parecen
 40 o cancelo dunha chousa
 con chapapote de fresco...
 ¡¡Prá ciudá no me antepoñas!!
 Atarrézoche de frío
 pensando na saia corta
 45 e nas medias, que son medias

19.- Debalde

22.- pásoll'ó

25.- Cfr. o *San Cosme* en E 19.6.

27.- y-a

Cfr. en V as cantigas dirixidas á Virxe da *Peneda*.

29.- O *San Andrés de Teixido* é un famoso santuario situado no norte da provincia da Coruña, entre os cantís do monte da Capelada, no concello de Cedeira, onde se celebra unha das romarías máis importantes e coñecidas.

33.- po-la

34.- pr'á // m'antepoñas

35.- Os *graxos* son os rapaces que fan trasnadas, vagabundos e desvergoñados, 'rillotes'; Eladio Rodríguez fala dos *graxos da Burga* como característicos da cidade de Ourense.

36.- d'as

40.- d'unha

42.- Pr'a // m'antepoñas

44.- saya

preferidas polas mocas...

- A miña musa serrana,
 (aldeaniña teimosa)
 aló se quedou na Graña
 50 fiando nas mazarocas.
 Val Dios, que aquí está presente,
 pra lles dar a noraboa
 ó celebrante, a seus pais,
 i a cantos honrándoos *se honran*,
 55 Iglesia Alvariño, un mozo
 brañego de moita sona,
 que cando canta en gallego
 oílo cantar ¡dá gloria!
 Cala, pois, o corvo o pico
 60 pra que os ruseñores *se oian*;
 pero antes, despois e sempre,
 ¡Terra a nosa!!

46.- pó-las

49.- *A Graña de Vilarente*, onde nese momento o poeta estaba de mestre; vid. nota a E 2.8 e 55.20.

52.- dar'a

54.- Y-â // s'honran

55.- *Aquilino Iglesia Alvariño* era un poeta novo que trataba con Noriega na Graña de Vilarente, de onde era natural, durante o período de vacacións no Seminario de Mondoñedo, onde tamén estudiou; foron grandes amigos, a pesar da diferenza de idade. Neste ano 1930 xa publicou o seu libro primeiro libro de versos(9).

60.- s'oyan

O Neniño brincando. Romance Bretón

(Traducción do portugués)

I

¡Meu santiño idolatrado!,
 zarra os teus ollos meiguiños
 nun soniño descansado,
 que a non sermos Tu e mais eu,
 5 toda a xente do poboado
 (desde os vellos ós neniños),
 vai á mau que adormeceu.
 E o Neniño Xesús non se dormía...

II

10 Durme, durme, durme agora
 (cantaba a Virxen María),
 que, ó riscar no ceio a aurora,
 senteime xunt'ó tear...
 Ben na casiña, ben fóra,

Métrica

7, octavillas, 8 co último verso de cada estrofa de 11 (abacabcd); a rima do último verso varía.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 11, 11.5.1930; *Heraldo Orensano*, Orense, nº 75, 15.9.1930.

Variantes e comentarios

- Nova tradución para o galego dun texto en portugués, o mesmo que en E 34 e 51.
- 2.- Cfr. o verbo *zarra* con E 102.6: *Ben abertos, ben zarrados...*
 - 3.- n'un VA, HO
 - 5.- tod'a xente d'o VA, HO
 - 6.- desd'os VA, HO
 - 7.- Leiras Pulpeiro recolle a expresión *vai á mau*, traducíndoa por 'transcurrió mucho tiempo' (10).
 - 8.- Neniño-Xesús VA, HO
 - 9.- durm'agora VA, HO
 - 10.- cantab'a VA, HO
 - 11.- ceio

- 15 hastra que xa apardecía,
non deixei de traballar!
E o Neniño Xesús non se dormía...

III

- 20 Tornaba Nosa Señora,
cunha voz máis consumida:
durme, meu sol, durme agora...
¿Esmorezo? ¡Non lle fai!,
Porque, mesmo adormecida,
vela sempre, ¡a toda hora!,
no meu peito, o amor de Mai.
E o Neniño Xesús non se dormía...

IV

- 25 Cunha voz máis fatigada
tornaba a Virxen Fermosa:
durme, pombiña nevada,
durme, durme, durme ben...
30 ¿Tu ves? Casi está apagada
no vasiño a mariposa
do pouco aceite que ten!...
E o Neniño Xesús non se dormía...

V

- 35 Rogaba Nosa Señora:
modera a túa alegría...
non déite-la roupa fóra
do teu berce pequeniño...
¡Non rías máis! Durme agora
i argallarás todo o día...
Durme, meu corazonciño.

-
- 16.- Y-o VA // Neniño-Xesús VA, HO
18.- c'unha VA, HO
24.- Neniño-Xesús VA, HO
25.- C'unha VA, HO
31.- d'o VA
32.- Y-o VA // Neniño-Xesús VA, HO
35.- déitel-a HO
36.- d'o VA
37.- Durm'agora VA, HO
38.- y-argallarás tod'o VA, HO

40 E o Neniño Xesús non se dormía.

VI

Máis triste, máis abatida,
 pideu a Virxen María:
 ¡dóete da miña vida!
 si aínda a quero, n'é pra min...
 45 ¡Vida amarga e delorida!
 ¡Sólo por Ti a viviría
 lonxe de donde nacín!.
 E o Neniño Xesús non se dormía...

VII

A voz da Virxen volveu:
 50 ¡repara no meu ollar!,
 ve como el entristeceu...
 dúrmete, meu ai-ai-ai,
 cousa linda..., ceio meu...
 ¡Olla que rompo a chorar!,
 55 ¡Olla que chora túa Mai!!
 Noso Señor, entón, adormeceu...

40.- Neniño-Xesús VA, HO

43.- d'a VA

48.- Neniño-Xesús VA, HO

52.- ay, ay, ay VA, HO

53.- ceio VA, HO

Presente humilde

*Para la espiritualísima señorita
Jesusa Ferreiro Rodríguez.*

Pra Jesusa, a máis fermosa
nympha que o meu nume adora,
¡esta lágrima da aurora
fulgurando nunha rosa!

5 ¡Presente humilde!, pro vaia
caer ós seus pés en nome
dun reiciño que nin come
por cabriolar na praia.

10 Mimo de parte daquel
que, si a señorita o ampara,

Métrica

10 redondillas, 8 (abba).
3 cuartetos, 8 (abab).

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 37, 9.11.1930.

Variantes e comentarios

Trapero Pardo fala esta como unha "composición adicada a unha rapaza -rapaza cando a composición foi feita-, que na vila de Foz acolleu e agarimou a un meniño, que tiña moitos irmáns, mais non tiña no fogar paterno o que debiera ter, porque os pais eran muy probes (11).

0.- *Jesusa Ferreiro Rodríguez* era unha moza de familia burguesa, moi fermosa, que facía obras de caridade entre a xente necesitada; segundo nos contaron, un irmán dela foi gobernador civil de Lugo durante o franquismo.

2.- Para *nympha* vid. nota a E 38.6.

3.- **d'aurora**

A metáfora *lágrima da aurora* é moi propia dos sonetos de *Do Ermo*; vid. nota a E 31.4.

4.- **n'unha**

5.- **vaya**

7.- **d'un reyciño**

8.- **praya**

Colocamos diérese en *cabriolar* para que o verso conte como octosílabo.

9.- **d'aquel**

presínase, lava a cara,
e repasa o "Todo fiel".

¿Que quen será?

O máis precoz
entre as lindas criaturas,
15 que, pra facer travesuras,
florece, ó sol, en Foz...

¿l é solo?

Ai, ¡si el fora solo!,
¡ten de irmaus unha fortuna!;
20 sorrille á mai un no colo
e chóralle outro na cuna...

¡Vállame a Virxen! Seu pai
é un home de pelo en peito,
(¡esclavo!), mais non dá feito,
aínda que a sardiña cai.

25 E andan todos... de maneira
que ¡dan dolor e dan risa!,
porcos, rotos, sin camisa,
e coa barriga baleira.

¿Todos dixen? ¡Me esquencía!;
30 nun reparou, en boa hora,
divina avasalladora
da estrela que anuncia o día.

¡Ai, Manueliño, Manuel!,
¡tu non!; sabe a ruda musa
35 que a señorita Jesusa
é pra ti Santa Isabel...

Vírrante pisando abrollos,

12.- O "Todo fiel" é unha oración que facían aprender de memoria aos rapaces e que se rezaba en moitos fogares e nos actos relixiosos.

14.- entr'as

16.- Para Foz vid. nota a PNR 16.1.

17.- Y-é

18.- d'irmaus

28.- co-a barriga baleira

30.- n-un

32.- d'a

compasivos i asombrados,
aqueles seus negros ollos,
40 irmaus dos grandes pecados...

Desde entonces, no seu seio,
vas tan agasalladiño,
que, anque che ofrezan o ceio,
non queres deixar o niño.

.....

45 ¡Pra Jesusa, a máis fermosa
nympha, que o meu nume adora,
esta lágrima da aurora,
fulgurando nunha rosa!

Mimo de parte daquël
50 que, si a señorita o ampara,
presínase, lava a cara,
e repasa o "Todo fiel"...

38.- y-asombrados

40.- hirmaus d'os

A propósito desta estrofa di Trapero Pardo que "nas composicións non pensadas de Noriega hay sempre un quid divinum, un algo que amosa sempre que están feitas por quen tiña a sensibilidade a punto, pois ha de haber sempre n-esas composicións algunha frase, algunha idea de feizón elevada e de delicado senso"; citando esta estrofa, defínea como "un madrigal garimoso â caritativa e fermosa rapaza, un madrigal que ten a sinxeleza do elemental na forma e ten toda a profundidade d-unha esgrevia idea no fondo"; e termina de falar desta estrofa con estas palabras: "Por esto xuzgamos que non sería laboura perdida e vana o tratar de recoller os versos que Noriega fixo en ocasións determinadas, porque inda que muitos non poidan ser tidos como unha obra de arte, hay en todos algunha pérola que non debe perderse, porque compreta no poético a persoalidade de Noriega" (12).

41.- seyo

43.- ch'ofrezan o ceio

47.- d'aurora

48.- n'unha

49.- d'aquel

Prós da Paula

Naide mellor que vosoutros
 sabe, queridos paisanos,
 que a penas si eu son un pobre,
 insignificante bardo,
 5 rudo para as "etiquetas",
 sin méritos pra agasallos.

Conste que baixei á vila
 pola gratitú forzado;
 e para ben persuadirvos
 10 de que nin pra xuglar vallo,

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en a-o.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 35, 26.10.1930; *Céltiga*, Buenos Aires, nº 142, 25.11.1930; TP, 23-25.

En VA e CE leva como anotación final: «20 d'As San Lucas, 1930»; en VA ten o seguinte encabezamento: "Noriega Varela agradece en bellos versos el homenaje de su pueblo"; o poema figura acompañado dunha grande fotografía do autor.

Variante e comentarios

Desta interesante composición, que é unha auténtica autobiografía poética, di Trapero Pardo: "Mais a homenaxe máis sonada foi a que no ano 1930 se lle rendiu a Leira's Pulpeiro, Pascual Veiga e Noriega Varela. Foi unha homenaxe conxunta, mais n-ela xuntouse todo o pobo. Viñeron oradores de fora, chegaron agrupacións artísticas e déuselle ô auto toda a solemnidade debida.

Entón foi cando Noriega, dendes d-un tabrado que se erguera na Praza de Mondoñedo, lêu un romance en que facía unha biografía sua, na que había muito de malinconía pol-os anos idos, pero na cal había tamén, máis acusada que en ningunha outra das suas composicións, a influencia dos crásicos latinos e, sober todo, un paralelismo grande entre as palabras que o Poeta da Montaña usaba e as que empregaran os poetas da latinidade, e d-un modo principal Publio Ovidio Nasón [...].

Non gustaba o poeta de falar dos tempos mozos, porque tiña reparo de que as xentes achasen n-eles motivo de amilagrarse pol-as suas trouleadas; por eso esta biografía, pequena e adolorida, tén agora máis valor, xa que foi feita pol-o mesmo Noriega, pra corresponder así "Ôs da Paula", é decir, ôs de Mondoñedo, pois así son chamados os de dita cidade, porque na Catedral hay unha campá grande así chamada tamén" (13).

1.- millor TP

3.- apenas VA, CE, TP

6.- pr'agasallos VA, CE, TP

8.- pó-la VA, CE, TP

procurarei (coa licencia
dos máis vellos), decir algo.

15 A Gaia Ciencia dos vates
que en Mondoñedo privaron,
por disposición do Olimpo,
Leiras e mais eu a herdamos.

20 Particiós feitas, distintos
rumbos seguimos entrambos.
El gustaba da Mariña:
o seu numen soberano
vía "as cabezas erguidas
dos nove pinos do Castro",
i encaraba, destemido,
os vagallós do mar bravo.

25 Á miña musa prestoulle
unha fadiña o refaixo,
i anduvo polos carreiros

11.- co a VA, CE; co-a TP

12.- d'os VA, CE, TP

13.- Gaya VA, CE, TP // d'os VA, CE, TP

A *Gaia Ciencia* é a ciencia poética, a arte da poesía.

14.- *Mondoñedo*, cidade natal de Noriega, éo tamén dun grupo importantes de poetas que naceron aquí ao longo dos últimos séculos.

15.- d'o *Olympo* VA, CE, TP

Olimpo: macizo montañoso de Grecia, onde moraban os deuses gregos.

16.- *Manuel Leiras Pulpeiro* (1854-1912), outro dos poetas nacido en Mondoñedo, era homenaxeado neste mesmo acto, xunto con Noriega e Pascual Veiga; para a relación entre os dous poetas vid. I.2.1.1.

17.- *Particiós feitas* é un calco do ablativo absoluto latino, lingua da que gustaba especialmente o autor; alude a que os dous poetas amigos se repartiron o escenario poético: a Mariña para Leiras e a Montaña para Noriega.

18.- *entr'ambos* VA, CE

19.- *d'a* VA, CE, TP

22.- *d'os ... d'o* VA, CE, TP

O poema "O Pousadoiro", de Leiras Pulpeiro, dedicado á Mariña, termina con estes versos: *e por eso de ningures / vexo as cabezas erguidas / dos nove pinos do Castro, / que descuberto non diga / con cantos folgos eu teño: / ¡Viva a Mariña!!!* (14). Trapero Pardo explica estes versos: "Alusión ó castro que hai nun ribazo xunto de Foz -hoxe ergueuse nel o depósito de augas e antes xa puxeron alí o cemiterio-. Na *croa* do castro había fai anos unhos piñeiros vellos, que a traveso dos anos quedaron en nove. Pola altura en que estaban, desde a que se descobre toda a longura da mar no golfo da Masma, os piñeiros servían de orientación ós mariñeiros que pescaban nas augas do golfo" (15).

23.- *y-encaraba* VA, CE, TP

24.- *d'o* VA, CE, TP

27.- *y-anduvo p6-los* VA, CE; *y-anduvo pol-os* TP

dos montes coloreando...

- 30 Mentras foi pícara nova
 pra ela non houbo descanso:
 as airas das Coruxeiras,
 de Cesuras os ribazos,
 e de Romariz os felgos
 i o Santo Cristo do adro,
 35 poideran serme testigos
 de canto a tentou o díaño...

- 40 Moza vedraia, cousiñas
 humildes a embelesaron:
 unha lágrima da aurora
 antóxaselle un palacio,
 i amárgalle non ser reina
 para poder habitálo...

- 45 De presente, a miña xoia
 ten moitos cabelos brancos...
 Antes que as contas de alxófar,
 importánlle as do resario,
 e da Virxen dos Remedios,
 que os da Paula idolatramos,

28.- d'os VA, CE, TP

30.- pr'ela VA, CE, TP

31.- d'as VA, CE, TP

Para o topónimo *Coruxeiras* vid. nota a M 3.137.

32.- Para *Cesuras* vid. nota a M 3.2.

33.- Para *Romariz* vid. nota a M 23.6.

34.- y'o ... d'o VA, CE, TP

En CE os vv. 33-34 están alterados de orde; damos por válida a colocación de VA e TP, pois é a que se atén á rima do poema; ademais, tamén é máis lóxica.

37.- vedráya VA, CE, TP

Tamén en *moza vedraia* achamos restos da construción de ablativo absoluto latino.

39.- d'aurora VA, CE, TP

41.- y-amárgalle non ser reyna VA, CE, TP

43.- xoya VA, CE, TP

45.- d'alxófar VA, CE, TP

Para *alxófar* vid. nota a E 77.2.

46.- d'o VA, CE, TP

47.- d'a VA, CE, TP; d'os VA, CE

Para a devoción do poeta pola *Virxe dos Remedios*, patroa de Mondoñedo, vid. E 23.

48.- d'a VA, CE, TP

Os da Paula son os de Mondoñedo (vid. *supra*); en BR tamén o autor traduce a expresión por "Los hijos de Mondoñedo"; hai un cantar de arrieiro sobre as campás

50 se aprouxima, coas maus dreitas,
ou cos peñños descalzos,
triste, presentindo as noites
de inverno no campo santo...
Leiras e Veiga lle acenan,
55 e, raposiñando, os anos,
inda que terca resmunga,
fanna camiñar pra baixo...

Máis desque Dios a recolla,
i en pena dos seus pecados
nin fiíño de la quede
60 da fimbria do seu refaixo,
¿esquencerá Mondoñedo
os píncaros do Parnaso?
¿Non xerarán máis que ortigas,
sólo rendirán samargos
65 ermos, que pra alcanzar rosas
de cen follas, desbravamos?
¿I ha desaparecer conmigo,
vai a expirar nos meus labios
o gallego, esta faliña,
70 "Cristo das linguas", que exalto?

da Catedral de Mondoñedo: *Pola mañán oio a Paula, / pola noite oio a Martiña, / amanezo xunto Masma / e anoitezo en Fonte Miña* (16).

49.- co-as VA, CE, TP

50.- c'os VA, CE, TP

52.- d'inverno VA, CE, TP

53.- *Pascual Veiga Iglesias* (1842-1906), o terceiro dos homenaxcados no acto en que se leu este poema, foi director de orfeóns, compositor e organista; é un dos músicos galegos máis destacados do século XIX.

58.- y-en ... d'os VA, CE, TP

60.- d'a ... d'o VA, CE, TP

62.- d'o VA, CE, TP

Parnaso: monte da Grecia central, que na antigüidade mitolóxica estaba consagrado a Apolo e as musas.

64.- A palabra *samargos* ten como forma máis xeral *saramagos*.

65.- pr'alcanzar VA, CE, TP

66.- *Rosas de cen follas* figura en cursiva nas tres edicións; no ano 1927 Ramón Cabanillas publicara un libro de poesía con ese título.

67.- Y-ha VA, CE, TP

70.- d'as VA, CE, TP // qu'exalto VA, CE

A expresión *Cristo das linguas* áchase no poema "Introdución" de Curros, co que se observa certa relación nestes versos de Noriega sobre a lingua; escribe o poeta de Celanova: *Ti non podes morrer... ¡Eso quixeran / os desleigados que te escarneceron! / Mais ti non morrerás, Cristo d'as linguas, / non, ti non morrerás, ouh, Nazareno!* (17)

- ¡Mil veces non! Tentadores
 ollos, que eclipsaran astros,
 pedindo están novas liras,
 farán nacer novos cantos...
 75 I a Fala, ¡a floríña humilde
 dos ermos!, o Idioma patrio
 en que as fonteliñas rezan
 e garulan os paxaros,
 aínda máis que á rosa de ouro
 80 ¡que bendice o Padre Santo!
 ¡máis aínda, Pai do ceio,
 o veneran meus paisanos!,
 i ha ser sempre, cal noutrora
 foi o numen do Rei Sabio,
 85 prós desterrados, ¡suspiro!,
 e prós opresores, raio.

72.- qu'eclipsáran VA, CE, TP

73.- liras VA, CE, TP

75.- Y-a VA, CE, TP

76.- d'os VA, CE, TP

77-78.- Tamén estes versos lembran o poema de Curros antes citado: *Idioma en que garulan os paxáros, / en que falan os ánxeles ós nenos, / en qu'as fontes solouzan e marmullan...* (18).

79.- d'ouro VA, CE, TP

81.- d'o céyo VA, CE, TP

83.- y-ha VA, CE, TP // n'outrora VA, CE, TP

84.- d'o Rey VA, CE, TP

Afonso X o Sabio (1221-1284), ademais de rexer grande parte dos reinos peninsulares, foi escritor e home de letras, ás que deu pulo e dirección; destacado poeta, compuxo todos os seus poemas en lingua galego-portuguesa.

85.- pr'os VA, CE, TP

86.- pr'os VA, CE, TP // rayo VA, CE, TP

Sobre estes versos finais escribe Trapero Pardo: "O final do romance foi amañado máis tarde por Noriega, cando se atopaba xa no leito na última doenza que o había de levar á morte.

Por escrúpulos e por ter medo que aquilo do rayo pr-ós opresores puidera ser tomado a mala parte, Noriega 'limou' aquel final, deixándoo suaviño e 'amábel', pero tirándolle aquel vigor con que o romance remataba" (19). Mais non coñecemos ese novo final nin sabemos se foi publicado, pois non foi incluído o poema entre os que compoñen o seu libro definitivo.

25

Intima echedula

— Onte a noite, a musa miña,
de dar suspiriños farta,
sacou do seio unha carta
franqueada na mariña.

5 I á luz froxa dun candil,
puiden ver, ¡leda sorpresa!,
que a carta prá montañesa
é de Salgado Toimil

Métrica

11 redondillas, 8 (abba).
1 cuarteta, 8 (abab).

Edicións anteriores

BV; AF, 53.

As dúas versións presentan grandes deficiencias, con claros erros de transcripción. En BV faltan os vv. 17-28 a respecto de AF; ningunha delas é edición fiábel, polo que procuraremos complementar unha con outra para podermonos aproximar ao texto orixinario do autor. En AF precédeno as seguintes palabras: "De este xeito lévame a pensar en décadas idas, encontrándome entre antigos papeles o xornal 'El Ideal Gallego', que correndo o ano trinta dedicaba un extraordinario á nosa vila con motivo das festas patronais.

D. Ramón Salgado Toimil, forxador de valores culturais na xuventude focense da década dos anos trinta focense tidoado (*sic*) "Mar y tierra cantan la Gloria de Foz" que bon número de focenses conocerá, e invitaba a Noriega Varela ás festas convidado a 'mesa e manteles'; D. Antonio contestoulle coa seguinte poesía titulada 'Intima echedula'" (20). Non achamos ese exemplar mencionado; a pesar do confuso texto anterior, supomos que o poema sería publicado sobre 1930.

Variantes e comentarios

- 0.- En BV non se fai mención do título.
- 1.- Honte a noite BV; Mente a noite AF
- 3.- d'o seyo BV, AF
- 5.- Y-a BV, AF // diun BV; d'un AF
- 6.- puden AF
- 7.- prr'a BV; pr'a AF
- 8.- *Ramón Salgado Toimil* foi o mestre que ocupou a praza de Fondós deixada forzosamente por Noriega con motivo do seu desterro; tamén escritor, é autor de varios libros de ensaio. Os dous foron amigos, sendo Salgado Tomil o encargado de pronunciar o discurso na homenaxe de Mondoñedo a Noriega e outros en 1930.

10 O autor do "Obispo Odoario"
-lindo libro que n'esquenzo-
fala dun extraordinario
de Foz, e do San Lorenzo.

15 I, ¡ai Dios!, sin considerar
que a cabra pró monte tira,
quere que a harmoniosa lira
dos píncaros chufe o mar.

20 Si xa todo non son chanzas
o sarcasmo... ¡fora atroz!
¿Sabes, Ramón, que eu de Foz
gardo tristes lembranzas?

Por mor do daño (non pense
alguén que de inxuriar trato),
facendo FU como o gato,
salín de Fondós pra Ourense.

25 I ora quero que repares
que xa empecei no camiño
a afogar en vello viño
o tropel dos meus pesares...

Beber, que a cura anticipa,

9.- d' "O Obispo Odoario" BV; d'O "Obispo-Odeario" AF

Salgado Toimil escribiu unha obra en dous volumes titulada *Odoario o Lugo en el siglo VIII*, que publicou en 1923 (21).

11.- d'un BV, AF

12.- d'o BV

As festas principais de *Foz* son as do San Lourenzo, que se celebran no mes de agosto.

13.- Y ay BV, AF

14.- pr'o BV, AF

15.- harmoniosa lyra BV; hermosa lira AF

16.- d'os BV, AF

18.- atrzo

Lembremos que os vv. 17-28 faltan en BV

21.- d'o

22.- d'inxuriar

24.- O poeta estivo rexentando a escola do Patronato de *Fondós*, en Foz, desde 1901 a 1911, en que foi desterrado a Calvos de Randín, na provincia de *Ourense* (vid. I.2.1.2).

25.- Y-ora

26.- empecni

28.- d'os

30 foi do proscripto a revancha;
i ó acordarme dunha lancha,
abrazábame a unha pipa...

¿Si me privei?. ¡no me acordo!
mais xúroche, a fe de poeta,
35 que, pra cambiar a peseta,
non fai falta estar a bordo.

Libre do exemplar castigo,
mentras outro non merezo,
para merendar me ofrezo
40 berberechiños contigo.

Asinte, por Dios, ¡Ramón!
Non che ha de pesar... Prá festa
espero levar na besta,
atravesado, un xamón.

45 E, tras de considerar
que a cabra pró monte tira,
compadece a miña lira
porque non exalta o mar...

30.- d'o proscripto BV; do proscrito AF

31.- y-ó BV, AF // dihha BV; d'unha AF

33.- Nom'acordo BV; non me acordo AF

34.- súroche AF

36.- falla AF

37.- d'o BV, AF

39.- m'ofrezo BV, AF

41.- Dio AF

42.- ch'ha BV, AF // Pr'a BV, AF

43.- levarm ha besta AF

44.- un Ramón AF

46.- pr'o BV, AF

47.- lyra BV

26

A Manolo Castro Gil

Manuel, ou Bruxo, ¡saudiña!
queira El-Señor dar-me maña
pra te exaltar na montaña
cal te abrazei na mariña.

5 ¡Foi certo!, e parece un sono,
mais tamén non é ilusión
que xa no meu corazón
tiñas, lugués, áureo trono.

10 Da túa cimbrosá palma
(que a envidia con pesar olla),
arrincáras unha folla
para ma cinxir á ialma!

E puidече, de xinollos,

Métrica

8 redondillas, 8 (abba).
1 cuarteta, 8 (abab).

Edicións anteriores

Vallibria, nº 61, 26.4.1931.

Variantes e comentarios

0.- A Manolo Casto-gil

1.- *Manuel Castro Gil* (Lugo, 1891-Madrid, 1961) foi un destacada figura do mundo artístico, sendo profesor de gravado na "Escuela Nacional de Artes Gráficas" e recoñecido autor de augafortes. Noriega coñeceuno a través de Salgado Toimil: "Para honrar al ilustre amigo sentó Salgado a su mesa a distinguidas personalidades de aquella comarca mariñana, entre ellas a los entusiastas hijos de Lugo el notario del Valle de Oro don Luis Montero y al médico de Barreiros don Manuel Roca, a una representación de la juventud estudiosa de Foz y al maestro de nuestra lírica regional Noriega Varela, a quien Castro Gil tenía verdadera ansia de conocer" (22).

5.- A forma que corresponde polo sentido é *soño* en vez de *sono*; pode ser unha alteración do autor por necesidades de rima.

9.- D'a

12.- a y-alma

13.- Cfr. a mesma forma *de xinollos* en PEX 5.8.

15 vela ante o teu arte un día
rendíndoche preitesía,
coas lagrimiñas nos ollos...

Sin esforzo (cal a rosa
brinda perfume e cores)
tu sabes facer primores
20 que honran á Terriña nosa.

E, aínda que non te decatas,
¡mímante fadas divinas!,
i es un meigo, si imaxinas,
o trasno, cando retratas.

25 Do teu numen feiticeiro
en pé están, pra dar noticia,
«cabaceiros» na Galicia,
«catedrales» no extranxeiro...

30 Si os meus votos non rexeitas,
(os peligros non te asombran),
tu has de ir a donde te nombran
desterrados, ¡coas maus dreitas!

I América, xa consciente,
¡oh Electo!, da túa victoria,
35 vai darche un bico na frente
que che ha de saber a gloria.

14.- vé-la

16.- co-as

27.- *Cabaceiros* é o mesmo que 'cabazos' ou 'hórreos'.

Tamén en M 6.13 *Galicia* vai precedida do artigo: *vivir na más alta cume / da Galicia...*; vid. nota.

30.- pos

Esta forma *pos* debe ser debida a un erro, en vez de *os*.

31.- d'ir

32.- co-as

33.- Castro Gil ten viaxado a *América* para mostrar a súa obra.

34.- d'a

36.- ch'ha

27

Xuício do ano 1931

Non tiña leira, nin leiro,
 nin chabola, nin palleiro;
 mais ¡que bon teto ora zugo!
 ¡Cheguei a tamborileiro
 5 do Gaiteiriño de Lugo!...

Castro Lamas, un señor
 noviño, e de moito humor,
 visto que o ano novo chega,
 díxome: "amigo Noriega,
 10 hai que apandar co tambor."

-¿I a gaita?
 -Da gaita, nada;
 angueira tan delicada
 demanda dedos a xeito:
 pra me tocar a alborada
 15 aquí está quen ara ó dreito.

Métrica

20 quintillas, 8 (aabab, aabba...).

Edicións anteriores

O Gaiteiro de Lugo, 1931.

Ao final do poema aparecen as iniciais «A.N.V.» correspondentes ao poeta.

Variantes e comentarios

0.- d'o

2.- chavóla

5.- d'o

O Gaiteiro de Lugo leva como subtítulo *Calendario Gallego*, título anterior da publicación. Leva na portada os calificativos de "Relixioso, profético, astronómico, recreativo, popular e barato"; foi bilingüe durante varios anos, facéndose monolingüe en galego a partir de 1936. Foi moi popular, chegando a moitos fogares humildes. Nestes xuicios pódese ver un eco das conversas entre o gaiteiro e o tamborileiro protagonistas de *A gaita gallega* (1853) de Xoán Manuel Pintos.

6.- *Castro Lamas* é o propietario e editor de *O Gaiteiro de Lugo*.

10.- hay qu'apandar c'o

11.- Y-a // D'a

I ó frente dun calendario
 vin un vello estrafalario
 (patrón das galiñas chocas),
 que ten cara de falsario
 20 e dous quintales de zocas.

Na compañía deste arcano
 (xudeu, rañoso ou paisano),
 comenza, rindo, un novicio
 a debullar o xuício
 25 que se lle ocorra do ano.

No ano que acaba en 1,
 según pasmós e según
 un boletín vigués berra,
 non vai a quedar ningún
 30 bugallalista na terra.

Pipiolo que aspire a Irmao
 retratalo han de peilao
 (a cachapernas dun bombo),
 cunha fouciña na mao
 35 e unhos gadaños ó lombo.

E xamais será dos bos
 e xenerosos quen toma
 a parva con moxilós,
 i a broma certos sermós
 40 que hai que toma-los a broma...

16.- Y-ó frente d'un

18.- d'as

20.- Na portada do calendario figura un vello tocando a gaita, calzando unhas grandes zocas.

21.- d'este

23.- O autor é *novicio* na realización destes xuízos do ano, mais a partir de aquí fará outros en anos sucesivos.

25.- ll'ocorra d'o

31.- *Irmao* fai referencia irónica a membro das "Irmandades da Fala", ás que Noriega ataca nestes xuízos e coas que sempre estivo defrontado (vid. I.2.3).

36.- d'os

38.- A respecto da palabra *moxilós* xa Leiras Pulpeiro recollera no seu vocabulario a forma *muxilón*.

39.- y-a

40.- hay

A Academia, que hoxe en día
máis pinta o loro que fía
e nunca pasou de leria,
no ano novo, inda que eu ría,
45 parecerá cousa seria...

O Trasnó e maila Estadea
(inda que o demo n'a lea
e solo apañe donaires),
repartirán pola aldea
50 "A Fouce" de Buenos Aires.

Na «Voz», no «Pueblo" ou no "Faro»,
das nosas glorias avaro,
un galleguista truhán,
¡que risa!, poñerá en claro
55 si iba a chicas Breogán.

Nosa bandeira (co agrado
das carpazonas de Estelo,
e dos músicos de Eirado),
será un dengue colorado,
60 ou un refaixo amarelo.

41.- qu'hoxe

A *Academia* fai referencia á Real Academia Galega, coa que tamén estivo enfrentado: vid. 1.2.1.4 e 1.2.3.

44.- qu'eu

46.- mái-la

47.- qu'o

49.- pó-la

50.- *A Fouce* é un periódico que se publica en *Buenos Aires* desde 1926 a 1936, escrito totalmente en galego e cuns postulados ideolóxicos claramente independentistas. A ataques como este de Noriega responderá en 1934 con contundencia nun artigo titulado "Un renegado máis" (23), onde fai unha dura descalificación da liña seguida polo poeta (vid. 1.2.3).

52.- d'as

55.- Breogán

Breogán: fillo de Brath, segundo a tradición fundou Brigantia (A Coruña), que se converteu na máis importante das tribos celtas. O seu fillo Ith partirá cara a Irlanda, onde vai morrer. Foi tomado polo movemento galeguista como referencia e símbolo do ser colectivo do país, sobre todo a partir dos versos de Pondal onde fala da "nazón de Breogán".

57.- d'as // d'Estelo

Para *Estelo* vid. nota a PEX 1.120

58.- *Eirado*: hai unha aldea con ese nome na freguesía de Cervo, no municipio coruñés de Cedeira.

I a nosa faliña (pranto
de Rosalía), o divino,
doce linguaxe en que eu canto,
xa nunca máis será chino
65 recastado de esperanto.

Xa nin cristiano nin mouro
volverán a usar chapeu,
e das mulleres agoiro
que aínda as hei de ver en coiro
70 como súa mai as pareu.

Seguirán pasando xatos
nos camiós por Moncelos,
e haberá viños baratos
mentras haxa maragatos
75 e zurro pra compoñelos.

As eleccións ¡cantos carros
de fartura tran consigo!:
xa vexo bailar os xarros
coas cuncas, i os dous cigarros
80 coa libra de pan de trigo.

Pro aquel que a aldea alborote
(si xa non é o meu tambor)
ben será que a aldea note
que veu pra chupar do bote
85 a este mundo enganador.

Coma sempre, Xan Paisano

61.- Y - a

62.- Para *Rosalía de Castro* vid. nota a M 1.26.

63.- qu'eu

65.- Referencias irónicas aos intentos normalizadores e estandarizadores levados a cabo polas "Irmandades da Fala".

Os vv. 56-65 figuran na portada deste número de *O Gaitero de Lugo*.

68.- d'as

72.- n'os

Moncelos: localidade próxima á Graña de Vilarente, onde estaba de mestre cando fixo este 'xuicio'; pertence ao concello de Abadín.

79.- co-as cuncas, y-os

80.- co-a

84.- d'o

86.- A denominación *Xan Paisano* tamén a usou nos poemas anticaciquís (aquí *Peisano*): vid. nota a PEX 5.4.

tódolos días do ano,
mentras non queira ser home,
seguirá sendo o pagano
90 das esmorgas que non come.

A República (a feroz
besta brava, ou hidra atroz,
que as lebres moito intimida).
tempos fai que estabrecida
95 está nas praias de Foz...

Alí eu, morto de risa,
ennovelei, mui de prisa
este xuício irrisorio
que aparece, con camisa
100 de estopa, no repertorio.

87.- todo-los dias d'o

90.- d'as

A palabra *esmorga* ten aquí o significado de 'comida abundante', o único que tamén lle dá Eladio Rodríguez; Leiras tradúcea por 'francachela'.

91.- Cando o poeta escribe estes versos, no verán de 1930 (24), aínda non chegara a 2ª República española, que era sentida como unha ameaza por algúns sectores sociais. Esta será proclamada ao ano seguinte, a consecuencia dos resultados das eleccións municipais do 12 de abril.

95.- n-as playas

Na praia da Rapadoira de Foz soía o poeta pasar unha temporada das súas vacacións de verán.

97.- muy

28

Xuício do ano 1932

(Pronósticos dun pardabao)

Sobre felgos -cama mol-
durmía eu, en paz, ó sol;
mais non sei con que centella
me veu furgar nunha orella,
5 o que incha a gaita do fol.

I é feo o demo, je peor
cara puxen!... -Pecador,
lle dixen, ¿pra que me chamas?
-De parte de Castro Lamas
10 pra que apandes co tambor.

-¿Outra vez?
-Outra; mais desta
non traigas herba pra besta,
nin torrezmos prá compañía.
-E logo que temos?
-Festa,
15 i o demo ceibo en España.

De ora en diante, según berra

Métrica

30 quintillas, 8 (aabba...).

Edicións anteriores

O Gaitero de Lugo, Lugo, 1932.
Leva ao final as iniciais «A.N.V.».

Variantes e comentarios

- 4.- n'unha
- 5.- hincha // d'o
- 6.- Y-é
- 10.- c'o
- 11.- d'esta
- 15.- y-o
- 16.- D'ora

xente que quer ser de viso,
 declarada ós bois a guerra,
 sin que o arado fenda a terra,
 20 será a terra un paraíso.

Tí abre a boca. ¡Cando pidas
 un milagre, ¡verás mill!,
 e si non os ves... non digas
 que, por falta de torcidas,
 25 tes apagado o candil.

Con boas novas che alumno,
 a ver si estoupas de risa:
 xa n'hai quen che saque o zumo,
 nin quen che bote o consumo,
 30 nin quen che tire a camisa.

Com'os sacretarios xantas,
 do Ribeiro bebes viños,
 e, tras de achisparte, ¡cantas!,
 sin que veña o sacramantas
 35 agrimarche os picariños.

Libre de ruís camarillas,
 podes soñar maravillas
 -cheias de ónza-las talegas-,
 i arrenegar das Castillas,
 40 do sol, da sede e das segas.

¡Redobra!, que canto eu digo
 ¡fálleme o roncón si falla!,
 ¡caieu de maduro o figo!
 i ora pra nosoutros, trigo,
 45 e prós caciques, a palla.

23.- no nos

26.- ch'alumo

28.- n'hay

32.- d'o

33.- d'achisparte

38.- chéyas d'onza-las

39.- y-arrenegar d'as

40.- d'o ... d'a d'as

43.- cayéu

44.- y-ora

45.- pr'os

No ano que vai començar
 todos habemos de estar,
 porque así o ordena a Fertuna,
 os us, sobre dun altar,
 50 outros nos cornos da luna.

Hastra o infeliz cavador,
 (que sorteando o rigor
 dalgún desalmado alcalde
 fuxira), xa ten vapor
 55 que o traiga á Cruña, de balde...

¿Quen eras tu, Xan Labrego?
 O papamoscas, ¡o cego
 de nacemento!; mais ¡cala!
 pra che ensinar o gallego
 60 xa hai "Irmandades da Fala"...

O que tu vicias, o noso,
 ¡chico preito!, pano groso,
 propio da stultitia anterga:
 "¿Tío Marcos?" Un tramposo,
 65 "¿Follas Novas?" Unha xerga...

Agora... o dios que se astreve
 a ir procuralo a onde bebe
 bágoas de orballo a xesteira;
 ¡ráchano! com'a bandeira,
 70 que lembra os ampos da neve...

47.- d'estar

49.- d'un

50.- n'os ... d'a

53.- d'algún

59.- ch'enseñar

60.- x'hay "Hirmandades d'a

63.- d'a

64.- Referencia á popular publicación *O Tío Marcos d'a Portela*, creada por Lamas Carvajal en Ourense.

65.- *Follas Novas* pode ser referencia á obra de Rosalía de Castro publicada en 1880.

66.- s'estreve

68.- d'orballo

70.- d'a

I aínda nalgún santoral
 (en canto da do Cristal
 refulxentísima Estrela),
 vas topar co Mariscal
 75 san Pedro Pardo de Cela.

Esquencerás, por sabido,
 que o tal fora un forraxido...
 ¿E non te desdices? Temo
 -sí xa non te ten sorbido-
 80 ¡que te ha rabuña-lo demo!

¿O demo? ¡Rite tu deso!;
 pra quen lle rabene as uñas
 tes, sin descambiar, o peso
 das eleccións., i outras cuñas,
 85 ¡i outras limas nō Congreso!

Mentras que aló fan a meda,
 figúrate que non queda,
 prá mostra, ave de rapiña,
 e viste as fillas de seda
 90 si as queres casar axiña.

No ano mil novecentos
 trinta e dous, que chama ás portas,
 arrasádo-los conventos,
 ¡hastra haberá casamentos
 95 entre os coeiros das hortas!...

71.- Y-aínda n'algún

72.- d'a d'o Crystal

74.- c'o

75.- Nova ironía do autor sobre as figuras consideradas polo galeguismo como símbolo da identidade e dignidade do pobo galego; se no xuízo anterior era Breogán o aludido, agora é o *Mariscal Pardo de Cela*, que ten unha lenda de oposición ao dominio dos Reis Católicos sobre o territorio galego.

80.- t'ha

81.- d'eso

84.- d'as // y-outras

85.- y-outras

86.- c'aló

Este é unha forma que o autor nunca emprega; pódese deber a un erro.

88.- pr'a

95.- entr'os coeiros d'as

¡Dios mío!... ¡A feira de Galdo!
 ¿Quieres saber do aguinaldo
 que ofrecen, ora, as mulleres?
 Dar a teta, facer caldo
 100 e lavarles as culleres!

¡Merca o "Crisol" (xornal grave)
 prós filliños!... Co que sabe
 guiar dreito ¿quen se mete?
 "O Catecismo" é dun frade
 105 jesuíta... ¡Queima "O Astete"!

Faino cinza. Tras de días
 días veñen... O Mesías
 que ora espera a Nova España
 ¿será Jesús? ¿será Elías?,
 110 ¿será o Baptista?... É Pestaña...

¡Que tempos lembramos nós!
 "¡Os xenerosos e bos"
 a cabalo da Galicia,
 i en pé, frente da xusticia,
 115 cantas tolas mantén Dios!.

¿Oíchelos predicar?
 ¡Oh, meu filliño!, o que é desta,
 baila, que podes bailar,
 i aturuxa!; ¡vas estar
 120 igual que o rei nunha cesta!...

Ventando sorte tamaña,
 ¡non cravuñes a gadaña!;
 ¡n' haxa infanzón que te afeite!;

96.- *Galdo* é unha localidade próxima a Chavín (Viveiro), onde xa se acha de mestre o poeta cando compón este texto, despois de abandonar a Graña.

97.- d'o

102.- pr'os // C'o

104.- d'un

110.- *Ángel Pestaña* (Ponferrada, 1888-Barcelona, 1937) foi fundador e presidente do Partido Sindicalista e deputado por Cádiz; tamén foi secretario da C.N.T.

113.- d'a

114.- y // d'a

117.- qu'e d'esta

119.- y-aturuxa

120.- qu'o rey n'unha

123.- t'afeite

e rite dos da montaña,
125 que sorben papas sin leite.

¡Trunfa!, e si algú pardabaos
rozmasen que tes un caos
nos recantos da cabeza,
o día que che pareza,
130 derreámolos a paos.

-¿A paus?

-¡Ou a puñaladas!

Non che son ora pasadas
festas, nin forenses idos:
¡páganse máis as puntadas!;
135 pro n'hai que untar os feridos...

-E ¿si morren?

-¡Non caviles!

Lónxe-los reises, i "os viles
anos de Anido", ¡con rosas
amimarán ós civiles
140 os que merezan esposas!...

.....
.....
¡E vaise!, i antes de se ir,
solo che debe advertir
quen, rindo, a bailar te saca,
que non volvas a xunguir
145 a túa muller coa vaca...

¡E non te esquezas, coa risa,
(visto que a penas precisa
o aseio da augiña crara),
de mudar máis a camisa
150 e chapuzar ben a cara!...

124.- d'os d'a

128.- d'a

135.- qu'untar

137.- y-os

138.- d'Anido

141.- y-antes de s'ir

145.- co-a

146.- co-a

147.- qu'apenas

148.- aseyo d'augiña

Xuício do ano 1933

Castro Lamas -o enemigo
de quen nin coa cruz consigo
librarme-, ¡cousa que espanta!,
5 pra dar outra vez comigo
tirou, cun sacho, da manta.

E xa que del arrenego
(máis que das silvas o cego),
como Xudas aconsella,
fíxome volver ó rego
10 puxándome dunha orella.

A facer mofa de min,
ben disposto, dixo: "ó fin
aquí está o tamborileiro
que fuxindo do Gaiteiro
15 se escurecera en Chavín".

¡Inda coa rabia rebento!
pro ¡aquí estou!, e me presento,
seguindo normas modernas

Métrica

19 quintillas, 8 (aabab, aabba ...).

Edicións anteriores

O Gaiteiro de Lugo, Lugo, 1933.

Leva ao final as iniciais «A.N.V.».

Variantes e comentarios

2.- co-a

5.- c'un // d'a

7.- d'as

10.- d'unha

14.- d'O

15.- *Chavín* foi o novo destino do poeta despois de abandonar as terras de Abadín; trasladouse a esa localidade próxima a Viveiro no ano 1931 e alí permanecerá até a xubilación, en que irá vivir para a fermosa vila mariñeira.

16.- co-a // revento

20 coa boca... ¡com'un pimento!,
i en coiro entrámbalas pernas.

Neste ano, en que eu serei mudo,
si co demo non me escudo,
Padre Gaspar, ¡vou perdido!:
25 n'hai que vestir ó desnudo,
hai que despir ó vestido...

Brañego, que non te expricas
porque andan as nenas ricas
cal criadiñas de cegas,
¿sabes que non son maricas
30 somente ond'ó mar as pegas?.

¡Xesú!, ¡Xesú!, ¡que estribillos!
xoguetes de absurdas modas,
sin medo ós berros dos pillos,
vin eu na praia de Covas
35 efebos en calzoncillos...

¡Mariquitas!, sempre en tratos
cos cosméticos baratos...;
¡adiós os homes fornidos!:
chegou o tempo dos gatos
40 e dos merengues lambidos...

As monas chámanlles chicos,
i eu, comparando estes micos

19.- co-a

20.- y-en // entramba-las

21.- N'este, en qu'eu

22.- c'o

24.- n'hay

25.- hay

26.- t'expricas

31.- qu'estribillos

32.- d'absurdas

33.- d'os

34.- praya

A praia de *Covas* é a praia urbana de Viveiro.

37.- c'os

38.- y-adiós

39.- d'os

40.- d'os

42.- y-eu

cos montañeses viriles,
 lémbrome dos abanicos
 45 e deixo en paz ós fusiles.

O ano mil novecentos
 trinta e tres é o señalado
 pra que fartos e famentos
 xiremos ós catro ventos,
 50 co piquiño ben zarrado...

¿Cacarexan?; ¡que che importa!
 tu, que cos zorros comulgas,
 torna as cabras da túa horta!,
 i, hastra pra catar as pulgas,
 55 tapa o cucucho da porta.

O que ora a intención non forme
 de ter man da tarabela,
 vista non vista uniforme,
 ¡xa aprenderá na choupela
 60 que o demo maior non dorme!

¡Pide que Dios nos perdone!,
 e mentras Xudas che abone
 cousa que mande faguer,
 si trona, ¡deixa que trone!
 65 si chove, ¡deixa chover!

¡Repara no meu tambor!;
 e do teu faco señor
 lembra, si o tes olvidado,

43.- c'os

44.- d'os

47.- trint'e

50.- c'o // ven

51.- ch'importa

52.- c'os

53.- d'a

54.- y-hastra

55.- d'a

57.- d'a

A palabra *man* pode ser un erro en vez de *mau* ou *mao*, únicas formas que emprega o autor.

60.- mayor

62.- ch'abone

67.- d'o

70 que o meterse a redentor
é salir crucificado.

Neste mundo estrafalario,
antes que a cruz i o calvario,
procura ó Gaiteiro, ¡goza!
75 ¿Es novo? ¡Chucha unha moza!
¿Vas vello? ¡Reza o resario!

¡Deixa tocar a quen toca!
¡Deixa bullar a quen bulla!
¡Deixa andar o can coa roca!
80 ¡Déixame enfiar a agulla,
¡ladrón, pra coserche a boca!

¡Deixa que a xente cativa
se estire!... Si dás un viva,
¡seña ese viva a un refaixo!;
85 i ¡en paz! si serran de riba
os que serraban de baixo.

¿Paréceche a España tola?
¡Consólate, home consola
e dáca a bota de viño!...
90 ¿Non é este mundo unha bola?
¡Déixaa acarroular, filliño!

E déixame esta alegría
i este tambor que porfía
por axota-la tristura:
tras da noite, ¡vén o día!,

70.- Nos versos desta estrofa pode haber unha alusión ao desterro do poeta desde Foz a Calvos de Randín.

71.- N'este

72.- y-o

78.- co-a

80.- coserch'a

84.- y

86.- Parécech'a

88.- Para dáca vid. nota a E 19.6.

90.- O verbo *acarroular* é palabra pouco usada, e menos na escrita; significa 'rolar', como recolle o dicionario de Alonso Estravís.

92.- y-este

93.- Vid. *axotar* en notas a M 9.4 e E 16.1.

94.- d'a

95 i a noite, ¡nin sempre dura!

95.- y-a

Nestes últimos versos, sobre todo, e, en xeral, en todo o poema, o autor critica con cautela o goberno progresista dos primeiros tempos da República; os vv. 94-95 son especialmente significativos.

30

Aquel caldeiro...

¡Esforzado mariñeiro,
 si ben che aprace o donaire,
 desde a ponte de Viveiro
 repara naquel caldeiro
 5 que vai e ven polo aire!

O demo, que non se farta
 de sollas, (mal raio o parta,
 según o ten merecido),
 con unhas uñas de a cuarta,
 10 vai no caldeiro escondido.

Métrica

11 quintillas, 8 (abaab, aabab...).

Edicións anteriores

O Gaitero de Lugo, Lugo, 1933.

Leva como indicación final, despois do nome do autor, «Orillas d'o Landro».

Variantes e comentarios

Deste poema di Aquilino Iglesia Alvariño, falando dunha entrevista entre o poeta dos mineiros asturianos Camín, Noriega e el mesmo co xerente das industrias Barro: "Noriega recitó un poema muy flojo dedicado a Chavín y Vivero, en el que se cantaba la industria Barro" (25).

Tamén José Nistal López, sen a penas lembrar máis que a primeira estrofa da composición, conta como esta naceu da insistencia do industrial José Barro, amigo do poeta, en que este cantase nuns versos un enxeño que el ideou para tirar area do mar: "Consistía en una torre metálica clavada en el centro del relleno, de unos 15 metros de altura. De ella salían dos cables: uno, que iba fijarse en la playa a una distancia de 100 metros y por el cual 'o caldeiro' (una especie de gran cuchara con uñas para arañar el fondo del mar) se deslizaba vertiginosamente para hundirse por su propio peso en la blanda arena; y otro, que servía, mediante la fuerza de un motor, para extraer 'o caldeiro' ya cargado y hacerlo bascular al choque con un tope en lo alto del cable para que volcase su contenido dentro de la zona que se quería rellenar" (26).

3.- Este enxeño foi colocado na zona do peirao de *Viveiro*, entre a ponte e un hotel.

4.- n'aquel

5.- po-lo

7.- rayo

8.- segú-no

9.- d'a cuarta

10.- n'o

Cencerril danza resona
 nunha casetiña... e a mona
 de Dios, que non oie ás xordas,
 rápido baixa prá tona
 15 da iagua, por dúas cordas.

Cai no mar, con gracia suma,
 i o vello patrón, que fuma
 en pipa, e mais a gueivota,
 ven unha nube de espuma,
 20 méntra-lo caldeiro flota.

É solamente un segundo...
 Dempoixas no mar profundo
 enrabexado bucea
 i, esquencéndose do mundo,
 25 ponse a ranbuñar na area.

¡E xa alí vén!, tras contados
 instantiños, os rasgados
 ollos de rostros divinos
 enseñándolles pescados
 30 e conchas dos pelegrinos.

Cal araña polo fío,
 e cada vez con máis brío,
 sube, por detrás ceibando
 diamantes de rosío
 35 prós nenos que están brincando.

Sube, mais ¡adiós maxeza!,
 o axusticiado entrepeza
 antes de chegar á forca,

-
- 12.- n'unha
 13.- oye
 14.- pr'a
 15.- d'a y-auga
 16.- n'o
 17.- y-o
 22.- n'o
 24.- y-esquecéndose d'o
 25.- n'a
 30.- d'os
 31.- po-lo
 35.- pr'os // qu'están

e quédase nunha peza
40 a xente, ó ver que se emborca.

E ó reparar, ¡cousa extraña!,
que tanta area, coa maña
dun trasno, dándolle ón vello,
xa parece alta montaña
45 próxima a chegar ó ceio...

¿l el chegaría? De fixo;
pero Barro, un día, dixo:
¡non me apraz que pra aló vaia!
E coa areia, que ser quixo
50 monte, está facendo praia.

¡O mar lle pideu socorro,
e Viveiro, posto en corro,
non se farta, entusiasmado,
de contemplar aquel chorro
55 que sal do mar encanado!!

39.- n'unha

42.- co-a

43.- d'un // dándoll'on

45.- ceyo

46.- Y-el

47.- *José Barro* foi un importante industrial de Viveiro, con fábrica en Chavín;
mantivo unha relación de amizade co poeta.

48.- m'apraz que pr'aló vaya

49.- co-a areya

50.- praya

55.- d'o

31

Xuicio do ano 1934

(Fala un pardabán)

Si me atufe, ¡que me atufe!,
 si bufo, ¡deixar que bufe!,
 ¡torceuma o demo maior!:
 pra todo dios houbo "enchufe",
 5 ¿i eu? ¡Outra vez co tambor!

¿Quen arrablou cos talegos?
 ¡Sáltenme os ollos si o sei!;
 mais poden ver hasta os cegos
 que ora non tallan os cregos
 10 nin mama da cocha o Rei.

I o Gaitero, a compañía,
 e canto burro Dios cría,
 pra revirar os tarrós,
 están... ¡que se lles ve o día!,
 15 i o miao, por entre os calzós.

Cal parvuliños da cuna,
 coidamos pillar a luna...

Métrica

20 quintillas, 8 (aabab, abaab...).

Edicións anteriores

O Gaitero de Lugo, Lugo, 1934.

Figura ao final do poema como autor «Un pardabán», que está en relación co título do "Xuicio do ano 1932 (Pronósticos dun pardabao)". A partir de agora, excepto o de 1936 publicado en *Vallibria*, omitirán todos as siglas do nome do autor, aínda que a súa autoría non ofrece dúbidas.

- 3.- mayor
- 5.- y-eu // c'o
- 6.- c'os
- 8.- hast'os
- 10.- d'a // Rey
- 11.- Y-o
- 15.- entr'os
- 16.- d'a

O barbo foise coa caña,
e... ¡coma o demo a fertuna
20 como xa comeu a ...!

¿El bon mozo? (¡Antes me capo
ou furo o tambor!...) De guapo
¿que Xudas tiña o bazuncho?
¡Aquela boca de sapo
25 por debaixo dun feruncho!

Pobo, ¡arrepola as guedellas!
querías la por arrobas
i o lobo, tras das ovellas,
sin perdonar casas novas,
30 ¡fixo o demo en Casas Vellas!...

¡E mira tu que ¡arpeiros!,
e que tempos tan extraños:
co ruín (entre os carniceiros)
¡entendéronse os carneiros
35 que van tras del en rebaños!...

Mais inda que afirme o cura
que xa n'hai arca segura,
que España está na agonía...:
¡a noite nin sempre dura!,
40 ¡ha de nacer novo día!

¡Volve coa oliva a paloma!...
No ano, que agora asoma,

18.- co-a

20.- Omisión do nome de *Azaña*, figura principal do período da 2ª República e máximo expoñente das ideas reformistas e progresistas, contra as que loitou Noriega desde os 'xuscios do ano'; as referencias irónicas contra Azaña serán frecuentes tamén en textos posteriores. O 22 de novembro de 1933 as dereitas gañan as eleccións en España.

23.- A palabra *bazuncho* é traducida por Eladio Rodríguez por 'gordinflón'.

25.- d'un

28.- y-o // d'as

30.- A traxedia de *Casas Viejas* (Cádiz), na que pereceron moitas persoas en enfrontamento coa Garda Civil e os gardas de asalto, tivo lugar en xaneiro de 1933.

33.- c'o // entr'os

35.- d'el

37.- n'hay

38.- n-a

41.- co-a

tomaremos, sin traballo,
os estatutos, a broma;
45 i a chanza... ¡os do refugallo!

Quen á risa portas lle abra,
quen quer gaita desque labra,
i o que redobrando está,
en figura dunha cabra
50 van ver, bailando, a Maciá...

No «ABC» de Luca Tena,
da cabalo dun raposo,
ver van, lonxe da colmena,
as tres eran tres de Elena,
55 deshonra do solar noso...

¡Airiños de refrixerio
(tras penoso cautiverio),
o ano que comenza espalla!:
¡xa n'hai dios que tome en serio
60 os espantallos de palla!

Prenda que agora non se usa
(os calzós), sin outra excusa,
¡hai que vestilos hogano! :
coas senaugas e coa brusa,
65 parece o demo un paisano...

Por si inda chego a tempinho,
de redobrar non me farto:

45.- y-a // d'o

46.- ll'abra

48.- y-o

49.- d'unha

50.- *Francesc Maciá*, político nacionalista catalán, proclamou unilateralmente en 1931 a República Catalana, converténdose, tras negociacións co goberno central, en primeiro presidente da Generalitat.

51.- O *ABC* é un dos xornais máis tradicionais de Madrid, fundado por *Torcuato Luca de Tena*, Marqués de Luca de Tena, en 1903, primeiro como bisemanario e logo como diario.

52.- d'a ... d'un

53.- d'a

55.- d'o

59.- n'hay

63.- hay // o gano

64.- co-as ... co-a

66.- s'inda

non votes, Xan, ¡¡¡coidadiño!!!,
 polos dous netos de viño
 70 i os tres cigarros de a carto...

Xan, ¡a varrer os bandidos!
 Cos cinco, ¡cos dez sentidos!,
 entende que a mai da aña,
 van ser os "burgos podridos"
 75 que xa caparon a...

Ai, Xan, ¡non perdas o acordo!,
 ai, Xan ¡non faigas o tordo!
 ai, Xan, ¡non señas badanas!
 Si pró tambor estás xordo...
 80 tócoche a fuego as campanas.

E si n'abonda tanto ¡ai!,
 ó ir i ó volver das feiras,
 pola almiña de túa mai,
 vai rillando nas madeiras,
 85 volve decindo: ¡U-ru-guai!...

Si das tempo a que remexa
 máis no estrume algún langrán,
 tras de tirarche a pelexa,
 cásante por tras da igrexa
 90 i entérrante com'on can.

Mais... ¡Dios diante e boas novas!
 Coida, Xan, de que te movas

-
- 69.- po-los
 70.- y-os // d'a carto
 71.- barrer
 72.- C'os cinco, c'os
 73.- d'a
 75.- Nova omisión ou alusión velada a *Azaña*.
 76.- ay
 77.- ay
 78.- ay
 79.- pr'o
 81.- ay
 82.- o ir y-o
 83.- po-la
 84.- n-as
 85.- U-ru-guay
 89.- d'a
 90.- y-entérrante

(sin enfuciñar) prá dreita...
que eu quedo facendo escobas
95 prós que non a teñan feita.

Toxos me salen ó "encuentro"
i estou descalzo... ¡Non entro!
¡I adiós! Vai cantando agora
que, os que varrían pra dentro,
100 hai que varrelos pra fóra.

94.- qu'eu
95.- pr'os que no na
97.- y-estou
98.- Y-adiós
99.- barrían
100.- barrelos

Xuicio do ano 1935

¡Xa aquí está quen ben o toca!
 pódeme cose-la a boca
 ou convidarme a comer;
 pro pousa, primeiro, a moca
 5 e vén bailar coa muller.

De enchufós rindo e langrás,
 marchó da gaita detrás,
 e, si me falla o tambor,
 cunha latíña do gas
 10 aínda me apaño mellor...

Reméxese o Carniceiro;
 mais, polo Botafumeiro
 i a Campana de Toledo,
 che xura o tamborileiro
 15 que ese moucho... non pon medo.

Métrica

20 quintillas, 8 (aabab, abaab...).

Edicións anteriores

O Gaitero de Lugo, Lugo, 1935.

Aparece ao final do poema, na indicación da autoría, "O tamborileiro d'Espiñarcao"; tamén unha versión titulada "Enxebreza", do seu primeiro soneto, leva como dedicatoria "Pra unha 'Señorita' de Espiñarcao" (vid. PEX.3); esta versión é de 1940 (27).

Variantes e comentarios

- 1.- X'aquí // bé-no
- 2.- cose-l'a
- 5.- co-a
- 6.- d'enchufós
- 7.- d'a
- 9.- c'unha latíña d'o
- 10.- m'apaño
- 12.- po-lo
- 13.- Y-A

Os da dreita danlle a figa,
 móstralle a isquerda unha viga...,
 i excusa manta pró inverno,
 si, tras tirarlle á barriga,
 20 o mete Xudas no inferno.

Será este ano Mariscal
 das égoas todas que el queira
 un Cabalo, sin ronzal,
 Longo com'on adival,
 25 salvaxe com'a Frouseira.

Dux de testarudas testas,
 aínda que poñan súas gestas
 frente ás de Napoleón,
 de feito, lánzase ás bestas;
 30 de pico..., á revolución.

Tan certo com'o sol sale,
 sin que outra "gran guerra" estale,
 non volve dar pan a terra:
 o Gaiteiro... quer que cale,
 35 pro, está dito, ¡temos guerra!

¡Outro pronóstico, a vulto!:
 prós refaixos n'hai indulto,
 i as nudistas, fóra broma,
 restablecerán o culto
 40 (¡árdelle o eixo!) a Mahoma.

De pensalo... xa me engurro:
 o taberneiro... ¡un santiño!,
 tu... ¡non tanto!, pro tan burro

16.- d'a // dánll'a

18.- y-excusa manta pr'o

20.- n-o

21.- est'ano

22.- d'as // qu'él

25.- Esta estrofa fai alusión ao político *Francisco Largo Caballero*, ministro de Traballo no goberno de Azaña (1931-1933) e logo presidente do Consello de Ministros durante a guerra civil (1936-1937); foi tamén dirixente do sindicato UGT.

36.- bulto

37.- pr'os // n'bay

38.- y-as

40.- árdell'o

41.- m'engurro

45 que pagas, non oles viño,
i has seguir bebendo zurro.

Tamén (pra desraigala),
seguirei eu dando voces:
Santo Cristo, ¡que herba mala
os barbarismos atroces
50 dos irmauciños da fala!

Si un carabau te saluda
cerrando o puño... ¡súa axuda
che empresten fouce ou forcado!,
pois quere decir, sin duda:
55 "¡así son eu de cerrado!..."

Si outro (que os leiros axencia),
coa Libertá te convida...
¡non queiras tal comenencia!,
déixalles a independencia
60 e que che faigan boa vida.

¿Ques que o cante sin rodeios?
Pois dous bandos de homes feios
che houbo sempre i ha de haber:
o dos que estoupan de cheios
65 i o dos que queren comer.

Si no mundo conocido
descobres outro partido,
¡gózate xa da túa sorte!:
douche o xato mais mantido
70 que ten meu amo na corte.

Vánse casar de contado

-
- 45.- y-as
50.- d'os ... d'a
52.- cerrand'o
53.- ch'empresten
57.- co-a
61.- rodeyos
62.- d'homes feyos
63.- ch'houbó sempre y-ha d'haber
64.- o d'os qu'estoupan de cheyos
65.- y-o d'os
68.- d'a
70.- n-a

cantos n'o tiñan pensando
 coas que aiunan o traspaso;
 pero eu con naide me caso
 75 visto que xa estou casado.

As feiras, festas e bodas
 polas animiñas todas
 vai andando, ¡estima a vida!,
 i ó sentir as catro rodas,
 80 ¡dá sebo ós pés en seguida!

¡Terma das miñas recetas!:
 pra que te leve Patetas,
 á horiña menos pensada,
 x'hai centos de bicicletas
 85 que andan coa luz apagada.

E ben coa muller, ben solo,
 ¡mira, Xan, donde te metes,
 si ves que se acerca un tolo,
 montando nun chirimbolo
 90 que vai ceibando fuguetes!

¿Qué mais? Inda que os morrales
 andan por montes e vales,
 igual que os gatos en celo,
 seremos todos iguais
 95 cando as ras che teñan pelo.

Eu palillar ben palillo,
 sempre detrás do Gaiteiro;
 mais moito me maravillo

72.- co-as que ayunan

77.- po-las

79.- y-o

80.- enseguida

81.- d'as

82.- *Patetas*: Eladio Rodríguez recolle a voz *Pateta*, 'ente imaginario que generalmente equivale al demonio, al diablo, o a algo que produce exasperación'.

84.- x'hay

85.- co-a

86.- co-a

88.- s'acerca

89.- n'un

93.- qu'os

97.- d'O

de que te botes de pillo
100 e sigas sendo carneiro.

**Al Excmo. Sr. Doctor don Benjamín de Arriba
Castro, Obispo de Mondoñedo
(Temporis puncto)**

Espallaran a boa nova
repinicando as campanas...
"Arriba i abaixo non!",
bradaron os da montaña;
5 i eu reparei na estreliña
que da fartura se chama...
Ánxel de Dios, ¡qué preciosa
xoíña para ofrendarcha!
¡Cal tremelucindo iría
10 no teu anillo engastada!
¡De Arriba? ¡Tamén de arriba,
Pai e Pastor, esta fala
humildosiña, i o numen
que a paz dos ermos exalta!
15 Castro, lembra a Rosalía,
e Penamaior (túa patria),

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en a-a.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 279, 23.6.1935.

Leva a seguinte datación final: «Santa María de Chavín, festa de San Sidro, 1935».

Variantes e comentarios

0.- *Benjamín de Arriba y Castro*, naceu en Penamaior-Becerreá (Lugo) en 1886 e morreu en Barcelona en 1973. Foi bispo de Mondoñedo desde 1935 até 1944. En 1953 foi nomeado cardeal.

3.- y-abaixo

4.- d'a

5.- y-eu

6.- d'a

11.- d'arriba

13.- y-o

14.- d'os

16.- Penamayor

Penamaior: Parroquia do concello de Becerreá. Situada nunha rota secundaria do camiño de Santiago, ten unha igrexa mosteiral románica do s. XII.

a Roca Inmortal, ¡varuda!,
en que a Igrexa está sentada.

Xuicio do ano 1936

¡O demo nunca ten sono!
 recibín onte unha carta
 e... ¡ben deita de estar lonxe
 o pelengrín que ma manda.

- 5 Á boa fe, que todo medra,
 i entre os xíbaros das brañas,
 inda que n'haxa tambor
 seime apañar cunha lata.

Tamén xa de rapaciño

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en a-a.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 308, 12.1.1936 (28).

Está asinado co nome e apelidos do autor e, nuns versos que o acompañan, leva a seguinte datación: «Sta. María de Chavín, 5 de enero de 1936».

Variantes e comentarios

0.- A continuación do título leva a seguinte dedicatoria: «Al Sr. Director de *Vallibria*, con un inmenso abrazo, y rogándole, con encarecimiento, que haga llegar a 'O Bruxo' la poesía» (29). Esta poesía, que no xornal publicaron encabezando o poema, é a seguinte:

Pro señor Bruxo d' os Ermos
 Esta liñas mal trazadas
 que un vate, de pouco xuicio,
 por seu conducto lle manda.

Si derriba d'o qu' eu fixen
 él emborcáse suas gracias,
 non saliría d'a festa
 c' o-a cabeza eslabazada.

Teña compasión de mín.
 Y-a ver si, por Dios, ll'as manda.

El Autor

Sta. María de Chavín, 5 de enero de 1936

2.- honte

3.- d'estar

4.- m'a

6.- y-entre // d'as

8.- c'unha

- 10 repeniquei as campanas,
 i aquí vos presento o corno
 de alegrar as cincerradas;
 mais o que Xerardo quere...
 ¿pasa ou non pasa de raia?
 15 ¿Non dice que me dispoña
 pra primorear na gaita?

- Setenta e oito cumprira
 o Gaitero que alugara,
 e morreu, a miña xoia,
 20 nunha presiña de pallas,
 ben cheo de comenencia
 e fraque com'as arañas;
 pro héteme o caso, amigos,
 que de pagarme as soldadas
 25 dos anos que ó rabo dil
 anduven, sin ollar branca,
 se encargou, ¡lobos cho coman!,
 o sanguesuga da carta.

- ¿Como estou eu? ¡Coma tres
 30 cunha zoca na pucharca!
 Si é que toco, ¿cobrareí?
 ¿E si non toco? ¡Non paga!

- Pois... ¡ende ben! ¡Maus á angueira!
 e, si o punteiro me falla,
 35 co aire que sal do roncón,
 iremos suprimdo a falta
 do Gaiterirño de Lugo
 (que de Dios goce súa ialma).

11.- y-aquí

12.- d'alegrar

13.- Refírese a *Xerardo Castro Lamas*, propietario de *O Gaitero de Lugo*.

14.- raya

19.- xoya

20.- n'unha

25.- d'os // d'il

27.- ch'o

28.- d'a

30.- c'unha zoca n-a

35.- c'o ... d'o

37.- d'O

38.- y-alma

40 O ano mil novecentos
trinteseis é o da Alborada
do señor Soto Riguera
ou, ¡meigas fóra!, de Azaña.
(¡Aquelo de Casas Vellas
solo foi fume de pallas!...)

45 Aquí un contiño pequeno
que ó sapo mouro lle cadra:
¿dá moito leite a raposa?,
dicen que lle preguntaban
a un que a estaba muxindo,
50 porque non tiña outra vaca;
i o que a muxía repuxo:
¡mirádelle ben prá cara!...

Eu a do Gran Estadista (¿?)
téñoa (con perdón) gardada
55 nun fol, e si Danielciño
non quer tomar culleradas
daquel aceite rancioso
que de bacalao se chama,
¡enseñámoslle o santiño!,
60 i é tal a grima que apaña,
que o sorbe a miña cousiña
igual que o boi bebe a iauga!

Meu anxeliño de Dios,
¡conocemento lle marra!;
65 polo demais... os coeiros
da miña horta, i as laxas
saben que deixou de ser
católica toda España;
que desde os santos arderon,

40.- d'a

41.- d'o

42.- d'Azaña

43.- *Casas Vellas*: acontecementos tráxicos de Casas Viejas (Cádiz).

51.- y-o

52.- pr'a

55.- n'un

57.- d'aquel

60.- y-é

62.- boy // y-auga

65.- p6-lo

66.- d'a // y-as

- 70 medran as medas nas airas;
que os boletís xa non costan
mitá do que antes custaban;
que mesmo dá gloria ver
certos centros de insinanza
75 con dómines delambidos
e pimpinelas pintadas;
que ora os relós de pulsera...
(¿serán talismás que alcanzan
prós malpocados que os lucen
80 virtudes extraordinarias?);
que é milagroso o que aprenden
os teixugos (porque faltan
os jesuítas); que as portas
non necesitan de trancas;
85 que atan cas con longainza
os paxariños que cantan
a Internacional; que hay millo
e traballo ás carretadas;
que era o Cristo nas escolas
90 solenísima antigualla;
¡en fin!, que a mellor doutrina
é a doutrina que ora espallan
no mitín os do mandíl,
na plaia, as desarrendadas.
- 95 Mirando despacio as cousas,
pra que España seña Jauja,
¡que se repita o de Asturias
únicamente nos falta!

- No ano mil novecentos
100 trinteseis, que ás portas chama,
ou as cabras n'han dar leite
ou os do bienio nos salvan.

70.- n-as

72.- d'o

79.- pr'os

93.- d'o

94.- n'a playa

95.- d'espacio

96.- Para *Jauja* vid. nota a E 10.2.

97.- d' Asturias

Referencia á revolución de outubro de 1934 en *Asturias*.

102.- d'o

¡Hai que poñer o loureiro
no curutiño da casa,
105 visto que a obra grandiosa
xa casi está rematada!

Casares baile a muiñeira,
tire os foguetes Azaña,
i eu mollarei a palleta
110 pra que mellor sone a gaita.

E xa que estamos de festa,
xurádeme que as palabras
que de ora en diante vos diga,
hédelas tomar a chanza.

115 No ano mil novecentos
trinteseis, como Dios manda,
non se matará un mosquito,
non se roubará unha palla,
non se oirá un xuramento,
120 nin caerá na engrellada
ningunha miña estreliña,
agás que seña casada.

Os que hastra agora sorberon
papas moles na montaña,
125 vanse a fartar de chourizos
e cachucha con patacas.

Prohibirase nas mariñas
xantar sardiñas lañadas,

Os do bienio: as forzas de dereita organizadas en torno á CEDA, que gobernaron en España durante o chamado bienio negro.

103.- Hay

104.- d'a

107.- *Santiago Casares Quiroga*, natural da Coruña, foi ministro en varias ocasións e en 1936, ao acceder Azaña á Presidencia da República, ocupará a Xefatura do Goberno.

109.- y

111.- qu'estamos

113.- d'ora

119.- s'oirá

120.- *Engrellada:* trampa; Leiras recolle pola zona mindoniense o verbo *engrellar*, que traduce por 'enmarañar'.

i arenques, e mariquitas,
130 e camarós, e navallas.

En troques, vai a haber "tripas"
(que son mui republicanas),
e morcillas con almendra
igual que area nas plaias.

135 Os valecos i as valecas,
solo pra toma-la parva,
terán torrezmos de sobra
i ovos cocidos, e magras,
pois de zorollos e figos
140 non queren saber máis nada.

Esquencéuseme decir
que se multará ó que caia
na tentación de verter
nas cubas caldeiros de auga
145 lixosa, ou gatos difuntos
e solas de alparagatas...

Item máis: no trinteseis
as que con capizos arman
medeiríños, que fan vulto,
150 e furan co bico as chambras,
hanse de poñer de acordo
pra nunca argallar máis trampas;
e xa que o pimento é cousa
que á zorza mellor lle cadra,
155 pasarán de moda as crestas
i as boquiñas coloradas.

129.- y-arenques

132.- muy

134.- qu'area nas playas

135.- y-as

136.- tomala

138.- y-ovos

139.- Tamén Leiras recolle a palabra *zorollo*, que traduce por 'bruno'.

142.- caya

144.- d'auga

146.- d'alparagatas

149.- bulto

150.- c'o

151.- d'acordo

156.- y-as

Escolmaranse ferreiros
 i habilitaranse fraguas
 pra face-la permanente,
 160 entrecoller as pestañas,
 i emboutarlles o fuciño
 a tódalas parroquianas.

Perna que aparezca en coiro,
 vispa que andaré a rondala,
 165 i endexamáis descubertas
 se verán cabezas calvas,
 (pra canto máis certas cousas
 que os "antropófagos" tapan).

No ano mil novecentos
 170 trinteseis (que xa me ralla),
 convencerémonos todos
 de que é ben burro o que cava.

De balde algú miñas xoias
 dimos en chamarlle maula
 175 á política, unha mona
 raída e desvergonzada.

¡Chame, de seguida, ó cura,
 si lle mirou prás senaugas,
 o que seña escrupuloso,
 180 visto que o escrupulo mata!
 mais si tes peito de lobo
 pra non trousar as entrañas,
 si te amancebas con ela...
 ¡que ministerio te agarda!
 185 ¿Sudas na roza a camisa?

158.- y-habilitaránse

161.- y-emboutarlles

O vervo *emboutar* é traducido por Leiras por 'manchar, embadurnar'.

162.- tóda-las

163.- encoiro

164.- rondá-la

172.- que'é

173.- Debalde // xoyas

178.- pr'as

183.- t'amancebas

184.- t'agarda

¡Sorbe toda a vida papas!

¿Es lacazán e tramposo?
 Pois... pró poleiro te chama
 o deño, que te confunda,
 190 ¡xudío!, que non te pasmas
 de ver os cucos i as pitas
 coa Raposa, na varanda.

188.- pr'o

189.- *Deño* é unha das moitas denominacións do 'demo' recollidas no dicionario de Eladio Rodríguez.

191.- y-as

192.- co-A // *baranda*

Xuicio do ano 1937

¡Vaite e non volvas, ano do demo,
 lévete xuncras, ano de mal;
 trouxeches guerra, fames, traballos,
 loitas arreo, canto hai que dar!
 5 ¡Dios te perdoe, porque trouxeches,
 nas túas angurias, novas de pas:
 goberno, leises, cousas dos vellos
 que xa coidábamos non viñan máis!

10 ¡Ano de mil novecentos
 e trinta e seis a mediar,
 andan os tempos revoltos;
 qué Dios os faga virar!
 Erguérase a xente, non
 quedaba xa tris con tras;
 15 todos a mallar en un,
 todos a ver quen é máis.
 Todo era de todos;
 calisquera nugallán.
 levaba o lugar por diante
 20 moi caballero a mandar,
 feito un alcalde pedáneo

Métrica

Romance, 8, menos vv. 1-8 (decasílabos) e v. 9 (hendecasílabo); a rima é en -á nos vv. 1-98 e en i-a nos vv. 99-142.

Edicións anteriores

O Gaitero de Lugo, Lugo, 1937.

Os tres "xuicios do ano" correspondentes ao período da guerra civil non leva indicación do nome do autor, debido, posibelmente, ao seu forte carácter político e comprometido co bando sublevado (30); tamén presentan incoherencias no sistema gráfico empregado habitualmente polo autor, que poden ser debidas a terceiras persoas.

Variantes e comentarios

17.- Este verso non é octosílabo; pode haber un erro de impresión, pois o poeta, magnífico versificador, non soe ter estas alteracións métricas.

polo Frente Popular.

- Chegara xa o comunismo,
era cousa de mirar:
- 25 a moza está feita un mozo,
o mozo sabe de máis,
a nai metida na horta,
o pai cas faldras da nai.
- Os rapaciños da escola
- 30 xa non saben saudar:
agora erguen o puño,
como quen a figa fai,
e co caravel na orella,
moi repostos, en lugar
- 35 do "Boas tardes nos dé Dios"
espetábanlle a un sin máis:
"U. H. P., proletario,
tenga salú camará",
que era moda dos madriles
- 40 i a moda mandaba máis
que o que viña na cartilla
i o que gobernan os pais.
"Moito runflan, decíamos,
moito lles vai a pesar".
- 45 Daqueles meses, gaitero,
eu asmo, falando mal
que inda quedan moitas pragas
que teremos que aturar:
moito fillo das silveiras
- 50 que deixaron por criar,
moita esmorga á nosa conta,
que quedara por pagar

22.- pol-o

O *Frente Popular*, que agrupaba ás forzas de esquerda e progresistas, entre as que formou parte o Partido Galeguista, gañou as eleccións de febreiro de 1936, uns meses antes de que se iniciase a guerra civil.

37.- U.H.P. era a Unión de Hermanos Proletarios, integrada pola UGT e a CNT, que convocou en 1934 a folga xeral revolucionaria despois da designación de tres ministros da CEDA.

40.- i-à

A alteración gráfica do texto do autor fica evidente en *i-à*, que Noriega nunca empregaba, senón *y-a*.

42.- i-o

Claudio Rodríguez Fer cita os vv. 23-42 para afirmar: "Noriega tracexa unha imaxe caótica do período gobernado polo Frente Popular, que describe a través do tópico do mundo ao revés e da insubordinación revolucionaria da xuventude ante a tradición dos vellos" (31).

i algún paxaro vermello
que anda ca muda... a virar.

- 55 Ano de mil novecentos
é trinta e seis a mediar,
armouse a de Dios es Cristo
por non ir a cousa a máis.
Pas con pas, guerra con guerra,
60 que eí vos ven o lubicán;
desta feita todo o mundo,
xunto o mouro co cristián,
i o español co portugués,
contra o comunismo vai.
65 ¡Quen te dixera, gaiteiro,
que por Lugo habían de andar
os mouros, que de tan lonxe
nos viñeran axudar!

- Galicia lévase o ramo
70 nesta batalla campal:
¡Alá van nosos soldados,
eí vai nosa mocedá!
Polas Castillas adiante,
na Extremadura, i alá
75 na Andalucía garrida,
i en Irún, i en San Marcial,
e nas Asturias de Oviedo
e no frente catalán,
están fillos de Galicia,
80 pola Terra a pelear.
Coeles se colle Gijón,
con eles se pode entrar,
en Madrí, que por ruín
mereceu tal mortandá.
85 Para soldados, Galicia,
dos que ben saben loitar;
para mariñeiros nós,

53.- i-algún

54.- Tampouco o autor emprega nunca *ca*, senón *co-a*.

63.- i-o

65.- Tamén é estraño este caso de *telismo*, que non se dá no autor.

74.- i-alá

76.- i-en // i-en

80.- pol-a

81.- Co-eles

que, como quen vai a mar
 encher de peixe o aparello,
 90 sabemos cos bous catar
 submarinos i afundilos,
 para sempre endexamais.

¡Mariñeiros de Galicia,
 mariñeiros, os que van
 95 no "Cervera" e no "Canarias"
 e no "España" a navegar!
 ¡Son moitos mariscos estes
 tabeirós do noso mar!

España polos gallegos,
 100 que temos folgos i ardicia,
 e por si foi pouco dare,
 dar os fillos que un mantiña;
 eí vos van vacas leiteiras,
 e xamós para a cociña,
 105 caixas de ovos... a centos
 e milleiros de sardiñas.
 Queredes homes, van homes,
 queredes mantenza, axiña,
 todos temos, damos todo,
 110 todo menos... as galiñas.

E xa que de todo temos,
 eí vos vai, pra que vos rixa,
 o noso xeneral Franco,
 que vale, se ben se mira,
 115 por todos nós xuntos, pois
 tén por todos valentía
 e saber, i autoridá,

91.- i-afundilos

98.- tabeiróns

Modificamos a forma *tabeiróns* da edición, pois temos constancia expresa de que o autor rexeitaba este tipo de plurais (vid. B, portada).

99.- galegos

O autor emprega sempre *gallego(s)*, pois a forma *galego* é consecuencia dos intentos renovadores da lingua que introduciron as "Irmandades da Fala" e que Noriega tamén expresamente rexeitou (vid. I.2.3).

100.- i-ardicia

104.- xamóns

O mesmo caso que *tabeiróns*, v. 98.

117.- i-autoridá

i o que cumpre ter na vida.
 ¡Por que naceu no teu chan
 120 madia levas, Nai Galicia!

Non agardedes desde o ano
 que escomenza, mellorías
 que farten, nin bes a rego;
 que pra todo cumpren días
 125 e non chega a man do santo
 do ceo, que mellor sirva,
 pra enmendar erros tan fondos,
 pra endereitar tanta avinza.

Se inda veñen males, cala,
 130 que piores te virían,
 se non viñese un goberno
 a mellorarnos a vida.

E no que che veña bēn,
 que non vai ser pouco, mira
 135 a quen nos está mirando
 e sobre todos domina.

E dille na nosa fala
 ó rematar cada día:
 "Se o mal se trocou en ben,
 140 é que da túa man bendita
 non deixaches nestes tempos
 a túa terra de Galicia".

118.- i-o

121.- desdo

123.- bens

Tamén neste caso corriximos para a forma *bes*, utilizada sempre polo autor: cfr. M 6.21.

130.- Novo caso de *teísmo* estraño á lingua do autor.

138.- ao

Tampouco o autor emprega esta forma de representación da contracción.

36

Xuicio do ano 1938

Ó gaitero neste ano
 xa non hai quen o resista:
 leva blusa falangista
 e boina de requeté,
 5 o seu fusil, a súa gaita,
 e pra achantar ó marxista
 o pulso rexo, outa a vista,
 peito duro e moita fe.

O gaitero está no fronte
 10 por España a guerrear.
 E sempre, coma decote,
 pendente do tempo está.
 Denantes sempre coidaba,
 vendo o tempo revirar,
 15 si a chuvia meraba a froita,
 si o vento levaba o gran,
 si o trono rachaba as fontes,
 si a brétema do serán
 viña magoar a colleita,
 20 que o sol puña a madurar...
 Hoxe todo se lle volve

Métrica

Tiraxe inicial de 8 versos octosílabos (-aab-aab).
 Romance, 8 (-a-a) con rima en -á.

Edicións anteriores

O Gaitero de Lugo, Lugo, 1938 (32).

Variantes e comentarios

Claudio Rodríguez Fer sinala que "o xuicio de 1938 comenza cun ton enfaticamente belixerante" para afirmar a continuación que "Noriega insiste patrioteiramente no valor dos soldados galegos e na importante contribución alimentaria de Galicia, exaltando ao xeneral Franco como Caudillo" (33).

1.- A o

2.- hay quen-o

6.- a o

11.- de cote

ver si o tempo vén ou vai,
 e pensa si a chuvia o colle
 na avanzada do pinal,
 25 si a iauga lle cala os ósos,
 si o frío lle xía as mans,
 si o vento lle leva a ialma
 cara o lecer do fogar...
 O gaitero, que é soldado,
 30 vive soio pra loitar;
 el, que sabe das tempías,
 co tempo veu guerrear.
 Avanza si fai bo día,
 detense co temporal.
 35 Chora ca chuvia, e ben canta,
 si Dios manda o sol raiar;
 e "cara o sol", co bo tempo,
 camiño adiante se vai,
 namentras fuxen os roxos,
 40 i o cañón ven a zoar,
 como brúan os balbordos
 das ondas na beiramar,
 e voan, como paxaros,
 os avións polo ar.
 45 ¡Mulleres da nosa terra,
 si vindes a follear
 estas follas do "Gaitero",
 por si o tempo vén ou vai,
 pedídelle a Dios que mande
 50 o mellor para adiantar
 e, si se revira o tempo,
 cando brúe o temporal,
 lembrádevos dos soldados
 que loitan polo seu lar
 55 e saben que na súa terra
 hai quen esté a traballar,
 por abrigar o seu frío,
 pra quentar súa señaardá!

25.- i-auga // hosos

27.- i-alma

40.- i-o

42.- veiramar

44.- pol-o

54.- pol-o

56.- hay

- 60 Polo que escriben da terra
 a este ano, Santo e Triunfal,
 non se lle pode facer
 xuicio que o veña noxar,
 pois, de certo, santo e bo,
 foi e veu a mellorar
 65 o difunto novecentos
 trinta e seis, que por xamais
 dos xamases, abrenuncio,
 se nos volva a presentar.
 Bo ceo, mellor colleita,
 70 pas na aldea e no fogar;
 non houbo preito nin crime...
 nin tempo de mormurar.
 Choros polo fillo ausente,
 bágoas polo que se vai,
 75 inquedanza do fêrido
 que se queixa no hospital,
 ledicia que trai a carta
 do fillo que está a loitar,
 contento do que retorna,
 80 con permiso e que trai
 feixes de novas da guerra
 e degoiro de tornar,
 e que, como volver ledó,
 é un consolo para os pais...
 85 Moitos traballos prós vellos,
 guerra para a mocedá,
 e saudades prás mulleres
 -a nai, a moza, as irmáns-
 rezos de todos, e sempre,
 90 porque ó irmán, ó mozo, ó fillo
 Dios o traia da súa man...
 Este é o ano trinta e sete.
 Así veu, e así vai.

- O mellor xuicio do ano
 95 é o que de Galicia fan

-
- 59.- Pol-o
 73.- pol-o
 74.- pol-o
 85.- pra os
 87.- pra as
 90.- ao ... ao ... ao
 91.- traya

- por eses mundos de Dios,
 ¡i abofellas que é gabar!
 O gaitero moito viu
 por esas terras a andar:
 100 foi de un fronte para outro,
 andivo de mar a mar;
 por tódolos sitios viu
 o que hoxe Galicia val.
 Cando un di "Son de Galicia",
 105 ¡madia leva no falar!
 Oise decir que os soldados
 gallegos non teñen par,
 i évos dito moi sonado,
 porque o dixo o General.
 110 Oise decir que Galicia,
 cas súas leiras i o seu mar,
 pode manter os exércitos;
 i é falado con verdá,
 porque o dín en Intendencia,
 115 que leva a conta cabal.
 Oise decir que Galicia
 tiña nun tempo da man
 a historia do Imperio vello
 que se vai logo anovar.
 120 I esto o decía na radio
 un poeta a platicar.
 Eso é o que escoita o gaitero
 polas terras onde vai.
 E lembrándose que Franco,
 125 o Caudillo, e seu irmán,
 de terra i armas, ben pode
 con todo o folgo berrar
 "Terra a Nosa", que é decir
 que Galicia vai trunfar

97.- y-abofellas

102.- todol-os

107.- galegos

Para esta modificación vid. nota a PNR 35.99.

108.- i-évos

111.- i-o

113.- i-é

120.- I-esto

123.- pol-as

126.- i-armas

130 por España e pola causa
do Goberno Nacional,
neste ano trinta e oito
que se vai a començar;
— e Dios faga que nos traia
135 o trunfo, a gloria i a pas.

A Sanjurjo. No Estoril.

I

A musa que en lusitana
terra vos ve, xubilosa,
é viril, porque é serrana.

5 Si xa despiden máis brillo
vosas cruces, a brañega

Métrica

13 tercerillas, 8 (a-a).

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 434, 12.6.1938; CRF.

En VA leva unha nota final que di: "Amnistiado el Excmo. Sr. D. José Sanjurjo Sacanell, Noriega Varela tuvo el alto honor de ofrecerle esta poesía, en gallego.

A la fineza del Cantor de la montaña correspondió el destemido, gloriosísimo español, enviándole una preciosa fotografía suya con cordialísima dedicatoria, el 24 de agosto de 1934".

Tamén figura en VA, ao final do poema, «Santa María de Chavín».

Variantes e comentarios

En VA vai precedido do seguinte texto: "Nuestro distinguido amigo D. Antonio Noriega Varela, laureado autor de esta poesía, es aquel Maestro Nacional que en los nefastos días de la República no claudicó en la cuestión del Crucifijo, negándose resuelta y reiteradamente a quitarlo del sitio principal en que estaba colocado, a pesar de que las circunstancias eran entonces totalmente adversas a esta actitud suya.

Dice más este hecho en favor del Sr. Noriega que largas páginas encomiásticas.

La hermosa composición con que hoy nos honra es lo que podemos llamar una poesía precursora: los vapores de la ciénaga no han impedido al poeta intuir los fulgores de la España que resurge. De ahí que algunos de sus tercetos parezcan escritos en pleno movimiento nacional".

0.- *José Sanjurjo*, Pamplona, 1872-Estoril, 1936), foi xeneral desde 1920 e como tal en 1932 sublevouse contra o réxime republicano, sendo condenado a morte en consello de guerra pena que lle foi conmutada pola de cadea perpetua. Coa subida ao poder das dereitas foi amnistiado e marchou para Estoril. Alí morreu en accidente de aviación o 20 de Xullo de 1936 cando se dirixía a tomar o mando da sublevación militar.

Estoril, vila próxima a Lisboa.

3.- *porqu' é* VA, CRF

4.- *más* VA, CRF

tamén trai cruz no xustillo...

Pola Cruz, e por quen eres,
déixaa bradar: ¡vive España,
gracias a Dios, i as mulleres!...

10 Tu, Héroe... ¡I adiós valente!
(inda que decilo teña
rasgando a cofia cos dentes).

15 Isolada a bizarría,
cubreunos "A Negra Sombra"
que magoara a Rosalía.

Oculto o Sol do teu Nome,
España foise abatendo
palmo a palmo, i home a home.

II

20 ¡Surxa, noraboa, e vibre,
e con lágrimas enxoie
o gozo de vos ver libre!

¡Mais canto, ai Dios, nos intresa
non esquencer que inda sigue
a mai do Caudillo presa!

25 A mazmorra...¡logia escura!
i os carceleiros da Patria,
masós, de ruín catadura...

Señor, ¡non pareu vasallos
pró demo Terra que cría,

7.- Pó-la VA, CRF

9.- y-as VA, CRF

10.- Y-adios VA; Y adios CRF

12.- c'os VA, CRF

16.- d'o VA, CRF

18.- y-home VA, CRF

20.- enxoye VA, CRF

22.- ay VA, CRF

23.- qu'inda VA, CRF

24.- d'o VA, CRF

26.- y-os ..., d'a VA, CRF

29.- pr'o VA, CRF

30 entre os penedos, carballos!

Soñemos, pois, que xa chega
pra lles presentar batalla
a Mocidade Gallega.

35 Eles... ¡intrépidos!, i elas...
¡promptas a escudir o ceo
pra coraalos de estrelas!

Inda que, pra endreitar tortos,
¡Tu solo, o arroxos entre os vivos,
i a fe puxante dos mortos!

30.- entr'os VA, CRF

34.- y-elas VA; y elas CRF

35.- ceyo VA, CRF

Escudir está usado nun sentido figurado: sacudir o ceo, como se fose unha árbore con froitos, para que caian estrelas.

36.- d'estrelas VA, CRF

38.- entr'os VA, CRF

39.- y-a VA, CRF // d'os VA, CRF

38

¡Alma da raza!

*Para «La Coral Polifónica de Lugo»
(1934)*

CORO

Das raioliñas da lúa,
ufanía do pinar,
ó festexarte, Galicia,
non se esquece a mocedá.

ESTROFAS

I

- 5 ¡Arte divino! -estrelado
 ceíño-, sorrindo está.
 A Enmeigadora..., propicio
 fulxe pra nos ispirar
 férvidos sons que a zunida
10 dos pinos recordarán.

II

Enxoien nosas cántigas
lágrimas que a aurora vai
espallando sobre as frores

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en -á.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 443, 13.8.1938; CRF.

Variantes e comentarios

- 1.- D'as rayoliñas d'a VA, CRF
2.- d'o VA, CRF
6.- ceyiño VA, CRF
10.- d'os VA, CRF
11.- Enxoyen VA, CRF

- mareliñas do toxal,
15 ¡je surxa o sol!: en diamantes
o orballo se quer trocar.

III

- ¡Cantemos!; nosos ousados
acentos exalten xa
a paz augusta dos cimbros,
20 o ledo acougo do val
e a firmeza dos varudos
roxedos que tunde o mar.

IV

- ¡Alma da raza, túa imaxen
ora a ternura, sin par,
25 da almiña de Rosalía,
ora o vigor de Pondal.
¡Cantemos!, nosos acentos
virilmente soarán.

CORO

- Mais... das raiolas da lúa,
30 ufanía do pinar,
ó sublimarte, terríña,
non se esquece a moxedá.

14.- d'o VA, CRF

19.- d'os VA, CRF

20.- d'o VA, CRF

21.- d'os barudos VA, CRF

22.- *Roxedos* pode ser un erro tipográfico ou ben tratarse dunha translación inconsciente da fonética do portugués; con esta forma non a achamos rexistrada; seguramente debería ser *rochedos*.

23.- d'a VA, CRF

25.- d'a VA, CRF

25.- Así como o nome de Rosalía aparece con relativa frecuencia nos poemas de Noriega, xa desde os primeiros momentos (cfr. M 1.26), a mención explícita de *Eduardo Pondal*, o bardo de Bergantiños, só se fai aquí. A valoración da poesía do autor de *Queixumes dos pinos* vai ir en aumento por parte de Noriega, que ao final da súa vida declara a súa preferencia por el, por riba da propia Rosalía (vid. III.5.4). Inclusive Otero Pedrayo afirma que o coñecemento profundo da obra de Pondal levou a Noriega cara a un maior compromiso co país (34).

29.- d'as rayólas d'a VA, CRF

30.- d'o VA, CRF

39

Xuicio do ano 1939

-¿Onde vai o meu gaitero,
meu gaitero onde ti estás?

5 -Andiven por lonxes terras
camiñei de mar a mar,
dende as Asturias de Oviedo
á plana de Vilarreal,
dos montes irtos do norte
ó leste de terras chans,
10 sempre en loita, miña prenda,
sempre na guerra a trunfar.

-Moito andiveches gaitero,
pouco poideches tocar.

15 -Inda non perdín os folgos,
nin me esquece o repicar;
con outros trinta gaiteros,

Métrica

Romance (vv. 1-58), 8 (-a-a) con rima en -á.
10 pareados (vv. 59-78), 14 (AA) (35).

Edicións anteriores

O Gaitero de Lugo, Lugo, 1939.

Igual que os dous anteriores "xuicios do ano", este tamén figura sen indicación de autoría, que lle foi atribuída por Claudio Rodríguez Fer, baseado no testemuño de Filgueira Valverde, quen tivo participación activa na elaboración destes tres números saídos durante a guerra civil (36). Este texto tampouco se corresponde co código lingüístico-ortográfico utilizado por Noriega ao longo de toda a súa actividade poética, o que nos obriga a algunha modificación do mesmo, só en casos moi evidentes.

Variantes e comentarios

Claudio Rodríguez Fer afirma: "Na mesma liña temática, o xuicio de 1939 mostra ao gaitero 'sempre na guerra a loitar', sacrificándose con satisfacción, posto que, como nos vellos tempos, 'os costumes voltan xa'" (37).

nas festas do San Froilán,
desfilei co reximento
polas rúas da ciudá...

20 -Seica toleas gaitero,
tropa con gaitas á par;
na miña vida tal vin,
¡no mundo ouvín cousa igual!

25 -Non toleo, miña xoia,
así foi e así será,
así fixeran os vellos
i os costumes voltan xa.
Eso quereche decir,
eso quereche amosstrar,
que o gallego toca e loita
30 como esta terra nadal,
que sabe xuntar a un tempo
pulo e son, forza e saudá,
que sabe sorrir ó dor
que sabe esperta soñar,
35 que é rexa para sufrir
e leda para cantar.

-¿Dime o teu xuicio, gaitero,
do ano que finou xa?

40 -Foi mellor que o trinta e sete,
i o que vén o ha mellorar.
Ano de guerra, houbo pas;
de sequía, i houbo pan.

Si ceo roxo anunciou
sangue de guerra mortal,

16.- As festas do *San Froilán*, patrono da cidade, son as máis importantes de Lugo e celébranse a principios do mes de outubro.

18.- **pol-as**

26.- **i-os**

29.- **galego**

Segundo se viu anteriormente, nestes "xuicios do ano" saídos durante a guerra aparecen as formas *galego* e *galegos* que o autor nunca empregaba; vid. nota a PNR 35.99.

33.- **ao**

40.- **i-o**

42.- **i-houbo**

- 45 un ceo azul sen nubes
 dou sinal da longa pas,
 pola que loitan os mozos,
 pola que choran as nais.
 Si negros loitos nos trouxo
 50 non se pode maldizoar,
 pois cas penas o consolo
 soupo de cote envoltar.
 Ano Santo, que é decir
 do sufrir e de loitar,
 55 de martirios e de glorias,
 de padecer... e trunfar.

-¿Dime agora que é o que podes
 para o futuro albiscar?

- Adiviño o porvir polos signos do escudo;
 60 cruces, calis e hostia falan de un vivir duro:

signos de sacrificio, non de vida levián,
 espellan o futuro deste pobo cristián.

Mais o calis da Ofrenda, cheo das nosas doores
 vexo subir ó ceo, ó Pai dos pecadores;

- 65 Cristo, ca pasión súa, ó seu Pai o presenta
 e nas ialmas coitadas firme esperanza alenta.

Así tódalas doores son prenda de ledicia
 i anuncian a ventura dos fillos de Galicia.

Vexo a estrada do Apóstolo cuberta de romeiros,

47.- pol-a

48.- pol-a

52.- de cote

59.- pol-os

Sobre o cambio métrico que se produce a partir deste verso afirma Claudio Rodríguez Fer: "Non obstante, na metade do poema Noriega abandona a métrica romanesca e adopta o pareado alexandrino, moito máis solemne, para referirse ao ano que comenza, que augura 'duro', pero esperanzador por mor do alento relixioso 'deste pobo cristián'" (38).

64.- ao ceo ao

65.- ao

66.- i-almas

67.- total-as

68.- y-anuncian

70 como os que noutro tempo enchían os vieiros,

vexo montes cubertos pola frouma dos pinos,
a cantar vagarosos os seculares hinos,

vexo campos vizosos e froitosos pomares
e videiras cargadas e quentor nos fogares,

75 i os gallegos sofridos, trunfando nas campañas
i agarimada a terra que é nai das Españas.

Tal é o que o escudo anuncia para o ano vindeiro
e que o Señor confirme os soños do Gaiteiro.

71.- n'outro

71.- pol-a

75.- i-os gallegos

76.- y-agarimada

78.- A continuación deste último verso figura escrito con maiúsculas: «Gallegos,
con Franco: ¡Arriba España!».

40

Pró meigo que pronosticou bo tempo prás San Lucas
(Fala un galopín da Mariña)

Veño a ofrendarche unha alcuza
(pra cando haxa aceite), ¡oh meigo!,
que desde que as fas te escondes
no fondo dun agulleiro;
5 e que o teña á mau pra untarte
túa dona, che recomendo,
tralas fregas que te agardan,
xa que chas pide o pelexo.

¡A bocadiños tẽ coman
10 os lobos, gran embustero!

Tu dixeches na «Vallibria»
que íbamos a ter un tempo
delicioso prás San Lucas,
¿I acertache? ¡Doute ó demo!...

15 Tódalas lebres corridas
que se emboutan con unguentos,

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-o.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 503, 28.10.1939.

Ao final do poema consta: «Copiou, Antonio Noriega Varela. Santa María de Chavín, 18-10-39» (39).

Variantes e comentarios

0.- Pr'o // Pr'AS // d'a

4.- d'un

7.- trá-las // t'agardan

8.- ch'as

13.- pr'As

As *San Lucas* son as festas patronais de Mondoñedo, que se celebran cada 18 de outubro.

14.- Y-acertáche

15.- Tóda-las

cantos graxos hai na vila,
 i este cabeza de vento,
 no teu agoiro fiados,
 20 moito, ás escuras, corremos
 pra amencer o dazasete,
 enxoitos, en Mondañedo.

Cantaban as pimpeliñas
 i atruxamos nós, tan recio,
 25 que xa as nubes, de mal aire,
 nos aires se remexenon...
 I, hastra Boimente, ¡un carrizo
 bebe as gotas que caeron!

Mais, de súpeto, un fresquiño;
 30 tras do fresquiño, un lostrego;
 logo, retumbo de tronos;
 ¿e dempoixas? ¡Dios del cielo!
 Auga a xarros, a canados,
 a barreñós; ¡a caldeiros!
 35 i en medio «del gran diluvio»,
 eu i outro decindo, a berros:
 -¡Non é semente de toxo!
 -E logo, ¿que cán?
 -¡Zamelos!...

.....
 Como as duchas nos deixaron...;
 40 por canto val un becerro,
 ¡non quixera eu que nos vise,

18.- y-este

22.- Cfr. o uso de *Mondañedo* en M e aquí con *Mondoñedo* nos poemas de E; vid. nota a M 3.58.

24.- y-atruxamos

26.- Cfr. *remexenon* con *foxinon* en M 3.11; vid. nota a este verso.

27.- Y-hastra

Boimente: freguesía do municipio de Viveiro.

30.- d'o

35.- y-en

36.- y-outro

38.- *Zamelos*, en singular, vén recollida por Leiras xunto con *grauxo*, traducíndoas por 'castaña cocida con corteza', definición coincidente coa que dá Eladio Rodríguez.

pingando, O Bruxo d'os ermos!;
 pro, si as contas no me fallan,
 a noite en que atrape ó meigo
 45 xúrolle a palla dos nabos,
 (e tamén a do centeio),
 que lle hei de untar ben os ósos
 ¡e máis non ha de ser con sebo!...

42.- Fai referencia a Celestino Cabarcos Suárez, crego que colabora constantemente en *Vallibria*, asinando como «*O Bruxo d'os ermos*» uns textos rimados de carácter satírico e humorístico, que levan por título "Cóxegas".

45.- d'os

46.- d'o centeyo

47.- ll'hei d'untar

Pró mago da "Vallibria"

Mago, meigo, ou feiteceiro:
 xa en balde a esquiliña túa
 ó galopín das Mariñas
 raiolas de sol lle anuncia
 5 pra que apañe máis castañas
 das que anazcou por San Lucas...

O galopín das Mariñas
 finouse das molladuras,
 i as levadas e traídas
 10 que con el foron de túna
 (agás a que bota as cartas),
 ¡todas che arriman a culpa!

Eu son a dos pajaritos
 sabios: presteille unha alcuza

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en u-a.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 506, 18.11.1939.

Leva as seguintes anotacións ao final do poema: «Y extractóu, Antonio Noriega Varela / Santa María de Chavín, 13-11-39. Ano d'a Victoria».

Variantes e comentarios

0.- Este texto e todos os que veñen a continuación publicados en *Vallibria* levan como antetítulo "Informes litterae".

3.- d'as

Galopín das Mariñas é denominación que se dá a si mesmo o poeta, como se viu no texto anterior, que leva no título "Fala un galopín das Mariñas".

4.- rayolas // ll'anuncia

6.- d'as

Anazcou: o verbo *anazcar*, como recolle o dicionario de Estravís, é unha variante do máis común *anozcar*, 'facer un pequeno corte às castañas para que non estalen ao asá-las'.

7.- d'as

8.- d'as

9.- i-as

13.- d'os

15 ó defuntiño, e parece
 que cha vendeu, sin ser súa...
 ¡Non a perdas, nin ma croques!
 e sinón... ¡verás que rumba
 bailamos os dous!..

¿I os graxos?

20 Queren comerche a asadura!;
 mais saberás, argalleiro,
 que inda hai «carcas» que te chufan
 «por lo bien» que enveredache
 inocentes criaturas,
 25 pra que coa iauga «al pescuezo»
 renegasen das San Lucas.

(A moza dos paxariños
 aquí esgallouse ã pruma).

17.- No na
 19.- Y-os
 22.- hay
 25.- co-a y-auga
 26.- d'As

Pra Maruxiña da Ameixoeira

Maruxa Carballo Castro,
 ¡El-Señor sea contigo!
 xa que eres unha rapaza
 que non perdíche o sentido.

5 Delambéndome de gusto
 releín os teus versifios,
 si prás pendongas amargos,
 prás modosiñas melifluos.

10 Teu numen é un namorado
 da albura dos brancos lirios,
 das folerpiñas da neve,
 das contiñas do rosío,
 e do azul que, nun descuido
 dos anxos, furtou Murillo

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en i-o.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 508, 2.12.1939 e nº 509, 9.12.1939.

Estas dúas edicións consecutivas do mesmo poema presentan significativas variantes, que anotaremos, para o que, ao coincidiren no ano, as distinguiremos polo día: VA2 e VA9. Na primeira leva ao final «Antonio Noriega Varela. Socio numerario de la Real Academia Gallega / Santa María de Chavín» (40), na segunda só o nome e a localidade; en VA9 non leva o antetítulo "Informes litterae".

Variantes e comentarios

0.- da Amexoeira VA2; d'a Ameixoeira VA9

7.- pr'as VA2, VA9

8.- pr'as VA2, VA9

10.- d'albura d'os

11.- d'as ... d'a VA2, VA9

12.- d'as ... d'o VA2, VA9

13.- e d'o azul, que pra ser manto VA2 // d'o ... n'un VA9

14.- d'a Virxen, furtou Murillo VA2 // d'os VA9

Barolomé Esteban Murillo (Sevilla, 1617-Cádiz, 1682) foi un pintor barroco español de delicada espiritualidade, patente nas sus obras relixiosas.

15 pra espléndido, airoso manto,
da Emperadora do empireo.

¡Que lonxe túa honestidade
desas cabezas de grilo
cunhos guedellos de cabra
20 cor de limón esvaído!

Labios que lembran a zorza
en adobo prós chourizos,
livideces de difuntos
baixo dunhos ollos bizcos,
25 un lunar nunha meixela,
que é a queimadura dun mixto,
dez unñas, garras ou garfios
com'os carbós encendidos,
e unha sayiña rabela
30 -i a desvergonza dos chitos-,
pra que as canelas, sin medias
señan do pudor ludibrio.
¡Aí tes, Maruxa Carballo,
a figura do enemigo!
35 (Solo lle borrei as cornas
i o que o emparenta cos micos.)

Garrida tu, branca rosa,
que pos os cinco sentidos
nos cravos, e na coroa
40 de espiñas de Xesucristo,

15.- Os vv. 15-16 non figuran en VA2.

16.- da Emperadora d'o empyreo

18.- d'esas VA2, VA9

19.- c'unhos VA2, VA9

22.- pr'os VA2, VA9

23.- a libidez d'os difuntos VA 2

24.- d'unhos VA2, VA9

25.- n'unha

Os vv. 25-28 faltan en VA2.

26.- qu'é // d'un

29.- e unha saya ben rabela VA 2

30.- (sin vergonza nin d'os chitos) VA2 // y-a desvergonzada d'os VA 9

32.- sean VA2 // d'o VA2, VA9

33.- Ahí VA2, VA9

34.- a fantasma d'o Enemigo VA2 // d'o VA 9

35.- Os vv. 35-36 faltan en VA2.

36.- y-o // c'os

37.- Aguda tú VA 2

que pra arrincarllas quixeras
 ser anduriña, ter pico,
 si ves que pelan as cexas
 aldáldoras sin xuicio,
 45 e que me has gloriar cantando
 este cantariño lindo
 cando, co fol na cabeza,
 volvas, co can, do muiño,
 mentras a lúa vaguea
 50 por entre as pólas dos pinos:

«-Dime, ¿con que auga te lavas,
 que che reloce o carrillo?
 -¡Lávome con auga crara
 da que corre polo río!...»

44.- *Aldáldoras*: Noriega recolle en B (s. v. SER) a expresión *é unha boa aldáldora* "para declarar que es una mujer de punto"; Eladio Rodríguez cita a Noriega como fonte e explícaa así: "Dícese de la mujer casquivana o de poco juicio".

45.- *que me has de gloriar cantando* VA 2

48.- *días volta d'o muiño* VA2 // *c'o ... d'o* VA 9

49.- *vagueya* VA 2

50.- *entr'os harmoniosos pinos* VA2 // *entr'as polas d'os* VA 9

54.- *pó-lo* VA2, VA9

Este cantar popular tamén o reproduce o autor en carta de 1926 (cfr. III.6.1.23), precedido destas palabras: "Horror!! Las carpazonas que yo cortejara ni se pintaban ni se lavaban, y si, cuando se repica gordo, alguna vez lo hacían, bien pudieran responder, con montañesa ufanía, a quien le preguntase...".

43

¡Moito te amo!

A trochemoche, botanto raios,
eí van, consocias, máis «garabatos»
pró pintamonas desapiadado
que do enemigo fixo un retrato.

- 5 Di, noraboa, ¡oh estrafalario
cantor das tristes froles dos cardos!,
que hai Maruxiñas que lembran astros,
variñas verdes, neve dos altos,
i arcos da vella, sartas de orballo,
10 e cabrinfollos e repinaldos...

- Ponte no bico dos zocos lampos,
chafalleiriño, pra lembrarnos
que si Dios pinta i enmenda o diabro...,
samente antroidos quedan no cuadro;
15 mais ese pero (que leva rabo)
eu non cho quero nin regalado.

Métrica

Serie épica, 10 (AAAA...) con rima en a-o.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 510, 16.12.1939.

Leva as seguintes anotacións finais: «Unha boa rés / Acusa o recibo, Antonio Noriega Varela / Santa María de Chavín, 11 de Nadal 1939. Ano d'a Victoria».

Variantes e comentarios

- 1.- rayos
- 2.- ehí
- 3.- pr'o
- 4.- d'o
- 6.- d'as // d'os
- 7.- hay
- 8.- d'os
- 9.- y-arcos d'a // d'orballo
- 11.- d'os
- 13.- y-enmenda
- 16.- ch'o

Vaite ás carreiras, vai ofrendarlllo
 ás que, á mau tenta, se fan pallasos,
 (trás ser máis lindas que a rosa en maio).

- 20 Ora as que somos de tres ó carto,
 lámparas mouras e maroutallos,
 de mui bon xeito pra ispir borrachos,
 co olliño aberto pra atrapar fatuos,
 cheas de engurras, cangadas de anos,
 25 i a traza horrenda dos espantallos,
 ¿por que non hemos, ruín paisano,
 mal que che pese, de mascararnos?

- Barras, natillas, presas de trapos,
 a brillantina prós pelos lacios,
 30 cal en caixiñas, o zurro en frascos,
 i outros mil botes de ungüentos raros
 en frescas rosas trocan ós sapos...

- ¡Ai, mundo, mundo, canto eu argallo,
 i os pintarroxos non cán no lazo!
 35 Ai, volitiña, ¿quen será o parvo
 que a min me diga, lagrimexando,
 cun ollo aberto, i outro zarrado:
 ¡Moito te quero!
 ¡¡Moito te amo!!

19.- mayo

21.- Recolle o autor en B, s.v. SER, a expresión *é unha lámpara moura* "para hacer saber que una mujer no es aseada" e *é un maroutallo* "para declarar que es desaliñada" (para *maroutallo* vid. nota en B).

22.- muy

23.- c'o // pr'atrapar

24.- d'engurras // d'anós

25.- y-a // d'os

29.- pr'as

31.- y-outros // d'ungüentos

33.- Ay

34.- y-os

35.- Ay, bolitiña

37.- c'un // y-outro

Ao final do poema figura no lugar reservado ao autor "Unha boa rés", expresión recollida en B, s.v. SER, "para declarar que es mujer de punto".

Pouquiño a pouco...

5 A boa alhaxa, que agora esfogo,
tras xuntar moitos gueipiños de ovos,
é un zorro vello...: mais o seu coiro
-xa que hai madamas botándolle o ollo-,
non é cordura tiralo ós corvos.

 ¡Oh embulleirado ronda-cabozos!,
ben andiveche coa honradez torto;
pro, a fin de contas,
no meu terbello deixache os folgos.

10 Mentras dos Santos, coma do fogo,
ibas fuxindo, co demo ó lombo,
pra axar toliñas, pra xurar moito,

Métrica

Serie épica, 10 (AAAA...); o v. 8 é pentasílabo; termina cunha cuarteta popular (vv. 20-23), tamén de pentasílabos.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 514, 13.1.1940.

Leva como indicación final, despois do nome do autor: «Santa María de Chavín, 6-I-1940. Año del Pilar».

Variantes e comentarios

1.- alaxa

Para *alaxa* vid. nota a M 22.42; neste verso o autor escribiu *halaxas*.

2.- d'ovos

Os *gueipiños*, dim. de *gueipos*, son cestas pequenas que levan un aro para poder levalos pendurados do brazo.

3.- En B, s. v. SER, recolle a expresión *é un zorro vello, é un zorro manteigueiro, é un zorro embulleirado* "para dar a entender que es muy disimulado y astuto".

4.- hay

6.- Para *embulleirado* vid. nota ao v. 3.

7.- co-a

9.- Leiras recolle as formas *terbello* e *trebello*, que traduce por "Cepo. Trampa para cazar lobos y otros animales".

10.- d'os ... d'o

11.- c'o

12.- Para *axar* 'humillar' vid. nota a M 6.61.

i encher túa goxa coa avea doutros,
Xudas che dera vagar de abondo.

15 Ora non faigas, ¡falsario!, o morto...
¡Dálle a ese rabo jacarandoso!,
e dille ó cura -si, con bos modos,
ó pé da orella che conta un conto-,
esta copriña, que ole a raposo:

20 «Non vou á misa,
porque estou coxo;
pero á taberna,
pouquiño a pouco...».

13.- y-encher // co-a

Goxa é unha cesta grande, en contraposición a *gueipiños*, no v. 2.

14.- d'abondo

18.- d'a

20-23.- Estes versos populares tamén os recolleu en B, (vid. "Refrás, cantares, adiviñanzas", s .v. SABER) e en BR (vid. "Sabiduría popular").

45

Siti pene enectus

¡Eí vai un can tundido
de trás do zorro vello!

Nas noites ben escuras
do riguroso inverno
5 a este «Relincha, moro!»
-do que cucou herdeiro-,
si xa n'o ampara o mago,
axudaraio o deño
pra subir pasadoiros
10 e saltar os boquẽiros.

¿Ve, quizá, com'os gatos?
Cousa é que non entendo;
mais sin levar fachuzo
nin faroliño aceso,
15 pasa a vau os regatos,
logra sortear seixos,
non se espiña nos toxos,

Métrica

Romance endecha, 7 (-a-a) con rima en e-o; termina cun cantar popular en pentasílabos (vv. 41-44).

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 515, 20.1.1940.

Despois do nome do autor figura a seguinte anotación final: «Santa María de Chavín, 15-1-1940. Año del Pilar».

Variantes e comentarios

0.- A frase correctamente escrita en latín é *Siti paene enectus* 'case morto de sede'.

1.- Ehi // can-tundido

2.- d'o // zorro-vello

Para *zorro vello* vid. nota a PNR 44.3.

4.- d'o

6.- d'o

7.- no

8.- axudaráyo

i endexamais can fero
ousou chantarlle os dentes
20 donde decir non debo.

Cantos máis anos pasan
máis borrachón o endergo.

Seus filliños..., ¡en coiro!;
seus haberes, famentos;
25 deixa as leiras a bravo,
acantoa os aveños,
e si coa mulleriña
do pertegán tropezo,
das varas dun caínzo
30 con tristura me lembro...

Cantando «A Chaparrita»
cercado, ¡ai!, de pequenos,
encarouse comigo
inda n'hai moito tempo.
35 «Ora mismiño, dixo,
vas a pagarme un neto!»;
i en canto lle repuxen
«estás com'on pelexo»,
afastouse, danzando,
40 tras brindarme estes versos:

«Todos me saben
do viño que bebo,
pero non saben
a sede que eu teño...».

18.- y-endexamáis

23.- encoiro

28.- co-a

28.- d'o

En B, s. v. SER, recolle *é un pertegán* 'para significar que tiene aversión al trabajo'.

29.- d'as varas d'un

31.- ay

34.- n'hay

37.- y-en

42.- d'o

44.- qu'eu

O cantar popular dos vv. 41-44 tamén se acha recollido en B (vid. "Refrás, cantares, adiviñanzas", s. v. SABER) disposto en dous versos de dez sílabas con pequenas variantes.

¡Si fora a mantido!...

(Con un inmenso abrazo para Eduardo
Lence-Santar y Guitián, mi entrañable amigo)

¿Versiños?.. ¡Perdón che imploro!;
desque ond'as medas non moro,
xa non sei cantar a seco;
¡mais ve que de gozo choro!:
5 ¡ai!, o meniño de coro,
discípulo de Pacheco...
¿Pascual Veiga? ¡Ave María!
Ó lembralo ¡raia o día!,
non soa a Paula magoada,
10 i estoupando de alegría,
silva un merlo súa "Alborada".

Métrica

1 sextilla, 8 (aabaab).
1 quintilla, 8 (aabab).

Edicións anteriores

Mondoñedo, Mondoñedo, 1842-1942, nº especial que leva por cabeceira "Primer Centenario del nacimiento de Pascual Veiga, autor de la gloriosa «Alborada Gallega». Se celebra por iniciativa de D. Eduardo Lence-Santar y Guitián, Cronista de esta Ciudad".

Leva como datación final: «Santa María de Viveiro 26-III-1942».

Variantes e comentarios

1.- ch'imploro

Neste pequeno poema volve usar o recurso da hipofora ou suxeición, tan presente nos sonetos (vid. I.3.2); cfr. tamén no v. 7.

5.- ay

6.- *José Pacheco* foi Mestre de Capela da Catedral de Mondoñedo; axudou a Pascual Veiga nos seus inicios musicais.

7.- Para *Pascual Veiga* vid. nota a PNR 24.53.

8.- raya

9.- A *Paula*, nome da campá maior da Catedral de Mondoñedo (41), serve para designar os habitantes desta vella cidade, chamados "os da Paula" (vid. nota a PNR 24.48).

10.- y // d'alegría

11.- Sobre a *Alborada* de Veigá escribe Lence-Santar: "Sí, famosa; porque la Alborada Gallega es popular, no sólo en Galicia, sino también en las demás regiones

de España; porque la Alborada Gallega ha sido admirada y aplaudida en el gran Palacio del Trocadero de París, y llevada por las radios es admirada y aplaudida en todo el mundo (42).

Notas

- (1) Subtitulada "Revista informativo-literaria", apareceu por primeira vez o 15 de Nadal de 1918, dirixida por Antonio García Penabad. Non se informa do número nin da data de publicación; non nos foi posíbel dar con este exemplar, aínda que si con outros números da publicación.
- (2) Supomos que se trata de *Vida Gallega*, de Vigo, dirixida por Jaime Solá, e que comezou a saír ao público no ano de publicación deste soneto, 1909, no mes de xaneiro, aínda que a relación intensa de Noriega con esta revista terá lugar na etapa de Trasalba, onde se converterá nun dos principais colaboradores. Mais xa en agosto de 1909, no número 8, prestará atención ao poeta, publicándolle unha composición (E 80).
- (3) Cfr. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas*, Estudio, edición e notas por Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela, Edicións Sálvora, 1983, p. 197.
- (4) Vid. Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía galega*, 2ª ed., Vigo, Edicións Xerais, 1991, p. 100.
- (5) Nas follas do exemplar consultado non se pode ler o número nin a data. Debe de ser de fins de 1914 ou principios de 1915, polo que sabemos de *Azul y blanco*, "revista quincenal cuyo primer número apareció en Vilalba (Lugo) en octubre de 1914. El director era Antonio García Hermida y el título hacía referencia a los colores de la bandera gallega, en consonancia con su línea regionalista. Tuvo corta vida" (cfr. *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 3, Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, p. 33).
- (6) Nun artigo asinado A. F. e co título de "Persoaxis no San Lourenzo de Foz", pp. 53-54. Reproduce 10 versos precedidos do seguinte texto: "Descoñécese si o poeta d'a Montaña cumpriría a promesa de vir ó San Lorenzo, moito me temo que sí viñera, xa que n'aquel intre estaba de Mestre n'Ourense, e no suposto de que o San Ramón de Villalba se celebrase a finais do mes de Agosto, e como home que amaba a vida con intensidade, era gustoso do bo comer e mellor beber, é de supoñer que ise ano estivera nas festas, xa que ó seu amigo e poeta García Hermida de Villalba dícelle n'unhos versos en determinada ocasión..."
- (7) Son moi raras estas composicións en que Noriega non segue a métrica tradicional, pois é pouco dado a facer innovacións; en PNR 19 fai outro tímido intento neste sentido.

(8) Leva a indicación final «De la Revista 'La Esfera', página 32 del número de 30 de Enero de 1926». O poema di así:

Lex suprema

Oración dulcísima,
 más que dulce, sacra;
 líricos acentos,
 divinas palabras
 del humilde hermano
 del lobo y del agua.

San Francisco de Asís, con su báculo,
 su sayal ceniza y con sus sandalias,
 por los anchos caminos del mundo
 peregrineaba
 y a todos ungía
 con sus manos blancas,
 hechas de azucenas
 y con luz de alba.

Dulce hermano lobo...

Dulce hermana agua...
 y al llamar hermanos
 igual al protervo que a la linfa clara,
 su voz era amable,
 su voz era santa,
 lo mismo que aquellas
 sus dos manos blancas,
 hechas de azucenas
 y con luz del alba.

Justicia sublime,
 ley suprema y sabia,
 que no distinguía
 cuando sentenciaba
 si el reo era lobo
 o era linfa clara.

Sayal de ceniza,
 bordón peregrino y agresetes sandalias,

misericordiosas manos de azucena
 y de luz de alba:
 ¡Dios quiera que pronto volváis a este mundo,
 que hacéis mucha falta!

(9) Vid. *Señardá. Sonetos*, Lugo, Ed. Palacios, 1930.

(10) Cfr. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obra completa*, Estudio crítico de X. L. Franco Grande, Fundación Penzol, Vigo, Ed. Galaxia, 1970, p. 404 (O editor cítala como 'vai á man').

(11) Cfr. *Antón Noriega Varela e os clásicos latinos. Verbas e temas car-ô mundo*, 1955, p. 60, inédito.

(12) *Ibid.*

(13) *Ibid.*, p. 22.

(14) Cfr. Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras Completas, op. cit.*, p. 290.

(15) Cfr. Xosé Trapero Pardo, *Manuel Leiras Pulpeiro. Vida e obra. Escolma de textos*, A Coruña, Publicacións da Real Academia Galega, 1983, p. 12.

(16) Cfr. Francisco Mayán Fernández, *Manoel Ledo Bermúdez "O Pallarego". Un dos meirandes amigos de Álvaro Cunqueiro*, Lugo, Servicio de Publicaciones Diputación Provincial, 1991, p. 80.

(17) Cfr. *Aires d'a miña terra*, 3ª ed., Coruña, Latorre y Martínez Editores, Imprenta de La Voz de Galicia, 1886, p. 6.

(18) *Ibid.*, p. 5.

(19) Cfr. *Antón Noriega Varela e os clásicos...*, *op. cit.*, pp. 25-26.

(20) Consultados todos os exemplares de *El Ideal Gallego* deste ano 1930 que hai nos arquivos do propio xornal, non achamos ese número especial dedicado a Foz, onde debería estar o poema de Noriega.

(21) Editada en Lugo, Tip. G. Castro.

(22) Cfr. "Castro Gil, el insigne aguafuertista", *Vallibria*, Mondoñedo, nº 30, 21.9.1930.

(23) Vid. *A Fouce*, Buenos Aires, nº 68, febreiro de 1934.

(24) Cfr. Neura, "Pantoscopio", *Vallibria*, Mondoñedo, nº 26, 24.8.1930, onde lemos: "Cerca, el Poeta de la Montaña, que cuenta su odisea hasta llegar a Foz, escribe de cuando en cuando las cuartetitas en que ha de reflejar el juicio del año 1931, él, que, según afirma con toda la seriedad posible, no ha estado bien de juicio casi nunca".

(25) Cfr. "Antonio Noriega Varela. Poeta da montaña", *Faro de Vigo*. Número especial del Centenario (1853-1953), 1953, p. 166.

(26) Cfr. "Don Antonio Noriega Varela (El bardo de la montaña)", in *Semblanzas e agarimos*, 1953, inédito.

(27) *Espiñarcao* é un lugar da freguesía de Romariz, no concello de Abadín; forma parte da xeografía poética e vital de Noriega.

(28) Este ano escribiu o "xuicio do ano" en *O Gaiteiro de Lugo* Antón de Sirgal, pseudónimo do crego Teodolindo Cortiña Toural, que xa fixera outros con anterioridade, por exemplo o de 1926. A partir de 1936, e durante os tres anos da guerra civil, non vai figurar o nome do autor.

(29) "O Bruxo d'os ermos", a quen dirixe estes versos, é Celestino Cabarcos Suárez, crego poeta e habitual colaborador de *Vallibria*.

(30) O testemuño directo de Filgueira Valverde, que colaborou activamente na edición destes números, así como a opinión autorizada de Claudio Rodríguez Fer (vid. "O gaiteiro vai á guerra", *A Nosa Terra*, Vigo, nº 432, 17.5.1990, e *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Tese de doutoramento, inédita) atribúen a autoría a Noriega Varela, a pesar das dúbidas que suscitan as características gráficas, morfolóxicas e, por veces, léxicas deste e dos dous seguintes 'xuicios do ano'.

(31) Cfr. "O gaiteiro vai á guerra", *op. cit.*

(32) Ao título engádelle agora "Pro Ano Triunfal de 1938". Tampouco leva indicación de autoría e as características da lingua non responden ao modelo utilizado por Noriega.

(33) Cfr. "O gaiteiro vai...", *op. cit.*

(34) Vid. "Noriega Varela no seu tempo ourensán (y II)", *Chan*, Madrid, nº 7, II quincena mayo 1969, p. 5.

(35) O alenxandrino é un tipo de verso que Noriega nunca usara nin usará no sucesivo; sí utilizara o pareado de dodecasílabos, como as dúas primeiras partes de M 3, por exemplo.

(36) A intervención dun galeguista como Filgueira Valverde, membro do Seminario de Estudos Galegos antes da guerra e tamén do Partido Galeguista, vaise notar en que xustamente durante esta o popular calendario adopta como idioma único o galego. Non sabemos se tamén houbo intervención galeguista, de Filgueira ou doutros, na fixación de criterios ortográficos e morfolóxicos dos tres 'xuicios do ano' atribuídos a Noriega; algunhas formas como *siños*, *doores*, *ar*, *Apóstolo*, *galegos...* podían encaixar no que el mesmo chamada "barbarismos atroces dos irmauciños da fala".

(37) Cfr. "O gaiteiro vai a...", *op. cit.*

(38) *Ibid.*

(39) Aínda que non consta neste texto expresamente, con el inicia unha serie de colaboracións en *Vallibria*, que van levar por título xenérico "Informes litterae", e que, en xeral, son composicións inéditas satírico-humorísticas.

(40) É rara esta indicación da pertenza a Real Academia Galega; ese mesmo ano, o 22 de abril de 1939, producírase o seu ingreso definitivo, xunto con outros, para ocuparen as vacantes producidas na guerra.

(41) A historia desta campá pode lerse en Eduardo Lence-Santar, "La Paula", *Mondoñedo*, 15.4.1945.

(42) Cfr. "Pascual Veiga", *Mondoñedo*, 1842-1942 (nº especial dedicado ao músico ilustre no ano 1942).

II.2.5. *Poemas en español*

1

Una lágrima

En solitaria mansión
 que entre sus muros encierra
 los seres que por la tierra
 pasaron en confusión,
 5 yaces, ilustre Buón,
 sin que, a tu memoria fieles,
 de inmarcesibles laureles
 las Artes tejan coronas.
 ¡Cisne que el alma aprisionas,
 10 cuando de España te dueles!...

Vuela hacia allí con presteza
 mi atrevido pensamiento,
 en alas del raudo viento,
 para admirar tu grandeza;
 15 y cuando la noche empieza
 y cesa el ave en su canto,
 las flores del camposanto
 cerrando van sus corolas,
 mientras tu recuerdo a solas
 20 evoco anegado en llanto.

Métrica

4 décimas, 8 (abbaaccddc).

Edicións anteriores

El Diario de Mondoñedo, Mondoñedo, 14.8.1894 (1).

Leva, despois do nome completo do autor, a indicación final «Mondoñedo, Julio 18 de 1894».

Variantes e comentarios

Este poema é un pranto pola morte dun poeta, Francisco de Paula Buón, do mesmo modo que outros dous en español: PE 3, por Chao Ledo, e PE 13, por Antonio García Hermida. É a primeira composición da que temos constancia expresa da súa publicación en prensa.

5.- *Francisco de Paula Buón* (Mondoñedo, 1839-Foz, 1872) foi presbítero e violoncelista da Catedral de Mondoñedo. Parece ser que tiña tanta facilidade para versificar que, ás veces, sostíña conversas en verso; mais só deixou escritas unhas poucas poesías. Morreu o 14 de agosto de 1872 cando se bañaba na praia de Foz (2).

¡Ni una inscripción ni una cruz
 sobre tu tumba olvidada!...
 Remuevo la losa y... ¡nada!
 ¡Ni cenizas ni ataud!..
 25 Las cuerdas de tú laúd
 rotas están, gime el viento
 y va con lúgubre acento
 susurrando mil querellas,
 ¡y hasta lloran las estrellas
 30 que cruzan el firmamento!...

 ¡Oh talento esclarecido!...
 ¡Vate de mi pueblo orgullo,
 que de la fama al arrullo
 te levantas del olvido!
 35 ¡Que jamás sea perdido
 tu nombre, genio fecundo,
 pues causa dolor profundo
 que en la obscuridad te quedes,
 ¡¡astro radiante que puedes
 40 iluminar medio mundo!!...

22.- Cando o xornal lle dedica este número de homenaxe en que aparece o poema, xa había 22 anos que morrera o poeta, a quen Noriega non puido coñecer, pois tiña entón tres anos.

2

El Nacimiento

(Diálogo)

I

ELISA

Benita, dinos un cuento.

BENITA

¿Qué cuento?

Aquel tan bonito
que sabía tu abuelito
acerca del Nacimiento.

BENITA

5 Mujer... no recuerdo bien.

MODESTA

Hablaba de una Doncella,
de un Niñito y de una estrella
y del portal de Belén.

BENITA

No digas más, ya lo sé.

JESUSA

10 Guardar silencio profundo...

MODESTA

Métrica

32 redondillas, 8 (abba).

3 cuartetos, 8 (abab).

Edicións anteriores*El Eco de Villalba*, Villalba, nº 21, 1.1.1909.Variantes e comentarios

Podería ser esta a primeira composición do autor, polo que el di ao ser preguntado por como naceu a súa musa poética: "Foi no Seminario de Mondoñedo, onde o M. I. Reitor, Don Sergio de la Vega parece que notou em mim alguma condição artística, e, um día qualquer, encarregoume da fazer umas composições poéticas para que as criancinhas das escolas as recitasem com motivo duma festividade íntima do Nascimento do Menino Jesus no templo de San Pedro de Alcántara. Assim, dévese o nascimento da minha pobre musa ao Presépio do Menino de Belém..." (cfr. III.5.3).

Empieza, di como fue,
que ya escucha todo el mundo.

BENITA

En otros tiempos mejores
el hombre por Dios criado
15 vivía en edén poblado
de arbustos, fuentes y flores.
El jilguero, el ruiseñor
le alegraban con su canto;
no sabía que era el llanto,
20 no conocía el dolor.
Cuanto podía anhelar
lo tenía sin recelo.
Sin nubes estaba el cielo,
sin tempestades la mar.
25 Las fieras que ahora ves
congojosas, aherrojadas,
las tenía Adán postradas
y sumisas a sus pies.
Daba para su provecho
30 el árbol frutas sabrosas,
mullía su blando lecho
con las hojas de las rosas,
perturbaban tanta calma
de las brisas las querellas,
35 confesaban las estrellas
la inocencia de su alma.
Y si quiso apetecer
más favores todavía,
para hacerle compañía
40 hizo Dios a la mujer.
Volvió con admiración
a todas partes los ojos
y a sus plantas vio de hinojos
hincada la creación.

ELISA

45 ¿Y por qué de repente
todo cambió... por qué hoy día
el que tan feliz vivía
es un esclavo indigente?

BENITA

17.- gilguero

45.- porqué

46.- porqué

- Porque... desobedeció
 50 y su ingratitud notoria
 con sangre escribió la historia
 del que hijo suyo nació.
 ¿Quién vive sin caminar
 pisando espinas y abrojos?
 55 ¿Y quién no tiene los ojos
 secos de tanto llorar?
 ¿Quién de la dicha va en pos
 y en este mundo halla calma?
 ¿Y quién nace con el alma
 60 pura como la hizo Dios?
 ¿Por qué en la tierra no hay paz
 y nos abruma las penas?
 ¿Por qué tan duras cadenas
 arrastra la humanidad?...
 65 La causa fundamental
 es obvia: principio tiene
 en Adán, todo proviene
 del pecado original...
 JESUSA
 Muy bien por la historiadora.
 BENITA
 70 Lo que he dicho viene a cuento.
 ELISA
 Pero lo que es hasta ahora
 no hablaste del Nacimiento
 BENITA
 Tiene estricta conexión.
 JESUSA
 Sintetiza el pensamiento.
 MODESTA
 75 Yo quiero que dure el cuento.
 ELISA
 Yo breve la narración.
 BENITA
 Y yo, entre tanta opinión,
 por quien decidirme ignoro:
 todas tres habláis a coro.
 80 y nadie tiene razón.
 ELISA
 Sigue, que hemos de atender.

61.- porqué

63.- Porqué

BENITA

Tengo la cabeza loca.

MODESTA

Ya nos callamos la boca.

BENITA

Pues cuidado con volver.

II

BENITA

85 Dios, en su amor infinito
al hombre, bajó del cielo,
porque era todo su anhelo
perdonarle su delito.
Y en un seno virginal
90 quiso hacerse criatura,
dejando a su Madre pura
como el sol deja el cristal.
Y nació en humilde cuna
el que es Rey Omnipotente,
95 y solo besó su frente
la débil luz de la luna.
Y a sus fulgurantes ojos
las lágrimas acudieron
y los pastores vinieron
100 para adorarle de hinojos.
Y en las extensas llanuras
y en las montañas se oían
cánticos ¡ay! que decían
«Gloria a Dios en las alturas”.

ELISA

105 Dispensa el atrevimiento;
todo va bien, mas calcula
que no hablaste de la mula
que le abafó con su aliento.

JESUSA

Otra cosa que yo deploro.

BENITA

Dila pronto.

JESUSA

110 Según pienso
nada dices del incienso,

108.- Abafó semella ser un galeguismo.

de la mirra ni del oro.

BENITA

¡Adios!... Ya me interrumpieron.

MODESTA

115 ¡Sí! ¿Dónde van escondidos
los corderos y vestidos
que las zagalas le dieron?

BENITA

Dejadme, por Dios, contar,
que estoy pasando un mal rato.

ELISA

Pues sé fiel en el relato.

BENITA

120 ¡Pero si no puedo hablar!

ELISA

Para mí basta de cuento.

MODESTA

Pues vete, si tienes prisa.

BENITA

Lo que estás haciendo, Elisa,
pasa ya de atrevimiento

ELISA

125 Mejor será que te calles.

JESUSA

¡Si el cuento es muy bonito!

ELISA

Pero ofende al abuelito
dejando tantos detalles.

BENITA

130 No hay manera de arreglar,
por lo que veo, el asunto.
Ahora mismo hago punto.
«Id empezando a bajar.»

JESUSA

¡Es que yo quiero besar
al Niño primeramente!

MODESTA

135 ¡Y yo dejarle un presente!

JESUSA

¡Y yo volverle a besar!

ELISA

Haz el favor de apartar,
que voy ponerle un gorrito...

BENITA

3

Recuerdo al esclarecido poeta gallego
Don Jose Maria Chao Ledo

¡Murió Chao y sus glorias
nadie pregona!
¡Ni hay quien lleve a su tumba
verde coronal...
5 ¡Las campanas de aldea
tocan a muerto;
llegó el sol a su ocaso
con paso incierto.
No trinan ya en el bosque
10 los ruisseños;
el vendaval arrastra
las mustias flores;
oculta está la luna
tras las montañas;
15 lloran los campesinos

Métrica

7 seguidillas simples, impares heptasílabos e pares pentasílabos (-a-a, -b-b...).

Edicións anteriores

El Cruzado, Mondoñedo, nº 222, 7.7.1915.

Leva a seguinte nota inicial: "Poesía compuesta al siguiente día del fallecimiento de nuestro malogrado vate, por Noriega Varela, y a la que se hace referencia en el hermoso artículo precedente" (3). O poeta José M^a Chao Ledo faleceu a 9.7.1894, polo que a data de composición sería 10.7.1894.

Este poema foi tamén publicado, sen variantes, por Xosé Luís García Mato, quen di: "dase a coñecer públicamente unha composición poética de Noriega que supoño inédita; [...] atopeina, manuscrita, non do puño e letra de Noriega, pois conozoa moi ben por ter autógrafos del, nun vello caderno escolar no que aparecían tamén, escritos á mau cecais por algún dos seus familiares ou parentes, moitos dos poemas de Chao Ledo" (4).

Variantes e comentarios

1.- *Xosé María Chao Ledo* (Vilalba, 1844-1894) estudou a carreira eclesiástica no Seminario de Mondoñedo e exerceu de crego en varias freguesías da zona. Publicou varias poesías de carácter costumista e rural. En 1930 o Centro Villalbés de Buenos Aires publicoulle *Poemas galegos*, cun "Prólogo" de Antonio García Hermida e unhas "Notas biográficas de Don José María Chao Ledo" escritas por Eduardo Lence-Santar, que poñen fin ao volume.

en sus cabañas;
visten sacros altares
negros crespones;
el dolor atormenta
20 cien corazones.
Los quejumbrosos pinos
gimen de pena
y es teatro «Mourence»
de triste escena;
25 murió Chao y su nombre
lega al olvido.
¡¡Si supiera Galicia
lo que ha perdido!!

En esta hora

Quédate tú con la ciudad deicida,
con el petróleo y la literatura;
déjame a mí esta vida simple y pura,
llena de Dios cual toda mejor vida.

5 Quédate tú con la palabra dura
y el agrio gesto de la faz manida;
déjame a mí la tez toda curtida
de sol y la palabra de ternura.

10 A tí el brebaje, el odio y el veneno;
a mi el amor, en yermo florecido,
el agua, el ave y el dormir sereno.

A tí, el hombre en demonio convertido;
a mí, este corazón fraterno y bueno
de la paz, del silencio y del olvido.

Métrica

Soneto, 11 (ABBA BAAB CDC DCD).

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 69, 21.6.1931.

Figura como autor deste soneto "Rosendo de Padornelo", pseudónimo de Noriega Varela utilizado xa por el en 1904, no único relato en prosa (e en galego) que lle coñecemos (vid. II.4.2) (5).

Leva como datación final «15 de junio, 1931».

Variantes e comentarios

Este é o único soneto que compuxo desde a publicación da 3ª edición de *Do Ermo*, onde se incluíron os compostos na década dos vinte; tamén é o único, que saibamos, feito en español e o único destes que garda relación temática e estética coa liña poética emprendida en *Do Ermo*.

10.- Este verso figura en letra cursiva na edición.

5

Guajiras con cascabeles

*Para la suma aflicción de Francisco Leal
Insua, alegremente.*

5 Leal Insua, oh atormentada
musa que huellas abrojos
y ofrendas noche a mis ojos,
siempre ávidos de alborada!,
si con una carcajada
plebeya tu esplín sorprendo,
¡perdona, ché!: yo no entiendo,

Métrica

4 décimas, 8 (abbaaccddc).

Edicións anteriores

Antonio Aparicio Ferreiro, "Nuestros poetas", *Vallibria*, Mondoñedo, nº 235, 19.8.1934.

Variantes e comentarios

O editor reproduce previamente o poema de Leal Insua "Abrojos", dedicado "a mi queridísimo amigo Noriega Varela, sinceramente"(vid. III.8.20), para escribir a continuación: "Exaltó Noriega la delicadeza del joven poeta, que así supo plasmar en verso magistral el sentimiento y cincelar en estrofas el dolor, y agradeció la dedicatoria; mas en su propósito de inclinarlo hacia la poesía festiva, el excelso Cantor de la Montaña nos anuncia una tarde a Leal y a mi la sorpresa de unas cuartillas, y con su arte inimitable lee esta composición genial, al efecto de conseguir que Leal trocase el dolor que vibraba en sus versos por la sonrisa del que ve irónica y humorísticamente la vida".

Despois de reproducir o poema, termina con estas palabras: "Y hecho luz de fe, optimismo y risa regocijada el dolor de Leal Insua, el efecto estaba conseguido, y hoy Noriega se ocupa en la redacción de la proclama en verso, expresión magnífica de su humorismo sano, para consituír la Hirmandade da Risa, con la que pretende revivir en nuestra región los días de la Galicia Humorística, flor de la ironía graciosa y punzante del malogrado Labarta Pose".

0.- *Francisco Leal Insua*, que mantivo unha cordial amizade co poeta en Viveiro sendo aínda moi novo, posuía por entón unha delicada saúde, como el mesmo nos di: "En el apogeo de su limpia gloria, Noriega; comenzando a vivir yo. El, con una vitalidad acogedora, dando su mano y su palabra a cuantos se acercaban. Yo rumiando en el desvío de un forzado reposo mis largas lecturas de Séneca. Ya sé que es cosa triste un mozo que lee a Séneca. Pero, ¿puede ser alegre quien siente a la muerte arañarle en el pecho cuando se tienen veinte años? Noriega me lo ha reprochado muchas veces: ¡Sé alegre, hombre! -me decía siempre. Y no podía" (6).

¡qué va!, de melancolías...
 ¿Cuánto soñamos?... ¿Tres días?...
 10 ¡Déjame seguir riendo!

Ganitas tengo (y no es chansa),
 Pancho, de ponerte ¡verde!;
 un guayabito no pierde
 a dos por tres la esperanza.
 15 Bien, oh terco, se me alcanza
 que te aqueja honda amargura;
 mas... ve: ¡sólo Dios perdura!,
 y si en Dios tu ardor confía,
 ¡pronto vendrá un claro día
 20 que mi corasón te augura!

Asércate a mi sereno,
 ya que eres de buena entraña,
 y un negro amachete a...
 que es un sentral de veneno;
 25 de lágrimas, sangre y sieno
 nos colmó... ¡Fuera cornejas!,
 y si ahorita no cejas
 de evocar sombras y miedos...
 ¡que los manes de Seisdedos
 30 te afumen en Casas Viejas!...

.....
 Tus pesadillas (tan crueles),
 ya a Vuelta Abajo se han ido...
 ¿Quién las ahuyentó? El ruído
 sumbón de mis cascabeles...
 35 Sonrisa de los vergeles
 que el Landro riega, te cure,
 negra mosa te procure,
 y ya a dansar con quien sabe
 ¡que no hay estela de nave
 40 ni mal que sien años dure!

23.- Igual que no "xuício" do mesmo ano 1934, tamén aquí hai unha alusión pexorativa a *Azaña*; vid. nota a PNR 31.20.

29.- *Seisdedos* é o alcume dun militante libertario que dirixiu un grupo pequeno de persoas encerradas nunha choupana e defrontadas á forza pública, perecendo abrasado no seu interior nos tristes sucesos de xaneiro de 1933 en Casas Viejas (Cádiz).

30.- Cfr. esta mesma referencia en PNR 31.30.

36.- *Landro*: denominación popular do río Landrove, que desemboca na ría de Viveiro.

¡Paso a España!

¡Paso a España, que enarbola
la Cruz por Pendón! Librola,
¡por fin!, de su odioso ayer
gentil Falange Española.

5 ¡Va a vencer!

Precediéndola están
bélico, impasible el ademán,
las huestes de Jesús, los caballeros
que tienen tronos sobre los luceros
10 y abaten escuadrones de Satán.

¡Arriba, oh Madre España!;
¡en pie el Pilar está!
y en la tumba que, traidor, te cavó, Azaña
sucumbirá.

Métrica

1 quintilla, 8 (aabab) co v. 5 tetrasílabo.

1 quinteto, 11 (aABBA) co verso inicial heptasílabo.

1 estrofa metricamente irregular con rima de quarteta (abAb).

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 338, 9.8.1936.

Variantes e comentarios

Esta composición, publicada a poucos días de comezar a guerra civil, fixa con claridade o posionamento ideolóxico do autor.

4.- *Falange Española* figura con todas as súas letras en maiúsculas.

7.- Para que o verso conte como hendecasílabo é preciso non realizar a primeira sinalefa, en contra da norma xeral do autor.

11.- **Madre-España**

13.- Colocamos unha coma despois de *cavó* para marcar mellor o sentido dos dous últimos versos.

7

Aurora de un fausto día

Señor Don Vicente Hermida,
 pues sois Vos quien convida,
 y es España el aliciente,
 mi pobre musa, adormida,
 5 surge y responde: ¡presente!

Por este edén virgiliano
 pasa el Landro más ufano
 desde que perdió de vista
 a "la canalla marxista",
 10 que abate Queipo de Llano.

Y va y viene alegremente
 la ayer ultrajada gente
 a donde lo necesita,
 sin miedo a que vuele el puente
 15 la chusma con dinamita.

¡Oh, Landrove!, no me olvido:
 puño en alto, a tí han venido
 repugnantes alimañas

Métrica

20 quintillas, 8 (aabab, aabba...).

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 363, 31.1.1937.

Leva unha nota inicial que di: "Poesía recitada por su autor en una velada dramático-literario-musical, que con gran éxito, y a beneficio del glorioso Ejército Español, se celebró en Landrove, Vivero, el día 17 de enero de 1937".

E unha indicación final: «Santa María de Chavín».

Tamén publicada posteriormente en *Escuela Azul*, Órgano Oficial del S.E.M. de F.E.T. y de las JONS, Lugo, nº 3, 11.9.1937.

Variantes e comentarios

Claudio Rodríguez Fer di deste poema que "arremete con ira furibunda contra o presidente Azaña, a República e as esquerdas, mentras que eloxia ao xeneral Franco, aos falanxistas e á relixión católica" (7).

10.- *Queipo de Llano* era un dos xefes do exército rebelde que se sublevou contra a legalidade republicana, provocando a guerra civil durante tres anos.

20 para halagarte el oído
con diabólicas patrañas.

Y entre tanto mamarracho
como aquí copió al pollino
(o tiró coces de macho),
¡de uno oí decir que vino
25 furiosamente borracho!

Eran tales “redentores”
bergantes bien parecidos
a Atadell, por robadores,
a Azaña, por invertidos,
30 y al “Miajas”..., por traidores.

Yertos ya, ¡loado sea
quien a tan baja ralea
llamó incivil, ordinaria,
nietos de una arpía fea
35 e “hijos de la Pasionaria!”

Malaventurados rojos:
una Matrona divina,
de negros rasgados ojos,
hacia Cristo se encamina
40 pisando vuestros despojos.

La vejasteis, y en un credo,
tras rendirle pleitesía
los cadetes de Toledo,
supo de la gallardía
45 del libertador de Oviedo.

Con cinco flechas le plugo
tocarse, y a par del yugo,
en homéricas jornadas
contra siervos de un verdugo,
50 campan boinas encarnadas.

30.- O poeta ataca con virulencia a figuras públicas do campo republicano, tanto civís, como militares; entre estes últimos *José Miaja* tivo unha especial relevancia, por ser o encargado da defensa de Madrid durante a guerra, ao final da cal tivo que exiliarse en México, onde morrería.

35.- Dolores Ibarruri, a *Pasionaria*, era deputada por Asturias en 1936 e dirixente comunista tamén durante a guerra, ao final da cal se exiliou en Rusia.

¿Y aún falsedad su bandera?
 ¡Ya no! Roja y gualda es,
 ¡vive Dios!, cual antes era,
 ¡y ay del que otra vez quisiera
 55 amorararle los pies!...

La lleva Franco, héroe cumbre,
 ganoso de que vislumbre
 la Raza el fin de su afán:
 “ni más hogares sin lumbre,
 60 ni más familia sin pan!”

Y cara al sol, que la baña,
 vimos del Caudillo en pos,
 los hombres de buena entraña,
 los de ¡arriba y viva España!,
 65 cuantos creemos en Dios.

¡Oh almas todavía erradas!
 Yo soy testigo, yo he visto
 santas cruces mutiladas,
 hueglas injustificadas,
 70 escuelas sin Jesucristo...

¡Y vi más!; vi en candelero
 mujeres de la ancha vida
 con Frasquito el “Canallero”,
 y al blasfemo, al pistolero,
 75 y al necio, y al matricida...

Vi nobleza, sin tutelas,
 cercándose de cautelas
 o contemplando, a distancia,
 la crema de la vagancia
 80 en ruidosas francachelas.

¿Y el pueblo? ¡Qué infeliz ciego!,
 ¡juguete de cualquier gancho!,
 sin Dios, sin pan, sin sosiego,
 cantando el himno de Riego,
 85 o sea “el toque de Rancho...”

70.- O poeta foi louvado publicamente polas novas autoridades franquistas por manter o crucifixo nas escolas durante a República: vid. I.2.1.4 e I.2.3.

Mas de repente..., ¡oh alegría!,
cuando ya Luzbel se erguía
para vernos perecer,
la aurora del fausto día
90 que comenzó a amanecer!

Y si aún hay bellas regiones,
¡las de los tristes destinos!,
que arrastran negros crespones,
mientras las fuerzan ladrones
95 e incendiarios y asesinos,

¡Dios que los orbes dominas!,
tras sufrir horrendas plagas,
¡no quieras verlas en ruinas!
por los clavos, las espinas,
100 y por tus preciosas llagas!...

8

Para la egregia dama D^a Pilar Franco de Jaraiz
(De adventu gratulatio...)

Señora, vuestros pies besa
una esclava de la Virgen
que no quiso ser francesa...

5 Musa de agreste montaña,
pronta a repetir el grito
de «¡Santiago y cierra España!»

Mas tan ruda y encogida
que no sabe como daros,
Señora, la bienvenida.

10 ¡Perdón!. y oíd: nos intriga
saber por qué, siendo hidalga,
venís en son de mendiga.

15 ¿Demandáis los «pedacitos
de corazones» pensando
en ancianos y huérfanos?

¡Pues llegad, hollando flores!
y lágrimas de la aurora
enjoyen vuestros fervores.

Métrica

12 tercerillas, 8 (a-a).

Ediciones anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 382, 20.6.1937.

Leva como indicación final «Santa María de Chavín, 25-V-37».

Variantes e comentarios

0.- advento

En PNR 19 tamén usara este título en latín, alí correctamente. Antes do. título figura "El cantor de la montaña".

Piar Franco era irmá do xefe do bando sublevado contra a República.

20 ¡Oh angelical ministerio
con la vista proyectada
en dimensiones de Imperio!

Tras el vuestro advenimiento
tendrá vestido el desnudo,
habrá pan para el hambriento.

25 Si hosca y cruenta la guerra,
ternuras de Rosalía
son preseas de mi tierra.

30 ¡Confiad a su cuidado
extravíos del obrero
y al malferido soldado!

Ya frente a insondables penas
franqueó todos sus hórreos,
da la sangre de sus venas...

.....
35 La musa de la montaña
otra vez vuestros pies besa.
Gran Señora. ¡Viva España!.

9

Vanse os quintos...

(Para Lolita Mel)

- ¿Nueva ofrenda de esforzados
 paladines? ¡¡Bien, Galicia!!
 Soldados como los tuyos
 son los que el César precisa,
 5 los que Aranda bien pondera,
 los que Asturias más sublima.
 ¡Ay, Oviedo!...
 Tus ruínas
 a voz en grito pregonan
 10 que hombre que a tus pechos crías
 roble es que no se separa
 del puesto que se le asigna.
- ¡La Fiera está derribada!;
 pero aún, de muerte herida,
 15 no quiere soltar la presa...
 Mirad: veneno destila.
- ¡Veneno!, porque no hay sangre...,
 ¡no hay sangre ni fidalguía!,
 ni bastan oros robados,
 20 ni montes de dinamita,
 ni perjuros que traicionen,
 ni látigos que esclavizan,
 para atajar el empuje
 de las huestes aguerridas

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en i-a; os vv. 7, 8 e 28 teñen 4 sílabas.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 441, 30.7.1938.

Leva como anotación final «Fiesta de Santiago. III Año Triunfal».

Variantes e comentarios

5.- *Antonio Aranda Mata* era xefe da guarnición militar de Oviedo en 1936 e, despois de se adherir á sublevación, foi un dos xenerais que a dirixiu.

25 que la del Pilar alienta
 y Francisco Franco guía.
 ¡Hay que rematar al Monstruo!
 (Ya agoniza)

30 Y allá vá por los senderos
 de aquella montaña altiva,
 ¡cara al sol!, "a mocidade"
 que a incorporarse "camiña".
 Doseles brinda el bosque,
 el retamal, amarillas
 35 "froles", cargadas "de orballo"
 y acaso una "cotovía"
 con este cantar "saudoso"
 les manda la despedida:

40 "Vanse os quintos, vanse os quintos;
 vanse polo soto arriba,
 i as rapaciñas de Ousendo
 choran... ¡que raen a vida!".

31.- Esta e as demais palabras entre aspas que seguen figuran na edición do autor en cursiva e correspóndense coas palabras en lingua galega.

35.- d'orballo

40.- p6-lo

41.- y-as // d'Ousendo

42.- En B (cfr. s. v. RAER) recolle como sinónimas as expresións *serroume o corazón*, *trastalloume o corazón* e *¡racume a vida!*, que traduce por 'me dio mucha lástima'.

Outro cantar popular similar a este tamén foi recollido na zona de Mondoñedo e di así:

"Alá van os galleguiños,
 alá van para Castilla;
 i as rapaciñas solteiras
 choran que raen a vida" (8).

10

Junteme con los romeros

Juntéme con los romeros
de las orillas del Landro
y a Dios y a ventura voyme
(siquiera sea soñando),
5 al pueblo más orgulloso
de su Patrona y su Campo...

Es alta noche. En silencio,
miro arriba. ¡Qué estrellado
el cielo! Si aún fuese niño,
10 ya intentaría alcanzarlo,
para ofrecerle a la Virgen
de los Remedios un manto
de matizado velludo
con fulguraciones de astros.

15 ¡Madre del Amor Hermoso!,
¿recuerdas? Un día infausto
te fui a contar que llevaban
a mi madre al campo santo.

20 ¡Con qué ojos me miró el Niño
que tiene abiertos los brazos
en la cruz, cuando me ha visto,
rendido a tus pies, llorando!...

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en a-o.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 446, 4.9.1938 (9); *El Progreso*, Lugo, 12.9.1942.

Variantes e comentarios

Nesta composición, da mesma maneira que en E 23 e 93, o poeta móstrase como grande devoto da Virxe dos Remedios, patroa de Mondoñedo.

6.- Referencia a Mondoñedo, que ten o o Santuario da súa patrona no Campo dos Remedios.

15-18.- Refírese aos versos de E 93.

Así reparen los tuyos,
Señora, en el desamparo
25 en que, de presente, gimen
las madres de tantos bravos,
gloriosamente caídos
para afirmar tu reinado;

y así, misericordiosos,
30 se vuelvan a cuantos vamos
a tus centenarias fiestas,
con la Salve entre los labios,
llevando en los corazones
a Fray Antonio Alejandro.

11

Romance de Ramoncito

Dime finezas -pues sabes
 que gusto de galanteos-,
 Ramón Bermúdez de Castro,
 ¡prócer doncel de mis sueños!,
 5 y tórñale las espaldas
 al populacho grosero.

Por el disforme delito
 de ser, como tus abuelos,
 español enardecido,
 10 fidalgo y cristiano neto,
 te cupo el honor subido
 de estar preso...

(¡Misérias del vil verdugo
 de José Calvo Sotelo!)

15 Y olímpico, destemido,
 cuando era España un infierno,
 en las calles herculinas,
 y allá en Chavín, de Vivero,
 a pistolas de asesinos
 20 sé que presentaste el pecho
 tantas veces... como leves

Métrica

Romance, 8 (-a-a) con rima en e-o; os vv. 12, 30 e 44 teñen 4 sílabas.

Edicións anteriores

Vallibria, Mondoñedo, nº 449, 24.9.1938.

Variantes e comentarios

3.- *Ramón Bermúdez de Castro* é o nome do primeiro gobernador civil de Lugo que tivo o chamado *Movimiento Nacional*; unha das súas primeiras disposicións no cargo foi unha circular ordenando a reposición dos crucifixos nas escolas, na que fixo unha gabanza do comportamento de Noriega, ao non permitir a retirado do mesmo na súa escola durante os anos anteriores (vid. 1.2.1.4); natural de Viveiro, foi coronel do exército.

14.- *José Calvo Sotelo*, deputado pola dereita nas Cortes desde 1933, morreu asasinado o 13 de xullo de 1936, a poucos días do comezo da guerra civil.

arenas tiene el desierto.

¡Sobre las estrellas pongo,
Ramoncito, tu desnudo!;
25 pero, ¡por las cinco llagas
del Divino Nazareno!,
más no opongás tu prestancia
a marxistas desafueros.

¡Botón de rosa aun tu vida,
30 caballero!...

Con irónica sonrisa
rechazó el gentil mancebo
sugestiones que tendían
a cortar audaces velos,
35 y se fué a buscar la novia
de los legionarios fieros
a Campillo, por ¡un monte
yermo, fragoso, siniestro!,
donde ella ya se ataviara
40 para salirle al encuentro...

Cuando los dos se juntaron,
se oyó un murmullo de besos
y a plena luz se abrazaban
cara al fuego...

45 En derredor de los novios
gritan curtidos guerreros
(los ojos en la bandera,
las manos sobre el acero):
¡Ramón Bermúdez de Castro!,
50 ¡¡presente en nuestro recuerdo!!

Montando la guardia eterna
a par de otros héroes muertos,
que tienen tronos de jade
sobre brillantes luceros,
55 próximo el sol a su ocaso
ya estaba en el firmamento.

(Onésimo y José Antonio
lloraron cuando le vieron...).

57.- *José Antonio Primo de Rivera* e *Onésimo Redondo* son fundadores de Falange Española e das JONS, respectivamente; os dous morreron en 1936.

Improvisación

¡Patria bendita
 de Nicomedes!
 Al par del Landro
 confiese Amor
 5 que cual tus niñas,
 jardín de flores,
 ni ángel ni estrella
 ni hada ni flor:
 soles muy tuyos,
 10 astros que adora
 pasmado el cielo...!
 Las ve pasar,
 púdica y triste,
 la dulce aurora;
 15 lanzando gritos
 de orgullo el mar.
 Vergel de ensueños,
 tierra hechicera,
 a tus dominios
 20 ¡con qué rubor
 llega, temblando,
 la primavera!...
 En sus guirnaldas

Métrica

Composición de pentasílabos con algún tipo de rima consoante nos vv. 4-8-12-16-20-24, alterándose a partir deste verso; ten unha estrutura formal similar a PNR 19.

Edicións anteriores

J. Travieso Quelle, "El cantor de la montaña a la orilla del mar", *Chan*, Madrid, nº 6, I quincena Maio 1969. .

Variantes e comentarios

O texto vai precedido destas palabras: "Noriega no pudo sustraerse, durante su estancia en Viveiro, a la etopeya de las gentes de «la ciudad que siempre ríe» [...] Por eso Noriega, arrastrado por esa corriente tan peculiar en la ciudad de Pastor Díaz, llegó a prestar su estro a las canciones de las comparsas carnavalescas, una de las cuales damos a continuación".

2.- *Nicomedes Pastor Díaz* é natural de Viveiro; vid. nota a E 44.5.

3.- *Landro*: Landrove, río de Viveiro.

no asoma flor,
25 ni hay un lucero
como los soles
que vi en Vivero.
¡Torpe mi numen,
que encarecerlas
30 quiso, y soñara
con esculpiras!
Para morirse
basta con verlas...
¡Basta con verlas
35 antes de oírlas!

Para el ingente poeta-hermano Antoñito García Hermida

¡Oh, en finezas de amor, poeta diestro!
 Perlas... ¡el llanto que vertió tu esposa!
 flores... ¡las rosas que esparció tu estro!
 Abrazando la Cruz que orna esta fosa
 5 sólo acierto a ofrendarte un Padrenuestro.

Para que un albo lirio -¡tu alma pura!-,
 (si ahora estrella aún ayer ternura),
 libre de los abrojos de este suelo,
 ofrezca a Dios su aroma y su frescura
 10 rogando por nosotros en el cielo.

Métrica

2 quintetos, 11 (ABABA, AABAB).

Edicións anteriores

Folla mecanografada; non o achamos publicado (10).

Antonio García Hermida morreu o 4.9.1939, polo que o poema ten que ser dese ano ou posterior; Xosé Luís García Mato di que o compuxo no cabodano da morte (11).

Variantes e comentarios

0.- *Antonio García Hermida* (Vilalba, 1885-1939) dedicouse ao comercio, mais simultaneando sempre esta ocupación coa actividade xornalística. Dirixiu a revista *Azul y blanco* e o *Heraldo de Vilalba*, ademais de colaborar asiduamente na prensa con poemas. Postumamente publicouse un libro que recolle parte desas colaboracións e que leva por título *Charetas* (12). Vid. tamén PNR 16.

Notas

- (1) Trátase dun número especial dedicado á memoria do poeta mindoniense Francisco de Paula Buón.
- (2) Estes datos están tirados de Eduardo Lence-Santar y Guitián, "La poesía en Mondoñedo", *El Ideal Gallego*, Coruña, 7.6.1921. Ademais deste poeta, tamén trata de Antonio María de Castro Neirá, José María Corral, Jacinto Romualdo López, Guillermo Alonso, José María Chao, Felipe Lence López, Manuel Leiras Pulpeiro e Antonio Noriega Varela.
- (3) Este artigo vai asinado por A. N. P. e titúlase "Un recuerdo a Chao"; cítase que está reproducido de *El Eco de Villalba*. Nel podemos ler: "Después, el silencio, quizá el olvido, pues apenas habló la prensa regional del ilustre sacerdote gallego, contra lo que airado protestó el entonces joven vate mindoniense Noriega Varela".
- (4) Cfr. "Limiar", in Xosé María Chao Ledo, *Poemas galegos*, Coruña, Edicións do Castro, 1976, pp. 7-22. Tamén engade: "E de que Chao Ledo era un bon poeta danos testemuño o feito de que un dos meirandes poetas galegos, Noriega Varela, adicoulle, despois de morto o villalbés, o seguinte poema que, inda que esteña en castelán -Noriega tiña esas cousas, e tamén compuxo en lingua castelá o poema que lle adicou ó seu grande amigo Antonio García Hermida, no cabodano da morte deste- non me resisto a poñelo aquí".
- (5) Só nestas dúas ocasións utiliza este pseudónimo, que saibamos; ademais, como xa se viu, asinou en PNR 31 como "Un pardabán" e en PNR 32 como "O tamborileiro de Espiñarcao".
- (6) Cfr. "Notas para una interpretación del poeta Noriega Varela", in A. Noriega Varela, *D'o Ermo*, 4ª edición (a luguesa), aumentada, Lugo, Tip. "La Voz de la Verdad", 1946, p. 231.
- (7) Cfr. "A prensa do Ensino Lucense durante a Guerra Civil", *El Progreso*, Lugo, 30.11.1988.
- (8) Cfr. Francisco Mayán Fernández, *Manoel Ledo Bermúdez "O Pallarego". Un dos meirandes amigos de Álvaro Cunqueiro*, Lugo, Servicio de Publicaciones Diputación Provincial, p. 83; áchase incluído nun "Breve cancionero" do Pallarego e dentro dun grupo de cantos de segadores.
- (9) Este é un número especial dedicado á Virxe dos Remedios, onde colaboran diferentes poetas, uns en galego e outros, como neste caso Noriega, en español.
- (10) Esta folla foinos facilitada pola familia do poeta villalbés Antonio García Hermida.
- (11) Vid. "Limiar", *op. cit.*, p. 17.
- (12) Publicado en Vigo en 1973, leva un prólogo de Manuel María, un

II.3. Edición da obra recolectora

II.3.1. A Virxen i a paisanaxe

Nosa Señora

1

Rumban os do Cadramón,
 ¡rumban que poden rumbar!:
 teñen a nosa Señora
 conforme entran no lugar.

2

Nosa Señora fai media
 con liña feita de luz,
 o novelo é lúa cheia
 i as medias son pra Jesús.

3

Nosa Señora «do Carme»
 ten unha linda corona,
 que lla mandou de regalo
 o Padre Santo de Roma.

4

Nosa Señora «da Ponte»
 dentro do seu camarín,
 ten unha pombiña branca;
 (tamén me ha de ter a min).

5

Nosa Señora «da Ponte»

1.-Edicións anteriores: VIP, 7; VA, 26.6.1938; VP, 3.

Variantes : a.- d'o VIP, VA, VP
 d.- conform'entran

2.-Edicións anteriores: VIP, 7; VA, 26.6.1938, VP, 3.

Variantes: c.- cheya VA, 26.6.1938.
 d.- y-as VIP, VA, VP, 3 // Xesús VA

3.-Edicións anteriores: VIP, 7; VP, 3.

Variantes: a.- d'o VIP, VP
 c.- ll'a VIP, VP

4.-Edicións anteriores: VIP, 7; VP, 3.

Variantes: a.- d'a VIP, VP
 c.- d'o VIP, VP
 d.- m'ha VIP, VP

ten a porta cara ó río,
 andan os peixes na iauga,
 dálles co seu caiadiño.

6

Nosa Señora «da Ponte»
 está sentada na porta
 mirando prós seus romeiros
 como baixan pola costa.

7

Nosa Señora «do Viso»,
 a mocidade é mui louca:
 Señora, ¡daille xuício!

8

Nosa Señora «do Viso»,
 ten unha pena que a mata,
 porque perdera un resario
 con tres medallas de prata.

9

Nosa Señora «da Ponte»
 xa non se olvida de min;
 día de Tódolos Santos
 á porta lle aparecín.

5.- Edicións anteriores: VIP, 8; VP, 3.

- Variantes: a.- d'a VIP, VP
 b.- ten-a porta car'ó VIP, VP
 c.- andan-os peixes na y-auga VIP, VP
 d.- cayadiño VIP, VP

6.- Edicións anteriores: VIP, 8; VP, 4.

- Variantes: a.- d'a VIP, VP
 b.- sentadiña VIP
 c.- pr'os VIP, VP
 d.- pol-a VIP, VP

7.- Edicións anteriores: VIP, 8; VA, 26.6.1938; VP, 4.

- Variantes: a.- d'o VIP, VA, VP
 b.- muy VIP, VP; moy V A

8.- Edicións anteriores: VIP, 8; VP, 4.

- Variantes: a.- d'o VIP, VP
 c.- perdera VIP

9.- Edicións anteriores: VIP, 8; VP, 4.

- Variantes: a.- d'a VIP, VP
 b.- s'olvida VIP, VP
 c.- Tolol-os VIP; Todol os VP

10

Nosa Señora «de Sada»
aló vai pola ribeira
en manguiñas de camisa:
parece unha rianxeira.

11

Nosa Señora «de Covas»
inda está arriba da Grela;
veña vindo, veña vindo
pra Cea, que é millor terra.

12

Nosa Señora «de Covas»
ten o liño na ventana;
vámosllo a coller, meniñas,
¡que se lle perde a bagaña!

13

Nosa Señora «de Covas»
ten unha carballeiriña:
a carballeiriña é dela
i a folla que cai é miña.

14

Nosa Señora «do Vento»
ten un pendello de prata;
vén o sol e non a queima,
chove, e non a molla a iauga.

10.- Edicións anteriores: VIP, 8; VP, 4.

Variantes: b.- pol-a VIP, VP

11.- Edicións anteriores: VIP, 8; VP, 4.

Variantes: b.- d'a VIP, VP

d.- qu' é

12.- Edicións anteriores: VIP, 9; VP, 4.

Variantes: c.- vámosll'o VIP, VP

13.- Edicións anteriores: VIP, 9; VP, 5.

Variantes: c.- d'Ela VIP, VP

d.- y-a VIP, VP

14.- Edicións anteriores: VIP, 9; VA, 26.6.1938; VP, 5.

Variantes: a.- d'o VIP, VP // d'a Ponte V A

c.- no na VIP, VP // no ma V A

d.- no na moll'a y-auga VIP, VP; no na molla a y-auga V A

15

Nosa Señora «de Covas»
 roldadiña de carqueixas;
 róldame a min de fertuna,
 que eu te roldarei de zreixas.

16

Nosa Señora «de Covas»
 Ela é miña madriña;
 ¡dichosa de miña nai
 que boa comadre tiña!

17

Nosa Señora «da Barca»
 ten o tellado de pedra;
 ben o puidera ter de ouro,
 miña Virxe, si quixera.

18

Nosa Señora «da Barca»
 aló vai pola ribeira,
 collendo conchiñas de ouro,
 meténdoas na faldriqueira.

19

Nosa Señora «das Neves»,
 ¡canto teño todo é teu!
 solo a miña almiña non,
 que hai que darlla a quen ma deu.

-
- 15.- Edicións anteriores: VIP, 9; VP, 5.
Variantes: c.- roldam'a VIP, VP
 d.- qu'eu VIP, VP
- 16.- Edicións anteriores: VIP, 9; VP, 5.
- 17.- Edicións anteriores: VIP, 9; VP, 5.
Variantes: a.- d'a VIP, VP
 b.- ten-o VIP, VP
 c.- ben-o VIP, VP // d'ouro VIP, VP
- 18.- Edicións anteriores: VIP, 10; VA, 26.6.1938; VP, 5.
Variantes: a.- d'a VIP, VA, VP
 b.- pol-a VIP, VP; pó-la VA
 c.- d'ouro VIP, VA, VP
 d.- metendo-as VIP, VP
- 19.- Edicións anteriores: VIP, 10; VP, 5.
Variantes: a.- d'as VIP, VP
 d.- darll'a quen VIP // m'a VIP, VP

20

Nosa Señora «do Monte»
de Sistallo ben a vin;
eu finquei os ollos nela
i Ela fincounos en min.

21

Nosa Señora «do Monte»
ten us zapatiños brancos,
que llos deu un romeiriño
pra poñer os días santos.

22

Nosa Señora «do Monte»
Ela é miña madriña,
i o Santo Cristo de Ourense
é meu padriño da pía.

23

Nosa Señora «do Monte»
ten un dengue colorado,
que llo deu a taberneira
por vende-lo viño caro.

24

Nosa Señora «do Monte»
é madriña do meu Pepe;
(tamén eu son afillada
do Santo Cristo de Ourense).

20.- Edicións anteriores: VIP, 10; VA, 26.6.1938; VP, 6.

Variantes: a.- d'o VIP, VA, VP
b.- ben-a VIP, VA, VP
c.- n'Ela VIP, VP; n-Ela V A
d.- y-Ela VIP, VA, VP

21.- Edicións anteriores: VIP, 10; VA, 26.6.1938; VP, 6.

Variantes: a.- d'o VIP, VA, VP
b.- ll'os VIP

22.- Edicións anteriores: VIP, 10; VP, 6.

Variantes: a.- d'o VIP, VP
c.- y-o VIP, VP // d'Ourense VIP, VP
d.- d'a VIP, VP

23.- Edicións anteriores: VIP, 10; VP, 6.

Variantes: a.- d'o VIP, VP
c.- ll'o VIP, VP
d.- vendel-o VIP, VP

24.- Edicións anteriores: VIP, 11; VP, 6.

25

Nosa Señora «da Guía»,
 ¡a guía dos mariñeiros!,
 guíeme a miña cuadrilla,
 toda de mozos solteiros.

26

Nosa Señora «de Celas»
 e tamén Señor San Roque
 han de se-los meus padriños
 á hora da miña morte.

27

Nosa Señora «de Reza»
 vela alá vai camiñando;
 ¡quen che me dera ir con Ela
 para lle ir alomeando!

28

Nosa Señora «de Abades»
 ¿que ha de dar ós seus romeiros?
 Auguiña da súa fonte,
 sombra dos seus castiñeiros.

29

Nosa Señora «da Serra»
 eu pró ano aló hei de ir,
 quer casado, quer solteiro,

- Variantes: a.- d'o VIP, VP
 b.- d'o VIP, VP
 d.- d'o VIP, VP // d'Ourense VIP, VP
- 25.- Edicións anteriores: VIP, 11; VP, 6.
Variantes: a.- d'a VIP, VP
 b.- d'os VIP, VP
- 26.- Edicións anteriores: VIP, 11; VP, 6.
Variantes: c.- sel-os VIP, VP
 d.- d'a VIP, VP
- 27.- Edicións anteriores: VIP, 11; VP, 7.
Variantes: b.- vel'alá VIP, VP
 d.- ll'ir VIP, VP
- 28.- Edicións anteriores: VIP, 11; VA, 26.6.1938; VP, 7.
Variantes: a.- d'Abades VIP, VA, VP
 c.- d'a VIP, VA, VP
 d.- d'os VIP, VA, VP

quer criado de servir.

30

Vállame nosa «Señora
do altar maior de Belén»,
vállame o xentil Meniño,
que a Virxen nos brazos ten.

31

Tamén vai nosa Señora
entre as que prá sega van,
fouciña de ouro su brazo
i o Neniño pola man.

Santiña

32

O raio do sol, Santiña,
nos teus peñños vai dar;
¡que moito de que te eu busque
cando te o sol vai buscar!

A Santiña

33

¡Carretera dos Remedios!,
de noite pasei por ela
i alumárame a Santiña
do seu altar cunha vela.

29.- Edicións anteriores: VIP, 12; VP, 7.

Variantes: a.- d'a VIP, VP

b.- d'ir VIP, VP

30.- Edicións anteriores: VIP, 12; VP, 7.

Variantes: b.- d'o altar mayor VIP, VP

31.- Edicións anteriores: VIP, 12; VA, 26.6.1938; VP, 7.

Variantes: b.- entr'os VIP, VA, VP

c.- d'ouro VIP, VA, VP

d.- y-o Neniño pol-a VIP, VP // y-o Filliño pó-la V A

32.- Edicións anteriores: VIP, 12; VA, 26.6.1938; VP, 8.

Variantes: a.- rayo d'o VIP, VA, VP

c.- t'eu VIP, VA, VP

d.- t'o VIP, VA, VP

33.- Edicións anteriores: VIP, 12; VA, 26.6.1938; VP, 9.

A Señora

34

A Señora «dos Milagres»
 ten un anillo no dedo
 pra que llo vaian bicar
 á cima do Monte Medo.

35

A Señora «do Cristal»
 tres días hai que vai fóra;
 foi visita-los enfermos
 á vila de Vilanova.

36

A Señora «de Sameiro»
 ten o tellado de vidro,
 que llo deu un mariñeiro
 que se viu no mar perdido.

37

A Señora «do Cristal»
 ten o vestido vermello:
 éntralle o sol pola porta,
 relumbra com'on espello.

- Variantes: a.- d'os VIP, VA, VP
 c.- y-alumárame VIP, VA, VP
 d.- d'o VIP, VA, VP // c'unha VIP, VA, VP
- 34.- Edicións anteriores: VIP, 13; VP, 10; FR, 81.
Variantes: a.- d'os VIP, VP
 c.- vayan VIP, VP
 d.- d'o VIP, VP
- 35.- Edicións anteriores: VIP, 13; VP, 10; FR, 81.
Variantes: a.- d'o VIP, VP
 b.- hay VIP, VP
 c.- visital-os VIP, VP
- 36.- Edicións anteriores: VIP, 13; VA, 26.6.1938; FR, 81.
Variantes: b.- ten-o VIP, VP; te-no VA
 c.- ll'o VIP
- 37.- Edicións anteriores: VIP, 13; VP, 10; FR, 81.
Variantes: a.- d'o VIP, VP
 b.- ten-o vestido bermello VIP, VP
 c.- entrall'o VIP, VP

Corona

38

A luna vai indo alta,
os pinares xa fan sombra:
¡adiós, Virxen «do Cristal»!,
quédate con Dios, corona.

Á Señora

39

Á Señora «da Peneda»,
viradiña pra Covelo,
non lle podo ve-la cara
coa trenza do seu cabelo.

40

Á Señora «da Saleta»
o meu dengue lle hei de dar,
pra que se me case a filla
co máis rico do lugar.

41

Á Señora «da Peneda»
as costas lle vou virando;
miña boca vaise rindo,
meu corazón vai chorando.

-
- d.- como un FR
- 38.- Edicións anteriores: VIP, 13; VA, 26.6.1938; VP, 11.
Variantes: c.- d'o VIP, VA, VP
- 39.- Edicións anteriores: VIP, 14; VP, 12.
Variantes: a.- d'a VIP, VP
c.- vel-a VIP, VP
d.- co-a trenza d'o VIP, VP
- 40.- Edicións anteriores: VIP, 14; VP, 12.
Variantes: a.- d'a VIP, VP
b.- ll'hei VIP, VP
d.- c'o máis rico d'o VIP, VP
- 41.- Edicións anteriores: VIP, 14; VA, 26.6.1938; VP, 12.
Variantes: a.- d'a VIP, VA, VP

Santa María

42

Señora Santa María,
a do río do Piñeiro,
tende conta coa ermita,
que non a leve o rigueiro.

43

Señora Santa María,
de arredor de Vós andei;
tantos anxos me acompañen
como de voltas eu dei.

44

Miña nai e maila túa
van para Santa María;
levan a roupa das festas,
deixan a de cada día.

45

Santa María de Ois,
alabada sea Ela,
que Ela é miña madriña
i eu son afillada dela.

46

Santa María de Oseira,
cuberta de ramalletes,
acúdelle a aquiles homes,
que se matan a cachetes.

42.- Edicións anteriores: VIP, 14; VP, 13; FR, 82.

Variantes: b.- d'o río d'o VIP, VP
c.- co-a VIP, VP
d.- no na VIP, VP; nona FR

43.- Edicións anteriores: VIP, 15; VP, 13; FR, 82.

Variantes: b.- d'arredor VIP, VP
c.- m'acompañen VIP, VP

44.- Edicións anteriores: VIP, 15; VP, 13; FR, 82.

Variantes: a.- máil-a VIP, VP
c.- d'as VIP, VP

45.- Edicións anteriores: VIP, 15; VP, 13; FR, 82.

Variantes: c.- qu'Ela VIP; qu'ela VP; que ela FR

d.- y-eu VIP, VP; e eu FR // d'Ela VIP, VP; de Ela FR

46.- Edicións anteriores: VIP, 15; VP, 14; FR, 82.

47

Tódo los deixo citados
para ir á foliada:
Berdillo, Sofán e Artes,
Santa María de Ardaña.

48

Á Virxen Santa María
ofreceume miña mai,
que me doían os ollos
e no me doeron máis.

Madre de Dios

49

Na nosa aldea de Lubre
téñoche a quen quero ben:
á Patrona Santa Eulalia
i á Madre de Dios tamén.

50

Madre de Dios «de Palmés»,
xa te podías mudar
pró Campo de Portecelos,
que che é camiño real.

51

Madre de Dios «de Chanteiro»,
o que non queira borrascas
non se meta a mariñeiro.

- Variantes: a.- d'Oseira VIP, VP
c.- acudell'aquiles VIP, VP
- 47.- Edicións anteriores: VIP, 15; VA, 10.7.1938; VP, 14; FR, 83.
Variantes: a.- Todol-os VIP, VA, VP
d.- d'Ardaña VIP, VA, VP
- 48.- Edicións anteriores: VIP, 15; VP, 14; FR, 83.
- 49.- Edicións anteriores: VIP, 16; VG, 30.9.1925; VP, 15.
Variantes: b.- ténoch'a VIP, VG, VP
d.- y-á VIP, VG, VP
- 50.- Edicións anteriores: VIP, 16; VG, 30.9.1925; VP, 15.
Variantes: d.- ch'é VIP, VG, VP
- 51.- Edicións anteriores: VIP, 16; VG, 30.9.1925; VA, 10.7.1938; VP, 15.
Variantes: c.- met'a VIP, VG, VP

52

Madre de Dios «de Chanteiro»,
 ¡déano-lo vento en popa!,
 que sómo-los mugardeses,
 levámo-la vela rota.

Virxe

53

Adiós, Virxe «do Cristal»,
 adiós carrapucheiriña,
 comadre da miña nai,
 señora miña madriña.

54

Virxe «dos Desamparados»,
 tes unha ilesia valente;
 pos olliños de pracer
 cando miras para a xente.

55

Rapazas de Vilanova,
 ¡ben vos podeades gabar!,
 que non hai Virxe no mundo
 ¡com'a «Virxe do Cristal»!

56

Adios, «Virxe do Cristal»,
 ¡suspiriños que me levas!;
 si che foran graus de millo,

52.- Edicións anteriores: VIP, 16; VG, 30.9.1925; VA, 10.7.1938; VP, 15.

Variantes: b.- déanolo VIP, VG, VA, VP
 c.- sómol-os VIP, VG, VP
 d.- levámola VIP, VG, VP

53.- Edicións anteriores: VIP, 16; VP, 16; FR, 84.

Variantes: a.- d'o VIP, VP
 c.- d'a VIP, VP

Nota en VIP e VP a *carrapucheiriña*: «Derivado de cara pulchra».

54.- Edicións anteriores: VIP, 17; VP, 16; FR, 84.

Variantes: d.- par'a VIP, VP

55.- Edicións anteriores: VIP, 17; VA, 10.7.1938; VP, 16.

Variantes: c.- hay V P
 d.- como a FR

sementara moitas terras.

Á miña Virxe

57

Anque me vexas ir sola,
non veñas acompañarme,
que levo de compañía
á miña Virxe «do Carme».

Da Virxe

58

Sempre me andas preguntando
de que romaría veño;
veño da Virxen «do Leite»
do fondo do Formigueiro.

59

No ventre da Virxen Mai
encarnou Divina Gracia;
entrou e saliu por Ela
com'o sol pola vidraza.

60

Veño da Virxe «da Barca»,
veño de abanar a Pedra,
tamén veño de Vos ver,
Santo Cristo de Fisterra.

56.- Edicións anteriores: VIP, 17; VA, 10.7.1938; VP, 16; FR, 84.

Variantes: a.- d'o VIP, VA, VP

57.- Edicións anteriores: VIP, 17; VP, 17.

Variantes: a.- d'o VIP, VP

58.- Edicións anteriores: VIP, 18; VP, 18; FR, 85.

Variantes: a.- m'andas VIP, VP
c.- d'a Virxen d'o VIP, VP
d.- d'o fondo d'o VIP, VP

59.- Edicións anteriores: VIP, 18; VP, 18; FR, 85.

Variantes: a.- N'o ventre d'a VIP, VP
d.- como o FR

60.- Edicións anteriores: VIP, 18; VP, 18; FR, 85.

Variantes: a.- d'a Virxe d'a VIP, VP

Para a Virxen

61

Miña nai e mais a túa
van para a Virxen «de Covas»;
a miña leva o pandeiro
e a túa as castañas.

Miña Virxe

62

Despedinme da igresiña
e tamén do campanario,
non me despido de Ti,
miña Virxe «do Resario».

63

Despedinme da igresiña
e mais dos santos de adentro;
no me despido de Ti
nin do Santo Sacramento.

64

Miña Virxe «da Peneda»,
da Peneda, en penediña,
chámame miña afillada,
que eu lle chamarei madriña.

b.- d'abanar VIP, VP

Nota a *Pedra* en VIP e VP: «Alude a la piedra oscilante, encima de la cual acostumbran a subirse los romeros.

61.- Edicións anteriores: VIP, 18; VP, 19.

Variantes: b.- par'a VIP, VP

c.- lev'o VIP, VP

62.- Edicións anteriores: VIP, 19; VP, 20.

Variantes: a.- d'aigresiña VIP; d'a igresiña VP

b.- d'o VIP, VP

c.- d'o VIP, VP

63.- Edicións anteriores: VIP, 19; VP, 20.

Variantes: a.- d'aigresiña VIP; d'a igresiña VP

b.- d'os santos d'adentro VIP, VP

d.- d'o VIP, VP

64.- Edicións anteriores: VIP, 19; VP, 20.

65

Miña Virxe «da Peneda»
 ten un tendal de meadas;
 vamos ó río, meniñas,
 vamos ó río a lavarllas.

66

Miña Virxe «do Pan Quente»,
 acodide o pan cocido,
 que cocín unha fornada
 e todo saleu ardido.

67

Miña Virxe «dos Remedios»,
 miña Virxe «de Lamego»,
 todo o camiño foi ben,
 só na barca tiven medo.

68

Miña Virxen «da Peneda»,
 ¡que tan fonda se foi pór!
 entro os toxos i as carqueixas,
 penediños de arredor.

69

Miña Virxe «dos Milagros»,
 ¡que che foron levantar!
 que tiñas un home morto
 debaixo do teu altar.

- Variante: a.- d'a VIP, VP
 b.- d'a VIP, VP
 d.- qu'eu VIP, VP
- 65.- Edicións anteriores: VIP, 19; VP, 20.
Variante: a.- d'a VIP, VP.
- 66.- Edicións anteriores: VIP, 19; VP, 20
Variante: a.- d'o VIP, VP
- 67.- Edicións anteriores: VIP, 19; VA, 10.7.1938; VP, 21.
Variante: a.- d'os VIP, VA, VP
 b.- d'os Remedios de Lamego VA
 c.- todo'o VIP, VP
- 68.- Edicións anteriores: VIP, 20; VA, 10.7.1938; VP, 21.
Variante: c.- entr'os, y-as VIP, VA, VP
 d.- d'arredor VIP, VA, VP
- 69.- Edicións anteriores: VIP, 20; VP, 21.
Variante: a.- d'os VIP, VP

70

Miña Virxe «de Augas Santas»
 ten as culleras na fonte,
 para beber os romeiros,
 que vén cansados do monte.

71

Miña Virxe «dos Milagros»,
 dos Milagros de Caión;
 miña Virxe dos Milagros,
 ¡lévote no corazón!

72

Miña Virxen «do Cristal»,
 xa aló fun e non a vin,
 que está metida no vidro
 dentro do seu camarín.

73

Miña «Virxen da Peneda»,
 xa aló fun i hei de voltar:
 deixei a miña mantilla
 dobrada no seu altar.

74

Miña Virxe «do Corpiño»,
 este ano alá non vou,

d.- d'o VIP, VP

70.- Edicións anteriores: VIP, 20; VP, 21.

Variantes: a.- d'Augas VIP, VP
 d.- d'o VIP, VP

Nota a *vén* en VIP e VP: «Ven por veñen. Esta discordancia en el número no la conoce el castellano.

71.- Edicións anteriores: VIP, 20; VP, 21.

Variantes: a.- d'os VIP, VP
 b.- d'os VIP, VP
 c.- d'os VIP, VP

72.- Edicións anteriores: VIP, 20; VP, 21.

Variantes: a.- d'o VIP, VP
 b.- x'aló VIP, VP
 c.- qu'está VIP, VP
 d.- d'o VIP, VP

73.- Edicións anteriores: VIP, 21; VP, 22.

Variantes: a.- d'a VIP, VP
 b.- x'aló fun y-hei VIP, VP

que pola falta dos cartos
moita xente se quedou.

75

Miña Virxe «do Cristal»,
miña Virxen cristalina,
tanto relumbra de noite
como relumbra de día.

Ai, Miña Virxe

76

Ai, miña Virxe «da Barca»,
ai, miña Virxe, ¡valeime!,
que estou no medio do mar
sin ter barqueiro que reme.

Á Virxen

77

Fuches á Virxen «da Serra»
e nin rosca me trougueche;
¡nin os mouros da Mourama
fan a que tu me fixeche!

78

Pescador que estás pescando,
péscame unha rebaliza,
para levar de regalo

74.- Edicións anteriores: VIP, 21; VP, 22.

Variantes: a.- d'o VIP, VP
c.- pol'a falta d'os VIP, VP

75.- Edicións anteriores: VIP, 21; VA, 10.7.1938; VP, 22.

Variantes: a.- d'o VIP, VA, VP
b.- miña carrapucheiriña VA
c.- relumbras V A
d.- relumbras V A

76.- Edicións anteriores: VIP, 21; VP, 23.

Variantes: a.- d'a VIP, VP
c.- qu'estou no medio d'o VIP, VP

77.- Edicións anteriores: VIP, 21; VG, 8.12.1925; VP, 24.

Variantes: a.- d'a VIP, VG, VP
c.- d'a VIP, VG, VP

á Virxen «de Pastoriza».

79

Á Virxen «da Aparecida»,
da aparecida en Calván,
¡non lle poden ve-la cara
co ramo que ten na man!

A Virxen

80

No cimbro daquela serra
está un pozo de auga fría,
onde se lavan os anxos
e maila Virxen María.

81

San Vicente pequeniño
anda no monte co gando;
a Virxe «de Pastoriza»
ándallo arrecadando.

82

A Virxen «de Pastoriza»
ten un navío do mar;
¿quen llo deu?, ¿quen llo daría?
Quen llo deu, púidollo dar.

78.- Edicións anteriores: VIP, 22; VG, 8.12.1925; VP, 24.

Variantes: a.- qu'estás VIP, VG, VP

79.- Edicións anteriores: VIP, 22; VP, 24.

Variantes: a.- d'Aparecida VIP, VP
b.- d'aparecida VIP, VP
c.- vel-a VIP, VP
d.- c'o VIP, VP

80.- Edicións anteriores: VIP, 22; VP, 25.

Variantes: a.- d'aquela VIP, VP
b.- d'auga VIP, VP
d.- mail-a VIP; mail a VP

81.- Edicións anteriores: VIP, 22; VP, 25.

Variantes: b.- c'o VIP, VP

82.- Edicións anteriores: VIP, 22; VP, 25.

Variantes: b.- d'o VIP, VP
c.- ll'o ... ll'o VIP, VP
d.- ll'o VIP, VP

83

A Virxen «de Pastoriza»
ben a vin pola vidreira,
algo moreniña queda
por causa do sol que a queima.

84

A Virxen «de Pastoriza»
vela alí vai na súa barca;
aló no medio do mar
tódalas augas aparta.

85

Teño de ir «ós Remedios»
vestida de muradana,
que me ofreceu miña mai
pra que a Virxen me sanara.

86

Teño de ir a Santa Minia,
teño de ir «á Escravitú»,
téñolles que dar as gracias,
que me deron a salú.

87

O mariñeiro no mar,
si a Virxen non llo remedia,
unha vez perde o timón,
outra vez rífalla a vela.

88

A Virxen «da Aparecida»
¡donde foi aparecer!

83.- Edicións anteriores: VIP, 23; VA, 10.7.1938; VP, 25.

Variantes: b.- ben-a vin pol-a VIP, VP; bé-na vin pó-la V A
d.- d'o VIP, VA, VP

84.- Edicións anteriores: VIP, 23; VP, 25.

Variantes: c.- d'o VIP, VP
d.- total-as VIP, VP

85.- Edicións anteriores: VIP, 23; VA, 10.7.1938; VP, 26.

Variantes: c.- m'ofreceu VIP, VA, VP

86.- Edicións anteriores: VIP, 23; VP, 26.

Variantes: a.- d'ir VIP, VP
b.- d'ir VIP, VP

87.- Edicións anteriores: VIP, 23; VA, 10.7.1938; VP, 26.

entre Couso e Porqueirós;
meniñas, vámola ver.

89

A Virxen «da Cerca» vaise,
o cabildo vai con Ela;
panadeiriñas da praza,
vinde a despedirvos dela.

90

A Virxen «da Clamadoira»
¡altiña que se foi pór!:
dálle o aire, dálle o vento,
dálle a raziña do sol.

91

A Virxen «da Clamadoira»
¡altiña que se foi pór!,
pra repicar as campanas
o Domingo do Señor.

92

A Virxen «da Clamadoira»
vela alá nunha ladeira,
botándolle a bendición
ás nenas que ten á beira.

88.- Edicións anteriores: VIP, 24; VP, 26.

Variantes: a.- d'Aparecida VIP, VP
d.- vámol-a VIP, VP

89.- Edicións anteriores: VIP, 24; VP, 26.

Variantes: a.- d'a VIP, VP
c.- d'a VIP, VP
d.- d'Ela VIP, VP

90.- Edicións anteriores: VIP, 24; VP, 26.

Variantes: a.- d'a VIP, VP
c.- dall'o aire, dall'o VIP, VP

91.- Edicións anteriores: VIP, 24; VP, 26.

Variantes: a.- d'a VIP, VP
d.- d'o VIP, VP

92.- Edicións anteriores: VIP, 24; VP, 27.

Variantes: a.- d'a VIP, VP
b.- vel-a alá n'unha VIP, VP
c.- botandoll'a VIP, VP

Nota ao verso c en VIP e VP: «En rigor debiera decir botándolles a bendición, pero en el gallego no es raro el uso del sing. en sustitución del plural».

93

Quen ten filliños pequenos
sempre lles ha de cantar;
i a Virxen canta; mais canta
con voluntá de chorar.

94

Chorade, ollos, chorade,
que o chorar non é desprecio;
a Virxen tamén chorou
cando veu seu Fillo preso.

O cantar que a Virxen canta

95

O cantar que a Virxen canta
ond'a Fonte do romeu,
o cantar que a Virxen canta
tamén o cantarei eu.

96

O cantar que a Virxen canta
cando arrola ó seu Meniño:
«meu caravel, ¡miña rosa!,
¡¡meu bico de paxariño!!».

O que fala o Meniño

97

Ña madre, como son solo,
non sabe xa que me faga:
tódalas silvas me arredra,
tódalas froles me apaña.

93.- Edicións anteriores: VIP, 24; VA, 17.7.1938; VP, 27.

Variante: c.- y-a VIP, VP

94.- Edicións anteriores: VIP, 22; VP, 27.

95.- Edicións anteriores: VIP, 25; VA, 17.7.1938; VP, 28; FR, 86.

Variante: b.- onde a FR // d'o VIP, VP
d.- tamen-o VIP, VP; tamé-no VA

96.- Edicións anteriores: VIP, 25; VA, 17.7.1938; VP, 28; FR, 86 (vid. tamén en E 23).

Variante: c.- carabel VP, FR

97.- Edicións anteriores: VIP, 25; VA, 17.7.1938; VP, 29; FR, 87.

Variante: c.- total-as VIP, VP; toda-las VA // m'arredra VIP, VA, VP

98

Miña Mai... ¡quérolle moito!,
i está mui posto en razón,
que me trougo nove meses
de par do seu corazón.

99

Miña Mai, miña Maiciña,
¡miña Maiciña do ceio!,
que tantas veces me trouxo
envolto no seu mantelo.

100

Miña Mai, miña Maiciña,
¡que linda Mai teño eu!,
desfixo o seu xustilliño
para me face-lo meu.

101

Miña Mai, miña Maiciña,
¡com'a miña Mai ningunha!,
que me quentaba a cariña
co calorciño da súa.

- d.- total-as VIP, VP; toda-las VA // m'apaña VIP, VA, VP
- 98.- Edicións anteriores: VIP, 25; VA, 17.7.1938; VP, 29; FR, 87.
Variantes: b.- y-está VIP, VA, VP; e está FR
d.- d'o VIP, VP, VA
- 99.- Edicións anteriores: VIP, 25; VA, 17.7.1938; VP, 29.
Variantes: b.- d'o ceyo VIP, VA, VP
- 100.- Edicións anteriores: VIP, 26; VA, 17.7.1938; VP, 29; FR, 87.
Variantes: c.- desfix'o VIP, VP
d.- facel-o VIP, VP; facer o VA
- 101.- Edicións anteriores: VIP, 26; VA, 17.7.1938; VP, 29; FR, 87.
Variantes: b.- coma a VA; como a FR
c.- quentab'a VIP, VP
d.- c'o calorciño d'a VIP, VA, VP

II.3.2. Como falan os brañegos

ANTONIO¹ NORIEGA VARELA

da Academia de Ciências de Portugal e do
Instituto Histórico de Minho²

COMO FALAN OS BRAÑEGOS

SERIE I

Locucións³, frases, modos adverbiales⁴, unha leria prós⁵
rapaciños, refrás⁶, cantares i adiviñanzas⁷

MÁIS DE MIL EXEMPROS

¹ Antón

Editamos o texto polo exemplar da única edición (A Cruña, "Nós" Publicacións galegas e imprenta, 1928) dedicado por Noriega a Couceiro Freijomil, que contén correccións manuscritas do propio autor, as cales incorporamos á nosa edición subliñándoas no texto, se teñen relevancia fonética, ou indicándoas en cursiva nas variantes, se só afectan á grafía; neste caso marcamos tamén acentos corrixidos polo autor, que, sen outra trascendencia, son expoñente duns hábitos e usos dunha época determinada. As variantes en letra negriña corresponden á única edición de 1928. Tamén se segue o criterio xeral de reposición en cursiva no texto da vocal elidida, así como a actualización ortográfica.

² da Academia de Ciências de Portugal, do Instituto Histórico do Minho e da Real Academia Gallega

O autor substitúe a primeira coma por "e" e tacha "e da Real Academia Gallega", igual que tachara "Antón" e engade: "Da Real Academia Gallega lo puso el editor sin mi permiso; y Antón por Antonio; unllas (muchas veces), por uñas; i, por y; locucións, por locucións; adverbiás, por adverbiales; refráns, por refrás; etc., etc." (os subliñados son do autor).

³ Locucións

⁴ adverbiás

⁵ pr'os

⁶ refráns

⁷ i-adivinanzas

"...n'habendo deprendido en máis escola qu'a d'os nosos probes aldeáns..."

ROSALÍA DE CASTRO⁸

Noriega invita a seguir o traballo en total-as rexións de Galicia. É de precisión urxente. Cada vello que vai á cova leva consigo un anaco vivente do falar do pobo.

RAMÓN OTERO PEDRAYO⁹.

Lo exclusivamente ortográfico es bien poca cosa ante lo que resta por hacer.

La sintaxis genuinamente gallega está desapareciendo. Nuestros giros peculiares, *nuestros modismos*, apenas si aparecen por ahí.

COUCEIRO FREIJOMIL¹⁰.

...Lo que hay que hacer es *saber gallego*. Sabiéndolo se sabe escribir y hablar como es debido, y no se va uno *por campo de la arbitrariedad inconsciente*.

A. COTARELO¹¹.

⁸ Palabras tiradas do prólogo da propia autora ao seu libro *Cantares gallegos*, Vigo, Imp. de D. Juan Compañel, 1863.

⁹ Otero Pedrayo foi quen lle conseguiu a publicación desta obra por parte dos galeguistas de "Nós", cos que Noriega estaba enfrontado (vid. I.2.3); previamente animáralo a realizar ese labor recolector.

¹⁰ Antonio Couceiro Freijomil (Pontedeume 1888-Santiago de Compostela 1955) foi Inapector do Ensino Primario e xefe inmediato de Noriega, como este lle chama; tivo especial interese en que unhas palabras súas figurasen á fronte deste libro (cfr. III.6.1.30: "que se digne el señor conseguirme de mi jefe un par de cuartillas, que mucho deseo vayan al frente de la obrita"). A el está dedicado o exemplar de *Como falan os brañegos* sobre o que Noriega fixo as correccións que incorporamos á presente edición.

¹¹ Armando Cotarelo Valledor (Vegadeo, 1879-Madrid, 1950) foi catedrático de Lingua e Literatura Española na Universidade de Santiago e primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos; tamén cultivou a faceta de recolector de cantigas populares no seu *Cancioneiro da agulla*. Esta cita foi especialmente grata a Noriega, que a reproduce en carta a Otero (cfr. III.6.1.30: "*Os camiños d'a vida*, aparte su reconocidísimo valor literario, marcan una nueva era pa. nuestras Bellas Letras, ya que cogió Vd. por los senderuelos qe. conducen a la aldea, y supo, ¡trascendentalísima determinación!, apartarse, asqueado, de *los campos de la arbitrariedad inconsciente* que también aborrecen el gran Cotarelo, y mi dignísimo jefe el Sr. Couceiro Freijomil").

Como falan os brañegos¹²

A

ABORGUETAR

ABORGUETAR A HERBA: Amontonarla.

ABRASAR

AI, ABRASAR, ABRASOUNO¹³: Lo puso cual digan dueñas.

ABRIR

ABREUNOS A PORTA I A ARCA. ABREUNOS A PORTA A MANGA I A ANCHA¹⁴: Nos recibió con los brazos abiertos.

ACOUBAR

¿ACOUBAS?: ¿Te estás quieto?

ADOITAR

ADOITA ERGUERSE CEDO: Tiene costumbre de levantarse temprano.

AFEITAR

AFEITEINO SIN NAVALLA: Le tenté el bulto.

AGARIMAR

¹² O libro está organizado alfabeticamente en forma de diccionario de verbos, mais con moitas alteracións nesa orde alfabética; para unha maior claridade e facilidade no seu uso corriximos esa defectuosa ordenación.

¹³ *abrasóuno*

¹⁴ *abréunos // i-a*

ACHEGA-LA PORTA. ACHUÍ-LA PORTA. AGARIMA-LA PORTA¹⁵:
Emparejar la puerta.

AGARDAR

AGARDA-LA MAU¹⁶: Dejarse manosear.

ALUMAR

ALUMA ÓS CEGOS: Salta a los ojos.

ALUMÁRONLLE CON PALLAS MORTAS: Le sacudieron el polvo.

ANAINAR

ANAINAR Ó NENO¹⁷: Adormecer al niño.

ANDAR

ANDAR NA LENGUA DA XENTE: Ser traído en lenguas.

ANDAR COM'A GRADE: Andar arrastrado.

ANDAR COA MOSCA NO UBRE, ANDAR COA MOSCA NA ORELLA, ou
ANDAR COA AREIA NA ZOCA¹⁸: Recelar de todo.

ANDAR COAS UÑAS A RASTRO¹⁹: Robar.

ANDAR Á CAZOLA PRESTADA, ANDAR Ó CALDO DE AMENTA,
ANDAR ÁS TALLADAS DE QUEIXO²⁰: Andar a tanto por día.

ANDAR COM'OS BOIS NO MONTE: Omninó nudus.

ANDAR CON SETE PEDRAS NA MAU²¹: Pertinaciter contendere.

ANDAR COM'UNHA DEBADOIRA: Trabajar a remo y vela.

ANDA TODO CORRIDO COM'A GAITA NA FESTA: Lo saben todos.

ANDAR COM'OS BOIS, ANDAR ENVOLTO NO ESTERCO: Ser un esclavo.

ANDAR A ZORRO, ou ANDAR DE GATIÑAS, ou ÁS DEGATEÑAS²²:
Andar a gatas.

A GALIÑA: «Pór, pór, pór, pór, pór, ¡i andar descalza!, pór, pór, pór, pór, pór, ¡i andar descalza!, i ama ¡todo gasta!, ¡todo gasta!, ¡todo gasta!, ¡i gasta!»³⁰⁶.

O GALO: «¡Homes de capa na casa!».

UN PITIÑO: «¡Triste de min!».

OUTRO: «¡Cunca da gra!...»³⁰⁷.

O RATO: «¡Que escrupulosa se fai a xente! Come do meu c..., e non come do meu dente!...»³⁰⁸.

AS RAS: «Catro, catro, catro, catro, catro, catro, catro, catro». «Rega, rega, rega, rega, rega, rega, rega, rega»³⁰⁹.

UN SAPO (conforme o van asoballando os dentes da grade)³¹⁰: «Pase, vosté, señor; pase, vosté, señor; ¡pase, vosté, señor!...».

DOUS SAPOS, ó luar³¹¹:

-¡Cou!

-¡Clou!

-¡Fuche ó ferreiro?»³¹²

-Fun.

303 Reproducido por Barrio e Harguindey.

304 Mantemos o acento diacrítico de *rás*, forma contracta e vulgar de *reás*; Barrio e Harguindey:

"Meus trinta reás!

Meus trinta reás!"

305 Reproducido por Barrio e Harguindey.

306 *Pôr... y-andar // pôr... y-ama.*

Barrio e Harguindey:

"Pór, pór, pór, pór, pór,

i andar descalza!

pór, pór, pór, pór, pór

i andar descalza!

i a ama todo gasta!

gasta!"

307 *d'a grá*

308 *Qu'escrupulosa // d'o // d'o*

309 Barrio e Harguindey:

-Catro, catro, catro, catro,

catro, catro, catro, catro,

-Rega, rega, rega, rega,

rega, rega, rega, rega.

310 *d'a*

311 *ô*

312 *ô*

-¿E cravuñache?

-Non.

-¡Clou!

-¡Clou!

A COBRA:

Pra Vilanova vou,
pra Vilanova vou,
dodemo a quen me veu que no me matou³¹³,
que no me matou.

Refrás, cantares, adiviñanzas³¹⁴

A

ABONDAR

Ó que non ten, media cazola lle abonda³¹⁵.

ABRIR

(Fala o muiñeiro): Ábrete, saco: unha maquía me debes, dúas che agarro³¹⁶.

ADOBAR

Nos fornos e lavadoiros, adúbanse os coiros.

AGARRAR

Home seco, e non de fame, líbrate que non te agarre³¹⁷.

AGUZAR

De pequeniño, se aguza o espiño³¹⁸.

ALMORZAR

Almorzo cedo, cría carne e sebo.

ANDAR

Cabalo grande, ande non ande.

314 Algúns destes cantares e adiviñanzas tamén foron publicados polo autor na prensa ou figuran manuscritos.

315 ô // ll'abonda

316 ch'agarro

317 t'agarre

318 s'aguza

No camiño de Santiago, tanto anda o coxo com'o santo.
 O probe i o muíño, andando ganán³¹⁹.
 Pra tempo andado, pan ganado.

Andar, andar,
 e nunca chegar³²⁰.
 (O muíño).

Zuncorondullo andaba na feira,
 no medio, inchaba;
 no rabo, roncaba;
 tiña orellas, e zangoneaba³²¹.
 (A gaita).

APARECER

Quen non aparece, esquece.

ARROLAR

Quen pareu, que arrole, e siñón pasar sin home.

Cala i ora,
 cala i ora,
 se non queres calar, chora³²².

319 y-o

320 Vid. A 7.

321 hinchaba

Vid. A 10.

Sobre a voz *zuncorondullo*, usada tamén por Castelao en *Os vellos non deben de namorarse* coa forma *zuncurrundullo*, Alonso Montero (*op. cit.*) opina que, de igual forma que sucedía con *maroutallo*, debeuna tirar o escritor rianxeiro desta obra: "Penso que a palabra -non necesariamente negativa- foi tomado por Castelao do texto da adiviña pola súa personalidade fónica, e, xa nun determinado contexto, adquiriu a dimensión semántica peiorativa que Castelao precuraba. Castelao, saboreador de palabras, bebeu na fonte limpa de «Como falan os brañegos», catecismo, aínda vixente, da nosa fala popular».

322 y-ora // y-ora

ASUBIAR

Mentres capo, non asubío.

-¡Asubíos que van dando
camiño de Mondoñedo!
-Hanche ser paxes do Obispo,
que volven de parrafeo³²³.

ATREVERSE

O que non se atreveu, nunca en boa cama durmeu³²⁴.

AXUDAR

Facenda miúda, a seu dono axuda.
Fusada miúda, a seu dono axuda.
Costa abaixo, tódolos santos axudan³²⁵.

B

BARRUZAR

Na casa do Cura, cando non chove, barruza.

BOTAR

Bota liño, e bótalle ó río³²⁶.
Unhas i outras, botan ó crego de poutas ³²⁷.
Besta vella, botala ós toxos³²⁸.

C

323 Vid. C 6.

324 s'atreveu

325 todol-os

Este verbo leva dúas entradas diferentes, p.75 e p.76.

326 ô

327 y-outras // ô // xoutas

328 ôs

CAER

Hai que desamasar, que caeu o forno³²⁹.
 Dendes que o carro cai, non faltan carrilleiras.
 Muller que de alto fía, o fuso lle cai i o c... lle asubía³³⁰.

CALAR

Tu que o sabes, i eu que o sei, cálate tu que eu me calarei³³¹.

CANTAR

Ben canta Marta despois de farta.
 Ó raposo dormente, non lle canta a galiña no dente³³².

CATAR

Quen cata o mel na colmeia, aguante a picadura da abella.

CERRAR

O burro traseiro que zarre o boqueiro.

COCER

Ó que coce i amasa, nunca lle furtas a masa³³³.

COIDAR

Coida o ladrón que tódolo son³³⁴.

COMER

Comer como haber.
 A barba do home si o gana tamén o come.
 Dous lobos a un can, ben o comerán.
 Do contado come o lobo.

329 Hay

330 d'alto // y-o // ll'asubía

331 y-eu // qu'eu

332 Ó

333 Ó // y-a

334 todol-o

O que non se farta comendo, tampouco se farta lambendo.
 Comer e sorber, non pode ser.
 Carne de calceta que a coma quen a meta.
 O que come cabrito e cabra non ten, dalgures lle vén³³⁵.
 Toda carne come o lobo, agás a súa que a delambe.
 A vaca da miña veciña come menos herba e dá máis leite que a miña.
 A muller sin home no regazo come.
 Val máis comer e comiñar que non ver e desear.
 Malia ó dente que come a semente³³⁶.
 En Setembre come e vende: pero non seña tanto o vender, que non deixes que comer.

COMPOÑER

Muller de cego que se compón moito, non se compón pró cego, que se compón pra outro³³⁷.

COLLER

Labra ben e fondo, si ques coller pan de abondo: o arado rabudo, e o labrador barbudo³³⁸.

CORRER

Quen corre polo muro, non dá paso seguro³³⁹.
 Á iauga de correr i á xente de falar, non se lles pode privar³⁴⁰.
 Á iauga de correr i ós cas de ladrar, non se lles pode privar³⁴¹.

COSER

(Fala o xastre): Un ovo é un ovo: cose agulla e vaite a modo. Dous ovos son dous ovos: cose agulla, de dous modos. Tres ovos son tres ovos: ¡cose, agullíña, hastra os ollos!³⁴².

335 d'algures

336 ô

337 pr'o

338 quês // d'abondo

339 pol-o

340 y-auga // y-â

341 y-auga // y-ôs

342 hastr'os

CH

CHAMAR

Unha vella con un dente
 chama a toda a súa xente³⁴³.
 (A campá).

CHEGAR

O que chega tarde, non oie misa nin come carne³⁴⁴.
 A pena do morto chega ó horto³⁴⁵.
 De onde se quita e non se pon, logo se chega ó fondón³⁴⁶.

CHOVER

Si chove Xoves de Ascensión, cava, pión³⁴⁷.
 Si chove Xoves de Ascensión, hortas ruís, e trigo rocón³⁴⁸.
 Cando non chove en Febreiro, non hai bon prado nin bon
 centeio³⁴⁹.
 Chove, chove, na aira do probe.

Chove e mais vai sol,
 van os demos pró Ferrol
 cunha carga de culleres
 azoutando nas mulleres³⁵⁰.

Chove, Dios, chove,
 que vou prá leña,
 canto máis chovas

343 cham'a // tod'a. Vid. A 29.

344 oye

345 ô

346 D'onde // ô

347 d'Ascensión

348 d'Ascensión

349 hay

350 pr'o // c'unha

máis hei coller nela³⁵¹.

CHUCHAR

Por mor dos santos chúchanse as pedras (ou báixanse as pedras),
por mor das mozas cortéxase ás vellas³⁵².

D

DAR

(Fala o canteiro): ¡Papas me dan? ¡Papas quedarán!...
Polo San Joan, as nove con día dan³⁵³.
Á costa do chao, calquera da mao³⁵⁴.
Vaca estrullada (ou estransillada), nin leite nin crianza.
Ó criado cando é novo, danlle pan e ovo; i así que é vello, danno ó
demo³⁵⁵.
¡Moucho!, dámo e doucho.
Cando non o dan os campos, non o teñen os santos³⁵⁶.
Quen dá a quen o entende, non llo dá, ben llo vende³⁵⁷.
Das zreixas ós nabos, ben o pasamos: dos nabos ás zreixas, dámo-
las queixas³⁵⁸.
Caldo sin pan, no inferno o dan.
Dar con ter, pra que nos veñan ver.
Facenda de crego, dáia Dios e lévaa o demo³⁵⁹.
Cando che dían a ovella, colle a corda e vai por ela³⁶⁰.
Cásate, Xan, que Dios dará pan.
Palabras de casamento danse no campo e lévaas o vento.
A muller brava, corda larga.
Maus que tomades e non dades, ¿que esperades?

DECIR

-
- 351 pr'a // n'ela
352 ás vellas
353 Pol-o
354 Á // d'o
355 Ô // y-así qu'é // dan-no ô
356 no-no // no no
357 qu'é-no // ll'o // ll'o
358 D'as // ôs // bé-no // d'os // as
359 dáya
360 coll'a

A cada un o seu, dixo o que roubaba³⁶¹.
 Non digas mal do ano antes que seña pasado³⁶².
 Non digas ¡ai!, que deshonras a teu pai.
 Do dito ó feito vai un gran preito³⁶³.

DEITAR

O boi que me escornou, en boa parte me deitou (Ex malo bonum)³⁶⁴.

DEIXAR

Ferrar ou deixar o banco.
 Verzas que non has comer, déixaaas ó demo cocer³⁶⁵.
 En Abril déixame dormir, que en Maio de meu me caio³⁶⁶.
 Deixar andar o can coa roca, que il dará conta da mazaroca³⁶⁷.

DURAR

Paxel que moito se lava, i home que moito se cura, pouco dura³⁶⁸.

E

ENCHER

O año de abril, enche o regazo i o mandil³⁶⁹.
 Auga de abril, enche o carro i o carril³⁷⁰.

ENCRUAR

-
- 361 dix'o
 362 d'o
 363 D'o // ô
 364 m'escornou
 365 Berzas // deixas ô
 366 qu'en Mayo // cayó
 367 co-a // qu'il
 368 y-home
 369 d'abril, ench'o // y-o
 370 d'abril, ench'o // y-o

Canta a ra no mes de abril, encrúa o tempo e vólvese ó cubil³⁷¹.

ENFEIXAR

Quen moito enfeixa, pouco ata.

ENGAÑAR

Quen á raposa ha de enganar, cómprelle madrugar³⁷².

ENGRAVAR

Pró pan engraiar, ha do boi tembrar³⁷³.

ENTENDER

Val máis entendelas que porfialas.
Pra entender de presos, carceleiros vellos.

ENTRAR

Besta vella non entra en paso.
Nese mercado non entro nin sallo³⁷⁴.

Barbouzán entrou por portas
con trescentas follas postas,
trescentas follas e un ramo:
n'adiviñarás este ano³⁷⁵,
nin tampouco pró que vén³⁷⁶,
agás que cho diga alguén³⁷⁷.
(O galo).

ESCOITAR

371 Cant'a rá // d'abril // ô

372 â // d'enganar

373 engrayar

374 N'ese

375 est'ano

376 pr'o

377 ch'o

Vid. A 62.

O que escoita i acexa, oie cousas con que lle pesa³⁷⁸.

ESTAR

O leite fresco está no cesto.

En Agosto está a iauga tras do toxo³⁷⁹.

O que ten cabras e fillos, non pode estar a ben cos veciños³⁸⁰.

Corvo que estás no bico da pena, o que por outro oies por ti o espera³⁸¹.

Por mal e pobre que esteñas, taberneira nunca seas³⁸².

Día de antroido e domingo de Páscoa, cada larpeiro na súa casa³⁸³.

De día com'onha escada,
de noite com'a aguillada.

(A golleta do xustillo)³⁸⁴.

Pico-rosado estaba no campo,
coa súa silla i o seu manto³⁸⁵,
caelle a silla, caelle o manto,
Pico-rosado quedou no campo.

(O felgo)³⁸⁶

F

FACER

378 qu'escoita i-acexa

379 y-auga trás d'o

380 c'os.

Cfr. III.6.1.41: "Tengo casi en limpio, para dar, en cuanto se me presente ocasión, a las cajas, unos mil cien refranes, por mi recogidos [...]"

Por exemplo: O que ten cabras e fillos,

non pode estar a ben c'os veciños" (carta do ano 1943).

381 qu'estás // d'a // oyes

382 qu'esteñas

383 d'antroido

384 com'unha // d'o

Vid. A 38.

385 co-a // y-o

386 Vid. A 101 (similar).

O bon bico, fai ó neno bonito³⁸⁷.
 Fai máis a vella co uso, que a nova coa roca i o fuso³⁸⁸.
 Prometer e non dar, ós tolos fai alegrar³⁸⁹.
 Fai máis o que Dios lle axuda, que o que moito madruga³⁹⁰.
 Dous zarrulos a un can, algo lle fan.
 Fame e frío, fan ir á casa do anemigo³⁹¹.
 Fai un ano, catrocentas; agora catro cegas.
 O bon veciño, fai ó home desapercibido³⁹².
 A ocasión fai ó home ladrón³⁹³.
 Bocado comido, non fai o amigo.
 Duro con duro, non fai bon muro.
 Ó probe i ó nogal, todos lle fan mal³⁹⁴.
 A boa vida fai a nena garrida.

FALTAR

Ó que os cochos lle faltan, hastra as silveiras lle roncan (Facile invenisse credimus quod avemus)³⁹⁵.

Onde canta un crego, moe un muíño, e ornea un burro, nunca falta un peso duro.

FERVER

Ó que de vrau non lle ferve a mola, de inverno non lle ferve a ola³⁹⁶.

FIAR

Non fía a fiadora, que fía a servidora.

FURAR

A verdá fura as paredes.

387 ô

388 c'o // c-a // i-o

389 ôs

390 ll'axuda

391 â

392 ô

393 ô

394 Ô // i-ô

395 Ô // hastr'as // avemos

396 Ô // vran // d'inverno

G

GARDAR

O que garda o que ten, non peca con ninguén.
 Xente nova non garda o rego³⁹⁷.
 Gárdate do can que non ladra, e do home que non fala.
 O medo garda a viña³⁹⁸.
 Porta aberta garda casa.
 Quen se gardou non errou.

GASTAR

En coser i en descoser, gástanse as liñas³⁹⁹.
 Quen gasta o que ten, a pedir vén.

GOTEXAR

Tella de igrexa, ouro gotexa⁴⁰⁰.

H

HABER

En xaneiro, sete lobos no carreiro.
 En xaneiro sete e sete no carreiro.
 Non hai pera que non madureza.
 Non hai mel sin aguillón.
 Donde un pensa que hai touciños, inda non hai tornos pra colgalos.
 Día de San Bernabel, nin na terra nin no fardel.
 Donde hai égoas, poltros nacen (Dum causa existit, effectus natura consequitur).
 Donde hai touciños, hai tornos.
 Donde hai campanas, hai badanas.
 Moito fume, pouco lume.

397 gard'o

398 gard'a

399 i-en

400 d'igrexa

Donde hai cura, ou albarda, sempre hai hora mellorada.
 En abril augas mil.
 Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo.
 Por San Joan, tanto queixo coma pan⁴⁰¹.
 A can vello n'hai tus-tus.
 En tempo de figos non hai amigos.
 Non hai peor cuña que a do mesmo pau.
 Non hai atallo sin traballo.
 A mortos e idos, non hai amigos.

Entre valado e valado
 hai un boi arreventado.
 (A masa na artesa)⁴⁰²

Entre cancela e cancela,
 unha becerra marela.
 (A xema no ovo)⁴⁰³

En altos piqueiros
 grandes cabaleiros,
 con grandes agullas
 e lamparós negros.
 (Os ourizos).

En Estelo non hai mozas,
 en Zoñán todas son vellas,
 i en baixando pra Cesuras⁴⁰⁴
 hai un fato de purrelas⁴⁰⁵.

401 com'a

402 Vid. A 40.

403 Vid. A 39.

404 y - en

405 hay
 Vid. C 7.

A ovella suda
 e o can ladra:
 eu estoume na cama.
 N'hai mellor vida que quen non ten nada⁴⁰⁶.

I

INCHAR⁴⁰⁷

Vello que incha, na cova revincha⁴⁰⁸.
 Vello que incha, e mozo que mirra, pouca vida⁴⁰⁹.

IR

O que se pon do lado do fuso, ou é burro ou non ten uso.
 O que vai pedir, non vai a fuxir.
 Non vai por aí o gato ás filloas⁴¹⁰ (Non é esa a mai da aña).
 Desque a burra vai no po, ¡xo, burra, xo!
 Tantas veces vai o xarro á fonte, que dunha rompe⁴¹¹.
 Pito de Xaneiro, vai coa súa mai ó poleiro⁴¹².
 Ovellas tolas, atrás dunha van todas⁴¹³.
 ¿Pra onde fuche, cristiano?; ¿pra onde fuche, pra onde andache,
 que ás tres misas do Nadal non chegache?⁴¹⁴
 O que tropeza e non cai, máis adiante un paso vai.
 A ferraña de Xaneiro non vai ó palleiro⁴¹⁵.
 O que lonxe vai casar, tacha leva, ou vai buscar.
 Onde vello non vai, carro non sai.
 En Xaneiro vaite ó leiro⁴¹⁶: si o ves verdegar, ponte a chorar; si o
 ves mourear, ponte a cantar.
 O que vai ó tozal, sin espiñas non sal⁴¹⁷.

406 N'hay

407 inchar

408 qu'hincha

409 qu'hincha

410 ahí // ás

411 á // d'unha

412 ô

413 d'unha

414 Pr'onde // pr'onde // pr'onde // ás

415 ô

416 ô

417 ô

A carto vai á vaca, i o que n'o ten non a papa⁴¹⁸.

Da zreira ó cimón, ben che vai, pión; do cimón á zreira, tu me dara-la queixa⁴¹⁹.

Nubes á ribeira, vellas á raxeira; nubes á montaña, vellas á borralla⁴²⁰.

Vai a Roma e vén de Roma
cun picariño na croa.

(A aguillada)⁴²¹

Vai de burato en burato
coas tripas a rastro.

(A agulla)⁴²²

Catro cabalos van para Francia,
un tras doutro, e ningún se alcanza.

(O argadelo)⁴²³

L

LADRAR

Ladran os cas
i estoume na cama,
n'hai millor vida
que quen non ten nada⁴²⁴.

418 a // y-o // no // no na

419 ô // â // daral-a

420 â // â // â // â

421 crôa

Vid. A 42.

422 co-as // arrastro

Vid. A 8.

423 d'outro // s'alcanza

Vid. A 55.

424 y-estoume // n'hay

Cfr. *supra*, s. v. HABER: "A ovella suda..."

LEVAR

Canto máis vella, máis leva.
A boa anada, non a leva vento nin xeadá⁴²⁵.

M

MANDAR

Mandar non quer par⁴²⁶.
Manda e descuida: non se fará cousa ningunha.

MEDIAR

Desde o mes media, o que vén se asomella⁴²⁷.

MERCAR

Naipes e preitos, non mercan os leiros.

MERECE

Tanto merece quen atiza o tizón, com'o que cava a terrón.

METER

O que sobra, métese en obra.
Fame e frío, meten a lebre a camiño.
Sol madrugadeiro, mete o can no palleiro.
En Xaneiro mete o obreiro antes na sebe que na parede, non pola falta do día, senón pola pedra que está fría⁴²⁸.

Cen grolíños,
un grolón,
un mete-e-saca,

425 no na

426 quêr

427 s'asomella

428 pol-a // pol-a

i on quita-e-pon⁴²⁹.
 (As fabas, o pote, a garfela i o testo)⁴³⁰

MIRAR

Si non miro prá vella, mira prá guapeza que leva⁴³¹.
 Entre sebes e paredes, mirade o que facedes.

MOLLAR

O que en Maio se molla, en Maio se enxuga⁴³².

MORRER

Ovella vella
 i enxame probe,
 en Marzo alea
 i en Maio morre⁴³³.

O que ten quen o chore, tódolos días morre⁴³⁴.
 Muller morta, sete á porta⁴³⁵.

N

NACER

Día de San Marco, nin nado nin no saco.
 Día da Santa Cruz de Maio, o lobo i o corvo nado, i o raposo medio
 criado⁴³⁶.

No monte nace,

429 y-on
 430 y-o pote
 431 pr'a // pr'a
 432 qu'en Mayo // Mayo s'enxuga
 433 y-enxame // y-en Mayo
 434 todol-os
 435 â
 436 Mayo // y-o // y-o

no monte se cría
e vén beilar coas damas á vila⁴³⁷.
(O fuso)

O

OLIR

Pitos serán, pero óleme a can.

OUVEAR⁴³⁸

Na terra dos lobos, ouvear coma todos (Dum Romae fueris, romano vivito more) ⁴³⁹.

P

PAGAR

Muller que moito bebe, tarde paga o que debe.

PAPAR

(Fala, outra vez, o xastre): ¿Papas a un home de oficio?... ¡Pape o demo a quen as fixo!⁴⁴⁰.

PARECER

Quen fía e tece, ben lle parece.

PASAR

Catro aves voadoras
son as que pasan o mar:
a anduriña e mailo cuco,

437 co-as // á

Vid. A 6.

438 oubear

439 oubear // Roma fuerir

440 d'oficio // quen-as

a rula i o pazpallar⁴⁴¹.

A vella de escarmentada, pasa o río remangada⁴⁴².
Cantos días pasen de Xaneiro, tantos allos perde o alleiro.

Dez soldadiños,
todos á par,
pasan o río
sen se mollar⁴⁴³.

(Os fungueiros)

PECAR

Na arca aberta, o xusto peca.

PEDIR

Cando pedimos, somos meiguiños; desque alcanzamos, xa variamos.

PEGAR

A muller que pega ó home, fai ben, xa que pode⁴⁴⁴.

PERDER

Pola mor das de Quende, pérdense as de Galgao⁴⁴⁵.

Quen delas ten, delas perde⁴⁴⁶.

O crego i o raposo, si perden a mañá, perden o día todo⁴⁴⁷.

PICAR

441 máil-o // y-o

442 d'escarmentada

443 á // pasan-o

Vid. A 57.

444 ó

445 Pol-a môr d'as // pérdens'as

Quende e Galgao son freguesías limítrofes e pertencentes ao Concello de Abadín (Lugo), próximas a Romariz e Mondoñedo.

446 d'elas // d'elas

447 y-o // pérde-na // pérde-no

Cando a galiña pica ó galo, señal de pitos pró ano; e cando o galo pica á galiña, señal de pitos axiña⁴⁴⁸.

PINGAR

Dios é un pingón (¡Quam magnanimus Deus!)⁴⁴⁹.

Hastra o San Martiño
pinga o ramalliño;
despois do San Martiño
fame e frío⁴⁵⁰.

PODER

Asoprar e sorber, non pode ser.

POÑER

Á porta vella, caravilla nova⁴⁵¹.
Á porta do rezador, non poñas o trigo ó sol; i á porta de quen non reza nada, nin trigo nin cebada⁴⁵².
Non pon a galiña, que pon a fariña⁴⁵³.
O que ha de levar o demo, poñerllo á porta⁴⁵⁴.

PUXAR

Quen pode, puxa; e o que non, tarruxa.
Puxa o boi polo arado, mal de seu grado (Laborem nemo libenter suscipit)⁴⁵⁵.

Q

QUEBRAR

448 ô // pro // cand'o // â

449 Esta expresión xa apareceu na primeira parte (cfr. s. v. PINGAR).

450 Hastr'o

451 Â

452 Â // ô // y-a

453 pôn // pôn

454 poñérll-o â

455 pol-o

Mentras loras quebran, bois descansan.

O día de San Joan, québralle a primeira raíz ó pan; o día de San Pedro, québralle a do medio; o día de Santiago, québralle a do cabo, i o día de Santa Isabel, fouciñas el⁴⁵⁶.

Tamén se dice: e por Santa Mariña, bótalle a fouciña.

QUEIMAR

Sol de Marzo, queima a dama no palacio⁴⁵⁷.

En Maio inda a vella queima o pé ó tallo, e unha miguiña que lle quedou, pra San Joan o deixou⁴⁵⁸.

QUERER

Cando Dios quería, do norte chovía (Deo omnia subsunt).

Disculpa quer a morte, e non sabe de que sorte⁴⁵⁹.

Cando o burro vén ó lugar, todas o queren tomar⁴⁶⁰.

Gato celeiro, non quer compañeiro⁴⁶¹.

Abril, si por mal quer vir, nin as portas deixa abrir⁴⁶².

Se ques que te siga o can, dálle pan⁴⁶³.

R

RAPAR

O que rapa antes do San Sidro, rapa á mai e mais ó fillo⁴⁶⁴.

REMENDAR

Remenda o teu pano, botarache o ano.

ROER

456 *ô pan // y-o // a él* (o *a* está tachado polo autor)

457 *queim'a*

458 *Mayo // ind'a // ô*

459 *quêr*

460 *Cand'o // ô*

461 *quêr*

462 *quêr*

463 *quês*

464 *rap'â // ô*

Si te roe o alacrán
 busca viño e busca pan,
 que mañá te enterrarán;
 si te roi a donicela,
 pon a sábana i a vela⁴⁶⁵.

Si te roe o alacrán,
 busca cera e busca pan;
 si te roe a delonciña
 buscaralo máis axiña.

Si te roi a adesa,
 encende a vela e pon a mesa⁴⁶⁶.

De Arroxo nin gado nin xente, que hastra os cochos roen as portas⁴⁶⁷.

Convento de Vilanova,
 convento de moitos frades;
 dicen as nenas de Arroxo:
 convento, ¡nunca te acabes!⁴⁶⁸

RONCAR

Cocho fiado, ronca todo o ano.

S

SABER

465 t'enterrarán // y-a

466 encénd'a // p ô n

467 D'Arroxo

Arroxo é unha aldea da freguesía de Santa María de Lourenzá, no municipio de Lourenzá (Lugo).

468 D'Arroxo // t'acabes

Vilanova é a capital municipal de Lourenzá (Lugo); vid. PNR 9, poema dedicado a esta vila.

Mentras o burro non pare, non se sabe que cría sale.

Todos me saben do viño que eu bebo;
pro non me saben da sede que teño⁴⁶⁹.

SACAR

Sácame a Marzo, verás como pazo (Fala o porco).
Touca negra, non saca ánima de pena⁴⁷⁰.

SALIR

Can de caza, sal á raza⁴⁷¹.

SEMENTAR

Quen sementa na culler, apaña na garfela.
Quen sementa no camiño, cansa os bois e perde o trigo.

SER

Si tu es Brais, eu son Brais, si tu eres p..., eu son máis.
Demoños non son santos.
Cal máis, cal menos, toda a la che é pelos⁴⁷².
Todo é toxo e por rozar.
Xente nova e pan mol, moito na mau e pouco no fol.
Xente nova e leña verde, todo é fume⁴⁷³.
Monte duro, pan seguro.
Monte de sapo, pan no saco.
Monte de ra, nin palla nin gra.
Muller zalameira, ou p..., ou meiga.
Maio, pardo; San Joan, claro⁴⁷⁴.
Entroido á raxeira, pascua á lareira⁴⁷⁵.
Poltro, de poltreira; becerro, de vaca vella.

469 qu'eu // pr'o

Vid. PNR 45, onde, con outra disposición formal, serve de cantar popular que fecha o poema, ao estilo dalgúns poemas de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. .

470 Fouca

471 sál â

472 ch'é

473 tod'é

474 Mayo

475 Entroito â // â

O medo é pardo.
 Son abellas da Madanela: Dios as trai, e Dios as leva.
 Enxame probe, no Maió morre⁴⁷⁶.
 Son mailas voces que as noces⁴⁷⁷.
 Tal é o carro de Madanela, tales son os fungueiros que leva.
 Ovellas poucas, ovellas loucas.
 Bola mol, moita na mau e pouca no fol⁴⁷⁸.
 Non é esa a mai do año.
 Pró máis ruín cocho, a millor bugalla⁴⁷⁹.
 O que non é día de Santa Lucía, é pró outro día⁴⁸⁰.
 Fíate en Dios que é Santo vello⁴⁸¹.
 Fruto xeitoso, home ladrón.
 Xente nova, xente boba.
 Xaneiro, aÑeiro; e febreiro, cabriteiro.
 Abril frío, fornos quentes: alegría prós meus dentes⁴⁸².
 O dote da tecedora, son tres cartos e unha bola.

Tecedora non a quero,
 tecedora non me agrada:
 ergue un pé e baixa outro,
 non se acomoda na cama⁴⁸³.

Un burro branco,
 beilando nun campo,
 coa solta nun pé
 e burro non é⁴⁸⁴.
 (O muíño)

Terra branca,
 semente negra,
 cinco bois, i a chavella.

476 Mayo
 477 mail-as
 478 man
 479 Pro
 480 e // e pr'o
 481 qu'é
 482 pr'os
 483 no na // m'agrada // s'acomoda
 484 n'un // co-a solta n'un. Vid. A 49.

(O papel, a tinta, os dedos i a pruma)⁴⁸⁵

Un arado,
cinco iegas,
i en campo branco
frolañas negras.

(A pruma, os dedos, o papel i as letras)⁴⁸⁶

Dous peludos,
un pelado,
unha anguila
e un calca-rabos.

(Os bois, o arado, a aguillada e o labrego)⁴⁸⁷

Longa das pólas
e curta do pé:
¿que cousiña é?

(A cerdeira)⁴⁸⁸

SOMELLAR

Ou nas uñas, ou nos pés, has somellar a quen es⁴⁸⁹.

T

TARDAR

San Miguel das uvas maduras,
moito me tardas, e pouco me duras⁴⁹⁰.

485 y-a chavella // y-a pruma.

Vid. A 56.

486 y-éguas // y-en // y-as

487 Vid. A 52

488 d'as polas

Vid. A 48.

489 unllas

490 d'as

TER

Cazador e troiteiro, nin boa aira, nin bon palleiro.
 O que ten a lingua aguda, que teña a costela dura.
 A veiga, i a manteiga, a bondá tena na beira⁴⁹¹.
 Quen ten ollos, vai a Roma.
 Quen ten oficio, ten beneficio.
 Cada formiga ten súa ira.
 Quen non ten boi nin cabra, toda a noite labra⁴⁹².
 Ten quen ten, dice a campana de Quende⁴⁹³.
 Tódolos gatos teñen vinte uñas, e cada un rabuña coas súas⁴⁹⁴.
 Boa demanda, ruín demanda, ten o escribano da túa banda.
 Quen tempo ten, e por tempo espera, tempo é que o demo leva.
 Donde a pega ten o ollo, ten o ovo.

Febreiriño corto,
 cos seus vinteoito,
 si tivera máis catro
 non quedaba can, nin gato,
 nin ratiño no burato,
 nin cornas ó carneiro,
 nin orellas ó pregoeiro⁴⁹⁵.

Unha mai con sete fillos,
 e a máis vella ten menos días.
 (A corentena)

Longa, longa com'a sogá,
 e ten dentes com'a loba.
 (A silva)⁴⁹⁶

491 y-a

492 tod'a

493 Para Quende vid. nota 446.

494 Todol-os // vint'unllas // co-as

495 c'os // ô // ô

Publicada polo autor anteriormente en *Nós*, Ourense, nº3, 30.12.1920, con variantes nos dous últimos versos: "nin corniñas ó carneiro/nin as orellas ó pregoeiro".

496 Vid. A 76.

Cucurico

non ten ollos, c..., nin bico;

i os fillos de Cucurico

teñen ollos, c..., e bico.

(O ovo)⁴⁹⁷

Teño unha roca en Gontán,

un fuso no Chao da Veiga,

i o liño por sementar:

¿cando me has vir, costureira?⁴⁹⁸

TIZAR

Besta de ferro,

albarda de liño,

tiza que tiza

cun carabullíño.

(O candil)⁴⁹⁹

TOLLER

Auga de San Juan, tolle viño e non dá pan...

TORNAR

Unha señora vestida de negro,

tórñalle os cochos que ós cas non ten medo.

(A limacha)⁵⁰⁰

TRAER

497 y-os

Vid. A 97.

498 y-o // m'has

Vid. C 77.

499 Vid. A 43.

500 ós cás

Vid. A 30.

Pra ruín feira, corda baleira⁵⁰¹.
 Sombreiro ó pombo, capital ó lombo⁵⁰².
 O ano da serra, non o traiga Dios á terra⁵⁰³.
 O primeiro ano, bico con bico; o segundo, c... con c..., o terceiro ¿que
 trougueche tu?

V

VALER

Val máis pequeno e agudo, que grande e burro.
 Val máis unha chea, que cen lambuscos.
 Val máis pouca axuda, que moita derruba.
 Val máis pan duro, que consello de burro.
 Val máis fraque no souto, que gordo na boca de outro⁵⁰⁴.
 Enxame de Maio, vale un cabalo⁵⁰⁵.

VER

A besta da amatada, de lonxe ve vir as pegas⁵⁰⁶.
 A besta da amatada, de lonxe ve vir a albarda⁵⁰⁷.

Unha señora deitada nun prado,
 vestida de pano labrado,
 nin era pano, nin era seda,
 i o que a ve pasmado se queda.
 (A cobra)⁵⁰⁸

Alto me vexo,

501 valeira
 502 ô // ô
 503 no no // â
 504 d'outro
 505 Mayo
 506 d'amatada
 507 d'amatada
 508 y-o
 Vid. A 31.

no meu lugarexo,
por unha risada
perdín miña anada.

(O ourizo que regañou)⁵⁰⁹

VERTER

O que é burro, verte as papas⁵¹⁰.

VIR

Entre o mazo i a rebola, veña o demo i escolla⁵¹¹.
Mentras tempo non vén, sazón non pasa.
Veñan dúas mil, e non veña a de Abril⁵¹².
Díxolle o leite ó viño: ven pra acó, meu amigo⁵¹³.
Ó seu tempo veñen as uvas, i as mazás maduras⁵¹⁴.
A escampada da ovella, mal será que non veña.
Entre Marzo i Abril, o cuco ou a fin⁵¹⁵.
O mal i o ben, á cara se ven⁵¹⁶.
A muller i a ovella, con día prá cortella⁵¹⁷.
Desque vén o cuco, fóra pulpo.
Desque vén o cuco, enche a cal e mais o suco.
Ó que dos seus desespera, dos alleos mal lle veña⁵¹⁸.

Por detrás daquel coto
vén un boi xoto,
e n'hai home nacido,
nin por nacer,
que á corte o poida trager.
(O sol)⁵¹⁹

509 Vid. A 18.

510 qu'é // vert'as

511 Entr'o // y-a // y-escolla

512 d'Abril

513 ô viño // pr'acó

514 Ô // y-as

515 y-Abril

516 y-o // â

517 y-a // pr'a

518 Ô

519 d'aquel // n'hay // â.

Vid. A 41.

VIVIR

O que mal vive, o medo o persigue.

Con arte i engaño, vívese medio ano; con engaño i arte, a outra parte⁵²⁰.


X

XANTAR

Ó criado mal mandado, poñer a mesa e mandalo ó recado⁵²¹.

O criado ben mandado, xanta á mesa con seu amo⁵²².

I o crego donde canta, xanta⁵²³.



520 y-engaño // y-arte

521 Ó // ô

522 â

523 Y-o

COMO FALAN OS BRAÑEGOS¹

(Da 2ª serie)²

CIRCUNLOCUCIÓS

Ultra modum familiares³

- A ferrusca: La navaja.
- A neniña dos cinco ollos: La palmeta⁴.
- A anguila do monte: La vara de castigar⁵.
- A manta do probe: El sol⁶.
- A cara de Cristus: El abecedario.
- A do dengue: La bota⁷.
- A regañada: El hambre⁸.
- A prima, a dunha hora, ou o fondo da hucha: El traje de mayor lujo⁹.

¹ Publicado en *Vallibria*, Mondoñedo, nº 6, 6.4.1930 coa seguinte datación: «Stª Mª Madanéla d'a Graña de Villarente, 28-3-1930». Leva unha nota da redacción que di: "A la amabilidad del «Poeta de la Montaña» debemos esta bella muestra del valor folk-lórico de sus «Como falan os brañegos», a cuya segunda serie pertenecen las circunlocuciones que hoy publicamos. Publicada ya la primera serie, ha sido resonante el éxito de crítica obtenido; justo éxito, puesto que en estas colecciones paremiológicas y en esta escogida reunión de frases, además de la paciencia del coleccionador brilla el talento del seleccionador de los dichos del pueblo.

Nosotros nos felicitamos de poder ofrecer a nuestros lectores esta nueva de la laboriosidad de Noriega, del que esperamos seguirá honrando a VALLIBRIA con sus trabajos".

Séguese os criterios xerais de edición.

² D'a

O libro editado en 1928 co mesmo título levaba na portada a indicación de «Serie I», o que demostra a intención do autor de continuar cunha segunda serie, labor que non conseguiu ver realizado en libro (vid. III.6.1.41).

³ Mantemos a orde do orixinal, sen recolocar alfabeticamente, por conservaren certa unidade temática.

⁴ d'os

Tamén en GL, 1935.

⁵ d'o

⁶ d'o

⁷ d'o

⁸ Tamén en GL, 1935.

⁹ d'un hora // d'a ucha

- A gra do corvo: El cornezuelo¹⁰.
 A herba do cego: La ortiga¹¹.
 A centella dos salgueiros: El cesterero¹².
 A arquíña do rei: La inclusa¹³.
 A cerdeiriña das ánimas: La vilmente entregada al vicio de la lascivia¹⁴.
 A carranca: El as de espadas.
 A besta: El caballo.
 A larapeta: La sota.
 O de arriba, ou o Deán de arriba: El Autor de nuestra vida y de todas las cosas¹⁵.
 O do pucho gallado: El Señor Obispo¹⁶.
 O larán: El sepulturero.
 O godallo, o miñado, o rasca-bolsas, ou o saca-mantas: El agente ejecutor.
 O da pucha: El alguacil¹⁷.
 O corre cas: Guarda de la catedral.
 O móntaas todas: El hijo primogénito¹⁸.
 O zarra-boqueiros, o zarra-portelos, ou o salta-paraños: O derradeiro filliño.
 O tanguero: Lubrica atque versatilis statua.
 O dos colmeiros maiores, ou o patanexo: El diablo¹⁹.
 O chamón: El lazarrillo.
 O dentelán ou o da la miúda: El lobo²⁰.
 O rocho: El cementerio.
 O cuarto dos ratos: El calabozo²¹.
 O demo das foulas: El automóvil²².

10 d'o

11 d'o

Tamén en GL, 1935.

12 d'os.

Tamén en GL, 1935.

13 d'o rey

14 d'as

Cfr. esta mesma expresión en B (s. v. SER).

15 d'arriba // d'arriba

16 d'o.

Tamén en GL, 1935.

17 d'a

18 mont'as

19 d'os // maiores

20 d'a.

Cfr. III.6.1.27: "O d'a lá miuda es el hermano lobo".

21 d'os

22 d'as

O demo da vila: Cierzo procurador que floreció en la ciudad de San Rosendo (Vallibria)²³.

O sol dos sapos: La luna²⁴.

O pan do demo, o pan da cobra, o sombreiro do sapo: Hongos²⁵.

Pedro toscó: El sueño.

Mil-mañas: El raposo²⁶.

Lourenzo: El sol.

Dente-longo ou Lifonso: El lobo.

San Juan de La Encina: La vara de castigar.

O rosquilleiro: El as de oros.

O copeto: El as de copas.

O rabo de ovella: El as de bastos²⁷.

O colga-candiles ou o argadelo: El as de espadas.

O monarca: El rey.

O que apreta o rabo ás égoas: El caballo²⁸.

O trelo: Un tres.

O arranca-bisagras: Un dos.

Un garafello, un trunfallo, ou un bisballo: Un trunfiño cativo.

Os da culpa: Chicharrones (os roxós)²⁹.

Os martelos: ¡Los jamones!...

Os do pucho atravesado: La guardia civil³⁰.

A roca furada: La escopeta.

As dos zagalixos, as das cilindradas, ou as rasca-sabelas e periquitelas: Las señoritangas³¹.

Os de botón de buxo: Los de Montouto³².

As do cabaliño: Las de Masma³³.

Os do corno: Los del Valle de Oro³⁴.

23 d'a.

A cidade de *San Rosendo* é Mondoñedo, tamén "Vallibria, Valle de Brea".

24 d'os

25 d'o // d'a // d'o

26 Cfr. en B "Unha leria prós rapaciños": Ai, Mil-mañas, ¿e tu riste ou regañas?

27 d'ovella

28 ás

29 d'a

30 d'o

Tamén en GL, 1935.

31 d'os // d'as

32 *Montouto*: freguesía do concello de Abadín (Lugo) que limita con Labrada.

33 d'o

Masma: freguesía do concello de Mondoñedo que limita con Santa María de Lourenzá.

34 d'o

- Os puchos: Los de Baroncelle³⁵.
 Os manteigueiros: Los de Puentes³⁶.
 Os raposos: Los de Guizán³⁷.
 Cunqueiros: Los de Goá³⁸.
 Bergueiros: Los de Xestoso³⁹.
 Pexeiros: Los de Outeiro⁴⁰.
 Paxareiros: Los de Pacios⁴¹.
 Os do larpallo: Los de Moimenta⁴².
 Os da neveira: Los de Labrada⁴³.
 Furelos: Los de Roás⁴⁴.
 Funos: Los de Prevesos⁴⁵.
 Pandeiros, nebras, ou os anebrados: Los de Estelo⁴⁶.
 Os da Paula: Los hijos de Mondoñedo⁴⁷.

Valle de Oro é inoportuna tradución do verdadeiro topónimo galego Valadouro, que dá nome ao municipio da provincia de Lugo que limita cos de Abadín, Foz, Alfoz e Viveiro.

³⁵ *Baroncelle*: freguesía do concello de Abadín próxima á Graña de Vilarente; cfr. III.6.1.30: "Hoy, día de Santiago, y día de Galicia, voy a Varoncelle (de Varon del cielo)..."

³⁶ *Puentes* é castelanización do topónimo As Pontes de García Rodríguez, municipio e vila da provincia da Coruña, que limita cos concellos lucenses de Muras e Xermade.

³⁷ Este topónimo, seguramente dalgunha pequena aldea do municipio de Abadín ou limítrofes, non puido ser localizado.

³⁸ *Goá*: freguesía do concello de Cospeito (Lugo), que limita con Moncelos, no municipio de Abadín e nas proximidades da Graña de Vilarente.

³⁹ *Xestoso* é unha freguesía do municipio de Monfero (A Coruña) que limita con Labrada, xa na provincia de Lugo, e tamén é o nome dunha pequena aldea de Santiago de Mondoñedo, a 3 Km. da capital municipal.

⁴⁰ *Outeiro*: freguesía do municipio de Castro de Rei (Lugo), que limita coas parroquias de Pacios, Prevesos e Muimenta.

⁴¹ *Pacios*: freguesía anexa da parroquia de Outeiro, no municipio de Castro de Rei (Lugo).

⁴² *d'o*

Moimenta ou Muimenta: parroquia do municipio de Cospeito (Lugo) que limita coa Graña de Vilarente.

⁴³ *d'a*

Labrada: freguesía do municipio de Abadín (Lugo) que limita con Romariz, O Cuadramón, Mondoñedo e Montouto, entre outros.

⁴⁴ *Roás*: freguesía do concello de Cospeito (Lugo) que limita con Goá, Momán e Moimenta.

⁴⁵ *Prevesos*: freguesía do municipio de Castro de Rei (Lugo) que limita coas de Pacios e Outeiro, entre outras.

⁴⁶ *Estelo*: aldea da parroquia de Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo, que dista 6,1 Km. da capital municipal.

⁴⁷ *d'a paula*

Chámanse así por ser a Paula o nome da campá maior da Catedral de Mondoñedo; vid. o poema "Prós da Paula" (PNR 24)

I os da coca, ou os do paxariño: Los naturales de Villanueva de Lorenzana⁴⁸.

⁴⁸ d'a // d'o.

Villanueva de Lorenzana é unha improcedente castelanización de Vilanova de Lourenzá, vila da parroquia de Santa María de Lourenzá e capital do municipio de Lourenzá (vid. PNR 9).

SABEDORÍA POPULAR⁴⁹

As cabras de Bocelo, todas son dun pelo⁵⁰.
 Ó que dá parte, tócalle menos.
 Porque morra unha vella, non todas han ser pestilencias.
 De Santos a Nadal, ben chover, ben nevar.
 Cada probe, enterra a seu pai como pode.

Santa Lilaila
 pareu por un dedo,
 será verdade,
 pero eu non o creio⁵¹.

Vento solao, auga na mao.
 Vai e ven, i ó teu te atén⁵².
 Xeada no lobo, neve hastra o xonllo⁵³.
 Desde que os toxos fan orellas, non se buscan as ovellas⁵⁴.
 O que non pode, cos dentes acode⁵⁵.
 Cando hai morte, non hai boa sorte⁵⁶.
 As cuñas, dan contas das zocas⁵⁷.

⁴⁹ Publicado en *Vallibria*, Mondoñedo, nº 17, 22.6.1930, precedido do título COMO FALAN OS BRAÑEGOS (2ª serie). Talvez despois de renunciar a publicar en libro esta segunda serie da obra, o poeta inclinouse polo título de "Sabedoría popular" ou "Sabiduría popular" para publicar unha colección de refráns que, polas nosas informacións, aínda hoxe permanece inédita en poder da familia. El mesmo escribiu nunha carta de 1943: "Tengo casi en limpio, para dar, en cuanto se me presente ocasión, a las cajas, unos mil cien refranes, por mi recogidos. Lleva la colección por título Sabiduría popular, y por lema este precioso pensamiento del Pdre. Ibeas: «Lo único auténticamente vivo y fértil es el pueblo».

Si me los patrocinase la Diputación de mi provª..." (vid.III.6.I.41).

Varios destes refráns tamén foron publicados desordenadamente e, en xeral, sen indicación do nome do recolector, en *O Gaiteiro de Lugo*, principalmente desde o ano 1931 a 1935. Aquí seguiremos a edición de VA, por figuraren agrupados e por levaren claramente a indicación final: «Colector, Antonio Noriega Varela. Sta. Mª Madanela d'a Graña de Villarente»; as variantes son con relación a este texto.

⁵⁰ d'un

O Becelo é un sistema montañoso que se acha nos límites dos municipios de Sobrado dos Monxes e Toques (A Coruña).

⁵¹ no no creyo

⁵² y-ô teu t'aten

⁵³ hastr'o

⁵⁴ busca-nas

⁵⁵ c'os

⁵⁶ hay // hay

⁵⁷ d'as

Auga que corre, non mata ó home⁵⁸.
 Cunha filla, non se fan dous xenros⁵⁹.
 O que vai a boda, leve que coma.
 A aldea, Dio-la dea⁶⁰.
 Donde viven cen, vive tu tamén.
 Por mal que che vá, vive na cibdá⁶¹.
 Mal anda o paxariño, que anda nas maus do meniño⁶².
 A vella que proba os grelos, chupa os dedos.
 O que ten eiva, sempre lle reina.
 O que ve Ancares, ve tódolos lugares⁶³.
 O que pon seu xugo a concello, unhos lle din que é branco, i outros
 que é negro⁶⁴.
 O que fiache, en marzo non curache.
 Fillos criados, traballos dobrados.
 O día que non se pasa o charco, gánase o carto.
 A cadela trigosa, pare os fillos cegos.
 O que ten home, ten nome.
 Señan xudeus, e señan dos meus⁶⁵.
 Ela na cama, i eu na xeadá⁶⁶.
 Muller parida, carreira abaixo, carreira arriba⁶⁷.
 A boa masa, desvía a brasa.
 Entrecostos e soás, honra de mesa e proveito de cas.
 Vaca de Ponferrada, moito ubre e pouca canada⁶⁸.
 Baila o can polo pan⁶⁹.
 ¿Xea? Mal pola arcea⁷⁰.
 Tu, que non podes, lévame ás costas⁷¹.
 Val máis un de nabo (un queixo), que catro de maio⁷².

58 ó

59 C'unha

60 Diól-a

61 Mantemos o acento diacrítico en *vá* por ser unha forma do presente de subxuntivo do verbo *ir* en concorrencia gráfica co adxectivo *va..*

62 qu'anda // d'o

63 tódo-los

64 A serra dos *Ancares* corre en dirección norte-sur formando fronteira entre con León.

65 pôn // qu'é // y-outros qu'é

66 d'os

67 y-eu

68 carreir'abaixo, carreir'arriba

69 *Ponferrada*: cidade da provincia de León, próxima ao territorio galego.

70 pó-lo

71 pó-la

72 ás

73 mayo

Queixo, pesado; pan, liviano.
 Xaneiro berceiro, nin meda nin palleiro.
 Quen non ten pan, ¿pra que quer can?⁷³
 Conde e condado, e cebada pró rabo⁷⁴
 N'asines carta que non leas, nin bebas auga que non vexas.
 En terra allea, hastra as vacas turrán ós bois⁷⁵.
 Quen ten tres e gasta catro, escusa de saco.
 Nin boda sin canto, nin morte sin pranto.
 Costa abaixo tódolos santos axudan⁷⁶.
 Brañego paxariñeiro, nunca bo rendeiro.
 Roma e Pavía, non se fixeron nun día⁷⁷.
 Morra a Marta, e morra farta⁷⁸.
 Un ollo no prato, i outro no gato⁷⁹.
 Polo San Martiño, proba o teu viño⁸⁰.
 Polo San Martiño, mata o teu porquiño⁸¹.
 Anden todas, dixo o cordeiro⁸².
 Ano de xeadas, ano de fornadas.
 Hónrame na casa, que eu te honrarei na praza (Dixo a roupa,
 cando falou)⁸³.
 Pan e viño, andan camiño
 Si qués chegar a rico, mete a leña polo bico⁸⁴.
 O que ten gado, non desexa mal ano.
 Quen ben ten, e mal escolle, por mal que lle veña, non se anoxe⁸⁵.
 Sementa no polvo, collerás colmo; sementa na lama, collerás nada.
 Mal o vin, logo o conocín⁸⁶.
 O amor, i a morte, vencen ó máis forte⁸⁷.
 Ano de ovellas, ano de abellas⁸⁸.

73 quêr

74 pr'o

75 hastr'as // ô s

76 tódo-los

77 n'un

Roma é a capital de Italia; Pavía é unha cidade do norte do mesmo país (Lombardía).

78 Morr'a

79 y-outro

80 Pó-lo

81 Pó-lo

82 dix'o

83 qu'eu t'honraréi

84 quês // met'a // pó-lo

85 s'anoxe

86 log'o

87 y-a // ô

88 d'ovellas // d'abellas

Marzo, marzán,
pola mañá cara de can,
ás doce ronca a abella,
i á noite morre a ovella⁸⁹.

Donde hai coroa, ferve a ola⁹⁰.
Na casa do abade, comede e levade⁹¹

⁸⁹ pó-la // ás // y - á

⁹⁰ Dond'hay corôa, ferv'a

⁹¹ d'o

Sabiduría popular⁹²

(Da colección do *Cantor da montaña*)⁹³

Aire de Lugo, auga no puño⁹⁴.
 Señá de palla, señá de aveá, ande a barriguiña chea⁹⁵.
 Fol mollado, leva dobrado.
 En Xunio a fouce no puño.
 Polo San Xilao, a neve no chao⁹⁶.
 O que ten unha cabra i a vende, ben se entende⁹⁷.
 Polo San Simón, eu che direi si hai nabos ou non⁹⁸.
 Garda que comer, e non que facer.
 Ou rella, ou esterco de ovella.
 Caldo sin grasa, pan sin tasa.
 De Lugo, Bispo ou Deán, ou Cura de Meilán⁹⁹.
 Cuña, cuña, que inda que non serra, axuda¹⁰⁰.
 Convidoume Xan Romeu, e o viño pagueino eu.

Sabiduría popular¹⁰¹

«Eu leyo moito pó-lo dicionario inédito do pobo»
 Camilo Castelo Branco¹⁰²

FALAN:

(O meu carro vello): -¿Quen te acabou, meu carro vello?

⁹² Publicado en GL, 1935. Incluimos estes refráns, entre outros moitos que Noriega inseriu nesta publicación nos anos anteriores, por levaren a clara referencia do recolector e por non achárense repetidos con relación aos de VA.

⁹³ Está clara a referencia a Noriega Varela.

⁹⁴ *Lugo* é a provincia natal do poeta, na que pasou a maior parte da súa vida.

⁹⁵ d'avea

⁹⁶ Po-lo

⁹⁷ y-a // s'entende

⁹⁸ Po-lo // hay

⁹⁹ *Meilán* é unha freguesía do concello de Riotorto (Lugo).

¹⁰⁰ qu'inda

¹⁰¹ Publicado en *Despertar. Semanario republicano*, Foz, nº 8, 31.5.1936; leva a seguinte anotación final: «Colector, Antonio Noriega Varela, da Academia de Ciências de Portugal. Santa María de Chavín, mes d'as rosas (je d'os cucos!)».

¹⁰² *Camilo Castelo Branco* (Lisboa 1825-S. Miguel de Ceide 1890) é un destacado escritor portugués, autor de numerosas obras, principalmente novelas, que o converten nunha das principais figuras do XIX en Portugal.

-O sol no vrau i a auga no inverno¹⁰³.

(Os serradores): Cuña, cuña, que inda que non serra, axuda. Á serra, touciño; i ós serradores, viño¹⁰⁴.

(O carballo): Dixo o carballo ó cravo: ¡aquí deixarás o rabo!¹⁰⁵

(A anduriña): Fiadora, ¿que fiache? Veu o marzo e non curache, veu o abril e non teciche, ¿que fixeche? ¡Dormiche!

(Un miña-xoia): ¡Probe daquel que a muller zoupa nel!¹⁰⁶

(Un brutamontes): A muller que tunde ó home, fai ben, xa que pode¹⁰⁷.

(Un señor maestro): Señá de palla, señá de aveá, ande a barriguiña chea¹⁰⁸.

(Un señor diputado): Manda, e descuida; non se fará cousa ningunha...

(A formiga): Xunta de vrau pró inverno, lle dixo a formiga ó chirlo-merlo¹⁰⁹.

(Fala o meu faco): Costa arriba, no me montes; costa abaixo, no me afrontes; polo chau, no me perdones. E tamén: polo chau, ten ben mau (pra non enfuciñar, se entende)¹¹⁰.

(Falan os sapos): Tou, tou, Culasón, tu vés, i eu vou. E tamén: Crou, crou. -¿Fuche ó ferreiro? -Fun. -¿E cravuñache? -Non. Crou, crou¹¹¹.

(Fala a preguiza, que por non baixarse a beber, morreu de sede entre dous regos): -Maruxiña, ¿queres pan?

-Si señora, si mo dan.

-Dácame pra acó o cuitelo.

-Non o quero, non o quero¹¹².

(O muiñeiro ladrón): Ábrete, saco: unha maquiá me debes, dúas che agarro. E tamén: Fol de ovella, nunca ó meu muiño veña; e fol de cabra, veña e vaia¹¹³.

(Un curioso): Ten máis la a ovella, cando o carneiro está derriba dela¹¹⁴.

103 y: a

104 qu'inda // A // y-ós

105 Dix'o // ó

106 xoya // d'aquel // n'el

Este refrán vén citado polo autor como exemplo da colección que pretendía publicar en 1943 co mesmo título de "Sabiduría popular" (vid. III.6.1.41).

107 bruta montes // ó

108 mayestro // d'avea

Tamén incluído en GL, 1935.

109 pr'o // ó

110 m'afrontes // pó-lo // pó-lo // s'entende

111 y-eu // o

Cfr. B, "Unha leria prós rapaciños".

112 m'o // pr'acó // No no // no no

113 ch'agarro // d'ovella // ó // vaya

114 d'ela

(Un descuidado): O que tarde chega á barca, nunca un remo torto lle falta¹¹⁵.

(O pai da criaturiña): Quen paréu, que árrole, e sinón pasár sin home¹¹⁶.

(O ourizo da castaña): En agosto, arder; en setembro, beber¹¹⁷.

(O xastre): ¿Papas a un home de oficio? ¡Pape o demo a quen as fixo! Na casa do rico que fai mala vida, puntada larga i acabar axiña; na casa do probe que dá do que ten, puntada curta, i asentar ben¹¹⁸.

(Fala un canteiro): ¿Papas me dan? Papas quedarán¹¹⁹.

(O lobo): Esta é a libra, esta é a media, quen con Dios anda, Dios o alumea¹²⁰.

(Fala o xugador da brisca): O que mata, come cocho¹²¹.

(Fala a miseria): ¡Gracias a Dios que na casa cocemos catro boliños, e cinco debemos!

(Outra vez o xastre): Un ovo é un ovo: cose, agulla, e vaite a modo. Dous ovos son dous ovos: cose, agulla, de dous modos. Tres ovos son tres ovos: cose, agullíña, hastra os ollos. Catro son catro, catro son catro, ¡catro xa fan prato!...¹²².

(Fala a horta): Cávame cada mes, i estércame cada tres¹²³.

(O criado): O criado cando é novo, tóstanlle o ovo; i así que é vello, danno ó demo¹²⁴.

(Fala a ovella que osmara o lobo): Nin de nova, nin de vella, nunca din tanto á canela.

(Un opositor): As cuñas dan mau das zocas¹²⁵.

(Pedro do Oso): Dixo Pedro do Oso: ¡Dios nos día de noso!¹²⁶

(Fala o inverno): O día de San Bartolomeu, dice o inverno, ¡aló vou eu!, i o día de San Simón, alza, boi, o timón¹²⁷.

(O leite): Díxolle o leite ó viño: ven pra acó, meu amigo¹²⁸.

115 â

116 d'a // si non

117 d'a

118 qué-nas // d'o // y-acabar // d'o // d'o // y-asentar

Vid. B, s. v. PAPAN.

119 Tamén en B, "Refrás, cantares, adiviñanzas", s. v. DAR.

120 e // e

121 d'a

122 dos modos // hastr'os

123 y-estércame

124 y-así // ô

125 d'as

126 d'o // d'o

127 y-o // boy

128 ô // pr'acó

(Fala a galiña que vai entre os dentes do raposo): Nova fun e vella son: ¡nunca me vin en tal procesión!...¹²⁹

(O home que ten a muller parida): Ela na cama i eu á xeada, ou muller parida, carreira abaixo, carreira arriba¹³⁰.

(A pega): Fala a pega do que lle reverdega¹³¹.

(O borracho): Non vou á misa porque estou coxo; pero á taberna, pouquiño a pouco¹³².

(Falan raposos de dous pés): Cando pedimos, somos meiguiños, desque alcanzamos, xa variamos.

(Fala o desconfiado): Santa Lilaila pareu por un dedo; será verdade, pero eu non o creo¹³³.

(O escarmentado): Na casa do ferreiro non tentar, e na botica non probar¹³⁴.

(A roupa): Préciame na casa, i honrarte hei na praza¹³⁵.

(Fala o raposo de catro pés): Pitos serán, pero óleme a can.

(Fala o tempo que corremos): Deixar andar o can coa roca, que el dará conta da mazaroca...¹³⁶.

129 entr'os // d'o

130 y eu â

Recollidos tamén en VA.

131 d'o

132 â // â

Vid. PNR 44: con esta expresión, disposta en catro versos, pon fin á composición que a glosa.

133 no no

Tamén en VA..

134 d'o

135 y-honrarte

En VA está recollido de forma distinta: "Hónrame na casa, que eu te honrarei na praza (Dixo a roupa cando falou)".

136 co-a // d'a maxaroca

Maxaroca supomos que é un erro de impresión, en vez de *mazaroca*.

II.3.3. Cantares populares¹

1

Anque che son da Montaña,
nacida nos cotos altos,
síntoche nacer as herbas
por debaixo dos zapatos.

(BRA)

2

O meu neno é pequeniño,
i eu tamén así o quero;
métoo na manga do saio
e vou co neno a onde quero.

(BRA)

3

Rumban os do Cadramón,
rumban que poden rumbar;
teñen a Nosa Señora
conforme entran no lugar.

(BRA, V. 1)

4

Hei de facer unha ponte
toda de pan de loureiro,
para que pasen os mozos
do Cadramón pró Pereiro.

(BRA)

5

¹ Editamos os 81 cantares populares que o autor enviou manuscritos, sen numerar e sen data á Academia Galega desde Foz. No boletín da mesma (vid. *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, nº 67, 1.12.1912), publicáronlle 58, expurgando os 23 que teñen un maior ton erótico, que ficaban, por tanto, inéditos na versión de Noriega.

A nosa edición respecta a orde do manuscrito, actualizando a ortografía segundo os criterios xerais seguidos e marcando en cursiva a reposición vocálica; tomamos como texto base o manuscrito, pois BRA é unha reprodución fiel do mesmo, como consta en nota: «Recogidos y enviados a esta Academia por D. Antonio Noriega Varela, de Foz (Lugo). Publícanse con la misma ortografía y por el mismo orden con que nos han sido remitidos». Non consideramos necesario marcar as variantes gráficas procucidas, ao non tratarse de obra de creación nin recollida en libro polo autor. Indícanse aqueles que foron publicados en BRA, así como nalgunha outra publicación do autor, se se dá o caso.

¡Probe cura do Pereiro,
nativo da Fonte-vella!:
os mozos quéimanlle a palla,
os ventos lévanlle a herba.

(BRA)

6

¡Asubíos que van dando,
camiño de Mondañedo!;
hanche ser paxes do bispo,
que volven do parrafeo.

(BRA; B, s. v. "asubiar")

7

En Estelo non hai mozas,
en Zoñán todas son vellas,
i en baixando pra Cesuras
hai un fato de purrelas.

(BRA; B, s. v. "haber")

8

Aquela que acolá canta,
aquela que acolá berra,
heille de poñer os cornos
da miña vaca amarela.

(BRA)

9

Aquela do loito, loito,
téñolle o ollo botado;
si no me caso con ela,
xuro de non ser casado.

(BRA)

10

Non te cases na Montaña,
neniña, ¡no val si podes!:
tran as saias de saial
i as amarrallas de foles.

(BRA)

11

Arrimeime a ti, loureiro,
pensando que eras calado;

loureiro lengoreteiro,
todo o trás lengoretado.

(BRA)

12

Por unha noite de gusto,
nove meses de pesar,
sete semanas de cama
i on neniño pra arrolar.

13

Donde hai páxaros hai niños,
donde hai niños algo hai;
donde hai páxaros de noite,
forza de cariño hai.

(BRA)

14

As terras das boas mozas
eu vos direi cales son:
Castro-Maior e Corvelle,
Samarugo e San Simón.

(BRA)

15

¡Corre, coxo, que che é noite!,
busca pousada de día:
os coxos na miña terra
búscana ó medio día.

(BRA)

16

Este son que agora canto
ninguén o sabe cantar:
as nenas da miña terra
sábena adonairar.

(BRA)

17

Despídete, castiñeiro,
da derradeira castaña;
tamén me eu despido, nena,
de dormir na túa cama.

(BRA)

18

Carrapetas de Labrada:
 ¡abride a porta, que neva!
 vindo por Montouto abaixo,
 anoiteceume na serra.

(BRA)

19

Non te cases na Montaña,
 que che van a dar de dote
 unha presiña de aveas
 pra facer o larapote.

(BRA)

20

Eu ben vin estar o Cura
 de querquenas nun valado;
 entendín por vida mía
 que era un cepo de carballo.

(BRA)

21

As mozas de San Martiño²
 olen ó toxo pisado;
 vámonos indo pra baixo³
 a esculcas do resalado.

(BRA)

22

Agora que vén o cuco
 tamén ha de vir a cuca;
 déixame dormir un sono
 na túa cama, Farruca.

(BRA)

23

Cantan os galos ó día,
 érguete, meu ben, e vaite:
 ¿como me hei de ir, queridiña?,
 ¿como me hei de ir e deixarte?

² Engade o autor entre parénteses «S. Martín de Mondoñedo».

³ O mesmo: «a Foz».

(BRA)

24

Pasei pola túa porta,
pidínche auga e no ma deche;
¡vállache Dios, queridiña,
ingrate que te fixeche!

(BRA)

25

Xaniño, Xaniño, Xan,
pernas de galo monteiro,
andas enganando ás nenas
decindo que es vinculeiro.

(BRA)

26

Costureiriña bonita,
dáme das túas agullas,
que eu che darei alfileres
para prender as costuras.

27

Muller, dáme o que che pido,
que non che pido diñeiro,
dácame ora a túa iaña
pra turrar co meu carneiro.

28

Canto o galo, canto o galo,
reló dos anamorados;
mozos que andades de rolda,
non vos pillen descuidados.

(BRA)

29

¡Viva moito miña mai,
que me puxo a costureira!
vén a iauga e no me molla,
vén o sol e non me queima.

(BRA)

30

Eu cantar, canto que aturdo,

eu bailar, bailo que arraso,
e cando estou coas mulleres,
tamén lles dou un abrazo.

(BRA)

31

Eu no mar e tu no mar,
ambos che andamos perdidos,
eu no mar dos teus amores,
tu no mar dos meus sentidos.

(BRA)

32

-Corazón que vives triste,
¿por que n'has vivir alegre?
-Véxome entre dúas silvas,
non sei cal delas me prende.

(BRA)

33

-Maruxa: ¿por que non berras,
que che furan a barriga?
-¿Como ques que berre, Rosa,
si me sabe pola vida?

34

Sete xastres fan un home,
catorce fan un testigo,
e fan falta vintecinco
pra firmar calquer recibo.

(BRA)

35

Tecedora de bon lenzo,
¡tente ben na primadoira!;
se algún galán te vén ver,
bátelle coa lanzadoira.

(BRA)

36

Os ollos requieren ollos,
o corazón, corazón,
o pano do teu mantelo
requere o do meu calzón.

(BRA)

37

Miña mai por me casar
 prometeume un año pego,
 e desque me veu casada,
 non mo deu branco nin negro.

(BRA)

38

Eu caseime no Abril,
 a muller pareu en Maio;
 entre bodas e bautizos
 anda un home regalado.

(BRA)

39

O cantar das costureiras
 é un cantar moi baixiño,
 que non poden cantar alto,
 porque cantan de contino.

(BRA)

40

Costureiras non as quero,
 si mas dan créllome delas;
 quedan moitas noites fóra,
 non sei quen durme con elas.

(BRA)

41

-Costureiriña bonita,
 dime: ¿dónde tes a cama?
 -No poleiro das galiñas,
 nunha presiña de palla.

(BRA)

42

Costureira, teno torto,
 tecelá, remolecido,
 señorita, lagañoso,
 labradora, pan de trigo.

43

Vindo por un souto abaixo
tropecei nunha carreira;
coidando que era unha lebre,
saleume unha costureira.

(BRA)

44

De feas mais nacen fillas
bonitas com'os amores;
cardos do monte, e son cardos,
tamén se visten de frores.

(BRA)

45

Canteiros de Pontevedra,
vosoutros ben o sabedes:
por unha nena bonita
rompedes sete paredes.

(BRA)

46

Miña mai por me casar
prometeume os bois do xugo,
i agora de casadiña
pagoume co sobrexugo⁴.

(BRA)

47

A outra noite choveu
na cama da costureira,
i o puñeflero do xastre
foille matar a goteira.

48

Marmula, marmuladora,
tixeira de espavilar,
que, anque che caian os ollos,
heime de rir e cantar.

(BRA)

49

Tente, silva, no me prendas,

⁴ Anota o autor ao lado: «A dobra».

que n'estou na miña terra;
nunca silva me prendeu
que non me librase dela.

50

Inda como Dios me axude
hei labrar a miña chousa,
rego abaixo, rego arriba,
¡vólvetes marela e roxa!
(BRA)

51

Heiche de contar un conto,
que te has de partir de risa:
que se casa Xan do nabo
con Marica da rabiza.

52

Miña mai é tecedora,
ten o tear na barriga;
miña mai tece debaixo
e meu pai tece derriba.

53

Aldea de San Martiño⁵
de lonxe n'é mal bujío;
as mozas que viven nela
son do color do bravío.

54

Deiteime i adormecín,
dormín un sono lixeiro;
deiteime no mes de Maio,
recordei no de Xaneiro.
(BRA)

55

Pouca sorte foi a miña
ó casarme neste ano;
tocoume a muller sin v...
e tres ovellas sin rabo.

⁵ Anotación do autor: «S. Martín de Figueiras».

56

Unha noite no muíño,
 unha noite non é nada;
 unha semaniña enteira
 ¡esa si que é muiñada!

(BRA)

57

Esta noite no muíño
 ha de haber o que ha de haber;
 as pedras do tremiñado
 han de ir ó río a beber.

(BRA)

58

As rapaciñas da agora,
 todas sentadas nun tego,
 ¡cómame o Cuzo si valen
 unha presa de farelo!

(BRA)

59

Si mo deche, non mo deras,
 eu pedir, non cho pedín;
 andivécheo dando a todos
 e quesmas cobrar a min.

60

Décheme unha pera parda
 i onha mazá xuaneira;
 déchema de linda gana,
 ¡Dios cho pague, churrusqueira!

61

Antóxaseme, meu ben,
 que me hei de finar dúas veces,
 unha cando Dios me chame
 i outra cando ti me deixes.

(BRA, P)

62

Maruxiña do Loureiro
 ha de ser a miña dama,
 que lle tomei a medida

pola rilleira da cama.

63

Nosa Señora do Monte
ten un dengue colorado,
que llo deu a taberneira
pra vender o viño caro.

(BRA, V 23)

64

Nosa Señora do Monte
ten os zapatiños brancos,
que llos fixo o señor Cura
pra poñer ós días santos.

(BRA, V 21)

65

Nosa Señora do Monte
está no altar maior;
dálle o aire, dálle o vento,
dálle a raiola do sol.

(BRA)

66

¡Adios feira de Gontán,
feira de pasar o tempo,
donde se van pasear
tantos cabezas de vento!

(BRA)

67

Taberneira de Gontán,
¡bota logo medio neto!;
veño de ver unha nena,
traigo o corazón cuberto.

(BRA)

68

-Séntate aquí.

-Xa me sento.

-Déitate aquí.

-Xa me deito;

(pro levamos mala sona...).

-¡Rite e saquemos proveito!

(BRA)

69

¡Eu non sei que deño ten
a miña gaita gallega,
que inda ben non incho o fol,
toda a xente se manea!

(BRA)

70

Eu caseime con pendanga
porque tiña moito dote;
agora o dote acabouse
i hai pendanga pra decote.

(BRA)

71

Donde hai rapaces hai bulla,
donde hai mozas, alegría,
donde hai un vello e unha vella,
roña, roña, todo o día.

(BRA)

72

Unha vella de Corvelle
i on vello de San Simón
casáronse ó pé dun toxo
sin ningunha monición.

(BRA)

73

Eu caseime con un vello
por decir que tiña home;
¡sáltenlle os ollos, nubeiro,
que hastra prá cama non sobe!

74

O muíño foula, foula,
a iauga lle fai foular;
as fillas do muiñeiro
todas se queren casar.

75

Si queres que o carro cante

com'o do noso veciño,
bótalle eixe de loureiro
i entortas de sangomiño.

76

Dichosa de ti, Maruxa,
si casas cun carpinteiro,
que non che han faltar virutas
pra facer lume ó pucheiro.

77

Teño unha roca en Gontán,
un fuso no Chao da Veiga⁶
i o liño por sementar:
¿cando me has vir, costureira?
(B, s. v. "ter")

78

Xastre, tállame un xustillo,
que teño o amaño todo;
solo me faltan as liñas
e maila tela i o forro.

79

Heiche de dar, queridiña,
heiche de dar perendengues,
heiche de dar almendrillas
daquelas que xa me entendes.

80

Comín pan e pan e medio,
e un feixe de rebanadas,
e unha cestada de figos
i o leite de trinta cabras.

81

Agora que vén o vrau,
ganancia prós gadañeiros,
que andan de prado en prado
á sombra dos ameneiros.

⁶ Aínda que no manuscrito está con minúsculas, en B leva letra maiúscula, como corresponde a un topónimo.

II.3.4. Adiviñanzas¹

1

Unha dama entrou aquí,
un galán entrou con ela;
non se foi nin está aquí,
¿que diremos que foi dela?

A vela

2

Catro damas nunha sala
sin ter porta nin ventana.

O miolo da noz

3

Levo cen damas prá casa
mareliñas com'o sol;
non quero ben ás mulleres,
pro destas veñan pra acó.

Onzas de ouro

4

Moitas damas xorobadas
corren coas costas molladas.

¹ Ao longo da súa vida o poeta foi recollendo e publicando as seguintes coleccións de adiviñanzas, en moitos casos repetidas dunhas publicacións a outras:

- 105 manuscritas e numeradas polo autor (en realidade numerou 114, mais ten un erro, ao pasar da 50 á 60), enviadas sen data desde Foz á Academia Galega.

- destas publicáronlle só 17 no *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, nº 81, 1.3.1914.

- en *Nós*, Ourense, nº 1, 30.10.1920 e nº 2, 30.11.1920, publica 48, das que 45 están no manuscrito; van numeradas.

- en *Vida Gallega*, Vigo, desde o nº 486, de 30.5.1931, ao nº 497, de 20.9.1931, en serie non continua, publica un total de 101, das que 24 tamén están incluídas en FB, 52 no manuscrito e 42 en N; comezan sendo numeradas, para deixar logo de facelo.

Ao ser VG a última edición de adiviñanzas que lle coñecemos ao autor, ademais dunha das máis completas, editamos estas en primeiro lugar, completando logo a colección coas manuscritas que ficaron sen publicar ou que o foron en BRA, até completarmos o número de 151 (a numeración é parcialmente nosa, pois en VG acaba por desaparecer). Utilizamos máis ou menos os mesmos criterios que en C, sen prestarmos atención ás variantes, pois estas son moi numerosas e non parece necesario, dado o carácter de obra recolectora e non de creación. Mesmo, e a modo de exemplo, as manuscritas, e tamén en consecuencia as publicadas en BRA, están dispostas en prosa, fronte ás demais que as presentan versificadas. Indicamos outras publicacións en que se achan, co número correspondente nas que van numeradas.

As puxadelas do rodesno

5

Moitas damas pró curral
baixan, e veñen bailar².

As goteiras

6

No monte nace,
no monte se cría,
e vén bailar coas damas á vila³.

O fuso

7

Andar, andar,
e nunca chegar⁴.

O muíño

8

Anda de burato en burato
coas tripas arrastro⁵.

A agulla

9

Longariña, longarela,
non ten óso nin costela,
i anda debaixo da terra.

A miñoca

10

Zuncorrondullo andaba na feira,
no medio inchaba,
no rabo roncaba,
tiña orellas e zangoneaba⁶.

A gaita do fol

11

¿Quen son eses aguzados

² Hai dúas similares en Ms, co nº 50 e 60.

³ Tamén en Ms 35, N 38 e B, s. v. "nacer".

⁴ Ms 20, N 44 e B, s. v. "andar".

⁵ Ms 9, N 43 e B, s. v. "ir".

⁶ Ms 17, N 46 e B, s. v. "andar"

que andan tan aparexados?⁷

Os cornos

12

Anda na igrexa,
anda no carro,
anda no pote,
i anda cos santos.

O ramo de loureiro

13

Corre que corre,
anda que anda,
e nunca sale do medio da casa.

O muíño

14

Lúa crebada,
que anda na terra,
(¡Dios nola aparte
das nosas pernas!).

O fouciño

15

Andar i andar,
e pra andar desatar,
que, si teño a capa,
non poido beilar.

O pión

16

Dun alto me miras,
comer me querías,
de ti salirá
quen a min me carretará⁸.

O trigo verde falando coa cabra

17

Alto estou, alto me teño,
e por unha risada
perdo o que teño.

⁷ Ms 81.

⁸ Ms 68, N 18

O ourizo

18

Alto me vexo
no meu lugarexo,
por unha risada
perdín miña anada⁹.

O ourizo

19

Alto picotino,
verde com'o liño,
sabe com'o mel
i amarga com'o fel.

A noz

20

Alto, realto,
redondo molete,
que chova, que neve,
nunca se derrete¹⁰.

A lúa

21

Alta me estou,
ladrón vexo vir,
co meu carapucho
non podo fuxir.

A landra

22

Alta me vexo
no meu perendexo,
e véxote vir
e non podo fuxir¹¹.

A zreira falando co merlo

23

Preso na cárcere estou,
entre cadeas metida,

⁹ Similares a esta e á anterior son Ms 48 e 96, N 24 e B, s. v. "ver".

¹⁰ Ms 61 e N 3.

¹¹ Ms 70 e N 23.

oras alta i oras baixa,
oras morta i oras viva¹².

A lámpada

24

Os mantos de doña Leonor
cobren os altos i os baixos,
pero os ríos si que non.

A neve

25

Entre altos pomares
hai un caballero
con grandes agullas
e lamparós negros.

O escambrón

26

Altos padres,
capeludas madres,
fillos peringoles
e inchados com'os foles¹³.

Os castiñeiros, os ourizos i as castañas

27

Altas aradas,
vacas raxadas,
ollo fermón
e boi renegón¹⁴.

As nubes, as estrelas, o sol i o vento

28

Media lúa, media lúa,
con doas e perendengues,
con cores i abalorios,
todo pra ben das mulleres.

O dengue

29

Unha vella con un dente

¹² Ms 86 e N 36.

¹³ Ms 47 e N 25.

¹⁴ Ms 69 e N 5.

chama a toda a súa xente¹⁵.

A campana

30

Unha señora
vestida de negro;
tórnalle os cochos,
que ós cas non ten medo¹⁶.

A limacha

31

Unha señora
deitada nun prado,
vestida de pano labrado;
nin era pano,
nin era seda,
i o que a ve, pasmado se queda¹⁷.

A cobra

32

Nos Outeiros de Quirón
hai unha cousa de Dios
que nin é pan, nin é pino,
nin a sabes, nin cha digo.

O sol

33

Unha cousiña branca,
sin pau nin palanca¹⁸.

O ovo

34

Unha casiña
mui encaleada,
sin ningunha porta nin ventana¹⁹.

O ovo

35

¹⁵ Ms 15, N 42 e B, s. v. "chamar".

¹⁶ Ms 36, N 7 e B, s. v. "tomar".

¹⁷ Ms 80, N 8 e B, s. v. "ver".

¹⁸ Ms 27.

¹⁹ Ms 26.

Unha xarriña de pomporrumpón,
sin furado nin tapón²⁰.

O ovo

36

Unha laranxa me deron,
soilo ma deron prestada;
déronme cinco con ela
e dez pra mellor gardala.

A ialma

37

Nunha casiña
mui encaleada
hai un probiño facendo morada²¹.

O pito no ovo

38

De día com'unha escada,
de noite com'a aguillada²².

A golleta do xustillo

39

Entre cancela e cancela
hai unha xata marela²³.

A iema do ovo

40

Entre valado e valado
hai un boi arreventado²⁴.

O pan na maseira

41

Por detrás daquel coto
vén un boi xoto,
e n'hai home nacido
nin por nacer,
que á corte o poida traer²⁵.

²⁰ Ms 28 e N 13.

²¹ Ms 29 e N 15.

²² Ms 10, N 35 e B, s. v. "estar".

²³ Ms 13, N 14 e B, s. v. "haber".

²⁴ Ms 14, N 37 e B, s. v. "haber".

²⁵ Ms 67, N 1 e B, s. v. "vir".

O sol

42

Vai a Roma e vén de Roma
cun rapaciño no croa²⁶.

A aguillada

43

Besta de ferro,
albarda de liño,
tiza que tiza cun carabullíño²⁷.

O candil

44

Un redondón
e cen redondiños
e un quita e pon.

O pote

45

Nun buratiño apertado,
de cinco irmáns que eles son,
queda un solo encarcerado.

O dedal

46

Casquete sobre casquete,
casquete dun mesmo pano;
si non che digo o que é,
non adiviñas nun ano.

A cebola

47

Hai un señor, con anillo,
que non perde grau de millo.

O cocho

48

Cousiña pra adiviñar é:
longa das pólas e curta do pé²⁸.

²⁶ Ms 74, N 30 e B, s. v. "ir".

²⁷ Ms 39, N 40 e B, s. v. "tizar".

²⁸ Ms 65 e B, s. v. "ser".

A cerdeira

49

Un burro branco
 bailando nun campo
 coa solta nun pé,
 e burro non é²⁹.

O muíño

50

Dous capeludos
 e unha corcoba,
 un xorobado
 e unha longa-longa.

Os bois, o arado, o labrego i a aguillada

51

Dous cornos e un rabo:
 ¿que será, muchacho?

O forcado

52

Dous peludos,
 un pelado,
 unha anguila
 e un calca-rabos³⁰.

Os bois, o arado, a guillada i o labrego

53

Dous miravales,
 dous miraceios,
 catro danzantes
 i on varredeiro.

Os ollos, as cornas, os tetos i a cola da vaca

54

Catro roldamontes,
 catro cichafontes,
 dous chupitís
 e un dálle-dálle.

Os pés, os tetos, os cornos i a cauda da vaca

²⁹ Ms 21, N 45 e B, s. v. "ser".

³⁰ Ms 94, N 48 e B, s. v. "ser".

55

Catro cabalos
van para Francia,
un tras doutro e ningún se alcanza³¹.

O argadelo

56

Veiga branca,
semente negra,
cinco bois i a chavella³².

O papel, a tinta, os dedos i a pruma

57

Dez soldadiños á par
pasan o río sin se mollar³³.

Os fungueiros

58

Un carballo con vinte gallos,
e nos vinte gallos, vinte ramallos,
e nos vinte ramallos, vinte niños,
e nos vinte niños, vinte paxariños.

¿.....?

59

Cen grolíños,
un grolón,
un mete e saca,
i on quita e pon³⁴.

As fabas, o pote, a garfila i o testo

60

Cen e cen,
e cen fillos ten,
i a todos con leite os mantén.

A figueira

61

³¹ Ms 31, N 45 e B, s. v. "ir".

³² Ms 16, N 47 e B, s. v. "ser".

³³ Ms 11, N 11 e B, s. v. "pasar".

³⁴ Ms 8, N 39 e B, s. v. "meter".

Unha cana,
 cerbatana
 con trescentas e unha cana,
 en cada cana seu niño,
 i en cada niño seu concorronquiño³⁵.
 ¿....?

62

Barbouzán entrou por portas,
 con trescentas follas postas,
 trescentas follas e un ramo,
 n'adiviñarás este ano
 nin tampouco pró que vén,
 agás que cho diga alguén³⁶.

O galo

63

Cousiña ten o muíño
 que lle non é necesaria,
 que si lle falta non moi
 e con ela non moi nada.

A escuma

64

Airexiña pequeniña,
 sacristán revolvedor,
 e tódolos feligreses
 sentados arrededor³⁷.

A boca, a lingua i os dentes

65

Pequerechiña
 com'on manzón,
 e garda o ucho
 com'on león.

Chave pequena

66

Redondiña com'o pé do mular

³⁵ Ms 79.

³⁶ Ms 18, N 9 e B, s. v. "entrar".

³⁷ N 28.

e pasa o río sin se mollar³⁸.

A lúa

67

Redondiño, redondiño,
sin se mollar pasa o río.

O sol

68

Redondiño, redondiño,
com'a capa do muíño,
ten follas, ¡ten!,
e non llas conta ninguén³⁹.

O cogumello

69

Pucariño,
manxariño,
nin asado,
nin cocido,
nin revolto
con culler:
adiviñe quen quixer⁴⁰.

A noz

70

Un paniño
de algodón
cobre a terra e o río non.

A neve

71

¿Cal é o señor
que é máis fumador?

O lume

72

¿Cal é a filla que non fai
sinón queimar a seu pai?

A labarada

³⁸ Ms 62, N 2

³⁹ N 22.

⁴⁰ Ms 46 e N 21.

73

¿Quen é o que saca
a mourén da casa?

O cal

74

¿Quen é redondo, redondo,
e pode con Dios ó lombo?

O ciborio

75

¿Quen foi o que non naceu
nin el nin a mai que o deus?

Adán

76

Longa, longa com'a soga
e ten dentes com'a loba⁴¹.

A silva

77

Longo com'on camiño
e torto com'on fouciño⁴².

O río

78

Lóngoro, lóngoro, longorizado,
tódolos días é ben tripado⁴³.

O camiño

79

Bicho, bicho longo,
come pola tripa e polo lombo.

A garlopa

80

Son rubio, non teño pelo,
i amaño relós sin ser reloxeiro.

O sol

⁴¹ Ms 12, N 16 e B, s. v. "ter".

⁴² Ms 7.

⁴³ Similar en Ms 113 e BRA: *Longo, longuíño / i eslongarizado / e tódolos días / amartirizado.*

81

É cativa com'on rato
e n'a come can nin gato.

A teipa

82

Trátoos a todos igual
e todos me queren mal.

A morte

83

Todo colle, todo colle,
agás o mar, que non pode⁴⁴.

A neve

84

Vai pró monte engruñada
e vén prá casa estarricada.

O sedeño

85

Parín a mai,
parín a filla,
e si n'es burro,
ora adiviña.

Unha avoa

86

Sin min n'hai Dios,
sin min n'hai demo,
sin min n'hai mundo,
sin min n'hai ceio.

A o

87

Pra me facer traballar
hasme de cerra-la boca
i os ollos me has de tapar.

A tesoura

⁴⁴ En Ms 4 e BRA: *Todo e mundo conde, agás o mar, que non pode*. En Ms 93 hai outra similar; tamén en N 4.

88

Chinchirrinchín
 fuxe de min:
 ¿e quen é logo
 chinchirrinchín?

Un paxariño

89

Nace no monte,
 dorme na palla,
 e ben que retumba
 preto da casa.

O malle

90

Puntas pra diante
 i os ollos pra atrás:
 ¿adiviñarás?⁴⁵

A tesoura

91

Area zarrada,
 bo parecer,
 ningún carpinteiro
 a puido faguer;
 ¡solo Dios co seu poder!

A noz

92

Pucho sobre pucho,
 pucho colorado,
 pucho sobre pucho,
 pucho de bon pano⁴⁶.

A cebola

93

Detrás do monte *se* asoma,
 detrás do monte *se* esconde,
 e nunca na súa casa
 o pode coutar o home.

O sol

⁴⁵ Similares en Ms 66 e N 20.

⁴⁶ Ms 19 e N 19.

94

Defregonas, defregonas,
patelas e machaconas,
por moito que machiques
ceibáde-lo que comedes.

As cardas

95

Carrapucha, carrapucha,
non te fixeron pra hucha,
tapas os agros pelados
a mais os que están medrados.

A monteira

96

Corneira, sin dar cornadas,
¡cantas chistas tes gardadas!

A monteira

97

Cucurico
non ten ollos, c, nin bico;
i os fillos de cucurico
teñen ollos, c, e bico⁴⁷.

O ovo

98

Ovella ou cabra
moi ben vestida,
ten unha fala
que alegrá a vida.

A gaita

99

-¿Pronde vas, peneiro vello,
con ese coiro estirado?
-Vou ver beilar as meniñas
tun, ¡purruntún!, preto do adrio.

O tambor

100

⁴⁷ Ms 24, N 12 e B, s. v. "ter".

Xan Peranzulas
foi ás abrulas;
¿e quen é logo
Xan Peranzulas?
A abella

101

Xan Caballero
estaba no campo
e co seu manto;
fóiselle a silla,
fóiselle o manto,
e Xan Caballero
sentouse no campo⁴⁸.
O felgo

Outras adiviñanzas manuscritas⁴⁹

102

Unha roda estopeando, e cinco ganchos enganchados.
O cordeiro facendo as cordas

103

Vámonos prá cama facer o que Dios manda, xuntar pelo con pelo, i o
durme-durme no medio.

Dormir

104

Férveme com'a vaca, e branquearei com'a prata.
A migalla, a cinza, a bogada

105

Marmariño, mar non é, espiña ten e pescado non é.
O toxo

106

Mendo botado e non cortado, burro canché, adiviña o que é.
Un can manchado

⁴⁸ Unha similar en B, s. v. "estar".

⁴⁹ Pertencen ao manuscrito de Foz enviado á Real Academia Galega; algunhas tamén están publicadas en BRA. Conservamos a disposición en prosa do orixinal e adaptamos a grafía segundo os criterios xerais de edición seguidos. A numeración é nosa, continuando coa serie anterior.

107

Bebe polos pés, come pola cabeza e caga pola illarga.

O muíño

108

Canta máis fame ten, máis anda.

O muíño

109

Catro cabalos correndo un tras doutro, non pode coller un ó outro.

O argadelo

110

No monte nace, no monte se cría, e baixa o gado do coto da guía.

O peine

111

Na fraga nace, na fraga se cría, por donde ela pasa non hai alegría.

A caixa do morto

112

No monte nace, no monte se cría, vén á casa e non hai alegría.

A caixa do morto

113

Cando vai pró monte vai calado; cando vén prá casa vén cantando.

O carro

114

Sacar e meter e dar na barriga, ¿será picardía?

Tecer

115

Pai podre, fillo por nacer, n'é Dios i espéao ser.

O trigo

116

Pínguili-pínguili está pingando, fúnguili-fúnguili está fungando; si pínguili-pínguili non pingara, fúnguili-fúnguili non fungara.

O cocho que comía as castañas de estelo

117

Moitas damas nun corral, todas visten a un vestir, todas cantan a un igual.

As goteiras

118

Sete demos nun corral, todos pingan a un igoal.

As goteiras

119

Anda por baixo da terra e non ten óso nin costela.

A miñoca

120

Peluda por fóra, peluda por dentro, recácha-la perna e métela dentro.

A media de la

121

Coiro duro é o da muller, moito máis é quen o fura, métenlle o duro no mol, e queda penderelluda.

Vara

122

Unha cousiña tesa, cabe na man e non cabe na artesa.

A aguillada

123

Cando van pró monte, miran prá casa; cando veñen prá casa, miran pró monte.

Os cornos da cabra

124

Ten boca e non come, ten pés e non anda, ten cu e non caga.

O pote

125

Cousiña pra adiviñar é; canto máis lle quitan, máis rauda é.

A vida

126

Miña madre picona, ten un pico na corona.

A aguillada

127

Medra coa fame e rebe coa chea.

128

Xan da Uza vai latindo (o sol) i o gandaruxo non vén (o almorzo), a culpa tena a comadre (a muller), que o compadre non a ten (o labrego).

129

Dúas nais e dúas fillas, cubertas con tres mantillas.

Nai, filla e neta

130

Cando nace, berra, e non ten óso nin costela.

131

Debaixo dun pere-pende (dunha pereira) estaba un durmidor; debaixo do durmidor, un bule-bule (unha cobra); caeu un pere-pende (unha pera), despertou o durmidor e matou o bule-bule (a cobra).

132

Mari-branca está tendida, Xulián está por riba; Nápoles vai e Nápoles vén; Mari-branca aberto llo ten.

.....

133

De día cruzada, de noite estirada⁵⁰.

A trenza do xustillo

134

Cando me ergo, se é que me ergo, érgome tarde e déitome cedo.

O sol no inverno

135

Fun a un campo chantar un chanto; trouxen o furado e deixei o chanto.

136

Ten dentes e non ten boca, ten cabeza e non ten pés; tu que eres tan avisgado, ¿non adiviñas o que é?

O allo

137

⁵⁰ Esta tamén se foi publicada en BRA, xunto coas seguintes: 134, 137, 142, 146, 147, 148, 149 e 151.

Estaba dous pés (un zapateiro) encima de tres pés (dun banco) cun pé (cun lacón); veu catro pés (un can) e sacoulle o pé (o lacón); vai dous pés (o zapateiro) e colle a tres pés por un pé (ó banco); tírallo a catro pés (ó can) e sacoulle o pé (o lacón).

138

Subín a unha pereira: nin levei peras nin a pereira tiña peras, e baixei con peras.

Subín con unha i a pereira tiña outra

139

¿Tres medias moscas é mosca e media?

.....

140

¿Mírasme?..... ¡entendo! Do que desexas teño; cando non tiña, dábache; agora que teño, non che dou; busca outro que non teña que che día, que en cando non teña, xa che darei.

141

¿Que cousa cousiña é, que antes de selo xa é?

O pescado

142

Unha vella moumeona ten un dente na corona.

A aguillada

143

Eu de Dios non teño nada e sempre ando pola vila.

A mentira

144

Tirada en calquera sitio i arrimada nun rincón, cando me poñen a roupa, sempre ando de pendón.

A roca

145

Vestidiños de branco,
sentadiños nun banco,
moita luz acendida
e chorando toda a familia.

O túmbolo

146

De noite boca arriba,
de día métenlle carne viva.

O zoco

147

Sale pró monte cheio
e volve prá casa baleiro.

O púcaro

148

Dúas irmás entregas,
e cando ben é, non son sinón medias⁵¹.

As medias

149

Pequeniña com'a pulga
i as orellas com'a mula.

A col

150

Vén por unha congostiña escura
e cando chega á porta, breca e brúa.

151

Capelo sobre capelo,
capelo de rizo pano;
n'adiviñarás este ano
nin tampouco pró que ben,
agás que cho diga alguén.

A cebola

⁵¹ En BRA figura equivocadamente *lurmas*, en vez de *irmás*.

II.4. Prosa

II.4 Prosa¹

II.4.1. Un-has palabriñas²

¡Hei de ter que contar si sallo con vida d' ésta arrautada! Val Dios qu' eu son Xan de bon barato e n-algo s'ha d' invirtir un home mentramentras que non chegan as pascoas pra ir ô galo as Coruxeiras³. Esto é o que a min me ten conto; pero un señorito d' a vila, que seique imprenta os boletís e sabe máis qu' o demo, mandoume un-ha manada de *versinhos saudosos*⁴ pra que llos acaloumiñe. ¡Meu querido! Ou se fai as once ou iñora, quizaves, qu' os probes peisanos⁵ sempr' andamos envoltos n-o esterco, e ¡mal podemos apaxar ôs que non son d' o noso hábito!

¹ O autor, poeta de nacemento e temperamento, non cultivou practicamente a prosa, nin sequera o ensaio xornalístico; non hai na prensa, que coñezamos, un só artigo de Noriega sobre calquera tema literario ou doutro tipo. Só achamos dúas mostras prosísticas, as dúas na primeira época do autor, un curioso prólogo de 1899 e un breve relato de 1903. que incluímos a continuación dentro da nosa edición. Temos, ademais, un discuso do poeta en Portugal publicado en español en *Vida Gallega* e editado en portugués no veciño país, do que con seguridade compartiu a autoría con Otero Pedrayo; incluímoslo en apéndice (vid. III.4).

Estes dous textos que figuran a seguir van no sistema ortográfico empregado polo autor, sen ningún tipo de alteración, o primeiro por se tratar dun prólogo e non propiamente de obra de creación, e o segundo porque mesmo a grafía é un elemento substancial do texto, baseado nun xogo de palabras. Ambos, ademais, serven de mostra dos rasgos gráficos da obra en conxunto, por seren representativos do código ortográfico do autor, que sufriu poucas modificacións ao longo da vida deste.

² En Arturo Sánchez Núñez, *Balsaminas*, con UN-HAS PALABRIÑAS del laureado poeta mindoniense A. Noriega Varela, Lugo, Tip. de G. Castro, 1899. É un libro de poemas escrito en español, entre os que figura un dedicado a Noriega (vid. III.8.1).

Leva a seguinte datación: «Marzo, 30 de 1899».

Sobre este prólogo afirma R. Carballo Calero: "Pouco escribíu en prosa. Sei dun prólogo de cortesía a un pequeno libro de versos. [En nota] Verbo deste prólogo, sen dúbida en castelán, non acadei máis dado que o título do libro que o leva, *Balsaminas*, iñoro de que autor" (cfr. *Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª ed., Vigo, Ed. Galaxia, 1981, p. 547). Mais o prólogo está en galego e nel o autor gábase "de non saber o castellano".

³ O autor durante a súa mocidade en Mondeñedo foi grande afeccionado ás festas das aldeas dos arredores da súa cidade natal, entre as que as súas preferidas eran as das Coruxeiras (vid. E 87 e 88), as fiadas de Cesuras (vid. M 3) e as festas do San Xoán de Romariz (vid. M 23 e E 94).

⁴ A cursiva é do autor, ao mesmo que no sucesivo.

⁵ O poeta, persoa intelixente e de ampla cultura, sempre gostou de adoptar actitudes de humilde campesiño, mesmo na súa forma de vestir, nunha actitude de falsa humildade, que escondía non pouco orgullo.

Arturo Sánchez Núñez fala us falares que chegan os ouvidos saloucando. Ten *un doi-doi* n-o curazón, que mais se ll'asaña, canto mais pas'o tempo. Este é o poeta. D'o literaro, non ouso. Eu que de medir os versos conto pol-os dedos -com'as vellas- e m'honro de non saber o castellano, non vos poderei decir si o meu amigo vai sempre dreito com'on fuso, ou torto com'on fouciño... Sei, si, qu'antes de que s'escribisen gramáticas gallegas, ben nos entendíamos os peisanos; e non fixeron falta regras nin rayos⁶ pra que d'as nosas escondidas aldeas salisen sartas de pelriñas com'a ésta:

«Antóxaseme, meu ben,
que m'hei de finar duas veces;
un-ha cando Dios me chame
y-outra cando tí me deixes»⁷.

As poesias d'Arturo, non rezan c'o meu catón. Eu quero apalpalo todo⁸, si és caso co-as maus inda luxadas de facer a outonía... O meu amigo estease n-os alciprésés, mira pro ceyo, y-as folerpiñas d'a neve canlle n-os ollos...

Busque, pois, outros corazóns magoados pol-as peniñas fondas, qu'andan as revingueitas n-a sua y-alma esmorecida.

A min bastante me tardaba que s'acabase a Coresma e que viñesen os galos. ¡Non, que logo! De vello xa non queren a un mais que pr'afaldrar os tizós ou pra atoar un pozo. ¡Buba!...

II.4.2. ¡Vai torta!⁹

Cando lle levaron o seu maridiño (que Dios haya) pro campo-santo, trastallaba o corazón ¡raiy' a vida!¹⁰ catar pra viuda, unha Nosa Señora

⁶ O autor, mostrando o seu amor pola lingua galega, sempre estivo en contra dos intentos por estandarizala e adapatala aos usos normais noutras linguas (vid. I.2.3). Esta actitude no deriva do enfrontamento coas "Irmandades da Fala", seño que, como se ve neste texto, é anterior.

⁷ Tamén demostra aquí o autor o seu temperán amor pola literatura popular. Cfr. esta cantiga en C 61.

⁸ O autor cultiva nesta primeira época a poesía realista de "De ruada", "Leite fresco", publicado neste mesmo ano, etc..., que máis adiante desprezará. (vid. I.3.1).

⁹ En *De todo un poco*, Mondoñedo, nº 1, 1.5.1904, nunha sección titulada "Cousas d'aldea". Vai asinado por "Rosendo de Padornelo" e, entre parénteses, o nome de Antonio Noriega Varela. Este pseudónimo tamén o empregará en PE 4, en época moi posterior.

Leva a seguinte datación: «Monfadal, 16-4-03».

¹⁰ En B, s. v. RAER, recolle "Serroume o corazón, ou trastalloume o corazón, ou ¡raeume a vida!", traducido por "Me dio mucha lástima"; trátase, pois, da expresión 'raía a vida', daba lástima.

d'as Delores, amarela, espeloutrada, co'as bágoas n'os ollos e n'as meixelas.

Desfacíase; ¡pro calquera ll'agarraba as maus pra que non se rabuñase!

Xa viñ'a Cruz, entr'os ciriales, pol-o carreiriño d'a chousa... ¡Dios! ¡Quen tal lle dixo! Trababa os homes pra que a ceibasen...

Era unha montañesa baladrona¹¹, lanzal, de vintecatros anos, que cargaba un carro; era unha rapaza d'o pe d'o sol, garrida como Dios fixo as estrelas: tiña mais forza que un boi, e unhos ollos... que valían dous lugares!

"E ben, miña filla -lle decían outras mulleriñas, que xa probaran a *perrita*¹² de noite n'o velatorio;- estas son cousas que Dios manda, e non hay mais vivo remedio que tomalas como veñan; mira, eche camiño que habemos de levar todos, aquí non ha de quedar ninguen pra espantar paxáros, ten paciencia e trata de curar as tuas llagas: ¡dichoso d'él, que está bailando n'o ceyo! ¡Cal'a boquiña!, que pouco nos ha de levar, por moito que sea.

Pero a miña rula sulfurouse mais, porque aquelas boas cristianas pedían o *frasco d'o anís* pra... barruzala¹³, y-hastra se quixo tirar d'unha ventana embaixo: ¡*Vai torta!*, berraba, ¡*vai torta!*

Cuidaron os levadores que o diría pol-a caixa; un d'eles, -un *chifretas* que trouxera d'Habana os hosos manidos e un sombreiro de palla- botou un *juramento*, arregalou os ollos, y-estarruñaba os dentes. ¡*Vai torta!* Dios mío, ¡*vai torta!*, seguía barafustando a miña pombiña *dei sette Dolori*.

O *habaneado* puxo mais cara de mico, e un xastre, (con perdón) qu'era tatabello e tamen cargaba c'o difunto, rosmou: ¡Co-co-mo que-que va-*vai torta!*

Y-o outro levador: ¡*Vay ben dreita!*

Y-outro: ¡Era boa! D'os catro me parece que ningún é penzo¹⁴...

As brañegas estoupaban de risa, encuruxadas n'os mandiles, y-eles seguiron pra diante, tortos como fouciños, e volveron d'o campo santo feros, avinagrados, como si os montara o demo.

.....
Xa saben os levadores que non era ¡*Vai torta!* o que decía A *Dolorosa*. Iban salir c'o difunto cando ll'entrou unha xuvenca n'a chousa, e como

¹¹ Eladio Rodríguez recolle a palabra *baladrón*, da que di: "Fanfarrón, el que siendo cobarde bravatea y blasona de valiente. Abona este verbo gallego Ribalta, en *Ferruxe*".

¹² Na Coruña, segundo afirma tamén Eladio Rodríguez (vid. s. v. "perrita"), chamábase *tomar a perrita* ao costume dos mariñeiros e pescadores de beber unha copa de augardente en xexún, antes de saír para o mar.

¹³ Leiras traduce no seu vocabulario *barruzar* por 'lloviznar, asperjar'; aquí ten un sentido figurado.

¹⁴ Leiras traduce *penzo* por 'contrahecho', ao mesmo que Eladio Rodríguez, quen engade o de 'desnivelado, torcido hacia un lado', que acae mellor neste texto.

ll'ermaba as coles, ¡Vait'horta!, ¡vait'horta! ¡VAITE HORTA! -pra que me entendan todos- esto era o que decía aquela ¡uñas de fame!, que sempre estimou mais os coeiros¹⁵ que o seu maridiño (q.e.p.d.).

¹⁵ *Coeiros*: para se referir ao talo das coles Leiras recolle a palabra *cueiro*, que traduce por 'troncho'.

III. APÉNDICES

III.1 Actas e certificacións

III. 1. 1. Acta de bautismo da nai do poeta*

En treinta de setiembre de mil ochocientos treinta y seis yo D. Manuel Otero presbítero vecino dela Ciudad de Mond^o con licencia de D. Domingo Antonio Caneyro Cura rector de la única parroquia del Apóstol Santiago de dicha Ciudad y su unida Santa María de Viloalle bauticé solemnemente una niña que nació hoy alas dos y media dela tarde hija de legítimo matrimonio de D. Juan Fernez. Noriega y D. Ant^a Varela vecinos de esta Ciudad; abuelos paternos Domingo Fernández difunto y la sña. D^a Isabel Arango que el fue y ella es dela Villa de Ferrol; maternos Anotonio Varela y su muger Benita da Torre que lo son de esta indicada Ciudad; púsele nombre M^a Dolores Tomasa Filomena. Fueron sus padrinos los expresados abuelos maternos a quienes advertí lo que previene el ritual romano; y para que conste lo firmamos

Domingo Ant^o Caneiro

Manuel Otero Montenegro

* Mondoñedo. *Libro 20 de bautizados* da parroquia de Santiago, folio 353.

III.1.2. Acta de bautismo do tío crego*

En nueve de Marzo de mil ochocientos cuarenta y cinco, yo Dn. José Antonio Esquerdeiro Cura Ecónomo de la única Parroquia del Apóstol Santiago de esta Ciudad de Mond^o. bauticé solemnemente un niño que nació ayer a las diez y media de la noche, hijo de legítimo matrimonio de Dn. Juan José Fernández Noriega y D^a Antonia Varela veciños de la propia Ciudad; abuelos paternos Dn. Domingo Fernez. Noriega difunto y D^a Isabel Arán que aquel fue y esta es de la Villa del Ferrol; maternos Antonio Varela también difunto y la suya Benita de la Torre de la indicada Ciudad; púsele nombre Manuel José, fue su padrino Dn. José Rodríguez Campelos marido de D^a Manuela Díaz de dicha Ciudad; advertile lo que previene el ritual romano; y para que conste lo firmo

José Ant^o Esquerdeiro

* Mondoñedo. *Libro 22 de bautizados* da parroquia de Santiago, folio 483.

III.1.3 Acta de bautismo do poeta*

Hospital Dept^o de Lactancia

En diez y ocho de octubre de mil ochocientos sesenta y nueve yo Dn. José Luís Méndez, Presbítero, vecino de esta Ciudad con licencia del Dr. Dn. Manuel Osorio Alvarez de los Ríos, cura economo dela parroquia de Santiago de la Ciudad de Mondoñedo bauticé solemne y condicionalmente a un vecino que fué espuesto el mismo día ala una y media de la noche en la Casa-inclusa de esta Ciudad, al cual se le han puesto los nombres de Antonio Manuel Jesus María, y fue su madrina Rufina Méndez y Lastra, nodriza interna de la dicha Inclusa, soltera y oriunda de Santa Marta de Meilán, quien fué advertida del parentesco espiritual y demas obligaciones que contrajo. Y para que conste lo firmo despues del Sr. Economo.

Dr. Manuel Osorio Alvz de los Rios José Luis Mendez

* Mondoñedo. *Libro 30 de bautizados* da parróquia de Santiago, folio 388.

III.1.4. Rectificación da acta de bautismo do poeta*

Rectificación dela partida de Antonio Manuel Jesus Maria Expósito bautizado en diez y ocho de Octubre de mil ochocientos sesenta y nueve. Después de reconocido por su madre D^a Dolores Fernández Noriega y Varela.

En diez y ocho de Octubre del año de mil ochocientos sesenta y nueve el Presbítero Dn José Luis Mendez vecino dela ciudad de Mondoñedo autorizado por el Doctor Dn Manuel Osorio Alvarez delos Rios Cura Economo del Apostol Santiago dela misma y su unida Santa Maria de Viloalle enla provincia de Lugo bautizó solemnemente con el nombre de Antonio Manuel Jesus Maria a un niño que fuera espuesto ala una y media del mismo dia en el torno dela Casa-Cuna de esta ciudad hijo natural (hoy canonica y civilmente reconocido) de Da Maria delos Dolores Fernández Noriega y Varela soltera, oriunda y vecina de esta ciudad y padre desconocido: nieto materno delos difuntos Dn Juan Fernandez Noriega y Da Antonia Varela, que lo fueron dela misma. Cuya partida hoy dia quince de Setiembre del año mil ochocientos ochenta y tres el parroco actual que suscribe dela citada de Mondoñedo, estiende aqui de nuevo, rectificando la primitiva, firmada por los citados Señor Osorio y Mendez, despues del decreto de su invención del mismo Señor Cura fechado en el dia de ayer, como Provisor interino de este Obispado interponiendole á esta y copias autenticas su autoridad y decreto judicial por ante el Notario eclesiastico que refrendó su decreto. Y para que conste lo firma.# nueve-emendado-valga#

Lic. Gregorio Cerdeira Villaamil

* Mondoñedo. *Libro 34 de bautizados* da parroquia de Santiago, folio 112.

III.1.5 Acta de defunción do tío crego*

En la ciudad de Mondoñedo a las diez de la mañana del día veintinueve de Marzo de mil ochocientos noventa y uno. Ante el Señor Don Francisco Díaz Porta Juez municipal y Don Manuel Berea Otero Secretario compareció Don Edesio Mancebo Rey natural de esta ciudad, término municipal de la misma provincia de Lugo de veintiocho años de edad, de estado casado y profesión impresor domiciliado en esta dicha ciudad, Plaza de la Constitución, número primero diago. diez y nueve, según cédula personal de undécima clase, expedida en veinticinco de Noviembre último, por la administración subalterna de Hacienda de este Distrito, bajo el número mil veintiuno, manifestando: que Don Manuel Fernández Noriega y Varela, de cuarenta y seis años de edad, Presbítero, natural y domiciliado en esta citada ciudad, Campo de los Remedios, número nueve, falleció a las cuatro de la tarde de ayer en su referido domicilio, a consecuencia de asistolia (aparato circulatorio), de la cual daba parte en debida forma como presencial al fallecimiento.

Que dicho finado era hijo legítimo de Don Juan y Doña Antonia difuntos y vecinos que fueron de este pueblo.

Que en el acto del fallecimiento se encontraba soltero y sin sucesión.

Que no otorgó testamento.

Y que a su cadáver se habrá de dar sepultura en el cementerio de esta ciudad.

En vista de esta manifestación y de la certificación facultativa presentada, el Señor Juez municipal dispuso que se extendiese la presente acta de

Fueron testigos presenciales Don Julián Nevin Vidal, retirado, y Don Pedro Tapia Díaz, curial, casados, mayores de edad, naturales y domiciliados en esta ciudad, calles de Padilla y de la Rigueira, números veinticinco y trece.

Leída íntegramente esta acta, e invitadas las personas que deben suscribirla a que la leyeran por sí mismos, si así lo creían conveniente, se estampó en ella el sello del Juzgado municipal y la firmaron el Señor Juez, el compareciente y los testigos y de todo ello como Secretario certifico

(Seguen as asinaturas)

* Mondoñedo, Rexistro Civil. *Libro 17 de defuncions*, folio 382.

III.1. 6. Instancia da nai ao Rector do Seminario*

M.I. Sr. Rector del Seminario Conciliar de ésta ciudad:

D^a Maria de los Dolores Noriega Varela, natural y vecina de ésta ciudad á Vs. con el mayor respeto expone: Que su hijo Dn. Antonio, mayor de 24 años ha cursado y probado en éste Seminario Conciliar cuatro años de Latinidad, tres de Filosofía y los de Teología para la carrera brebe, y há elevado á S. Santidad humildes preces con favorable informe del Ilmo. Sr. Obispo impetrando dispensa ex defectu natalium, la cual espera de un momento á otro, pero antes del dia 1^o de Septiembre próximo.

Desea su referido hijo ingresar en dicho Seminario, como ejercitando para ser promovido á las sagradas órdenes en el curso inmediato venidero. Y con tal objeto la exponente, como persona mayor del interesado á VS. acude y rendimente le

Suplica se digne admitir á su referido hijo en clase de ejercitando en el próximo curso, obligándose la exponente á abonar las dietas que ocasiona.

Es favor que espera de la bondad de VS.

Mondoñedo, 30 de Agosto de 1895 - Dolores Noriega Varela

[Á marxe] No puede ser admitido en clase de Ordenando hasta haber obtenido y presentado con los demas documentos la necesaria dispensa, según está establecido en la última circular inserta en el Boletín de la Diócesis.

Mondoñedo 17 de Septiembre de 1895

El Rector

Sergio de la Vega

A este alumno no le fue concedida la dispensa que solicitaba.

* Instancia manuscrita que se acha no Seminario de Mondoñedo. A letra é do propio Noriega, excepto a da marxe.

III.1.7. Acta do primeiro matrimonio do poeta*

En la Villa y término municipal de Foz, provincia de Lugo, a las nueve del cuatro de Diciembre de mil novecientos tres, ante D. Daniel del Riego y García, Juez municipal, y Dn. Plácido Vázquez Fernández, Secretario, se procede a la transcripción del acta que dice

"En la Villa y término municipal de Foz, Julio primero de mil novecientos dos, hallándome yo el infraescrito Dn. Plácido Vázquez Fernández en la Iglesia de la misma, adonde me trasladé como delegado por el Sr. Juez municipal de este término para asistir en cumplimiento de lo que dispone el arto. 77 del Código civil al matrimonio cconvenido entre Dn. Antonio Fernández Noriega y D^a Ramona Bello Mariña, y, en virtud de orden de dicho Señor, declaro que a mi presencia y de los testigos, ha procedido el Presbítero Dn. José María Chao Fernández, Cura párroco de esta Villa, a unir en matrimonio canónico a los referidos Dn. Antonio Fernández Noriega y D^a Ramona Bello Mariña de treinta y tres años el primero, natural de Mondoñedo y vecino de esta Villa, hijo de D^a María de los Dolores Fernández Noriega, Maestro, y de veintitrés la segunda, natural y vecina de Foz, hija legítima de José y Celestina, labradora, habiendo asistido al acto los testigos José Orosa López y Francisco Sarille Castro, vecinos de esta Villa.

Y para que conste cumpliendo con lo mandado y con lo prevenido en el artículo citado, levanto la presente acta que firman dichos testigos con los contrayentes de que certifico = Antonio Fernández Noriega = Ramona Bello = José Orosa = Franco. Sarille = Plácido Vázquez.

El acta transcrita queda archivada en el de este Registro y legajo correspondiente.

Plácido Vázquez

* Foz, Rexistro Civil. *Libro 12 de matrimonios*, folio 96.

III.1.8. Actas de nacemento e defunción dos fillos do primeiro matrimonio

III.1.8.1. Nacemento do primeiro fillo*:

En la Villa y término municipal de Foz [...] del día veinticuatro de Mayo de mil novecientos tres [...] compareció D. Antonio Fernández Noriega, profesor de primera enseñanza, natural de Mondoñedo [...] declara:

Que dicho niño nació en su casa a las veinte del veintisiete de Marzo último, cuya inscripción no se hizo a su debido tiempo por falta de libro, y es hijo legítimo suyo y de su esposa D^a Ramona Bello, oriunda de esta Villa, dedicada a las labores de su sexo, de veintiún años de edad y domiciliada con dicho declarante

Que es nieto por línea paterna de D^a Dolores Fernández Noriega, soltera, oriunda de la expuesta de Mondoñedo y vecina de esta Villa; y por la materna de Dn. José Bello y su muger D^a Celestina Mariña, oriunda esta de Fazouro en este término y aquel de esta Villa, en la que la última falleció y el primero se encuentra domiciliado como viudo

Y que a dicho niño se le puso el nombre de Antonio [...]

*Foz, Rexistro Civil. *Libro 22 de nacementos*, folio 5.

III.8.1.2. Defunción do primeiro fillo:

En la Villa y término municipal de Foz a las diez del día veintisiete de Octubre de mil novecientos tres [...]

Que Antonio Fernández Bello, de siete meses de edad, natural y vecino de esta dicha Villa, falleció en el domicilio de sus padres a las diez y nueve de ayer, a consecuencia de enteritis aguda [...]

Que era hijo legítimo de Dn. Antonio Fernández Noriega, natural de Mondoñedo y de su esposa D^a Ramona Bello, natural de esta Villa, en la que ambos se hallaban domiciliados [...]

* Foz, Rexistro Civil. *Libro 20 de defuncions*, folio 29.

III.1.8.3. Nacemento do segundo fillo*:

[Fernández Bello José hijo legítimo de Dn. Antonio y D^a Ramona de Foz]

[...] nació en su casa a la una del tres de los corrientes (3.11.1905)

* Foz, Rexistro Civil. *Libro 24 de nacementos*, folio 126.

III.1.8.4. Defunción do segundo fillo*:

En la Villa y término municipal de Foz a las once del día doce de Diciembre de 1906 [...]

Que José Fernández Bello, de trece meses de edad, de igual naturaleza y vecindad, falleció en el domicilio de sus padres a las veinticuatro de ayer a consecuencia de meningitis [...]

Que era hijo de Dn. Antonio Fernández Noriega, natural de la Ciudad de Mondoñedo y de su mujer D^a Ramona Bello, natural de esta Villa, en la que ambos se hallan domiciliados [...]

* Foz, Rexistro Civil. *Libro 22 de defuncions*, folio 32.

III.1.8.5. Nacemento dunha filla*:

[Fernández Bello María Dolores hija legítima de Don Antonio y Doña Ramona de Foz]

[...] del día veintiocho de Octubre de mil novecientos ocho [...] nació en su casa a las nueve de la noche del día de ayer [...]

* Foz, Rexistro Civil. *Libro 27 de nacementos*, folio 118.

III.1.9. Acta de defunción da nai do poeta *

En la villa y término municipal de Foz a las diez horas del día veintisiete de Noviembre de mil novecientos ocho: ante D. Daniel del Riego y García Juez municipal, y D. Antonio Andrade González Secretario interino, compareció D. Manuel Casas Fernández, mayor de edad, casado, industrial, natural de la parroquia de Fazouro término municipal de Foz, provincia de Lugo y domiciliada en esta dicha villa, según lo hace constar con la cédula personal que exhibe y vuelve a recoger, expedida a su favor con el núm. 95, manifestando que D^a Dolores Fernández Noriega Varela, de setenta y dos años de edad, soltera, dedicada a las labores propias de su sexo, natural de la Ciudad de Mondoñedo, y domiciliada en esta dicha villa, había fallecido en su domicilio a las cuatro horas del día de hoy, a consecuencia de anemia, de lo que daba parte como encargado al efecto.

En vista de esta manifestación y certificación facultativa y que se deja archivada como documento referente a esta inscripción, con arreglo a los artículos 77 de la Ley y 53 del Reglamento, el Sr. Juez municipal dispuso que se extendiese la presente acta de inscripción, consignándose en ella además de lo expuesto por el declarante y en virtud de las noticias que se han podido adquirir, las circunstancias siguientes:

Que la finada al tiempo de su fallecimiento se hallaba soltera dejando por hijos naturales reconocidos á Don Antonio y Don Félix, en estado de casados.

Que era hija legítima de Don Juan Fernández Noriega y de su muger D^a Antonia Varela, difuntos naturales que fueron de dicha de Mondoñedo.

Que no otorgó testamento

Y que á su cadáver se le dará sepultura en el cementerio de esta villa.

Fueron testigos presenciales D. José Rodríguez Veiga y Don Ramón López Val, mayores de edad, casados, industriales naturales y vecinos de esta referida villa.

Leída integramente esta acta e invitadas las personas que deben suscribirla a que la leyeren por si mismas si así lo creían conveniente, se estampó en ella el sello del Juzgado municipal y la firmaron el Sr. Juez, el declarante y los testigos.

Y de todo ello como secretario certifico

(Seguen as asinaturas)

* Foz, Rexistro Civil. *Libro 23 de defuncions*, folio 62.

III.1.10. Acta de defunción da primeira muller*

En Amoeiro a las diez de la mañana del día catorce de Marzo de mil novecientos quince; ante el Sr. Juez municipal D. Fernando Sotelo Pérez y D. Victorio Noguero Mosquera Secretario, compareció D. Manuel González Alvarez de estado casado, profesión labrador, natural de Outeiro, Ayuntamiento de Amoeiro, provincia de Trasalva (sic) y vecino de Outeiro, parroquia de Trasalva, de cincuenta años edad, con su cédula personal que exhibió y volvió a recoger, manifestando:

Que Doña Manuela Bello Mariño natural de Foz Ayuntamiento de Lugo, provincia de Lugo y domiciliada en Outeiro, parroquia de Trasalva, Ayuntamiento de Amoeiro, de treinta años edad, falleció el día de ayer a las quince a consecuencia de Bronco nepmonia de lo cual daba parte como vecino dela finada.

En vista de esta manifestación y certificación facultativa presentada a este Juzgado, dispuso esta inscripción, consignándose en ella además de lo expuesto por el declarante las circunstancias siguientes:

Que la referida finada era hija legítima de José y Celestina.

Que estaba casada en el acto del fallecimiento con Don Antonio Fernández Noriega de cuyo matrimonio dejan dos hijas llamadas Cándida y Dolores.

Que a su cadáver se le ha de dar sepultura en el cementerio de Trasalva.

Fueron testigos presenciales Don Ramón Larratea y Don Juan López mayores de edad de este distrito.

Leída esta acta a los que la deben suscribir, se sella con el de este Juzgado municipal, firmándola el señor Juez, declarante y testigos de que yo Secretario certifico

(Seguen asinaturas)

* Amoeiro, Rexistro Civil. *Libro de defuncions*, inscrita co número 584.

III.1.11. Acta de nacimiento da 1ª filla do 2º matrimonio

En Amoeiro a las diez de la mañana del día trece de Agosto de mil novecientos diez y seis; ante D. Fernando Sotelo Pérez Juez municipal de Amoeiro y D. Victorio Noguerol Mosquera Secretario, compareció Antonio Noriega, natural de Mondoñedo, vecino de Trasalva de edad cuarenta y ocho años, con su cédula personal que exhibió y recogió, para que se verifique en este Registro civil la inscripción de nacimiento de un niño, y como padre del mismo declaró:

Que dicho niño nació en la casa del declarante el día de ayer a las cuatro de la tarde.

Que es hijo legítimo del declarante y de su muger Dorinda Almansa de treinta y tres años vecina de dicho Trasalva.

Que es nieta por línea paterna de abuelos desconocidos y por la materna de Manuel Almansa difunto y Herminia Vázquez viuda, naturales de Trasalva de este Distrito.

Y que al expresado niño se le puso el nombre de María de las Nieves.

Fueron testigos presenciales Don Ramón Larratea y Don Manuel Rodríguez mayores de edad vecinos de este Distrito.

Leída íntegramente esta acta a las personas que deben suscribirla, e invitados a hacerlo por sí, a que rehusaron, se estampó en ella el sello de este Juzgado municipal, firmándola el Sr. Juez, declarante y los testigos de que yo Secretario certifico

(Seguen asinaturas)

[Á marxe] Por auto dictado en 7 de Enero de 1950 en expediente instruído al efecto se acordó rectificar los errores que existen en esta acta y por lo tanto en lo sucesivo se tendrá a la inscrita como María de las Nieves Fernández-Noriega Almansa y que el padre de esta Don Antonio Fernández-Noriega Varela y la madre de este D^a Dolores Fernández-Noriega Varela. Cuyo expediente se archiva en el legajo correspondiente a este año.

Amoeiro 7 de Enero 1950

El Juez

Nosa Señora de Cobas
ten o liño na ventana.
Vámosllo a coller, meniñas,
que se lle perde a bagaña.

En fin. Sale espontáneo el comentario que ocuparía, a buen seguro, más páginas que el mismo "cancioneiriño" de trovas marianas.

Pero la novedad de esta edición luguesa reside no sólo en la glosa que Noriega hace de poesías populares, sino -¡cosa singularísima!- en la inclusión como propias de triadas y cuartetos del pueblo, lo que no puede atribuirse a otra cosa que a un descuido en la imprenta al manejar los originales en los que, al reverso, tendría anotado el Noriega colector la poesía popular. Así el madrigal de la página 93, "*Luguesas deben de ser*"; el de la página 101, "*Montouto, montaña fría*"; el de la 106, "*Alegría, Madanela*"; la triada final de la página 111, "*E choran nenos en Corme*"; el conjuro de la página 192, "*Levántate, nebra*", y la triada de la página 208, "*Fai un lunar coma día*". También se explicaría el caso pensando que hayan omitido en la impresión la indicación correspondiente a ser popular que se advierte en cambio al pie de la cuarteta de la página 91, "*Zreixiñas frescas, bermellas*" y del pareado de

la 162, "*Bendita seña a y-alba*". De todas suertes resulta extraño este intercalado de poemas populares que han sido oídos muchas veces y publicados hace muchos años en diversas colecciones folklóricas, aplicados a Lugo, a Montouto, a Corme o adaptados a otros toponímicos.

Cosa distinta es la aparición de poesías de factura plenamente norieguista en las que el gran cantor de las humildes cosas y de los eternos afectos en lo pequeño, con admirable espíritu selectivo, incrusta, como un hermoso pedrusco, cantares de la lírica popular ("*O amor que ha de ser meu...*"; "*Aldeña serrana*"; "*¿Tes un dengue colorado?*") debidamente entrecomillados.

Todo ello revela un amor, un inmenso amor a la poética del pueblo, sin un estudio profundo de la cual no es posible conocer ciertos secretos de matiz, cierto gusto agridulce, cierto suave perfume agreste que hace naufragar a lo falso, a lo artificioso, a lo rebuscado y en donde anida, sin duda, el misterio de la poesía el insigne autor de esos dos libros "*Montañesas*" y "*Do Ermo*" para los cuales debemos pensar, aparte de esta edición divulgadora, en otra miniada con el candor polícromo de las blancas "carpazas", de las rojas "abruilas", de las doradas "chorimas" en ingenuas guirnaldas; con el vuelo de las "labercas" y la "rulas"; con los finos velos del "neboeiro" y el albo manto de las nieves, a la que no falten los aguafuertes del aullar del lobo, del grito salvaje de la gaviota, de los espinos cerqueiros y las punzantes argomas en flor.

F. Bouza Brey

* En *La Noche*, Santiago de Compostela, 22.1.1947.

III.8 NORIEGA NA VOZ DOS POETAS: POEMAS DEDICADOS

1

A Noriega Varela*

I

Allá ván por los mares los vapores
 repletos de soldos de la patria.
 Allá van á luchar, son españoles
 y no temen morir en la batalla.
 Miradlos que contentos ¡qué contentos!
 en cubierta preludia la guitarra
 y por todos los ámbitos del buque
 se vé la animación y la algazara.
 Tambien tomando parte en la alegría,
 el mar se riza en suave marejada
 y del cielo purísimo copiando
 con azul infinito se engalana:
 ¡Qué todo se dá cita en la natura
 para cantar las glorias de la España!

II

Ya vuelven por los mares los vapores,
 ya vuelven los soldados de la patria,
 cansados de la lucha, no vencidos,
 no es vencer por la fuerza la batalla.
 Miradlos que extenuados, ¡qué extenuados!...
 No se escucha en cubierta la guitarra
 y por todos los ámbitos del buque
 se vé desolación y luto y lágrimas...
 Al cielo empañan negros nubarrones,
 el mar despierta horrible marejada
 y en los palos del barco de agonías
 el tétrico huracán bramando pasa!...

¡¡Qué todo se dá cita en la natura
 para tocar á muerto por España!!...

Arturo Sánchez Núñez

* Este poema pertence ao libro *Balsaminas*, Lugo, Tipografía de G. Castro, 1899, deste mesmo autor; vai prologado por "Un-has palabriñas" de A. Noriega Varela (vid.3.5.2).

O xogo d'a brisca*

Pra Noriega Varela

Vay vindo á noite mainiña,
 cubrind' o ó ceo d' estrelas
 mentras qu' á Lua n-o chan
 dourados rayos refrexa;
 cand' aló lonxe aturuxan,
 outro mais forte contesta,
 qu' os montañeses son foscos,
 valentes so-no de veras,
 é naide lles pranta raya
 onde queira qu' alí esteñan
 ju... ju... un aturuxa, ¡he Marcos!
 he Marcos d' a Porticiela,
 que vai xogar á briscada
 de cote cabo d' Andrea,
 (pois xa dicen n-o lugar,
 qu' ha de ser sua compañeira),
 á Lua vai paseniño
 cravand' os ollos n-a terra,
 mentras Marcos vai decindo
 ¡esta noite ha d' haber festa!
 y-arrimado d' a sua moca
 chegou, é pondose d' axexa,
 tirando d' un ventanuxo
 sintiu ruxir n-a cortella,
 falou de fala mudada
 ¿Quen anda n-a cambeleira?
 Estou excoand' os cachelos
 respondeo de drento Andrea,
 seica te tronx' ó demoro,
 parece qu' osma-la festa.
 -¡Hay ñ-a nai! ¡Chaman á porta!,
 Axiña...axiña... que xea;
 mais lista que un peneireiro,
 descalzada de p' é perna,
 é sin ningún cumprimento
 abrind' á porta Rosenda,
 dixolle po-lo baixiño
 á Marcos, ó pe d' a orella,

-Pasa quentarte bon peixe,
 qu' hoxe ha d' haber xogarreta;
 -Boas noites; que lles preste.
 -Se queres baixat' á cesta,
 -Moitas gracias xa cenei.
 -Colle sardiñas salpresas,
 q' un gotiño has de botalo.
 Anda deixate de leria:
 bebe Marcos, dall' arriba;
 que sabe com' a canela.
 -¡Viv' ó viño d' o Ribeiro!:
 que vivan as montañesas,
 respondeo sorrindo Marcos,
 chiscándo-lle d' ollo Andrea!
 veñ' á brisca é xogaremos
 unha partid' abofellas.
 -Ten cachaz' agora mesmo,
 trai pr' acó esa candilesca,
 qu' ha de sabe-l-o Curman
 como se pelan as peras.
 E postos todos de xeneo,
 forons' achegand' a mesa,
 os vellos xogaban xuntos
 y-os novos daban as señas
 qu' ó mais sabido n-o xogo
 tivera-lles moita embexa,
 vendo-lles trusga-l-os ollos,
 é roxada-l-as meixelas,
 os brancos dentes que tiñan,
 somellaban mesmo pelras.

.....
 Xa logo cantab' ó galo,
 cando saliu po-las veigas,
 Marcos atruxando forte,
 en sinal de que n' apea,
 qu' os montañeses son foscas,
 valentes so-no de veras.

R. Pines

* Publicado en *Mondoñedo*, Mondoñedo, nº67, 1.2.1907.

3

O enxebre poeta, Noriega Varela

N' un corruncho d' a nosa Galicia,
 A veira d' o río,
 Festexando' o poeta Noriega
 Uns cuantos amigos,
 Xuntámonos ledos
 N' o campo frorido.
 Como verse poide
 O agasallo n-e probe nin rico,
 E solo una proba
 D' o noso cariño
 O cantor d' a montaña, o cantor
 Que viv' entr-os pinos
 Donde xemen as almas gallegas
 Con ayes doridos
 Pol-a plaga d' o inferno que chaman
 O vil caciquismo.
 ¡Mais non vimos chorar com-adoito!
 Que vimos surrindo
 Por qu' o vate Noriega oxe temos
 N' iste currunchiño,
 N' ista gloria de terra nativa,
 N' iste anaco de suelo frorido
 Y-ha d' erguer con nosoutros as cuncas,
 As cuncas de viño,
 Mentras lev' o diaño pr' o inferno
 Ise inferno de vil caciquismo.
 Xa sei, meu poeta,
 Xa sei, meu amigo,
 Que reloucas por tod' o qu-e enxebre
 E n' o mundo non ves mais festizos
 Qu' a montaña c' os regos e fontes,
 Castiñeiros, carballos e cibros...
 Y-aló enriba, n' o medio d' a fraga,
 D' o monte n' o pico,
 De Nosa-Señora
 O tempro escondido.
 Xa sei, meu poeta,
 Xa sei, meu amigo,
 Que che gustan as festas n' o campo

A veira d' o río;
 Xa sei que che gustan
 Uns mantés branquiños
 Co-a merend' e co-a bota ben chea
 Pra tomar un bocad' e un grouchiño
 Entr'as froles douradas das xestas
 Y-o canto d' os xílgaros.
 Xa sei, meu poeta,
 Xa sei, meu amigo,
 Que tí gozas n' o medio d-aqueles
 Que ch' ofrendan namais que cariño;
 Y-en cambio de palabras finxidas
 Un lacón con berciñas cocido
 Y-a sana humorada
 D' as cuncas de viño.

Antonio García Hermida

* Publicado en *El Ratón*, Villalba, nº40, 4.1.1914 coa seguinte nota: "Debido a la amabilidad de su autor, distinguido amigo nuestro, damos hoy publicidad a esta hermosa composición poética, leída en el banquete con que varios amigos obsequiaron, este verano, al ilustre vate gallego Noriega Varela".

Tamén foi reproducido por José Luis García Mato en "Cando Noriega viña á Vila Branca", *El Progreso*, Lugo, 31.8.1971 e en Antonio García Hermida, *Charetas*, Vigo, Edición Castrelos, 1973, pp.25-26.

4

Roque

O meu amigo Noriega

Roque un día que nevaba
Non se levantou moy cedo,
Ora durmindo, ora ledo
N' a cama ben quente estaba.

E tiña un gato cativo
Cabo de si que durmía
Con él. D' alegre *ruxía*
Aquel gato; era moy *vivo*.

Antes que Roque s' erguese
O manciñeiro chegou,
Ya súa mai saludou
Pra qu' ésta *a copa* lle dese.

E por Roque preguntou
Decindo: ¿ond' está ó rapás?
-Enfermo está. Se tú vas
A vel' o a ver que pasou.

-Iba pra xunto d' alcoba,
O tio Xan manciñeiro,
Pero trpezou primeiro
Nun vello rabo d' escoba.

Mentres tío Xan s' erguía,
Roque, entr' a manta e o xargón,
Como era xa moy bribón,
O seu gatiño escondía.

E frega que frega n' el
Pra que ó gato non miase
E de contento *roncase*
A ver que decía aquél.

Chegou, pois, ó manciñeiro:
-¿Que che doy? -Teño catarro
-Porque bebíche por barro
Auga fría. Trai primeiro,

Pra pulsar, a mau esquerda...
-Dendes qu' estuvo pulsando
Medea hora, iba pensado:
Este rapaz xa non herda.

-E sacand' un aparato
Feito d' unha tripa dreita

E d' unha boquilla feita
D' un material barato.

A Roque ó peito lle oyéu
Y ó roncar d' o gato a orella
Chególle, e dixo, ¡centella!...
Pero non' o conoceu.

Marchóu, e dixoll' a mai:
-O conto nóstá pra festas;
Pero en ocasiós com' estas
Un remedio sempre ó hay.

O pícaro tenche drento
Un *bruido* gordo e feo,
Pero estóu no certo e creo
Qu' e un depóseto de vento.

Hás-lleme de dar primeiro
Dúas fregas ben calcadas,
Despóis ventosas cargadas
é máis baños n' un caldeiro.

E pra logo, esta receta,
E non' a perdas s' eu morro,
Que, aunque andes ó mundo en corro
Outra n' has ver tan descreta.

-Despóis de feito o favor,
De nada querer cobrar,
Dixo, o tempo de marchar,
Dio-lo faiga por millor.

E cando a may se volvía
D-acarabillarlle a porta,
Ca y-alma tristiña e torta
Ouservóu qu' o Roque ría.

¡Ben te podes rir!... Co mal
Que tes as costas... -¡Qu' hei ter!...
En burros non hay que crer,
E menos s' e animal.

E prayoutra vez chufós,
Que non destinguen no alento
S' e d' hom' ou gato, un bon cento
Failles falta, de leució.

E, praque-o chegue a saber,
O gato era quen roncaba;
Por algo o abó falaba:
Pra saber, ou ver ou ler.

5

Nocturnio *

Ó maravilloso poeta Noriega Varela
como proba de admiración e cariño.

O día xa finou: a Lua, rega o xardín cos seus rayos.
Unha brisa mainiña, acaricia os rosales;
preto de min, caraveles roxos como corales:
n-a inmensidá, un luceiro amosra seus coores gayos.
Un reisiñol, entona a sua fruta panida.
¿Que dirá o paxaro, n-a sua meiga cantiga?
Eu atisbo n-il, unha doenza amorosa;
n-a tristura dulce, do meigo cantar,
chirlea, sospira; e hastra parés que chora;
suprica a amada, que muy dentro de sí mora,
dentro, muy dentro do paxaro, ten un altar.
Mais nada, ¡silencio! a inhrata non chega;
deseperado marcha, n-amentras a Lua rega,
o xardín, sin cansar, c' os seus rayos de prata.

Enrique Bóveda

* Publicado en *Vida Gallega*, Vigo, nº112, 15.8.1918. Leva a seguinte datación: "Ourense 18-7-1918".

A campana chóca *

O inmenso poeta e amigo

Antón Noriega Varela

Cando soas n-a noite pecha e fría
 parécem' o teu son trist' e dorido,
 o lamento d' un can que foi ferido
 gardand' o gando y-o amo que durmía.
 N-a noite escura a y-alma s' arripía
 oíndo teu soar qu' e un alarido,
 un berro xordo de delor saído
 d' unha crurxa ó lle morrer a cría.
 Cuase me dan terror tuas bateladas
 tocand' a morto n-as noites caladas
 en que me quento pretiño do lar;
 antes inda gardabas armunía,
 hoxe parés a tórtola que pía
 nonalcontrando piño ond' aniñar.

Álvaro M^a Casas

* Recollida de *O Tío Marcos d' a Portela*, Ourense, 3^a época, parrafeo 51, 21.3.1919 e datada así: «Valladolid, Marzo 1919». Foi publicada tamén coa dedicatoria a Noriega en *A Nosa Terra*, n^o215, 25.7.1925, coa indicación «Ourense».

Para Noriega Varela *

Quisiera una montaña,
 Alta, muy alta,
 Coronada de pinos
 Y blancas casas...
 Entre rocas y brezos
 Saltos de agua,
 Cantarina o rugiente
 Bajo mis plantas;
 Y, allá abajo, en lo hondo,
 Costas de nácar,
 Oquedades sombrías,
 Húmedas playas;
 Las neblinas tejiendo
 Sutiles gasas,
 O las olas cantando,
 -Oro, azul, plata...-,
 Entre encajes del Iris
 Del Sol las galas...

.....
 Yo quiero la *marina*
 Por delicada,
 Y á la *montaña* quiero
 Por fuerte y alta.
 ¡Santas, fecundas!...
 ¡En sublime pareja!
 ¡Juntas, muy juntas!...

Felipe Pedreira

* Publicada en *Vida Gallega*, Vigo, nº130, ano 1919, como resposta a un inquérito promovido por Noriega nas páxinas da mesma revista baixo o título de: «¿Mons aut ora maritima tibi placet?». Leva a seguinte datación: «Orense, Abril de 1919». Esta e outras respostas, a maioría en prosa, van precedidas do seguinte texto: «He aquí algunas de las contestaciones recibidas por el genialísimo poeta Noriega Varela á la pregunta que hizo á nuestros más destacados escritores. Estas respuestas son rigurosamente inéditas y las debemos á la galantería del ilustre cantor de la montaña gallega».

8

Poema curto *

Ó carísimo Poeta d' a montaña
Noriega Varela

Unha rula fix' o niño
n' a pola d' un ameneiro,
á volta d' un remansiño,
casque bicand' o regueiro.

Outra rula, mais ousada,
foi á cima d' o amenal
y-alí fixo a sua niñada
cal señora d' o predial.

Mais un dia, un vendaval,
crebou d' o amenal a cume,
y-o niño, c' o seu caudal,
esfachicouse n' o estrume.

.....
O pouco tempo, os ruliños
d' a humilde pola escondida,
voaron c' os seus paiciños
car' a terra prometida.

.....
E dend' aquela n' hai rula
que faga o seu niño en alto,
y-aind' abaix' o disimula
por tremor d' un sobresalto.

F. Salgado y López Quiroga

* Publicado en *Vida Gallega*, Vigo, nº157, 30.10.1920.

9

En la montaña *

A Noriega Varela

Pues que has logrado, poeta, la paz en tu retiro
y ya solas con tu musa dialogas con lo arcano,
yo que tus versos amo, y que tu vida admiro,
desde mi viejo pueblo hoy te saludo, ufano.

Ya Fray Luis nos lo dijo: Para domar lo humano
-lo humano tan vanal y en tan perpetuo giro-
nada tan venturoso como un retiro aldeano...
¡El pueblo no merece la pena de un suspiro!

El pueblo es lo vulgar, lo cursi, lo correcto,
lo que nunca ha tenido la audacia de un proyecto,
lo que finje respetos y nunca abofetea.

La montaña eres tú: son tus regios poemas,
tu romántico tipo, tus versos -dulces gemas-
y el resplandor fulmíneo de tu potente idea.

Xavier Bóveda

* En *Acción Social*, Mondoñedo, nº27, 1.12.1920; vai a continuación do poema "Escalvada montaña", dedicado por Noriega a Xavier Bóveda; teñen o título común de "Mutuo".

10

A poesía de Noriega *

A yauga máis cristalina,
máis pura e máis desexada,
é a que nace antr' os penedos,
n-os corutos d' as montañas.

A poesía de Noriega,
que n-os petoutos foi nada,
é tan dulce e transparente,
com' a yauga da montaña.

¡Con que pracer a bebemos
os d' eiquí, da terra baixa!
¡E coma, co-a súa linfa,
as nosas sedes apaga!

Avelino Rodríguez-Elías

* Poema lido na sesión de 28 de febreiro de 1921 do Instituto Histórico do Minho, en Viana do Castelo, na que foi proclamado Noriega socio-correspondente do mesmo; posteriormente foi publicado en *A Nosa Terra*, A Cruña, nº140, 15.5.1921.

11

Tarxetas postales *

Antón Noriega Varela,
 Amantiño compañeiro:
 Non quero pase teu santo
 Sin que che mande unhos versos.
 ¿Unhos versos...! ¡Si os ficera...!
 ¡Unhos regos ben mal feitos,
 Qu' eu non son como eres tí,
 Un poeta d' os escelsos.
 Memorias para Dorinda,
 Cen chuchos para os pequenos
 E para ti tres apertas
 D' as qu' eu dou os que lles quero.

Eduardo Lence-Santar y Guitián

* En *Acción Social*, Mondoñedo, nº86, 15.6.1922.

¡Meu hirmán montañés! *

Ó meu preciadísimo amigo, señor don
Antonio Noriega Varela, vésporas
d' imprentar o seu precioso libro
"Místicas".

¡Meu hirmau montañés!
¡O poeta do sol!
Que ll' empresta-o seu lume,
E lle dá seu quentor,
Pra que n'iles abroche
D-os seus versos a frol.

¡Meu hirmau montañés!
¡O poeta d-a luz!
Qu' arrincoulles ós Ceos
Un anaco d-azul,
Pra enxerga-las suas «Místicas»,
Post-ós brazos en cruz!

N-o penedo mais irto,
Un altar levantou,
Onde chora-o druída
Po-la sua relixión;
Po-los tempos que foron;
Po-lo amor, que pasou!

Alí quéimas' o incenso
Con qu' o celta incensou;
E s-escoitan os layos,
Os sospiros e-os sôns,
Con qu-a y-arpa romana
D-os seus mortos se dôe.

Corre a yalma do monte
S' axionllar, pé do altar;
A ofrendarlle roseiras
D-os bravíos toxals;
O bruar d-as ovellas;
Rescendors do pinar!

Arden n-il, dous ciriales,
 Que s' esborran a pôr:
 Un é-o cirio d-a Virxen;
 Outro adícallo a Dios!
 Outro da-llo á sua terra,
 Porqu' o fixo cantor!

Porqu' arreu o bendice,
 Con arrosos de nai!
 E lle dou amoríños
 E fillíños lle dá!
 E-o levou n' as illargas,
 E aloumiños lle fai!

¡Meu hirmán montañés!
 ¡Rey do ermo e señor!
 ¡O qu' alumas teus versos
 Con alustros d' amor!,
 E lles prendes n' as áas
 Teu baril curazón!

Francisca Herrera y Garrido

* En *Vida Gallega*, Vigo, nº202, 20.7.1922; leva a indicación «Madrid,1922» e o título "Con reciprocidade", pois a continuación figura o poema de Noriega "Invocando a Jesús" dedicado "Para Francisca Herrera y Garrido, dispensadora de su inimitable, gentilísima ternura"; debeu existir unha omisión involuntaria do título do poema, "¡Meu hirmán montañés!", que si figurará en *Céltiga*, Buenos Aires, nº53, 10.3.1927, coa mesma dedicatoria, e en *La Noche*, 21.9.1946, dedicado "A Noriega Varela, cuando preparaba su libro «Místicas», todavía inédito".

13

De min *

A os grandes poetas da Galiza
Cabanillas e Varela.

Sou um triste castelo ao pé d' um mar brumoso,
Eternamente a ouvir historias de naufragios
A voz do vento negra de presagios...

Sou velha cruz em ermo penhascoso
Onde as aves da noite vao cantar
Embragadas de sombra e de luar...

Sou livido pinheiro
Phantastico, a rezar na encosta d' um outeiro,
Quando os vales soturnos escurecem
E as nuvens, como sonhos esquecidos,
No ceu empalidecem...
E em religiosos labios doloridos
As boas tardes choram...

E perolas de luz tremendo afloram
N' aquele etéreo manto de veludo,
Manto da Virxem Mãe de Deus cobrindo tudo...

Vivo da negra morte alegremente
Que ante mim se alevanta imensa de ternura,
Como de encontro ás bandas do Oriente
Ergue o Maráo a tragica estatura...

Vivo da negra morte que me empece
Na lua que detrás dos montes aparece;
No soturno perfil, á noite, dos penedos,
Na brisa a semear murmurios e segredos...
Na aurora desmaiada,
Esse cadaver branco de afogada,
Boiando á flor de nuvens cheias de agua,
Com um lirio nas maus desfeito em cinza e magua...
Em tudo o que me cerca de tristeza
E em meus olhos acende espiritual beleza:
Phantasma de anjo a voar, branca visáo celeste,
Prateando, ao de leve, a rama do cipreste...

Uma sombra caída aos pés da cruz...
A morte já distante da agonía,
Extática, vestida em macerada luz,
Toda sonho, luar, melancolía.

Teixeira de Pascoaes

* Publicado en *Nós*, Ourense, nº14, 1.12.1922; tamén en *A Aurora do Lima*, Vianna do Castelo, nº52, 13.7.1923, aquí coa dedicatoria "Ao grande poeta da Galiza Antonio Noriega Varela"; a primeira dedicatoria, compartida con Cabanillas e coa denominación de *Varela*, non foi do agrado do autor de *Do Ermo* (cfr.5.6.1.11).

A Noriega Varela

Poeta da montaña, poeta das outuras,
que sabes de pastores, de neves e rebaños,
que ves pousar a lua encima das toxearas
i óscel-a sereñata matutina dos páxaros...

Poeta das outuras, nostálxico poeta
que a tua lira pulsas preto dos ceos craros,
que téis por corazón unha rosa da cume
e cingue a tua frente a coroa dos lauros.

Dond' o val silencioso onde teño meu niño
esdícoche a probeza dos meus homildes cantos,
arumados de tristes relembrs amourosos
de días moi lonxanos.

Herminia Fariña

* Publicado en *Vida Gallega*, Vigo, nº229, 25.7.1923, coa seguinte indicación final: «Simes-Més de Santiago. Tarde abajante; pingoteo de fonte, soma de carballos, asubío de melros; sol; paisaxe; melanconía...».

15

Antonio Noriega Varela *

Forza centripeda de concentración.
Hirmán poeta, de verba franciscana;
a oración toda da paisage
crucificada, por tí, na montaña.

Johan Carballeira

* Publicado en *La Voz de la Verdad*, Lugo, 27.3.1928, xunto con outros pequenos poemas dedicados a Ramón Cabanillas, Victoriano Taibo e Gonzalo López Abente, todos baixo o título de "Poetas gallegos".

16

El poeta y la "radio"

Uno de los valores
de la musa gallega
y uno de los mentores
de la infancia, Noriega,

parece tiene empeño,
obsesión y capricho
ser de una "radio" dueño
según el mismo ha dicho.

Mas no cuenta dinero
para estos despilfarros,
pero hubo un compañero,
el periodista Barros,

que apelando al recurso
de la postulación,
nos reclama el concurso
para una suscripción.

Es una deferencia
al maestro Noriega
que ha llegado a eminencia
de la lira gallega

y que se halla a la altura
de este pobre coplero.
¡No vive con holgura
y le falta dinero!

Una "radio" quería
el montañés poeta,
para alegrar el día
en su vida de asceta.

¿De aparato parlante
la posesión anhela?
¿No charlan ya bastante
los chicos de la escuela?

Tendrá de las mejores
"radios" que ahora se instalan
pues sus admiradores
la "radio" le regalan.

¿Se verá realizado
tal proyecto? Es seguro,
pues ya se ha recaudado
hasta la fecha un duro.

Gardenio

* Publicado en *El Ideal Gallego*, Coruña, 10.8.1928 nunha sección habitual titulada "Versos con ripios".

17

A voz materna *

A Noriega Varela

Como no búcio formoso,
Que o mar á praia lançou,
Se escuta o éco saudoso,
Longo, triste e melodioso,
Das praias que êle deixou:

Da voz com que nos diria
Nossa Mãe uma oraⁿção
Quando nos adormecia,
Repetem sempre a harmonia
Os écos do coração.

Vizconde de Castellões

* Publicado en El Ideal Gallego o día 18 de outubro de 1930, festa de As San Lucas en Mondoñedo, nunha sección titulada "A Mondoñedo en sus fiestas"; está datada así: «Vila-Nova de Famalicão 7-X-1930».

18

Noriega Varela *

Do Ermo silencioso no ermo seio
 Embreñarme procuro prontamente
 A.N.V.

Iste é o doce Poeta de verbo franciscano
 e corazón de Aurora...

Nun coro de meniños
 van seus sonos de infante para un pazo lonxano,
 enfeitados de froles de todos os camiños...

No berce das suas rimas dorme toda a humildade,
 como dorme a orballada nas roseiras en flor.
 Ten unha cotovía pra cada soledade,
 e pra cada penedo, un raio de solpor...

Perdeuse na Montaña sua ialma probesiña
 -unha nena serrana, inda pequerrechiña,
 cos olliños azules com' as flores do liño-

Un día encontrará-ia unha humilde pastora,
 apañando froliñas pol-os ermos da aurora,
 ou, cuberta de neve, ond' á cruz dun camiño...

Aquilino Iglesia Alvariño

* Publicado na mesma sección que o poema anterior, "A Mondoñedo en sus fiestas", *El Ideal Gallego*, Coruña, 18.10.1930, xunto con outros dous poemas do mesmo autor dedicados respectivamente a Leiras Pulpeiro e Pascual Veiga, que foron homenaxeados nesa data conxuntamente con Noriega; levan o título común de "Camafeos líricos" e a datación «Mondoñedo 1930».

19

Cóxegas *

*O sol e o mar à Montaña
moi mal lle pôden querer:
que o sol escóndelle a câra
e o mar aránalle os pés.*

Dispensa, amigo Noriega,
que che *retorza* o «argumento»
ergéndose a «darche a câra»
aquí o Bruxo d'os Ermos.

Es o cantor d'a Montaña;
non ch'o *neguei* nin ch'o *nego*,
pois tel-o bèn merecido,
eso de *Cantor Excelso*.

Recorda cando subías
a Infêsta, aló xa fai têmpo,
levando vigor n-o corpo
e a *galbâna* n-o cerebro,
pr' «O San Juan de Romariz»,
e vías quedar a cêntos
as ovellas perezosas
pol-as ladeiras pacendo.

¡Cantos versos desde aquela
botâche pr'acó, ¡meu vêllo!
poñendo a Montaña âlta
e a Mariña pol-o suelo!

Tên a Montaña bellezas,
envidiables; ¡non-o nego!

Aló pol-o mes de Agosto
côrre n'ela o aire fresco
e o sol, namorado d'ela,
chuch'a a todol-os xeitos,
dalle abrazos, com'a un tolo
que se casâra de vêllo.

Y-ela dôrme, desmayâda,
entr'o verdor d'os seus cêrros,
escoitando ¡caladiña!
as mil tonadas d'os rêgos.

Pero cando vên o Outono...
pero cando vên o Invêrno...
... ¡¡o sol escóndelle a câra!!.

(¿E verdá ou nôn; ¡meu vello!)
e entonces sí que «son» *elas*.

Nin lle vâllan os loureiros,
nin os *cadolos* de toxo
pra quentar bèn os «canêlos»;
nin vâlen zôcas de câña...,
nin *zamârras* de carneiro,
¡qu'o frio mismo e delgado
com'a folla d'un coitêlo!

Por eso fixeche *bên*
ir pra Chavín de Maeso;
e desde ahí, ô abrigo
facer d'aqueles teus versos,
que pônén *alta* a Montaña
e a Mariña *pol-o suelo*.

O Bruxo d' os Ermos

* Publicado en *Vallibria*, Mondoñedo, nº111, 3.4.1932; «O Bruxo d' os Ermos» é o pseudónimo de Celestino Cabarcos Suárez (1883-1960), párroco de S. Xoán de Romariz e amigo de Noriega.

20

Abrojos

A mi queridísimo amigo
Noriega Varela, sinceramente.

¿Que cante al optimismo? ¿Que deje la añoranza?
¿Pero ignoras, acaso, mi llanto y mi dolor?...
¡No puedo, y yo quisiera cantar a la esperanza!
¡No puedo, y yo quisiera vivir para el amor!

Porque en mi pecho llevo sentencia de amargura,
porque mi vida es negra, ¡y en plena juventud!,
no canto a la esperanza... Yo digo mi tristura,
y canto mis pesares, y digo mi inquietud,
y busco en Schúbert calma, consuelo de armonías,
y procuro en Beethoven remedio a mi sufrir...

Pero ni serenatas ni dulces sinfonías
me hacen cantar alegre: ¡no puedo yo fingir!...
No me pidáis, Maestro, que deje la añoranza.
No me roguéis, Noriega, que olvide mi dolor...
¡No puedo, y yo quisiera sentir dulce esperanza!
¡No puedo, y yo quisiera vivir para el amor!

Francisco Leal Insua

* Publicado en *Vallibria*, Mondoñedo, nº235, 19.8.1934, por Antonio Aparicio Ferreiro nun artigo titulado "Nuestros poetas", onde tamén dá a coñecer "Guajiras con cascabeles", poema en español de Noriega dedicado a Leal Insua (vid. 3.3.4, poema 5).

21 *

Así é qu' o don Antoño,
 A tanto andar n-a montaña,
 Chegóu a ser o maeso
 D' os rapaciños d' a Graña.
 Cando morre algún veciño,
 Sempre vai o velatorio
 E recoméndalle a y-alma
 Si a ten n-o Purgatorio.
 E dícelles aos demáis,
 Que lles vayan perdonando
 Pra que lles faga un bon canto
 E lle biquen ben a terra
 Que a cubra n-o camposanto.
 De modo que don Antoño
 Pra iles é a millor prenda:
 De vivos, ponlles escola,
 E de mortos, recomenda.

Florentino Barreira

* Estes versos están incluídos nun artigo de Lence, "Un molinero poeta", *Vallibria*, Mondoñedo, nº387, 25.7.1937, onde di: "Este buen mindoniense llámase Florentino Barreira, nació en las Coruxeiras y vive en el Carmen [...]. Nosotros le hemos visto componer varios versos en una tarde, gallegos y castellanos. Hace tres años, hallándose de molinero en Moncelos, en Abadín, compuso una poesía hablando del popular poeta Noriega Varela, que entonces era maestro de la Graña de Villarente, inmediata a Moncelos; y de esa composición son los versos que siguen".

Al insigne poeta mindoniense
Don Antonio Noriega Varela *

Poeta, cuando pienso lo que hoy día
es subir a la cumbre del Parnaso,
grande dolor embarga el alma mía.

Parece enteramente que al ocaso
su bello resplandor ha descendido,
pues nadie de poetas hace caso.

¿Qué cosa entre los hombres ha existido,
por grande o por hermosa que ella fuera,
que no llegue a caer en el olvido?

¿Y cómo detener a nuestra esfera
en la marcha en que va incesantemente,
los tiempos señalando en su carrera?

Grandes imperios hubo en el Oriente;
grandes reyes guiaron su destino;
¡grande olvido les queda solamente!

Y aunque parezca que el fatal camino
no debieran seguir las Bellas Artes,
vemos que son llevadas de igual sino.

Mira el mundo y verás como compartes
lo que te digo aquí; la vil riqueza
sólo verás buscar por todas partes.

De las cosas del alma la belleza
ya no le importa a nadie, y de este modo
las musas van perdiendo su grandeza.

Y encenagados en el sucio lodo
del vil metal, los hombres actuales
con números no más lo arreglan todo.

¿Qué haremos, pues, en circunstancias tales
en medio de este mundo, si inauditos

son los cantos de nuestros ideales?

¿Qué importa que unos cuantos eruditos
al estudio se den de la Poesía
y gusten sus encantos exquisitos,

si al resto de los hombres les bastaría
de Polimnia y Calíope el acento
que antes el corazón les conmovía?

Hermoso es aspirar el dulce aliento
que de Mnemósine las tiernas hijas
difunden al humano entendimiento.

Mas darnos a estas dichas tan prolijas
ha de servir a que nos llame locos
el mundo, donde están las almas fijadas,

mientras no hallan fin nuestros sofocos
en el momento aquel en que nacemos
y el dolor y el placer parecen pocos.

Entonces no las musas pretendemos,
que otra Deidad mejor ya nos espera
si el goce de alcanzarla merecemos.

Pero en tanto, ¿no ves de qué manera
la humanidad se aleja velozmente
de lo sublime con fatal ceguera?

¿No ves cómo frenética, inconsciente,
los deleites del alma ya abandona
y se da a los del cuerpo solamente?

No es que yo quiera de laurel corona,
ni que mi nombre llegue a ser famoso,
que de humildad mi corazón blasona.

Me basta el goce puro, candoroso,
que la virtud y el arte no ofrecen
pasando por la vida silencioso.

Pero, amigo, al sentir como florecen
en el alma retoños de Poesía,

las tristes realidades me entristecen;

pues veo que entregarse a esta ambrosía
es condenarse a ser mindigo,
siendo soldado en celestial porfía.

Tengo esta confianza yo contigo,
porque ya sé que tú lo mismo sientes
este dulce placer y este castigo.

Te he conocido en tiempos aun recientes
en un viaje en que juntos hemos ido
de *Vallibria* a las vegas sonrientes,

donde tu blanda cuna se ha mecido,
corazón de la tierra encantadora
donde por grande dicha hemos nacido.

En tu alma penetré sabia creadora,
y desde aquel instante delicioso
quedó tu amiga mi alma soñadora.

¿Me recuerda? Yo soy el que dichoso
en un descanso hecho en el camino
ha escuchado tu canto melodioso.

¿No viste cómo ajeno al son divino
el mundo se agitaba en redor nuestro
sin atender al metro peregrino,

al alto pensamiento y arte diestro?
¡Oh qué necia, qué torpe indiferencia
digna de compasión, dulce maestro!

Es tan grave y aguda esta dolencia
que hoy el mundo frenético padece
que ni el arte le admira, ni la ciencia.

Que ya ha dejado de sentir parece
y el frágil barro ya sólo le queda.
¡Oh el ver las consecuencias me envejece!

¿No las ves tú también? Mira, ya rueda,
rueda de precipicio en precipicio

y en las espinas hórridas se enreda

del barranco diabólico del vicio,
 en donde revolcándose se hacina
 y pierde la virtud y pierde el juicio.

Este estado de cosas le asesina,
 y pronto el mundo habrá acabado
 si no se le da pronto medicina.

Mas ya el cielo benigno se la ha dado
 con la actual y saludable guerra
 en que el genio español ha despertado,

volviendo ya su nombre a henchir la Tierra
 y realizando acciones de heroísmo
 que la molicie del solar destierra.

Y al verlo digo yo: si el patriotismo
 así renace, ¿el gusto por lo bello
 no podrá renacer también lo mismo?

¡Ojalá! Nueva luz, nuevo destello
 ilumina el camino delicioso
 que tan inhábil torpemente huella

Canta tú, y que tu canto melodioso
 sea acicate al espíritu del hombre
 para que vuelva a amar lo que es hermoso.

Que tu precioso canto al mundo asombre,
 y no el placer brutal que le alucina,
 y llegues a adquirir alto renombre.

Sea tu canto la albura matutina
 de un nuevo día al arte primoso
 que el alma dulcemente me fascina.

Allana tu el sendero venturoso
 en el detenido yo envejezco.
 Recibe mi saludo cariñoso
 y admite la amistad que yo te ofrezco.

Julio González-Moro Alberdi

* Publicada en *Vallibria*, Mondoñedo, nº437, 3.7.1938, coa indicación de «inédita» debaixo do título e «Loiba, Santa Marta de Ortigueira», debaixo do nome do autor.

23

Os piñeiros pequeniños *

A Antonio Noriega Varela,
egregio cantor de la montaña gallega.

Os piñeiros pequeniños,
espallados entre os pais
cal ovelliñas ô vento
balan da sua cortedá,
qu' iles quixeran ser outros
pra ver dend' o monte o val,
mirar como xoga o río
c-o regatiño rapaz,
e retratarse n-o espello
d' auga tremosa e levián.

Y-o vento parés decirlles,
por entr' eles ô pasar:

-Non debedes, piñeiriños,
por ser cativos chorar;
qu' arelando ver o río
outros quixeron medrar,
e cando foron alteiros
e compriran seu afán,
a lingua fría d' aceiro
véulles a vida quitar.

No debedes, piñeiriños,
por ser cativos chorar.

Sebastián Risco

* En *El Progreso*, Lugo, 18.1.1942.

Aconteceu... *

Pro gran cantor da montaña: Noriega Varela.

Unha tarde pracenteira
sentada dun río a veira,
esscoitei meiga canzón:

era fermosa e sentida
cal a mociña garrida
ca dixo co corazón.

Xa que me gustara tanto
o malencónico canto
quisen despois entoar.

mais saliron tales copras
que dixen al miñas notas:
¡non facéis bén o cantar!

Moi triste púsenm' entón
pero chamóume atención
un mayestro reiseñor:

Seus trinos tan garimosos
por seu pra mín animosos
desterraron meu door...

Hoxe, a Noriega Varela,
dou gracias que dendaquela
a Esperanza hei dacenar,

pois que creo ilusionada
qu' ista neneiña coitada
un día sabrá cantar...

Clotilde Paz López

* Este poema foinos facilitado pola autora e leva a indicación «Lugo, Ano 1944»; nese ano Clotilde Paz publicara en *El Progreso* de Lugo o poema "En busca da paz", ao que contestou Noriega con "Regina pacis" (vid.

3.3.2, poema 98); publicouse na prensa da época, sen poder precisar o nome da publicación.

25

Domingo de Ramos
(DE LA ALDEA) *

Para Antonio Noriega Varela
 por su libro "D'o Ermo".

El campo es una alfombra gloriosa de cristales.
 Tiembla el silencio. Chopos y alondras recentales.

De Norte a Sur y de Este a Oeste la mañana.
 Hora de misa. Llama a los fieles ña campana.

Llegan por los caminos viejos de faz oscura
 y amplias chaquetas. Charlan el maestro y el cura.

Todo es domingo en todo: en el sol y en la vela.
 Domingo en lo que flota y domingo en lo que vuela.

Los álamos del atrio baten cobre bruñido.
 La aldea es como un ancho panal de oro encendido.

La procesión. Repiques. Lluvia de siemprevivas.
 Los niños, traje nuevo, tremolan sus olivas.

¿Qué más? La vuelta. Tedio de sayas incoloras
 hacia el hogar. Y luego las horas y las horas.

buenas o malas... ¡grises! Lo archisabido: prosa
 de una vida sin alas, mediocre y lastimosa.

Y así un día y otro. La noche, un lobo cierra
 esta paz del domingo melancólico y breve.
 Después la lluvia, el campo, la sequía, la nieve...
 Siempre igual, hasta tanto que los llame la tierra.

Poeta hermano: ahí van estos pobres alejandrinos
 hasta tu lecho. Llueve. Por los hondos caminos
 tornan vacas oscuras -¿A dónde?- Mi alma sueña
 con este vacío inmenso y esta vida pequeña
 y eternamente triste de la carne, que añora
 la paz sin fin y el lecho de tierra redentora.
 Es una tarde triste, y en la angustia infinita

del Angelus y el agua el hastial de la hermita
 se emboza en su ancha capaz de tinieblas. La aldea,
 tan zurda y tan helada, es miserable y fea.
 Y pienso en otros días más dulces, en el yermo
 que tú cantaste, en todo: en tu lecho de enfermo
 y en esta nuestra musa pálida y ojerosa
 que ensalma nuestro tedio con sus manos de rosa.
 La carne es flaca, hermano, mas no te importe; sobre
 las ruínas duerme en ángel y el alma nunca es pobre.

Tú que has cantado y cantas, tú que has llorado y lloras,
 que sabes de las horas buenas y de las horas
 en que nos duele el pecho, tú que lo sabes todo,
 sabes también que el poeta saca lirios del lodo.
 Toma estas dalias mustias, toma este nardo yerto.
 Ya no hay más que hojas secas y espinas en mi huerto,
 pero aun quedan las alas y las palabras hondas
 que han de colgar más llemas y nidos en las frondas.

Todo está en amar siempre nuestra propia miseria;
 el hombre no és más que esto: un montón de
 que roerá el gusano bajo la tierra. Luego,
 un día, allá por Mayo, dará un rosal de fuego
 virgen y mustio, un pobre rosal descolorido
 donde urdirá sus sueños el Angel del olvido.
 (Sólo una mujer joven con el rostro velado,
 -esa Amada imprecisa que nunca hemos besado-
 nos traerá algunas flores y rezará un momento
 cuando la tarde caiga. Después, nada: el hastío
 sideral en los huesos. Nada más. Y el lamento
 de los negros cipreses que mueren de frío).

La vida es mala, hermano, y amargo nuestro sino,
 pero, ¿y el alma? El alma vuela lejos del cieno.
 Todo él hondo secreto del hombre está en ser bueno
 y en vestirse de orquídeas para hacer el camino.

Como tú. Tú has cantado todas las cosas bellas
 y has ido por la vida con tu casco de estrellas
 y un manto azul de sueños, jinete en la mañana.
 Todo en tí ha sido bellos: la alondra y la campana,
 la amapola, el acanto, la neblina y el trino.
 Tú ahora estás sobre todo porque ya eres divino.

¿Qué importa que la nieve cubra nuestra cabeza
 ni que el Dolor nos hiera y enturbie nuestro vaso?
 Siempre habrá en nuestras frentes nuevas albas de raso,
 y un ruiñeñor que vista de luz nuestra tristeza.
 Siempre habrá nuevos cielos de seda en nuestros llantos
 y un puñado de brotes sobre la carne mustia.
 Calla y oye. ¿No sientes arborecer tu angustia
 lo mismo que en los cromos las varas de los santos?

Escucha: aun está el ángel de las pupilas magas
 sobre el rosal; aun brota la palabra sencilla.
 Yo era el que decía que hay que vestir la arcilla
 de sol y poner hostias de tul en nuestras llagas.

Yo era el que decía que el silencio es sonoro,
 que Dios nos ve, que aun quedan mirtos en los senderos;
 que hay que cazar los silfos y apacentar luceros
 ebrios de un dolor bello, bajo los sauces de oro.
 Que hay que incensar la espina punzante que nos hiera,
 que la muerte no es nada: la acentuación del sueño.
 Yo era el que decía que no hay nada pequeño,
 que todo está en nosotros y que el hombre no muere.

.....

En fin, hermano, es noche. Algún hogar humea;
 ladran los perros... Llueve. Por los hondos caminos
 pasan féretros negros entre hachones de pinos;
 -¿el nuestro?-. Y queda el miedo vagando por la aldea.

Antonio Prados Ledesma

* Publicado en *La Noche*, Santiago de Compostela, 10.2.1947.

Na morte de Noriega Varela *

Morréu o cantor poeta
da montaña e dos penedos
e tristes están os campos,
os toxales i-os centeos

Noriega con voz sonora,
fixo revivir os ermos,
as pastorciñas d' Anaigo,
i-as ruinas dos mosteiros.

A morte deixou calada
tan nobre lira, galegos,
¡chorade forte, moi forte,
quedóuvos un bardo menos!

Celestino Luis Crespo

* Publicado en *La Noche*, Santiago de Compostela, 26.4.1947.

Noriega Varela *

I

¡Ahí ven Noriega Varela, carpazonas!,
berróu nos currás dos ceos, a toxales,
un ánxel mouro da Corda, que coidara
os años escabardados entre a neve.

E o bon Noriega Varela no quinteiro
entróu, tan grande como era, pouco a pouco.
Levaba a zamarra ós hombros e no brazo,
colgada, a vella cayada, de ir ás festas.

Todas saliron a recibílo colorendo
-dengues de grana, ourelados de terciopelo-
coas castañolas de sangubiño das foleadas
e as mantelas de pano labrado con acibeches.

Todas calzadas de zoquiñas coma nécigas
Todas vestidas coma nos tempos en que era neno.
-Cofias de blondas de Camariñas e almendrillas.
Crucetas de ouro, cintas de seda e anillo no dedo

Alí chegaran, alí viñeran:
As vinculeiras da Corda e Labrada.
As costureiras do Padornelo.
As xirifeiras.
Al madamiñas dos Remedios.

-¡Ai, miñas rulas de Buzarréi!
¡Ai, miñas reinas de Cadavedo!
¡Ai, bubeliñas de Montouto!
-¡Milicroques do fondo da Graña,
garnicelas do Pasadoiro!-
¡Ai, ai, ai!

II

Saliron logo os brañegos dos alboyos
vestidos de pardomonte, remontado.

Monteira sobor dos ollos, xa sen medo,
e paus de toxo ó subaco, con chorimas.

Os cesteiros da banda do Pereiro
e os ferreiros do lado de Xudán.
Cavadores de Abeledo.
Cavadores de Corbelle.
Cavadores de Seivane.
Cavadores, cavadores, cavadores.

—¡Meus amigos, o demo sea xordo!
¡Dios no ceo e o pan no forno!
¿Cómo vos vai por aquí arriba?

—¡Ai, Diolo aumente, qué vidiña!
Contar estrelas, rezalo resario,
e laretar na pubela cos santos.
Chova que neve, sin unha ansia.

Xoga que xoga coas vellas ás cartas.
¿E por embaixo?

—Xónzanse todos ó traballo.
Os nenos choran. Os xatos brecan
e zangonéanas gaitas na festa.
Quen pode, puxa.
E quen non pode, cos dentes tarruxa.

III

Entrado que foi pra dentro, xunta ó lume,
erguéronse os picariños das ovellas
que atopan entre farrapos embrullados
as probes que andan pedindo polas portas.
Neniños pequerrechiños coma acheites.
E canda eles, os probes de pedire.
E os vellos engueimadiños, camareiros.
Os cegos das romarías coas zonfoñas.
Os trencos de ambolos remos, ás reluas
nos seus dornallos de coiro, coma foles.
E os tocos de ambalas maus, ataniscados
dos cochos, cando neniños, nas barcallas.
Iban vestidos de branco, coma a neve
das penedas da Toxiza, cando neva.

A un tempo todos se ergueron, dilingueiros,
 cos remos novos do trinque, coma buxo.
 A un tempo todos se riran pra o Poeta.
 A un tempo todos cantaran, acordados.

-O do sombreiro pra o lado, ¡sicudero!,
 ten paso libre na gloria, por amigo.
 Hanos facer un cantare de romaxe
 pra ir a Santiago este ano, pelengrinos.

-"Xa que eres da miña sangre, miña xoya,
 irmauciña que venero, miña amiga,
 dácame un cento de bicos, garanduxa,
 y-olla o que ben che deseyo", trainanina.

IV

Pasóu Noriega Varela -¡Señor, Señor!-
 os prados do Paraíso, -¡Oh cánta flor!-
 todos cheos de ermidiñas, -¡Qué resplandor!-
 e en cada ermida unha santa. -¡Ai, meu amor!-

-¡Nosa Señora dos Remedios!
 ¿Acórdase, miña Madriña?
 Fomos veciños de porta con porta.
 A sua casina, cabo da miña.

-¡Nosa Señora do Conforto!
 ¡Ai, asíeu, que galana que a atopo!
 ¡Que dó me daba cando na ermida
 non lle calaba o Neniño no colo!

-¡Nosa Señora das Ermitas!
 ¡Ai se me lembro cando aló embaixo
 muxía as cabras e deitaba as pitas!

¿Onde está a Señora do Acibeiro?
 ¡Ai, miña prenda, cómo choraba
 cando perdera entre as uces o Neno!
 Caía a neve. O lobo ouveaba.
 ¡Ai, unha mai, traballiños que pasa!

Por un carreiro con flores de toxo,
 que ten, no remate, un Cristo de pedra,

lonxe da xente, lonxe do mundo,

Noriega Varela de Mondañedo,
cun faroliño na mau coma un verme
entra no reino da Noite dos páxaros.

Aquilino Iglesia Alvariño

* Este poema pertence ao libro *Nenias*, de Aquilino Iglesia Alvariño, publicado na colección Salnés pola editorial Galaxia en 1961; figura datado en «1960»; tamén se acha na *Poesía galega completa*, do mesmo autor, Vigo, Edicións Xerais, 1986, pp. 225-228 (Edición, cronoloxía, bibliografía, limiar e notas de Xesús Alonso Montero).

Lembranza e homenaxe a Noriega Varela *

Unha ermida i unha estrela
 dende Fondós vendo estou.
 Antón Noriega Varela,
 ¡con qué emoción vos cantou!

Andiven por Foz pasmado
 vendo a paisaxe vilega
 i a percurar afanado
 os poemas de Noriega...

Perguntei por don Antón
 a un veciño, a outro veciño,
 ¡Latexos da súa canción
 levaba o vento mariño...!

¡Levaba o vento na voz
 milagres do seu cantar...!
 ¡I eu andiven todo Foz
 por Noriega a perguntar!

¡O gran Noriega Varela
 da Montaña e da Mariña!

¡O centilar dunha estrela
 suco e timón ilumina...!

Manuel María

* Pertence a Manuel María, *Versos frolecidos en louvanza de Foz*. Primeiro premio e frol natural nos primeiros xogos frocales de Foz, celebrados polo San Lourenzo de 1966, Foz, Gráficas Bahía, 1967.

Palabras con outono a Noriega Varela *

¿En qué pucharca te estarás revendo,
estrela tí tamén entre as estrelas?
O outono xa pousóu nas longas chairas
os amados espellos, meu Noriega.

Víu súpeto, trunfando da segura,
i enchéu as pucharquiñas montañesas
que, do moito chorarte, xa non tiñan
unha triste pingota tan xiquera.

Cedo virán as brétemas hogano
-ben te acordas: son cegas-,
e apalparán no lombo dos curutos
por ver de te atoparen, meu Noriega.

Xa non serán as brétemas amigas
con que tí te arroupabas na irta serra,
fantasmal e senlleiro, en tanto o lobo
oubeaba a carón da cruz de pedra.

O mundo teu non é iste mundo noso
e hastra mudan as brétemas.
¡Viñeras tí a termalas, pegoreiro
de néboas e de orballos, meu Noriega!

Viñeras tí, por máis que te asañasen
-¡Señor, Señor!- as invencións modernas,
pra lle mostrar ao mundo os teus galanos:
as frores veneradas da toxeira.

Pero tí non virás, que ha vir a neve
en miúdas folerpas,
a bater nos tellados, inquirindo:
-¿Ulo o noso Noriega?

Tampouco éstas serán neves dantano
-hoxe hai neves e neves sobre a terra-
e ninguén lles dará cabal resposta
porque ninguén quer dar palabra certa.

Dérala tí. Palabra manseliña
de homildade, de amor e de probeza;
palabra que inda ben saíu dos beizos
e xa é pinga de orballo, meu Noriega.

Mais tí non has falar, senon o vento
que xa brúa nas outas curuxeiras.
-¡Ai, lémbtrate, Saudade! De alí viñan
as fascinantes criaturas meigas...

Nin o vento ha de ser o que na braña
brincaba a te asustar na noite pecha;
noite de farra, sí, ¿pra qué negalo?
¡Noite de amor, se cadra, meu Noriega!

Amases tí outravolta no turreiro
palpitante coa baila das brañegas,
e de tí deprendesen os que chufan
dos inxeles amores do poeta.

Tal exempro de amor non nos é dado.
Outros dicen amar hoxe na terra
e non saben tinxir de roxo viño
o albo dengue de Flora, meu Noriega.

Rubiras tí onda a ermida
o día da Santiña, cando a festa,
e alí o cardo igoalárase coa rosa,
cal tí soñabas nunha primavera.

¿A primavera?... ¡A primavera é certo
non hai forzas no mundo pra vencela!
¡As froriñas do toxo, mareliñas,
enfeitarán o monte, meu Noriega!

Virán ao teu conxuro como antano
as froriñas dos toxos e das xestas,
as froriñas das uces e carpazos,
¡as froriñas marelas,
que tanto amaches tí porque eran tristes,
triste mestre de aldea!

¡Qué soles, e qué brisas, e qué ceos!

¡Qué musgos homildosos nas fontelas!
 ¡Qué paxaros sin tino enchendo o día,
 pola palabra túa, meu Noriega!

Por tí será o miragre de orballada
 que enche de diamantes a roseira.
 Por tí, a proba do Amor que nunca morre:
 ¡a esmola de un grolíño de auga fresca!

.....

Ben te podes rever nisa pucharca.
 Un vermiño de luz ollarás nela.
 ¡Eres tí, irmao dos astros e das rosas,
 Antón Noriega Varela!...

Xosé María Alvarez Blázquez

* Este poema está tirado de Xosé M^a Alvarez Blázquez, "Poemas inéditos e dispersos", in *Poesía galega completa*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1987, pp. 163-165. Leva a seguinte indicación: «2^o premio 'Noriega Varela', Mondoñedo, 1967».

A Noriega Varela no Día das Letras Galegas *

Y... ónde está Curros? ¿Onde as ledas festas?
 ¿Qué é de Rosalía e do seu linaxe?
 Voltade, poetas, foi longo o viaxe
 e a Galiza chora: ¡Levantade as testas!

Que as froliñas dos toxos e das xestas
 están murchas de medo e de friaxe.
 Ven moucheando a noite: ¡Lus salvaxe!
 Oubea o lobo i escorrenta as bestas.

Pra iluminar a morte i a tristeza
 abonda un só poeta neste DIA:
 con lembrar a Noriega xa hai grandeza.

Roubou ouro nos toxos ¡qué riqueza!
 e si todo foi ceo e poesía
 seu mais grande tesouro foi ¡pobreza!

Enrique Chao Espina

* Incluído en E. Chao Espina, *Mi homenaje a Noriega Varela en el Día de las Letras Gallegas*, Coruña, Mayo, 1969 (edición do autor).

Homaxe ós poetas da Terra Chá *

Fun a Montaña levando
a miña paixón chairega.
¡O vento foime contando
os poemas de Noriega...!

E pra saber de Chao Ledo
a Villalba entón baixei.
¡E baixo un abelanedo
o seu cantar escoitei..!

Despóis subín a Abadín
perguntar por Alvariño.
¡No meu corazón sentín
falar seus versos baixiño!

Achegueime deica Outeiro,
namorado e sorridente.

¡Cantaba o Miño moceiro
os poemas de Crecente...!

Manuel María

* Primeira parte dun poema pertencente ao libro de Manuel María *Terra chá*, Lugo, Editorial Celta, 1980, 4ª edición, p. 69.

3 2

Noriega Varela *

(Diante da súa estatua, no Campo dos Remedios,
en Mondoñedo).

Anque os teus ollos de sombra non me vexan
-espellos da Beleza noutro tempo-;
anque falar non poidas, que o silencio
fíxose frol sen cheiro na túa boca;
anque xa non escoites o meu prego
dende a túa calada soledá,
eu veño aquí a louvarte, Antón Noriega,
no cume do teu val, onde naciches...
e pra onde han voltar os ósos teus
cando a Montaña vaia xunto Mar
e os dous, nun coro inmenso, te recorden...

Véxote agora en bronce, coma un soño,
a carón da "Santiña churrusqueiriña"
que ti louvaches con amor de fillo,
e pónome a lembrarte docemente.
¡Ai, como canta en min a túa rula,
Antón Noriega, fonte de mencers!

.....

Cando as San Lucas enchen de boureo
o Campo que Sarmiento pastorea,
as ledas carpazonas arman festa
diante do teu moimento, melindrosas,
coma un homaxe a quen as puxo en verso...
E acenden os seus ouros os toxales,
nunha sinxela ofrenda da Montaña
ó poeta do ermo enfeitizado...
E pola noite a néboa tece un manto
con que enxugar as bágoas das estrelas
que gardaches no cofre dun soneto,
feitas líricas xoias da Alborada...

.....

Antón Noriega, meu lembrado mestre:

téñote diante min en bronce vivo,
coma un pantasma grato entre roseiras.
E a miña alma soña o verso teu:
"toda humilde beleza me namora"...
Eu son feliz louvando o teu mensaxe,
coma un verme que vai polos valados
alumando o camiño prós demais.
Así foi o teu estro montañés,
Antón Noriega, musa queiroguenta,
merlo e luceiro que pra min resoas
con armoñosa luz en Mondoñedo...

Xosé Díaz Jácome

* Poema incluído no libro de versos destes autor *Muño fidel*, Vigo, Editorial Galaxia, colección Dombate, 1983, pp.43-44.

Recordatorio pra Antón Noriega Varela *

I

Amigo Antón Noriega: estás na néboa;
 xa sei que ti acadaches brava cume,
 a nuben da montaña que soñabas,
 i erguiches a túa vara como un mestre
 por riba das cacholas pequeneiras
 dos nenos de Abadín, almas inxenuas.
 Xa sei que ti subiches cara o ceo,
 amaches a pucharca do penedo,
 a estrela refleixada, a carpazona,
 as bouzas e toxales de amarelo,
 sin esquecer as uces, sebes xestas
 i orballos nas espiñas máis pequenas,
 «trepano cardos, encarando a neve».
 Pero eu, Antón Noriega, neste século,
 aos vinte anos da morte dos teus ollos,
 contemplo o verde val que cruza o Masma,
 e, máis que a túa morte, compañeiro,
 Virxilio, Horacio bo, deixa que chore
